

PLENO DO PARLAMENTO

23 de fevereiro de 2021

10:00 horas

ÍNDICE

| | <u>Páx.</u> |
|---|-------------|
| Convocatoria do Pleno | <u>1</u> |
| Relación de membros da Cámara | <u>6</u> |
| Listado para votación | <u>8</u> |
| | |
| Punto 1 Elección dos seis vogais dos Consellos Sociais das Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo (11/PVCS-000002, 11/PVCS-000001, 11/PVCS-000003) | <u>11</u> |
| | |
| Punto 2. Textos lexislativos | <u>12</u> |
| | |
| 2.1 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (doc. núm. 6203, 11/PPL-000002)..... | <u>13</u> |
| | |
| 2.2 Debate de votación do ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (doc. núm. 5637, 11/PPL-000001) <i>Publicación do ditame da Comisión, BOPG n.º 94, do 15.02.2021</i> | <u>14</u> |
| <i>Publicación de emendas e votos particulares BOPG nº 94, do 15.02.2021</i> | |
| | |
| 2.3 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia (doc. núm. 2794, 11/PL-000005) <i>Publicación do ditame da Comisión, BOPG n.º 95, do 16.02.2021</i> | <u>15</u> |
| <i>Publicación de emendas e votos particulares BOPG, nº 95, do 16.02.2021</i> | |
| | |
| Punto 3. Debate das propostas de resolución formuladas á Primeira Revisión do Plan Forestal de Galicia (doc. núm. 8904, 11/PEP-000001) (docs. núm. 10470, 10471, 10472 e 10473) <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 28.01.2021</i> | <u>16</u> |
| | |
| Punto 4. Comparecencias | <u>39</u> |
| | |
| 4.1 11053 (11/PPP-000041) Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a evolución da incidencia da pandemia en Galicia no relativo á situación | |

epidemiolóxica e asistencial e os avances no Plan Galego de Vacinación fronte á covid-19.....[40](#)

Acumúlase na anterior a seguinte:

4.2 7465 (11/PPP-000035)

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por solicitude dos 19 deputadas e deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta das medidas que está tomando a Xunta diante da evidencia de que Galicia está inmersa nunha terceira onda por contaxios de covid-19 e da estratexia de vacinación, que debería ser unha peza clave para evitar a transmisión de contaxios

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 13.01.2021[43](#)

Punto 5. Mocións.....[47](#)

5.1 10802 (11/MOC-000025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa nova onda de contaxios de covid-19 e a estratexia de vacinación. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 8569, publicada no BOPG n.º 83, do 27.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2021)[48](#)

5.2 10901 (11/MOC-000026)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento local. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 6176, publicada no BOPG n.º 63, do 16.12.2020, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2021)[52](#)

5.3 10913 (11/MOC-000027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a xestión da crise sanitaria provocada pola pandemia. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 7888, publicada no BOPG n.º 79, do 20.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2021)[55](#)

Punto 6. Proposicións non de lei.....[58](#)

6.1 4762 (11/PPP-000541)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

- Sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central da encarga da construción dun buque de acción marítima para a Armada española nos estaleiros de Navantia na ría de Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 11.11.2020 [59](#)
- 6.2 7861 (11/PNP-000822)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa repartición do fondo Covid da Unión Europea para a reactivación -Next Generation-
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 20.01.2021 [63](#)
- 6.3 9767 (11/PNP-000977)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de choque destinado a rebaixar a fenda salarial existente entre as mulleres e os homes de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 91, do 10.02.2021 [69](#)
- 6.4 9993 (11/PNP-000996)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre o impacto da pandemia na diagnose e tratamento do cancro e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 91, do 10.02.2021 [73](#)
- 6.5 10078 (11/PNP-001007)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a valoración pola Xunta de Galicia en relación coas bonificacións de peaxes e a transferencia da AP-9
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 91, do 10.02.2021 [79](#)
- 6.6 10320 (11/PNP-001026)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 14 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación que están a padecer as mulleres no ámbito laboral e familiar
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 91, do 10.02.2021 [82](#)

| | |
|---|----------------------------|
| Punto 7. Interpelacións | 89 |
| 7.1 7604 (11/INT-000485) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis Sobre os datos e informes cos que conta o Goberno galego acerca dos efectos da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 20.01.2021</i> | 90 |
| 7.2 9382 (11/INT-000550) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Pontón Mondelo, Ana e 18 máis Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto que está a ter para as mulleres a crise económica xerada pola covid-19 <i>Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG n.º 88, do 03.02.2021.....</i> | 93 |
| 7.3 9630 (11/INT-000561) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Presas Bergantiños, Noa e 2 máis Sobre a política do Goberno galego en relación coa obtención de novas oportunidades de explotación enerxética en Galicia <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 91, do 10.02.2021</i> | 99 |
| Punto 8. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta..... | 104 |
| 8.1 11054 (11/POPX-000019) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Caballero Miguez, Gonzalo Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da Autoestrada AP-9 no referido ás peaxes e a súa transferencia a Galicia..... | 105 |
| 8.2 11055 (11/POPX-000020) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Pontón Mondelo, Ana Sobre a opinión do Goberno galego respecto da defensa que está a facer dos intereses da cidadanía de Galicia na pandemia da covid-19..... | 107 |
| Punto 9. Preguntas ao Goberno..... | 109 |
| 9.1 10069 (11/POP-001482) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Seco García, Martín e 3 máis Sobre a presentación polo Goberno galego dalgún proxecto industrial tractor | |

para os concellos das Pontes de García Rodríguez e de Cerceda
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 91, do 10.02.2021 [110](#)

9.2 11041 (11/PUP-000157)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis
Sobre o coñecemento polo Goberno galego dalgunha iniciativa por parte do
Goberno central para achegar axudas directas e a fondo perdido aos sectores
máis afectados polas restricións derivadas da covid-19, nomeadamente, a
hostalaría, autónomos e pemes [114](#)

9.3 11043 (11/PUP-000158)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade
inmediata do estaleiro Barreras de Vigo, a supervivencia da súa industria
auxiliar e a continuidade da súa actividade de construción naval [117](#)

9.4 7494 (11/POP-001192)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 8 máis
Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do programa Emega nestes últimos
catro anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 13.01.2021 [121](#)

9.5 10193 (11/POP-001497)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a
deslocalización dos postos de traballo asociados á produción enerxética, como
é o caso do centro de operacións de Naturgy na Coruña
*Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG n.º 91, do
10.02.2021* [124](#)

9.6 9855 (11/POP-001456)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do Plan galego
de vacinación contra a covid-19, no caso da vacinación de dúas persoas
relacionadas co grupo DomusVi
*Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG n.º 91, do
10.02.2021* [132](#)

9.7 7506 (11/POP-000982)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a consideración da necesidade de habilitar unha partida orzamentaria para a adquisición dos lectores oculares e tabletas con brazo articulado para usuarios coa capacidade de comunicación e movemento impedida

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 20.01.2021[138](#)

9.8 11036 (11/PUP-000156)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre o perfil previsto pola Consellería do Medio Rural para a cobertura dunha praza de directivo da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.....[142](#)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 23 de febreiro de 2021, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 16 de febreiro de 2021, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Elección dos seis vogais dos Consellos Sociais das Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo (11/PVCS-000002, 11/PVCS-000001, 11/PVCS-000003)

Punto 2. Textos Legislativos

2.1 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (doc. núm. 6203, 11/PPL-000002)

2.2 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (doc. núm. 5637, 11/PPL-000001)

Publicación do ditame da Comisión, BOPG n.º 94, do 15.02.2021

Publicación de emendas e votos particulares BOPG n.º 94, do 15.02.2021

2.3 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia (doc. núm. 2794, 11/PL-000005)

Publicación do ditame da Comisión, BOPG n.º 95, do 16.02.2021

Publicación de emendas e votos particulares BOPG, n.º 95, do 16.02.2021

Punto 3. Debate e votación das propostas de resolución formuladas á Primeira Revisión do Plan Forestal de Galicia (doc. núm. 8904, 11/PEP-000001) (docs. núm. 10470, 10471, 10472 e 10473)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 28.01.2021

Punto 4. Comparecencias

4.1 11053 (11/PPP-000041)

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a evolución da incidencia da pandemia en Galicia no relativo á situación epidemiolóxica e asistencial e os avances no Plan Galego de Vacinación fronte á covid-19

Acumúlase na anterior a seguinte:

4.2 7465 (11/PPP-000035)

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por solicitude dos 19 deputadas e deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta das medidas



que está tomando a Xunta diante da evidencia de que Galicia está inmersa nunha terceira onda por contaxios de covid-19 e da estratexia de vacinación, que debería ser unha peza clave para evitar a transmisión de contaxios
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 13.01.2021

Punto 5. Mocións

- 5.1 10802 (11/MOC-000025)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa nova onda de contaxios de covid-19 e a estratexia de vacinación. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 8569, publicada no BOPG n.º 83, do 27.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2021)
- 5.2 10901 (11/MOC-000026)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento local. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 6176, publicada no BOPG n.º 63, do 16.12.2020, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2021)
- 5.3 10913 (11/MOC-000027)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a xestión da crise sanitaria provocada pola pandemia. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 7888, publicada no BOPG n.º 79, do 20.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2021)

Punto 6. Proposicións non de lei

- 6.1 4762 (11/PNP-000541)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central da encarga da construción dun buque de acción marítima para a Armada española nos estaleiros de Navantia na ría de Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 11.11.2020
- 6.2 7861 (11/PNP-000822)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa repartición do fondo Covid da Unión Europea para a reactivación -Next Generation-
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 20.01.2021



- 6.3 9767 (11/PNP-000977)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de choque destinado a rebaixar a fenda salarial existente entre as mulleres e os homes de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 91, do 10.02.2021
- 6.4 9993 (11/PNP-000996)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre o impacto da pandemia na diagnose e tratamento do cancro e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 91, do 10.02.2021
- 6.5 10078 (11/PNP-001007)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a valoración pola Xunta de Galicia en relación coas bonificacións de peaxes e a transferencia da AP-9
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 91, do 10.02.2021
- 6.6 10320 (11/PNP-001026)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 14 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación que están a padecer as mulleres no ámbito laboral e familiar.
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 91, do 10.02.2021

Punto 7. Interpelacións

- 7.1 7604 (11/INT-000485)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis
Sobre os datos e informes cos que conta o Goberno galego acerca dos efectos da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 20.01.2021
- 7.2 9382 (11/INT-000550)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto que está a ter para as mulleres a crise económica xerada pola covid-19.
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG n.º 88, do 03.02.2021
- 7.3 9630 (11/INT-000561)



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa obtención de novas
oportunidades de explotación enerxética en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 91, do 10.02.2021

Punto 8. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta de Galicia

- 8.1 11054 (11/POPX-000019)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da Autoestrada AP-9 no
referido ás peaxes e a súa transferencia a Galicia
- 8.2 11055 (11/POPX-000020)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da defensa que está a facer dos
intereses da cidadanía de Galicia na pandemia da covid-19

Punto 9. Preguntas ao Goberno

- 9.1 10069 (11/POP-001482)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e 3 máis
Sobre a presentación polo Goberno galego dalgún proxecto industrial tractor para
os concellos das Pontes de García Rodríguez e de Cerceda
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 91, do 10.02.2021
- 9.2 11041 (11/PUP-000157)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis
Sobre o coñecemento polo Goberno galego dalgunha iniciativa por parte do
Goberno central para achegar axudas directas e a fondo perdido aos sectores máis
afectados polas restricións derivadas da covid-19, nomeadamente, a hostalaría,
autónomos e pemes
- 9.3 11043 (11/PUP-000158)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade
inmediata do estaleiro Barreras de Vigo, a supervivencia da súa industria auxiliar
e a continuidade da súa actividade de construción naval
- 9.4 7494 (11/POP-001192)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 8 máis
Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do programa Emega nestes últimos



catro anos

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 13.01.2021

- 9.5 10193 (11/POP-001497)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a deslocalización dos postos de traballo asociados á produción enerxética, como é o caso do centro de operacións de Naturgy na Coruña
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG n.º 91, do 10.02.2021
- 9.6 9855 (11/POP-001456)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do Plan galego de vacinación contra a covid-19, no caso da vacinación de dúas persoas relacionadas co grupo DomusVi
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG n.º 91, do 10.02.2021
- 9.7 7506 (11/POP-000982)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre a consideración da necesidade de habilitar unha partida orzamentaria para a adquisición dos lectores oculares e tabletas con brazo articulado para usuarios coa capacidade de comunicación e movemento impedida
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 20.01.2021
- 9.8 11036 (11/PUP-000156)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre o perfil previsto pola Consellería do Medio Rural para a cobertura dunha praza de directivo da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Miguel Angel Santalices
Vieira, Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Angel Santalices Vieira,
Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Angel
Santalices Vieira, Presidente,
email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.
es
Fecha: 2021.02.16 17:11:10 +01'00'



RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

| | |
|----------------------------------|-----|
| María Isaura Abelairas Rodríguez | S |
| María del Carmen Aira Díaz | BNG |
| Luis Manuel Álvarez Martínez | S |
| María Encarnación Amigo Díaz | P |
| Pablo Arangüena Fernández | S |
| Raquel Arias Rodríguez | P |
| José Antonio Armada Pérez | P |
| José Manuel Balseiro Orol | P |
| Xosé Luís Bará Torres | BNG |
| Gonzalo Caballero Miguez | S |
| Diego Calvo Pouso | P |
| María Elena Candia López | P |
| Ramón Carballo Páez | P |
| Iria Carreira Pazos | BNG |
| Daniel Castro García | BNG |
| Paloma Castro Rey | S |
| Francisco José Conde López | P |
| María Sol Díaz Mouteira | P |
| Noa Susana Díaz Varela | S |
| Teresa Egerique Mosquera | P |
| Ramón Fernández Alfonzo | BNG |
| Alexandra Fernández Gómez | BNG |
| José Luis Ferro Iglesias | P |
| Juan Carlos Francisco Rivera | S |
| María Leticia Gallego Sanromán | S |
| Fabiola García Martínez | P |
| Ana Belén García Vidal | P |
| María González Albert | BNG |
| María do Carme González Iglesias | BNG |
| José González Vázquez | P |
| Rubén Lorenzo Gómez | P |
| Manuel Antonio Lourenzo Sobral | BNG |
| Valeriano Martínez García | P |
| María Guadalupe Murillo Solís | P |
| Marta Nóvoa Iglesias | P |
| Alberto Núñez Feijóo | P |
| Marina Ortega Otero | S |
| Patricia Otero Rodríguez | S |
| José Alberto Pazos Couñago | P |
| Rosana Pérez Fernández | BNG |
| Daniel Pérez López | BNG |
| Noelia Pérez López | P |
| Carmen María Pomar Tojo | P |
| Ana Pontón Mondelo | BNG |
| María Corina Porro Martínez | P |

| | |
|---------------------------------------|-----|
| María Montserrat Prado Cores | BNG |
| Paula Prado del Río | P |
| Noa Presas Bergantiños | BNG |
| Pedro Puy Fraga | P |
| Mercedes Queixas Zas | BNG |
| Rosa María Quintana Carballo | P |
| José Manuel Rey Varela | P |
| Paulo Ríos Santomé | BNG |
| Xosé Luís Rivas Cruz | BNG |
| Ovidio Rodeiro Tato | P |
| Olalla Rodil Fernández | BNG |
| María Felisa Rodríguez Carrera | P |
| María del Carmen Rodríguez Dacosta | S |
| Román Rodríguez González | P |
| Matilde Begoña Rodríguez Rumbo | S |
| Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez | P |
| Alfonso Rueda Valenzuela | P |
| Miguel Ángel Santalices Vieira | P |
| Manuel Santos Costa | P |
| Cristina Sanz Arias | P |
| Martín Seco García | S |
| María Elena Suárez Sarmiento | P |
| Iago Tabarés Pérez-Piñeiro | BNG |
| Miguel Ángel Tellado Filgueira | P |
| Julio Torrado Quintela | S |
| Sandra Vázquez Domínguez | P |
| María Ángeles Vázquez Mejuto | P |
| Ethel María Vázquez Mourelle | P |
| Daniel Vega Pérez | P |
| Borja Vereá Fraiz | P |

**Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia
X Lexislatura**

(actualizada 22 de decembro de 2020)

Para votación por chamamento

| APELIDOS E NOME | GP | S | NON | ABST |
|---------------------------------------|-----------|----------|------------|-------------|
| 1. Abelairas Rodríguez, María Isaura | S | | | |
| 2. Aira Díaz, María del Carmen | BNG | | | |
| 3. Álvarez Martínez, Luis Manuel | S | | | |
| 4. Amigo Díaz, María Encarnación | P | | | |
| 5. Arangüena Fernández, Pablo | S | | | |
| 6. Arias Rodríguez, Raquel | P | | | |
| 7. Armada Pérez, José Antonio | P | | | |
| 8. Balseiro Orol, José Manuel | P | | | |
| 9. Bará Torres, Xosé Luís | BNG | | | |
| 10. Caballero Miguez, Gonzalo | S | | | |
| 11. Candia López, María Elena | P | | | |
| 12. Carballo Páez, Ramón | P | | | |
| 13. Carreira Pazos, Iria | BNG | | | |
| 14. Castro García, Daniel | BNG | | | |
| 15. Castro Rey, Paloma | S | | | |
| 16. Díaz Mouteira, María Sol | P | | | |
| 17. Díaz Varela, Noa Susana | S | | | |
| 18. Egerique Mosquera, Teresa | P | | | |
| 19. Fernández Alfonzo, Ramón | BNG | | | |
| 20. Fernández Gómez, Alexandra | BNG | | | |
| 21. Ferro Iglesias, José Luis | P | | | |
| 22. Francisco Rivera, Juan Carlos | S | | | |
| 23. Gallego Sanromán, María Leticia | S | | | |
| 24. García Vidal, Ana Belén | P | | | |
| 25. González Albert, María | BNG | | | |
| 26. González Iglesias, María do Carme | BNG | | | |
| 27. Lorenzo Gómez, Rubén | P | | | |
| 28. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio | BNG | | | |

| | | | | |
|---|-----|--|--|--|
| 29. Murillo Solís, María Guadalupe | P | | | |
| 30. Nóvoa Iglesias, Marta | P | | | |
| 31. Otero Rodríguez, Patricia | S | | | |
| 32. Pazos Couñago, José Alberto | P | | | |
| 33. Pérez Fernández, Rosana | BNG | | | |
| 34. Pérez López, Daniel | BNG | | | |
| 35. Pérez López, Noelia | P | | | |
| 36. Pomar Tojo, Carmen María | P | | | |
| 37. Pontón Mondelo, Ana | BNG | | | |
| 38. Prado del Río, Paula | P | | | |
| 39. Presas Bergantiños, Noa | BNG | | | |
| 40. Puy Fraga, Pedro | P | | | |
| 41. Queixas Zas, Mercedes | BNG | | | |
| 42. Rey Varela, José Manuel | P | | | |
| 43. Ríos Santomé, Paulo | BNG | | | |
| 44. Rivas Cruz, Xosé Luís | BNG | | | |
| 45. Rodeiro Tato, Ovidio | P | | | |
| 46. Rodil Fernández, Olalla | BNG | | | |
| 47. Rodríguez Carrera, María Felisa | P | | | |
| 48. Rodríguez Dacosta, M ^a del Carmen | S | | | |
| 49. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta M ^a | P | | | |
| 50. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña | S | | | |
| 51. Santos Costa, Manuel | P | | | |
| 52. Sanz Arias, Cristina | P | | | |
| 53. Seco García, Martín | S | | | |
| 54. Suárez Sarmiento, María Elena | P | | | |
| 55. Tabarés Pérez Piñeiro, Iago | BNG | | | |
| 56. Tellado Filgueira, Miguel Ángel | P | | | |
| 57. Torrado Quintela, Julio | S | | | |
| 58. Vázquez Domínguez, Sandra | P | | | |
| 59. Vega Pérez, Daniel | P | | | |
| 60. Vereá Fraiz, Borja | P | | | |

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA

| | | | | |
|-----------------------------------|---|--|--|--|
| 61. Quintana Carballo, Rosa María | P | | | |
| 62. González Vázquez, José | P | | | |
| 63. García Martínez, Fabiola | P | | | |
| 64. Rodríguez González, Román | P | | | |
| 65. Conde López, Francisco José | P | | | |
| 66. Vázquez Mourelle, Ethel María | P | | | |
| 67. Vázquez Mejuto, María Ángeles | P | | | |
| 68. Martínez García, Valeriano | P | | | |
| 69. Rueda Valenzuela, Alfonso | P | | | |
| 70. Núñez Feijoo, Alberto | P | | | |

DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO

| | | | | |
|-------------------------------------|-----|--|--|--|
| 71. Ortega Otero, Marina | S | | | |
| 72. Porro Martínez, María Corina | P | | | |
| 73. Prado Cores, María Montserrat | BNG | | | |
| 74. Calvo Pouso, Diego | P | | | |
| 75. Santalices Vieira, Miguel Ángel | P | | | |

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 23.02.2021

Hora: 10:00

Orde do día

1. Elección dos seis vogais dos Consellos Sociais das Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo (doc. n.ºm. 3530)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 16 de febreiro de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Elección de seis membros dos consellos sociais universitarios das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo

O 19 de outubro de 2020, a Mesa tomou coñecemento e remitiu aos grupos parlamentarios o escrito da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que achega a solicitude, do secretario xeral de universidades, para proceder á elección dos membros que lle corresponde designar ao Parlamento nos consellos sociais das universidades pola expiración do mandato de catro anos.

Logo da audiencia da Xunta de Portavoces do 16 de febreiro de 2021.

A Mesa adopta o seguinte acordo:

1. Solicitar de cada grupo parlamentario que propoña un máximo de seis candidatos ou candidatas para cada consello social.

Deberán reunir as condicións de idoneidade preceptuadas nos artigos 77.3 e 78 da Lei 6/2013, do 13 de xuño.

A presentación das candidaturas farase por escrito dirixido á Mesa da Cámara e asinado polo portavoz do grupo parlamentario. Na proposta deberá constar a aceptación expresa do candidato ou candidata e a súa declaración de reunir as condicións legais preceptuadas. Achegaranse, así mesmo, os correspondentes *curriculum vitae*.

A Mesa do Parlamento, logo de cualificadas as propostas presentadas, elaborará unha lista única pechada, na que figurarán por orde alfabética os nomes dos candidatos ou candidatas e os grupos parlamentarios proponentes. Desta lista daráselles traslado aos portavoces dos grupos parlamentarios cunha antelación mínima de seis horas ao inicio da sesión plenaria na que se realice a correspondente designación.

2. O prazo para formalizar candidaturas remata ás 13.30 horas do venres 19 de febreiro de 2021.

3. Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2021

Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

Portavoz do G.P. Popular de Galicia
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

2. Textos Lexislativos

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 23.02.2021

Hora: 10:00

Orde do día

- 2.1 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3^a, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (doc. núm. 6203, 11/PPL-000002)

Separata núm. 1

PLENO DO PARLAMENTO

23 de febreiro de 2021

- Punto.2.1** Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (doc. núm. 6203, 11/PPL-000002)
Publicación do ditame da Comisión, BOPG n.º 96, do 17.02.2021
Publicación de emendas e votos particulares BOPG nº 96, do 17.02.2021

Separata núm. 1

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 15 de febreiro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame da Comisión

- 6203 (11/PPL-000002)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia
BOPG nº 59, do 9.12.2020

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión do día 15 de febreiro de 2021, á vista do Informe elaborado pola Ponencia sobre a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 116 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte

DITAME

Exposición de motivos

I

A situación da economía galega presentaba no comezo do ano 2020 unha serie de indicadores que facían pensar nun crecemento da riqueza do país sustentable no medio prazo. Porén, a declaración mundial de pandemia pola covid-19, realizada o 11 de marzo pola OMS, truncou por completo calquera tipo de perspectiva e provocou unha caída do PIB absolutamente imprevisible a comezos do presente exercicio.

Malia que a Xunta de Galicia adoptou medidas no día seguinte da declaración da OMS e que en España o día 14 de marzo se declarou o estado de alarma mediante o Real decreto 463/2020, o crecemento da magnitude do contaxio non foi freado ata o mes de xuño.



Durante eses meses a paralización económica do país provocou un descenso dos parámetros máis significativos de todas as actividades, o que tivo un forte impacto no emprego e nos restantes indicadores que miden a fortaleza dunha economía occidental.

Lamentablemente, as duras medidas adoptadas na primeira onda da pandemia non se traduciron, no comezo do outono, nunha diminución da extensión da enfermidade. Ben ao contrario, estase a vivir unha segunda onda que eleva o número de persoas afectadas por riba do millón, cunha diferente incidencia nos territorios que conforman España e cunha previsión de convivencia co patóxeno a medio e longo prazo e, con ela, unha retardación inevitable da actividade económica.

Aínda que Galicia presenta niveis de contaxio máis baixos que a media española, a situación actual e as futuras derivas da enfermidade fan preciso paliar con todos os instrumentos posibles as consecuencias económicas e sociais da pandemia.

Xa no mes de xuño, o Goberno galego presentou unha serie de medidas, nomeadamente o Plan de reactivación e dinamización da economía, que pode supor un impacto de máis de tres mil millóns de euros de fondos públicos e privados, no que se incorporan accións de carácter fiscal, como unha moratoria no pagamento de impostos de xestión autonómica.

Durante o mes de setembro e comezos de outubro estas medidas iniciais foron acompañadas doutra serie de accións encamiñadas a protexer o emprego, o colectivo de persoas traballadoras autónomas e aqueles sectores que sufriron unha maior perda de actividade desde o comezo da pandemia.

A evolución da Comunidade Autónoma non pode ser observada desde unha perspectiva illada; a economía mundial sufrirá unha caída no ano 2020 do 4,5 % do PIB, segundo as previsións da OCDE (3,5 %, segundo a Comisión Europea en maio). Para o ano 2021, a recuperación económica prevista acada o 5,0 %, segundo a OCDE, e dúas décimas máis segundo a Comisión Europea, aínda que as previsións do FMI presentan valores menos favorables.

A mesma Comisión augura o maior impacto para Italia, Francia e España, con diminucións neste ano 2020 e previsións de incremento para o ano 2021, e valores de incremento para a economía española nos que practicamente coinciden as porcentaxes da Comisión, da OCDE e do FMI.

A situación da economía española, con valores de crecemento equilibrado a comezos deste ano 2020, viuse afectada polas importantes medidas restritivas que se adoptaron en marzo e que provocaron unha caída do PIB do 21,5 % no segundo trimestre do ano. As previsións e os escenarios do Banco de España e da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal certificaron os datos negativos.

Para o ano 2021 todos os indicadores presentan valores de recuperación para España, ben que cunhas porcentaxes inferiores ás diminucións do presente exercicio.

Unha das consecuencias máis directas da diminución da riqueza é o impacto sobre o emprego, que, de novo, presenta valores moi preocupantes, especialmente na mocidade, para o vindeiro ano 2021.



Galicia presenta unha incidencia menor nos valores como consecuencia dun mellor comportamento de resistencia ao virus e unha comparativa favorable cos indicadores medios de España. As magnitudes macro que presenta a Comunidade Autónoma foron expostas recentemente con ocasión da aprobación do teito de gasto, que partiu da constatación do impacto da crise sanitaria na economía galega no ano 2020, cunha caída do 9,7 % do PIB.

Así, no segundo trimestre de 2020, o sector do comercio, o transporte e a hostalaría experimentou unha das maiores caídas, cunha taxa de variación interanual do -38,3 %, e resultou ser unha das actividades que máis emprego perdeu.

Ademais, rexistraron unha forte contracción as actividades profesionais (-23,9 %), a construción (-3,2 %) e a industria (-19,7 %).

Aínda que o ritmo de recuperación da economía galega se verá directamente influído polos altos graos de incerteza sobre a evolución da pandemia, as previsións sinalan unha recuperación parcial no ano 2021, que, non obstante, precisa do acompañamento dunhas medidas específicas de apoio que colaboren á materialización das devanditas previsións e contribúan incluso a melloralas.

II

Nun escenario de incertezas en termos de saúde pública, corresponde aos poderes públicos impulsar aquelas medidas de carácter conxuntural, mais tamén as estruturais, que minimicen a eventual desconfianza do sector privado nunha situación de extrema variabilidade e que permitan que o investimento se desenvolva nun marco de certeza que favoreza a implantación de novas iniciativas e o afianzamento e extensión das xa existentes no tecido produtivo.

Toda crise supón unha oportunidade de mudar políticas públicas que ao longo dos anos teñen manifestado unha inercia de resistencia ao cambio e que nalgúns casos teñen freado o crecemento.

España leva varias décadas lexislando e planificando para tentar conseguir unha Administración áxil que elimine disfuncións, solapamentos e duplicidades na relación coa cidadanía e co mundo das empresas, camiño que tamén teñen percorrido o resto das administracións dos Estados que conforman a Unión Europea.

Ao longo da historia recente das fórmulas para simplificar os procedementos administrativos, téñense dado pasos importantes a nivel europeo, que comezaron no período máis recente co informe Mandelkern e a Comunicación da Comisión Europea do 16 de marzo do 2005 *Lexislar mellor para potenciar o crecemento e o emprego na Unión Europea* [COM(2005) 97 final], e foron seguidas pola Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, polo Programa de acción para a redución das cargas administrativas na UE no ano 2007 e pola Estratexia Europa 2020.

No ámbito estatal, os tímidos inicios na modificación do procedemento administrativo común mediante a Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, foron seguidos polas leis ditadas para traspor a Directiva 2006/123/CE, as denominadas «lei paraugas» (Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio) e «lei ómnibus» (Lei 25/2009, do 22 de decembro, de



modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio), e logo pola Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, que instauraban a comunicación previa e a declaración responsable. Estes esforzos tiveron continuación coa creación da Comisión de Reforma das Administracións Públicas (CORA) e co Programa Nacional de Reformas, así como coa Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos; a Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización; a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, e a Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

Malia estes esforzos, a implantación dunha iniciativa empresarial, que supón arriscar un investimento, continúa a ser obxecto dunha regulamentación que provoca que nos informes do Banco Mundial relativos á facilidade para facer negocios e implantar empresas España se sitúe no posto 30º das economías mundiais e nos postos 97º na facilidade para a apertura dun negocio e 79º para a obtención dun permiso de construción. Esta realidade tamén a pon de manifesto o empresariado en España e en Galicia, que ten unha percepción de constantes atrancos ás iniciativas de crear unha empresa.

Nos últimos anos, a Comunidade Autónoma de Galicia ten realizado esforzos que foron plasmados na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e noutras normas de menor rango que axilizaron procesos para a posta en marcha de proxectos, negocios e empresas.

O procedemento administrativo ten por finalidade maximizar o acerto das actuacións administrativas e garantir que se cumpran os criterios de legalidade e seguridade xurídica. Ademais, moitos dos procedementos teñen por obxecto garantir a conservación e mellora de bens xurídicos protexidos polo ordenamento galego, como o valor cultural do patrimonio, o medio ambiente e os valores naturais do territorio, a saúde das persoas ou a calidade das augas, que constitúen límites que non deben superarse.

O equilibrio entre o respecto ao procedemento, os valores que tenta protexer e a necesaria axilidade e simplificación para acadar a maior eficiencia de cara á cidadanía e ás empresas non sempre é doado de obter.

Esta lei pretende conseguir ese equilibrio evitando duplicidades e solapamentos nos procedementos que son concorrentes, diminuindo os atrasos na emisión dos informes, sempre complexos, que teñen por finalidade protexer un ben público, e axilizando os trámites precisos para o desenvolvemento dunha iniciativa empresarial que tenta crear riqueza e emprego.

Desde esta perspectiva, a norma é absolutamente respectuosa con todos os valores culturais, paisaxísticos, naturais e ambientais, entre outros, que afectan o territorio, de xeito que non se eliminou ningún trámite de información pública, de audiencia ou de informe. A lei pretende dar certeza sobre os informes necesarios para o establecemento dun proxecto ou dunha empresa, sobre os prazos e sobre os órganos intervinientes, mais non desregular os mecanismos de protección.



A estrutura constitucional do Estado español fai preciso que a norma se limite a aqueles aspectos procedementais que son da exclusiva competencia da Comunidade Autónoma, sempre co respecto á lexislación estatal básica, polo que a regulación unicamente incide nos aspectos en que o autogoberno galego é responsable.

A partir desta premisa, a lei pretende instaurar unha nova cultura administrativa, dirixida a simplificar e racionalizar os procedementos.

No mundo económico actual, complexo e globalizado, as iniciativas de emprendemento precisan, máis cada vez, do acompañamento público para se ver materializadas, porque a mentorización se ten instalado no mundo económico, sobre todo nas iniciativas das xeracións máis novas, e a norma non pode ser allea a esta realidade, senón que ten que darlle resposta deseñando un sistema de acompañamento ás novas iniciativas.

A vinculación dos novos instrumentos de recuperación europeos, *Next Generation EU*, non é allea na redacción deste texto. Os novos mecanismos de recuperación e resiliencia suporán unha oportunidade de financiamento dos proxectos aliñados coas estratexias da Unión e precisan unha execución compasada entre os proxectos e iniciativas e o financiamento, que ten unha duración temporal. A simplificación dos procedementos e a eliminación dos solapamentos cobra, pois, unha especial importancia para realizar un exercicio responsable dos instrumentos de financiamento que permita recuperar unha correcta senda económica e na que terán o seu encaixe principal os proxectos tractores.

III

Esta lei dítase no marco das competencias da Comunidade Autónoma establecidas nos apartados 3, 11, 13 e 18 do artigo 27, apartados 1 e 3 do artigo 28 e as alíneas 1, 2 e 7 do apartado 1 do artigo 30 do Estatuto de autonomía de Galicia.

A lei estrutúrase en cinco títulos. No seu título I recolle unha serie de disposicións xerais que se desenvolven ao redor do concepto das iniciativas empresariais, incluíndo neste concepto non só os proxectos de investimento que se materialicen mediante a creación dunha nova empresa, senón tamén as ampliacións, modificacións ou diversificacións das actividades xa existentes, así como a adquisición das unidades produtivas que supoñan a continuación dunha actividade ou do establecemento que pechase ou que pecharía de non ter sido adquirido.

Así, configúrase de modo amplo o obxecto desta lei, que non se limita unicamente á creación de novas empresas, senón que tamén abarca todas as variacións sinaladas respecto de iniciativas xa existentes.

Tamén se configura dentro deste título I unha determinación das distintas áreas de competencias da Administración pública galega que exercen funcións nos ámbitos regulados ao longo do articulado. Inclúe, ademais, unha definición das competencias implicadas dos concellos, que resultan de especial relevancia, sobre todo para os efectos da súa posible adhesión ao Sistema de atención ao investimento, finalidade que se reflicte ao longo do texto, sen prexuízo do respecto á autonomía local.



O título II da lei regula os sistemas de apoio administrativo á implantación de iniciativas empresariais, e divídese en tres capítulos. O capítulo I crea o Sistema de atención ao investimento, como unha figura clave para dar resposta á demanda clásica, da cidadanía en xeral e dos colectivos vinculados á empresa en particular, sobre as dificultades existentes para obter a información e a orientación que precisan para pór en marcha as súas iniciativas empresariais, a través dun servizo de acompañamento e información que lles ofrece a posibilidade de realizar a través del a tramitación administrativa autonómica e mesmo tamén a local, nos supostos de adhesión dos concellos a el.

Como medida de apoio á implantación das iniciativas empresariais destaca neste capítulo I a referencia á creación dunha serie de catálogos, por sectores de actividade, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, que recollerán todos os trámites administrativos exixibles para a implantación das iniciativas empresariais, así como unha serie de formularios e modelos de solicitude e documentación asociados aos devanditos procedementos. Estas figuras, que deberán ser actualizadas permanentemente, supoñen unha gran simplificación de cara ás empresas e, en particular, ás persoas emprendedoras, que poderán consultar os trámites que lles serán exixidos pola Administración autonómica, o que supón facilitar a comprensión, a planificación e a tramitación da parte administrativa.

Tamén se prevé que o Sistema de atención ao investimento permita acceder de forma electrónica a toda a información e documentación indicada, e consultar, unha vez iniciada a tramitación para a implantación dunha iniciativa empresarial, a información relativa aos expedientes, de maneira que as persoas interesadas poidan comprobar en tempo real o estado de tramitación das súas comunicacións e solicitudes, incluída a emisión dos informes que a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia solicítase a outras administracións ou ás diferentes consellarías que a integran.

No capítulo II deste título regúlase a Oficina Doing Business Galicia, unidade especializada no acompañamento e tramitación dos proxectos industriais estratéxicos e das iniciativas empresariais prioritarias, e establécense as súas funcións, que non se limitan á asistencia, senón tamén ao seu impulso e seguimento.

O capítulo III regula un sistema de acompañamento individualizado, a través dunha rede de oficinas de apoio á empresa, que contará coa colaboración das distintas consellarías, para dar resposta e asesorar nos aspectos relativos á implantación de iniciativas empresariais.

O título III regula a simplificación administrativa para a tramitación das iniciativas empresariais.

O capítulo I establece unha serie de medidas xerais de simplificación administrativa, de aplicación a todos os procedementos. As liñas básicas deste capítulo céntranse en varios aspectos clave, de simplificación e simultaneidade dos trámites autonómicos, que permitirán conseguir importantes reducións de tempo de tramitación nos expedientes de implantación das iniciativas empresariais.

Establécese un principio xeral de xestión simultánea de todos os trámites que poidan realizarse deste modo. Así, cando no procedemento de autorización ou declaración dunha iniciativa empresarial sexa preciso solicitar varios informes, o órgano competente para ditar a resolución final solicitará a emisión, de modo simultáneo, de todos os informes que resulten preceptivos.



A lei busca axilizar os procedementos administrativos que supoñen afeccións en función da súa implantación no territorio, polo que establece que os informes sectoriais non poderán ter carácter sucesivo, de xeito que todos os órganos que deben emitir informe estuden o proxecto no mesmo período temporal. Así mesmo, como medida de axilización, prevese que cando un mesmo órgano sectorial autonómico deba emitir informe para varios efectos, dentro do trámite ambiental, trámite urbanístico e trámite da autorización substantiva, emitirá un único informe que abarque os distintos aspectos sobre os cales deba pronunciarse, sempre e cando se analice a documentación exixida a cada caso.

Así mesmo, e con relación aos informes que deban ser solicitados aos órganos da Administración autonómica galega como consecuencia das afeccións sectoriais do proxecto, a lei aborda a problemática derivada do seu tempo de emisión e establece un prazo xeral de tres meses, agás que unha norma legal estableza un prazo inferior. Mais a principal novidade da lei vén ao abordar os problemas derivados daqueles supostos en que se poida producir unha demora na súa emisión e ao establecer que terán a consideración de favorables á implantación da iniciativa, agás que nunha norma legal de carácter básico estableza o contrario.

Finalmente, o devandito capítulo I establece outras dúas previsións fundamentais e básicas de cara a conseguir a simplificación e a conseguinte redución dos prazos da tramitación administrativa, que son, por una banda, a posibilidade de regulación regulamentaria da tramitación conxunta de todos os procedementos administrativos autonómicos que poidan ser necesarios para a implantación dunha iniciativa, evitando así que os trámites se dupliquen, e, por outra banda, a posibilidade de conservar os trámites administrativos autonómicos xerados nos sucesivos procedementos relativos a unha mesma iniciativa para o suposto de que os suxeitos promotores non optasen pola devandita tramitación conxunta.

Resulta, así mesmo, de especial relevancia que esta conservación de trámites se manteña tamén para os supostos en que a implantación da iniciativa empresarial requira dun título municipal habilitante.

Deste xeito, a través das previsións contidas neste capítulo, aplicables a todos os procedementos nos que concorran este tipo de trámites, simplificarase a xestión e reducirase notablemente o tempo de resposta da Administración autonómica.

O capítulo II regula a racionalización dos procedementos de avaliación ambiental, mediante a fixación de prazos taxados antes non definidos na normativa e a simultaneidade sempre que sexa posible na tramitación. A lei pretende neste capítulo clarificar os distintos trámites necesarios para a avaliación ambiental, simplificando e reducindo os prazos mediante a simultaneidade, dentro do respecto á premisa fundamental de velar pola necesaria protección ambiental.

Finalmente, o capítulo III deste título establece un procedemento uniforme e simplificado para as autorizacións administrativas para as instalacións eléctricas, un sector moi específico, cunhas peculiaridades na súa tramitación derivadas das posibles afeccións dos proxectos, tendo en conta as súas características e a súa implantación en franxas moi extensas do territorio, polo que resulta oportuno a súa regulación e simplificación nun capítulo independente, e a significación que a produción, a distribución e o transporte de enerxía representan para os restantes sectores produtivos.



Neste capítulo é salientable o obxectivo que pretende acadar esta lei, consistente en vincular dun modo efectivo a xeración eléctrica producida a partir de fontes renovables á industria do noso país, contribuíndo á cohesión social e territorial de Galicia a través da mellora da competitividade do noso tecido industrial; o que favorecerá a localización das empresas máis sensibles ao fenómeno da deslocalización, como son aquelas que pertencen aos sectores que presentan «riscos de fuga de carbono», como é a industria electrointensiva galega.

A transformación do noso modelo industrial abarca moitos campos, mais un deles, que resulta fundamental, é o enerxético, que, debidamente aliñado co resto, permitirá unha descarbonización da nosa economía, unha renovación das estruturas produtivas e unha maior calidade dos empregos xerados.

O título IV, relativo ás medidas urbanísticas e financeiras para a reactivación económica, comeza a súa regulación coa introdución das medidas de simplificación do réxime de obtención da licenza municipal para aqueles supostos en que é necesario este título habilitante. En concreto, facilítase aos concellos a súa tramitación mediante un réxime xeral, o que permite unha maior axilidade na emisión, que se realizará no prazo dun mes. Ademais, establécese un réxime específico para a obtención da licenza urbanística en determinados supostos que afectan de forma especial as iniciativas empresariais, cun prazo de concesión da licenza de quince días naturais, sempre que se cumpran as circunstancias determinadas na disposición, o que permitirá axilizar a súa implantación.

Ademais, aborda outra das grandes problemáticas identificadas á hora de implantar as iniciativas empresariais, a da dificultade de obter o apoio económico necesario. Incorpóranse así unha serie de mecanismos de financiamento para as iniciativas empresariais promovidas polas *start-ups*, as persoas emprendedoras e outras pequenas empresas, especialmente relevantes tendo en conta as súas especiais dificultades neste eido, así como os mecanismos específicos para os proxectos industriais estratéxicos e as iniciativas empresariais prioritarias.

Finalmente, o capítulo V deste título establece unha serie de instrumentos de gobernanza para a planificación, a xestión e o control dos recursos económicos financiados polo Instrumento Europeo de Recuperación e dos derivados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que teñan por obxecto o financiamento de iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así, as funcións de planificación e coordinación neste ámbito corresponderán á Comisión Delegada da Xunta para os Fondos de Recuperación, que contará, como órgano de apoio técnico, coa Comisión Técnica de Fondos de Recuperación, sen prexuízo da posibilidade de crear grupos de traballos técnicos sectoriais que elaboren recomendacións nos ámbitos precisos para a execución dos plans e proxectos definidos neste capítulo.

Regúlanse, finalmente, mecanismos de participación coa sociedade e de colaboración coa Fegamp, e mecanismos de control da aplicación dos fondos. Ten unha especial relevancia a creación do grupo de traballo coa Fegamp, tendo en conta a necesidade de simplificar trámites municipais para a implantación de iniciativas empresariais.

A parte final da lei incorpora unha serie de previsións coas que se abordan aspectos puntuais de simplificación ou de apoio ás empresas e aos profesionais; así, prevese o aumento de procesos



de acreditación de competencias profesionais ou medidas de fomento das iniciativas empresariais no exterior.

As disposicións derradeiras establecen beneficios fiscais para a implantación de iniciativas empresariais en zonas pouco poboadas; definen o solo empresarial e actualizan os conceptos de proxectos industriais estratéxicos e iniciativas empresariais prioritarias; aclaran os supostos de informe de Patrimonio Cultural cando non existan elementos de protección e clarifican o réxime de declaracións ambientais vencelladas ao comercio; introducen cambios na regulación eólica; modifican a Lei de vivenda para dar cobertura a melloras de carácter social, e introducen previsións tamén en materia de salóns recreativos de xogo como consecuencia das medidas sanitarias en canto ao máximo de ocupación.

IV

Esta lei axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia. As medidas previstas nela responden á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia, e recóllense na norma os obxectivos perseguidos a través dela e a súa xustificación, tal como exige o principio de transparencia.

TÍTULO I Disposicións xerais

CAPÍTULO I Obxecto, ámbito de aplicación e principios

Artigo 1. *Obxecto*

Esta lei ten por obxecto establecer as medidas necesarias para facilitar a reactivación da actividade económica logo da crise xerada polas consecuencias da pandemia da covid-19, no marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, desde unha perspectiva de simplificación administrativa que favoreza a implantación e o funcionamento das iniciativas empresariais en Galicia, con plenas garantías da súa sustentabilidade económica, social e ambiental, reducindo as barreiras normativas e administrativas e establecendo unha serie de medidas que modernicen a Administración autonómica, para permitir unha xestión máis áxil e eficiente.

Artigo 2. *Finalidade e obxectivos*

1. As medidas previstas por esta lei teñen como finalidade a recuperación e a mellora dos niveis de actividade económica e de emprego en Galicia previos á situación da pandemia da covid-19, avanzando no impulso dos sectores produtivos para favorecer a xeración de valor engadido e a culminación dos ciclos produtivos, así como a consolidación do emprego de calidade e a mellora da calidade de vida da cidadanía de Galicia.

2. Con esta finalidade, perséguese os seguintes obxectivos:



a) Coordinar a actuación dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia con competencias relacionadas coa implantación das iniciativas empresariais, entre si e coas entidades locais galegas, dentro do respecto á autonomía local.

b) Crear un sistema de apoio e acompañamento administrativo á implantación das iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a previsión dos servizos e instrumentos necesarios para tal fin.

c) Simplificar os trámites administrativos necesarios para a implantación das iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, en particular mediante a racionalización dos procedementos administrativos aplicables e a eliminación das cargas administrativas innecesarias ou accesorias vinculadas a eles.

d) Prever os incentivos fiscais e os instrumentos de financiamento de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para fomentar a implantación das iniciativas empresariais.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación*

1. A presente lei será de aplicación ás iniciativas empresariais que se desenvolvan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Para os efectos desta lei, considérase iniciativa empresarial todo tipo de investimento que teña como finalidade desenvolver unha actividade económica, mediante a implantación dun proxecto, a creación dunha nova empresa ou o establecemento ou a ampliación, a modificación ou a diversificación dunha empresa ou dun establecemento existentes.

Tamén terá a consideración de iniciativa empresarial a adquisición por parte dunha persoa investidora non relacionada coa persoa vendedora das unidades produtivas ou dos activos pertencentes a un establecemento que pechase ou que pecharía de non ter sido adquirido, co fin de que continúe a actividade do establecemento ou se inicie unha nova.

3. Non obstante o anterior, as previsións sobre a racionalización dos procedementos de avaliación ambiental serán de aplicación a todos os plans, programas ou proxectos cuxa avaliación ambiental sexa de competencia autonómica.

4. Sen prexuízo do sinalado no apartado anterior, as previsións do capítulo I do título III desta lei serán tamén de aplicación á tramitación administrativa das actuacións de desenvolvemento de solo empresarial ou residencial.

Artigo 4. *Principios*

1. As medidas previstas por esta lei interpretaranse e aplicaranse de acordo cos seguintes principios:

a) Liberdade de empresa e de establecemento e prestación de servizos, de acordo co establecido na Constitución española, no dereito comunitario e na normativa estatal aplicable.



b) Obxectividade, eficacia, eficiencia, responsabilidade e coordinación das actuacións das administracións públicas de Galicia con competencias en materia de implantación das iniciativas empresariais e do seu financiamento.

b *bis*) Planificación estratéxica e xestión por obxectivos, co establecemento de indicadores para tal efecto.

c) Boa regulación, que inclúe a simplificación da normativa autonómica e municipal que afecte a implantación das iniciativas empresariais e a eliminación das cargas administrativas innecesarias ou accesorias vinculadas a ela.

d) Desenvolvemento sustentable, entendido como o equilibrio entre a protección do medio ambiente e do patrimonio natural e cultural e o desenvolvemento económico e social.

2. En cumprimento do principio de axilidade, as relacións entre as administracións públicas de Galicia e os órganos, organismos públicos e entidades vinculados ou dependentes delas que deriven da aplicación desta lei serán realizadas por medios electrónicos.

CAPÍTULO II

Competencias administrativas

Artigo 5. *O Consello da Xunta de Galicia*

1. Corresponde ao Consello da Xunta de Galicia a superior dirección e coordinación das políticas do sector público autonómico dirixidas á recuperación da actividade económica e do emprego en Galicia.

2. En particular, o Consello da Xunta de Galicia aprobará os catálogos previstos no capítulo I do título II desta lei e as súas actualizacións e formulará as declaracións de proxectos industriais estratéxicos e de iniciativas empresariais prioritarias, nos termos e cos efectos establecidos na normativa reguladora de tales proxectos e iniciativas.

Artigo 6. *A consellaría con competencias en materia de economía e empresa*

1. Corresponde á consellaría con competencias en materia de economía e empresa, baixo a superior dirección e coordinación do Consello da Xunta de Galicia, deseñar e executar as políticas de recuperación da actividade económica en Galicia, en particular mediante a facilitación da implantación das iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das competencias atribuídas ás demais consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nas materias con incidencia no eido económico, do emprego ou do medio rural.

2. Para os efectos previstos no número anterior, a consellaría con competencias en materia de economía e empresa:

a) Asumirá as funcións de apoio e acompañamento administrativo á implantación das iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante os servizos e instrumentos previstos no título II.



b) Elevará ao Consello da Xunta de Galicia as propostas motivadas de declaración de proxectos industriais estratéxicos e iniciativas empresariais prioritarias, cando proceda segundo o previsto na normativa reguladora de tales proxectos e iniciativas.

c) Establecerá os instrumentos de coinvestimento público-privado que favorezan o financiamento das iniciativas empresariais levadas a cabo por *start-ups*, persoas emprendedoras e outras pequenas empresas, de acordo co previsto no título IV.

d) Impulsará, en coordinación coa consellaría con competencias en materia de avaliación e reforma administrativa, as medidas para que o marco regulatorio aplicable á implantación das iniciativas empresariais se axuste ao principio de boa regulación.

Artigo 7. *A consellaría con competencias en materia de avaliación e reforma administrativa*

Corresponde á consellaría con competencias en materia de avaliación e reforma administrativa a asistencia e colaboración coa consellaría con competencias en materia de economía e empresa nas tarefas de planificación dos procesos de revisión periódica do marco regulatorio aplicable á implantación das iniciativas empresariais e, en xeral, á actividade económica, co fin de facer efectivo o principio de boa regulación.

Artigo 8. *Outras consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia*

As consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia distintas das previstas nos artigos 6 e 7, cada unha no seu propio ámbito de competencias, colaborarán na consecución dos obxectivos desta lei, en particular proporcionando á consellaría con competencias en materia de economía e empresa a información e a documentación que precise para o exercicio das funcións que lle atribúe a letra a) do número 2 do artigo 6.

Artigo 9. *Os concellos*

Corresponde aos concellos galegos, no seu ámbito de competencias propio, contribuír á recuperación da actividade económica e do emprego, entre outras, mediante as seguintes medidas e actuacións no marco do previsto nesta lei:

a) Participar no apoio e no acompañamento administrativo á implantación das iniciativas empresariais no seu territorio, de ser o caso mediante a adhesión voluntaria aos servizos e instrumentos previstos no título II.

b) Revisar o marco regulatorio da súa competencia para facer efectivo o principio de boa regulación.

c) Planificar a oferta de solo empresarial, no exercicio das súas competencias de ordenación urbanística, de modo que se facilite a implantación das iniciativas empresariais no termo municipal.

d) Prever os incentivos fiscais e os instrumentos de estímulo da súa competencia que favorezan a implantación das iniciativas empresariais no termo municipal.



TÍTULO II

Apoio administrativo á implantación das iniciativas empresariais

CAPÍTULO I

Sistema de atención ao investimento

Artigo 10. Creación do Sistema de atención ao investimento

1. Créase o Sistema de atención ao investimento como o sistema de información que ten por finalidade servir de soporte ás empresas e, en particular, ás persoas emprendedoras, no proceso de posta en marcha das súas iniciativas empresariais, así como facilitar a súa implantación.

2. O Sistema de atención ao investimento incluírá, entre outros aspectos, a información sobre os posibles apoios en forma de incentivos e de financiamento empresarial e sobre tramitación de documentación e acompañamento.

3. O Sistema de atención ao investimento permitirá o acceso á sede electrónica da Xunta de Galicia para a realización de todos os trámites administrativos necesarios para a posta en marcha da iniciativa empresarial que sexan de competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia e consten nos catálogos aprobados consonte o artigo 14. Tamén se incorporarán a el os trámites da competencia dos concellos que se adhiran ao Sistema.

Artigo 11. Dependencia e xestión do Sistema de atención ao investimento

O Sistema de atención ao investimento dependerá da Oficina Doing Business Galicia, regulada no capítulo II deste título. A súa xestión poderá ser encomendada ás entidades instrumentais do sector público autonómico dependentes da consellaría con competencias en materia de economía e empresa.

Artigo 12. Adhesión de concellos ao Sistema de atención ao investimento

1. Poderán incorporarse ao Sistema de atención ao investimento aqueles concellos coa condición de «concellos emprendedores» mediante a súa adhesión ao protocolo xeral asinado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp, ou os instrumentos que o substitúan, que xa teñan adquirida tal condición no momento de entrada en vigor desta lei ou que a adquiren con posterioridade.

2. A adhesión ao Sistema de atención ao investimento terá os seguintes efectos:

a) Suporá a incorporación de todos os trámites, incluídos os de carácter urbanístico de competencia do respectivo concello, nos formularios e modelos normalizados, elaborados para o efecto pola consellaría con competencias en materia de economía e empresa, co obxectivo de axilizar a implantación das novas iniciativas empresariais.

b) Os suxeitos promotores poderán presentar a través del a documentación dirixida ao concello e recibir as notificacións procedentes da administración municipal.



c) Suporá a asunción por parte dos concellos dos mesmos compromisos sinalados no artigo 14 para a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Así mesmo, suporá a asunción do compromiso por parte do respectivo concello da recomendación de establecer bonificacións no imposto sobre construcións, instalacións e obras, así como na taxa pola expedición da licenza urbanística de obra ou pola realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a exigencia de licenza fose substituída pola presentación de comunicación, cando sexan exhibibles, para os supostos derivados dunha iniciativa empresarial, respectando en todo caso o disposto no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, de refundición da Lei de facendas locais, especialmente o seu artigo 103.

Artigo 13. *Áreas de información*

1. O Sistema de atención ao investimento incluírá información xeral nas seguintes áreas:

a) O procedemento administrativo substantivo, ambiental e urbanístico necesario para a implantación das instalacións que requira a posta en funcionamento das iniciativas empresariais.

b) A tramitación administrativa necesaria para a constitución das empresas.

c) As axudas e os incentivos aplicables para a creación de empresas, así como todos aqueles dos que poidan beneficiarse as persoas promotoras das iniciativas empresariais.

d) Outros temas de interese para as empresas, como o financiamento, incluído o europeo, a fiscalidade, a internacionalización, a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e de innovación e a cooperación empresarial.

2. Así mesmo, o Sistema permitirá realizar as seguintes accións:

a) Presentar de forma electrónica, mediante o acceso ao rexistro electrónico xeral, as solicitudes, a documentación e as comunicacións dirixidas á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e aos concellos adheridos.

b) Acceder á información relativa aos expedientes, de forma que as persoas interesadas poidan comprobar en tempo real o estado de tramitación das súas comunicacións e solicitudes, incluída a emisión dos informes que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia soliciten a outras administracións ou ás diferentes consellarías que a integran.

c) Consultar o prazo máximo de emisión dos informes e o sentido do silencio administrativo previstos na correspondente norma reguladora.

d) Consultar as bonificacións das taxas e dos impostos municipais que os concellos adheridos apliquen á implantación das iniciativas empresariais no seu ámbito territorial.

d) Acceder aos modelos de proposta para a mellora da regulación económica e de comunicación de obstáculos e barreiras á competitividade económica que aprobe a Administración autonómica.



3. No momento en que a Administración xeral do Estado faga efectiva a previsión contida na disposición adicional segunda da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio, relativa aos trámites que se realicen ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesourería Xeral da Seguridade Social, poderá incluírse no Sistema de atención ao investimento a información relativa á devandita tramitación mediante a subscripción do oportuno convenio.

Artigo 14. *Recursos dispoñibles*

1. A través do Sistema de atención ao investimento poderase acceder de forma gratuíta aos seguintes recursos:

a) Aos catálogos en que se recollan de forma clara e por orde cronolóxica todos os trámites administrativos exhibibles e as actuacións necesarias para a implantación das iniciativas empresariais, incluídos os de competencia municipal dos concellos adheridos ao Sistema de atención ao investimento.

b) A todos os formularios e modelos de solicitude de autorización, de comunicación e de declaración responsable asociados a calquera dos procedementos administrativos de implantación das iniciativas empresariais da competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia, nos que se indicará a relación da documentación que debe achegar a persoa interesada.

2. Tanto os catálogos como os distintos formularios e modelos mencionados no número anterior deberán figurar permanentemente actualizados.

3. Os catálogos serán elaborados pola Oficina Doing Business Galicia coa colaboración das diferentes consellarías con competencias por razón da materia. Na súa elaboración priorizaranse aqueles sectores de actividade que presenten un maior dinamismo na implantación ou cuxa demanda precise ser acelerada por razóns estratéxicas.

Poderase concertar a elaboración dos contidos dos catálogos cos colexios profesionais, cámaras de comercio, organizacións empresariais e outras entidades representativas dos sectores afectados.

4. Os catálogos e as súas actualizacións serán aprobados polo Consello da Xunta de Galicia.

5. A aprobación dos catálogos deberá incluír un trámite de audiencia, por un prazo de quince días hábiles, ás distintas consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

6. No procedemento de elaboración de disposicións normativas autonómicas que incorporen novos trámites para a implantación de iniciativas empresariais deberá xustificarse a súa necesidade de acordo co principio de boa regulación previsto nesta lei. Unha vez aprobada a norma que regule o novo trámite, deberá procederse á actualización do catálogo ou catálogos correspondentes.

Artigo 15. *Avaliación externa*

Coa periodicidade que se determine regulamentariamente, realizaranse as avaliacións externas e independentes do funcionamento do Sistema de atención ao investimento. Os informes elabo-



rados polas entidades avaliadoras estarán dispoñibles como parte da información que ofrezca o Sistema.

CAPÍTULO II

Oficina Doing Business Galicia

Artigo 16. *Fins e obxectivos da Oficina Doing Business Galicia*

A Oficina Doing Business Galicia é o órgano responsable da xestión dos instrumentos previstos nesta lei para facilitar a implantación das iniciativas empresariais, especializada no acompañamento e tramitación dos proxectos industriais estratéxicos e das iniciativas empresariais prioritarias, así como a coordinación do asesoramento ás persoas empresarias para a posta en marcha e acompañamento das iniciativas empresariais.

A Oficina depende da Secretaría Xeral Técnica da consellaría con competencias en materia de economía e empresa, na súa condición de autoridade designada pola Comunidade Autónoma como punto de contacto para a unidade de mercado.

Artigo 17. *Funcións*

1. Corresponden á Oficina Doing Business Galicia as seguintes funcións:

a) Xestionar o Sistema de atención ao investimento e elaborar os catálogos.

b) Dirixir a Unidade de Apoio das Iniciativas Empresariais.

c) Acompañar e dar soporte aos suxeitos promotores das iniciativas susceptibles de ser cualificadas como proxectos industriais estratéxicos ou iniciativas empresariais prioritarias, analizando as solicitudes telemáticas recibidas ou as consultas realizadas por vía telefónica ou presencial. En particular, a Oficina deberá orientar as persoas interesadas sobre os títulos habilitantes necesarios para levar a cabo un proxecto ou a súa modificación, a tramitación pertinente e a posible obtención de axudas públicas.

d) Analizar se unha iniciativa é susceptible de ser cualificada como proxecto industrial estratéxico ou iniciativa empresarial prioritaria, así como propor a devandita cualificación á persoa titular da consellaría con competencias en materia de economía e empresa.

e) Impulsar a tramitación dos proxectos industriais estratéxicos e das iniciativas empresariais prioritarias mediante a consulta a outros órganos ou entidades, da mesma ou doutra administración, así como a través da proposta ou requirimento de actuación ou de realización de trámites aos correspondentes departamentos do sector público autonómico de Galicia.

f) Elaborar o plan de seguimento de execución de proxectos industriais estratéxicos e iniciativas empresariais prioritarias e efectuar os controis pertinentes.

g) Analizar, por petición da persoa interesada ou por iniciativa propia, as actividades económicas en curso que sexan estratéxicas para a Comunidade Autónoma de Galicia e estean en situación de



risco de continuidade, elevando un informe de valoración da situación e das alternativas á persoa titular da consellaría con competencias en materia de economía e empresa e realizando o seguimento destas actividades, con atención especial ás actuacións administrativas propostas.

h) Elaborar un informe anual de actividade en relación coa avaliación e tramitación dos proxectos estratéxicos e das iniciativas empresariais prioritarias, que será publicado na páxina web da consellaría competente en economía e empresa.

i) Realizar outras actuacións que permitan impulsar, aprobar e manter proxectos estratéxicos para a Comunidade Autónoma de Galicia.

j) Coordinar a rede de oficinas de apoio á empresa para as restantes iniciativas empresariais previstas nesta lei.

2. En relación coa unidade de mercado, a Oficina Doing Business Galicia levará a cabo a análise e tramitación en relación coas propostas relativas á unidade de mercado, dando soporte á Secretaría Xeral Técnica da que depende.

Artigo 18. *Dirección e dotación de medios*

1. Á fronte do funcionamento operativo da Oficina Doing Business Galicia estará un órgano con nivel de subdirección xeral, ou equivalente, para impulsar as funcións relativas aos proxectos industriais estratéxicos e ás iniciativas empresariais prioritarias.

2. A Oficina Doing Business Galicia deberá dotarse dos medios persoais suficientes e especializados na tramitación dos proxectos industriais estratéxicos e das iniciativas empresariais prioritarias, no apoio ás iniciativas empresariais con carácter xeral, na obtención dos fondos europeos e na atención ao investimento estranxeiro.

CAPÍTULO III

Sistema de acompañamento individualizado

Artigo 19. *Rede de oficinas de apoio á empresa*

1. A función de acompañamento ás persoas empresarias para a posta en marcha das iniciativas empresariais desenvolverase a través das oficinas de apoio á empresa. Cando as persoas empresarias teñan a condición de persoas emprendedoras, o acompañamento individualizado poderá ser prestado pola Unidade Galicia Emprende co alcance previsto no artigo 8 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

2. A rede de oficinas de apoio á empresa poderá ser obxecto de modificación por parte da consellaría con competencias en materia de economía e empresa en función das necesidades que se detecten e figurará permanentemente actualizada no Sistema de atención ao investimento.

Así mesmo, a función de acompañamento individualizado poderá exercerse a través doutros servizos territoriais da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entida-



des instrumentais do sector público autonómico que se determinen por razón da súa especialidade material e, en concreto, a través das oficinas agrarias comarcais, no seu respectivo ámbito de actuación, sen prexuízo das funcións de información e acompañamento para o emprendemento en economía social que corresponden ás entidades que forman parte da Rede Eusumo, segundo o disposto no Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e se regula o seu funcionamento.

3. Mediante a subscrición do correspondente convenio poderá estenderse a condición de oficinas de apoio, coas funcións de acompañamento descritas no número 1, ás cámaras de comercio, aos colexios profesionais e ás asociacións empresariais sen ánimo de lucro.

Artigo 20. *Unidade de Apoio das Iniciativas Empresariais*

1. A consellaría con competencias en materia de economía e empresa creará, dentro da Oficina Doing Business Galicia, unha Unidade de Apoio das Iniciativas Empresariais, que asumirá, entre outras funcións, o apoio no acompañamento individualizado ás persoas empresarias, así como a colaboración nas tarefas de redacción, revisión e actualización dos catálogos do Sistema de atención ao investimento.

2. Da Unidade de Apoio das Iniciativas Empresariais, e para os efectos do exercicio das funcións indicadas no número anterior, dependerá funcionalmente o persoal empregado público que para tal fin designen as consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as súas entidades con funcións vinculadas á actividade empresarial, sen prexuízo da súa dependencia orgánica da consellaría de orixe.

Artigo 21. *Colaboración das distintas consellarías*

1. Nas consellarías ou nas entidades con funcións vinculadas á actividade empresarial designaranse as persoas que dependerán funcionalmente da Unidade de Apoio das Iniciativas Empresariais de acordo co expresado no artigo 20 e que tamén asumirán as funcións de contacto para colaborar coa rede de oficinas de apoio á empresa nos aspectos máis concretos do ámbito de competencias de cada unha delas.

2. Esta colaboración interna articularase entre a rede de oficinas de apoio á empresa e as persoas que conforman a unidade, de tal modo que as primeiras se encargarán de coordinar a información necesaria das distintas consellarías e de trasladala de modo unificado e directo á persoa solicitante.

Artigo 22. *Acompañamento individual na xestión dos proxectos*

1. Co obxecto de lograr un impulso efectivo das iniciativas empresariais que poidan optar á declaración de proxectos industriais estratéxicos ou iniciativas empresariais prioritarias, a consellaría con competencias en materia de economía e empresa poderá designar ou contratar xestores de proxecto para prestarlle ao suxeito promotor asistencia na tramitación administrativa e acompañamento e orientación no cumprimento dos distintos trámites.



2. Os labores de asistencia, acompañamento e orientación previstos neste artigo poderán realizarse mediante a formalización dos oportunos convenios de colaboración ou dos contratos con entidades alleas á Administración.

TÍTULO III

Simplificación e racionalización de trámites e procedementos administrativos

CAPÍTULO I

Simplificación da tramitación administrativa autonómica

Sección 1ª. Simplificación da tramitación dos informes sectoriais necesarios para a implantación das iniciativas empresariais

Artigo 23. Informes sectoriais emitidos polos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e polas entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia

1. Con carácter xeral, a implantación dunha iniciativa empresarial poderá exixir, en función das afeccións que deriven da súa implantación física no territorio, cando así o estableza a normativa sectorial vixente, a emisión con carácter preceptivo dun ou varios dos seguintes informes:

- a) O informe do órgano competente en materia de urbanismo.
- b) O informe do órgano competente en materia de conservación do patrimonio natural, nos supostos de afección a este.
- c) O informe do órgano competente en materia de patrimonio cultural, nos supostos de afección a bens integrantes deste e, en particular, no caso de afección aos bens declarados de interese cultural ou catalogados, aos seus contornos de protección e, nos supostos preceptivos, á súa zona de amortecemento, ou aos territorios delimitados dos Camiños de Santiago.
- d) O informe do órgano competente en materia de planificación hidrolóxica e de dominio público hidráulico, nos supostos de existencia e afección a algún recurso hidrolóxico ou ao dominio público hidráulico, incluídas as verteduras.
- e) O informe do órgano competente en materia de paisaxe, nos supostos de posible afección á paisaxe.
- f) O informe do órgano competente en materia de saúde pública, nos supostos dunha posible afección significativa ás condicións de saúde da cidadanía.
- g) O informe dos órganos competentes en materia de prevención e xestión de riscos derivados de accidentes graves ou catástrofes, nos supostos dunha posible afección á seguridade da cidadanía, incluídos os derivados de contaminación mariña.
- h) O informe do órgano competente en materia de turismo, cando a implantación da iniciativa empresarial poida afectar de modo significativo o valor turístico do territorio afectado.



i) O informe do órgano competente en materia de infraestruturas ou obras públicas, cando a implantación da iniciativa empresarial afecte as infraestruturas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

j) O informe do órgano competente en materia de montes, no suposto de afección aos montes catalogados de utilidade pública e terreos forestais incluídos na normativa sectorial reguladora.

k) O informe do órgano competente en materia de pesca, acuicultura e marisqueo, cando a implantación da iniciativa empresarial afecte estes recursos.

l) O informe do órgano competente en materia de protección e defensa contra os incendios forestais, cando o proxecto poida ter incidencia neste eido

m) O informe do órgano competente en materia de desenvolvemento rural, cando o proxecto poida ter incidencia nos instrumentos de planificación, mobilización e recuperación de terras agroforestais.

n) Aquel outros informes que, en función das características da iniciativa, resulten preceptivos en virtude da normativa aplicable.

2. Os informes dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia con competencia sectorial na protección e defensa do territorio, e dos intereses, bens e elementos configuradores deste que deban ser protexidos, así como os que teñan por finalidade velar pola saúde e protección das persoas, teñen carácter preceptivo e vinculante, cando así o estableza a normativa sectorial aplicable, en calquera procedemento que poida afectar a implantación das iniciativas empresariais no territorio.

Artigo 24. *Prazo de emisión e efectos da falta de emisión en prazo*

1. Os informes sinalados no artigo anterior terán un prazo de emisión de tres meses, agás que unha disposición legal determine un prazo inferior.

Transcorrido o devandito prazo sen que fosen emitidos ou sen resolución expresa, terán a consideración de favorables á implantación da iniciativa empresarial, salvo nos supostos en que a normativa estatal que resulte de aplicación determine outra solución.

2. Cando o órgano sectorial que deba emitir o informe aprecie dificultades para cumprir o prazo establecido, poderá realizar un encargo para a realización dun estudo a medios propios ou a entidades sen ánimo de lucro con capacidade para pronunciarse na materia respectiva, ou, na falta dos anteriores e motivadamente, a outras persoas expertas na materia. O estudo realizado poderá ser tido en conta para a elaboración do informe do órgano sectorial. A entidade ou contratista que o elaboren serán responsables da calidade técnica dos traballos que desenvolvan e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiras persoas das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na elaboración do estudo, de acordo, en particular, co establecido pola normativa contractual aplicable, no caso de acudirse, para a realización do estudo, a un contrato.



Artigo 25. *Medidas de axilización procedemental*

1. Cando no procedemento de autorización ou declaración dunha iniciativa empresarial sexa preciso solicitar varios informes, o órgano competente para ditar a resolución final solicitará a emisión de todos os informes que resulten preceptivos de modo simultáneo.

No caso en que un mesmo órgano sectorial autonómico deba emitir informe para varios efectos, dentro do trámite ambiental, o trámite urbanístico e o trámite da autorización substantiva, emitirá un único informe que abarque os distintos aspectos sobre que deba pronunciarse, salvo nos supostos en que existan modificacións substanciais na documentación achegada que se exixa para cada ámbito.

2. Os informes que deban emitirse non terán carácter sucesivo, de tal forma que a emisión dun informe non estará condicionada pola expedición previa do informe doutro órgano sectorial. O órgano informante pronunciarase exclusivamente respecto do ámbito sectorial en que resulta competente.

3. Naqueles supostos en que o órgano sectorial consultado requira para o seu pronunciamento someter o plan ou o proxecto en que se materializa a iniciativa empresarial á consideración dos seus órganos asesores ou consultivos, o órgano sectorial deberá garantir a axilidade destas consultas, de xeito que poida emitir o seu informe no prazo establecido no artigo anterior.

Artigo 26. *Informes sectoriais emitidos polos órganos da Administración do Estado*

Cando nun procedemento de autorización de competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia sexa preceptiva a emisión do informe dun órgano da Administración do Estado, o órgano substantivo autonómico que deba ditar a resolución final solicitará directamente do centro directivo, organismo ou entidade estatal a emisión do correspondente informe.

Transcorrido o prazo máximo de emisión sen pronunciamento expreso do informante, o órgano substantivo porá en coñecemento da Delegación do Goberno en Galicia esta circunstancia e os efectos económicos derivados da ausencia ou demora na emisión do informe, e informará desta circunstancia ao suxeito promotor.

Sección 2ª. Tramitación conxunta e conservación dos trámites

Artigo 27. *Tramitación conxunta dos distintos procedementos relativos a unha mesma iniciativa empresarial*

1. A Administración autonómica, no exercicio das súas competencias, promoverá o establecemento de procedementos para garantir que os actos de control que afecten a implantación de iniciativas empresariais se integren nun procedemento único e ante unha única instancia. Para tal efecto, regularase o procedemento e determinarase o órgano autonómico competente ante o cal se realizarán os trámites e que, de ser o caso, o resolverá. Estes procedementos coordinarán todos os trámites administrativos necesarios para a implantación das ditas iniciativas empresariais con base nun proxecto único.



Estes procedementos basearanse nos principios de liberdade de establecemento, voluntariedade para a persoa interesada, portelo único, respecto ás competencias das administracións intervinientes, cooperación interadministrativa, proporcionalidade das actuacións e simplicidade de cargas administrativas.

2. No caso de que o suxeito promotor da iniciativa empresarial optar pola tramitación conxunta prevista neste artigo deberá presentar, de acordo co que dispoña a normativa reguladora do procedemento:

a) A documentación que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa reguladora dos actos de control integrados no procedemento.

b) De resultar preciso, o documento ambiental necesario para a avaliación ambiental do proxecto, segundo o establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma básica estatal que a substitúa.

c) De ser o caso, a documentación necesaria para a aprobación do proxecto sectorial.

d) A relación dos bens e dereitos afectados, no caso de solicitarse a declaración de utilidade pública da instalación.

3. O órgano responsable da tramitación, no caso de ser necesaria, someterá a información pública, de forma simultánea, o proxecto de execución, o estudo de impacto ambiental no caso de avaliación ambiental ordinaria e o proxecto sectorial, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e, de ser o caso, no Portal de transparencia e goberno aberto.

Caso de se solicitar a declaración de utilidade pública, realizarase de forma simultánea o trámite de información pública mediante a publicación nun dos xornais de maior circulación de cada unha das provincias afectadas.

4. O órgano responsable da tramitación realizará de modo simultáneo a petición de todos os informes ás administracións e aos órganos sectoriais afectados, tanto os exixidos pola norma reguladora da autorización sectorial como os exixidos para os efectos da tramitación ambiental e urbanística.

5. Exceptúanse da aplicación do disposto neste artigo os proxectos de instalación enerxética, que se rexerán polo establecido no capítulo III.

Artigo 28. *Incorporación de informes*

1. Nos supostos en que os suxeitos promotores non optaren pola tramitación conxunta prevista no artigo anterior, os pronunciamentos contidos nos informes sectoriais emitidos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia manteranse, e estes informes incorporaranse aos sucesivos trámites de competencia autonómica, sempre que se manteñan as circunstancias que motivaron tales pronunciamentos, polo que non será necesario emitilos novamente, sempre que o órgano sectorial comprobe esta circunstancia e así llo indique ao órgano solicitante.



2. Naqueles supostos en que a implantación dunha iniciativa empresarial requira un título habilitante de competencia municipal vinculado á obtención previa dun pronunciamento sectorial de competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia, os pronunciamentos contidos nos informes sectoriais recadados no procedemento de autorización administrativa autonómica previa manteranse, e estes informes incorporaranse ao procedemento, polo que non será necesario emitilos novamente, sempre que o órgano sectorial comprobe esta circunstancia e así llo indique ao órgano solicitante.

CAPÍTULO II

Racionalización dos procedementos de avaliación ambiental

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 29. Uso de medios electrónicos

1. As persoas físicas que actúen como suxeitos promotores de plans, programas ou proxectos sometidos a avaliación ambiental están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos cos órganos administrativos que interveñen nos devanditos procedementos e a presentar por medios electrónicos todos os documentos relativos a eles, ao entenderse que a elaboración dun plan, programa ou proxecto que deba someterse a avaliación ambiental presupón unha capacidade económica, técnica ou dedicación profesional que acredita o acceso e a dispoñibilidade dos medios técnicos necesarios.

2. Toda a información que se poña á disposición das persoas interesadas ou do público en xeral nos procedementos de avaliación ambiental será accesible en formato electrónico.

3. En todos os procedementos de avaliación ambiental, as persoas que teñan a condición de interesadas poderán facer efectivo o seu dereito a coñecer en calquera momento o estado de tramitación a través dun sistema informático de xestión do procedemento.

Artigo 30. Cualificación técnica do órgano ambiental

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, consonte o establecido no artigo 9.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, garantirá que o seu órgano ambiental dispoña de coñecementos para examinar os estudos e documentos ambientais estratéxicos e os estudos e documentos de impacto ambiental, sen prexuízo da posibilidade de solicitar informes a organismos científicos, académicos ou outros que posúan os coñecementos precisos en calquera dos procedementos de avaliación ambiental, nos casos en que o estime necesario.

2. Por orde da persoa titular da consellaría con competencias en materia de medio ambiente, crearase un banco de persoas expertas, que terá carácter público, no que figurarán os organismos e persoas aos que o órgano ambiental poderá solicitar os informes de carácter científico ou técnico nos procedementos de avaliación ambiental.



Artigo 31. *Relación entre a avaliación ambiental estratéxica e a avaliación de impacto ambiental*

1. A avaliación ambiental estratéxica dun plan ou programa, consonte o establecido no artigo 13.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, non exclúe a avaliación de impacto ambiental dos proxectos que del deriven. A avaliación destes últimos terá en conta a avaliación ambiental estratéxica do plan ou programa de que deriven e analizará unicamente os aspectos propios do proxecto que non fosen considerados naquela, sempre que a declaración ambiental estratéxica ou, de ser o caso, o informe ambiental estratéxico estea vixente.

2. O órgano ambiental, conforme o artigo 13 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, poderá acordar motivadamente, na procura do principio de eficacia, a incorporación de trámites e de actos administrativos do procedemento de avaliación ambiental estratéxico noutros procedementos de avaliación ambiental, sempre e cando non transcorrese o prazo establecido no plan ou programa e non se producisen alteracións das circunstancias tidas en conta na avaliación ambiental estratéxica.

3. A tramitación do procedemento de avaliación ambiental estratéxica dun plan ou programa e dos procedementos de avaliación de impacto ambiental dos proxectos que del deriven poderá levarse a cabo simultaneamente, mais o primeiro deberá resolverse en todo caso antes dos segundos para ser tido en conta na resolución destes últimos.

En particular, na implantación de iniciativas ou proxectos empresariais, cando así o solicitase o suxeito promotor, tramitaranse conxuntamente os procedementos de avaliación ambiental estratéxica do plan, programa ou instrumento de planeamento urbanístico que eventualmente sexa preciso e de avaliación de impacto ambiental do proxecto de urbanización que o execute e, de ser o caso, do proxecto construtivo da instalación que acolla a actividade. Os informes sectoriais que se soliciten pronunciaranse sobre todos os aspectos, tanto da avaliación ambiental estratéxica como da avaliación de impacto ambiental.

Artigo 32. *Trámites de información pública e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas*

1. O órgano substantivo garantirá que os trámites de información pública e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas do procedemento de avaliación ambiental se realicen de modo simultáneo aos trámites análogos que, de ser o caso, deban practicarse no procedemento substantivo de adopción, aprobación ou autorización do plan, programa ou proxecto.

2. O trámite de información pública anunciarase no *Diario Oficial de Galicia* e no portal de Internet do órgano substantivo. Os anuncios enviaranse dentro dos dez días seguintes á recepción da documentación completa no rexistro do órgano substantivo, salvo que a normativa do procedemento substantivo de adopción, aprobación ou autorización do plan, programa ou proxecto estableza outra cousa.

Dentro do mesmo prazo de dez días hábiles efectuaranse as consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.



Nas consultas ás administracións públicas afectadas en que se lles solicite informe indicárase expresamente a posibilidade de requirir, dentro do prazo para emitir aquel, a emenda da documentación presentada polo suxeito promotor.

3. A remisión ao suxeito promotor dos informes e das alegacións recibidas nos trámites de información pública e consultas realizarase dentro dos dez días hábiles seguintes á finalización destes.

4. Unha vez realizadas as consultas ás administracións públicas e ás persoas interesadas previstas nos artigos 22, 30, 37 e 46 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, e de conformidade co previsto na devandita lei, aquelas só poderán ser consultadas de novo nos seguintes supostos:

a) Nos casos de incorporación no plan, programa ou proxecto, ou no estudo ambiental estratéxico ou estudo de impacto ambiental, de modificacións que supoñan efectos ambientais significativos distintos dos previstos orixinalmente.

b) Cando o órgano ambiental, no trámite de análise técnica do expediente, considere que as consultas non se fixeron de acordo co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro.

Sen prexuízo do disposto nas dúas letras anteriores, realizaranse en todo caso novas consultas cando proceda a modificación da declaración ambiental estratéxica conforme o previsto no artigo 28 da Lei 21/2013, do 9 de decembro.

5. Conforme o establecido no artigo 37.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, o órgano substantivo porá á disposición das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, e na correspondente sede electrónica, aquela información que só poida obterse unha vez expirado o período de información pública e que resulte relevante para os efectos da execución do proxecto de que se trate, sen que en ningún caso a dita posta á disposición dea lugar á reiteración do trámite de información ou consulta pública.

Artigo 33. *Finalización da avaliación ambiental sen pronunciamento ambiental*

1. Se en calquera momento da tramitación do procedemento de avaliación ambiental o órgano ambiental chegar á conclusión de que o plan, programa ou proxecto non entra no ámbito de aplicación da Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa, dará por finalizada a avaliación ambiental e ditará resolución de terminación do procedemento sen pronunciamento ambiental, o que comportará o arquivamento das actuacións de avaliación ambiental.

2. A resolución, na que se fará constar expresamente a circunstancia que a motiva, notificaráselle ao suxeito promotor. Así mesmo, comunicárselle ao órgano substantivo, e habilitarase este para a adopción, aprobación ou autorización do plan, programa ou proxecto, ou, de ser o caso, o suxeito promotor para a presentación da correspondente declaración responsable ou comunicación, sen necesidade de seguir os trámites previstos na Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa, e sen prexuízo da eventual obriga de someter a actividade á avaliación de incidencia ambiental.



Artigo 34. *Finalización da avaliación ambiental por inviabilidade ambiental do plan, programa ou proxecto*

1. Se en calquera momento do procedemento de avaliación ambiental o órgano ambiental chegar á conclusión de que o plan, programa ou proxecto é inviable por razóns ambientais, dará por finalizada a avaliación ambiental, logo de dar audiencia ao suxeito promotor e ao órgano substantivo por dez días hábiles, e ditará resolución de terminación do procedemento por inviabilidade ambiental, o que comportará o arquivamento das actuacións de avaliación ambiental.

2. A resolución notificaráselle ao suxeito promotor, coa súa motivación e coa indicación dos recursos administrativos e xudiciais que procedan contra ela. Así mesmo, comunicaráselle ao órgano substantivo, e terá carácter vinculante para o efecto de impedir a adopción, aprobación ou autorización do plan, programa ou proxecto declarado inviable por razóns ambientais ou, de ser o caso, para impedir a eficacia de calquera declaración responsable ou comunicación que se presente en relación con aquel.

Sección 2ª. Avaliación ambiental estratéxica de plans e programas

Artigo 35. *Particularidades dos procedementos de avaliación ambiental estratéxica no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia*

1. No procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria teranse en conta as seguintes particularidades:

a) Para a realización de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas e para a elaboración do documento de alcance, o órgano ambiental disporá dun prazo máximo de dous meses desde a recepción da solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica ordinaria acompañada do borrador do plan ou programa e do documento inicial estratéxico.

b) Para a elaboración do estudo ambiental estratéxico e para a realización da información pública e das consultas, desde a notificación ao promotor do documento de alcance, non resultará aplicable o prazo de quince meses previsto no artigo 17.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica que o substitúa, podendo remitirse ao órgano ambiental o expediente completo de avaliación ambiental estratéxica para a formulación da declaración ambiental estratéxica, sempre que non transcorresen máis de tres anos desde a notificación ao promotor do documento de alcance ou o prazo que se poida establecer por lei para determinados plans ou programas.

c) Para a análise técnica do expediente e a formulación da declaración ambiental estratéxica, o órgano ambiental disporá dun prazo de tres meses desde a recepción do expediente completo, prorrogable por un mes máis por razóns xustificadas, debidamente motivadas, e comunicadas ao suxeito promotor e ao órgano substantivo.

O prazo previsto nesta letra reducirase a un mes cando o estudo ambiental estratéxico estea verificado por unha entidade de colaboración ambiental.

d) A declaración ambiental estratéxica perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan ou programa no prazo máximo de catro anos desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia da dita declaración ambiental estratéxica por outro prazo máximo de dous anos, seguindo o procedemento recollido nos números 3 e 4 do artigo 27 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa, e o prazo de caducidade sinalado no parágrafo anterior quedará suspendido ata que se resolva a tramitación da prórroga solicitada.

2. No procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada teranse en conta as seguintes particularidades:

a) O órgano ambiental poderá resolver a inadmisión da solicitude de inicio, ademais de nos supostos previstos na Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa, cando considere que se debe tramitar un procedemento de avaliación estratéxica ordinaria por desprenderse de xeito inequívoco do contido da solicitude.

b) O prazo para formular o informe ambiental estratéxico é de tres meses desde a recepción da solicitude de inicio e da documentación completa que se deba xuntar.

c) O informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan ou programa no prazo máximo de seis anos desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos, tras solicitude formulada polo promotor antes do transcurso do prazo sinalado de seis anos, e o prazo de caducidade sinalado no parágrafo anterior quedará suspendido ata que se resolva a tramitación da prórroga solicitada, que deberá resolverse no prazo de dous meses desde a presentación da solicitude. A falta de resolución sobre a devandita solicitude terá efectos estimatorios.

Nos supostos en que perda vixencia o informe ambiental estratéxico, ben polo transcurso do prazo inicial ou da prórroga, o promotor deberá iniciar novamente o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do plan ou programa.

3. Nos procedementos de avaliación ambiental estratéxica ordinaria e simplificada a que se refiren os números 1 e 2, o prazo para a realización dos trámites de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas será de trinta días hábiles.

4. A publicación no *Diario Oficial de Galicia* da declaración ambiental estratéxica, do informe de impacto ambiental e do plan ou programa aprobado realizarase nos dez días hábiles seguintes á súa formulación ou aprobación.

5. No procedemento de modificación da declaración ambiental estratéxica o prazo de consultas ao promotor, ao órgano substantivo e ás administracións públicas afectadas e persoas interesadas previamente consultadas, será de trinta días hábiles para formular alegacións e achegar cantos documentos coiden precisos. A resolución sobre a modificación da declaración ambiental estratéxica adoptarase nun prazo de dous meses contados desde o inicio do procedemento.



Sección 3ª. Avaliación de impacto ambiental de proxectos

Artigo 36. Proxectos sometidos a declaración responsable ou comunicación

1. Cando corresponda á Administración ambiental de Galicia formular a declaración de impacto ambiental ou emitir o informe de impacto ambiental dun proxecto que deba ser obxecto de declaración responsable ou comunicación, previstas no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as funcións atribuídas ao órgano substantivo deberá realizalas o órgano competente para a recepción da declaración responsable ou comunicación e para o exercicio das correspondentes facultades de comprobación, control e inspección.

2. De conformidade co disposto no número 4 da disposición adicional primeira da Lei 21/2013, do 9 de decembro, nos casos previstos neste artigo, contra a declaración de impacto ambiental e o informe de impacto ambiental poderanse interpor os recursos que, de ser o caso, procedan en vía administrativa ou xudicial.

Artigo 37. Informes preceptivos

1. Ademais dos informes previstos na lexislación básica estatal, para os efectos da avaliación de impacto ambiental, no trámite de consulta ás administracións públicas afectadas, o órgano substantivo solicitará informe aos órganos competentes en materia de patrimonio natural, patrimonio cultural, urbanismo, pesca marítima, turismo, medio rural, montes, protección e defensa contra incendios forestais, meteoroloxía e cambio climático, residuos, protección da paisaxe, comercio e consumo, infraestruturas, enerxía e minas e seguridade aérea, cando entenda que, polo seu alcance, o proxecto poida influír nas devanditas afeccións.

2. O órgano substantivo emitirá informe técnico sobre o proxecto sometido a avaliación de impacto ambiental, que xuntará ao expediente desta antes da súa remisión ao órgano ambiental.

Artigo 38. Particularidades dos procedementos de avaliación de impacto ambiental no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia

1. No procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria aplicaranse os seguintes prazos:

a) Para a realización das actuacións previas de consultas e para a elaboración do documento de alcance, dous meses, contados desde a recepción da solicitude do documento de alcance.

b) Para se pronunciaren as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas consultadas sobre o documento de alcance do estudo de impacto ambiental, vinte días hábiles desde a recepción da documentación.

c) Para a elaboración do estudo de impacto ambiental, seis meses desde a comunicación ao suxeito promotor do documento de alcance. Este prazo poderá ser prorrogado ata un máximo total dun ano por solicitude razoada do suxeito promotor.



d) Para someter o proxecto e o estudo de impacto ambiental a información pública e para que as administracións públicas emitan os seus informes e as persoas interesadas formulen as súas alegacións, trinta días hábiles

e) Para a revisión documental por parte do órgano substantivo do expediente de avaliación de impacto ambiental antes de remitilo ao órgano ambiental, dez días hábiles desde a súa recepción.

f) Para a remisión por parte do órgano substantivo da solicitude de avaliación de impacto ambiental ordinaria e os documentos que a deben acompañar ao órgano ambiental, dez días hábiles desde a finalización da revisión documental daquel e, de ser o caso, a emenda das deficiencias que puiden presentar.

g) Para requirir o titular do órgano xerarquicamente superior daquel que non entregase os informes solicitados ou cando o seu contido siga a ser insuficiente, dous meses tras o requirimento feito polo órgano ambiental ao órgano substantivo, consonte o disposto no artigo 40. 2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro.

h) Para que o órgano ambiental resolva, de ser o caso, a inadmisión da solicitude de iniciación da avaliación de impacto ambiental ordinaria, dez días hábiles desde a súa recepción.

i) Para a análise técnica do expediente e a formulación da declaración de impacto ambiental, tres meses, contados desde a recepción completa do expediente de avaliación de impacto ambiental, prorrogables por un mes adicional debido a razóns xustificadas e debidamente motivadas.

Entenderase que a recepción completa do expediente de avaliación de impacto ambiental se produce no momento en que se reciben no rexistro do órgano ambiental os documentos que constitúen o contido mínimo daquel de acordo co artigo 39.1 e 39.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que o substitúa.

O prazo previsto nesta alínea reducirase a un mes cando o estudo de impacto ambiental estea verificado por unha entidade de colaboración ambiental.

j) Para publicar no *Diario Oficial de Galicia* a declaración de impacto ambiental ou a resolución de autorización ou denegación do proxecto, dez días hábiles desde a súa formulación.

2. No procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada teranse en conta as seguintes particularidades:

a) O órgano ambiental poderá resolver a inadmisión da solicitude de inicio, ademais de nos supostos previstos na Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa, cando estime que se debe tramitar un procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria por desprenderse de xeito inequívoco do contido da solicitude.

b) As administracións públicas afectadas e as persoas interesadas consultadas deberán pronunciar-se no prazo máximo de vinte días hábiles desde a recepción da solicitude de informe.



c) O prazo para formular o informe de impacto ambiental é de tres meses, contados desde a recepción da solicitude de inicio e da documentación completa que a deba acompañar.

d) O prazo para publicar no *Diario Oficial de Galicia* o informe de impacto ambiental e a resolución de autorización ou denegación do proxecto é de dez días hábiles contados desde a súa formulación.

3. Os documentos ambientais que acompañen as solicitudes de inicio das avaliacións de impacto ambiental simplificadas publicaranse durante o trámite de consultas na sede electrónica do órgano ambiental.

Sección 4ª. Avaliación de impacto ambiental simplificada dos proxectos que poidan afectar espazos protexidos Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 39. Actuacións previas

1. Os proxectos que poidan afectar de xeito apreciable os espazos protexidos Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e que, conforme o disposto no artigo 7. 2 b) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, sexan susceptibles de ser sometidos á avaliación de impacto ambiental simplificada unicamente por esta afección, requirirán dun informe previo que determine se o proxecto ten relación directa coa xestión do espazo protexido Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia ou é necesario para esta xestión, e que tamén avalíe se afecta de xeito apreciable as especies ou os hábitats obxecto de conservación nos devanditos espazos.

2. O informe previsto neste artigo será solicitado polo suxeito promotor do proxecto ou, se non o fixer, polo órgano substantivo, e o órgano competente para emitilo será o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de conservación do patrimonio natural.

Para a elaboración do informe, o órgano competente terá en conta o disposto no Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia e, de ser o caso, no plan de xestión do espazo. Ademais, poderá solicitar informes complementarios a organismos científicos, académicos ou outros que posúan os coñecementos necesarios.

3. O informe conterá de forma motivada unha das seguintes determinacións:

a) Que o proxecto pode afectar de forma apreciable as especies ou hábitats dun espazo protexido Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e que, por tanto, deberá ser sometido a unha avaliación de impacto ambiental simplificada. Neste caso, o informe emitido fundamentarase na información detallada, actualizada e real ou na súa comprobación sobre o terreo e incluírá unha avaliación adecuada das repercusións do proxecto sobre o espazo protexido.

b) Que o proxecto non afecta de forma apreciable as especies ou os hábitats dun espazo protexido Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e que, por tanto, non resultará necesaria a tramitación da avaliación de impacto ambiental simplificada. Neste caso o informe incluírá as medidas preventivas e correctoras que, de seren adoptadas polo suxeito promo-



tor, permitirán considerar que o proxecto non afectará de forma apreciable o devandito espazo. Cando estes proxectos se desenvolvan nun espazo protexido Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia serán autorizados polo órgano competente en materia de conservación do patrimonio natural.

4. O informe emitirase no prazo máximo de dous meses. De non ser emitido nese prazo, entenderase que o proxecto causa efectos apreciables sobre o espazo protexido Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia de que se trate e someterase a unha avaliación de impacto ambiental simplificada.

Artigo 40. Avaliación de impacto ambiental simplificada dos proxectos que causan efectos apreciables sobre espazos protexidos Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia

1. Cando deba tramitarse a avaliación de impacto ambiental simplificada dun proxecto por causar efectos apreciables sobre un espazo protexido Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, o documento ambiental que elabore o suxeito promotor incluírá un apartado específico no que se analicen as repercusións sobre as especies ou hábitats obxecto de conservación no espazo protexido afectado e se detallan as medidas preventivas, compensatorias e correctoras adecuadas para o seu mantemento nun estado de conservación favorable, así como un esquema de seguimento ambiental.

2. O órgano ambiental consultará co órgano competente en materia de conservación do patrimonio natural para que, no prazo máximo de trinta días hábiles, contado desde a recepción da solicitude, emita un informe que conterá motivadamente unha das seguintes determinacións:

a) Que o proxecto non afectará de xeito apreciable as especies ou hábitats dos espazos protexidos Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, sen necesidade de fixar medidas preventivas, correctoras ou compensatorias específicas para a súa execución.

b) Que o proxecto non afectará de xeito apreciable as especies ou hábitats dos espazos protexidos Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre e cando se cumpran determinadas medidas preventivas, correctoras ou compensatorias específicas para a súa execución. Estas medidas recolleranse expresamente no informe.

c) Que o proxecto afectará de xeito apreciable as especies ou hábitats dos espazos protexidos Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste caso o informe concluirá se o proxecto pode redefinirse para os efectos de ser sometido á avaliación de impacto ambiental ordinaria ou se non resulta viable pola devandita afección.

Sección 5ª. Entidades de colaboración ambiental

Artigo 41. Entidades de colaboración ambiental

1. Son entidades de colaboración ambiental as entidades dotadas de personalidade xurídica e plena capacidade de obrar que, unha vez cumpridos os requisitos que se prevén neste artigo, de-



senvolven no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as seguintes actuacións, na forma que se determine regulamentariamente:

- a) Verificación da conformidade á normativa aplicable dos plans, programas e proxectos que se vaian someter á avaliación ambiental.
- b) Colaboración na tramitación dos procedementos de avaliación ambiental, en particular na realización dos trámites de información pública e consultas e na análise técnica dos expedientes.
- c) Colaboración no seguimento dos pronunciamentos ambientais.
- d) Colaboración nas funcións de inspección ambiental.

2. Nas súas actuacións, as entidades de colaboración ambiental poderán emitir certificados, actas, informes e ditames, que poderán ser asumidos pola administración pública competente sen prexuízo das súas competencias. A actuación destas entidades non poderá substituír as potestades públicas de inspección, comprobación, control e sanción

3. O exercicio da actividade das entidades de colaboración ambiental no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia estará suxeito á presentación dunha comunicación previa ante a consellaría competente en materia de medio ambiente, que deberá cumprir os requisitos que se determinen regulamentariamente, que garantirán que estas entidades dispoñan dos medios e da cualificación técnica necesaria, así como a cobertura da responsabilidade a que poida dar lugar a súa actuación mediante a subscripción do correspondente contrato de seguro ou garantía equivalente, na contía que se estableza, que deberá ser proporcionada á natureza e alcance dos riscos cubertos. A presentación da comunicación previa comportará a inscrición de oficio da entidade no rexistro administrativo que se cree para estes efectos, na forma que se determine regulamentariamente.

4. A actuación das entidades de colaboración ambiental rexerese polos principios de imparcialidade, confidencialidade e independencia. Regulamentariamente establecerase o réxime de obrigas, prohibicións e incompatibilidades, así como o control e inspección a que estarán sometidas para garantir o respecto dos devanditos principios.

5. As entidades de colaboración ambiental serán as únicas responsables fronte ás administracións públicas das súas actuacións, que substituirán a responsabilidade das demais persoas interesadas.

Artigo 42. *Promoción do Sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS)*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración coa Administración xeral do Estado e as entidades locais, promoverá o Sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS), de acordo co previsto na normativa da Unión Europea e básica estatal de aplicación.

2. O sistema EMAS poderá empregarse como mecanismo de seguimento das declaracións de impacto ambiental e dos informes de impacto ambiental nos termos que estes documentos esta-



blezan, sempre que o suxeito promotor do proxecto así o solicitase no procedemento de avaliación de impacto ambiental.

CAPÍTULO III

Procedemento integrado das autorizacións administrativas para as instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía eléctrica competencia da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 43. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. O presente capítulo ten por obxecto regular determinados aspectos do procedemento administrativo das autorizacións a que se refire o artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou norma estatal básica que o substitúa, respecto das instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía eléctrica competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de mellorar, simplificar e axilizar a súa tramitación, salvo as reguladas pola lexislación autonómica específica.

2. En todo o demais, as autorizacións das instalacións de produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia tramitaranse de acordo co procedemento establecido no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, ou norma estatal que o substitúa.

Artigo 44. *Tramitación integrada*

Os suxeitos promotores dos proxectos de instalacións enerxéticas reguladas no artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou norma estatal básica que o substitúa, deberán solicitar a tramitación integrada das autorizacións administrativas necesarias para a implantación destas instalacións, así como, se for preciso, o proxecto sectorial.

Artigo 45. *Órganos competentes*

1. A unidade competente para instruír o procedemento de tramitación integrada previsto no artigo anterior será o órgano territorial da consellaría con competencias en materia de enerxía correspondente á provincia onde se pretenda implantar o proxecto, ou aquela onde teña a súa orixe a infraestrutura, coa excepción das instalacións de produción enerxética a partir de enerxía eólica que se sitúen en máis dunha provincia, en que a unidade instrutora será o centro directivo competente en materia de enerxía.

2. Os órganos competentes para resolver o procedemento serán os indicados no Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que o substitúa.

Artigo 46. *Documentación que deberá presentarse coa solicitude*

O suxeito promotor presentará coa súa solicitude a seguinte documentación:

a) Para a obtención da autorización administrativa previa e de construción:



1. A documentación na que se acrediten en concreto os puntos indicados no artigo 53.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa.

2. O proxecto de execución, xunto cunha declaración responsable que acredite o cumprimento da normativa de aplicación.

3. A documentación precisa en función das afeccións sectoriais do proxecto.

4. As taxas administrativas correspondentes pola tipoloxía da solicitude.

5. Para os proxectos de xeración eléctrica, o resguardo da garantía económica, previamente constituída, que se indica nos artigos 59 *bis* e 66 *bis* do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, ou norma básica estatal que o substitúa.

b) Para os casos en que proceda someter o proxecto á avaliación ambiental:

1. No procedemento de avaliación ambiental ordinaria: o estudo de impacto ambiental, segundo o establecido no artigo 35 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que o substitúa.

2. No procedemento de avaliación ambiental simplificada: a documentación indicada no artigo 45 da devandita Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma estatal básica que o substitúa.

c) A documentación necesaria para a aprobación do proxecto sectorial, de ser o caso.

d) A relación dos bens e dereitos afectados, no caso de que se solicite a declaración de utilidade pública da instalación, xunto cunha declaración responsable de non ter acadado acordos coas persoas titulares dos bens e dereitos afectados e na que se xustifique a necesidade da expropiación.

e) Nos casos en que proceda, unha declaración responsable do suxeito promotor na que faga constar que dispón de acordos previos con todas as persoas titulares dos bens e dereitos afectados.

Artigo 47. *Instrución do procedemento*

1. A unidade responsable da tramitación someterá a información pública, de forma simultánea, o proxecto de execución, o estudo de impacto ambiental no caso de avaliación ambiental ordinaria e, de ser o caso, o proxecto sectorial, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, así como na páxina web da consellaría competente en materia de enerxía.

No caso de que se solicite a declaración de utilidade pública, realizarase de forma simultánea o trámite de información pública mediante a publicación nun dos xornais de maior circulación de cada unha das provincias afectadas.

Durante o prazo indicado, calquera persoa, entidade ou organismo interesado poderá presentar cantas alegacións estime oportunas ou solicitar o exame do expediente e da documentación téc-



nica, ou a parte dela que se acorde. Das alegacións presentadas darase traslado á persoa solicitante, para que esta formule a contestación ao contido daquelas e o comunique á unidade tramitadora no prazo máximo de quince días.

2. De modo simultáneo ao trámite de información pública, a unidade responsable da tramitación realizará o trámite de audiencia e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, e solicitará, cando menos, os informes preceptivos indicados para a avaliación ambiental e de aprobación do proxecto sectorial, dando audiencia aos concellos afectados. Así mesmo, enviaranse de forma simultánea as separatas do proxecto presentado ás distintas administracións, organismos ou empresas do servizo público e de servizos de interese xeral afectadas, cos bens e dereitos ao seu cargo, co obxecto de que establezan o condicionado técnico procedente do proxecto de execución.

No caso de avaliación ambiental simplificada, realizaranse os trámites indicados na sección 2ª do capítulo II da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

3. Aplicarase o regulado na sección 1ª do capítulo I sobre simplificación da tramitación dos informes sectoriais necesarios para a implantación de iniciativas ou proxectos empresariais, coa única excepción do prazo para a emisión dos condicionados técnicos do proxecto, que se reduce a un mes desde a recepción da solicitude. De non se recibiren estes condicionados en prazo, entenderase a conformidade co proxecto, e continuarase a tramitación do procedemento.

4. A unidade tramitadora enviará á persoa promotora os informes e as alegacións recibidas para a súa conformidade e/ou consideración na redacción do proxecto de execución, do estudo de impacto ambiental e do proxecto sectorial, a fin de que realice as modificacións e adaptacións de cada un destes documentos. A persoa promotora disporá do prazo máximo dun mes para presentar os documentos definitivos adaptados para continuar co procedemento. De non se presentar esta documentación no prazo indicado, entenderase que a persoa promotora desiste da solicitude de autorización administrativa e arquivarase a solicitude sen máis trámites. O arquivamento da solicitude será realizado pola unidade tramitadora, a cal o comunicará ao órgano competente.

5. A unidade tramitadora emitirá ou solicitará, de ser o caso, ao órgano territorial onde se sitúe a instalación o informe relativo á normativa de instalacións industriais e eléctricas. Cando lle corresponda a tramitación do procedemento, o órgano territorial remitirá o expediente completo á dirección xeral competente en materia de enerxía, engadindo ao informe anterior un resumo da tramitación realizada ata ese momento, para que a dirección xeral proceda a ditar a correspondente resolución.

6. A valoración positiva ambiental exixible ao proxecto, de acordo co resultado da avaliación realizada de conformidade co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, será requisito indispensable para o outorgamento da autorización integrada.

En todo caso, para os proxectos de produción de enerxía eléctrica, así como para os exixidos polo Real decreto 244/2019, do 5 de abril, que regula as instalacións de autoconsumo, deberase acreditar a obtención do permiso de acceso e conexión á rede de transporte ou distribución, segundo corresponda, previamente ao outorgamento da autorización administrativa.



Artigo 48. *Resolución da autorización administrativa integrada e finalización do procedemento*

1. Unha vez realizada a instrución do procedemento indicado no apartado anterior, e no prazo máximo de dous meses, o órgano competente ditará a resolución a respecto do outorgamento da autorización administrativa integrada, que corresponderá coa autorización administrativa previa e coa autorización administrativa de construción, reguladas no artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro.

2. Esta resolución publicarase integramente no *Diario Oficial de Galicia*, e notificarase a todas as terceiras persoas que formulasen alegacións e teñan carácter de interesadas no expediente. A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios e habilitará a persoa solicitante para interpor os recursos que procedan.

Artigo 49. *Autorización de explotación*

1. Unha vez executado o proxecto, presentarase a correspondente solicitude de autorización de explotación no órgano territorial da consellaría competente en materia de enerxía que tramitase o expediente.

2. Esta solicitude irá acompañada dun certificado de final de obra suscrito por unha técnica ou un técnico facultativo competente no que conste que a instalación foi realizada de acordo coas especificacións contidas na autorización de construción, así como coas prescricións da regulamentación técnica de aplicación á materia.

3. A autorización de explotación será outorgada polo órgano territorial da consellaría competente en materia de enerxía que tramitase o expediente, no prazo dun mes, logo das comprobacións técnicas que se estimen oportunas.

4. Caso de a instalación afectar máis dunha provincia, solicitarase unha autorización de explotación en cada unha das provincias onde estea situada a instalación.

Artigo 50. *Exención do trámite de información pública*

No procedemento integrado regulado neste capítulo non será necesario o trámite de información pública, sempre que non se solicite a declaración de utilidade pública nin sexa preceptiva a avaliación ambiental ordinaria, segundo a Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa, nos seguintes casos:

a) Solicitudes de autorización administrativa das novas instalacións de distribución ou conexión con xeradores á rede de distribución de enerxía eléctrica cunha tensión igual ou inferior a 30 kV.

b) Solicitudes de autorización administrativa de modificacións de instalacións de distribución ou conexión con xeradores á rede de distribución e/ou transporte de enerxía eléctrica, calquera que sexa a súa tensión.

c) Modificacións das instalacións de produción de enerxía eléctrica que non supoñan un incremento ou redución dun 20 % da potencia nominal autorizada.



d) Instalacións de autoconsumo.

Artigo 51. Redución dos prazos de emisión dos informes nos casos dos proxectos que non estean sometidos a avaliación ambiental

Naqueles proxectos de instalacións enerxéticas que non estean sometidos a avaliación de impacto ambiental, o prazo de emisión dos condicionados técnicos das separatas do proxecto de execución redúcese a trinta días hábiles. De non se recibiren estes condicionados neste prazo, entenderase a conformidade co proxecto, e continuarase a tramitación do procedemento.

Artigo 52. Modificacións dos proxectos en tramitación

1. Nas modificacións dos proxectos en tramitación derivadas das adaptacións aos condicionados dos informes sectoriais, ou motivadas por cambios tecnolóxicos debidamente xustificadas, non será necesario un novo trámite de información pública, agás que estean sometidas ao trámite de avaliación de impacto ambiental e sexan modificacións que supoñan efectos ambientais significativos distintos dos previstos orixinalmente, aspecto que será valorado e indicado polo órgano ambiental.

2. Así mesmo, solicitaranse unicamente aqueles informes sectoriais que se vexan afectados pola modificación do proxecto, coa excepción dos condicionados técnicos, nos que bastará coa conformidade do suxeito promotor, agás que estean sometidos ao trámite de avaliación de impacto ambiental e sexan modificacións que supoñan efectos ambientais significativos distintos dos previstos orixinalmente, aspecto que será valorado e indicado polo órgano ambiental.

3. Nos casos en que os proxectos modificados se presenten con posterioridade á avaliación ambiental do proxecto, solicitarase informe ao órgano ambiental co obxecto de que valore a modificación presentada e ratifique a validez da declaración ambiental ou informe ambiental xa emitido, ou, de ser o caso, indique os trámites ambientais que sexa preciso realizar.

Artigo 53. Concorrenza de utilidade ou interese públicos con montes veciñais en man común

1. De o proxecto de instalación enerxética afectar os montes veciñais en man común, os trámites previstos no artigo 6 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, ou norma que o substitúa, realizaranse dentro do trámite de recoñecemento da declaración de utilidade pública do proxecto, dando audiencia ás persoas titulares dos dereitos que poidan estar afectados e concedéndolles un prazo de quince días hábiles para presentar as alegacións, que se remitirán ao suxeito promotor para o seu recoñecemento e contestación.

2. Finalizado o trámite de audiencia, remitirase copia completa do seu resultado ao órgano competente para a autorización do título habilitante do aproveitamento, co fin de que no prazo de vinte días hábiles emita informe sobre a compatibilidade ou incompatibilidade do aproveitamento afectado.

3. Nos casos previstos neste artigo, a utilidade pública do proxecto e a eventual compatibilidade ou prevalencia serán declaradas polo Consello da Xunta de Galicia, ao cal se remitirá o expediente



co informe das consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia afectadas, no prazo máximo dun mes, contado desde que estea o expediente completo. A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios, e as persoas interesadas poderán interpor os recursos que procedan.

TÍTULO IV

Medidas urbanísticas e de financiamento para a reactivación económica

Artigo 54. *Títulos habilitantes urbanísticos de competencia municipal*

1. As solicitudes de licenza e as comunicacións que teñan por obxecto actos de edificación ou de uso do solo ou do subsolo, para a implantación das iniciativas empresariais e para as actuacións de desenvolvemento de solo empresarial ou residencial, poderán presentarse acompañadas dunha certificación de conformidade á legalidade urbanística e ao planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal das previstas no capítulo IV do título III da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

2. Cando unha solicitude de licenza urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade nos termos establecidos por este artigo, os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade da solicitude coa legalidade urbanística previstos polo artigo 143. 2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, serán facultativos e non preceptivos.

3. No caso regulado no número anterior, o prazo de resolución do procedemento será dun mes, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa, incluída a certificación de conformidade, no rexistro do concello, coas excepcións previstas no artigo seguinte.

4. Nos supostos indicados nos apartados anteriores, o órgano municipal competente poderá outorgar a licenza asumindo a certificación de conformidade á legalidade urbanística e ao planeamento aplicable da entidade de certificación de conformidade municipal que acredite expresamente que o proxecto foi sometido a esa verificación.

5. Cando unha comunicación urbanística se presente acompañada da documentación exigida na lexislación do solo e dunha certificación de conformidade nos termos establecidos por este artigo, habilitará con efectos inmediatos desde a súa presentación no rexistro do concello para a realización do acto de uso do solo ou do subsolo que constituía o seu obxecto, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.

6. As entidades de certificación de conformidade municipal serán as únicas responsables fronte ao concello do contido das certificacións emitidas e a súa actuación substitúe a responsabilidade das demais persoas interesadas.

7. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse o proxecto completo redactado por persoal técnico competente, na forma e co contido determinados na lexislación do solo e demais normativa aplicable.



Artigo 55. Especialidades dos títulos municipais habilitantes para determinadas iniciativas empresariais

1. Para os efectos previstos no artigo 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, cando o proxecto construtivo ou de instalación veña acompañado de certificación de conformidade á legalidade urbanística e ao planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal, aplicarase o mesmo réxime regulado no artigo anterior, agás o prazo de resolución do procedemento, que será de quince días naturais, aos supostos previstos no número seguinte deste artigo.

2. O réxime previsto neste artigo será de aplicación exclusiva aos seguintes supostos:

a) As obras que se realicen nos establecementos de hostalaría e turísticos co fin de aumentar o distanciamento social ou adecuar as instalacións aos protocolos sanitarios ou ás normas que regulen as limitacións ou as restricións de carácter sanitario, sempre que non supoñan un aumento do volume edificado e teñan carácter de rehabilitación, adecuación ou reestruturación dos servizos, e se desenvolvan no interior das edificacións, incluíndo neste concepto, cando exista concesión ou autorización, a cobertura das terrazas mediante instalacións desmontables. Non se entenderán incluídas neste apartado as obras que, polo seu carácter menor, non estean sometidas ao réxime de licenza.

b) Os proxectos de instalacións de produción eléctrica e de autoconsumo a partir de fontes renovables, incluíndo as súas infraestruturas de evacuación, en cuxo procedemento de autorización substantiva enerxética fose consultado o concello afectado cando se lle solicite informe preceptivo e vinculante, así como as instalacións de distribución eléctrica de baixa tensión.

c) Actos de uso do solo ou do subsolo incluídos naqueles proxectos de iniciativas empresariais para os que se aprobe un proxecto sectorial para a adecuación do uso do solo ás infraestruturas ou instalacións que se implanten.

d) Nos casos de solicitude de licenza urbanística no solo empresarial, cando o concello emitise informe previo e favorable nos trámites ambientais ou urbanísticos de desenvolvemento desta categoría de solo.

Artigo 56. Instrumentos específicos de financiamento para iniciativas empresariais promovidas por start-ups, persoas emprendedoras e outras pequenas empresas

1. A consellaría con competencias en materia de economía e empresa, por si mesma ou a través das entidades instrumentais do sector público autonómico dependentes dela, porá en marcha instrumentos de coinvestimento público-privado que favorezan o financiamento das iniciativas empresariais promovidas por *start-ups*, persoas emprendedoras e outras pequenas empresas.

2. Para os efectos da presente lei, teñen a condición de persoas investidoras privadas as persoas físicas ou xurídicas, fondos de investimento ou calquera outra entidade de investimento (*business angels*, redes de *business angels* ou *family offices*, entre outros) que, tendo interese en investir nunha ou varias iniciativas empresariais promovidas por *start-ups*, persoas emprendedoras e outras pequenas empresas, reúnan os requisitos para a súa consideración como tales.



3. Corresponderá á consellaría con competencias en materia de economía e empresa, por si mesma ou a través das entidades instrumentais do sector público autonómico dependentes dela, o establecemento dos requisitos que deben reunir as persoas investidoras privadas.

4. O investimento levado a cabo nunha iniciativa empresarial por unha persoa investidora privada por un importe comprendido entre 25.000 e 250.000 euros, poderá comportar, por petición das pequenas empresas e logo do exame da súa viabilidade, un investimento de ata a mesma contía por parte da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través dos instrumentos de financiamento ou dos fondos de investimento xestionados polas entidades instrumentais do sector público autonómico dependentes da consellaría con competencias en materia de economía e empresa.

Este coinvestimento estará suxeito aos seguintes requisitos e condicións:

a) No caso de iniciativas empresariais levadas a cabo por sociedades de capital, o investimento das persoas investidoras privadas deberá materializarse en forma de toma de participación no capital, que poderá comportar unha prima de emisión ou asunción.

b) Para os efectos do investimento público, as iniciativas empresariais e as súas persoas promotoras deberán reunir os requisitos establecidos pola normativa reguladora do instrumento de financiamento ou fondo de investimento en cuestión.

c) O investimento público poderá materializarse en forma de toma de participación en capital, de préstamos participativos, convertibles ou non en capital, ou doutro tipo de préstamos. No caso de tomas de participación en capital, estas terán carácter temporal, non suporán unha porcentaxe de participación superior ao vinte e cinco por cento e poderán comportar unha prima de emisión ou asunción.

5. A consellaría con competencias en materia de economía e empresa, por si mesma ou a través das entidades instrumentais do sector público autonómico dependentes dela, promoverá as accións que poñan en contacto as persoas investidoras privadas coas iniciativas empresariais que precisen financiamento, así como as accións de difusión pública dos instrumentos de coinvestimento regulados neste artigo.

6. Para os efectos deste artigo, as empresas obxecto de investimento deberán ser pequenas empresas segundo a definición prevista no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, ou norma que o substitúa.

Artigo 57. Instrumentos específicos de financiamento para os proxectos industriais estratéxicos e para as iniciativas empresariais prioritarias

A consellaría con competencias en materia de economía e empresa, por si mesma ou a través das entidades instrumentais do sector público autonómico dependentes dela, porá á disposición dos suxeitos promotores dos proxectos industriais estratéxicos e das iniciativas empresariais prioritarias que así o requiran os instrumentos de financiamento público que contribúan a comple-



mentar a estrutura financeira do proxecto ou da iniciativa, que, en todo caso, deberá contar con financiamento privado.

Os instrumentos de financiamento público poderán revestir a forma de toma de participacións en capital, préstamos, participativos ou non, garantías, incentivos a fondo perdido, ou unha combinación dos anteriores. Todos os instrumentos de financiamento público referidos e os apoios que puideren prestarse a través deles deberán respectar a regulación sobre axudas de Estado da Unión Europea.

TÍTULO V

Instrumentos de gobernanza e especialidades de xestión dos fondos de recuperación

CAPÍTULO I

Estruturas de gobernanza

Artigo 58. Gobernanza dos fondos de recuperación

As normas deste título son aplicables ao exercicio das competencias da Comunidade Autónoma en relación coa planificación, programación, xestión e control dos recursos económicos (en adiante «os fondos») financiados polo Instrumento Europeo de Recuperación, aprobado polo Consello Europeo o 21 de xullo de 2020, e dos derivados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ou polos mecanismos que os substitúan, que teñan por finalidade o financiamento de iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

Todo o anterior, sen prexuízo do establecido no artigo 2 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Artigo 59. Proxectos tractores para a economía galega

1. Teñen a consideración de proxectos tractores para a economía galega aqueles proxectos industriais estratéxicos, tal e como se definen na lexislación industrial galega, que supoñan unha especial capacidade de incidir en diversos sectores económicos para xerar crecemento, emprego e competitividade, actuando como vertebradores doutras iniciativas empresariais que incidan de forma significativa na economía galega, e que reúnan os requisitos técnicos para ser susceptibles de ser financiados polos fondos do Instrumento Europeo de Recuperación ou por aqueles derivados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2. A consideración como proxecto tractor será declarada polo Consello da Xunta de Galicia simultaneamente á súa declaración de proxecto industrial estratéxico, contando co informe previo favorable da Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento *Next Generation EU*. A declaración como proxecto tractor suporá a posibilidade de acollese aos beneficios establecidos na lexislación estatal, se for o caso, nos termos establecidos nela, e adicionalmente a un sistema de apoios públicos e de acompañamento empresarial nos termos establecidos nesta lei.



3. O proxecto tractor poderá consistir nun proxecto único ou nun grupo de proxectos que compartan o mesmo obxectivo.

Artigo 60. *Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento Next Generation EU*

1. A Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento *Next Generation EU* configúrase como o órgano de planificación, dirección e coordinación das iniciativas empresariais que sexan susceptibles de ser financiadas polos instrumentos financeiros previstos no presente capítulo.

2. A Comisión estará composta polas Vicepresidencias Primeira e Segunda, pola Consellería de Facenda e Administración Pública e por aquelas outras consellarías ou centros directivos que se determinen mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia.

3. A presidencia da Comisión corresponderá á persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia, que poderá delegar na persoa titular da vicepresidencia. A vicepresidencia da Comisión corresponderá á persoa titular da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. As funcións de secretaria da Comisión corresponderán á persoa titular da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

4. Corresponden á Comisión as seguintes funcións:

a) Propor a aprobación dos plans que sexan susceptibles de ser financiados polos fondos do Instrumento Europeo de Recuperación ou por aqueles derivados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

b) Emitir informe sobre a declaración de proxectos tractores para a economía galega que sexan susceptibles de ser propostos pola Comunidade Autónoma para o financiamento europeo ou estatal.

c) Analizar os diferentes proxectos susceptibles de ser financiados con cargo aos fondos do instrumento *Next Generation EU*.

d) Aprobar as directrices básicas de execución das políticas públicas autonómicas financiadas con proxectos financiados polos instrumentos previstos neste capítulo.

e) Levar o seguimento da execución dos plans e proxectos aprobados no marco das competencias autonómicas.

f) Aprobar os documentos de harmonización en materia de bases de subvencións, pregos de cláusulas ou manuais tipo de procedementos de contratación, subvencións ou gasto público.

g) Calquera outra función que lle atribúa o Consello da Xunta de Galicia no marco das competencias da Comisión.



Artigo 61. *Comité Técnico de Fondos de Recuperación*

1. Como órgano de apoio técnico á Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento *Next Generation EU*, créase un Comité Técnico de Fondos de Recuperación que terá a seguinte composición:

- a) A persoa titular da dirección xeral en materia de orzamentos, que presidirá o Comité.
- b) A persoa titular da dirección xeral competente en materia de fondos europeos.
- c) As persoas que desempeñen as secretarías xerais técnicas de todas as consellarías.
- d) As persoas que determine a Comisión de entre as que teñan a condición de alto cargo.
- e) Unha persoa en representación da unidade de proxectos tractores do Igape.

As funcións de secretaría serán desempeñadas por persoal funcionario público con nivel de subdirección xeral, ou equivalente, designado pola presidencia do Comité.

Na designación das persoas que forman parte do Comité Técnico de Fondos de Recuperación atenderase, sempre que sexa posible, ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes.

2. Na súa función de apoio técnico á Comisión, o Comité poderá realizar propostas, informes e análises, así como elevar propostas de instrucións e recomendacións en todas as materias que teñan conexión coas funcións da Comisión relacionadas anteriormente ou que lle sexan encomendadas por ela.

Artigo 62. *Grupos técnicos sectoriais*

1. Por proposta do Comité Técnico e logo da aprobación da Comisión, poderanse crear grupos de traballos técnicos sectoriais que elaboren recomendacións en materia de simplificación de procedementos, harmonización de sistemas de contratación ou de procesos de convocatorias ou calquera outro preciso para a execución dos plans e proxectos definidos no presente capítulo.

2. Os grupos de traballo técnicos sectoriais estarán presididos pola persoa titular da dirección xeral que determine a Comisión e conformados por persoal funcionario público con nivel de subdirección xeral, ou equivalente, das diferentes consellarías implicadas. Os resultados dos traballos realizados polos grupos de traballo serán aprobados en forma de recomendacións, propostas de actuación, propostas de pregos, manuais tipo ou propostas de bases pola Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento *Next Generation EU*.

3. Por proposta da presidencia dos grupos técnicos sectoriais poderá acordarse a asignación de funcións a tempo parcial ao persoal funcionario das diferentes consellarías sen que supoña cambio de adscrición do posto de traballo nin da consellaría en que preste servizos. A asignación de funcións estará limitada ao ámbito de xestión establecido neste capítulo e poderá supor a percepción dun complemento retributivo por consecución de obxectivos ou, de ser o caso, de retribucións extraordinarias por traballos realizados fóra da xornada habitual.



4. Na designación do persoal funcionario público que forme parte dos grupos técnicos sectoriais atenderase, sempre que sexa posible, ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes.

Artigo 63. *Mecanismos de participación da sociedade e de colaboración coa Fegamp*

1. Para a aprobación de plans e proxectos e de directrices poderase contar coas achegas dun comité integrado por persoas expertas en economía no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia co alcance e composición que determine a Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento *Next Generation EU*. Corresponde a este comité o asesoramento externo e servir de canle de participación dos sectores produtivos, das universidades e de asociacións.

2. Co fin de favorecer o máximo diálogo social, constituirase un foro de participación específico conformado por persoas representantes das organizacións empresariais e dos sindicatos máis representativos, sen prexuízo de utilizar os mecanismos de participación xa existentes.

3. Como mecanismo de participación específico das entidades locais de Galicia constituirase unha comisión paritaria Xunta de Galicia-Federación Galega de Municipios e Provincias, á que corresponderá realizar as propostas de simplificación de trámites para a implantación de iniciativas empresariais tales como ordenanzas tipo, pregos de bases de contratación ou de bases de axudas e subvencións, entre outras.

4. A dita comisión estará conformada por cinco persoas representantes da Federación e cinco da Xunta de Galicia. A súa presidencia corresponderalle á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de administración local.

5. Na designación das persoas expertas e na composición dos grupos de traballo atenderase, sempre que sexa posible, ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes.

CAPÍTULO II

Especialidades en materia de xestión e execución dos fondos

Artigo 64. *Mecanismos de seguimento e control*

1. Corresponderá ás direccións xerais con competencias en materia de planificación e orzamentos e de fondos europeos a planificación, programación e xestión da execución dos fondos no marco das competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma, e asumirán a condición de autoridades responsables diante da Administración xeral do Estado e das institucións europeas.

2. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma configúrase como o órgano de control dos fondos, sen prexuízo das funcións de auditoría nos controis que establezan a Administración xeral do Estado e as institucións europeas.

Artigo 64 bis. *Aprobación das normas adoptadas no marco da execución destes fondos*

O procedemento de elaboración de normas regulado no capítulo II do título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público



autonómico de Galicia, que se adopten no marco da execución destes fondos terá o carácter de urgente.

Reduciranse á metade os prazos cando se soliciten informes preceptivos, sen que sexa preciso neles motivar a urxencia. Transcorrido o prazo sen terse recibido estes, o centro directivo competente poderá continuar coa tramitación, deixando debida constancia na memoria. En todo caso, e antes da súa aprobación formal, incorporaranse ao expediente cantos informes, consultas ou ditames foren preceptivos. A memoria exixida polo artigo 41, apartado 3, letra a), da Lei 16/2010, do 17 de decembro, conterá un apartado específico no que se xustifique a súa vinculación con estes fondos.

Artigo 64 ter. Tramitación de urxencia dos procedementos administrativos de execución de gastos con cargo a estes fondos

1. Declárase a aplicación da tramitación de urxencia e do despacho prioritario, nos termos previstos nos artigos 33 e 71, respectivamente, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dos procedementos administrativos que impliquen a execución de gastos con cargo a estes fondos. O órgano administrativo motivará esta circunstancia de urxencia no correspondente acordo de inicio, sen prexuízo do establecido no artigo 50 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro.

2. En ningún caso será obxecto de redución a duración dos prazos referidos á presentación de solicitudes e de recursos.

Artigo 64 quater. Tramitación anticipada dos procedementos administrativos de execución de gastos con cargo a estes fondos

1. No caso de que se inicie no exercicio corrente a tramitación de expedientes de gasto pero a súa execución orzamentaria non vaia ter lugar ata o exercicio seguinte ou outros exercicios posteriores, será posible a súa tramitación anticipada ao longo do dito exercicio, e poderá chegar ata a fase de formalización do compromiso de gasto no exercicio corrente.

2. No caso de que os citados expedientes se tramiten antes da aprobación do proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma, o documento contable de tramitación anticipada substituirase por un informe que deberá emitir o órgano xestor no que se faga constar que normalmente vai existir crédito adecuado e suficiente para o gasto que se pretende efectuar.

Artigo 64 quinquies. Utilización de medios propios

Para a aplicación destes fondos, os poderes adjudicadores autonómicos e as entidades contratantes poderán organizarse para executar de maneira directa prestacións propias dos contratos de obras, subministracións, servizos, concesión de obra e concesión de servizos, a cambio dunha compensación tarifaria, valéndose dun medio propio, de acordo coa lexislación aplicable. Nestes casos é exixible a autorización do Consello da Xunta previa á subscripción dun encargo cando ou seu importe supere os 4.000.000 de euros.



Artigo 64 sexies. Convenios subscritos para a execución de proxectos con cargo aos fondos

1. A tramitación dos convenios que subscriba a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e os seus organismos públicos e entidades de dereito público, vinculados ou dependentes, para a execución dos proxectos con cargo aos fondos, rexerase polo previsto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, coa seguinte especialidade:

Excepcionalmente, o prazo de vixencia destes convenios poderá ter unha duración superior á legalmente establecida, podendo chegar como máximo aos seis anos, coa posibilidade dunha prórroga de ata seis anos de duración. Esta excepción deberá ser xustificada motivadamente polo órgano competente, con especial mención a que a dita extensión ou prórroga non limitará a competencia efectiva nos mercados.

2. Así mesmo, aos convenios mencionados no apartado anterior non lles será exigible a autorización do Consello da Xunta, excepto cando impliquen a asunción de obrigas de contido económico por un importe superior a 300.000 euros.

Artigo 64 septies. Requisitos para a tramitación de subvencións financiáveis con cargo aos fondos

1. Na concesión de subvencións e axudas ás que resulte de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, será exigible a autorización do Consello da Xunta prevista no artigo 7.2 da devandita lei cando ou seu importe supere os tres millóns de euros.

2. Na concesión de préstamos concedidos con cargo a estes fondos o informe previsto na normativa orzamentaria para estes supostos integrárase no informe de fiscalización das bases ou instrumentos reguladores da súa concesión.

3. A concesión directa de subvencións cando, con carácter excepcional, se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas, que dificulten a súa convocatoria pública, prevista no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estará suxeita ás previsións do artigo 26.3 da mesma lei para estes fondos cando o importe supere os 300.000 euros.

Nas propostas de acordo ou resolución de concesión especificaranse as circunstancias que xustifican a devandita modalidade de subvención.

4. As resolucións de concesión directa de subvencións correntes e de capital que se definan en termos de persoa beneficiaria e ano, así como das que vaian ser formalizadas nun convenio ou instrumento bilateral, que se financien con cargo a estes fondos e para as que, con carácter excepcional, se acrediten as razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública, segundo o previsto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, requirirán a autorización previa do Consello da Xunta cando o importe que se vai conceder supere os 300.000 euros.



Artigo 64 octies. Bases reguladoras e convocatoria das subvencións financiáveis con estes fondos

1. Para a tramitación da aprobación das bases reguladoras e a convocatoria destas subvencións, previstas no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 18.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, serán exixibles o informe dos servizos xurídicos correspondentes, o de Planificación e Fondos e o informe da Intervención Xeral, que, en todo caso, será emitido no prazo improrrogable de dez días naturais.

2. Os beneficiarios dos préstamos ou anticipos deberán acreditar que se encontran ao corrente do pagamento das obrigas de reembolso de calquera outro préstamo ou anticipo concedidos anteriormente con cargo aos créditos especificamente consignados para a xestión destes fondos nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O cumprimento de tales condicións poderá acreditarse mediante unha declaración responsable do beneficiario ou certificación do órgano competente se este for unha administración pública. Todo iso sen prexuízo da verificación do cumprimento con anterioridade ao pagamento xunto co resto de obrigas previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 64 nonies. Subvencións de concorrencia non competitiva

No caso de subvencións relacionadas financiáveis con estes fondos reguladas pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cuxo obxecto sexa financiar actuacións ou situacións concretas que non requiran de valoración comparativa con outras propostas, poderanse ditar as resolucións de concesión pola orde de presentación das solicitudes unha vez realizadas as comprobacións de concorrencia da situación ou actuación subvencionable e o cumprimento do resto de requisitos exixidos, ata o esgotamento do crédito orzamentario asignado na convocatoria.

Artigo 64 decies. Xustificación da aplicación das subvencións

a) Elévase o limiar económico previsto no artigo 51.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para a presentación dunha conta xustificativa simplificada por parte do beneficiario da subvención, ampliándose o devandito importe ata os 100.000 euros.

b) Elévase ata os 10.000 euros o límite para acreditar o cumprimento das obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social recollido no artigo 11, letra i), do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Para os supostos en que as solicitudes deban vir acompañadas de memorias económicas, flexibilizaranse os compromisos plasmados nelas, no sentido de que se permitan compensacións entre os conceptos orzados, sempre que se dirixan a alcanzar o fin da subvención



Artigo 64 undecies. Agrupacións de persoas físicas ou xurídicas beneficiarias de subvencións

1. As bases reguladoras para a concesión de subvencións de actividades vinculadas con estes fondos poderán establecer que poidan ser beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, nos termos previstos no apartado 3 do artigo 8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O seu funcionamento rexeráse polas previsións establecidas no artigo 67 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro.

Artigo 64 duodecies. Especialidades en materia de xestión de persoal

1. Naquelas consellarías ou entidades dependentes delas onde se xestionen proxectos financiados con fondos dos instrumentos europeos de recuperación ou con outros fondos europeos corresponderá ás persoas titulares das secretarías xerais técnicas realizar unha análise da carga de traballo existente nas diferentes unidades co fin de poder reasignar efectivos, de acordo co establecido nesta lei, naquelas que, de xeito prioritario, teñan por finalidade xestionar os citados fondos. Para os efectos desta lei, entenderase como reasignación de efectivos a encomenda temporal de tarefas ou funcións propias da súa clasificación profesional diferentes das do posto de traballo, o que en ningún caso suporá cambio de localidade. A persoa titular da secretaría xeral técnica da correspondente consellaría terá como prioridade na xestión do persoal asignado o aproveitamento do talento das persoas ao servizo do departamento.

2. A cobertura das necesidades de persoal para a xestión dos fondos realizarase prioritariamente con efectivos da propia consellaría ou dos entes dependentes dela mediante unha reasignación temporal de funcións ou tarefas, sen prexuízo da posible utilización dos mecanismos previstos con carácter xeral na lexislación de emprego público. A persoa titular da secretaría xeral técnica da correspondente consellaría impulsará coa máxima celeridade as accións indicadas que sexan necesarias para axilizar a absorción e execución dos fondos europeos.

3. Cando as necesidades de persoal non puideren ser atendidas con efectivos da consellaría ou dos seus entes poderá recorrerse ao mecanismo de nomeamento de persoal temporal, a través dun programa especial, polo tempo imprescindible para a execución dos proxectos, nos termos e cos requisitos establecidos na lexislación vixente na comunidade autónoma. Adicionalmente, a Dirección Xeral da Función Pública poderá reasignar efectivos procedentes doutras consellarías ou doutras entidades instrumentais.

4. O persoal adscrito aos grupos de traballo ou ás unidades de apoio temporal que xestionen os ditos fondos poderá, nos termos establecidos na lexislación orzamentaria e reguladora do emprego público, percibir complementos de produtividade ou gratificacións extraordinarias dentro dos límites derivados das consignacións orzamentarias.

5. Mediante instrución conxunta das direccións xerais de Planificación e Orzamentos e da Función Pública, adoptaranse medidas para fomentar a capacitación do persoal e o recoñecemento do seu traballo, tanto do esforzo colectivo como do esforzo individual, e poderán percibir comple-



mentos de produtividade ou gratificacións extraordinarias dentro dos límites derivados das consignacións orzamentarias.

Artigo 64 *terdecies*. Creación de unidades administrativas de carácter provisional

1. Por razóns de eficacia e eficiencia, poderán constituírse unidades administrativas de carácter provisional mediante a modificación da correspondente relación de postos de traballo, para a xestión e execución dos proxectos financiados con fondos dos instrumentos europeos de recuperación ou outros fondos europeos.

2. Os postos de traballo provenientes da relación de postos de traballo do departamento ou organismo cos que se dote esta unidade serán reasignados á súa unidade de orixe unha vez que se cumpra este prazo. A constitución destas unidades requirirá informe favorable da dirección xeral competente en materia de función pública.

3. A provisión de postos de traballo destas unidades temporais realizarase consonte a normativa de emprego público de Galicia. Como regra xeral, contarase primordialmente con aqueles empregados públicos que teñan experiencia directa ou indirecta na xestión de proxectos relacionados con fondos europeos. A provisión de postos destas unidades por persoal estatutario temporal, persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal efectuarase con carácter subsidiario.

Artigo 64 *quaterdecies*. Asignación de funcións a tempo parcial

1. Exclusivamente no ámbito de xestión de proxectos financiados con fondos dos instrumentos europeos de recuperación ou outros fondos europeos, a persoa titular da secretaría xeral técnica da consellaría encargada da xestión destes poderará acordar a asignación de funcións a tempo parcial, ata un máximo do 80 % da súa xornada, ao persoal funcionario ao servizo do departamento, sen cambio de adscrición nin do posto de traballo nin da persoa.

Mediante resolución conxunta das direccións xerais da Función Pública e de Avaliación e Reforma Administrativa poderán asignarse a persoal de distintas consellarías ou entidades funcións a tempo parcial para colaborar na xestión dos ditos fondos, coa previa proposta motivada da consellaría de destino, que deberá indicar que non dispón de efectivos suficientes e co informe favorable da consellaría de orixe do empregado público.

2. Coa finalidade de garantir a adecuada prestación dos servizos públicos no suposto de asignación de funcións a tempo parcial, poderase nomear persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal para o apoio nas funcións propias do empregado público que voluntariamente coopere durante a súa xornada laboral na confección ou xestión dos proxectos que se sinalan no punto 1.

Disposición adicional primeira. *Procedementos de avaliación e acreditación das competencias profesionais*

1. As consellarías competentes en materia de avaliación e acreditación das competencias profesionais terán en conta, no deseño destes procedementos, aqueles sectores de actividade determinados pola consellaría competente en materia de economía e empresa.



2. As probas poderán realizarse nos centros públicos que impartan ensinanzas de formación profesional. Para o financiamento dos custos da súa realización, poderá establecerse a colaboración entre as consellarías e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia con competencias en materia de educación, de emprego e de economía e empresa, mediante a subscrición do oportuno acordo.

Disposición adicional segunda. *Fomento das iniciativas empresariais no exterior*

1. Coa finalidade de facilitar a xestión da posta en marcha das iniciativas empresariais, a Administración autonómica poderá, no marco das súas competencias, pór á disposición das empresas e dos colectivos profesionais de Galicia os servizos de identificación e actualización de oportunidades de negocio, apoio en implantacións en destino, apoio á internacionalización, e acompañamento inicial, naqueles Estados en que exista unha maior necesidade e demanda.

2. Así mesmo, coa finalidade de facilitar o acceso das persoas doutros Estados aos bens e servizos ofertados polo mercado autonómico, poderán establecerse servizos de mediación e tradución en apoio aos operadores das actividades empresariais e profesionais desenvoltas en Galicia.

3. Os operadores galegos de servizos transfronteirizos que teñan coñecemento de actuacións contrarias á liberdade de prestación de servizos en todo o mercado interior poderano pór directamente en coñecemento da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, que, cando proceda, no exercicio das súas competencias, impulsará os procedementos e as actuacións que procederen, segundo o ordenamento da Unión Europea, en defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos como operadores e cidadáns europeos.

Disposición adicional terceira. *Criteriaos técnicos para a redacción de estudos ambientais*

Por orde da persoa titular da consellaría con competencias en materia de medio ambiente poderán aprobarse os criterios técnicos e, se for o caso, interpretativos de carácter xeral para a redacción dos estudos ambientais estratéxicos dos plans ou programas e dos estudos de impacto ambiental dos proxectos, e tamén para a predición e a valoración dos seus impactos, a determinación das características técnicas e as especificacións da documentación que deban presentar os suxeitos promotores.

Disposición adicional cuarta. *Definición de zona industrial e de polígono industrial para os efectos da avaliación de impacto ambiental de proxectos*

1. Para os efectos dos anexos I e II da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no ámbito da avaliación de impacto ambiental de proxectos de competencia autonómica, entenderase por zona industrial a superficie de solo empresarial destinado maioritariamente ao uso industrial; e por polígono industrial, a área empresarial que inclúa o uso industrial entre os usos permitidos.

2. As expresións «solo empresarial» e «área empresarial» empregadas nesta disposición entenderanse consonte as definicións recollidas no artigo 3 *bis* da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.



Disposición adicional quinta. *Propostas de modificación de normativa básica estatal aplicable*

Cando unha norma básica estatal estableza trámites adicionais aos previstos na normativa europea que poidan supor un obstáculo para a implantación dos proxectos e das iniciativas, a Comunidade Autónoma de Galicia formulará a oportuna proposta de modificación pola vía adecuada, incluso mediante a presentación dunha proposición de lei do Parlamento de Galicia perante o Congreso dos Deputados.

Disposición adicional sexta. *Aprobación dos catálogos de iniciativas empresariais*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei a consellaría con competencias en materia de economía e empresa elaborará e someterá á aprobación do Consello da Xunta de Galicia os primeiros dez catálogos de iniciativas empresariais, priorizados en función dos sectores en que se aprecie unha maior demanda e necesidade de simplificación.

Disposición transitoria primeira. *Consultas ás persoas expertas nos procedementos de avaliación ambiental*

Mentres non se cree o banco de persoas expertas previsto no número 2 do artigo 30, o órgano ambiental poderá solicitar, en calquera dos procedementos de avaliación ambiental, os informes científicos ou técnicos a organismos científicos, académicos ou doutro tipo que posúan os coñecementos necesarios, consonte o establecido no número 1 do devandito artigo.

Disposición transitoria segunda. *Verificación dos estudos ambientais estratéxicos e dos estudos de impacto ambiental por entidades de colaboración ambiental*

Mentres non se desenvolva o réxime xurídico das entidades de colaboración ambiental no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, as verificacións dos estudos ambientais estratéxicos e dos estudos de impacto ambiental a que aluden os artigos 35.1.b) e 38.1.i) poderán ser levadas a cabo por calquera entidade acreditada conforme a norma UNE-EN ISO/IEC 17020 como entidades de inspección que avalían o cumprimento dos aspectos ambientais incluídos nas autorizacións ambientais pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) como organismo nacional de acreditación ou ben acreditada como verificadora ambiental de acordo co establecido no Decreto 185/1999, do 17 de xuño, polo que se establece o procedemento para a aplicación, na Comunidade Autónoma de Galicia, dun sistema voluntario de xestión e auditoría ambiental, ou norma que o substitúa.

Coa verificación xuntarase unha declaración da entidade de que non incorre en ningunha das prohibicións e incompatibilidades establecidas para as entidades de certificación de conformidade municipal no artigo 64 do Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, aprobado polo Decreto 144/2016, do 22 de setembro.

Disposición transitoria terceira. *Continuación de determinados procedementos en materia de instalacións enerxéticas*

Os procedementos iniciados ao abeiro da Lei 5/2017, do 19 de decembro, de fomento de iniciativas empresariais de Galicia, e da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o apro-



veitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, relativos ás solicitudes de modificación substanciais ou de novos proxectos de instalacións enerxéticas regulados no artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, que se encontren en fase de admisión ou admitidos a trámite continuarán a súa tramitación de acordo co recollido no procedemento de autorización administrativa integrada recollido no capítulo III do título III.

Para estes casos concédese un prazo dun mes, contado desde a entrada en vigor desta lei, para que os suxeitos promotores poidan desistir da súa solicitude e, de ser o caso, recuperar as garantías presentadas.

Disposición transitoria cuarta. *Procedementos iniciados no momento da entrada en vigor desta lei*

1. Os procedementos administrativos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei continuarán a súa tramitación de acordo coas normas procedementais recollidas nela, agás no que respecta aos prazos que comezasen a computarse antes da súa entrada en vigor, que continuarán a calcularse conforme o establecido na normativa anterior.

2. Nos procedementos de avaliación ambiental estratéxica ordinaria de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en tramitación na data de entrada en vigor desta lei aplicarase o prazo establecido no artigo 35.1.b para a remisión ao órgano ambiental do expediente completo de avaliación ambiental estratéxica, desde a notificación ao promotor do documento de alcance.

3. O establecido no artigo 35 sobre o prazo de vixencia das declaracións ambientais estratéxicas e dos informes ambientais estratéxicos, e as solicitudes das correspondentes prórrogas, será aplicable a todas as declaracións e informes publicados no *Diario Oficial de Galicia* nos catro anos anteriores á entrada en vigor desta lei, no caso das declaracións ambientais estratéxicas, e nos seis anos anteriores á devandita entrada en vigor, no caso dos informes ambientais estratéxicos.

4. Os informes sectoriais e os trámites realizados antes da entrada en vigor desta lei incorporaranse aos sucesivos trámites de competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia que se refiran a unha mesma iniciativa empresarial, así como, de ser o caso, para os efectos de obter o título habilitante de competencia municipal, sempre que se manteñan as circunstancias que motivaron os ditos pronunciamentos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Quedan derogados expresamente os artigos 37 e 38 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento de implantación de iniciativas empresariais de Galicia.

2. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.



Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo*

O texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como segue:

Un. Engádesse un apartado nove ao artigo 16, coa seguinte redacción:

«Nove. *Beneficios fiscais nas transmisións patrimoniais onerosas que afecten a adquisición de inmo-*
bles

1. Establécese unha dedución na cota do 100 % na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, respecto das adquisicións onerosas de inmoables que se encontren nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais a que se refire o apartado sete deste artigo, e que se afecten como inmovilizado material a unha actividade económica, cando concorran as seguintes circunstancias:

a) O inmovible deberá ser afectado ao desenvolvemento dunha actividade económica no prazo dun ano desde a súa adquisición. Para determinar se existe actividade económica e se o inmovible está afecto á devandita actividade económica será de aplicación o disposto no imposto sobre a renda das persoas físicas, sen que sexa de aplicación en ningún caso á actividade de arrendamento de inmoables nin cando a actividade principal a que se afecte o inmovible sexa a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario, de acordo co disposto no artigo 4.Oito.Dous.a) da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

b) A empresa deberá ter a consideración de empresa de reducida dimensión, de acordo co disposto no artigo 101 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

c) Durante os vinte e catro meses seguintes á data da adquisición deberase realizar unha ampliación do persoal medio da empresa de, polo menos, unha persoa con respecto ao persoal medio dos doce meses anteriores, e o devandito incremento manterase durante un período adicional doutros vinte e catro meses. O incremento de persoal requirido nesta letra deberá ter como centro de traballo o inmovible adquirido obxecto desta dedución.

d) A adquisición deberá formalizarse nun documento público, no cal se fará constar expresamente a finalidade de afectar o inmovible á actividade económica. Non se poderá aplicar esta dedución se esta declaración non consta no documento público, nin tampouco no caso de que se fagan rectificacións do documento co fin de emendar a súa omisión, salvo que se fagan dentro do período voluntario de autoliquidación do imposto.

2. A dedución na cota será do 50 % respecto das adquisicións onerosas de inmoables que se encontren nas parroquias que non teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais a que se refire o apartado sete deste artigo, e que se afecten como inmovilizado material a unha actividade económica, cando concorran as circunstancias indicadas no número anterior.



3. O incumprimento dos requisitos e das condicións establecidas implica a perda do beneficio fiscal, e o contribuínte deberá ingresar a cantidade derivada do beneficio fiscal xunto cos xuros de mora. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá practicar a correspondente autoliquidación e presentala no prazo dun mes, contado desde o momento en que se incumpran os requisitos.»

Dous. Engádese un apartado dez ao artigo 17, coa seguinte redacción:

«Dez. *Beneficios fiscais nos documentos notariais en que se formalice a adquisición onerosa, agrupación, división, segregación, declaración de obra nova e división horizontal de inmobles*

1. Establécese unha dedución na cota do 100 % correspondente ao gravame gradual sobre actos xurídicos documentados, documentos notariais, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aos documentos notariais en que se formalice a adquisición onerosa, agrupación, división, segregación, declaración de obra nova e división horizontal de inmobles que se encontren nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais a que se refire o apartado oito deste artigo, e que se afecten como inmovilizado material a unha actividade económica, cando concorran as circunstancias previstas no apartado nove.1 do artigo 16 desta norma.

2. A dedución na cota será do 50 % cando os documentos notariais formalizados a que se refire o número anterior afecten inmobles que se encontren nas parroquias que non teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais a que se refire o apartado oito deste artigo, e que se afecten como inmovilizado material a unha actividade económica cando concorran as circunstancias previstas no apartado nove.1 do artigo 16 desta norma.

3. Para os efectos da aplicación das deducións previstas neste apartado, os prazos para o cumprimento dos requisitos do número nove.1 do artigo 16 comezarán a contar desde a devindicación do tributo. No caso de que esta dedución puiden afectar varios feitos impositivos e entre o primeiro e o último ano que lle sexa aplicable esta dedución medie un período inferior a dous anos, os prazos comezarán a contarse a partir do último feito impositivo realizado dentro do devandito período de dous anos.

4. O incumprimento dos requisitos e das condicións establecidas comporta a perda do beneficio fiscal, e o contribuínte deberá ingresar a cantidade derivada do beneficio fiscal xunto cos xuros de mora. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá practicar a correspondente autoliquidación e presentala no prazo dun mes, contado desde o momento en que se incumpran os requisitos.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro*

O texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 78, que queda redactado como segue:



«Serán considerados proxectos industriais estratéxicos, coa excepción dos proxectos regulados na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, aquelas iniciativas empresariais que cumpran, cando menos, dous dos seguintes requisitos:

a) Que supoñan un volume de investimento mínimo de vinte millóns de euros.

b) Que supoñan unha creación de emprego mínimo de cen postos de traballo directos, baixo a modalidade de contrato indefinido e computados a xornada completa.

c) Que complementen cadeas de valor ou que pertencen a sectores considerados estratéxicos e estean aliñados cos obxectivos da Unión Europea ou que se integren no financiamento “instrumento temporal de recuperación europea *Next Generation EU*”.»

Dous. Modifícase o artigo 80, que queda redactado como segue:

«1. A declaración de proxecto industrial estratéxico terá os seguintes efectos:

a) Implicará o carácter prioritario da tramitación por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia dos procedementos administrativos necesarios para a implantación do proxecto.

b) Poderá xustificar a concorrencia de razóns de interese público para os efectos da tramitación de urxencia dos respectivos procedementos, que suporá a redución á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario, agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos, e aqueles taxados por normativa estatal básica que non poidan ser obxecto de redución.

c) A non suxeición aos títulos habilitantes urbanísticos de competencia municipal.

d) A declaración de utilidade pública e de interese social do proxecto industrial estratéxico para os efectos expropiatorios, así como a necesidade e a urxencia da ocupación dos bens e dos dereitos afectados e o recoñecemento do suxeito promotor do proxecto da condición de beneficiario da expropiación.

e) A declaración de incidencia supramunicipal e a declaración de urxencia ou de excepcional interese público para os efectos previstos neste texto refundido.

f) A declaración de prevalencia sobre outras utilidades públicas.

g) A adxudicación directa de solo empresarial promovido polo Instituto Galego da Vivenda e Solo ou por empresas públicas participadas por este que teñan entre os seus obxectos a creación de solo empresarial, nas condicións establecidas pola normativa sectorial.

h) A posible concesión de subvencións sen concorrencia competitiva, de acordo co disposto na lexislación de subvencións.



i) A imposición ou a ampliación de servidume de paso para as vías de acceso, as liñas de transporte e distribución de enerxía e as canalizacións de líquidos ou gases, de ser o caso, de conformidade coa normativa que as regule.

2. As determinacións contidas nos proxectos industriais estratéxicos terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente, que deberá adaptarse a elas no prazo dun ano desde a data da súa aprobación e, en todo caso, na primeira modificación ou revisión del.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia*

A Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádese un artigo 3 *bis* coa seguinte redacción:

«Artigo 3 *bis*. *Definicións*

1. Enténdese por solo empresarial o solo destinado maioritariamente por un instrumento de ordenación territorial ou urbanística aos usos produtivos do sector secundario ou terciario.

2. Enténdese por área empresarial unha superficie delimitada de solo constituído por un conxunto de parcelas, urbanizadas conforme a lexislación urbanística ou de ordenación do territorio, susceptibles de comercialización independente e cun destino principal que é a implantación de instalacións nas cales desenvolver usos e actividades económicas predominantes correspondentes aos sectores secundario ou terciario.»

Dous. Modifícase o artigo 42, que quedan redactado como segue:

«1. Poderán ser declaradas polo Consello da Xunta de Galicia como iniciativas empresariais prioritarias aquelas que cumpran, cando menos, dous dos seguintes requisitos:

a) Que supoñan un volume de investimento mínimo en activos fixos, excluídos os inmobiliarios, dun millón de euros, incluíndo aqueles proxectos de xeración eléctrica a partir de fontes renovables nos que o destino final da enerxía eléctrica producida sexa o abastecemento da industria galega.

b) Que supoñan unha creación de emprego mínimo de vinte e cinco postos de traballo directos, baixo a modalidade de contrato indefinido e computados a xornada completa, non sendo de aplicación para os proxectos regulados na Lei 8/2009, do 22 de decembro.

c) Instrumentos de mobilización, recuperación, posta en produción e aproveitamento sustentable de terras agrarias e forestais, así como plans ou actuacións integrais de desenvolvemento rural.

d) Que complementen cadeas de valor ou que pertencan a sectores considerados estratéxicos ou que se integren no financiamento instrumento temporal de recuperación europea *Next Generation EU*.



2. Para o caso dos proxectos regulados na Lei 8/2009, do 22 de decembro, que non estean asociados ao autoconsumo industrial, poderán ser consideradas como iniciativas empresariais prioritarias aqueles proxectos que xustifiquen un compromiso industrial asociado á implantación do proxecto eólico que supoña a creación ou consolidación dun volume mínimo de vinte e cinco postos de traballo directos en Galicia, baixo a modalidade de contrato indefinido e computados a xornada completa, así como aqueles proxectos que xustificasen a totalidade dos compromisos industriais derivados da Orde de 29 de marzo de 2010 ou aqueles proxectos que supoñan un volume de investimento, tendo en conta o valor medio anual en función da tecnoloxía de mercado, superior a vinte millóns de euros, sempre que conten cun permiso de acceso e conexión firme e vixente e que conten con infraestruturas de evacuación autorizadas ou executadas e en funcionamento que permitan a vertedura á rede de transporte ou distribución da enerxía eléctrica xerada.

3. O Consello da Xunta de Galicia poderá, mediante acordo, reducir os limiares sinalados nas letras a) e b) do apartado 1 cando se trate de iniciativas de emprendemento colectivo ou que contribúan á integración sociolaboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión mediante fórmulas empresariais da economía social.»

Tres. Elimínase o apartado 2 da disposición transitoria cuarta, e esta queda redactada como segue:

«Disposición transitoria cuarta. *Prazos para solicitar autorizacións de explotación de parques eólicos*

1. As persoas titulares de autorizacións administrativa previa e de construción, ou, de ser o caso, aprobación de proxecto, de parques eólicos obtidas con anterioridade á entrada en vigor desta lei disporán dun prazo de catro anos, contado desde súa a entrada en vigor, para solicitar a correspondente autorización de explotación. Excedido o prazo indicado sen que se solicitase a autorización de explotación, a dirección xeral con competencias en materia de enerxía poderá iniciar os correspondentes procedementos de revogación das autorizacións administrativa previa e de construción ou, de ser o caso, aprobación do proxecto, con audiencia das persoas titulares.

2. O prazo para obter a autorización de explotación para as persoas promotoras con solicitudes de autorización administrativa previa e/ou de construción en tramitación con anterioridade á entrada en vigor desta lei será, como máximo, de tres anos, contado desde a data de notificación da autorización de construción. Excedido este prazo sen que se solicitase a autorización de explotación, a dirección xeral competente en materia de enerxía poderá iniciar os correspondentes procedementos de revogación das autorizacións administrativa previa e de construción, con audiencia das persoas titulares.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia*

Modifícase o número 3 do artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. Non será preceptivo o informe da consellaría con competencias en materia de patrimonio cultural no caso dos instrumentos de planeamento urbanístico de desenvolvemento parcial de ám-



bitos limitados nos que a entidade local respectiva certifique a constancia da inexistencia de bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia, baseándose nos informes previos, cunha antigüidade inferior a cinco anos, da consellaría con competencias en materia de patrimonio cultural relativos a outros plans, programas ou proxectos que afecten a totalidade do ámbito que se pretende ordenar e que inclúan un estudo completo do patrimonio cultural.

A entidade local respectiva comunicará a certificación emitida á consellaría con competencias en materia de patrimonio cultural.

Así mesmo, tampouco será preceptivo o devandito informe da consellaría con competencias en materia de patrimonio cultural nos plans, programas e proxectos en solo rústico, sempre que non afecten o solo de protección patrimonial, nin afecten ningún ben declarado de interese cultural ou catalogado, o seu contorno de protección ou, de ser o caso, a súa zona de amortecemento.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia*

Modifícase a letra b) do número 3 do artigo 32 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, que queda redactada como segue:

«b) Declaración de impacto, informe de impacto ou de incidencia ambiental, cando proceda segundo a normativa vixente en materia ambiental.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental*

A Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 3, que queda redactado como segue:

«1. Quedan sometidas ao disposto na presente lei aquelas instalacións de produción de electricidade obtida da enerxía eólica cuxa autorización, conforme o previsto no artigo 27.13 do Estatuto de autonomía, sexa competencia da Comunidade Autónoma. Ao resto de instalacións do mesmo tipo situadas no territorio de Galicia seranlles aplicables en todo caso as disposicións do título II, III e V da presente lei.»

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 6, que queda redactado como segue:

«4. Non poderán implantarse parques eólicos fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, coa excepción das modificacións substanciais dos parques en funcionamento nos termos que se desenvolvan regulamentariamente, así como aqueles proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de enerxía.»



En calquera caso, todos os proxectos deberán cumprir as distancias mínimas ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano e urbanizable residencial establecidas no artigo 33, e será necesario que o uso do solo sexa compatible coa implantación destas infraestruturas.»

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 29, que queda redactado como segue:

«2. Só se poderá solicitar o inicio dun procedemento de autorización administrativa previa e de construción dun parque eólico se a persoa solicitante e o parque eólico cumpren cos requisitos establecidos nos artigos 30,31 e 32, así como se contan co permiso de acceso á rede de transporte e distribución. Non serán admitidas aquelas solicitudes que incumpran estes requisitos.»

Catro. Modifícanse as letras e) e f) do número 4 do artigo 29, que quedan redactadas como segue:

«e) De ser o caso, proxecto sectorial, co contido e a documentación exixidos nos artigos 44 e 45 da Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, para os proxectos de interese autonómico.

f) Para aqueles casos en que a persoa promotora solicítase a declaración de utilidade pública, de acordo co artigo 44, relación de bens e dereitos afectados, así como a xustificación da necesidade da expropiación, xunto cunha declaración responsable dos acordos acadados coas persoas titulares dos bens e dereitos afectados.»

Quinto. Modifícase o artigo 33, que queda redactado como segue:

«1. As solicitudes de autorización administrativa previa e de construción de parques eólicos estudaranse e tramitaranse na estrita orde temporal da súa data de presentación.

2. A dirección xeral competente en materia de enerxía verificará o cumprimento dos requisitos de capacidade das persoas solicitantes e das solicitudes indicados no artigo 29.2.

3. No caso de incumprimento dos devanditos requisitos, a dirección xeral competente emitirá unha resolución na que declarará a inadmisión da solicitude.

4. No caso de cumprimento, a dirección xeral competente notificara á persoa solicitante a admisión a trámite para que proceda ao pagamento da taxa de autorización administrativa recollida no código 02 do punto 37 do anexo III da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que a substitúa. A persoa solicitante disporá dun prazo máximo dun mes para a presentación do xustificante de pagamento da devandita taxa.

A presentación do xustificante de pagamento da taxa será requisito necesario para que prosiga a tramitación. Se o suxeito promotor non achegar a xustificación prevista no apartado anterior no prazo establecido, o órgano competente terao por desistido da súa solicitude.

5. A orde de tramitación das solicitudes de autorización administrativa admitidas poderase determinar mediante resolución motivada do centro directivo competente en materia de enerxía,



tendo en conta as posibilidades de evacuación da enerxía eléctrica destes proxectos, así como os proxectos tractores ou que se declaren iniciativa empresarial prioritaria, de acordo coa normativa aplicable.

6. Previamente, a persoa promotora poderá solicitar ao órgano ambiental que elabore un documento de alcance do estudo de impacto ambiental, segundo o procedemento establecido no artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa. No caso de proxectos que deban ser obxecto dunha avaliación ambiental simplificada, a dirección xeral competente en materia de enerxía remitirá ao órgano ambiental o documento ambiental do proxecto, para que realice o procedemento de consulta recollido no artigo 46 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

7. A dirección xeral competente en materia de enerxía enviará copia do proxecto sectorial do parque eólico ao órgano autonómico competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, para o efecto de obter, no prazo máximo de vinte días, informe sobre o cumprimento dos requisitos de distancias ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado, establecidos no Plan sectorial eólico de Galicia.

8. Así mesmo, o dito órgano poderá solicitar informes previos aos órganos sectoriais en función das posibles afeccións que poidan resultar incompatibles co proxecto. O prazo máximo para a emisión destes informes será dun mes. Transcorrido este prazo sen pronunciamento expreso, continuarase co procedemento. Será condición necesaria para continuar co procedemento que estes informes non teñan carácter desfavorable. De ser o caso, arquivarase a solicitude por incompatibilidade, logo de audiencia ao promotor, e procederase á devolución das garantías económicas correspondentes.

9. Obtido o informe de cumprimento de distancias, a dirección xeral competente en materia de enerxía enviará o expediente á unidade tramitadora. Nos supostos de parques eólicos cuxa implantación afecte máis dunha provincia, a unidade tramitadora será a dirección xeral competente en materia de enerxía.

10. A unidade responsable da tramitación someterá a información pública, de forma simultánea, o proxecto de execución, o estudo de impacto ambiental no caso de avaliación ambiental ordinaria e, de ser o caso, o proxecto sectorial, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, así como na páxina web da consellaría competente en materia de enerxía. No caso de que se solicite a declaración de utilidade pública, realizarase de forma simultánea o trámite de información pública mediante a publicación nun dos xornais de maior circulación de cada unha das provincias afectadas.

11. Durante o prazo indicado, calquera persoa, entidade ou organismo interesado poderá presentar cantas alegacións coide oportunas ou solicitar o exame do expediente e da documentación técnica, ou parte dela mesma que se acorde. Das alegacións presentadas darase traslado á persoa solicitante, para que esta formule a contestación ao contido daquelas e o comunique á unidade tramitadora no prazo máximo de quince días.

12. De modo simultáneo ao trámite de información pública, a unidade responsable da tramitación realizará o trámite de audiencia e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas in-



teresadas, solicitando, cando menos, os informes preceptivos indicados para a avaliación ambiental e de aprobación do proxecto sectorial, dando audiencia aos concellos afectados. Así mesmo, enviaranse de forma simultánea as separatas do proxecto presentado ás distintas administracións, organismos ou empresas do servizo público e de servizos de interese xeral afectados, con bens e dereitos ao seu cargo, co obxecto de que establezan o condicionado técnico procedente do proxecto de execución.

13. No caso de avaliación ambiental simplificada, realizaranse os trámites indicados na sección 2ª do capítulo II da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

14. Aplicarase o regulado na sección 1ª do capítulo I da Lei xxx/2021, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, coa única excepción do prazo para a emisión dos condicionados técnicos do proxecto de execución, que se reduce a un mes desde a recepción da solicitude. De non se recibiren estes condicionados en prazo, entenderase a conformidade co proxecto, e continuarase a tramitación do procedemento.

15. A unidade tramitadora enviará á persoa promotora os informes e as alegacións recibidas para a súa conformidade e/ou consideración na redacción do proxecto de execución, do estudo de impacto ambiental e do proxecto sectorial, a fin de que realice as modificacións e adaptacións de cada un destes documentos. A persoa promotora disporá do prazo máximo dun mes para presentar os documentos definitivos adaptados para continuar co procedemento. De non se presentar esta documentación no prazo indicado, entenderase que o promotor desiste da solicitude de autorización administrativa e archivarase a solicitude, sen máis trámites. O arquivo da solicitude será realizado pola unidade tramitadora, que o comunicará ao órgano competente.

16. A unidade tramitadora emitirá ou solicitará, de ser o caso, ao órgano territorial onde se sitúe a instalación o informe relativo á normativa de instalacións industriais e eléctricas. Cando lle corresponda a tramitación do procedemento, o órgano territorial remitirá o expediente completo á dirección xeral competente en materia de enerxía, engadindo ao informe anterior un resumo da tramitación realizada ata ese momento, para que a dirección xeral proceda a ditar a correspondente resolución.

17. A valoración positiva ambiental exigible ao proxecto de acordo co resultado da avaliación realizada de conformidade co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, así como o informe de cumprimento de distancias indicado no punto 7 deste artigo, serán requisitos indispensables para o outorgamento da autorización administrativa previa e de construción.

18. Así mesmo, deberase acreditar a obtención do permiso de acceso e conexión á rede de transporte ou distribución, segundo corresponda, previamente ao outorgamento da autorización administrativa previa e de construción.»

Seis. Dáselles unha nova redacción aos apartados 1 e 3 e engádese o apartado 4 e 5 no artigo 40, que queda redactado como segue:

«Artigo 40. *O proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico)*

1. Todas as referencias ao proxecto sectorial entenderanse referidas á figura de proxecto de interese autonómico da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.



Completados os trámites previstos no artigo 33 da presente lei relativos ao proxecto sectorial, o Consello da Xunta, por proposta da persoa titular da consellaría competente en materia de enerxía, e contando co previo informe preceptivo do organismo con competencias en materia de ordenación do territorio, que deberá ser emitido no prazo máximo de dous meses, aprobará definitivamente, de proceder, o proxecto sectorial, coas modificacións ou correccións que considere convenientes.

2. Quedan exceptuados de avaliación ambiental estratéxica os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal dos parques eólicos, así como os das súas infraestruturas de evacuación, cando o proxecto de execución da infraestrutura concreta estea sendo ou vaia ser sometido á avaliación ambiental, de acordo coa Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

3. Nos casos en que o proxecto sectorial do parque eólico autorizado estea aprobado polo Consello da Xunta de Galicia e a persoa promotora presentase unha modificación non substancial das recollidas no apartado 1 do artigo 37 recoñecida como tal, enviarase ao órgano competente en ordenación do territorio e urbanismo o recoñecemento desta modificación non substancial, así como o informe favorable do órgano ambiental indicado no apartado d) do punto 1 do artigo 37 e a adenda do proxecto sectorial na que se recollan estas modificacións, para os efectos de que se emita o informe preceptivo previo á aprobación da modificación do proxecto sectorial por parte do Consello da Xunta.

4. Exceptúanse da obriga da aprobación dun proxecto sectorial aqueles proxectos eólicos e as súas infraestruturas de evacuación que se implanten naqueles concellos onde a natureza do uso do solo sexa compatible con este tipo de infraestruturas. Para estes casos deberase achegar, xunto coa documentación da solicitude, o certificado do concello que acredite esta circunstancia, en substitución do proxecto sectorial.

5. En todo caso, e para os efectos do regulado no punto 1 do artigo 37 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, no solo rústico estará permitida a apertura de camiños rurais contidos nos proxectos eólicos e das súas infraestruturas de evacuación aprobados pola administración competente.»

Sete. Elimínase o apartado 2 do artigo 34, que queda redactado como segue:

«Artigo 34. *Resolución da autorización administrativa previa e de construción e finalización do procedemento*

1. Logo de realizada a instrución do procedemento administrativo de autorización e acreditado por parte da persoa solicitante o acceso e a obtención do punto de conexión á rede de transporte ou á rede de distribución, segundo corresponda, a dirección xeral competente en materia de enerxía ditará resolución respecto do outorgamento da autorización administrativa previa e da autorización administrativa de construción do parque eólico no prazo máximo de dous meses, contado desde a recepción da documentación completa no órgano competente para resolver o procedemento.

2. A resolución de autorización administrativa previa e de construción expresará que a persoa promotora disporá dun prazo de tres anos, contado a partir do seu outorgamento, para solicitar a



correspondente autorización de explotación, indicando que, no caso de incumprimento, poderá producirse a súa revogación nos termos establecidos no punto 10 do artigo 53 da Lei 24/3013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou norma que a substitúa.

3. A resolución publicarase integramente no *Diario Oficial de Galicia* e notificarase a todas as terceiras persoas que formulasen alegacións e teñan carácter de interesadas no expediente. A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios e habilitará a persoa solicitante para interpor os recursos que procedan.

4. De conformidade co previsto no artigo 84 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa, xunto coa resolución, porán fin ao procedemento a desistencia das persoas interesadas, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, a declaración de caducidade e a imposibilidade material de continualo por causas sobrevidas. A declaración de caducidade do procedemento, cando se produza a súa paralización por causa imputable á persoa interesada, será acordada de conformidade co establecido no artigo 95 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa.»

Oito. Engádese unha disposición adicional cuarta, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional cuarta. *Réxime xurídico*

No procedemento de autorizacións administrativas das instalacións de parques eólicos serán de aplicación os artigos 50, 51 e 52 da Lei xxx/2020, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia*

A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 55, que queda redactado como segue:

«2. O procedemento e a forma de cesión a título gratuito ou oneroso destes locais determinarase regulamentariamente. Entre outros supostos, poderá cederse o uso gratuito a entidades prestadoras de servizos sociais durante dez anos prorrogables, por causas debidamente motivadas no expediente.»

Dous. Engádese un novo número 4 ao artigo 55, coa seguinte redacción:

«4. No suposto de que sexa preciso facer obras de acondicionamento nos locais que se adxudiquen en réxime de alugueiro, o Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá establecer un período de carencia no pagamento das rendas de ata tres anos.»

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 60, que queda redactado como segue:

«2. Para o resto das vivendas protexidas, a duración do réxime legal de protección determinarase en función do ámbito territorial de localización das vivendas e do seu destino.»



Catro. Modifícase o número 3 do artigo 60, que queda redactado como segue:

«3. Conforme o establecido no punto anterior, o réxime de protección das vivendas de protección autonómica situadas no denominado ámbito territorial de prezo máximo superior terá unha duración de vinte e cinco anos; o das vivendas situadas na zona territorial primeira terá unha duración de vinte anos; e o das vivendas situadas na zona territorial segunda, de quince anos, desde a data da cualificación definitiva. Regulamentariamente determinaranse os concellos incluídos en cada zona territorial.

A duración do réxime de protección das promocións que se cualifiquen como vivendas de protección autonómica con destino a alugamento será de quince anos, salvo que se edifiquen sobre un solo desenvolvido por un promotor público.»

Cinco. Modifícase o número 4 do artigo 60, que queda redactado como segue:

«4. A duración do réxime de protección das vivendas protexidas edificadas en solo público por unha persoa promotora titular dun dereito de superficie poderá estenderse ata acadar a duración total do dereito de superficie, aínda que esta sexa superior a trinta anos.»

Seis. Engádesse un novo número 5 ao artigo 60, coa seguinte redacción:

«5. En todo caso, para as vivendas que se acollan ao financiamento ou ás axudas estatais, aplícarase, en canto á duración do réxime de protección, o que dispoña a correspondente normativa reguladora das citadas axudas.»

Sete. Modifícase o número 3 do artigo 61, que queda redactado como segue:

«3. As vivendas protexidas non poderán ser obxecto de descualificación mentres dure o seu réxime legal de protección.»

Oito. Elimínase o número 4 do artigo 61 e reenumérase o número 5, que pasa a ser o número 4.

Nove. Modifícase o número 1 do artigo 63, que queda redactado como segue:

«1. Poderán acceder a unha vivenda protexida, en réxime de dominio ou dereito de uso ou gozo, *inter vivos*, en primeira ou posteriores transmisións, a título oneroso ou gratuito, voluntariamente ou en vía executiva, as persoas que, carecendo dunha vivenda en propiedade, acrediten os ingresos que, en atención aos criterios determinados regulamentariamente, se concreten mediante resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo e cumpran os requisitos que regulamentariamente se establezan para o acceso a este tipo de vivendas.»

Dez. Modifícase o número 1 do artigo 66, que redactado como segue:

«1. Durante o período legal de protección, calquera acto de disposición ou de arrendamento de vivendas protexidas en primeira ou posteriores transmisións estará suxeito a un prezo de venda



ou renda máximo que, en atención aos criterios determinados regulamentariamente, será fixado mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia.»

Once. Engádesse unha disposición adicional vixésima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésima. *Posibilidade excepcional de concesión de exencións, condonacións, rebaixas e moratorias no pagamento dos recibos de alugueiro de vivendas e locais do Instituto Galego da Vivenda e Solo*

O Instituto Galego da Vivenda e Solo, logo de autorización do Consello da Xunta de Galicia, en casos excepcionais de marcado carácter social debidamente motivados, poderá conceder exencións, condonacións, rebaixas e moratorias no pagamento dos recibos de alugueiro das vivendas e locais da súa titularidade.»

Doce. Engádesse unha disposición adicional vixésimo primeira, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo primeira. *Exención na aplicación dos requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria das axudas do bono de alugueiro social e do bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero outorgadas pola Administración autonómica*

Non será exigible o requisito de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social para obter a condición de persoa beneficiaria para obter a condición de persoa beneficiaria das axudas do bono de alugueiro social e do bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero outorgadas pola Administración autonómica, debido á natureza social destas subvencións.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia*

Engádesse un novo número 12 ao artigo 23 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte redacción:

«12. As inscricións e modificacións no Censo de Solo Empresarial de Galicia.»

Disposición derradeira novena. *Modificación da Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia*

Modifícase o número 2 do artigo 10 da Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia, que queda redactado como segue:

«2. Son salóns de xogo os autorizados para explotar neles de forma permanente máquinas dos tipos A, A especial e B. No caso de que se exploten conxuntamente coas máquinas de tipo A calquera dos outros tipos referidos, deberán estar instaladas as de tipo A en salas diferentes ás de tipo A especial e B, sen que poida existir comunicación directa entre as salas, agás no caso de que exista prohibición de entrada a menores no salón de xogo.



No primeiro caso a superficie da sala non poderá ser inferior a cincuenta metros cadrados e no segundo, a cento cincuenta metros cadrados. En ambos os dous supostos a ocupación máxima non será superior a unha máquina por cada tres metros cadrados.»

Disposición derradeira décima. *Modificación do Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 39/2008, do 21 de febreiro*

Modifícase o número 5 do anexo do Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 39/2008, do 21 de febreiro, que queda redactado como segue:

«5. Número de máquinas e distribución

1. O número de máquinas que se poderán instalar e explotar nos salóns recreativos e de xogo será, como mínimo, de 5 máquinas das tipoloxías previstas na Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora de xogos e apostas en Galicia, respectivamente.

2. As máquinas colocaranse de forma que nin elas nin os seus espazos de utilización obstaculicen os corredores e as vías de circulación.»

Disposición derradeira décima bis. *Modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*

Engádesse unha disposición adicional cuarta, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional cuarta. *Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*

Crearase a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, como órgano con funcións específicas de carácter consultivo nas referidas materias, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A súa composición, organización e funcionamento serán establecidos regulamentariamente, garantindo a representación das administracións públicas con competencias urbanísticas.

A Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, prevista no artigo 9 desta lei, pasará a integrarse na Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, a partir da súa creación. Ata ese momento continuará no desenvolvemento das súas funcións.»

Disposición derradeira décimo primeira. *Adaptación da normativa reguladora dos órganos asesores e consultivos*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei adaptarase, por instancia de cada consellaría competente na materia, a normativa reguladora dos órganos asesores e consultivos a que se refire o número 3 do artigo 25, co obxecto de revisar os actos sometidos ao seu ditame ou informe, así como a periodicidade das súas sesións, para garantir que os distintos órganos sectoriais autonómicos emitan os informes sectoriais nos prazos establecidos.



Disposición derradeira décimo segunda. *Adaptación do Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia*

As medidas previstas no capítulo II do título III desta lei resultarán de aplicación nos espazos protexidos Rede Natura 2000 de Galicia desde o momento da súa entrada en vigor, sen prexuízo da ulterior adaptación do Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, aprobado polo Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Disposición derradeira décimo terceira. *Modificacións regulamentarias*

As previsións do Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 39/2008, do 21 de febreiro, que son obxecto de modificación pola presente lei poderán ser modificadas por norma do rango regulamentario correspondente á norma na que figuran.

Disposición derradeira décimo cuarta. *Desenvolvemento regulamentario*

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia a ditar cantas normas sexan precisas para o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira décimo quinta. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás o disposto no apartado tres da disposición derradeira terceira, que producirá os efectos desde o 26 de outubro de 2020.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Paula Prado del Río

Secretaria da Comisión

Vº e pr.

Noa Presas Bergantiños

Presidenta da Comisión

Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación coa Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

- 6203 (11/PPL-000002)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia BOPG nº 59, do 09.12.2020

Ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* das emendas mantidas e dos votos particulares formulados ao Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.



- G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 11056).
- G. P. Do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 11052).

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, comunícalle a esa mesa que mantén para a súa defensa en Pleno as emendas presentadas á Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (doc. núm. 6203), agás as aprobadas ou transacionadas.

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/02/2021 18:24:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
Fgp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara **MANTÉN**, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas á **Proposición de lei de simplificación administrativa e do apoio á reactivación económica (doc. núm. 6203, 11/PPL-000002)**, que non foron incorporadas ao ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 15/02/2021 18:18:24



Texto para Pleno

**RESUMO DE EMENDAS AO PROPOSICIÓN DE LEI DE SIMPLIFICACIÓN
ADMINISTRATIVA E DE APOIO Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE
GALICIA**

Proposición de lei: BOPG núm. 59, do 09.12.2020

Emendas: BOPG núm. 83, do 27.01.2021

Informe da Ponencia: BOPG núm. 93, do 12.02.2021

Ditame da Comisión: BOPG núm. 96, do 17.02.2021

PROPOSICIÓN DE LEI DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DE APOIO Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº1, de Modificación.

ARTIGO 1

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº1, de Substitución.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº3, de Adición.

ARTIGO 2

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº2, ao apartado 1, de Substitución.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº4, ao apartado 1, de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº3, ao apartado 2, de Substitución.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº6, ao apartado 2.d) bis), de Adición.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº7, ao apartado 2.d) ter), de Adición.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº8, ao apartado 2 quater), de Adición.

ARTIGO 3

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº9, ao apartado 1, de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº4, ao apartado 3, de Supresión.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº5, ao apartado 4, de Supresión.

ARTIGO 4

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº6, ao apartado 1, de Substitución.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº10, ao apartado 1.a), de Modificación.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº13, ao apartado 1.b) ter), de Adición.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº14, ao apartado 1.b) quater), de Adición.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº15, ao apartado 1.b) quinquies), de Adición.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº16, ao apartado 1.b) sexies), de Adición.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº17, ao apartado 1.b) septies), de Adición.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº18, ao apartado 1.c), de Supresión.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº19, ao apartado 1.d), de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº7, ao apartado 2, de Adición.

ARTIGO 5

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº8, ao apartado 1, de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº9, ao apartado 2, de Supresión.

ARTIGO 6

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº10, de Substitución.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº20, ao apartado 1 bis), de Adición.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº21, ao apartado 2, de Modificación.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº22, ao apartado 2.d) bis), de Adición.

ARTIGO 7

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº23, ao apartado a), de Modificación.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº24, ao apartado b), de Adición.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº25, ao apartado c), de Adición.

ARTIGO 8

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº26, de Adición.

ARTIGO 9

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº11, de Substitución.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº27, de Modificación.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº28, ao apartado a), de Adición.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº29, ao apartado b), de Supresión.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº30, ao apartado c), de Supresión.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº31, ao apartado d), de Supresión.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº32, ao apartado d) bis), de Adición.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº33, ao apartado d) ter), de Adición.

ARTIGO 10

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº12, ao apartado 2, de Substitución.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº13, ao apartado 3, de Modificación.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº34, ao apartado 3 bis), de Adición.

ARTIGO 11

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº14, de Substitución.

ARTIGO 12

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº15, de Substitución.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº35, ao apartado 1, de Modificación.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº36, ao apartado 2, de Modificación.

ARTIGO 13

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº37, ao apartado 1, de Modificación.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº38, ao apartado 1.b), de Modificación.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº16, ao apartado 2.d), de Substitución.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº17, ao apartado 2.d) bis), de Adición.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº41, ao apartado 1.d) ter), de Adición.

ARTIGO 14

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº43, ao apartado 1.b), de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº18, ao apartado 3, de Substitución.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº19, ao apartado 4, de Substitución.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº20, ao apartado 5, de Substitución.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº21, ao apartado 6, de Supresión.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº42, ao apartado 6, de Adición.

ARTIGO 15

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº44, de Supresión.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº22, de Substitución.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº45, de Modificación.

ARTIGO 16

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº23, de Supresión.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº47, de Adición.

ARTIGO 17

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº24, de Supresión.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº48, ao apartado 1.c), de Adición.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº50, ao apartado 1.j) bis), de Adición.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº51, ao apartado 1.j) ter), de Adición.

ARTIGO 18

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº25, de Supresión.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº26, de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº27, de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº28, de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº29, de Adición.

CAPÍTULO III

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº30, de Substitución.

ARTIGO 19

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº31, de Supresión.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº52, de Adición.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº53, de Adición.

ARTIGO 20

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº32, de Supresión.

ARTIGO 21

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.

Emenda nº33, de Supresión.

ARTIGO 22

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº34, de Supresión.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº55, ao apartado 1, de Modificación.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº56, ao apartado 2, de Supresión.

ARTIGO 23

Non se presentaron emendas

ARTIGO 24

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº35, ao apartado 1, de Modificación.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº36, ao apartado 2, de Supresión.

ARTIGO 25

Non se presentaron emendas

ARTIGO 26

Non se presentaron emendas

ARTIGO 27

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº37, ao apartado 1, de Adición.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº57, ao apartado 3, de Supresión.

ARTIGO 28

Non se presentaron emendas

ARTIGO 29

Non se presentaron emendas

ARTIGO 30

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº38, ao apartado 1, de Supresión.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº58, ao apartado 1, de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº39, ao apartado 2, de Supresión.

ARTIGO 31

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº59, ao apartado 3, de Supresión.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº40, ao apartado 4, de Supresión.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº41, ao apartado 4, de Adición.

ARTIGO 32

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº42, ao apartado 1, de Modificación.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº43, ao apartado 4.a), de Modificación.

ARTIGO 33

Non se presentaron emendas

ARTIGO 34

Non se presentaron emendas

ARTIGO 35

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº60, de Supresión.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº44, ao apartado 1.a), de Modificación.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº45, ao apartado 1.b), de Supresión.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº46, ao apartado 3, de Modificación.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº47, ao apartado 5 bis), de Adición.

ARTIGO 36

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº61, ao apartado 2, de Supresión.

ARTIGO 37

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº48, de Modificación.

ARTIGO 38

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº62, de Supresión.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº49, ao apartado 1.a), de Modificación.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº50, ao apartado 1.b), de Modificación.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº51, ao apartado 1.d), de Modificación.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº52, ao apartado 1.h), de Modificación.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº53, ao apartado 1.i), de Supresión.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº54, ao apartado 2.b), de Modificación.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº55, ao apartado 3 bis), de Adición.

ARTIGO 39

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº56, de Supresión.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº57, de Supresión.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº63, ao apartado 2, de Supresión.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº64, ao apartado 2, de Adición.

ARTIGO 40

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº58, de Supresión.

ARTIGO 41

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº59, de Supresión.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº65, de Supresión.

ARTIGO 42

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº60, de Supresión.

ARTIGO 43

Non se presentaron emendas

ARTIGO 44

Non se presentaron emendas

ARTIGO 45

Non se presentaron emendas

ARTIGO 46

Non se presentaron emendas

ARTIGO 47

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº61, ao apartado 3, de Supresión.

ARTIGO 48

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº62, ao apartado 2, de Adición.

ARTIGO 49

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº63, ao apartado 2, de Adición.



ARTIGO 50

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº64, de Supresión.

ARTIGO 51

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº65, de Supresión.

ARTIGO 52

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº66, de Supresión.

ARTIGO 53

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº67, de Substitución.

ARTIGO 54

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº68, de Supresión.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº66, de Supresión.

ARTIGO 55

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº69, de Supresión.

ARTIGO 56

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº70, de Supresión.

ARTIGO 57

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº71, de Supresión.

TÍTULO V

Non ten emendas

CAPÍTULO I

Non ten emendas

ARTIGO 58

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº72, de Modificación.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº67, de Adición.

ARTIGO 59

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº73, ao apartado 1, de Substitución.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº74, ao apartado 2, de Substitución.

ARTIGO 60

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº68, de Modificación.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº75, ao apartado 1, de Modificación.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº76, ao apartado 1, de Modificación.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº77, ao apartado 1, de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº78, ao apartado 4.a), de Substitución.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº79, ao apartado 4.c), de Modificación.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº80, ao apartado 4.c), de Adición.

ARTIGO 61

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº81, ao apartado 1.e), de Substitución.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº82, ao apartado 1.f), de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº83, ao apartado 3, de Adición.

ARTIGO 62

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº69, de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº84, ao apartado 2, de Adición.

ARTIGO 63

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº85, ao apartado 1, de Substitución.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº70, ao apartado 1, de Modificación.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº86, ao apartado 2, de Substitución.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº87, ao apartado 3, de Substitución.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº88, ao apartado 4, de Supresión.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº73, de Adición.

CAPÍTULO II

Non ten emendas

ARTIGO 64

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº89, ao apartado 3, de Adición.

ARTIGO 64 BIS)

Non ten emendas

ARTIGO 64 TER)

Non ten emendas

**ARTIGO 64 QUATER)**

Non ten emendas

ARTIGO 64 QUINTUS)

Non ten emendas

ARTIGO 64 SEXTUS)

Non ten emendas

ARTIGO 64 SEPTIMUS)

Non ten emendas

ARTIGO 64 OCTAVUS)

Non ten emendas

ARTIGO 64 NONUS)

Non ten emendas

ARTIGO 64 DÉCIMUS)

Non ten emendas

ARTIGO 64 UNDÉCIMUS)

Non ten emendas

ARTIGO 64 TERCIUS DÉCIMUS)

Non ten emendas

ARTIGO 64 CUARTUS DÉCIMUS)

Non ten emendas

ARTIGO 64 QUINTUS DÉCIMUS)

Non ten emendas

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº90, ao apartado 1, de Adición.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº91, ao apartado 1, de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº92, ao apartado 2 bis), de Adición.



DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº93, de Supresión.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº94, ao apartado 2, de Supresión.

DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº95, de Substitución.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº74, de Modificación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº96, de Supresión.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº75, de Modificación.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº97, de Adición.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº76, de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº98, de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº99, de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº100, de Adición.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº101, de Supresión.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº102, de Supresión.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº103, de Supresión.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA CUARTA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº104, de Modificación.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº105, ao apartado 1, de Substitución.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº106, de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº107, de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº108, de Adición.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº109, ao apartado 1, de Substitución.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº110, de Adición.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEGUNDA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº111, de Supresión.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº77, ao apartado Dous.c), de Supresión.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº78, ao apartado Dous.e), de Supresión.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA TERCEIRA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº112, de Supresión.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA CUARTA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº113, de Supresión.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA QUINTA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº114, de Supresión.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEXTA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº115, ao apartado Dous, de Supresión.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº116, ao apartado Catro, de Supresión.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº118, ao apartado Quinto, de Supresión.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº117, ao apartado Sexto, de Supresión.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº119, ao apartado Sétimo, de Supresión.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA SÉTIMA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº120, ao apartado Un, de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº121, ao apartado Seis, de Supresión.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA OITAVA

Non se presentaron emendas

DISPOSICIÓN DERRADEIRA NOVENA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº122, de Supresión.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA DÉCIMA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº123, de Supresión.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA DÉCIMA BIS

Non ten emendas

DISPOSICIÓN DERRADEIRA DÉCIMO PRIMEIRA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº124, de Supresión.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA DÉCIMO SEGUNDA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº125, de Supresión.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA DÉCIMO TERCEIRA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº126, de Supresión.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA DÉCIMO CUARTA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº127, de Adición.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA DÉCIMO QUINTA

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº128, de Modificación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº80, de Modificación.

Texto para Pleno

**PROPOSICIÓN DE LEI DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DE
APOIO Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA**

Proposición de lei: BOPG núm. 59, do 09.12.2020

Emendas: BOPG núm. 83, do 27.01.2021

Informe da Ponencia: BOPG núm. 93, do 12.02.2021

Ditame da Comisión: BOPG núm. 96, do 17.02.2021

DITAME DA COMISIÓN:

Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº1, de Modificación.

Propónse substituír en todo o texto a expresión "Oficina Doing Business Galicia" por "Oficina Facendo Negocios Galicia."

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO I

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Obxecto, ámbito de aplicación e principios

Artigo 1. Obxecto

Esta lei ten por obxecto establecer as medidas necesarias para facilitar a reactivación da actividade económica logo da crise xerada polas consecuencias da pandemia da covid-19, no marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, desde unha perspectiva de simplificación administrativa que favoreza a implantación e o funcionamento das iniciativas empresariais en Galicia, **con plenas garantías da súa sostibilidade económica, social e ambiental, reducindo as barreiras normativas e administrativas, establecendo unha serie de medidas que modernicen a Administración autonómica, permitindo unha xestión máis áxil e eficiente.**

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº1, de Substitución.

Substituír o texto do Artigo 1 polo seguinte:

“Esta lei ten por obxecto establecer unha batería de medidas urxentes do ámbito económico e administrativo para abordar as consecuencias da pandemia da Covid-19 e sentar as bases da futura reactivación socioeconómica en función das necesidades e consensos, impulsando a participación pública da economía para a reorientación dos sectores produtivos e a garantía dos principios de xustiza social, igualdade de oportunidades e salvagarda do medio ambiente.”

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº3, de Adición.

Débase engadir un novo parágrafo bis, neste artigo que terá o seguinte contido:



bis. Esta lei ten tamén por obxecto facilitar a programación, orzamentación, xestión e execución das actuacións financiadas con fondos europeos, en especial os que proven do Instrumento Europeo de Recuperación, aprobado polo Consello Europeo o 21 de xullo de 2020 co fin de impulsar o crecemento económico e a creación de emprego, recuperar e reparar os danos da crise ocasionada pola pandemia do SARS-CoV-2 e promover un proceso de transformación estrutural mediante o impulso do investimento público e privado e o apoio ao tecido produtivo, a aceleración da dupla transición ecolóxica e dixital, e o reforzo e incremento da resiliencia e da cohesión económica, social e territorial no marco do mercado único europeo."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 2. Finalidade e obxectivos

1. As medidas previstas por esta lei teñen como finalidade a recuperación e a mellora dos niveis de actividade económica e de emprego en Galicia previos á situación da pandemia da covid-19, avanzando no impulso dos sectores produtivos para favorecer a xeración de valor engadido e a culminación dos ciclos produtivos, así como a consolidación do emprego de calidade **e a mellora da calidade de vida da cidadanía de Galicia.**

2. Con esta finalidade, perséguese os seguintes obxectivos:

a) Coordinar a actuación dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia con competencias relacionadas coa implantación das iniciativas empresariais, entre si e coas entidades locais galegas, dentro do respecto á autonomía local.

b) Crear un sistema de apoio e acompañamento administrativo á implantación das iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a previsión dos servizos e instrumentos necesarios para tal fin.

c) Simplificar os trámites administrativos necesarios para a implantación das iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, en particular mediante a racionalización dos procedementos administrativos aplicables e a eliminación das cargas administrativas innecesarias ou accesorias vinculadas a eles.

d) Prever os incentivos fiscais e os instrumentos de financiamento de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para fomentar a implantación das iniciativas empresariais.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº2, ao apartado 1, de Substitución.

Substituír o texto do apartado 1 do Artigo 2 polo seguinte:

“1. As medidas previstas por esta lei teñen como finalidade sentar as bases para a recuperación e o incremento da actividade económica, da riqueza e do emprego en Galiza, apostando por combinar a estratexia de superación das consecuencias da covid-19 e da crise financeira coa reorientación do modelo económico e produtivo, dando

prioridade ao reforzo da capacidade produtiva, ao emprego de calidade e ao aumento do contido en coñecemento e innovación das actividades económicas, reforzando a especialización cara ás actividades máis intensivas en coñecemento, apostando polo papel dinamizador da economía do sector público, con participación directa ou a través de empresas mixta, e por salvagardar o medio ambiente.”

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº4, ao apartado 1, de Adición.

No punto 1 deste artigo, despois de: "... da pandemia da covid-19 ...", débese engadir a seguinte frase: "... así como establecer as bases para os necesarios cambios no sistema produtivo que sustenta a economía galega, ..."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº3, ao apartado 2, de Substitución.

Substituír o texto do apartado 2 do Artigo 2 polo seguinte:

“2. Con esta finalidade, perséguese os seguintes obxectivos:

a) Fortalecer a coordinación da actuación dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galiza e das entidades instrumentais do sector público autonómico galego, entre si e coas entidades locais galegas, dentro do respecto á autonomía local, así como cos organismos de participación social, para dar unha resposta áxil, dialogada e conxunta á crise da covid-19 e ás súas consecuencias nos ámbitos económicos e produtivos.

b) Impulsar ferramentas de participación pública na economía, singularmente impulsar a creación dun Instituto Galego de Crédito, como unha vía para dinamizar o crédito á economía produtiva de forma inmediata, achegar liquidez en momentos críticos como o actual e actuar como motor financeiro para o tecido produtivo galego, en especial as PEMES, autónomos e autónomas e sectores máis castigados pola pandemia e as restricións sanitarias ademais de orientar o financiamento cara a proxectos estratéxicos na reorientación do tecido produtivo.

c) Simplificar trámites administrativos mediante unha mellor coordinación das administracións e o reforzamento do persoal destas.

d) Impulsar medidas que vinculen os proxectos económicos ao fortalecemento do tecido económico galego, freen a deslocalización e vinculen o apoio público aos compromisos de mantemento do emprego e marxes mínimas de compoñente innovadora para o apoio ao investimento .”

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº6, ao apartado 2.d) bis), de Adición.

No punto 2 deste artigo débese crear unha nova letra d) bis, que terá o seguinte contido:

d) bis. Aumentar a coordinación entre unidades administrativas para a xestión eficaz dos fondos europeos, en especial os que proven do Instrumento Europeo de Recuperación, mediante a creación de grupos de traballo ou comisións paritarias que garantan unha xestión eficaz dos proxectos, que coordinen as materias transversais de xestión e solucións comúns a todos os departamentos en materias tales como a contratación pública, os procesos de convocatoria de subvenciones ou axudas, a creación de vehículos para a colaboración público privada, a adopción de sistemas informáticos ou solucións dixitais para a xestión dos fondos ou, calquera outras materias que sexan precisas para a mellor implementación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº7, ao apartado 2.d) ter), de Adición.

No punto 2 deste artigo, débese engadir unha nova letra d) ter, que terá o seguinte contido:

d) ter. Establecer mecanismos de mellora continua dos procedementos administrativos, a partires dun coñecemento real, transparente e rigoroso do desempeño real das administracións galegas no ámbito dos procedementos necesarios para a posta en marcha, modificación e/ou ampliación de proxectos empresariais. Estes mecanismos serán publicados no momento da súa aprobación."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº8, ao apartado 2 quater), de Adición.

No punto 2 deste artigo, débese engadir unha nova letra d) quater, que terá o seguinte contido:

"d) quater. Establecer canles de comunicación e colaboración coas organizacións empresariais para lograr os fins previstos nesta lei."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 3. Ámbito de aplicación

1. A presente lei será de aplicación ás iniciativas empresariais que se desenvolvan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Para os efectos desta lei, considérase iniciativa empresarial todo tipo de investimento que teña como finalidade desenvolver unha actividade económica, mediante a implantación dun proxecto, a creación dunha nova empresa ou o establecemento ou a ampliación, a modificación ou a diversificación dunha empresa ou dun establecemento existentes.

Tamén terá a consideración de iniciativa empresarial a adquisición por parte dunha persoa investidora non relacionada coa persoa vendedora das unidades produtivas ou dos activos pertencentes a un establecemento que pechase ou que pecharía de non ter sido adquirido, co fin de que continúe a actividade do establecemento ou se inicie unha nova.

3. Non obstante o anterior, as previsións sobre a racionalización dos procedementos de avaliación ambiental serán de aplicación a todos os plans, programas ou proxectos cuxa avaliación ambiental sexa de competencia autonómica.

4. Sen prexuízo do sinalado no apartado anterior, as previsións do capítulo I do título III desta lei serán tamén de aplicación á tramitación administrativa das actuacións de desenvolvemento de solo empresarial ou residencial.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº9, ao apartado 1, de Adición.

No punto 1 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"..., así como ás administracións públicas galegas que desenvolvan calquera actuación dirixida á programación, orzamentación, xestión, execución e/ou control de proxectos e actuacións que sexan financiábeis cos fondos do Instrumento Europeo de Recuperación."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.

Emenda nº4, ao apartado 3, de Supresión.

Suprimir o apartado 3 do Artigo 3.



-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº5, ao apartado 4, de Supresión.

Suprimir o apartado 4 do Artigo 3.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 4. Principios

1. As medidas previstas por esta lei interpretaranse e aplicaranse de acordo cos seguintes principios:

a) Liberdade de empresa e de establecemento e prestación de servizos, de acordo co establecido na Constitución española, no dereito comunitario e na normativa estatal aplicable.

b) Obxectividade, eficacia, eficiencia, responsabilidade e coordinación das actuacións das administracións públicas de Galicia con competencias en materia de implantación das iniciativas empresariais e do seu financiamento.

b) bis. Planificación estratéxica e xestión por obxectivos co establecemento de indicadores a tal efecto.

c) Boa regulación, que inclúe a simplificación da normativa autonómica e municipal que afecte a implantación das iniciativas empresariais e a eliminación das cargas administrativas innecesarias ou accesorias vinculadas a ela.

d) Desenvolvemento sustentable, entendido como o equilibrio entre a protección do medio ambiente e do patrimonio natural e cultural e o desenvolvemento económico e social.

2. En cumprimento do principio de axilidade, as relacións entre as administracións públicas de Galicia e os órganos, organismos públicos e entidades vinculados ou dependentes delas que deriven da aplicación desta lei serán realizadas por medios electrónicos.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº6, ao apartado 1, de Substitución.

Substituír o texto do apartado 1 do Artigo 4 polo seguinte:

“1. As medidas previstas por esta lei interpretaranse e aplicaranse de acordo cos seguintes principios:

a) o respecto e colaboración do goberno galego e dos seus instrumentos coas institucións galegas, singularmente coas administracións locais galegas, co Parlamento Galego e cos organismos estatutarios en materia de asesoramento económico, e a defensa do autogoberno.

b) o reforzo do papel da administración galega no desenvolvemento dun novo modelo económico galego para dar unha saída propia e xusta social, ambiental e territorialmente á crise orixinada pola covid-19 e aos efectos non superados da crise financeira.

c) a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, e sobre o desenvolvemento de iniciativas económicas, primando o principio de precaución respecto das posibles intervencións que poidan afectar negativamente o patrimonio natural ou a biodiversidade e mais a prevención dos problemas derivados da situación de emerxencia climática."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº10, ao apartado 1.a), de Modificación.

Proponse unha nova redacción para a letra a) do punto 1, deste artigo, que terá o seguinte contido:

"a) Liberdade de empresa e de establecemento e prestación de servizos, de acordo co establecido na Constitución española, no Estatuto de autonomía, no dereito comunitario e na normativa estatal aplicable en consonancia coa promoción da competencia efectiva nos mercados."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº13, ao apartado 1.b) ter), de Adición.

Débese engadir unha nova letra b) ter no punto 1 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"b) ter. Axilidade, celeridade, complicitade e claridade nos procedementos, procesos e execución de tarefas."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº14, ao apartado 1.b) quater), de Adición.

No punto 1 deste artigo, débese engadir unha nova letra b) quater, que terá o seguinte contido:

b) quater. Racionalización e eficiencia administrativa e no uso de recursos e medios, así como transparencia dos resultados e procesos de mellora continua."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº15, ao apartado 1.b) quinquies), de Adición.

No punto 1 deste artigo, débese engadir unha nova letra b) *quintus*, que terá o seguinte contido:

"b) quintus. Participación, diálogo e transparencia en concordancia cunha correcta avaliación, seguimento e reprogramación para o cumprimento de obxectivos."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº16, ao apartado 1.b) sexies), de Adición.

No punto 1 deste artigo, débese engadir unha nova letra b) sextus, que terá o seguinte contido:

"b) sextus. Control eficaz do gasto público, responsabilidade na xestión e rendición de contas e prevención eficaz dos conflitos de intereses, a fraude e as irregularidades."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº17, ao apartado 1.b) septies), de Adición.

No punto 1 deste artigo débese engadir unha nova letra b) septimus que terá o seguinte contido:

"b) septimus. Igualdade, mérito, capacidade e publicidade nas provisións de persoal de duración determinada previstas."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº18, ao apartado 1.c), de Supresión.

Débese suprimir a letra c) do punto 1 deste artigo.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº19, ao apartado 1.d), de Adición.

Na letra d), do punto 1, deste artigo, débese engadir *in fine*, o seguinte texto:

"..., sen comprometer a capacidade de futuras xeracións, garantindo o equilibrio entre o crecemento económico, o coidado do medio ambiente e o benestar social."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº7, ao apartado 2, de Adición.

Engadir no apartado 2 do Artigo 4 in fine o seguinte texto:



“En todo caso, preveranse medidas complementarias para poder atallar situacións de fenda dixital, que serán sempre asumidas desde o punto de vista técnico e económico por parte da Administración galega.”

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO II

Competencias administrativas

Artigo 5. O Consello da Xunta de Galicia

1. Corresponde ao Consello da Xunta de Galicia a superior dirección e coordinación das políticas do sector público autonómico dirixidas á recuperación da actividade económica e do emprego en Galicia.

2. En particular, o Consello da Xunta de Galicia aprobará os catálogos previstos no capítulo I do título II desta lei e as súas actualizacións e formulará as declaracións de proxectos industriais estratéxicos e de iniciativas empresariais prioritarias, nos termos e cos efectos establecidos na normativa reguladora de tales proxectos e iniciativas.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº8, ao apartado 1, de Adición.

Engadir no apartado 1 do Artigo 5 in fine o seguinte texto:

“Para facilitar a participación dos axentes socioeconómicos e da representación da sociedade civil organizada na vida económica, social e cultural o goberno galego conta co órgano consultivo do Consello Económico e Social.”

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº9, ao apartado 2, de Supresión.

Suprimir o apartado 2 do Artigo 5.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 6. A consellaría con competencias en materia de economía e empresa

1. Corresponde á consellaría con competencias en materia de economía e empresa, baixo a superior dirección e coordinación do Consello da Xunta de Galicia, deseñar e executar as políticas de recuperación da actividade económica en Galicia, en particular mediante a facilitación da implantación das iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das competencias atribuídas ás demais consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nas materias con incidencia no eido económico, do emprego ou do medio rural.

2. Para os efectos previstos no número anterior, a consellaría con competencias en materia de economía e empresa:

a) Asumirá as funcións de apoio e acompañamento administrativo á implantación das iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante os servizos e instrumentos previstos no título II.

b) Elevará ao Consello da Xunta de Galicia as propostas motivadas de declaración de proxectos industriais estratéxicos e iniciativas empresariais prioritarias, cando proceda segundo o previsto na normativa reguladora de tales proxectos e iniciativas.

c) Establecerá os instrumentos de coinvestimento público-privado que favorezan o financiamento das iniciativas empresariais levadas a cabo por *start-ups*, emprendedores e outras pequenas empresas, de acordo co previsto no título IV.

d) Impulsará, en coordinación coa consellaría con competencias en materia de avaliación e reforma administrativa, as medidas para que o marco regulatorio aplicable á implantación das iniciativas empresariais se axuste ao principio de boa regulación.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº10, de Substitución.

Substituír o nome e o texto do Artigo 6 polo seguinte:

"A consellaría con competencias en materia de economía e innovación.

Corresponde á consellaría con competencias en materia de economía e innovación, baixo a superior dirección e

coordinación do Consello da Xunta de Galicia, deseñar e executar as políticas de recuperación da actividade económica en Galiza, en particular mediante o impulso de ferramentas propias de participación na economía, sen prexuízo das competencias atribuídas ás demais consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galiza."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº20, ao apartado 1 bis), de Adición.

Débesse engadir un novo punto 1 bis, que terá o seguinte contido:

"1.bis En concordancia co exposto no apartado anterior, a consellaría con competencias en materia de economía e empresa, exercerá a coordinación entre unidades administrativas para a xestión eficaz dos fondos europeos, en especial os que proven do Instrumento Europeo de Recuperación, mediante a creación de grupos de traballo que garantan unha xestión eficaz dos proxectos, que coordinen as materias transversais de xestión e solucións comúns a todos os departamentos."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº21, ao apartado 2, de Modificación.

No punto 2 deste artigo. Onde di: " Para os efectos previstos no número anterior ...", debe dicir: "Para os efectos previstos nos apartados anteriores ..."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº22, ao apartado 2.d) bis), de Adición.

No punto 2 deste artigo, débese engadir unha nova letra d) bis, que terá o seguinte contido:

"d) bis. Coordinará a programación, orzamentación, xestión, execución e/ou control de proxectos e actuacións que sexan financiáveis cos fondos do Instrumento Europeo de Recuperación."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 7. A consellaría con competencias en materia de avaliación e reforma administrativa
Corresponde á consellaría con competencias en materia de avaliación e reforma administrativa a asistencia e colaboración coa consellaría con competencias en materia de economía e empresa nas tarefas de planificación dos procesos de revisión periódica do marco regulatorio aplicable á implantación das iniciativas empresariais e, en xeral, á actividade económica, co fin de facer efectivo o principio de boa regulación.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº23, ao apartado a), de Modificación.

Proponse unha nova estrutura para este artigo, que quedará redactado do seguinte xeito:

"Corresponde á consellaría con competencias en materia de avaliación e reforma administrativa:

a) A asistencia e colaboración coa consellaría con competencias en materia de economía e empresa nas tarefas de planificación dos procesos de revisión periódica do marco regulatorio aplicable á implantación das iniciativas empresariais e, en xeral, á actividade económica, co fin de facer efectivo o principio de boa regulación."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº24, ao apartado b), de Adición.

Segundo a emenda anterior débese engadir unha nova letra b), que terá o seguinte contido:

"b) A proposición de mellora desta normativa, en virtude do resultado de seguimento realizado previamente."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº25, ao apartado c), de Adición.

Segundo a estrutura proposta para este artigo, débese crear unha letra c) que terá o seguinte contido:



"c) A elaboración dun sistema de avaliación para o Sistema de atención ao investimento que permita visualizar o cumprimento dos obxectivos perseguidos e establecidos previamente."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 8. Outras consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

As consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia distintas das previstas nos artigos 6 e 7, cada unha no seu propio ámbito de competencias, colaborarán na consecución dos obxectivos desta lei, en particular proporcionando á consellaría con competencias en materia de economía e empresa a información e a documentación que precise para o exercicio das funcións que lle atribúe a letra a) do número 2 do artigo 6.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº26, de Adición.

Débase engadir *in fine* o seguinte texto:

"..., así como os reportes de indicadores de seguimento de resultados da mellora e simplificación a través de informes periódicos que se farán públicos."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 9. Os concellos

Corresponde aos concellos galegos, no seu ámbito competencial propio, contribuír á recuperación da actividade económica e do emprego, entre outras, mediante as seguintes medidas e actuacións no marco do previsto nesta lei:

- a) Participar no apoio e no acompañamento administrativo á implantación das iniciativas empresariais no seu territorio, de ser o caso mediante a adhesión voluntaria aos servizos e instrumentos previstos no título II.
- b) Revisar o marco regulatorio da súa competencia para facer efectivo o principio de boa regulación.
- c) Planificar a oferta de solo empresarial, no exercicio das súas competencias de ordenación urbanística, de modo que se facilite a implantación das iniciativas empresariais no termo municipal.
- d) Prever os incentivos fiscais e instrumentos de estímulo da súa competencia que favorezan a implantación das iniciativas empresariais no termo municipal.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº11, de Substitución.

Substituír o nome e o texto do Artigo 9 polo seguinte:

“Artigo 9.- Colaboración en materia de impulso económico da Xunta de Galiza cos concellos.

Corresponde á Xunta de Galiza a colaboración cos concellos galegos, desde o recíproco respecto ao marco competencial de cada unha das administracións, para estimular e apoiar a súa contribución á recuperación da actividade económica e do emprego, mediante as seguintes medidas:

- a) colaborar no apoio, asesoramento e acompañamento administrativo á implantación das iniciativas económicas no seu territorio.
- b) colaborar na revisión do marco regulatorio da súa competencia para facer efectivo o principio de boa regulación e simplificación daqueles trámites meramente administrativos necesarios para o establecemento de empresas, respectando a autonomía local e fomentando a participación dos concellos naquelas materias polas que se vexan afectados.
- c) posta a disposición da Xunta de Galiza para colaborar técnica e economicamente coas entidades locais na planificación, desenvolvemento e posta a disposición de solo

empresarial e no establecemento de medidas que garantan a preservación do medio ambiente.

d) colaborar coas entidades locais financeira e economicamente, con criterios de transparencia e obxectividade, no impulso daquelas iniciativas, especialmente de participación pública, de especial interese para o desenvolvemento da economía galega, a fixación de emprego e o peche de ciclos produtivos."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº27, de Modificación.

Proponse unha nova redacción para o primeiro parágrafo deste artigo, que terá o seguinte contido:

"Corresponde aos concellos galegos, no seu ámbito competencial propio, contribuír á recuperación da actividade económica e do emprego, entre outras, facendo así efectivo o principio de boa regulación e seguindo o disposto no Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia mediante as seguintes medidas e actuacións no marco previsto nesta lei:"

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº28, ao apartado a), de Adición.

Na letra a) deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... , respectando en todo caso o principio de autonomía local."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº29, ao apartado b), de Supresión.

A letra b) deste artigo débese suprimir.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº30, ao apartado c), de Supresión.

Débese suprimir a letra c) deste artigo

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº31, ao apartado d), de Supresión.

Débese suprimir a letra d) deste artigo.



-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº32, ao apartado d) bis), de Adición.

Débase engadir unha nova letra d) bis, que terá o seguinte contido:

"d) bis. Prever as medidas fiscais e os instrumentos de estímulo da cohesión económica, social e territorial dos seus municipios e da súa competencia que favorezan a implantación das iniciativas empresariais no termo municipal, cando se trate de deseñar e executar os eixos transversais de transición ecolóxica, transformación dixital, igualdade de xénero e a dita cohesión."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº33, ao apartado d) ter), de Adición.

Débase engadir unha nova letra d) ter, que terá o seguinte contido:

"d) ter. Coadxugar, co resto das administracións públicas, na simplificación de todo tipo de trámites e procedementos administrativos xa en marcha ou futuros."

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO II

Apoio administrativo á implantación das iniciativas empresariais CAPÍTULO I

Sistema de atención ao investimento

Artigo 10. Creación do sistema de atención ao investimento

1. Créase o Sistema de atención ao investimento como o sistema de información que ten por finalidade servir de soporte ás empresas e, en particular, ás persoas emprendedoras, no proceso de posta en marcha das súas iniciativas empresariais, así como facilitar a súa implantación.
2. O Sistema de atención ao investimento incluirá, entre outros aspectos, a información sobre os posibles apoios en forma de incentivos e de financiamento empresarial e sobre tramitación de documentación e acompañamento.
3. O Sistema de atención ao investimento permitirá o acceso á Sede electrónica da Xunta de Galicia para a realización de todos os trámites administrativos necesarios para a posta en marcha da iniciativa empresarial que sexan de competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia e consten nos catálogos aprobados consonte o artigo 14. Tamén se incorporarán a el os trámites da competencia dos concellos que se adhiran ao Sistema.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº12, ao apartado 2, de Substitución.

Substituír o texto do apartado 2 do Artigo 10 polo seguinte:

“2. O Sistema de Atención ao Investimento incluirá, entre outros aspectos, a información sobre tramitación de documentación e asesoramento, os posibles apoios en forma de incentivos e de financiamento empresarial, os instrumentos económicos e financeiros ao abeiro do Instituto galego de Crédito e Investimento, centros e programa de investigación da rede investigadora galega e sobre aqueles sectores e ámbitos nos que a administración galega está a impulsar proxectos de participación pública.”

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº13, ao apartado 3, de Modificación.

Substituír no apartado 3 do Artigo 10 o texto que vai despois de: “entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia”, polo seguinte: “e incorporaranse aqueles trámites competencia dos concellos galegos que se determinen por convenio coa FEGAMP, sen prexuízo da autonomía local. Para tal efecto, a comunidade autónoma asumirá os posibles gastos derivados dos procesos de dixitalización e dos soportes técnicos necesarios.”

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº34, ao apartado 3 bis), de Adición.

Débese engadir un novo punto 3 bis, que terá o seguinte contido:

"3 bis. Desenvolverase regulamentariamente un sistema de avaliación periódica anual que permita visualizar o cumprimento dos obxectivos perseguidos polo sistema de atención ao investimento."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 11. Dependencia e xestión do Sistema de atención ao investimento

O Sistema de atención ao investimento dependerá da Oficina Doing Business Galicia, regulada no capítulo II deste título. A súa xestión poderá ser encomendada ás entidades instrumentais do sector público autonómico dependentes da consellaría con competencias en materia de economía e empresa.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº14, de Substitución.

Substituír o texto do Artigo 11 polo seguinte:

“O Sistema de Atención ao Investimento dependerá da Consellaría competente en Economía e Innovación e terá unha relación colaborativa co Instituto Galego de Crédito e Investimento, regulado no capítulo II deste título, entidade do sector público autonómico dependente tamén da consellaría con competencias en materia de economía e innovación.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 12. Adhesión de concellos ao Sistema de atención ao investimento

1. Poderán incorporarse ao Sistema de Atención ao Investimento aqueles concellos coa condición de “Concellos Emprendedores” mediante a súa adhesión ao Protocolo Xeral asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP, ou os instrumentos que o substitúan, que xa teñan adquirida tal condición no momento de entrada en vigor da presente lei ou que a adquieran con posterioridade.

2. A adhesión ao Sistema de atención ao investimento terá os seguintes efectos:

a) Suporá a incorporación de todos os trámites, incluídos os de carácter urbanístico de competencia do respectivo concello, nos formularios e modelos normalizados, elaborados para o efecto pola consellaría con competencias en materia de economía e empresa, co obxectivo de axilizar a implantación das novas iniciativas empresariais.

b) Os suxeitos promotores poderán presentar a través del a documentación dirixida ao concello e recibir as notificacións procedentes da administración municipal.

c) Suporá a asunción por parte dos concellos dos mesmos compromisos sinalados no artigo 14 para a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Así mesmo, suporá a asunción do compromiso por parte do respectivo concello da recomendación de establecer bonificacións no imposto sobre construcións, instalacións e obras, así como na taxa pola expedición da licenza urbanística de obra ou pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de comunicación, cando sexan esixibles, para os supostos derivados dunha iniciativa empresarial; respectando en todo caso, o disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, de refundición da Lei de Facendas Locais, especialmente o seu artigo 103.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº15, de Substitución.

Substituír o nome e o texto do Artigo 12 polo seguinte:

“Adhesión dos concellos ao Sistema de Atención ao Investimento.

Poderá incorporarse ao Sistema de Atención ao Investimento calquera concello galego no momento que o considere, mediante adhesión ao convenio referido no Artigo 10 desta lei.”

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº35, ao apartado 1, de Modificación.

Proponse unha nova redacción para o punto 1 deste artigo, que quedará redactado do seguinte xeito:

"1. Poderán incorporarse ao Sistema de atención ao investimento aqueles concellos que teñan adquirida a condición de «concellos emprendedores» mediante a súa adhesión ao Protocolo Xeral asinado polos presidentes da Xunta de Galicia e da Fegamp o día 10 de outubro de 2017, que estean en trámite de adhesión ou que procedan ao dito trámite dentro do prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei ."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº36, ao apartado 2 d), de Modificación.

Proponse unha nova redacción para a letra d) deste artigo, que terá o seguinte contido:

"d) Así mesmo, suporá a asunción do compromiso por parte do respectivo concello da recomendación de establecer bonificacións no imposto sobre construcións, instalacións e obras, así como na taxa pola expedición da licenza urbanística de obra ou pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de comunicación, cando sexan esixibles, para os supostos derivados dunha iniciativa empresarial; respectando, en todo caso, o disposto no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, de refundición da Lei de facendas locais, especialmente o seu artigo 103."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 13. Áreas de información

1. O Sistema de atención ao investimento incluírá información xeral nas seguintes áreas:

a) O procedemento administrativo substantivo, ambiental e urbanístico necesario para a implantación das instalacións que requira a posta en funcionamento das iniciativas empresariais.

b) A tramitación administrativa necesaria para a constitución das empresas.

c) As axudas e os incentivos aplicables para a creación de empresas, así como todos aqueles dos que se poidan beneficiar as persoas promotoras nas iniciativas empresariais.

d) Outros temas de interese para as empresas, como o financiamento, **incluído o europeo**, a fiscalidade, a internacionalización, a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e de innovación e a cooperación empresarial.

2. Así mesmo, o Sistema permitirá realizar as seguintes accións:

a) Presentar de forma electrónica, mediante o acceso ao rexistro electrónico xeral, as solicitudes, a documentación e as comunicacións dirixidas á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e aos concellos adheridos.

b) Acceder á información relativa aos expedientes, de forma que as persoas interesadas poidan comprobar en tempo real o estado de tramitación das súas comunicacións e solicitudes, incluída a emisión dos informes que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia soliciten a outras administracións ou ás diferentes consellarías que a integran.

c) Consultar o prazo máximo de emisión dos informes e o sentido do silencio administrativo previstos na correspondente norma reguladora.

d) Consultar as bonificacións das taxas e dos impostos municipais que os concellos adheridos apliquen á implantación das iniciativas empresariais no seu ámbito territorial.

d) Acceder aos modelos de proposta para a mellora da regulación económica e de comunicación de obstáculos e barreiras á competitividade económica que aprobe a Administración autonómica.

3. No momento en que a Administración xeral do Estado faga efectiva a previsión contida na disposición adicional segunda da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio, relativa aos trámites que se realicen ante a Axencia Estatal de Administración

Tributaria e a Tesourería Xeral da Seguridade Social, poderá incluírse no Sistema de atención ao investimento a información relativa á devandita tramitación mediante a subscrición do oportuno convenio.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº37, ao apartado 1, de Modificación.

Propónse unha nova redacción para o punto 1 deste artigo que terá o seguinte contido:

1. O Sistema de atención ao investimento incluírá información completa, actualizada e necesaria nas seguintes áreas: "

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº38, ao apartado 1.b), de Modificación.

Na letra b) do punto 1, deste artigo, onde di:: "A tramitación administrativa necesaria ...", debe dicir: "... A tramitación administrativa integral necesaria ..."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº16, ao apartado 2.d), de Substitución.

Substituír o texto do subapartado d) do apartado 2 do Artigo 13 polo seguinte:
"Consultar as bonificacións das taxas e dos impostos das diferentes administracións e as condicións de acceso aos servizos de créditos ofertados polo Instituto Galego de Crédito e Investimento".

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº17, ao apartado 2.d) bis), de Adición.

Engadir un novo subapartado f) no apartado 2 do Artigo 13 co seguinte texto:

"f) Empregar unha caixa de correo electrónica para canalizar a participación pública e para a recepción de consultas e a exposición de respostas de interese."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº41, ao apartado 1.d) ter), de Adición.



No punto 1 deste artigo, débese engadir unha nova letra d) ter, que terá o seguinte contido:

"d) ter.Os proxectos presentados para a obtención de fondos europeos, con indicación do tipo de fondo, contía, prazos, órgano xestor e o estado de tramitación, así como da súa execución no caso de seren concedidos."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 14. Recursos dispoñibles

1. A través do Sistema de atención ao investimento poderase acceder de forma gratuíta aos seguintes recursos:

a) Os catálogos en que se recollan de forma clara e por orde cronolóxica todos os trámites administrativos exixibles e as actuacións necesarias para a implantación das iniciativas empresariais, incluídos os de competencia municipal dos concellos adheridos ao Sistema de atención ao investimento.

b) Todos os formularios e modelos de solicitude de autorización, de comunicación e de declaración responsable asociados a calquera dos procedementos administrativos de implantación das iniciativas empresariais da competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia, nos que se indicará a relación da documentación que debe achegar a persoa interesada.

2. Tanto os catálogos como os distintos formularios e modelos mencionados no número anterior deberán figurar permanentemente actualizados.

3. Os catálogos serán elaborados pola Oficina Doing Business Galicia coa colaboración das diferentes consellarías con competencias por razón da materia. Na súa elaboración priorizaranse aqueles sectores de actividade que presenten un maior dinamismo na implantación ou cuxa demanda precise ser acelerada por razóns estratéxicas.

Poderase concertar a elaboración dos contidos dos catálogos cos colexios profesionais, cámaras de comercio, organizacións empresariais e outras entidades representativas dos sectores afectados.

4. Os catálogos e as súas actualizacións serán aprobados polo Consello da Xunta de Galicia.

5. A aprobación dos catálogos deberá incluír un trámite de audiencia, por un prazo de 15 días hábiles, ás distintas consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

6. No procedemento de elaboración de disposicións normativas autonómicas que incorporen novos trámites para a implantación de iniciativas empresariais deberá xustificarse a súa necesidade de acordo co principio de boa regulación previsto nesta lei. Unha vez aprobada a norma que regule o novo trámite, deberá procederse á actualización do catálogo ou catálogos correspondentes.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº43, ao apartado 1.b), de Adición.

Na letra b) do punto 1, deste artigo, débese engadir logo de:
"... entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia, ..." a seguinte frase: "... así como para a obtención de fondos europeos, ..."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº18, ao apartado 3, de Substitución.

Substituír o texto do apartado 3 do Artigo 14 polo seguinte:

"3. Os catálogos serán elaborados pola Xunta de Galiza coa colaboración das diferentes consellerías con competencias por razón da materia, previa consulta á Fegamp, ao Consello Económico e Social e ás universidades galegas. Na súa elaboración priorizaranse aqueles sectores de actividade que presenten unha maior compoñente innovadora, un maior dinamismo na implantación ou cuxa demanda precise ser acelerada por razóns estratéxicas previamente acordadas polo Parlamento Galego. Colaborarase na elaboración dos contidos dos catálogos cos colexios profesionais, cámaras de comercio, organizacións sociais, empresariais e outras entidades representativas dos sectores afectados."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº19, ao apartado 4, de Substitución.

Substituír o texto do apartado 4 polo seguinte:

"4. Os catálogos e as súas actualizacións serán aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, previa remisión á Cámara galega."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº20, ao apartado 5, de Substitución.

Substituír o texto do apartado 5 polo seguinte texto:

"5. A aprobación dos catálogos deberá incluír un trámite de audiencia pública, por un prazo de 20 días hábiles, a entidades locais e ás distintas consellarías da Comunidade, seguido do prazo de exposición pública á cidadanía por un prazo de 30 días hábiles."



-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº21, ao apartado 6, de Supresión.

Suprimir o apartado 6 do Artigo 14.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº42, ao apartado 6, de Adición.

No punto 6, deste artigo, débese engadir, despois de: "... co principio de boa regulación previsto nesta lei. ...", a seguinte frase: "... e someterse a informe do Consello Consultivo de Galicia. ..."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 15. Avaliación externa
Coa periodicidade que se determine regulamentariamente, realizaranse as avaliaci3ns externas e independentes do funcionamento do Sistema de atenci3n ao investimento. Os informes elaborados polas entidades avaliadoras estar3n dispoñibles como parte da informaci3n que ofrezga o sistema.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda n344, de Supresi3n.

No t3tulo deste artigo, d3bese suprimir a seguinte palabra: "...
externa."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda n322, de Substituci3n.

Substituir o texto do Artigo 15 polo seguinte:

"Bianualmente realizarase unha avaliaci3n externa e independente do funcionamento do Sistema de Atenci3n ao Investimento, previo concurso p3blico da s3a contrataci3n. Os informes elaborados polas entidades avaliadoras estar3n dispoñibles como parte da informaci3n que ofrezga o sistema e ser3 remitidos ao Consello Econ3mico e Social e ao Parlamento Galego para a formulaci3n, se proceder, de propostas de mellora, actuaci3n ou actualizaci3n."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda n345, de Modificaci3n.

Proponse unha nova redacci3n para este artigo, que ter3 o seguinte contido:

"A consellar3a con competencias en avaliaci3n e reforma administrativa elaborar3 semestralmente unha avaliaci3n do funcionamento e eficacia do Sistema de atenci3n ao investimento, no que debe incluír as valoraci3ns de todos os seus integrantes. Os informes faranse p3blicos e elaboraranse de maneira clara e actualizada como parte da informaci3n que ofrezga o dito sistema.



Anualmente, no marco do seu Plan de traballo anual o Consello de Contas de Galicia avaliará o funcionamento do Sistema de atención ao investimento."

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO II

Oficina Doing Business Galicia

Artigo 16. Fins e obxectivos da Oficina Doing Business Galicia

A Oficina Doing Business Galicia é o órgano responsable da xestión dos instrumentos previstos nesta lei para facilitar a implantación das iniciativas empresariais, especializada no acompañamento e tramitación dos proxectos industriais estratéxicos e das iniciativas empresariais prioritarias, así como a coordinación do asesoramento ás persoas empresarias para a posta en marcha e acompañamento das iniciativas empresariais.

A Oficina depende da Secretaría Xeral Técnica da consellaría con competencias en materia de economía e empresa na súa condición de autoridade designada pola Comunidade Autónoma como punto de contacto para a unidade de mercado.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº23, de Supresión.

Suprimir o Artigo 16.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº47, de Adición.

Proponse a creación dun novo artigo 16 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 16 bis.

1. A información en relación cos instrumentos previstos nesta lei para facilitar a implantación das iniciativas empresariais en relación co acompañamento e tramitación dos proxectos industriais estratéxicos e das iniciativas empresariais prioritarias canalizarase a través dun portal electrónico único a disposición dos operadores económicos.

2. Corresponde aos órganos competentes da Xunta de Galicia a obriga de manter permanentemente actualizada a información relativa ao marco xurídico aplicable, os réximes de intervención administrativa e os requisitos habilitantes en relación cos proxectos industriais estratéxicos, as iniciativas empresarias prioritarias, así como as posibilidades de apoio financeiro no marco do Instrumento europeo de recuperación ou outros esquemas de apoio público.

3. No portal electrónico único incorporarase unha carpeta para cada operador económico na que se integrarán as diferentes actuacións administrativas en relación con este, de forma que opere como repositorio de documentación para facer efectivo o dereito de non presentar documentos que se atopan en poder de calquera administración pública, podendo ser consultada e actualizada tanto polos operadores económicos como polas administracións públicas, salvagardando a normativa de protección de datos así como a autonomía municipal."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 17. Funcións

1. Corresponden á Oficina Doing Business Galicia as seguintes funcións:

a) Xestionar o Sistema de atención ao investimento e elaborar os catálogos.

b) Dirixir a Unidade de Apoio das Iniciativas Empresariais.

c) Acompañar e dar soporte aos suxeitos promotores das iniciativas susceptibles de ser cualificadas como proxectos industriais estratéxicos ou iniciativas empresariais prioritarias, analizando as solicitudes telemáticas recibidas ou as consultas realizadas por vía telefónica ou presencial. En particular, a Oficina deberá orientar as persoas interesadas sobre os títulos habilitantes necesarios para levar a cabo un proxecto ou a súa modificación, a tramitación pertinente e a posible obtención de axudas públicas.

d) Analizar se unha iniciativa é susceptible de ser cualificada como proxecto industrial estratéxico ou iniciativa empresarial prioritaria, así como propor a devandita cualificación á persoa titular da consellaría con competencias en materia de economía e empresa.

e) Impulsar a tramitación dos proxectos industriais estratéxicos e das iniciativas empresariais prioritarias mediante a consulta a outros órganos ou entidades, da mesma ou doutra Administración, así como a través da proposta ou requirimento de actuación ou de realización de trámites aos correspondentes departamentos do sector público autonómico de Galicia.

f) Elaborar o plan de seguimento de execución de proxectos industriais estratéxicos e iniciativas empresariais prioritarias e efectuar os controis pertinentes.

g) Analizar, por petición da persoa interesada ou por iniciativa propia, as actividades económicas en curso que sexan estratéxicas para a Comunidade Autónoma de Galicia e estean en situación de risco de continuidade, elevando un informe de valoración da situación e das alternativas á persoa titular da consellaría con competencias en materia de economía e empresa e realizando o seguimento destas actividades, con atención especial ás actuacións administrativas propostas.

h) Elaborar un informe anual de actividade en relación coa avaliación e tramitación dos proxectos estratéxicos e das iniciativas empresariais prioritarias, **que será colgado na páxina web da consellaría competente en economía e empresa.**

i) Realizar outras actuacións que permitan impulsar, aprobar e manter proxectos estratéxicos para a Comunidade Autónoma de Galicia.

j) Coordinar a rede de oficinas de apoio á empresa para as restantes iniciativas empresariais previstas nesta lei.

2. En relación coa unidade de mercado, a Oficina Doing Business Galicia levará a cabo a análise e tramitación en relación coas propostas relativas á unidade de mercado, dando soporte á Secretaría Xeral Técnica da que depende.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº24, de Supresión.

Suprimir o Artigo 17.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº48, ao apartado 1.c), de Adición.

Na letra c) do punto 1, deste artigo, débese engadir logo de: "... como proxectos industriais estratéxicos, ..." a seguinte frase: "... iniciativas empresariais prioritarias ou fondos europeos ..."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº50, ao apartado 1.j) bis), de Adición.

Débese engadir unha nova letra j) bis, no punto 1, que terá o seguinte contido:

"j) bis. Velar para que o censo de solo industrial de Galicia estea actualizado."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº51, ao apartado 1.j) ter), de Adición.

Débese engadir unha nova letra j) ter, no punto 1, que terá o seguinte contido:

"j) ter. Xestionar as propostas para a mellora da regulación económica e de comunicación de obstáculos á actividade empresarial e coordinar accións pertinentes cos organismos afectados para eliminar os devanditos obstáculos."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 18. Dirección e dotación de medios

1. Á fronte do funcionamento operativo da Oficina Doing Business Galicia estará un órgano con nivel de subdirección xeral, ou equivalente, para impulsar as funcións relativas aos proxectos industriais estratéxicos e ás iniciativas empresariais prioritarias.

2. A Oficina Doing Business Galicia deberá dotarse dos medios persoais suficientes e especializados na tramitación dos proxectos industriais estratéxicos e das iniciativas empresariais prioritarias, no apoio ás iniciativas empresariais con carácter xeral, na obtención dos fondos europeos e na atención ao investimento estranxeiro.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº25, de Supresión.

Suprimir o Artigo 18.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº26, de Adición.

Engadir un novo CAPÍTULO II bis, co seguinte nome:

“CAPÍTULO II bis- Medidas urxentes de impulso do tecido produtivo, industrial e innovador e freo á deslocalización”.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº27, de Adición.

Engadir un novo Artigo 18 bis, co seguinte texto:

"Artigo 18 bis. Adópanse as seguintes medidas urxentes para frear o impacto da covid-19 no aumento e na sobreexposición do fenómeno de deslocalización e as súas consecuencias na economía galega, de forma que as medidas de apoio económico arbitradas pola Comunidade Autónoma revertan no desenvolvemento económico e social de Galiza.

Un. Enténdese que son medidas de apoio e desenvolvemento económico arbitradas pola Comunidade Autónoma aquelas axudas recibidas das institucións da Comunidade Autónoma de Galiza no marco da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións e da correspondente lei de orzamentos xerais, e aquelas que se outorgan por parte de organismos autónomos, entes públicos instrumentais, sociedades públicas e fundacións públicas, con cargo aos seus respectivos orzamentos. Así mesmo, inclúense aquelas medidas económicas directamente xestionadas por parte da comunidade autónoma como parte dos mecanismos europeos e estatais habilitados para a reactivación económica.

Dous. Para a obtención das medidas de apoio e desenvolvemento económico sinaladas no apartado Un será esixida a sinatura do compromiso empresarial de non deslocalización durante os dez anos seguintes á obtención das medidas de apoio e desenvolvemento económico por parte da Comunidade Autónoma.

Tres. No caso de comprobación de deslocalización significativa ou total da actividade produtiva deberán ser reingresadas as axudas obtidas, podendo acrecentarse unha penalización naqueles programas de apoio da comunidade que contribúan á transferencia de I+D+i.

Catro. No prazo máximo dun mes acordarase ao abeiro do Consello Económico e Social os parámetros obxectivos para a consideración de deslocalización.

Cinco. Facúltase ao goberno galego para ditar cantas normas sexan precisas para o desenvolvemento do recollido neste capítulo, a transitoriedade das axudas xa concedidas con anterioridade e os mecanismos de fiscalización e monitorización oportunos."



EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº28, de Adición.

Engadir un novo Artigo 18 ter co seguinte texto:

"Artigo 18 ter. Adópase a seguinte medida urxente para o impulso á compoñente innovadora na actividade económica e empresarial: O goberno galego desenvolverá medidas concretas a través da Consellaría competente en Economía e innovación para incrementar a compoñente innovadora no sistema produtivo e no emprendemento privado e aumentar a relación coa I+D+i. A tal fin establecerá unhas marxes mínimas para o apoio ao investimento e para a concesión dunha porcentaxe das axudas e créditos públicos, determinando a contía en función do seu tamaño, prestando especial atención ás medianas e grandes empresas."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº29, de Adición.

Engadir un novo Artigo 18 quater co seguinte texto:

"Artigo 18 quater. Adópase a seguinte medida urxente para o impulso da contratación pública na reactivación económica e social e na reorientación económica. A consellaría competente en materia de facenda elaborará unha estratexia para a inmediata inclusión de cláusulas para que a contratación pública estratéxica e responsábel acade obxectivos sociais, éticos, ambientais e de normalización da lingua galega. Así, introduciranse cláusulas sociais, de comercio xusto e responsábel, verde, lingüísticas e con perspectiva de xénero e fomento da igualdade. Terase en conta ademais a necesidade de valorar neste ámbito ás entidades sen ánimo de lucro, á economía social e á integración de colectivos desfavorecidos ou que presentan dificultades de inclusión social. Tales cláusulas, no caso concreto das sociais, deben servir para crear emprego, mais tamén para garantir que as persoas que traballan nas empresas contratistas teñen unhas condicións laborais óptimas. Ademais, desenvolverase a figura dos contratos reservados a centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción."

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO III.

Sistema de acompañamento individualizado

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº30, de Substitución.

Substituír o título e o contido do CAPÍTULO III polo seguinte:

“CAPÍTULO III Creación do Instituto Galego e Crédito e Investimento como ferramenta para o impulso da reactivación económica galega.

Artigo 19. Creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento.

1. Autorízase a creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento, entidade pública empresarial adscrita á consellaría competente en materia de economía, con personalidade xurídica propia, das previstas no artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público de Galiza, para contribuír ao impulso da reactivación económica galega e do acceso a crédito e financiamento dos sectores produtivos e innovadores e, particularmente das pequenas e medianas empresas e autónomos e autónomas.

2. O Instituto Galego de Crédito e Investimento será o instrumento principal da política económica de reactivación e fornecemento de crédito público do Goberno Galego, estará sometido á normativa de aplicación do sector público galego e á do dereito privado que lle sexan de aplicación no exercicio da súa actividade. O Instituto Galego de Crédito e Investimento terá patrimonio e tesouraría propia. Así mesmo, no exercicio das súas funcións disporá de autonomía financeira, patrimonial, funcional e de xestión, con submisión á presente lei e ao resto do ordenamento xurídico. O seu Estatuto fixará o réxime patrimonial e económico, consonte as disposicións aplicábeis ao sector público galego.

3. O Instituto Galego de Crédito e Investimento, a fin de cumprir o seu cometido, poderá utilizar instrumentos de dereito público e privado e asinar convenios de colaboración, concertos e protocolos de actuación coa Administración pública e con calquera ente ou institución pública ou privada.

4. Os obxectivos e fins xerais do Instituto Galego de Crédito e Investimento serán os seguintes:

- a) Promover aquelas actividades económicas que contribúan ao desenvolvemento e ao aumento da riqueza de Galiza e en especial, aquelas que, pola súa transcendencia social, cultural, innovadora ou ecolóxica, merezan unha atención prioritaria.
- b) A participación ou concesións directa de créditos ás empresas e emprendedores de Galiza, dentro das áreas prioritarias da economía produtiva que estableza o Goberno galego.
- c) A redución de custos na xestión dos recursos financeiros e nas operacións de crédito da Comunidade Autónoma.
- d) Contribuír a xerar unha nova dinámica ao conxunto do sistema financeiro galego, reforzando a aposta por unha economía produtiva, innovadora, creadora de emprego da calidade e sustentábel.
- e) atender a situación de emerxencia e dificultade de acceso ao crédito do sector das e dos autónomos e da pequena e mediana empresa galega derivadas da transformación do mercado financeiro e da crise da covid-19.

5. En desenvolvemento de ditos obxectos, o Instituto Galego de Crédito e Investimento poderá:

- a) Desenvolver aquelas actividades financeiras que lle encomende o Goberno Galego no ámbito das súas competencias, incluída a xestión dos instrumentos económicos que posibiliten fondos extraordinarios habilitados para dar resposta á crise da covid por parte das institucións europeas e estatais, cando sexa compatible coa regulación vixente.

- b) Tomar participacións ou prestar apoios financeiros en empresas e entidades non financeiras públicas ou privadas.

- c) Constituír, no marco da normativa mercantil e nos termos e condicións establecidos pola lexislación aplicábel, sociedades mercantís dedicadas ao financiamento de empresas baixo calquera modalidade, ou sociedades de investimento en participacións financeiras ou patrimoniais. Ao seu tempo, ditas sociedades poderán participar igualmente en sociedades mercantís, financeiras ou fondos, sexan públicos ou privados, cuxas actividades se dirixan ao investimento en sectores relacionados coa innovación ou co tecido produtivo de Galiza, en sociedades e fondos de garantía, e en sociedades ou fondos de capital risco.

- d) Outorgar e formalizar créditos, operacións de financiamento, avais e outras garantías en favor de institucións, administracións ou corporacións públicas, persoas físicas, autónomos e autónomas, e de persoas xurídicas, públicas e privadas. En todo caso, os créditos e avais que se concedan a persoas xurídicas deben destinarse ao financiamento de

investimentos en activos materiais, inmateriais e financeiros, así como de capital circulante, coa excepción do sector da promoción inmobiliaria (agás a vivenda de protección oficial) que non poderá ser financiada polo Instituto.

e) Prestar asesoramento en materia financeira e emitir informes para o Goberno galego ou o departamento competente en materia de finanzas, a petición destes ou a iniciativa propia.

f) Exercer a representación da Comunidade Autónoma de Galiza nos eidos financeiro e crediticio.

A actividade descrita, particularmente a concesión de créditos e avais, dirixirase a actividades que se realizan en Galiza e, excepcionalmente, para actividades que se desenvolven fóra deste territorio. Neste último caso, con todo, a empresa ou o beneficiario afectado debe ter o seu enderezo social en Galiza.

6. Os Estatutos do Instituto Galego de Crédito e Investimento regularán os órganos de goberno e existirá ademais un Comité Asesor, como órgano de participación dos axentes sociais e institucións e entidades representativas no eido económico, designadas na súa metade por ditas institucións e entidades, e na outra metade polo Parlamento de Galiza a proposta dos grupos parlamentares, entre persoas de competencia recoñecida, procedentes do ámbito financeiro, económico, social ou universitario

7. Os recursos económicos do Instituto Galego de Crédito e Investimento estarán constituídos por:

a) As asignacións que se establezan anualmente con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza.

b) As subvencións, achegas ou doazóns que se concedan ao seu favor por persoas físicas, xurídicas ou outras administracións ou institucións públicas.

c) Os ingresos derivados dos bens e dereitos integrados no seu patrimonio, e os ingresos ordinarios e extraordinarios derivados do exercicio das súas actividades.

d) As achegas doutras institucións financeiras, públicas ou privadas, que se establezan consonte a normativa en vigor, ou a través de convenios ou acordos de financiamento.

e) As emisións de valores de renda fixa, variábel, ou outras operacións de endebedamento e os recursos derivados da xestión integral dos seus activos e pasivos.

f) Os rendementos procedentes doutras operacións financeiras distintas das indicadas anteriormente, acordos coa propia finalidade do Instituto.

g) Outros recursos que poidan serlle atribuídos na normativa sectorial ou orzamentaria.

8. O réxime económico e orzamentario, así como o seu control e fiscalización, do Instituto Galego de Crédito e Investimento



será o establecido na normativa de réxime orzamentario de Galiza para as entidades instrumentais públicas. Así mesmo, as obrigas patrimoniais do Instituto Galego de Crédito e Investimento terán a garantía da administración da Comunidade Autónoma de Galiza.

9. Os postos de traballo do Instituto Galego de Crédito e Investimento serán desempeñados por persoal laboral contratado polo Instituto, ademais de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galiza, segundo as funcións asignadas a cada posto de traballo. Neste caso, o réxime de adscrición será o establecido pola normativa de función pública de Galiza. O resto dos postos de traballo serán seleccionados en convocatorias públicas, conforme os principios de mérito e capacidade.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 19. Rede de oficinas de apoio á empresa

1. A función de acompañamento ás persoas empresarias para a posta en marcha das iniciativas empresariais desenvolverase a través das oficinas de apoio á empresa. Cando as persoas empresarias teñan a condición de persoas emprendedoras, o acompañamento individualizado poderá ser prestado pola Unidade Galicia Emprende co alcance previsto no artigo 8 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

2. A rede de oficinas de apoio á empresa poderá ser obxecto de modificación por parte da consellaría con competencias en materia de economía e empresa en función das necesidades que se detecten e figurará permanentemente actualizada no Sistema de atención ao investimento.

Así mesmo, a función de acompañamento individualizado poderá exercerse a través doutros servizos territoriais da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico que se determinen por razón da súa especialidade material e, en concreto, a través das oficinas agrarias comarcais, no seu respectivo ámbito de actuación, sen prexuízo das funcións de información e acompañamento para o emprendemento en economía social que corresponden ás entidades que forman parte da Rede Eusumo, segundo o disposto no Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e se regula o seu funcionamento.

3. Mediante a subscripción do correspondente convenio poderá estenderse a condición de oficinas de apoio, coas funcións de acompañamento descritas no número 1, ás cámaras de comercio, aos colexios profesionais e ás asociacións empresariais sen ánimo de lucro.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº31, de Supresión.

Suprimir o Artigo 19.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº52, de Adición.



Ab initio, neste artigo, debe crearse o seguinte parágrafo:

"A rede de oficinas de apoio á empresa, dependente da Oficina de Facendo Negocios Galicia, será a encargada do acompañamento individualizado ás persoas empresarias para a posta en marcha das iniciativas empresariais."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº53, de Adición.

Débese engadir un novo artigo 19 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 19 bis.

1. De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, as administracións públicas de Galicia deberán garantir que desde un único punto se poidan realizar todos os procedementos para o acceso e o exercicio da actividade económica previstos nesta lei.

2. A ventanilla única para o exercicio da actividade económica deberá comprender a información, o asesoramento e a tramitación unificada en cantos trámites sexan precisos para o acceso e o exercicio da actividade económica."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 20. Unidade de Apoio das Iniciativas Empresariais

1. A consellaría con competencias en materia de economía e empresa, **dentro da Oficina Doing Business Galicia**, creará unha Unidade de Apoio das Iniciativas Empresariais, que asumirá, entre outras funcións, o apoio no acompañamento individualizado ás persoas empresarias, así como a colaboración nas tarefas de redacción, revisión e actualización dos catálogos do Sistema de atención ao investimento.

2. Da Unidade de Apoio das Iniciativas Empresariais, e para os efectos do exercicio das funcións indicadas no número anterior, dependerá funcionalmente o persoal empregado público que para tal fin designen as consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as súas entidades con funcións vinculadas á actividade empresarial, sen prexuízo da súa dependencia orgánica da consellaría de orixe.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº32, de Supresión.

Suprimir o Artigo 20.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 21. Colaboración das distintas consellarías

1. Nas consellarías ou nas entidades con funcións vinculadas á actividade empresarial, designaranse as persoas que dependerán funcionalmente da Unidade de Apoio das Iniciativas Empresariais de acordo co expresado no artigo 20 e que tamén asumirán as funcións de contacto para colaborar coa rede de oficinas de apoio á empresa nos aspectos máis concretos do ámbito de competencias de cada unha delas.

2. Esta colaboración interna articularase entre a rede de oficinas de apoio á empresa e as persoas que conforman a unidade, de tal modo que as primeiras se encargarán de coordinar a información necesaria das distintas consellarías e de trasladala de modo unificado e directo á persoa solicitante.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº33, de Supresión.

Suprimir o Artigo 21.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 22. Acompañamento individual na xestión dos proxectos

1. Co obxecto de lograr un impulso efectivo das iniciativas empresariais que poidan optar á declaración de proxectos industriais estratéxicos ou iniciativas empresariais prioritarias, a consellaría con competencias en materia de economía e empresa poderá designar ou contratar xestores de proxecto para prestarlle ao suxeito promotor asistencia na tramitación administrativa e acompañamento e orientación no cumprimento dos distintos trámites.
2. Os labores de asistencia, acompañamento e orientación previstos neste artigo poderán realizarse mediante a formalización dos oportunos convenios de colaboración ou dos contratos con entidades alleas á Administración.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº34, de Supresión.

Suprimir o Artigo 22.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº55, ao apartado 1, de Modificación.

No punto 1 deste artigo, onde di: "... ou contratar xestores de proxecto para prestarlle ...", debe dicir: "... empregados públicos para prestarlle"

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº56, ao apartado 2, de Supresión.

O punto 2 deste artigo debe suprimirse.

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO III

Simplificación e racionalización de trámites e procedementos administrativos

CAPÍTULO I

Simplificación da tramitación administrativa autonómica

Artigo 23. Informes sectoriais emitidos polos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e polas entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia

1. Con carácter xeral, a implantación dunha iniciativa empresarial poderá exixir, en función das afeccións que deriven da súa implantación física no territorio, cando así o estableza a normativa sectorial vixente, a emisión con carácter preceptivo dun ou varios dos seguintes informes:

- a) O informe do órgano competente en materia de urbanismo.
- b) O informe do órgano competente en materia de conservación do patrimonio natural, nos supostos de afección a este.
- c) O informe do órgano competente en materia de patrimonio cultural, nos supostos de afección a bens integrantes deste e, en particular, no caso de afección aos bens declarados de interese cultural ou catalogados, aos seus contornos de protección e, nos supostos preceptivos, á súa zona de amortecemento, ou aos territorios delimitados dos Camiños de Santiago.
- d) O informe do órgano competente en materia de planificación hidrolóxica e de dominio público hidráulico, nos supostos de existencia e afección a algún recurso hidrolóxico ou ao dominio público hidráulico, incluídas as verteduras.
- e) O informe do órgano competente en materia de paisaxe, nos supostos de posible afección á paisaxe.
- f) O informe do órgano competente en materia de saúde pública, nos supostos dunha posible afección significativa ás condicións de saúde da cidadanía.
- g) O informe dos órganos competentes en materia de prevención e xestión de riscos derivados de accidentes graves ou catástrofes, nos supostos dunha posible afección á seguridade da cidadanía, incluídos os derivados de contaminación mariña.
- h) O informe do órgano competente en materia de turismo, cando a implantación da iniciativa empresarial poida afectar de modo significativo o valor turístico do territorio afectado.



i) O informe do órgano competente en materia de infraestruturas ou obras públicas, cando a implantación da iniciativa empresarial afecte as infraestruturas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

j) O informe do órgano competente en materia de montes, no suposto de afección aos montes catalogados de utilidade pública e terreos forestais incluídos na normativa sectorial reguladora.

k) O informe do órgano competente en materia de pesca, acuicultura e marisqueo, cando a implantación da iniciativa empresarial afecte estes recursos.

l) O informe do órgano competente en materia de protección e defensa contra os incendios forestais, cando o proxecto poida ter incidencia neste eido

m) O informe do órgano competente en materia de desenvolvemento rural, cando o proxecto poida ter incidencia nos instrumentos de planificación, mobilización e recuperación de terras agroforestais.

n) Aqueloutros informes que, en función das características da iniciativa, resulten preceptivos en virtude da normativa aplicable.

2. Os informes dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia con competencia sectorial na protección e defensa do territorio, e dos intereses, bens e elementos configuradores deste que deban ser protexidos, así como os que teñan por finalidade velar pola saúde e protección das persoas, teñen carácter preceptivo e vinculante, cando así o estableza a normativa sectorial aplicable, en calquera procedemento que poida afectar a implantación das iniciativas empresariais no territorio.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 24. Prazo de emisión e efectos da falta de emisión en prazo

1. Os informes sinalados no artigo anterior terán un prazo de emisión de tres meses, agás que unha disposición legal determine un prazo inferior.

Transcorrido o devandito prazo sen que fosen emitidos ou sen resolución expresa, terán a consideración de favorables á implantación da iniciativa empresarial, salvo nos supostos en que a normativa estatal que resulte de aplicación determine outra solución.

2. Cando o órgano sectorial que deba emitir o informe aprecie dificultades para cumprir o prazo establecido, poderá realizar un encargo para a realización dun estudo a medios propios ou a entidades sen ánimo de lucro con capacidade para pronunciarse na materia respectiva, ou, na falta dos anteriores e motivadamente, a outras persoas expertas na materia. O estudo realizado poderá ser tido en conta para a elaboración do informe do órgano sectorial. A entidade ou contratista que o elaboren serán responsables da calidade técnica dos traballos que desenvolvan e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para **terceiras persoas** das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na elaboración do estudo, de acordo, en particular, co establecido pola normativa contractual aplicable, no caso de acudirse, para a realización do estudo, a un contrato.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº35, ao apartado 1, de Modificación.

Substituír o texto do segundo parágrafo do apartado 1 do Artigo 24 polo seguinte:

“Transcorrido o devandito prazo sen que se tivesen emitido ou sen resolución expresa, terá a consideración de desfavorable á implantación da iniciativa empresarial, agás nos supostos nos que a normativa estatal que resulte de aplicación determine outra solución.”

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº36, ao apartado 2, de Supresión.



Suprimir o apartado 2 do Artigo 24.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 25. Medidas de axilización procedemental

1. Cando no procedemento de autorización ou declaración dunha iniciativa empresarial sexa preciso solicitar varios informes, o órgano competente para ditar a resolución final solicitará a emisión de todos os informes que resulten preceptivos de modo simultáneo.

No caso en que un mesmo órgano sectorial autonómico deba emitir informe para varios efectos, dentro do trámite ambiental, trámite urbanístico e trámite da autorización substantiva, emitirá un único informe que abarque os distintos aspectos sobre que deba pronunciarse, salvo nos supostos en que existan modificacións substanciais na documentación achegada que se exixa para cada ámbito.

2. Os informes que deban emitirse non terán carácter sucesivo, de tal forma que a emisión dun informe non estará condicionada pola expedición previa do informe doutro órgano sectorial. O órgano informante pronunciarase exclusivamente respecto do ámbito sectorial en que resulta competente.

3. Naqueles supostos en que o órgano sectorial consultado requira para o seu pronunciamento someter o plan ou o proxecto en que se materializa a iniciativa empresarial á consideración dos seus órganos asesores ou consultivos, o órgano sectorial deberá garantir a axilidade destas consultas, de xeito que poida emitir o seu informe no prazo establecido no artigo anterior.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 26. Informes sectoriais emitidos polos órganos da Administración do Estado

Cando nun procedemento de autorización de competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia sexa preceptiva a emisión do informe dun órgano da Administración do Estado, o órgano substantivo autonómico que deba ditar a resolución final solicitará directamente do centro directivo, organismo ou entidade estatal a emisión do correspondente informe.

Transcorrido o prazo máximo de emisión sen pronunciamento expreso do informante, o órgano substantivo porá esta circunstancia en coñecemento da Delegación do Goberno en Galicia e os efectos económicos derivados da ausencia ou demora na emisión do informe, e informará desta circunstancia ao suxeito promotor.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 27. Tramitación conxunta dos distintos procedementos relativos a unha mesma iniciativa empresarial

1. A Administración autonómica, no exercicio das súas competencias, promoverá o establecemento de procedementos para garantir que os actos de control que afecten a implantación de iniciativas empresariais se integren nun procedemento único e ante unha única instancia. Para tal efecto, regularase o procedemento e determinarase o órgano autonómico competente ante o cal se realizarán os trámites e que, de ser o caso, o resolverá. Estes procedementos coordinarán todos os trámites administrativos necesarios para a implantación das ditas iniciativas empresariais con base nun proxecto único.

Estes procedementos basearanse nos principios de liberdade de establecemento, voluntariedade para **a persoa interesada**, portelo único, respecto das competencias das administracións intervinientes, cooperación interadministrativa, proporcionalidade das actuacións e simplicidade de cargas administrativas.

2. No caso de que o suxeito promotor da iniciativa empresarial optar pola tramitación conxunta prevista neste artigo deberá presentar, de acordo co que dispoña a normativa reguladora do procedemento:

a) A documentación que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa reguladora dos actos de control integrados no procedemento.

b) De resultar preciso, o documento ambiental necesario para a avaliación ambiental do proxecto, segundo o establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma básica estatal que a substitúa.

c) De ser o caso, a documentación necesaria para a aprobación do proxecto sectorial.

d) A relación dos bens e dereitos afectados, no caso de solicitarse a declaración de utilidade pública da instalación.

3. O órgano responsable da tramitación, no caso de ser necesaria, someterá a información pública, de forma simultánea, o proxecto de execución, o estudo de impacto ambiental no caso de avaliación ambiental ordinaria e o proxecto sectorial, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e, de ser o caso, no Portal de transparencia e goberno aberto.

Caso de se solicitar a declaración de utilidade pública, realizarase de forma simultánea o trámite de información

pública mediante a publicación nun dos xornais de maior circulación de cada unha das provincias afectadas.

4. O órgano responsable da tramitación realizará de modo simultáneo a petición de todos os informes ás administracións e aos órganos sectoriais afectados, tanto os exixidos pola norma reguladora da autorización sectorial, como os exixidos para os efectos da tramitación ambiental e urbanística.

5. Exceptúanse da aplicación do disposto neste artigo os proxectos de instalación enerxética, que se rexerán polo establecido no capítulo III.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº37, ao apartado 1, de Adición.

Engadir no apartado 1 do Artigo 27 no segundo parágrafo in fine o seguinte texto:

“así mesmo, velarase polo principio de custodia do medio ambiente e do territorio e do principio de transparencia”

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº57, ao apartado 3 , de Supresión.

No punto 3, deste artigo, primeiro parágrafo, débese suprimir a expresión: "..., de ser o caso, ..."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 28. Incorporación de informes

1. Nos supostos en que os suxeitos promotores non optaren pola tramitación conxunta prevista no artigo anterior, os pronunciamentos contidos nos informes sectoriais emitidos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia manteranse e estes informes incorporaranse aos sucesivos trámites de competencia autonómica, sempre que se manteñan as circunstancias que motivaron tales pronunciamentos, polo que non será necesario emitilos novamente, sempre que o órgano sectorial comprobe esta circunstancia e así llo indique ao órgano solicitante.

2. Naqueles supostos en que a implantación dunha iniciativa empresarial requira un título habilitante de competencia municipal vinculado á obtención previa dun pronunciamento sectorial de competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia, os pronunciamentos contidos nos informes sectoriais recadados no procedemento de autorización administrativa autonómica previa manteranse e estes informes incorporaranse ao procedemento, polo que non será necesario emitilos novamente, sempre que o órgano sectorial comprobe esta circunstancia e así llo indique ao órgano solicitante.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO II

Racionalización dos procedementos de avaliación ambiental

Artigo 29. Uso de medios electrónicos

1. As persoas físicas que actúen como suxeitos promotores de plans, programas ou proxectos sometidos a avaliación ambiental están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos cos órganos administrativos que interveñen nos devanditos procedementos e a presentar por medios electrónicos todos os documentos relativos a eles, ao entenderse que a elaboración dun plan, programa ou proxecto que deba someterse a avaliación ambiental presupón unha capacidade económica, técnica ou dedicación profesional que acredita o acceso e a dispoñibilidade dos medios técnicos necesarios.

2. Toda a información que se poña á disposición das persoas interesadas ou do público en xeral nos procedementos de avaliación ambiental será accesible en formato electrónico.

3. En todos os procedementos de avaliación ambiental, as persoas que teñan a condición de interesadas poderán facer efectivo o seu dereito a coñecer en calquera momento o estado de tramitación a través dun sistema informático de xestión do procedemento.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 30. Cualificación técnica do órgano ambiental

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, consonte o establecido no artigo 9.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, garantirá que o seu órgano ambiental dispoña de coñecementos para examinar os estudos e documentos ambientais estratéxicos e os estudos e documentos de impacto ambiental, sen prexuízo da posibilidade de solicitar informes a organismos científicos, académicos ou outros que posúan os coñecementos precisos en calquera dos procedementos de avaliación ambiental, nos casos en que o estime necesario.

2. Por orde da persoa titular da consellaría con competencias en materia de medio ambiente, crearase un banco de **persoas expertas**, que terá carácter público, no que figurarán os organismos e persoas aos que o órgano ambiental poderá solicitar os informes de carácter científico ou técnico nos procedementos de avaliación ambiental.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº38, ao apartado 1, de Supresión.

Suprimir no apartado 1 do Artigo 30 o seguinte texto:

"ou outros que posúan os coñecementos precisos en calquera dos procedementos de avaliación ambiental, nos casos en que o estime necesario."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº58, ao apartado 1, de Adición.

No punto 1 deste artigo, despois de "... solicitar informes a organismos científicos, académicos ou outros, ...", débese engadir a seguinte expresión: "... en todo caso de carácter público, ..."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº39, ao apartado 2, de Supresión.

Suprimir o apartado 2 do Artigo 30.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 31. Relación entre a avaliación ambiental estratéxica e a avaliación de impacto ambiental

1. A avaliación ambiental estratéxica dun plan ou programa, consonte o establecido no artigo 13.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, non exclúe a avaliación de impacto ambiental dos proxectos que del deriven. A avaliación destes últimos terá en conta a avaliación ambiental estratéxica do plan ou programa de que deriven e analizará unicamente os aspectos propios do proxecto que non fosen considerados naquela, sempre que a declaración ambiental estratéxica ou, de ser o caso, o informe ambiental estratéxico estea vixente.

2. O órgano ambiental, conforme o artigo 13 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, poderá acordar motivadamente, na procura do principio de eficacia, a incorporación de trámites e de actos administrativos do procedemento de avaliación ambiental estratéxico noutros procedementos de avaliación ambiental, sempre e cando non transcorrese o prazo establecido no plan ou programa e non se producisen alteracións das circunstancias tidas en conta na avaliación ambiental estratéxica.

3. A tramitación do procedemento de avaliación ambiental estratéxica dun plan ou programa e dos procedementos de avaliación de impacto ambiental dos proxectos que del deriven poderá levarse a cabo simultaneamente, mais o primeiro deberá resolverse en todo caso antes dos segundos, para ser tido en conta na resolución destes últimos.

En particular, na implantación de iniciativas ou proxectos empresariais, cando así o solicitase o suxeito promotor, tramitaranse conxuntamente os procedementos de avaliación ambiental estratéxica do plan, programa ou instrumento de planeamento urbanístico que eventualmente sexa preciso e de avaliación de impacto ambiental do proxecto de urbanización que o execute e, de ser o caso, do proxecto construtivo da instalación que acolla a actividade. Os informes sectoriais que se soliciten pronunciáranse sobre todos os aspectos, tanto da avaliación ambiental estratéxica como da avaliación de impacto ambiental.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº59, ao apartado 3, de Supresión.

Débase suprimir o punto 3 deste artigo (está mal numerado, en realidade é o punto 2)

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº40, ao apartado 4, de Supresión.

Suprimir o segundo parágrafo do apartado 4 do Artigo 31.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº41, ao apartado 4, de Adición.

Engadir no apartado 4 do Artigo 31 no primeiro parágrafo o seguinte texto in fine:

“no caso daqueles proxectos relacionados, será necesaria avaliación conxunta, sen prexuízo de que sexa preciso elaborar un novo plan ou programa se este non tivo avaliación ambiental estratéxica.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 32. Trámites de información pública e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas

1. O órgano substantivo garantirá que os trámites de información pública e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas do procedemento de avaliación ambiental se realicen de modo simultáneo aos trámites análogos que, de ser o caso, deban practicarse no procedemento substantivo de adopción, aprobación ou autorización do plan, programa ou proxecto.

2. O trámite de información pública anunciarase no *Diario Oficial de Galicia* e no portal de Internet do órgano substantivo. Os anuncios enviaranse dentro dos dez días seguintes á recepción da documentación completa no rexistro do órgano substantivo, salvo que a normativa do procedemento substantivo de adopción, aprobación ou autorización do plan, programa ou proxecto estableza outra cousa.

Dentro do mesmo prazo de 10 días hábiles efectuaranse as consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

Nas consultas ás administracións públicas afectadas en que se lles solicite informe indicarse expresamente a posibilidade de requirir, dentro do prazo para emitir aquel, a emenda da documentación presentada polo suxeito promotor.

3. A remisión ao suxeito promotor dos informes e alegacións recibidas nos trámites de información pública e consultas realizarase dentro dos 10 días hábiles seguintes á finalización destes.

4. Unha vez realizadas as consultas ás administracións públicas e ás persoas interesadas previstas nos artigos 22, 30, 37 e 46 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, e de conformidade co previsto na devandita lei, aquelas só poderán ser consultadas de novo nos seguintes supostos:

a) Nos casos de incorporación no plan, programa ou proxecto, ou no estudo ambiental estratéxico ou estudo de impacto ambiental, de modificacións que supoñan efectos ambientais significativos distintos dos previstos orixinalmente.

b) Cando o órgano ambiental, no trámite de análise técnica do expediente, considere que as consultas non se fixeron de acordo co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro.

Sen prexuízo do disposto nas dúas letras anteriores, realizaranse en todo caso novas consultas cando proceda a modificación da declaración ambiental estratéxica conforme o previsto no artigo 28 da Lei 21/2013, do 9 de decembro.

5. Conforme o establecido no artigo 37.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, o órgano substantivo porá á disposición das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, e na correspondente sede electrónica, aquela información que só poida obterse unha vez expirado o período de información pública e que resulte relevante para os efectos da execución do proxecto de que se trate, sen que en ningún caso a dita posta á disposición dea lugar á reiteración do trámite de información ou consulta pública.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº42, ao apartado 1, de Modificación.

Substituír no apartado 1 do Artigo 32 o termo: "simultáneo", por: "previo".

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº43, ao apartado 4.a), de Modificación.

Substituír no subapartado a) do apartado 4 do Artigo 32 a expresión: "efectos ambientais significativos dos", por: "calquera cambio respecto dos efectos".

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 33. Finalización da avaliación ambiental sen pronunciamento ambiental

1. Se en calquera momento da tramitación do procedemento de avaliación ambiental o órgano ambiental chegar á conclusión de que o plan, programa ou proxecto non entra no ámbito de aplicación da Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa, dará por finalizada a avaliación ambiental e ditará resolución de terminación do procedemento sen pronunciamento ambiental, o que comportará o arquivamento das actuacións de avaliación ambiental.

2. A resolución, na que se fará constar expresamente a circunstancia que a motiva, notificaráselle ao suxeito promotor. Así mesmo, comunicaráselle ao órgano substantivo, habilitando este para a adopción, aprobación ou autorización do plan, programa ou proxecto, ou, de ser o caso, o suxeito promotor para a presentación da correspondente declaración responsable ou comunicación, sen necesidade de seguir os trámites previstos na Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa, e sen prexuízo da eventual obriga de someter a actividade a avaliación de incidencia ambiental.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 34. Finalización da avaliación ambiental por inviabilidade ambiental do plan, programa ou proxecto

1. Se en calquera momento do procedemento de avaliación ambiental o órgano ambiental chegar á conclusión de que o plan, programa ou proxecto é inviable por razóns ambientais, dará por finalizada a avaliación ambiental, logo de dar audiencia ao suxeito promotor e ao órgano substantivo por 10 días hábiles, e ditará resolución de terminación do procedemento por inviabilidade ambiental, o que comportará o arquivamento das actuacións de avaliación ambiental.

2. A resolución notificaráselle ao suxeito promotor, coa súa motivación e coa indicación dos recursos administrativos e xudiciais que procedan contra ela. Así mesmo, comunicaráselle ao órgano substantivo, e terá carácter vinculante para o efecto de impedir a adopción, aprobación ou autorización do plan, programa ou proxecto declarado inviable por razóns ambientais ou, de ser o caso, para impedir a eficacia de calquera declaración responsable ou comunicación que se presente en relación con aquel.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 35. Particularidades dos procedementos de avaliación ambiental estratéxica no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia

1. No procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria teranse en conta as seguintes particularidades:

a) Para a realización de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas e para a elaboración do documento de alcance, o órgano ambiental disporá dun prazo máximo de dous meses dende a recepción da solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica ordinaria acompañada do borrador do plan ou programa e do documento inicial estratéxico.

b) Para a elaboración do estudo ambiental estratéxico e para a realización da información pública e das consultas, dende a notificación ao promotor do documento de alcance, non resultará de aplicación o prazo de quince meses previsto no artigo 17.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica que o substitúa, podendo remitirse ao órgano ambiental o expediente completo de avaliación ambiental estratéxica para a formulación da declaración ambiental estratéxica, sempre que non transcorreran máis de tres anos dende a notificación ao promotor do documento de alcance ou o prazo que se poida establecer por lei para determinados plans ou programas.

c) Para a análise técnica do expediente e a formulación da declaración ambiental estratéxica, o órgano ambiental disporá dun prazo de tres meses desde a recepción do expediente completo, prorrogable por un mes máis por razóns xustificadas, debidamente motivadas, e comunicadas ao suxeito promotor e ao órgano substantivo.

O prazo previsto nesta letra reducirase a un mes cando o estudo ambiental estratéxico estea verificado por unha entidade de colaboración ambiental.

d) A declaración ambiental estratéxica perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aprobara o plan ou programa no prazo máximo de catro anos dende a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia da dita declaración ambiental estratéxica por outro prazo máximo de dous anos, seguindo o procedemento contemplado nos números 3 e 4 do artigo 27 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma



básica estatal que a substitúa, quedando suspendido o prazo de caducidade sinalado no parágrafo anterior ata que se resolva a tramitación da prórroga solicitada.

2. No procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, teranse en conta as seguintes particularidades:

a) O órgano ambiental poderá resolver a inadmisión da solicitude de inicio, ademais de nos supostos previstos na Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa, cando estime que se debe tramitar un procedemento de avaliación estratéxica ordinaria por desprenderse de xeito inequívoco do contido da solicitude.

b) O prazo para formular o informe ambiental estratéxico é de tres meses dende a recepción da solicitude de inicio e da documentación completa que se deba xuntar.

c) O informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aprobara o plan ou programa no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos, tras solicitude formulada polo promotor antes do transcurso do prazo sinalado de seis anos, quedando suspendido o prazo de caducidade sinalado no parágrafo anterior ata que se resolva a tramitación da prórroga solicitada, que deberá resolverse no prazo de dous meses dende a presentación da solicitude. A falta de resolución sobre a devandita solicitude terá efectos estimatorios.

Nos supostos en que perda vixencia o informe ambiental estratéxico, ben polo transcurso do prazo inicial ou da prórroga, o promotor deberá iniciar novamente o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do plan ou programa.

3. Nos procedementos de avaliación ambiental estratéxica ordinaria e simplificada aos que se refiren os números 1 e 2, o prazo para a realización dos trámites de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, será de 30 días hábiles.

4. A publicación no Diario Oficial de Galicia da declaración ambiental estratéxica, do informe de impacto ambiental e do plan ou programa aprobado realizarase nos 10 días hábiles seguintes á súa formulación ou aprobación.

5. No procedemento de modificación da declaración ambiental estratéxica o prazo de consultas ao promotor, ao órgano substantivo e ás administracións públicas afectadas e persoas interesadas previamente consultadas,

será de 30 días hábiles para formular alegacións e achegar cantos documentos estimen precisos. A resolución sobre a modificación da declaración ambiental estratéxica adoptarase nun prazo de dous meses contados dende o inicio do procedemento.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº60, de Supresión.

Débase suprimir.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº44, ao apartado 1.a), de Modificación.

Substituír no subapartado a) do apartado 1 do Artigo 35 o termo: "dous", por: "tres".

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº45, ao apartado 1.b), de Supresión.

Suprimir no subapartado b) do apartado 1 do Artigo 35, o texto:

“O prazo previsto nesta letra reducirase a un mes cando o estudo ambiental estratéxico estea verificado por unha entidade de colaboración ambiental.”

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº46, ao apartado 3, de Modificación.

Substituír no apartado 3 do Artigo 35 a expresión: "30 días", por: "50 días".

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº47, ao apartado 5 bis), de Adición.

Engadir un novo apartado 5 bis) no Artigo 35 co seguinte texto:

“5 bis) Os prazos previstos neste artigo, especialmente aqueles referentes á exposición pública, poderán ser suspendidos ou ampliados por razóns excepcionais que impidan o normal funcionamento das administracións e as posibilidades da cidadanía e das partes interesadas de ter un adecuado acceso



á información para a presentación, se o consideraren, das alegacións oportunas.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 36. Proxectos sometidos a declaración responsable ou comunicación

1. Cando corresponda á Administración ambiental de Galicia formular a declaración de impacto ambiental ou emitir o informe de impacto ambiental dun proxecto que deba ser obxecto de declaración responsable ou comunicación, previstas no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as funcións atribuídas ao órgano substantivo deberá realizalas o órgano competente para a recepción da declaración responsable ou comunicación e para o exercicio das correspondentes facultades de comprobación, control e inspección.

2. De conformidade co disposto no número 4 da disposición adicional primeira da Lei 21/2013, do 9 de decembro, nos casos previstos neste artigo, contra a declaración de impacto ambiental e o informe de impacto ambiental poderanse interpor os recursos que, de ser o caso, procedan en vía administrativa ou xudicial.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº61, ao apartado 2, de Supresión.

Débese suprimir o punto 2, deste artigo.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 37. Informes preceptivos

1. Ademais dos informes previstos na lexislación básica estatal, para os efectos da avaliación de impacto ambiental, no trámite de consulta ás administracións públicas afectadas, o órgano substantivo solicitará informe aos órganos competentes en materia de patrimonio natural, patrimonio cultural, urbanismo, pesca marítima, turismo, medio rural, montes, protección e defensa contra incendios forestais, meteoroloxía e cambio climático, residuos, protección da paisaxe, comercio e consumo, infraestruturas, enerxía e minas e seguridade aérea, cando entenda que, polo seu alcance, o proxecto poida influír nas devanditas afeccións.

2. O órgano substantivo emitirá informe técnico sobre o proxecto sometido a avaliación de impacto ambiental, que xuntará ao expediente desta antes da súa remisión ao órgano ambiental.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº48, de Modificación.

No Artigo 37 substituír a expresión: “órgano substantivo”, por: “órgano con competencias en materia ambiental”.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 38. Particularidades dos procedementos de avaliación de impacto ambiental no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia

1. No procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria aplicaranse os seguintes prazos:

a) Para a realización das actuacións previas de consultas e para a elaboración do documento de alcance, dous meses, contados desde a recepción da solicitude do documento de alcance.

b) Para se pronunciaren as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas consultadas sobre o documento de alcance do estudo de impacto ambiental, 20 días hábiles desde a recepción da documentación.

c) Para a elaboración do estudo de impacto ambiental, seis meses desde a comunicación ao suxeito promotor do documento de alcance. Este prazo poderá ser prorrogado ata un máximo total dun ano por solicitude razoada do suxeito promotor.

d) Para someter o proxecto e o estudo de impacto ambiental a información pública e para que as administracións públicas emitan os seus informes e as persoas interesadas formulen as súas alegacións, 30 días hábiles

e) Para a revisión documental por parte do órgano substantivo do expediente de avaliación de impacto ambiental antes de remitilo ao órgano ambiental, 10 días hábiles desde a súa recepción.

f) Para a remisión por parte do órgano substantivo da solicitude de avaliación de impacto ambiental ordinaria e os documentos que a deben acompañar ao órgano ambiental, 10 días hábiles desde a finalización da revisión documental daquel e, de ser o caso, a emenda das deficiencias que puider presentar.

g) Para requirir o titular do órgano xerarquicamente superior daquel que non entregase os informes solicitados ou cando o seu contido siga a ser insuficiente, dous meses tras o requirimento feito polo órgano ambiental ao órgano substantivo, consonte o disposto no artigo 40. 2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro.

h) Para que o órgano ambiental resolva, de ser o caso, a inadmisión da solicitude de iniciación da avaliación de impacto ambiental ordinaria, 10 días hábiles desde a súa recepción.

i) Para a análise técnica do expediente e a formulación da declaración de impacto ambiental, tres meses, contados desde a recepción completa do expediente de avaliación de impacto

ambiental, prorrogables por un mes adicional debido a razóns xustificadas, debidamente motivadas.

Entenderase que a recepción completa do expediente de avaliación de impacto ambiental se produce no momento en que se reciben no rexistro do órgano ambiental os documentos que constitúen o contido mínimo daquel de acordo co artigo 39.1 e 2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que o substitúa.

O prazo previsto nesta alínea reducirase a un mes cando o estudo de impacto ambiental estea verificado por unha entidade de colaboración ambiental.

j) Para publicar no *Diario Oficial de Galicia* a declaración de impacto ambiental ou a resolución de autorización ou denegación do proxecto, 10 días hábiles desde a súa formulación.

2. No procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada teranse en conta as seguintes particularidades:

a) O órgano ambiental poderá resolver a inadmisión da solicitude de inicio, ademais de nos supostos previstos na Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa, cando estime que se debe tramitar un procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria por desprenderse de xeito inequívoco do contido da solicitude.

b) As administracións públicas afectadas e as persoas interesadas consultadas deberán pronunciarse no prazo máximo de vinte días hábiles desde a recepción da solicitude de informe.

c) O prazo para formular o informe de impacto ambiental é de 3 meses, contados desde a recepción da solicitude de inicio e da documentación completa que a deba acompañar.

d) O prazo para publicar no *Diario Oficial de Galicia* o informe de impacto ambiental e a resolución de autorización ou denegación do proxecto é de 10 días hábiles contados desde a súa formulación.

3. Os documentos ambientais que acompañen as solicitudes de inicio das avaliacións de impacto ambiental simplificadas publicaranse durante o trámite de consultas na sede electrónica do órgano ambiental.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº62, de Supresión.

Débese suprimir este artigo.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.

Emenda nº49, ao apartado 1.a), de Modificación.

No subapartado a) do apartado 1 do Artigo 38 substituír: “dous”, por: “tres”.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº50, ao apartado 1.b), de Modificación.

No subapartado b) do apartado 1 do Artigo 38, substituír: “20”, por: “30”.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº51, ao apartado 1.d), de Modificación.

No subapartado d) do apartado 1 do Artigo 38, substituír: “30”, por: “60”.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº52, ao apartado 1.h), de Modificación.

No subapartado h) do apartado 1 do Artigo 38, substituír: “10”, por “20”.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº53, ao apartado 1.i), de Supresión.

No subapartado i) do apartado 1 do Artigo 38 suprimir o terceiro e último parágrafo.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº54, ao apartado 2.b), de Modificación.

No subapartado b) do apartado 2 do Artigo 38, substituír: “20”, por: “30”.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº55, ao apartado 3 bis), de Adición.

Engadir un novo apartado 3 bis) no Artigo 38 co seguinte texto:



"3 bis) Os prazos previstos neste artigo, especialmente aqueles referentes á exposición pública, poderán ser suspendidos ou ampliados por razóns excepcionais que impidan o normal funcionamento das administracións e as posibilidades da cidadanía e das partes interesadas de ter un adecuado acceso á información para a presentación, se o consideraren, das alegacións oportunas."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 39. Actuacións previas

1. Os proxectos que poidan afectar de xeito apreciable os espazos protexidos Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e que, conforme o disposto no artigo 7. 2 b) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, sexan susceptibles de someterse a avaliación de impacto ambiental simplificada unicamente por esta afección, requirirán dun informe previo que determine se o proxecto ten relación directa coa xestión do espazo protexido Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia ou é necesario para esta xestión, e que tamén avalíe se afecta de xeito apreciable as especies ou os hábitats obxecto de conservación nos devanditos espazos.

2. O informe previsto neste artigo será solicitado polo suxeito promotor do proxecto ou, se non o fixer, polo órgano substantivo, e o órgano competente para emitilo será o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de conservación do patrimonio natural. Para a elaboración do informe, o órgano competente terá en conta o disposto no Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia e, de ser o caso, no plan de xestión do espazo. Ademais, poderá solicitar informes complementarios a organismos científicos, académicos ou outros que posúan os coñecementos necesarios.

3. O informe conterá de forma motivada unha das seguintes determinacións:

a) Que o proxecto pode afectar de forma apreciable as especies ou hábitats dun espazo protexido Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e que, por tanto, deberá someterse a unha avaliación de impacto ambiental simplificada. Neste caso, o informe emitido fundamentarase na información detallada, actualizada e real ou na súa comprobación sobre o terreo e incluírá unha avaliación adecuada das repercusións do proxecto sobre o espazo protexido.

b) Que o proxecto non afecta de forma apreciable as especies ou os hábitats dun espazo protexido Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e que, por tanto, non resultará necesaria a tramitación da avaliación de impacto ambiental simplificada. Neste caso o informe incluírá as medidas preventivas e correctoras que, de seren adoptadas polo suxeito promotor, permitirán considerar que o proxecto non afectará de forma apreciable o devandito espazo. Cando estes proxectos se desenvolvan nun espazo protexido Rede

Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia serán autorizados polo órgano competente en materia de conservación do patrimonio natural.

4. O informe emitirse no prazo máximo de dous meses. De non emitirse nese prazo, entenderase que o proxecto causa efectos apreciables sobre o espazo protexido Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia de que se trate e someterase a unha avaliación de impacto ambiental simplificada.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº56, de Supresión.

Suprimir o Artigo 39.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº57, de Supresión.

Suprimir a expresión: "de xeito apreciable" en todo o texto do Artigo 39.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº63, ao apartado 2, de Supresión.

Débese suprimir o punto 2 deste artigo.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº64, ao apartado 2, de Adición.

De non aceptaren a emenda de supresión do punto 2 deste artigo, débese engadir *in fine* no segundo parágrafo do punto 2 a seguinte frase:

"..., sempre que teñan carácter público."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 40. Avaliación de impacto ambiental simplificada dos proxectos que causan efectos apreciables sobre espazos protexidos Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia

1. Cando deba tramitarse a avaliación de impacto ambiental simplificada dun proxecto por causar efectos apreciables sobre un espazo protexido Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, o documento ambiental que elabore o suxeito promotor incluírá un apartado específico no que se analicen as repercusións sobre as especies ou hábitats obxecto de conservación no espazo protexido afectado, incluíndo as medidas preventivas, compensatorias e correctoras adecuadas para o seu mantemento nun estado de conservación favorable, así como un esquema de seguimento ambiental.

2. O órgano ambiental consultará co órgano competente en materia de conservación do patrimonio natural para que, no prazo máximo de 30 días hábiles, contado desde a recepción da solicitude, emita un informe que conterá motivadamente unha das seguintes determinacións:

a) Que o proxecto non afectará de xeito apreciable as especies ou hábitats dos espazos protexidos Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, sen necesidade de fixar medidas preventivas, correctoras ou compensatorias específicas para a súa execución.

b) Que o proxecto non afectará de xeito apreciable as especies ou hábitats dos espazos protexidos Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre e cando se cumpran determinadas medidas preventivas, correctoras ou compensatorias específicas para a súa execución. Estas medidas recolleranse expresamente no informe.

c) Que o proxecto afectará de xeito apreciable as especies ou hábitats dos espazos protexidos Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste caso o informe concluirá se o proxecto pode redefinirse para os efectos de someterse a avaliación de impacto ambiental ordinaria ou non resulta viable pola devandita afección.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº58, de Supresión.



Suprimir o Artigo 40.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 41. Entidades de colaboración ambiental

1. Son entidades de colaboración ambiental as entidades dotadas de personalidade xurídica e plena capacidade de obrar que, unha vez cumpridos os requisitos que se prevén neste artigo, desenvolven no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as seguintes actuacións, na forma que se determine regulamentariamente:

- a) Verificación da conformidade á normativa aplicable dos plans, programas e proxectos que se vaian someter a avaliación ambiental.
- b) Colaboración na tramitación dos procedementos de avaliación ambiental, en particular na realización dos trámites de información pública e consultas e na análise técnica dos expedientes.
- c) Colaboración no seguimento dos pronunciamentos ambientais.
- d) Colaboración nas funcións de inspección ambiental.

2. Nas súas actuacións, as entidades de colaboración ambiental poderán emitir certificados, actas, informes e ditames, que poderán ser asumidos pola administración pública competente sen prexuízo das súas competencias. A actuación destas entidades non poderá substituír as potestades públicas de inspección, comprobación, control e sanción

3. O exercicio da actividade das entidades de colaboración ambiental no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia estará suxeito á presentación dunha comunicación previa ante a consellaría competente en materia de medio ambiente, que deberá cumprir os requisitos que se determinen regulamentariamente, que garantirán que estas entidades dispoñan dos medios e da cualificación técnica necesaria, así como a cobertura da responsabilidade a que poida dar lugar a súa actuación mediante a subscripción do correspondente contrato de seguro ou garantía equivalente, na contía que se estableza, que deberá ser proporcionada á natureza e alcance dos riscos cubertos. A presentación da comunicación previa comportará a inscrición de oficio da entidade no rexistro administrativo que se cree para estes efectos, na forma que se determine regulamentariamente.

4. A actuación das entidades de colaboración ambiental rexerase polos principios de imparcialidade, confidencialidade e independencia. Regulamentariamente establecerase o réxime de obrigas, prohibicións e incompatibilidades, así como o control e inspección a que estarán sometidas para garantir o respecto dos devanditos principios.

5. As entidades de colaboración ambiental serán as únicas responsables fronte ás administracións públicas das súas actuacións, que substituirán a responsabilidade das demais persoas interesadas.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº59, de Supresión.

Suprimir o Artigo 41.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº65, de Supresión.

Debe suprimirse este artigo.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 42. Promoción do Sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS)

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración coa Administración xeral do Estado e as entidades locais, promoverá o Sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS), de acordo co previsto na normativa da Unión Europea e básica estatal de aplicación.

2. O sistema EMAS poderá empregarse como mecanismo de seguimento das declaracións de impacto ambiental e dos informes de impacto ambiental nos termos que estes documentos establezan, sempre que o suxeito promotor do proxecto así o solicítase no procedemento de avaliación de impacto ambiental.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº60, de Supresión.

Suprimir o Artigo 42.

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO III

Procedemento integrado das autorizacións administrativas para as instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía eléctrica competencia da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 43. Obxecto e ámbito de aplicación

1. O presente capítulo ten por obxecto regular determinados aspectos do procedemento administrativo das autorizacións a que se refire o artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou norma estatal básica que o substitúa, respecto das instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía eléctrica competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de mellorar, simplificar e axilizar a súa tramitación, salvo as reguladas pola lexislación autonómica específica.

2. En todo o demais, as autorizacións das instalacións de produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia tramitaranse de acordo co procedemento establecido no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, ou norma estatal que a substitúa.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 44. Tramitación integrada

Os suxeitos promotores dos proxectos de instalacións enerxéticas reguladas no artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou norma estatal básica que o substitúa, deberán solicitar a tramitación integrada das autorizacións administrativas necesarias para a implantación destas instalacións, así como, se for preciso, o proxecto sectorial.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 45. Órganos competentes

1. A unidade competente para instruír o procedemento de tramitación integrada previsto no artigo anterior será o órgano territorial da consellaría con competencias en materia de enerxía correspondente á provincia onde se pretenda implantar o proxecto, ou aquela onde teña a súa orixe a infraestrutura, coa excepción das instalacións de produción enerxética a partir de enerxía eólica que se sitúen en máis dunha provincia, en que a unidade instrutora será o centro directivo competente en materia de enerxía.

2. Os órganos competentes para resolver o procedemento serán os indicados no Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que o substitúa.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 46. Documentación que deberá presentarse coa solicitude

O suxeito promotor presentará coa súa solicitude a seguinte documentación:

a) Para a obtención da autorización administrativa previa e de construción:

1. A documentación na que se acrediten en concreto os puntos indicados no artigo 53.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa.

2. O proxecto de execución, xunto cunha declaración responsable que acredite o cumprimento da normativa de aplicación

3. A documentación precisa en función das afeccións sectoriais do proxecto.

4. As taxas administrativas correspondentes pola tipoloxía da solicitude.

5. Para os proxectos de xeración eléctrica, o resguardo da garantía económica, previamente constituída, que se indica nos artigos 59 *bis* e 66 *bis* do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, ou norma básica estatal que o substitúa.

b) Para os casos en que proceda someter o proxecto a avaliación ambiental:

1. No procedemento de avaliación ambiental ordinaria: o estudo de impacto ambiental, segundo o establecido no artigo 35 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que o substitúa.

2. No procedemento de avaliación ambiental simplificada: a documentación indicada no artigo 45 da devandita Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma estatal básica que o substitúa.

c) A documentación necesaria para a aprobación do proxecto sectorial, de ser o caso.

d) A relación dos bens e dereitos afectados, no caso de que se solicite a declaración de utilidade pública da instalación, xunto cunha declaración responsable de non ter acadado acordos coas persoas titulares dos bens e dereitos afectados e na que se xustifique a necesidade da expropiación.

e) Nos casos en que proceda, unha declaración responsable do suxeito promotor na que faga constar que dispón de acordos previos con todas as persoas titulares dos bens e dereitos afectados.



NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 47. Instrución do procedemento

1. A unidade responsable da tramitación someterá a información pública, de forma simultánea, o proxecto de execución, o estudo de impacto ambiental no caso de avaliación ambiental ordinaria e, de ser o caso, o proxecto sectorial, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, así como na páxina web da consellaría competente en materia de enerxía.

No caso de que se solicite a declaración de utilidade pública, realizarase de forma simultánea o trámite de información pública mediante a publicación nun dos xornais de maior circulación de cada unha das provincias afectadas.

Durante o prazo indicado, calquera persoa, entidade ou organismo interesado poderá presentar cantas alegacións estime oportunas ou solicitar o exame do expediente e da documentación técnica, ou a parte dela que se acorde. Das alegacións presentadas darase traslado á persoa solicitante, para que esta formule a contestación ao contido daquelas e o comunique á unidade tramitadora no prazo máximo de quince días.

2. De modo simultáneo ao trámite de información pública, a unidade responsable da tramitación realizará o trámite de audiencia e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, e solicitará, cando menos, os informes preceptivos indicados para a avaliación ambiental e de aprobación do proxecto sectorial, dando audiencia aos concellos afectados. Así mesmo, enviaranse de forma simultánea as separatas do proxecto presentado ás distintas administracións, organismos ou empresas do servizo público e de servizos de interese xeral afectadas, cos bens e dereitos ao seu cargo, co obxecto de que establezan o condicionado técnico procedente do proxecto de execución

No caso de avaliación ambiental simplificada, realizaranse os trámites indicados na sección 2ª do capítulo II da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

3. Aplicarase o regulado na sección 1ª do capítulo I sobre simplificación da tramitación dos informes sectoriais necesarios para a implantación de iniciativas ou proxectos empresariais, coa única excepción do prazo para a emisión dos condicionados técnicos do proxecto, que se reduce a 1 mes desde a recepción da solicitude. De non se recibiren estes condicionados en prazo, entenderase a conformidade co proxecto, e continuarase a tramitación do procedemento.

4. A unidade tramitadora enviará á persoa promotora os informes e as alegacións recibidas para a súa conformidade e/ou consideración na redacción do proxecto de execución, do estudo de impacto ambiental e do proxecto sectorial, a fin de que realice as modificacións e adaptacións de cada un destes documentos. A persoa promotora disporá do prazo máximo de 1 mes para presentar os documentos definitivos adaptados para continuar co procedemento. De non se presentar esta documentación no prazo indicado, entenderase que **a persoa promotora** desiste da solicitude de autorización administrativa e archivarase a solicitude sen máis trámites. O arquivamento da solicitude será realizado pola unidade tramitadora, a cal o comunicará ao órgano competente.

5. A unidade tramitadora emitirá ou solicitará, de ser o caso, ao órgano territorial onde se sitúe a instalación o informe relativo á normativa de instalacións industriais e eléctricas. Cando lle corresponda a tramitación do procedemento, o órgano territorial remitirá o expediente completo á dirección xeral competente en materia de enerxía, engadindo ao informe anterior un resumo da tramitación realizada ata ese momento, para que a dirección xeral proceda a ditar a correspondente resolución.

6. A valoración positiva ambiental exigible ao proxecto, de acordo co resultado da avaliación realizada de conformidade co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, será requisito indispensable para o outorgamento da autorización integrada.

En todo caso, para os proxectos de produción de enerxía eléctrica, así como para os exixidos polo Real decreto 244/2019, do 5 de abril, reguladora de instalacións de autoconsumo, deberase acreditar previamente a obtención do permiso de acceso e conexión á rede de transporte ou distribución, segundo corresponda, previamente ao outorgamento da autorización administrativa.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº61, ao apartado 3, de Supresión.

Suprimir o apartado 3 do Artigo 47.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 48. Resolución da autorización administrativa integrada e finalización do procedemento

1. Unha vez realizada a instrución do procedemento indicado no apartado anterior, e no prazo máximo de 2 meses, o órgano competente ditará a resolución a respecto do outorgamento da autorización administrativa integrada, que corresponderá coa autorización administrativa previa e coa autorización administrativa de construción, reguladas no artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro.

2. Esta resolución publicarase integramente no *Diario Oficial de Galicia*, e notificarase a todas as terceiras persoas que formulasen alegacións e teñan carácter de interesadas no expediente. A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios e habilitará a persoa solicitante para interpor os recursos que procedan.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº62, ao apartado 2, de Adición.

No apartado 2 do Artigo 48 engadir despois de: “terceiras persoas que formulasen alegacións e teñan carácter de interesadas no expediente”, o seguinte: “así como ás entidades consultadas no procedemento”.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 49. Autorización de explotación

1. Unha vez executado o proxecto, presentarase a correspondente solicitude de autorización de explotación no órgano territorial da consellaría competente en materia de enerxía que tramitase o expediente.
2. Esta solicitude irá acompañada dun certificado de final de obra suscrito por unha técnica ou un técnico facultativo competente no que conste que a instalación foi realizada de acordo coas especificacións contidas na autorización de construción, así como coas prescricións da regulamentación técnica de aplicación á materia.
3. A autorización de explotación será outorgada polo órgano territorial da consellaría competente en materia de enerxía que tramitase o expediente, no prazo de 1 mes, logo das comprobacións técnicas que se estimen oportunas.
4. Caso de a instalación afectar máis dunha provincia, solicitarase unha autorización de explotación en cada unha das provincias onde estea situada a instalación.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº63, ao apartado 2, de Adición.

No apartado 2 do Artigo 49 engadir o seguinte texto in fine :

“A administración desenvolverá fiscalizacións aleatorias e selectivas para comprobar a veracidade destas certificacións”.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 50. Exención do trámite de información pública

No procedemento integrado regulado neste capítulo non será necesario o trámite de información pública, sempre que non se solicite a declaración de utilidade pública nin sexa preceptiva a avaliación ambiental ordinaria, segundo a Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa, nos seguintes casos:

- a) Solicitudes de autorización administrativa das novas instalacións de distribución ou conexión con xeradores á rede de distribución de enerxía eléctrica cunha tensión igual ou inferior a 30 kV.
- b) Solicitudes de autorización administrativa de modificacións de instalacións de distribución ou conexión con xeradores á rede de distribución e/ou transporte de enerxía eléctrica, calquera que sexa a súa tensión.
- c) Modificacións das instalacións de produción de enerxía eléctrica que non supoñan un incremento ou redución dun 20 % da potencia nominal autorizada.
- d) Instalacións de autoconsumo.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº64, de Supresión.

Suprimir o Artigo 50.

DITAME DA COMISI3N:

Artigo 51. Reducci3n dos prazos de emisi3n dos informes nos casos dos proxectos que non estean sometidos a avaliaci3n ambiental

Naqueles proxectos de instalaci3ns enerx3ticas que non estean sometidos a avaliaci3n de impacto ambiental, o prazo de emisi3n dos condicionados t3cnicos das separatas do proxecto de execuci3n red3cese a 30 d3as h3biles. De non se recibiren estes condicionados neste prazo, entenderase a conformidade co proxecto, e continuarase a tramitaci3n do procedemento.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda n365, de Supresi3n.

Suprimir o Artigo 51.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 52. Modificacións dos proxectos en tramitación

1. Nas modificacións dos proxectos en tramitación derivadas das adaptacións aos condicionados dos informes sectoriais, ou motivadas por cambios tecnolóxicos debidamente xustificadas, non será necesario un novo trámite de información pública, agás que estean sometidas ao trámite de avaliación de impacto ambiental e sexan modificacións que supoñan efectos ambientais significativos distintos dos previstos orixinalmente, aspecto que será valorado e indicado polo órgano ambiental.

2. Así mesmo, solicitaranse unicamente aqueles informes sectoriais que se vexan afectados pola modificación do proxecto, coa excepción dos condicionados técnicos, nos que bastará coa conformidade do suxeito promotor, agás que estean sometidos ao trámite de avaliación de impacto ambiental e sexan modificacións que supoñan efectos ambientais significativos distintos dos previstos orixinalmente, aspecto que será valorado e indicado polo órgano ambiental.

3. Nos casos en que os proxectos modificados se presenten con posterioridade á avaliación ambiental do proxecto, solicitarase informe ao órgano ambiental co obxecto de que valore a modificación presentada e ratifique a validez da declaración ambiental ou informe ambiental xa emitido, ou, de ser o caso, indique os trámites ambientais que sexa preciso realizar.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº66, de Supresión.

Suprimir o Artigo 52.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 53. Concorrenza de utilidades ou interese público con montes veciñais en man común

1. De o proxecto de instalación enerxética afectar os montes veciñais en man común, os trámites previstos no artigo 6 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, ou norma que o substitúa, realizáranse dentro do trámite de recoñecemento da declaración de utilidade pública do proxecto, dando audiencia ás persoas titulares dos dereitos que poidan estar afectados e concedéndolles un prazo de 15 días hábiles para presentar as alegacións, que se remitirán ao suxeito promotor para o seu recoñecemento e contestación.

2. Finalizado o trámite de audiencia, remitirase copia completa do seu resultado ao órgano competente para a autorización do título habilitante do aproveitamento, co fin de que no prazo de 20 días hábiles emita informe sobre a compatibilidade ou incompatibilidade do aproveitamento afectado.

3. Nos casos previstos neste artigo, a utilidade pública do proxecto e a eventual compatibilidade ou prevalencia será declarada polo Consello da Xunta de Galicia, ao que se remitirá o expediente co informe das consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia afectadas, no prazo máximo dun mes, contado desde que estea o expediente completo. A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios, e as persoas interesadas poderán interpor os recursos que procedan.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº67, de Substitución.

Substituír o texto do Artigo 53 polo seguinte:

“Se o proxecto de instalación enerxética afecta a montes veciñais en man común, o trámite será o disposto no artigo 6 do Regulamento para a execución da lei de montes veciñais (Lei 13/1989, do 10 de outubro, aprobado por decreto 260/1992 de 4 de setembro).”

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO IV

Medidas urbanísticas e de financiamento para a reactivación económica

Artigo 54. Títulos habilitantes urbanísticos de competencia municipal

1. As solicitudes de licenza e as comunicacións que teñan por obxecto actos de edificación ou de uso do solo ou do subsolo, para a implantación das iniciativas empresariais e para as actuacións de desenvolvemento de solo empresarial ou residencial, poderán presentarse acompañadas dunha certificación de conformidade á legalidade urbanística e ao planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal das previstas no capítulo IV do título III da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

2. Cando unha solicitude de licenza urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade nos termos establecidos por este artigo, os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade da solicitude coa legalidade urbanística previstos polo artigo 143. 2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, serán facultativos e non preceptivos.

3. No caso regulado no número anterior, o prazo de resolución do procedemento será dun mes, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa, incluída a certificación de conformidade, no rexistro do concello, coas excepcións previstas no artigo seguinte.

4. No supostos indicados nos apartados anteriores, o órgano municipal competente poderá outorgar a licenza asumindo a certificación de conformidade á legalidade urbanística e ao planeamento aplicable da entidade de certificación de conformidade municipal que acredite expresamente que o proxecto foi sometido a esa verificación.

5. Cando unha comunicación urbanística se presente acompañada da documentación exixida na lexislación do solo e dunha certificación de conformidade nos termos establecidos por este artigo, habilitará con efectos inmediatos desde a súa presentación no rexistro do concello para a realización do acto de uso do solo ou do subsolo que constitúa o seu obxecto, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.

6. As entidades de certificación de conformidade municipal serán as únicas responsables fronte ao concello do contido das



certificacións emitidas e a súa actuación substitúe a responsabilidade das demais persoas interesadas.

7. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse o proxecto completo redactado por persoal técnico competente, na forma e co contido determinados na lexislación do solo e demais normativa aplicable.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº68, de Supresión.

Supresión do Artigo 54.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº66, de Supresión.

Debe suprimirse este artigo.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 55. Especialidades dos títulos municipais habilitantes para determinadas iniciativas empresariais

1. Para os efectos previstos no artigo 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, cando o proxecto construtivo ou de instalación veña acompañado de certificación de conformidade á legalidade urbanística e ao planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal, aplicarase o mesmo réxime regulado no artigo anterior, agás o prazo de resolución do procedemento, que será de 15 días naturais, aos supostos previstos no número seguinte deste artigo.

2 O réxime previsto neste artigo será de aplicación exclusiva aos seguintes supostos:

a) As obras que se realicen nos establecementos de hostalaría e turísticos co fin de aumentar o distanciamento social ou adecuar as instalacións aos protocolos sanitarios ou ás normas que regulen as limitacións ou as restricións de carácter sanitario, sempre que non supoñan un aumento do volume edificado e teñan carácter de rehabilitación, adecuación ou reestruturación dos servizos, e se desenvolvan no interior das edificacións, incluíndo neste concepto, cando exista concesión ou autorización, a cobertura das terrazas mediante instalacións desmontables. Non se entenderán incluídas neste apartado as obras que, polo seu carácter menor, non estean sometidas ao réxime de licenza.

b) Os proxectos de instalacións de produción eléctrica e de autoconsumo a partir de fontes renovables, incluíndo as súas infraestruturas de evacuación, en cuxo procedemento de autorización substantiva enerxética fose consultado o concello afectado cando se lle solicite informe preceptivo e vinculante, así como as instalacións de distribución eléctrica de baixa tensión.

c) Actos de uso do solo ou do subsolo incluídos naqueles proxectos de iniciativas empresariais para os que se aprobe un proxecto sectorial para a adecuación do uso do solo ás infraestruturas ou instalacións que se implanten.

d) Nos casos de solicitude de licenza urbanística no solo empresarial, cando o concello emitise informe previo e favorable nos trámites ambientais ou urbanísticos de desenvolvemento desa categoría de solo.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.



Emenda nº69, de Supresión.

Suprimir o Artigo 55.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 56. Instrumentos específicos de financiamento para iniciativas promovidas por start-ups, por persoas emprendedoras e outras pequenas empresas

1. A consellaría con competencias en materia de economía e empresa, por si mesma ou a través das entidades instrumentais do sector público autonómico dependentes dela, porá en marcha instrumentos de coinvestimento público-privado que favorezan o financiamento das iniciativas empresariais promovidas por *start-ups*, **persoas emprendedoras** e outras pequenas empresas.

2. Para os efectos da presente lei, teñen a condición de **persoas investidoras privadas** as persoas físicas ou xurídicas, fondos de investimento ou calquera outra entidade de investimento (*business angels*, redes de *business angels* ou *family offices*, entre outros) que, tendo interese en investir nunha ou varias iniciativas empresariais promovidas por *start-ups*, **persoas emprendedoras** e outras pequenas empresas, reúnan os requisitos para a súa consideración como tales.

3. Corresponderá á consellaría con competencias en materia de economía e empresa, por si mesma ou a través das entidades instrumentais do sector público autonómico dependentes dela, o establecemento dos requisitos que deben reunir **as persoas investidoras privadas**.

4. O investimento levado a cabo nunha iniciativa empresarial por **unha persoa investidora privada** por un importe comprendido entre 25 000 e 250 000 euros, poderá comportar, por petición das pequenas empresas e logo do exame da súa viabilidade, un investimento de ata a mesma contía por parte da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través dos instrumentos de financiamento ou fondos de investimento xestionados polas entidades instrumentais do sector público autonómico dependentes da consellaría con competencias en materia de economía e empresa.

Este coinvestimento estará suxeito aos seguintes requisitos e condicións:

a) No caso de iniciativas empresariais levadas a cabo por sociedades de capital, o investimento **das persoas investidoras privadas** deberá materializarse en forma de toma de participación no capital, que poderá comportar unha prima de emisión ou asunción.

b) Para os efectos do investimento público, as iniciativas empresariais e **as súas persoas promotoras** deberán reunir os requisitos establecidos pola normativa reguladora do

instrumento de financiamento ou fondo de investimento en cuestión.

c) O investimento público poderá materializarse en forma de toma de participación en capital, de préstamos participativos, convertibles ou non en capital, ou doutro tipo de préstamos. No caso de tomas de participación en capital, estas terán carácter temporal, non suporán unha porcentaxe de participación superior ao vinte e cinco por cento e poderán comportar unha prima de emisión ou asunción.

5. A consellaría con competencias en materia de economía e empresa, por si mesma ou a través das entidades instrumentais do sector público autonómico dependentes dela, promoverá as accións que poñan en contacto os investidores privados coas iniciativas empresariais que precisen financiamento, así como as accións de difusión pública dos instrumentos de coinvestimento regulados neste artigo.

6. Para os efectos deste artigo, as empresas obxecto de investimento deberán ser pequenas empresas segundo a definición prevista no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, ou norma que o substitúa.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº70, de Supresión.

Suprimir o Artigo 56.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 57. Instrumentos específicos de financiamento para os proxectos industriais estratéxicos e para as iniciativas empresariais prioritarias

A consellaría con competencias en materia de economía e empresa, por si mesma ou a través das entidades instrumentais do sector público autonómico dependentes dela, porá á disposición dos suxeitos promotores dos proxectos industriais estratéxicos e das iniciativas empresariais prioritarias que así o requiran os instrumentos de financiamento público que contribúan a complementar a estrutura financeira do proxecto ou da iniciativa, que, en todo caso, deberá contar con financiamento privado.

Os instrumentos de financiamento público poderán revestir a forma de toma de participacións en capital, préstamos, participativos ou non, garantías, incentivos a fondo perdido, ou unha combinación dos anteriores. Todos os instrumentos de financiamento público referidos e os apoios que puideren prestarse a través deles deberán respectar a regulación sobre axudas de Estado da Unión Europea.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº71, de Supresión.

Suprimir o Artigo 57.



DITAME DA COMISI3N:

TÍTULO V.

Instrumentos de gobernanza e especialidades de xestión dos fondos de recuperación

NON TEN EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Capítulo I.

Estruturas de Gobernanza

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 58. Gobernanza dos fondos de recuperación

As normas do presente título son de aplicación para ou exercicio das competencias da Comunidade Autónoma en relación coa planificación, programación, xestión e control dos recursos económicos (en adiante “os fondos”) financiados polo Instrumento Europeo de Recuperación, aprobado polo Consello Europeo o 21 de xullo de 2020, e dos derivados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ou polos mecanismos que os substitúan, que teñan por finalidade o financiamento de iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

Todo elo sen prexuízo do establecido no artigo 2 do Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº72, de Modificación.

No Artigo 58 substituír o texto: “de iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia”, polo seguinte: “de iniciativas de reactivación económica, reorientación do sistema produtivo e impulso á innovación e investigación”.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº67, de Adición.

Débese engadir un novo artigo 58 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 58 bis. Instrumento de planificación estratéxica para a xestión dos fondos europeos

1 No prazo de dous meses desde a entrada en vigor da lei, a Xunta de Galicia aprobará un instrumento de planificación estratéxica en relación coa xestión dos proxectos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, no que se incluírá para cada un dos departamentos e entidades instrumentais responsables:

- a) Un plan de xestión de persoas asignadas á execución dos fondos procedentes do plan.
- b) Un plan de axilización dos procedementos de contratación vinculados á execución dos fondos procedentes do plan.
- c) Un plan de axilización dos procedementos de tramitación de subvencións e convenios administrativos para a execución de proxectos con cargo a fondos europeos.

2. O dito instrumento de planificación estratéxica deberá contemplar as sinerxias existentes no Marco Financeiro Plurianual 2021-2027 da Unión Europea."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 59. Proxectos tractores para a economía galega

1. Teñen a consideración de proxectos tractores para a economía galega aqueles proxectos industriais estratéxicos, tal e como se definen na lexislación industrial galega, que supoñan unha especial capacidade de incidir en diversos sectores económicos para xerar crecemento, emprego e competitividade, actuando como vertebradores doutras iniciativas empresariais que incidan de forma significativa na economía galega, e que reúnan os requisitos técnicos para ser susceptibles de ser financiados polos fondos do Instrumento Europeo de Recuperación ou por aqueles derivados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2. A consideración como proxecto tractor será declarada polo Consello da Xunta de Galicia simultaneamente á súa declaración de proxecto industrial estratéxico, contando co informe previo favorable da Comisión para a Planificación e Impulso de Proxectos a Financiar polo Instrumento *Next Generation EU*. A declaración como proxecto tractor suporá a posibilidade de acollerse aos beneficios establecidos na lexislación estatal, se for o caso, nos termos establecidos nela, e adicionalmente a un sistema de apoios públicos e de acompañamento empresarial nos termos establecidos nesta lei.

3. O proxecto tractor poderá consistir nun proxecto único ou nun grupo de proxectos que compartan ou mesmo obxectivo.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº73, ao apartado 1, de Substitución.

Substituír o texto do apartado 1 do Artigo 59 polo seguinte:

“1. Teñen a consideración de proxectos tractores para a economía galega aqueles proxectos significativos de impulso económico, reorientación do sistema produtivo e impulso á innovación e investigación, que supoñan unha especial capacidade de incidir en diversos sectores económicos para xerar crecemento, competitividade, o peche de ciclos produtivos en Galiza, a creación de valor engadido e transferencia de coñecemento e a creación e consolidación de emprego de calidade nos que a Xunta de Galiza participe directamente ou a través de empresas mixtas, e con control efectivo, e que reúnan os requisitos técnicos para ser

susceptibles de ser financiados polos fondos do Instrumento Europeo de Recuperación, ou por aqueles derivados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ou calquera outro instrumento internacional ou estatal que poida habilitarse para dar resposta á covid-19.”

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº74, ao apartado 2, de Substitución.

Substituír o texto do apartado 2 do Artigo 59 polo seguinte:

“2. A consideración como proxecto tractor será aprobada polo Parlamento Galego por proposta do grupo de traballo do Consello Económico e Social, polo grupo de traballo coas entidades locais, por proposta das Universidades galegas e centros de investigación ou polo Consello da Xunta de Galiza e irá acompañado dos correspondentes informes técnicos e da xustificación duns parámetros mínimos en indicadores relativos a cuestións ambientais, sociais, de risco económico e de compoñente innovadora que serán aprobados no prazo máximo dun mes após a entrada en vigor desta lei. Así mesmo, habilitaranse os correspondentes mecanismos de participación pública para a remisión de propostas a estes foros de participación.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 60. Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento Next Generation EU

1. A Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento *Next Generation EU* configúrase como o órgano de planificación, dirección e coordinación das iniciativas empresariais que sexan susceptibles de ser financiadas polos instrumentos financeiros previstos no presente capítulo.

2. A Comisión estará composta polas Vicepresidencias Primeira e Segunda, pola Consellería de Facenda e Administración Pública e por aqueloutras consellarías ou centros directivos que se determinen mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia.

3. A presidencia da Comisión corresponderá á persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia, que poderá delegar **na persoa titular da vicepresidencia**. A vicepresidencia da Comisión corresponderá á persoa titular da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. As funcións de secretaria da Comisión corresponderán á persoa titular da dirección xeral de planificación e orzamentos.

4. Corresponden á Comisión as seguintes funcións:

a) A proposta de aprobación dos plans que sexan susceptibles de ser financiados polos fondos do Instrumento Europeo de Recuperación ou por aqueles derivados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

b) O informe sobre a declaración de proxectos tractores para a economía galega que sexan susceptibles de ser propostos pola Comunidade Autónoma para o financiamento europeo ou estatal.

c) Analizar os diferentes proxectos susceptibles de ser financiados con cargo aos fondos do instrumento *Next Generation EU*.

c) A aprobación das directrices básicas de execución das políticas públicas autonómicas financiadas con proxectos financiados polos instrumentos previstos neste capítulo.

d) O seguimento da execución dos plans e proxectos aprobados no marco das competencias autonómicas.

e) A aprobación dos documentos de harmonización en materia de bases de subvencións, pregos de cláusulas ou manuais tipo de procedementos de contratación, subvencións ou gasto público.

f) Calquera outra función que lle atribúa o Consello da Xunta de Galicia no marco das competencias da Comisión.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº68, de Modificación.

Proponse unha nova redacción para o punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"2. A Comisión estará composta polas vicepresidencias Primeira e Segunda, pola Consellería de Facenda, Administración Pública, Mar, Medio Rural, Vivenda e Transporte e por aquelas outras consellarías ou centros directivos que se determinen mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia. Formará parte tamén da dita Comisión unha representación da Fegamp, un representante de cada grupo político con representación parlamentaria e unha representación dos axentes económicos e sociais máis representativos de Galicia."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº75, ao apartado 1, de Modificación.

No apartado 1 do Artigo 60 substituír: "iniciativas empresariais", por: "proxectos".

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº76, ao apartado 1, de Modificación.

No apartado 1 do Artigo 60 substituír: "no presente capítulo", por: "na presente lei".

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº77, ao apartado 1, de Adición.

No apartado 1 do Artigo 60 engadir o seguinte texto in fine:

"Esta Comisión constitúe unha delegación operativa do Consello da Xunta de Galiza".

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº78, ao apartado 4.a), de Substitución.

Substituír o texto do subapartado a) do apartado 4 do Artigo 60 polo seguinte:

“a) A proposta de proxectos e liñas de traballo que sexan susceptibles de ser financiados polos fondos do Instrumento Europeo de Recuperación, ou por aqueles derivados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para a súa aprobación por parte do Parlamento galego”.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº79, ao apartado 4.c), de Modificación.

No subapartado c) (no segundo ao estar esta letra repetida) do apartado 4 do Artigo 60, substituír: "no presente capítulo", por: "na presente lei".

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº80, ao apartado 4.c), de Adición.

Engadir ao final do subapartado c) do apartado 4 do Artigo 60 por: “e colaborar e remitir os informes necesarios para a deliberación e traballos de proposición do CES e do Parlamento galego”.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 61. Comité Técnico de Fondos de Recuperación

1. Como órgano de apoio técnico á Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento *Next Generation EU*, créase un Comité Técnico de Fondos de Recuperación que terá a seguinte composición:

- a) A persoa titular da dirección xeral en materia de orzamentos, que presidirá o Comité.
- b) A persoa titular da dirección xeral competente en materia de fondos europeos
- c) As persoas que desempeñen as secretarías xerais técnicas de todas as consellarías
- d) As persoas que determine a Comisión de entre as que teñan a condición de alto cargo.**
- e) Unha persoa en representación da unidade de proxectos tractores do Igape.**

As funcións de secretaría serán desempeñadas por persoal funcionario público con nivel de subdirección xeral, ou equivalente, designado pola presidencia do Comité.

Na designación das persoas que forman parte do Comité Técnico de Fondos de Recuperación atenderase, sempre que sexa posible, ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes.

2. Na súa función de apoio técnico á Comisión, o Comité poderá realizar propostas, realizar informes e análises, así como elevar propostas de instrucións e recomendacións en todas as materias que teñan conexión coas funcións da Comisión relacionadas anteriormente ou que lle sexan encomendadas por ela.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº81, ao apartado 1.e), de Substitución.

Substituír o texto do subapartado e) do apartado 1 do Artigo 61 polo seguinte:

“e) unha persoa representante do Instituto Galego de Crédito e Investimento”.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº82, ao apartado 1.f), de Adición.



Engadir un novo subapartado f) no apartado 1 do Artigo 61 co seguinte texto:

“f) unha persoa representante da Consellaría ou entidade pública galega con competencias en materia de innovación e investigación”.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº83, ao apartado 3, de Adición.

Engadir un novo apartado 3 no Artigo 61 co seguinte texto:

“3. Por solicitude do Consello Económico e Social ou do grupo de traballo coas entidades locais, o apoio técnico poderá estenderse a estes foros de participación, habilitándose as dinámicas de colaboración precisas.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 62. Grupos técnicos sectoriais

1. Por proposta do Comité Técnico e logo da aprobación da Comisión, poderanse crear grupos de traballos técnicos sectoriais que elaboren recomendacións en materia de simplificación de procedementos, harmonización de sistemas de contratación ou de procesos de convocatorias ou calquera outro preciso para a execución dos plans e proxectos definidos no presente capítulo.

2. Os grupos de traballo técnicos sectoriais estarán presididos pola persoa titular da dirección xeral que determine a Comisión e conformados por persoal funcionario público con nivel de subdirección xeral, ou equivalente, das diferentes consellarías implicadas. Os resultados dos traballos realizados polos grupos de traballo serán aprobados en forma de recomendacións, propostas de actuación, propostas de pregos, manuais tipo ou propostas de bases pola Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento *Next Generation EU*.

3. Por proposta da presidencia dos grupos técnicos sectoriais poderá acordarse a asignación de funcións a tempo parcial a **persoal funcionario** das diferentes consellarías sen que supoña cambio de adscrición do posto de traballo nin da consellaría en que preste servizos. A asignación de funcións estará limitada ao ámbito de xestión establecido no presente capítulo e poderá supor a percepción dun complemento retributivo por consecución de obxectivos ou, de ser o caso, de retribucións extraordinarias por traballo realizados fóra da xornada habitual.

4. Na designación do persoal funcionario público que forme parte dos grupos técnicos sectoriais atenderase, sempre que sexa posible, ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº69, de Adición.

No punto 1 deste artigo, débese engadir *in fine* a seguinte frase: "... no prazo máximo de tres meses."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº84, ao apartado 2, de Adición.



Engadir no apartado 2 do Artigo 62 in fine o seguinte:

“Esta información será remitida de forma permanente ao CES e ao Palamento Galego, habilitando cantas cláusulas de confidencialidade sexan precisas.”

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 63. Mecanismos de participación da sociedade e de colaboración coa Fegamp

1. Para a aprobación de plans e proxectos e directrices poderase contar coas achegas **dun comité, integrado por persoas expertas en Economía no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia**, co alcance e composición **que se determine pola Comisión** para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento *Next Generation EU*. Corresponde a este comité o asesoramento externo e servir de canle de participación dos sectores produtivos, das universidades e de asociacións.

2. Coa fin de favorecer o máximo diálogo social, constituirase un foro de participación específico conformado por persoas representantes das organización empresariais e dos sindicatos máis representativos, sen prexuízo de utilizar os mecanismos de participación xa existentes.

3. Como mecanismo de participación específico das entidades locais de Galicia constituirase unha comisión paritaria Xunta de Galicia-Federación Galega de Municipios e Provincias, á que corresponderá realizar as propostas de simplificación de trámites para a implantación de iniciativas empresariais tales como ordenanzas tipo, pregos de bases de contratación ou de bases de axudas e subvencións, entre outras.

4. A dita comisión estará conformada por cinco persoas representantes da Federación e cinco da Xunta de Galicia, correspondendo a súa presidencia a persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de administración local.

5. Na designación das persoas expertas e na composición dos grupos de traballo atenderase, sempre que sexa posible, ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº85, ao apartado 1, de Substitución.

Substituír o texto do apartado 1 do Artigo 63 polo seguinte:

“1. Para a aprobación de plans e proxectos e directrices contarase coa participación do Consello Económico e Social, ao abeiro do cal se constituirá un grupo específico de traballo que poderá ampliar o número e relación de participantes por acordo do Pleno para incorporar a representación suficiente de sectores afectados e de centros investigadores e tecnolóxicos. O grupo técnico de traballo Next Generation da Xunta de Galiza colaborará co Consello Económico e Social en cantas cuestións sexan precisas. As conclusións de dito grupo serán remitidas ao Parlamento Galego para coñecemento e participación dos grupos con representación na cámara. Así mesmo, habilitaranse as procedentes canles de participación e información pública para a sociedade galega, a través dun soporte web e fisicamente nas delegacións territoriais da Xunta de Galiza.”

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº70, ao apartado 1, de Modificación.

No punto 1 deste artigo, onde di: "... poderase contar coas achegas ...", debe dicir: "... contarase coas achegas ..."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº86, ao apartado 2, de Substitución.

Substituír o texto do apartado 2 do Artigo 63 polo seguinte:

“2. Sen prexuízo do recollido no punto 1, a Xunta de Galiza poderá manter cantas reunión sexan precisas cos sindicatos máis representativos de Galiza e coas organizacións máis representativas da patronal sen que iso supoña un subterfuxio dos mecanismos de participación e diálogo social legalmente existentes nin a exclusión de algunha das partes”

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº87, ao apartado 3, de Substitución.

Substituír o texto do apartado 3 do Artigo 63 polo seguinte:

“3. Como mecanismo de participación específico das entidades locais de Galicia creárase un grupo de traballo en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias para a información, inclusión ou valoración de propostas de actuación así como para o asesoramento ás entidades locais na obtención de fondos e proxectos de ámbito europeo e o traballo



en iniciativas compartidas. Ademais destas cuestións, sen prexuízo da autonomía local, colaborárase no acordo de procedementos tipo e na axilización administrativa. O grupo de traballo terá unha composición equilibrada a determinar por convenio coa FEGAMP, correspondendo a súa presidencia á Xunta de Galiza e a súa vicepresidencia ás entidades locais.”

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº88, ao apartado 4, de Supresión.

Suprimir o apartado 4 do Artigo 63.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº73, de Adición.

Débese crear un novo artigo 63 bis) que terá o seguinte contido:

" Artigo 63 bis. Colaboración coa Fegamp

1. Como mecanismo de participación específico das entidades locais de Galicia constituirase unha comisión paritaria Xunta de Galicia-Federación Galega de Municipios e Provincias, á que corresponderá realizar as propostas de simplificación de trámites para a implantación de iniciativas empresariais tales como ordenanzas tipo, pregos de bases de contratación ou de bases de axudas e subvencións, entre outras.

2. A dita comisión estará conformada por cinco representantes da Federación e cinco da Xunta de Galicia, correspondendo a súa presidencia á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de Administración local."



DITAME DA COMISI3N:

Capítulo II. **Especialidades en materia de xestión e
execuci3n dos fondos**

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 64. Mecanismos de seguimento e control

1. Corresponderá ás direccións xerais con competencias en materia de planificación e orzamentos e de fondos europeos a planificación, programación e xestión da execución dos fondos no marco das competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma, e asumirán a condición de autoridades responsables diante da Administración xeral do Estado e das institucións europeas.

2. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma configúrase como o órgano de control dos fondos, sen prexuízo das funcións de auditoría nos controis que establezan a Administración xeral do Estado e as institucións europeas.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº89, ao apartado 3, de Adición.

Engadir un novo apartado 3 no Artigo 64 co seguinte texto:

"3. Anualmente a Xunta de Galiza emitirá un informe para a súa remisión e debate no Parlamento Galego que previamente será informado polo Consello Económico e Social."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 64 bis). Aprobación das normas adoptadas no marco da execución destes fondos

O procedemento de elaboración de normas regulado no Capítulo II, do Título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que se adopten no marco da execución destes fondos terá o carácter de urgente.

Reduciranse á metade os prazos cando se soliciten informes preceptivos sen que sexa preciso neste motivar a urxencia. Transcorrido o prazo sen terse recibido estes, o centro directivo competente poderá continuar coa tramitación deixando debida constancia na memoria. En todo caso, e antes da súa aprobación formal, incorporáranse ao expediente cantos informes, consultas ou ditames fosen preceptivos. A memoria esixida polo artigo 41 apartado 3 letra a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, conterá un apartado específico no que se xustifique a súa vinculación con estes fondos.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 64 ter). Tramitación de urxencia dos procedementos administrativos de execución de gastos con cargo a estes fondos

1. Declárase a aplicación da tramitación de urxencia e do despacho prioritario, nos termos previstos nos artigos 33 e 71 respectivamente da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dos procedementos administrativos que impliquen a execución de gastos con cargo a estes fondos. O órgano administrativo motivará esta circunstancia de urxencia no correspondente acordo de inicio, sen prexuízo do establecido no artigo 50 do Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro.

2. En ningún caso será obxecto de redución a duración dos prazos referidos á presentación de solicitudes e de recursos.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 64 quater). Tramitación anticipada dos procedementos administrativos de execución de gastos con cargo a estes fondos

1. No caso de que se inicie no exercicio corrente a tramitación de expedientes de gasto pero a súa execución orzamentaria non vaia ter lugar ata o exercicio seguinte ou outros exercicios posteriores, será posible a súa tramitación anticipada ao longo do dito exercicio, podendo chegar ata a fase de formalización do compromiso de gasto no exercicio corrente.

2. No caso de que os citados expedientes se tramiten antes da aprobación do proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma, o documento contable de tramitación anticipada substituirase por un informe a emitir polo órgano xestor no que se faga constar que normalmente vai existir crédito axeitado e suficiente para o gasto a efectuar.

NON TEN EMENDAS



DITAME DA COMISI3N:

Artigo 64 quintus). **Utilizaci3n de medios propios**

Para a aplicaci3n destes fondos, os poderes adjudicadores auton3micos e as entidades contratantes poder3n organizarse executando de maneira directa prestaci3ns propias dos contratos de obras, subministraci3ns, servizos, concesi3n de obra e concesi3n de servizos, a cambio dunha compensaci3n tarifaria, val3ndose dun medio propio, de acordo coa lexislaci3n aplicable, sendo esixible nestes casos a autorizaci3n do Consello da Xunta previa 3 subscrici3n dun encargo cando ou seu importe supere os 4.000.000 euros.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 64 sextus). **Convenios subscritos para a execución de proxectos con cargo aos fondos**

1. A tramitación dos convenios que celebre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, os seus organismos públicos e entidades de dereito público, vinculados ou dependentes, para a execución dos proxectos con cargo aos fondos, rexerase polo previsto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, coa seguinte especialidade:

Excepcionalmente, o prazo de vixencia destes convenios poderá ter unha duración superior á legalmente establecida, podendo chegar como máximo aos seis anos, coa posibilidade dunha prórroga de ata seis anos de duración. Esta excepción deberá xustificarse motivadamente polo órgano competente con especial mención a que a dita extensión ou prórroga non limitará a competencia efectiva nos mercados.

2. Así mesmo, aos convenios mencionados no apartado anterior non lles será esixible a autorización do Consello da Xunta, excepto cando impliquen a asunción de obrigas de contido económico por importe superior a 300.000 euros.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 64 septimus). **Requisitos para a tramitación de subvencións financiábles con cargo aos fondos**

1. Na concesión de subvencións e axudas ás que resulte de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, será esixible a autorización do Consello da Xunta prevista no artigo 7.2 da devandita lei cando ou seu importe supere 3 millóns de euros.

2. Na concesión de préstamos concedidos con cargo a estes fondos o informe previsto na normativa orzamentaria para estes supostos integrarase no informe de fiscalización das bases ou instrumentos reguladores da súa concesión.

3. A concesión directa de subvencións cando, con carácter excepcional, se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública» prevista no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estará suxeita ás previsións do artigo 26.3 da mesma Lei para estes fondos cando o importe supere os 300.000 euros.

Nas propostas de acordo ou resolución de concesión especificarase as circunstancias que xustifican a dita modalidade de subvención.

4. As resolucións de concesión directa de subvencións correntes e de capital que se definan en termos de persoa beneficiaria e ano, así como das que vaian ser formalizadas nun convenio ou instrumento bilateral, que se financien con cargo a estes fondos e para as que con carácter excepcional, se acrediten as razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública» segundo o previsto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, requirirán a autorización previa do Consello da Xunta cando o importe a conceder supere os 300.000 euros.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 64 octavus). **Bases reguladoras e convocatoria das subvencións financiáveis con estes fondos**

1. Para a tramitación da aprobación das bases reguladoras e a convocatoria destas subvencións contempladas no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no 18.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, serán esixibles o informe dos Servizos Xurídicos correspondentes, o de planificación e fondos e o informe da Intervención Xeral que, en todo caso, será emitido no prazo improrrogable de dez días naturais.

2. Os beneficiarios dos préstamos ou anticipos deberán acreditar que se atopan ao corrente do pago das obrigas de reembolso de calquera outros préstamos ou anticipos concedidos anteriormente con cargo aos créditos especificamente consignados para a xestión destes fondos nos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O cumprimento de tales condicións poderá acreditarse mediante unha declaración responsable do beneficiario ou certificación do órgano competente se este for unha administración pública. Todo iso sen prexuízo da verificación do cumprimento con anterioridade ao pagamento xunto co resto de obrigas previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NON TEN EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 64 nonus). **Subvencións de concorrencia non competitiva**

No caso de subvencións relacionadas financiadas con estes reguladas pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cuxo obxecto sexa financiar actuacións ou situacións concretas que non requiran de valoración comparativa con outras propostas, poderanse ditar as resolucións de concesión pola orde de presentación das solicitudes unha vez realizadas as comprobacións de concorrencia da situación ou actuación subvencionable e o cumprimento do resto de requisitos esixidos, ata o esgotamento do crédito orzamentario asignado na convocatoria.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 64 décimus). **Xustificación da aplicación das subvencións**

a) **Elévase o limiar económico previsto no artigo 51.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para a presentación dunha conta xustificativa simplificada por parte do beneficiario da subvención, ampliándose o devandito importe ata os 100.000 euros.**

b) **Elévase ata os 10.000 euros o límite para acreditar o cumprimento das obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social contemplado no artigo 11, letra i) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia**

c) **Para os supostos en que as solicitudes deban vir acompañadas de memorias económicas, flexibilizaranse os compromisos plasmados nas mesmas, no sentido de que se permitan compensacións entre os conceptos orzados, sempre que se dirixan a alcanzar o fin da subvención.**

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 64 undécimus). **Agrupacións de persoas físicas ou xurídicas beneficiarias de subvencións**

1. As bases reguladoras para a concesión de subvencións de actividades vinculadas con estes fondos poderán establecer que poidan ser beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, nos termos previstos no apartado 3 do artigo 8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O seu funcionamento rexerase polas previsións establecidas no artigo 67 do Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 64 tercius décimus). **Especialidades en materia de xestión de persoal**

1. Naquelas consellerías ou entidades dependentes delas onde se xestionen proxectos financiados con fondos dos instrumentos europeos de recuperación ou con outros fondos europeos corresponderá ás persoas titulares das Secretarías xerais técnicas realizar unha análise da carga de traballo existente nas diferentes unidades co fin de poder reasignar efectivos, de acordo co establecido nesta lei, naquelas que, de xeito prioritario, teñan por finalidade xestionar ditos fondos. Para os efectos desta lei entenderase como reasignación de efectivos a encomenda temporal de tarefas ou funcións propias da súa clasificación profesional. diferentes das do posto de traballo que en ningún caso suporá cambio de localidade. A persoa titular da secretaría xeral técnica da correspondente consellería terá como prioridade na xestión do persoal asignado o aproveitamento do talento das persoas ao servizo do departamento

2 A cobertura das necesidades de persoal para a xestión dos fondos realizarase prioritariamente con efectivos da propia consellería ou dos entes dependentes dela mediante unha reasignación temporal de funcións ou tarefas sen prexuízo da posible utilización dos mecanismos previstos con carácter xeral na lexislación de emprego público. A persoa titular da secretaría xeral técnica da correspondente consellería impulsará coa máxima celeridade as accións indicadas que sexan necesarias para axilizar a absorción e execución dos fondos europeos

3. Cando as necesidades de persoal non puideran ser atendidas con efectivos da consellería ou dos seus entes poderá recorrerse ao mecanismo de nomeamento de persoal temporal, a través dun programa especial, polo tempo imprescindible para a execución dos proxectos, nos termos e cos requisitos establecidos na lexislación vixente na comunidade autónoma. Adicionalmente a Dirección Xeral da Función Pública poderá reasignar efectivos procedentes doutras consellerías ou doutras entidades instrumentais.

4. O persoal adscrito aos grupos de traballo ou ás unidades de apoio temporal que xestionen ditos fondos poderá, nos termos establecidos na lexislación orzamentaria e reguladora do emprego público, percibir



complementos de produtividade ou gratificacións extraordinarias dentro dos límites derivados das consignacións orzamentarias.

5. Mediante instrución conxunta das direccións xerais de Planificación e Orzamentos e da Función Pública, adoptaranse medidas para fomentar a capacitación do persoal e o recoñecemento do seu traballo, tanto do esforzo colectivo como do esforzo individual, e poderán percibir complementos de produtividade ou gratificacións extraordinarias dentro dos límites derivados das consignacións orzamentarias.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 64 quartus décimus). Creación de unidades administrativas de carácter provisional

1. Por razóns de eficacia e eficiencia poderán constituírse unidades administrativas de carácter provisional mediante a modificación da correspondente relación de postos de traballo, para a xestión e execución dos proxectos financiados con fondos dos instrumentos europeos de recuperación ou outros fondos europeos.

2. Os postos de traballo provenientes da relación de postos de traballo do departamento ou organismo cos que se dote esta unidade serán reasignados á súa unidade de orixe unha vez cúmprase este prazo. A constitución destas unidades requirirá informe favorable da Dirección Xeral competente en materia de función Pública

3. A provisión de postos de traballo destas unidades temporais realizarase consonte á normativa de emprego público de Galicia. Como regra xeral, contarase primordialmente con aqueles empregados públicos que teñan experiencia directa ou indirecta na xestión de proxectos relacionados con fondos europeos. A provisión de postos destas unidades por persoal estatutario temporal, persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal efectuarase con carácter subsidiario.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 64 quintus décimus). **Asignación de funcións a tempo parcial**

1.Exclusivamente no ámbito de xestión de proxectos financiados con fondos dos instrumentos europeos de recuperación ou outros fondos europeos a persoa titular da secretaría xeral técnica da consellería encargada da xestión destes poderá acordar a asignación de funcións a tempo parcial ata un máximo do 80% da súa xornada ao persoal funcionario ao servizo do departamento sen cambio de adscrición nin do posto de traballo nin da persoa.

Mediante resolución conxunta das direccións xerais da Función Pública e de Avaliación e Reforma Administrativa poderá asignarse persoal de distintas consellerías ou entidades funcións a tempo parcial para colaborar na xestión dos ditos fondos, previa proposta motivada da Consellería de destino, que deberá indicar que non dispón de efectivos suficientes e co informe favorable da consellería de orixe do empregado público.

2. Coa finalidade garantir a adecuada prestación dos servizos públicos no suposto de asignación de funcións a tempo parcial, poderase nomear persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal para o apoio nas funcións propias do empregado público que voluntariamente coopere durante a súa xornada laboral na confección ou xestión dos proxectos que se sinalan no punto 1.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional primeira. Procedementos de avaliación e acreditación das competencias profesionais

1. As consellarías competentes en materia de avaliación e acreditación das competencias profesionais terán en conta, no deseño destes procedementos, aqueles sectores de actividade determinados pola consellaría competente en materia de economía e empresa.

2. As probas poderán realizarse nos centros públicos que impartan ensinanzas de formación profesional. Para o financiamento dos custos da súa realización, poderá establecerse a colaboración entre as consellarías e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia con competencias en materia de educación, de emprego e de economía e empresa, mediante a subscripción do oportuno acordo.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº90, ao apartado 1, de Adición.

Engadir ao final do apartado 1 da Disposición adicional primeira o seguinte texto:

“así como a aqueles sectores e necesidades indicados polas organizacións sindicais con representación no noso país e polo Consello Económico e Social”.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional segunda. Fomento das iniciativas empresariais no exterior

1. Coa finalidade de facilitar a xestión da posta en marcha das iniciativas empresariais, a Administración autonómica poderá, no marco das súas competencias, pór á disposición das empresas e dos colectivos profesionais de Galicia os servizos de identificación e actualización de oportunidades de negocio, apoio en implantacións en destino, apoio á internacionalización, e acompañamento inicial, naqueles Estados en que exista unha maior necesidade e demanda.

2. Así mesmo, coa finalidade de facilitar o acceso das persoas doutros Estados aos bens e servizos ofertados polo mercado autonómico, poderán establecerse servizos de mediación e tradución en apoio aos operadores das actividades empresariais e profesionais desenvoltas en Galicia.

3. Os operadores galegos de servizos transfronteirizos que teñan coñecemento de actuacións contrarias á liberdade de prestación de servizos en todo o mercado interior poderano pór directamente en coñecemento da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, que, cando proceda, no exercicio das súas competencias, impulsará os procedementos e as actuacións que procederen, segundo o ordenamento da Unión Europea, en defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos como operadores e cidadáns europeos.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº91, ao apartado 1, de Adición.

Engadir ao final do apartado 1 da Disposición adicional segunda o seguinte texto:

“Estes servizos ofertaranse garantindo os principios de transparencia, obxectividade e igualdade de oportunidades e establecerase un sistema de avaliación e calidade para supervisar o retorno das actuacións e intervencións.”

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº92, ao apartado 2 bis), de Adición.

Engadir un novo apartado 2 bis na Disposición adicional segunda co seguinte texto:



“2. bis. Así mesmo, coa finalidade de evitar a entrada de fondos voitre e de especulación nos sectores estratéxicos da economía galega, desenvolverase unha estratexia específica de supervisión en colaboración co Consello Económico e Social, programas de investigación económica e foros de debate e estudo económico.”

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional terceira. Criterios técnicos para a redacción de estudos ambientais

Por orde da persoa titular da consellaría con competencias en materia de medio ambiente poderán aprobarse os criterios técnicos e, se for o caso, interpretativos de carácter xeral para a redacción dos estudos ambientais estratéxicos dos plans ou programas e dos estudos de impacto ambiental dos proxectos, e tamén para a predición e a valoración dos seus impactos, a determinación das características técnicas e as especificacións da documentación que deban presentar os suxeitos promotores.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº93, de Supresión.

Suprimir a Disposición adicional terceira.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional cuarta. Definición de zona industrial e de polígono industrial para os efectos da avaliación de impacto ambiental de proxectos

1. Para os efectos dos anexos I e II da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no ámbito da avaliación de impacto ambiental de proxectos de competencia autonómica, entenderase por zona industrial a superficie de solo empresarial destinado maioritariamente ao uso industrial; e por polígono industrial, a área empresarial que inclúa o uso industrial entre os usos permitidos.

2. As expresións «solo empresarial» e «área empresarial» empregadas nesta disposición entenderanse consonte as definicións recollidas no artigo 3 *bis* da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº94, ao apartado 2, de Supresión.

Suprimir o apartado 2 da Disposición adicional cuarta.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional quinta. Propostas de modificación de normativa básica estatal aplicable

Cando unha norma básica estatal estableza trámites adicionais aos previstos na normativa europea que poidan supor un obstáculo para a implantación dos proxectos e das iniciativas, a Comunidade Autónoma de Galicia formulará a oportuna proposta de modificación pola vía oportuna, incluso mediante a presentación dunha proposición de lei do Parlamento de Galicia perante o Congreso dos Deputados.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº95, de Substitución.

Substituír o texto da Disposición adicional quinta polo seguinte:

“Defensa dos principios de soberanía e autogoberno: o goberno galego colaborará coas institucións autonómicas, nomeadamente co Parlamento Galego e co Consello Económico e social, na defensa do autogoberno e do respecto ás competencias exclusivas que o noso país ten establecidas, opoñéndose ás inxerencias de decisións comunitarias ou estatais en relación con ámbitos competencialmente atribuídos ao noso país, especialmente pola súa relevancia no ámbito económico aqueles en materia orzamentaria e financeira, agraria, pesqueira, forestal, de infraestruturas, medio ambiente, e enerxética.

O goberno galego reclamará meirande representación institucional de Galiza en Bruxelas e a negociacións directa sobre aquelas cuestións que atinxan aos sectores económicos e produtivos galegos para garantir a defensa dos intereses de Galiza perante as institucións comunitarias.”

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº74, de Modificación.

Proponse unha nova redacción para esta disposición, que terá o seguinte contido:

"Disposición adicional quinta. Propostas de modificación de normativa básica estatal aplicable



Cando unha norma básica estatal estableza trámites adicionais aos previstos na normativa europea que poidan supor un obstáculo para a implantación dos proxectos e das iniciativas, a Comunidade Autónoma de Galicia formulará a oportuna proposta de modificación a través da Conferencia Sectorial do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia prevista no artigo 19 do Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban as medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional sexta. Aprobación dos catálogos de iniciativas empresariais

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei a consellaría con competencias en materia de economía e empresa elaborará e someterá á aprobación do Consello da Xunta de Galicia os primeiros dez catálogos de iniciativas empresariais, priorizados en función dos sectores en que se aprecie unha maior demanda e necesidade de simplificación.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº96, de Supresión.

Suprimir a Disposición adicional sexta.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº75, de Modificación.

Onde di: "No prazo de seis meses ...", debe dicir: "No prazo de dous meses ..."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº97, de Adición.

Engadir unha nova Disposición adicional sétima co seguinte nome e texto:

"Disposición adicional sétima. "Defensa do autogoberno galego.

Habílitate ao goberno galego para emprender aquelas actuacións precisas, tamén legais, para a defensa da xestión territorializada e do exercicio das súas competencias propias na xestión e decisión respecto da concreción das actividades desenvolvidas ao abeiro dos fondos do Instrumento Europeo de Recuperación, ou por aqueles derivados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ou calquera outro instrumento internacional ou estatal que poida habilitarse para dar resposta á covid-19 e verse sobre as competencias galegas recollidas no Estatuto de Autonomía."



EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº76, de Adición.

Débese engadir una nova disposición adicional sexta bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición adicional sexta bis. Modificación nome Oficina Doing Bussines Galicia

Adaptarase en toda a normativa actual vixente a nova denominación da "Oficina Doing Bussines Galicia" que pasará a denominarse como "Oficina Facendo Negocios Galicia."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº98, de Adición.

Engadir unha nova Disposición adicional oitava co seguinte nome e texto:

"Disposición adicional oitava. Plan de reforzo da contratación de persoal.

En aras de axilizar os procedementos a que se refire a presente Lei farase un estudo do persoal adscrito aos diferentes órganos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma que teñan relevancia aos efectos aquí previstos a fin de determinar contratacións de persoal necesarias para reforzar a Administración Pública. Así mesmo, crearase un órgano administrativo específico na Xunta de Galiza que colabore non só no apoio, asesoramento e acompañemento das iniciativas contempladas nesta lei, senón na emisión de informes técnicos e xurídicos por parte de funcionarios e funcionarias habilitados para tal efecto, a fin de colaborar cos concellos galegos nos supostos de falta de persoal técnico e xurídico cualificado, evitando calquera risco de derivación a entidades que suplanten a función da administración."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº99, de Adición.

Engadir unha nova Disposición adicional novena co seguinte nome e texto:

"Disposición adicional novena. Protección da Rede Natura e das súas previsións de ampliación.

Modifícase o Artigo 32 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galiza e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactado como segue:

Artigo 32.-Rede Natura e ampliación:

Quedan excluídos da implantación de novos aeroxeradores aqueles espazos naturais declarados como zonas de especial protección dos valores naturais por formaren parte da Rede Natura 2000, así como aqueles que fosen propostos nos procesos de 2008 e 2012. Exceptúanse do anterior as modificacións de parques eólicos en explotación cando a dita modificación supoña unha redución de, polo menos, o 50 % dos aeroxeradores previamente instalados na dita zona de Rede Natura ou proposta de ampliación, avaliado o impacto ambiental directo e indirecto de dito procedemento de repotenciación."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº100, de Adición.

Engadir unha nova Disposición adicional décima co seguinte nome e texto:

"Disposición adicional décima. Demanda de poxas específicas de renovábeis para os territorios afectados pola transición enerxética.

Con carácter inmediato á aprobación da presente lei, a Consellaría competente en economía e enerxía, previa consulta coa Mesa das Pontes, dirixirase ao goberno central cunha proposta da Comunidade para demandar posta en marcha dunha nova orde de regulación dun mecanismo específico de poxa para o outorgamento do réxime económico de enerxías renovábeis no marco do período 2020-2025, de cara a incorporar criterios que non sexan exclusivamente económicos, senón tamén sociais e medioambientais, e incorporar poxas específicas de renovábeis nas zonas afectadas polo peche de centrais térmicas (posibilidade que contempla o marco legal para unha transición xusta ao abeiro do Marco Estratéxico de Enerxía e Clima)."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria primeira. **Consultas ás persoas expertas nos procedementos de avaliación ambiental**

Mentres non se cree o **banco de persoas expertas** previsto no número 2 do artigo 30, o órgano ambiental poderá solicitar, en calquera dos procedementos de avaliación ambiental, os informes científicos ou técnicos a organismos científicos, académicos ou doutro tipo que posúan os coñecementos necesarios, consonte o establecido no número 1 do devandito artigo.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº101, de Supresión.

Supresión da Disposición transitoria primeira.

DITAME DA COMISI3N:

Disposici3n transitoria segunda. Verificaci3n dos estudos ambientais estrat3xicos e dos estudos de impacto ambiental por entidades de colaboraci3n ambiental

Mentres non se desenvolva o r3xime xur3dico das entidades de colaboraci3n ambiental no 3mbito da Comunidade Aut3noma de Galicia, as verificaci3ns dos estudos ambientais estrat3xicos e dos estudos de impacto ambiental a que aluden os artigos 35.1.b) e 38.1.i) poder3n ser levadas a cabo por calquera entidade acreditada conforme a norma UNE-EN ISO/IEC 17020 como entidades de inspecci3n que aval3an o cumprimento dos aspectos medioambientais incluídos nas autorizaci3ns ambientais pola Entidade Nacional de Acreditaci3n (ENAC) como organismo nacional de acreditaci3n ou ben acreditada como verificadora medioambiental de acordo co establecido no Decreto 185/1999, do 17 de xu3o, polo que se establece o procedemento para a aplicaci3n, na Comunidade Aut3noma de Galicia, dun sistema voluntario de xesti3n e auditor3a medioambiental, ou norma que o substitúa.

Coa verificaci3n xuntarase unha declaraci3n da entidade de que non incorre en ningunha das prohibici3ns e incompatibilidades establecidas para as entidades de certificaci3n de conformidade municipal no artigo 64 do Regulamento 3nico de regulaci3n integrada de actividades econ3micas e apertura de establecementos, aprobado polo Decreto 144/2016, do 22 de setembro.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda n3102, de Supresi3n.

Suprimir a Disposici3n transitoria segunda.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria terceira. Continuación de determinados procedementos en materia de instalacións enerxéticas

Os procedementos iniciados ao abeiro da Lei 5/2017, do 19 de decembro, de fomento de iniciativas empresariais de Galicia, e da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, relativos ás solicitudes de modificación substanciais ou de novos proxectos de instalacións enerxéticas regulados no artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, que se encontren en fase de admisión ou admitidos a trámite continuarán a súa tramitación de acordo co recollido no procedemento de autorización administrativa integrada recollido no capítulo III do título III.

Para estes casos concédese un prazo de 1 mes, contado desde a entrada en vigor desta lei, para que os suxeitos promotores poidan desistir da súa solicitude e, de ser o caso, recuperar as garantías presentadas.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº103, de Supresión.

Suprimir a Disposición transitoria terceira.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria cuarta. **Procedementos iniciados á entrada en vigor desta lei**

1. Os procedementos administrativos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei continuarán a súa tramitación de acordo coas normas procedimentais recollidas nesta, agás no que respecta aos prazos que comezaran a computarse antes da súa entrada en vigor, que continuarán calculándose conforme ao establecido na normativa anterior.

2. Nos procedementos de avaliación ambiental estratéxica ordinaria de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en tramitación á data de entrada en vigor desta lei, será de aplicación o prazo establecido no artigo 35.1.b para a remisión ao órgano ambiental do expediente completo de avaliación ambiental estratéxica, dende a notificación ao promotor do documento de alcance.

3. O establecido no artigo 35 sobre o prazo de vixencia das declaracións ambientais estratéxicas e dos informes ambientais estratéxicos, e as solicitudes das correspondentes prórrogas, será de aplicación a todas as declaracións e informes publicados no Diario Oficial de Galicia nos catro anos anteriores á entrada en vigor desta lei, no caso das declaracións ambientais estratéxicas, e nos seis anos anteriores á devandita entrada en vigor, no caso dos informes ambientais estratéxicos.

4. Os informes sectoriais e os trámites realizados antes da entrada en vigor desta lei, incorporaranse aos sucesivos trámites de competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia que se refiran a unha mesma iniciativa empresarial, así como, no seu caso, para os efectos de obter o título habilitante de competencia municipal, sempre que se manteñan as circunstancias que motivaron os ditos pronunciamentos.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº104, de Modificación.

Substituír o nome da Disposición transitoria cuarta polo seguinte:

"Disposición transitoria cuarta. Procedimientos iniciados á entrada en vigor desta lei".

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº105, ao apartado 1, de Substitución.

Substituír o texto do apartado 1 da Disposición transitoria cuarta:

“1. Os procedementos administrativos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei continuarán a súa tramitación de acordo coas normas procedimentais recollidas nesta, agás no que respecta aos prazos, que continuarán calculándose conforme ao establecido na normativa anterior.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº106, de Adición.

Engadir unha nova Disposición transitoria quinta co seguinte nome e texto:

“Diposición transitoria quinta. Medidas de garantía de non discriminación das entidades locais no acceso.
No prazo dun mes o goberno galego procederá á eliminación da condición de Concello doing business como condicionante para os programas de emprego e estímulo económico da Xunta de Galiza.”



EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº107, de Adición.

Engadir unha nova Disposición transitoria sexta co seguinte nome e texto:

"Disposición transitoria sexta.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº108, de Adición.

Engadir unha nova Disposición transitoria sétima co seguinte nome e texto:

"Disposición transitoria sétima. Impulso dun novo consenso eólico con base á protección ambiental, a xustiza social e o retorno económico no marco do desenvolvemento da transición enerxética e dun novo modelo enerxético galego.

No prazo máximo de 15 días depois de aprobada esta lei, o goberno galego impulsará a aprobación dunha nova regulación e un novo Plan Sectorial Eólico coa participación dos axentes implicados política, sectorial e socialmente (asociacións veciñais, ecoloxistas, sindicais, comunidades de montes, concellos, etc.) e que preceptivamente inclúa un informe do Consello Económico e Social e un amplo proceso de exposición pública de cara a reunir o meirande consenso posíbel.

Entre outras cuestións, darase prioridade a:

- a) ordenar o marco lexislativo actualizándoo ás normativas ambientais na procura das máximas garantías
- b) dar rango de lei ao impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións.
- c) implicar o desenvolvemento de figuras de ordenación e protección do territorio, salvagardando espazos de alto interese ambiental: ampliación da Rede Natura, Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico. Reinicio da ampliación da Rede Natura e paralización de proxectos que afecten tanto á ampliación proposta en 2008 como a iniciada en 2012.
- d) adecuación dos proxectos en canto a súa ubicación e tamaño ás características do territorio: catálogo de usos do solo, prevalencia e protección dos usos agrogandeiros, forestais..., e complementariedade dos aproveitamentos eólicos.
- e) medidas de socialización dos beneficios mediante a participación pública (empresa pública de enerxía, participación da Xunta e concellos nos parques) e das persoas propietarias das terras (comunidades de montes, propiedades agrogandeiras), de maneira que xere rendas complementarias. Concretamente, elaboración de contratos tipo para particulares e comunidades de monte e posta en funcionamento dun rexistro público de prezos.



f) medidas de democratización da enerxía e promoción das redes de enerxía distribuída, fronte ao oligopolio das redes centralizadas cun operador dominante. Fomento de iniciativas como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético.

g) definición das necesidades eólicas e do papel da súa contribución ao modelo enerxético galego a través da elaboración dun mapa de necesidades enerxéticas de Galiza, para que a expansión do sector e as demandas de futuras poxas sexan acordes con esas necesidades.

h) medidas de colaboración estable co tecido innovador e universitario galego para a investigación sobre o sector nos seus diferentes ámbitos.

l) medidas de reforzo do papel da administración galega, nomeadamente para apoio e asesoramento dos sectores sociais e económicos implicados.

m) medidas para que as autorizacións de novos parques eólicos se vinculen a proxectos industriais que xeren riqueza e emprego no país, establecendo medidas para favorecer que unha parte dos compoñentes sexan desenvolvidos en Galiza."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

1. Quedan derogados expresamente os artigos 37 e 38 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento de implantación de iniciativas empresariais de Galicia.

2. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.

Emenda nº109, ao apartado 1, de Substitución.

Substituír o texto do apartado 1 da Disposición derogatoria única. Derogación normativa polo seguinte:

por “

”1. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.”

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira primeira. Modificación do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto Lexisla

O texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como segue:

Un. Engádesse un apartado nove ao artigo 16, coa seguinte redacción:

«Nove. *Beneficios fiscais nas transmisións patrimoniais onerosas que afecten a adquisición de inmobles*

1. Establécese unha dedución na cota do 100 % na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, respecto das adquisicións onerosas de inmobles que se encontren nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais a que se refire o apartado sete deste artigo, e que se afecten como inmovilizado material a unha actividade económica, cando concorran as seguintes circunstancias:

a) O inmovible deberá ser afectado ao desenvolvemento dunha actividade económica no prazo de 1 ano desde a súa adquisición. Para determinar se existe actividade económica e se o inmovible está afecto á devandita actividade económica será de aplicación o disposto no imposto sobre a renda das persoas físicas, sen que sexa de aplicación en ningún caso á actividade de arrendamento de inmobles nin cando a actividade principal a que se afecte o inmovible sexa a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario, de acordo co disposto no artigo 4.oito.Dous.a) da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

b) A empresa deberá ter a consideración de empresa de reducida dimensión, de acordo co disposto no artigo 101 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

c) Durante os vinte e catro meses seguintes á data da adquisición deberase realizar unha ampliación do persoal medio da empresa de, polo menos, unha persoa con respecto ao persoal medio dos doce meses anteriores, e o devandito incremento manterase durante un período adicional doutros vinte e catro meses. O incremento de persoal requirido nesta letra deberá ter como centro de traballo o inmovible adquirido obxecto desta dedución.



d) A adquisición deberá formalizarse nun documento público, no cal se fará constar expresamente a finalidade de afectar o inmovible á actividade económica. Non se poderá aplicar esta dedución se esta declaración non consta no documento público, nin tampouco no caso de que se fagan rectificacións do documento co fin de emendar a súa omisión, salvo que se fagan dentro do período voluntario de autoliquidación do imposto.

2. A dedución na cota será do 50 % respecto das adquisicións onerosas de inmovibles que se encontren nas parroquias que non teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais a que se refire o apartado sete deste artigo, e que se afecten como inmovilizado material a unha actividade económica, cando concorran as circunstancias indicadas no número anterior.

3. O incumprimento dos requisitos e das condicións establecidas implica a perda do beneficio fiscal, e o contribuínte deberá ingresar a cantidade derivada do beneficio fiscal xunto cos xuros de mora. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá practicar a correspondente autoliquidación e presentala no prazo dun mes, contado desde o momento en que se incumpran os requisitos».

Dous. Engádese un apartado dez ao artigo 17, coa seguinte redacción:

«Dez. Beneficios fiscais nos documentos notariais en que se formalice a adquisición onerosa, agrupación, división, segregación, declaración de obra nova e división horizontal de inmovibles

1. Establécese unha dedución na cota do 100 % correspondente ao gravame gradual sobre actos xurídicos documentados, documentos notariais, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aos documentos notariais en que se formalice a adquisición onerosa, agrupación, división, segregación, declaración de obra nova e división horizontal de inmovibles que se encontren nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais a que se refire o apartado oito deste artigo, e que se afecten como inmovilizado material a unha actividade económica, cando concorran as circunstancias previstas no apartado nove.1 do artigo 16 desta norma.

2. A dedución na cota será do 50 % cando os documentos notariais formalizados a que se refire o parágrafo anterior afecten inmovibles que se encontren nas parroquias que non teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais a que se refire o apartado oito deste artigo, e que se afecten como inmovilizado material a unha actividade

económica cando concorran as circunstancias previstas no apartado nove.1 do artigo 16 desta norma.

3. Para os efectos da aplicación das deducións previstas neste apartado, os prazos para o cumprimento dos requisitos do número nove.1 do artigo 16 comezarán a contar desde a devindicación do tributo. No caso de que esta dedución puiden afectar varios feitos impositivos e entre o primeiro e o último ano que lle sexa aplicable esta dedución medie un período inferior a dous anos, os prazos comezarán a contarse a partir do último feito impositivo realizado dentro do devandito período de 2 anos.

4. O incumprimento dos requisitos e das condicións establecidas leva consigo a perda do beneficio fiscal, e o contribuínte deberá ingresar a cantidade derivada do beneficio fiscal xunto cos xuros de mora. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá practicar a correspondente autoliquidación e presentala no prazo dun mes, contados desde o momento en que se incumpran os requisitos.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº110, de Adición.

Engadir na Disposición derradeira primeira un novo punto Tres co seguinte texto:

“Tres. Os beneficios fiscais establecidos nesta lei serán revisados dous anos despois da súa posta en marcha para avaliar seu impacto na reactivación económica e necesidade de os manter segundo se superasen ou non as consecuencias da pandemia da covid-19, para o que elaborarán informes específicos a consellaría ou consellarías competentes en materia de facenda e economía e o Consello Económico e Social”.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira segunda. Modificación do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/201

O texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 78, que queda redactado como segue:

«Serán considerados proxectos industriais estratéxicos, coa excepción dos proxectos regulados na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, aquelas iniciativas empresariais que cumpran, cando menos, dous dos seguintes requisitos:

- a) Que supoñan un volume de investimento mínimo de vinte millóns de euros.
- b) Que supoñan unha creación de emprego mínimo de cen postos de traballo directos, baixo a modalidade de contrato indefinido e computados a xornada completa.
- c) Que complementen cadeas de valor ou que pertencen a sectores considerados estratéxicos e estean aliñados cos obxectivos da Unión Europea ou que se integren no financiamento “instrumento temporal de recuperación europea *Next Generation EU*”.»

Dous. Modifícase o artigo 80, que queda redactado como segue:

«1. A declaración de proxecto industrial estratéxico terá os seguintes efectos:

- a) Implicará o carácter prioritario da tramitación por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia dos procedementos administrativos necesarios para a implantación do proxecto.
- b) Poderá xustificar a concorrencia de razóns de interese público para os efectos da tramitación de urxencia dos respectivos procedementos, que suporá a redución á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario, agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos, e aqueles taxados por normativa estatal básica que non poidan ser obxecto de redución.
- c) A non suxeición aos títulos habilitantes urbanísticos de competencia municipal.

- d) A declaración de utilidade pública e de interese social do proxecto industrial estratéxico para os efectos expropiatorios, así como a necesidade e a urxencia da ocupación dos bens e dos dereitos afectados e o recoñecemento do suxeito promotor do proxecto da condición de beneficiario da expropiación.
- e) A declaración de incidencia supramunicipal e a declaración de urxencia ou de excepcional interese público para os efectos previstos neste texto refundido.
- f) A declaración de prevalencia sobre outras utilidades públicas.
- g) A adxudicación directa de solo empresarial promovido polo Instituto Galego da Vivenda e Solo ou por empresas públicas participadas por este que teñan entre os seus obxectos a creación de solo empresarial, nas condicións establecidas pola normativa sectorial.
- h) A posible concesión de subvencións sen concorrencia competitiva, de acordo co disposto na lexislación de subvencións.
- i) A imposición ou a ampliación de servidume de paso para as vías de acceso, as liñas de transporte e distribución de enerxía e as canalizacións de líquidos ou gases, de ser o caso, de conformidade coa normativa que as regule.
2. As determinacións contidas nos proxectos industriais estratéxicos terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente, que deberá adaptarse a elas no prazo de 1 ano desde a data da súa aprobación e, en todo caso, na primeira modificación ou revisión del.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº111, de Supresión.

Suprimir a Disposición derradeira segunda.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº77, ao apartado Dous.c), de Supresión.

No apartado Dous, punto 1, débese suprimir a letra c)

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº78, ao apartado Dous.e), de Supresión.

No apartado Dous, punto 1, débese suprimir a letra e)

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira terceira. Modificación da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia

A Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádesse un artigo 3 bis coa seguinte redacción:

“Artigo 3 bis. Definicións

1. Enténdese por solo empresarial o solo destinado maioritariamente por un instrumento de ordenación territorial ou urbanística aos usos produtivos do sector secundario ou terciario.

2. Enténdese por área empresarial unha superficie delimitada de solo constituído por un conxunto de parcelas, urbanizadas conforme á lexislación urbanística ou de ordenación do territorio, susceptibles de comercialización independente e cun destino principal que é a implantación de instalacións nas cales desenvolver usos e actividades económicas predominantes correspondentes aos sectores secundario ou terciario”.

Dous. Modifícase o artigo 42, que quedan redactado como segue:

“1. Poderán ser declaradas polo Consello da Xunta de Galicia como iniciativas empresariais prioritarias aquelas que cumpran, cando menos, dous dos seguintes requisitos:

a) Que supoñan un volume de investimento mínimo en activos fixos, excluídos os inmobiliarios, de 1 millón de euros, incluíndo aqueles proxectos de xeración eléctrica a partir de fontes renovables nos que o destino final da enerxía eléctrica producida sexa o abastecemento da industria galega.

b) Que supoñan unha creación de emprego mínimo de vinte e cinco postos de traballo directos, baixo a modalidade de contrato indefinido e computados a xornada completa, non sendo de aplicación para os proxectos regulados na Lei 8/2009, do 22 de decembro.

c) Instrumentos de mobilización, recuperación, posta en produción e aproveitamento sostible de terras agrarias e forestais, así como plans ou actuacións integrais de desenvolvemento rural.

d) Que complementen cadeas de valor ou que pertencan a sectores considerados estratéxicos ou que se integren no



financiamento “instrumento temporal de recuperación europea Next Generation EU”.

2. Para o caso dos proxectos regulados na Lei 8/2009, do 22 de decembro, que non estean asociados ao autoconsumo industrial, poderán ser consideradas como iniciativas empresariais prioritarias aqueles proxectos que xustifiquen un compromiso industrial asociado á implantación do proxecto eólico que supoña a creación ou consolidación dun volume mínimo de vinte e cinco postos de traballo directos en Galicia, baixo a modalidade de contrato indefinido e computados a xornada completa, así como aqueles proxectos que teñan xustificado a totalidade dos compromisos industriais derivados da Orde de 29 de marzo de 2010 ou aqueles proxectos que supoñan un volume de investimento, tendo en conta o valor medio anual en función da tecnoloxía de mercado, superior a 20 millóns de euros, sempre que conten cun permiso de acceso e conexión firme e vixente e que conten con infraestruturas de evacuación autorizadas ou executadas e en funcionamento que permita o vertido á rede de transporte ou distribución da enerxía eléctrica xerada.

3. O Consello da Xunta de Galicia poderá, mediante acordo, reducir os limiares sinalados nas letras a) e b) do apartado 1 cando se trate de iniciativas de emprendemento colectivo ou que contribúan á integración socio laboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión mediante fórmulas empresariais da economía social.

Tres. Elimínase o apartado 2 da disposición transitoria cuarta, que queda redactada como segue:

“Disposición transitoria cuarta. Prazos para solicitar autorizacións de explotación de parques eólicos”

1. As persoas titulares de autorización administrativas previa e de construción, ou, no seu caso, aprobación de proxecto, de parques eólicos obtidas con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei disporán dun prazo de catro anos, a contar dende a entrada en vigor da mesma, para solicitar a correspondente autorización de explotación. Sobrepasado o prazo indicado sen ter solicitada a autorización de explotación, a dirección xeral con competencias en materia de enerxía poderá iniciar os correspondentes procedementos de revocación das autorizacións administrativa previa e de construción, ou no seu caso, aprobación do proxecto, con audiencia das persoas titulares.

2. O prazo para obter a autorización de explotación para as persoas promotoras con solicitudes de autorización administrativa previa e/ou de construción en tramitación



con anterioridade á entrada en vigor desta lei será como máximo de tres anos, a contar dende a data de notificación da autorización de construción. Sobrepasado este prazo sen que se solicitase a autorización de explotación, a dirección xeral competente en materia de enerxía poderá iniciar os correspondentes procedementos de revocación das autorizacións administrativa previa e de construción, con audiencia das personas titulares.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº112, de Supresión.

Suprimir a Disposición derradeira terceira.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira cuarta. Modificación da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia

Modifícase o número 3 do artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. Non será preceptivo o informe da consellaría con competencias en materia de patrimonio cultural no caso dos instrumentos de planeamento urbanístico de desenvolvemento parcial de ámbitos limitados nos que a entidade local respectiva certifique a constancia da inexistencia de bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia, baseándose nos informes previos, cunha antigüidade inferior a cinco anos, da consellaría con competencias en materia de patrimonio cultural relativos a outros plans, programas ou proxectos que afecten a totalidade do ámbito que se pretende ordenar e que inclúan un estudo completo do patrimonio cultural.

A entidade local respectiva comunicará a certificación emitida á consellaría con competencias en materia de patrimonio cultural. Así mesmo, tampouco será preceptivo o devandito informe da consellaría con competencias en materia de patrimonio cultural nos plans, programas e proxectos en solo rústico, sempre que non afecten o solo de protección patrimonial, nin afecten ningún ben declarado de interese cultural ou catalogado, o seu contorno de protección ou, de ser o caso, súa zona de amortecemento.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº113, de Supresión.

Suprimir a Disposición derradeira cuarta.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira quinta. Modificación da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia

Modifícase a letra b) do número 3 do artigo 32 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, que queda redactada como segue:

«b) Declaración de impacto, informe de impacto ou de incidencia ambiental, cando proceda segundo a normativa vixente en materia ambiental.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº114, de Supresión.

Suprimir a Disposición derradeira quinta.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira sexta. Modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental</EM

A Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 3, que queda redactado como segue:

“1. Quedan sometidas ao disposto na presente lei aquelas instalacións de produción de electricidade obtida da enerxía eólica cuxa autorización, conforme ao previsto no artigo 27.13 do Estatuto de Autonomía, sexa competencia da Comunidade Autónoma. Ao resto de instalacións do mesmo tipo situadas no territorio de Galicia seranlles de aplicación en todo caso as disposicións do título II, III e V da presente lei.”

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 6, que queda redactado como segue:

“4. Non poderán implantarse parques eólicos fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, a excepción das modificacións substanciais dos parques en funcionamento nos termos que se desenvolvan regulamentariamente, así como aqueles proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de enerxía.

En calquera caso, todos os proxectos deberán cumprir as distancias mínimas ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano e urbanizable residencial establecidas no artigo 33, e será necesario que o uso do solo sexa compatible coa implantación destas infraestruturas”.

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 29, que queda redactado como segue:

“2. Solo poderá solicitarse o inicio dun procedemento de autorización administrativa previa e de construción dun parque eólico se a persoa solicitante e o parque eólico cumpren cos requisitos establecidos nos artigos 30,31 e 32, así como que conte co permiso de acceso á rede de transporte e distribución. Non serán admitidas aquelas solicitudes que incumpran estes requisitos”.



Catro. Modifícanse as letras e) e f) do número 4 do artigo 29, que quedan redactadas como segue:

e) "De ser o caso, proxecto sectorial co contido e a documentación esixida nos artigos 44 e 45 da Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de Ordenación do Territorio de Galicia para os proxectos de interese autonómico.

f) Para aqueles casos en que a persoa promotora solicitase a declaración de utilidade pública, de acordo co artigo 44, relación de bens e dereitos afectados así como a xustificación da necesidade da expropiación, xunto cunha declaración responsable dos acordos acadados coas persoas titulares dos bens e dereitos afectados".

Quinto. Modifícase o artigo 33, que queda redactado como segue:

1. "As solicitudes de autorización administrativa previa e de construción de parques eólicos estudaranse e na estrita orde temporal da súa data de presentación.

2. A dirección xeral competente en materia de enerxía verificará o cumprimento dos requisitos de capacidade das persoas solicitantes e das solicitudes indicados no artigo 29.2.

3. No caso de incumprimento dos devanditos requisitos, a dirección xeral competente emitirá resolución na que declarará a inadmisión da solicitude.

4. No caso de cumprimento, a dirección xeral competente notificara á persoa solicitante a admisión a trámite para que proceda ao pagamento da taxa de autorización administrativa recollida no código 02 do punto 37 do anexo III da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que a substitúa. A persoa solicitante disporá dun prazo máximo dun mes para a presentación do xustificante de pagamento da devandita taxa.

A presentación do xustificante de pagamento da taxa será requisito necesario para que prosiga a tramitación. Se o suxeito promotor non achegase a xustificación prevista no apartado anterior no prazo establecido, o órgano competente terao por desistido da súa solicitude.

5. A orde de tramitación das solicitudes de autorización administrativa admitidas poderase determinar mediante resolución motivada do centro directivo competente en materia de enerxía, tendo en conta as posibilidades de evacuación da enerxía eléctrica destes proxectos, así como os proxectos tractores ou que se declaren iniciativa empresarial prioritaria, de acordo coa normativa aplicable.

6. Previamente, a persoa promotora poderá solicitar ao órgano ambiental que elabore un documento de alcance do

estudo de impacto ambiental, segundo o procedemento establecido no artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa. No caso de proxectos que deban ser obxecto dunha avaliación ambiental simplificada, a dirección xeral competente en materia de enerxía remitirá ao órgano ambiental o documento ambiental do proxecto, para que realice o procedemento de consulta recollido no artigo 46 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

7. A dirección xeral competente en materia de enerxía enviará copia do proxecto sectorial do parque eólico ao órgano autonómico competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, para o efecto de obter, no prazo máximo de vinte días, informe sobre o cumprimento dos requisitos de distancias ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado, establecidos no Plan sectorial eólico de Galicia.

8. Así mesmo, o dito órgano poderá solicitar informes previos aos órganos sectoriais en función das posibles afeccións que poidan resultar incompatibles co proxecto. O prazo máximo para a emisión destes informes será dun mes. Transcorrido este prazo sen pronunciamento expreso continuarase co procedemento. Será condición necesaria para continuar co procedemento que estes informes non teñan carácter desfavorable. De ser o caso, arquivarase a solicitude por incompatibilidade, previa audiencia do promotor, procedéndose á devolución das garantías económicas correspondentes.

9. Obtido o informe de cumprimento de distancias, a dirección xeral competente en materia de enerxía enviará o expediente á unidade tramitadora. Nos supostos de parques eólicos cuxa implantación afecte a máis dunha provincia, a unidade tramitadora será a dirección xeral competente en materia de enerxía.

10. A unidade responsable da tramitación someterá a información pública, de forma simultánea, o proxecto de execución, o estudo de impacto ambiental no caso de avaliación ambiental ordinaria e, de ser o caso o proxecto sectorial, mediante a súa publicación no Diario Oficial de Galicia así como na páxina web da consellería competente en materia de enerxía. No caso de que se solicite a declaración de utilidade pública, realizarase de forma simultánea o trámite de información pública mediante a publicación nun dos diarios de maior circulación de cada unha das provincias afectadas.



11. Durante o prazo indicado, calquera persoa, entidade ou organismo interesado poderá presentar cantas alegacións estime oportunas ou solicitar o exame do expediente e da documentación técnica, ou parte da mesma que se acorde. Das alegacións presentadas darase traslado á persoa solicitante, para que esta formule a contestación ao contido daquelas e o comunique á unidade tramitadora no prazo máximo de quince días.

12. De xeito simultáneo ao trámite de información pública, a unidade responsable da tramitación realizará o trámite de audiencia e de consultas ás administracións públicas afectadas e as persoas interesadas, solicitando, a lo menos, os informes preceptivos indicados para a avaliación ambiental e de aprobación do proxecto sectorial, sempre dando audiencia aos concellos afectados. Así mesmo, enviarase de forma simultánea as separatas do proxecto presentado ás distintas administracións, organismos ou empresas do servizo público e de servizos de interese xeral afectadas, con bens e dereitos ao seu cargo, ao obxecto de que establezan o condicionado técnico procedente do proxecto de execución.

13. No caso de avaliación ambiental simplificada, realizaranse os trámites indicados na sección 2.^a do capítulo II da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

14. Aplicarase o regulado na sección 1.^a do capítulo I da Lei xxx/2020 de simplificación administrativa e de apoio da reactivación económica de Galicia, coa única excepción do prazo para a emisión dos condicionados técnicos do proxecto de execución que se reduce a 1 mes dende a recepción da solicitude. De non recibirse estes condicionados en prazo, entenderase a conformidade co proxecto, continuándose a tramitación do procedemento.

15. A unidade tramitadora enviará á persoa promotora os informes e as alegacións recibidas para a súa conformidade e/ou consideración na redacción do proxecto de execución, do estudo de impacto ambiental e do proxecto sectorial, a fin de que realice as modificacións e adaptacións de cada un destes documentos. A persoa promotora disporá do prazo máximo de 1 mes para presentar os documentos definitivos adaptados para continuar co procedemento. De non presentarse esta documentación no prazo indicado, entenderase que o promotor desiste da solicitude de autorización administrativa e se arquivará a solicitude, sen más

trámites. O arquivo da solicitude realizarase pola unidade tramitadora, quen o comunicará ao órgano competente.

16. A unidade tramitadora emitirá ou solicitará, no seu caso, ao órgano territorial onde se sitúa a instalación, o informe relativo á normativa de instalacións industriais e eléctricas. Cando lle corresponda a tramitación do procedemento, o órgano territorial remitirá o expediente completo á dirección xeral competente en materia de enerxía engadindo ao informe anterior un resumo da tramitación realizada ata ese momento, para que a dirección xeral proceda a ditar a correspondente resolución.

17. A valoración positiva ambiental esixible ao proxecto de acordo co resultado da avaliación realizada de conformidade co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, así como o informe de cumprimento de distancias indicado no punto 7 deste artigo serán requisitos indispensables para o outorgamento da autorización administrativa previa e de construción.

18. Así mesmo deberase acreditar a obtención do permiso de acceso e conexión á rede de transporte ou distribución segundo corresponda, previamente ao outorgamento da autorización administrativa previa e de construción”.

Sexto. Dáse unha nova redacción aos apartados 1 e 3 e engádese o apartado 4 e 5 no artigo 40, que queda redactado como segue:

“Artigo 40. O proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico)

1. Todas as referencias ao proxecto sectorial entenderanse referidas á figura de proxecto de interese autonómico da Lei 1/2021, de 8 de xaneiro de Ordenación do Territorio de Galicia.

Cumprimentados os trámites previstos no artigo 33 da presente lei relativos ao proxecto sectorial, o Consello da Xunta, a proposta da persoa titular da consellería competente en materia de enerxía, e previo informe preceptivo do organismo con competencias en materia de ordenación do territorio, que deberá ser emitido no prazo máximo de dous meses, aprobará definitivamente, se procedese, o proxecto sectorial coas modificacións ou correccións que estime convenientes.

2. Quedan exceptuados de avaliación ambiental estratéxica os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal dos parques eólicos, así como os das súas infraestruturas de evacuación, cando o proxecto de execución da infraestruturas concreta estea sendo ou sexa sometido a avaliación ambiental, de acordo coa Lei 21/2013, do 9 de

decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

3. Nos casos en que o proxecto sectorial do parque eólico autorizado estea aprobado polo Consello da Xunta de Galicia e a persoa promotora presentase unha modificación non substancial das contempladas no apartado 1 do artigo 37 recoñecida como tal, enviarase ao órgano competente en ordenación do territorio e urbanismo o recoñecemento de esta modificación non substancial, así como o informe favorable do órgano ambiental indicado no apartado d) do punto 1 do artigo 37 e a addenda do proxecto sectorial na que se recollan estas modificacións, aos efectos de que se emita o informe preceptivo previo á aprobación da modificación do proxecto sectorial polo Consello da Xunta.

4. Exceptúanse da obriga da aprobación dun proxecto sectorial aqueles proxectos eólicos e as súas infraestruturas de evacuación que se implanten naqueles concellos onde a natureza do uso do solo sexa compatible con este tipo de infraestruturas. Para estes casos deberase achegar, xunto coa documentación da solicitude, o certificado do concello que acredite esta circunstancia, en substitución do proxecto sectorial.

5. En todo caso, e aos efectos do regulado no punto 1 do artigo 37 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, no solo rústico estará permitida a apertura de camiños rurais contidos nos proxectos eólicos e das súas infraestruturas de evacuación aprobados pola administración competente.

Sétimo. Elimínase o apartado 2 do artigo 34, que queda redactado como segue:

“Artigo 34. Resolución da autorización administrativa previa e de construción e finalización do procedemento

1. Logo de realizada a instrución do procedemento administrativo de autorización e acreditado por parte da persoa solicitante o acceso e a obtención do punto de conexión á rede de transporte ou á rede de distribución, segundo corresponda, a dirección xeral competente en materia de enerxía ditará resolución respecto do outorgamento da autorización administrativa previa e da autorización administrativa de construción do parque eólico no prazo máximo de dous meses, contado desde a recepción da documentación completa no órgano competente para resolver o procedemento.

2. A resolución de autorización administrativa previa e de construción expresará que a persoa promotora dispoñerá dun prazo de tres anos, contado a partir do seu outorgamento, para solicitar a correspondente autorización

de explotación, indicando que, no caso de incumprimento, poderá producirse a súa revogación nos termos establecidos no punto 10 do artigo 53 da Lei 24/3013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou norma que a substitúa.

3. A resolución publicarase integramente no Diario Oficial de Galicia e notificarase a todas as terceiras persoas que formulasen alegacións e teñan carácter de interesadas no expediente. A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios e habilitará a persoa solicitante para interpoñer os recursos que procedan.

4. De conformidade co previsto no artigo 84 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa, xunto coa resolución, poñerán fin ao procedemento a desistencia das persoas interesadas, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, a declaración de caducidade e a imposibilidade material de continuo por causas sobrevidas. A declaración de caducidade do procedemento, cando se produza a súa paralización por causa imputable á persoa interesada, acordarase de conformidade co establecido no artigo 95 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa.”

Oitavo. Engádese unha disposición adicional cuarta, que queda redactada como segue:

“Disposición adicional cuarta. Réxime xurídico

No procedemento de autorizacións administrativas das instalacións de parques eólicos serán de aplicación os artigos 50, 51 e 52 da Lei xxx/2020, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia”.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº115, ao apartado Dous, de Supresión.

Suprimir o apartado Dous da Disposición derradeira sexta que modifica o número 4 do Artigo 6 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.

Emenda nº116, ao apartado Catro, de Supresión.

Suprimir no apartado Catro da Disposición derradeira sexta o seguinte texto:

"«e) De ser o caso, proxecto sectorial, xunto coa documentación exixida no artigo 10 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, ou norma que o substitúa."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº118, ao apartado Quinto, de Supresión.

Supresión do apartado Quinto da Disposición derradeira sexta.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº117, ao apartado Sexto, de Supresión.

Supresión do apartado Sexto da Disposición derradeira sexta.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº119, ao apartado Sétimo, de Supresión.

Suprimir o apartado Sétimo da Disposición derradeira sexta.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira sétima. Modificación da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia

A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 55, que queda redactado como segue:

“2. O procedemento e a forma de cesión a título gratuito ou oneroso destes locais determinarase regulamentariamente. Entre outros supostos, poderá cederse o uso gratuito a entidades prestadoras de servizos sociais durante 10 anos prorrogables, por causas debidamente motivadas no expediente”.

Dous. Engádese un novo número 4 ao artigo 55, coa seguinte redacción:

“4. No suposto de que sexa preciso facer obras de acondicionamento nos locais que se adxudiquen en réxime de alugueiro, o Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá establecer un período de carencia no pagamento das rendas de ata 3 anos”.

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 60, que queda redactado como segue:

“2. Para o resto das vivendas protexidas, a duración do réxime legal de protección determinarase en función do ámbito territorial de localización das vivendas e do seu destino”.

Catro. Modifícase o número 3 do artigo 60, que queda redactado como segue:

“3. Conforme o establecido no punto anterior, o réxime de protección das vivendas de protección autonómica situadas no denominado ámbito territorial de prezo máximo superior terá unha duración de vinte e cinco anos, o das vivendas situadas na zona territorial primeira terá unha duración de vinte anos e o das vivendas situadas na zona territorial segunda, de quince anos, desde a data da cualificación definitiva. Regulamentariamente determinarase os concellos incluídos en cada zona territorial.

A duración do réxime de protección das promocións que se cualifiquen como vivendas de protección autonómica con destino a alugamento será de quince anos, salvo que se edifiquen sobre un solo desenvolvido por un promotor público”.

Cinco. Modifícase o número 4 do artigo 60, que queda redactado como segue:

“4. A duración do réxime de protección das vivendas protexidas edificadas en solo público por unha persoa promotora titular dun dereito de superficie poderá estenderse ata acadar a duración total do dereito de superficie, aínda que esta sexa superior a 30 anos”.

Seis. Engádese un novo número 5 ao artigo 60, coa seguinte redacción:

“5. En todo caso, para as vivendas que se acollan ao financiamento ou ás axudas estatais, estarase, en canto á duración do réxime de protección, ao que dispoña a correspondente normativa reguladora das citadas axudas”.

Sete. Modifícase o número 3 do artigo 61, que queda redactado como segue:

“3. As vivendas protexidas non poderán ser obxecto de descualificación mentres dure o seu réxime legal de protección”.

Oito. Elimínase o número 4 do artigo 61 e noméase de novo o número 5, que pasa a ser o número 4.

Nove. Modifícase o número 1 do artigo 63, que queda redactado como segue:

“1. Poderán acceder a unha vivenda protexida, en réxime de dominio ou dereito de uso ou gozo, inter vivos, en primeira ou posteriores transmisións, a título oneroso ou gratuíto, voluntariamente ou en vía executiva, as persoas que, carecendo dunha vivenda en propiedade, acrediten os ingresos que, en atención aos criterios determinados regulamentariamente, se concreten por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo e cumpran os requisitos que regulamentariamente se establezan para o acceso a este tipo de vivendas”.

Dez. Modifícase o número 1 do artigo 66, que redactado como segue:

“1. Durante o período legal de protección, calquera acto de disposición ou de arrendamento de vivendas protexidas en primeira ou posteriores transmisións estará suxeito a un prezo de venda ou renda máximo que, en atención aos criterios determinados regulamentariamente, será fixado por acordo do Consello da Xunta de Galicia”.

Once. Engádese unha disposición adicional vixésima, coa seguinte redacción:

“Disposición adicional vixésima. Posibilidade excepcional de concesión de exencións, condonacións, rebaixas e moratorias no pagamento dos recibos de alugueiro de vivendas e locais do Instituto Galego da Vivenda e Solo

O Instituto Galego da Vivenda e Solo, logo de autorización do Consello da Xunta de Galicia, en casos excepcionais de marcado carácter social debidamente motivados, poderá

conceder exencións, condonacións, rebaixas e moratorias no pagamento dos recibos de alugueiro das vivendas e locais da súa titularidade”.

Doce. Engádese unha disposición adicional vixésimo primeira, coa seguinte redacción:

“Disposición adicional vixésima primeira. Exención na aplicación dos requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria das axudas do bono de alugueiro social e do bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero outorgadas pola Administración autonómica

Non será esixible o requisito de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social para obter a condición de persoa beneficiaria para obter a condición de persoa beneficiaria das axudas do bono de alugueiro social e do bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero outorgadas pola Administración autonómica, debido á natureza social destas subvencións”.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº120, ao apartado Un, de Adición.

Na Disposición derradeira sétima engadir no apartado “Un”, despois de: “determinarase regulamentariamente”, o seguinte texto: “no prazo dun mes despois da entrada en vigor desta lei.”

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº121, ao apartado Seis, de Supresión.

Suprimir o apartado Seis.



DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira oitava. Modificación da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia

Engádese un novo número 12 ao artigo 23 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte redacción:

«12. As inscricións e modificacións no Censo de Solo Empresarial de Galicia.»

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira novena. Modificación da Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia
Modifícase o número 2 do artigo 10 da Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia, que queda redactado como segue:

«2. Son salóns de xogo os autorizados para explotar neles de forma permanente máquinas dos tipos A, A especial e B. No caso de que se exploten conxuntamente coas máquinas de tipo A calquera dos outros tipos referidos, deberán estar instaladas as de tipo A en salas diferentes ás de tipo A especial e B, sen que poida existir comunicación directa entre as salas, agás no caso de que exista prohibición de entrada a menores no salón de xogo.

No primeiro caso a superficie da sala non poderá ser inferior a cincuenta metros cadrados e no segundo a cento cincuenta metros cadrados. En ámbolos dous supostos a ocupación máxima non será superior a unha máquina por cada tres metros cadrados.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº122, de Supresión.

Suprimir a Diposición derradeira novena.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira décima. Modificación do Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 39/2008, do 21 de febreiro. Modifícase o número 5 do anexo do Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 39/2008, do 21 de febreiro, que queda redactado como segue:

«5. Número de máquinas e distribución.

1. O número de máquinas que se poderán instalar e explotar nos salóns recreativos e de xogo será, como mínimo, de 5 máquinas das tipoloxías previstas na Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora de xogos e apostas en Galicia, respectivamente.

2. As máquinas colocaranse de forma que nin elas nin os seus espazos de utilización obstaculicen os corredores e as vías de circulación.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº123, de Supresión.

Suprimir a Disposición derradeira décima.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira décima bis. **Modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia**

Engádesse unha disposición adicional cuarta, que queda redactada como segue:

“Disposición adicional cuarta. Xunta consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo

Crearase a Xunta consultiva en materia de ordenación do territorio e Urbanismo, como órgano con funcións específicas de carácter consultivo nas referidas materias, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A súa composición, organización e funcionamento estableceranse regulamentariamente, garantindo a representación das administracións públicas con competencias urbanísticas.

A Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, prevista no artigo 9 desta lei, pasará a integrarse na Xunta consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo, a partir da súa creación, continuando no desenvolvemento das súas funcións ata ese momento.”

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira décimo primeira. Adaptación da normativa reguladora dos órganos asesores e consultivos
No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei adaptarase, por instancia de cada consellaría competente na materia, a normativa reguladora dos órganos asesores e consultivos a que se refire o número 3 do artigo 25, co obxecto de revisar os actos sometidos ao seu ditame ou informe, así como a periodicidade das súas sesións, para garantir que os distintos órganos sectoriais autonómicos emitan os informes sectoriais nos prazos establecidos.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº124, de Supresión.

Suprimir a Disposición derradeira décimo primeira.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira décimo segunda. Adaptación do Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia

As medidas previstas no capítulo II do título III desta lei resultarán de aplicación nos espazos protexidos Rede Natura 2000 de Galicia desde o momento da súa entrada en vigor, sen prexuízo da ulterior adaptación do Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, aprobado polo Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº125, de Supresión.

Suprimir a Disposición derradeira décimo segunda.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira décimo terceira. Modificacións regulamentarias

As previsións do Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 39/2008, do 21 de febreiro, que son obxecto de modificación pola presente lei poderán ser modificadas por norma do rango regulamentario correspondente á norma na que figuran.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº126, de Supresión.

Suprimir a Disposición derradeira décimo terceira.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira décimo cuarta. Desenvolvemento regulamentario
Autorízase o Consello da Xunta de Galicia a ditar cantas normas sexan precisas para o desenvolvemento desta lei.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº127, de Adición.

Engadir na Disposición derradeira décimo cuarta o seguinte texto in fine:

"previa consulta ao Consello Económico e Social."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira décimo quinta. Entrada en vigor
Esta lei entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás o disposto no apartado tres da disposición derradeira terceira, que producirá os efectos desde o 26 de outubro de 2020.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº128, de Modificación.

Na Diposición derradeira décimo quinta substituír o texto que vai desde: “agás”, até: “2020”; polo seguinte: “agás o disposto no apartado tres da disposición derradeira terceira que producirá os efectos desde o 26 de outubro de 2020.”

DITAME DA COMISIÓN:

Exposición de motivos.

I

A situación da economía galega presentaba no comezo do ano 2020 unha serie de indicadores que facían pensar nun crecemento da riqueza do país sustentable no medio prazo. Porén, a declaración mundial de pandemia pola covid-19, realizada o 11 de marzo pola OMS, trincou por completo calquera tipo de perspectiva e provocou unha caída do PIB absolutamente imprevisible a comezos do presente exercicio.

Malia que a Xunta de Galicia adoptou medidas no día seguinte da declaración da OMS e que en España o día 14 de marzo se declarou o estado de alarma mediante o Real decreto 463/2020, o crecemento da magnitude do contaxio non foi superado ata o mes de xuño.

Durante eses meses a paralización económica do país provocou un descenso dos parámetros máis significativos de todas as actividades, que tiveron un forte impacto no emprego e nos restantes indicadores que miden a fortaleza dunha economía occidental.

Lamentablemente, as duras medidas adoptadas na primeira onda da pandemia non se traduciron, no comezo do outono, nunha diminución da extensión da enfermidade. Ben ao contrario, estase a vivir unha segunda onda que eleva o número de persoas afectadas por riba do millón, cunha diferente incidencia nos territorios que conforman España e cunha previsión de convivencia co patóxeno a medio e longo prazo e, con ela, unha retardación inevitable da actividade económica.

Aínda que Galicia presenta niveis de contaxio máis baixos que a media española, a situación actual e as futuras derivas da enfermidade fan preciso paliar con todos os instrumentos posibles as consecuencias económicas e sociais da pandemia. Xa no mes de xuño, o Goberno galego presentou unha serie de medidas, nomeadamente o Plan de reactivación e dinamización da economía, que pode supor un impacto de máis de tres mil millóns de euros de fondos públicos e privados, no que se incorporan accións de carácter fiscal, como unha moratoria no pagamento de impostos de xestión autonómica.

Durante o mes de setembro e comezos de outubro estas medidas iniciais foron acompañadas doutra serie de accións encamiñadas a protexer o emprego, o colectivo de **persoas traballadoras autónomas** e aqueles sectores que sufriron unha maior perda de actividade desde o comezo da pandemia.

A evolución da Comunidade Autónoma non pode ser observada desde unha perspectiva illada; a economía mundial sufrirá unha caída no ano 2020 do 4,5 % do PIB, segundo as previsións da OCDE (3,5 %, segundo a Comisión Europea en maio). Para o ano 2021, a recuperación económica prevista acada o 5,0 %, segundo a OCDE, e dúas décimas máis segundo a Comisión Europea, aínda que as previsións do FMI presentan valores menos favorables.

A mesma Comisión augura o maior impacto para Italia, Francia e España, con diminucións neste ano 2020 e previsións de incremento para o ano 2021, e valores de incremento para a economía española nos que practicamente coinciden as porcentaxes da Comisión, da OCDE e do FMI.

A situación da economía española, con valores de crecemento equilibrado a comezos deste ano 2020, viuse afectada polas importantes medidas restritivas que se adoptaron en marzo e que provocaron unha caída do PIB do 21,5 % no segundo trimestre do ano. As previsións e os escenarios do Banco de España e da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal certificaron os datos negativos.

Para o ano 2021 todos os indicadores presentan valores de recuperación para España, ben que cunhas porcentaxes inferiores ás diminucións do presente exercicio.

Unha das consecuencias máis directas da diminución da riqueza é o impacto sobre o emprego, que, de novo, presenta valores moi preocupantes, especialmente na mocidade, para o vindeiro ano 2021.

Galicia presenta unha incidencia menor nos valores como consecuencia dun mellor comportamento de resistencia ao virus e unha comparativa favorable cos indicadores medios de España. As magnitudes macro que presenta a Comunidade Autónoma foron expostas recentemente con ocasión da aprobación do teito de gasto, que partiu da constatación do impacto da crise sanitaria na economía galega no ano 2020, cunha caída do 9,7 % do PIB.

Así, no segundo trimestre de 2020, o sector do comercio, o transporte e a hostalaría experimentou unha das maiores caídas, cunha taxa de variación interanual do -38,3 %, e resultou ser unha das actividades que máis emprego perderon. Ademais, rexistraron unha forte contracción as actividades profesionais (-23,9 %), a construción (-3,2 %) e a industria (-19,7 %).

Aínda que o ritmo de recuperación da economía galega se verá directamente influído polos altos graos de incerteza sobre a evolución da pandemia, as previsións sinalan unha recuperación parcial no ano 2021, que, non obstante, precisa do acompañamento dunhas medidas específicas de apoio que



colaboren á materialización das devanditas previsións e contribúan incluso a melloralas.

II

Nun escenario de incertezas en termos de saúde pública, corresponde aos poderes públicos impulsar aquelas medidas de carácter conxuntural, mais tamén as estruturais, que minimicen a eventual desconfianza do sector privado nunha situación de extrema variabilidade e que permitan que o investimento se desenvolva nun marco de certeza que favoreza a implantación de novas iniciativas e o afianzamento e extensión das xa existentes no tecido produtivo.

Toda crise supón unha oportunidade de mudar políticas públicas que ao longo dos anos teñen manifestado unha inercia de resistencia ao cambio e que nalgúns casos teñen freado o crecemento.

España leva varias décadas legislando e planificando para tentar conseguir unha Administración áxil que elimine disfuncións, solapamentos e duplicidades na relación coa cidadanía e co mundo das empresas, camiño que tamén teñen percorrido o resto das administracións dos Estados que conforman a Unión Europea.

Ao longo da historia recente das fórmulas para simplificar os procedementos administrativos, téñense dado pasos importantes a nivel europeo, que comezaron no período máis recente co informe Mandelkern e a Comunicación da Comisión Europea do 16 de marzo do 2005 *Lexislar mellor para potenciar o crecemento e o emprego na Unión Europea* [COM(2005) 97 final], e foron seguidas pola Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, polo Programa de acción para a redución das cargas administrativas na UE no ano 2007 e pola Estratexia Europa 2020.

No ámbito estatal, os tímidos inicios na modificación do procedemento administrativo común mediante a Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, foron seguidos polas leis ditadas para traspor a Directiva 2006/123/CE, as denominadas «lei paraugas» (Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio) e «lei ómnibus» (Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio), e logo pola Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, que instauraban a comunicación previa e a declaración responsable. Estes esforzos tiveron continuación coa creación da Comisión de Reforma das Administracións Públicas (CORA) e co Programa Nacional de Reformas, así como coa Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e



de determinados servizos; a Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización; a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, e a Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

Malia estes esforzos, a implantación dunha iniciativa empresarial, que supón arriscar un investimento, continúa a ser obxecto dunha regulamentación que provoca que nos informes do Banco Mundial relativos á facilidade para facer negocios e implantar empresas España se sitúe no posto 30º das economías mundiais e nos postos 97º na facilidade para a apertura dun negocio e 79º para a obtención dun permiso de construción. Esta realidade tamén é posta de manifesto polo empresariado en España e en Galicia, que ten unha percepción de constantes atrancos ás iniciativas de crear unha empresa.

Nos últimos anos, a Comunidade Autónoma de Galicia ten realizado esforzos que foron plasmados na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e noutras normas de menor rango que axilizaron procesos para a posta en marcha de proxectos, negocios e empresas.

O procedemento administrativo ten por finalidade maximizar o acerto das actuacións administrativas e garantir que se cumpran os criterios de legalidade e seguridade xurídica. Ademais, moitos dos procedementos teñen por obxecto garantir a conservación e mellora de bens xurídicos protexidos polo ordenamento galego, como o valor cultural do patrimonio, o medio ambiente e os valores naturais do territorio, a saúde das persoas ou a calidade das augas, que constitúen límites que non deben superarse.

O equilibrio entre o respecto ao procedemento, os valores que tenta protexer e a necesaria axilidade e simplificación para acadar a maior eficiencia de cara á cidadanía e ás empresas non sempre é doado de obter.

A presente lei pretende conseguir ese equilibrio evitando duplicidades e solapamentos nos procedementos que son concorrentes, diminuíndo os atrasos na emisión dos informes, sempre complexos, que teñen por finalidade protexer un ben público, e axilizando os trámites precisos para o desenvolvemento dunha iniciativa empresarial que tenta crear riqueza e emprego.

Desde esta perspectiva, a norma é absolutamente respectuosa con todos os valores culturais, paisaxísticos, naturais e ambientais, entre outros, que afectan o territorio, de xeito que non se eliminou ningún trámite de información pública, de



audiencia ou de informe. A lei pretende dar certezas sobre os informes necesarios para o establecemento dun proxecto ou dunha empresa, sobre os prazos e sobre os órganos intervinientes, mais non desregular os mecanismos de protección.

A estrutura constitucional do Estado español fai preciso que a norma se limite a aqueles aspectos procedementais que son da exclusiva competencia da Comunidade Autónoma, sempre co respecto á lexislación estatal básica, polo que a regulación unicamente incide nos aspectos en que o autogoberno galego é responsable.

A partir desta premisa, a lei pretende instaurar unha nova cultura administrativa, dirixida a simplificar e racionalizar os procedementos.

No mundo económico actual, complexo e globalizado, as iniciativas de emprendemento precisan, máis cada vez, do acompañamento público para se ver materializadas, porque a mentorización se ten instalado no mundo económico, sobre todo nas iniciativas das xeracións máis novas, e a norma non pode ser allea a esta realidade, senón que ten que darlle resposta deseñando un sistema de acompañamento ás novas iniciativas.

A vinculación dos novos instrumentos de recuperación europeos, *Next Generation EU*, non é allea na redacción deste texto. Os novos mecanismos de recuperación e resiliencia suporán unha oportunidade de financiamento dos proxectos aliñados coas estratexias da Unión e precisan unha execución compasada entre os proxectos e iniciativas e o financiamento que ten unha duración temporal. A simplificación dos procedementos e a eliminación dos solapamentos cobra, pois, unha especial importancia para realizar un exercicio responsable dos instrumentos de financiamento que permita recuperar unha correcta senda económica e na que terán o seu encaixe principal os proxectos tractores.

III

Esta lei dítase no marco das competencias da Comunidade Autónoma establecidas nos apartados 3, 11, 13 e 18 do artigo 27, apartados 1 e 3 do artigo 28 e as alíneas 1, 2 e 7 do apartado 1 do artigo 30 do Estatuto de autonomía de Galicia.

A lei estrutúrase en cinco títulos. No seu título I recolle unha serie de disposicións xerais que se desenvolven ao redor do concepto das iniciativas empresariais, incluíndo neste concepto non só os proxectos de investimento que se materialicen mediante a creación dunha nova empresa, senón tamén as ampliacións, modificacións ou diversificacións das actividades xa existentes, así como a adquisición das unidades produtivas que supoñan a continuación dunha actividade ou do

establecemento que pechase ou que pecharía de non ter sido adquirido.

Así, configúrase de modo amplo o obxecto desta lei, que non se limita unicamente á creación de novas empresas, senón que tamén abarca todas as variacións sinaladas respecto de iniciativas xa existentes.

Tamén se configura dentro deste título I unha determinación das distintas áreas de competencias da Administración pública galega que exercen funcións nos ámbitos regulados ao longo do articulado, incluíndo ademais unha definición das competencias implicadas dos concellos, que resultan de especial relevancia, sobre todo para os efectos da súa posible adhesión ao Sistema de atención ao investimento, finalidade que se reflicte ao longo do texto, sen prexuízo do respecto á autonomía local.

O título II da lei regula os sistemas de apoio administrativo á implantación de iniciativas empresariais, e divídese en tres capítulos. O capítulo I crea o Sistema de atención ao investimento, como unha figura clave para dar resposta á demanda clásica, da cidadanía en xeral e dos colectivos vinculados á empresa en particular, sobre as dificultades existentes para obter a información e a orientación que precisan para pór en marcha as súas iniciativas empresariais, a través dun servizo de acompañamento e información que lles ofrece a posibilidade de realizar a través del a tramitación administrativa autonómica e mesmo tamén a local, nos supostos de adhesión dos concellos a el.

Como medida de apoio á implantación das iniciativas empresariais destaca neste capítulo I a referencia á creación dunha serie de catálogos, por sectores de actividade, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, que recollerán todos os trámites administrativos exixibles para a implantación das iniciativas empresariais, así como unha serie de formularios e modelos de solicitude e documentación asociados aos devanditos procedementos. Estas figuras, que deberán ser actualizadas permanentemente, supoñen unha gran simplificación de cara ás empresas e, en particular, ás persoas emprendedoras, que poderán consultar os trámites que lles serán exixidos pola Administración autonómica, o que supón facilitar a comprensión, a planificación e a tramitación da parte administrativa.

Tamén se prevé que o Sistema de atención ao investimento permita acceder de forma electrónica a toda a información e documentación indicada, e consultar, unha vez iniciada a tramitación para a implantación dunha iniciativa empresarial, a información relativa aos expedientes, de maneira que as persoas interesadas poidan comprobar en tempo real o estado



de tramitación das súas comunicacións e solicitudes, incluída a emisión dos informes que a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia solicitase a outras administracións ou ás diferentes consellarías que a integran.

No capítulo II deste título, regúlase a Oficina Doing Business Galicia, unidade especializada no acompañamento e tramitación dos proxectos industriais estratéxicos e das iniciativas empresariais prioritarias, regulando as súas funcións, que non se limitan á asistencia, senón tamén ao seu impulso e seguimento.

O capítulo III regula un sistema de acompañamento individualizado, a través dunha rede de oficinas de apoio á empresa, que contará coa colaboración das distintas consellarías, para dar resposta e asesorar nos aspectos relativos á implantación de iniciativas empresariais.

O título III regula a simplificación administrativa para a tramitación das iniciativas empresariais.

O capítulo I establece unha serie de medidas xerais de simplificación administrativa, de aplicación a todos os procedementos. As liñas básicas deste capítulo céntranse en varios aspectos clave, de simplificación e simultaneidade dos trámites autonómicos, que permitirán conseguir importantes reducións de tempo de tramitación nos expedientes de implantación das iniciativas empresariais.

Establécese un principio xeral de xestión simultánea de todos os trámites que poidan realizarse deste modo. Así, cando no procedemento de autorización ou declaración dunha iniciativa empresarial sexa preciso solicitar varios informes, o órgano competente para ditar a resolución final solicitará a emisión de todos os informes que resulten preceptivos de modo simultáneo.

A lei busca axilizar os procedementos administrativos que supoñen afeccións en función da súa implantación no territorio, polo que establece que os informes sectoriais non poderán ter carácter sucesivo, de xeito que todos os órganos que deben emitir informe estuden o proxecto no mesmo período temporal. Así mesmo, como medida de axilización, prevese que cando un mesmo órgano sectorial autonómico deba emitir informe para varios efectos, dentro do trámite ambiental, trámite urbanístico e trámite da autorización substantiva, emitirá un único informe que abarque os distintos aspectos sobre os cales deba pronunciarse, sempre e cando se analice a documentación exixida a cada caso.

Así mesmo, e con relación aos informes que deban solicitarse aos órganos da Administración autonómica galega como consecuencia das afeccións sectoriais do proxecto, a lei aborda a problemática derivada do seu tempo de emisión,



establecendo un prazo xeral de tres meses, agás que unha norma legal estableza un prazo inferior. Mais a principal novidade da lei vén ao abordar a problemática derivada daqueles supostos en que se poida producir unha demora na súa emisión, establecendo que terán a consideración de favorables á implantación da iniciativa, agás que nunha norma legal de carácter básico estableza o contrario.

Finalmente, o devandito capítulo I establece outras dúas previsións fundamentais e básicas de cara a conseguir a simplificación e a conseguinte redución dos prazos da tramitación administrativa, que é, por una banda, a posibilidade de regulación regulamentaria da tramitación conxunta de todos os procedementos administrativos autonómicos que poidan ser necesarios para a implantación dunha iniciativa, evitando así que os trámites se dupliquen, e, por outra banda, a posibilidade de conservar os trámites administrativos autonómicos xerados nos sucesivos procedementos relativos a unha mesma iniciativa para o suposto de que os suxeitos promotores non optasen pola devandita tramitación conxunta.

Resulta, así mesmo, de especial relevancia que esta conservación de trámites se manteña tamén para os supostos en que a implantación da iniciativa empresarial requira dun título municipal habilitante.

Deste xeito, a través das previsións contidas neste capítulo, aplicables a todos os procedementos nos que concorran este tipo de trámites, simplificarase a xestión e reducirase notablemente o tempo de resposta da Administración autonómica.

O capítulo II regula a racionalización dos procedementos de avaliación ambiental, mediante a fixación de prazos taxados antes non definidos na normativa e a simultaneidade sempre que sexa posible na tramitación. A lei pretende neste capítulo clarificar os distintos trámites necesarios para a avaliación ambiental, simplificando e reducindo os prazos mediante a simultaneidade, dentro do respecto á premisa fundamental de velar pola necesaria protección ambiental.

Finalmente, o capítulo III deste título establece un procedemento uniforme e simplificado para as autorizacións administrativas para as instalacións eléctricas, un sector moi específico, cunhas peculiaridades na súa tramitación derivadas das posibles afeccións dos proxectos, tendo en conta as súas características e a súa implantación en franxas moi extensas do territorio, polo que resulta oportuno a súa regulación e simplificación nun capítulo independente, tendo en conta a significación que a produción, a distribución e o transporte de enerxía representa para os restantes sectores produtivos.



Neste capítulo é salientable o obxectivo que pretende acadar esta lei, consistente en vincular dun modo efectivo a xeración eléctrica producida a partir de fontes renovables á industria do noso país, contribuíndo á cohesión social e territorial de Galicia a través da mellora da competitividade do noso tecido industrial; o que favorecerá a localización das empresas máis sensibles ao fenómeno da deslocalización, como son aquelas que pertencen aos sectores que presentan «riscos de fuga de carbono», como é a industria electrointensiva galega.

A transformación do noso modelo industrial abarca moitos campos, mais un deles, que resulta fundamental, é o enerxético, que, debidamente aliñado co resto, permitirá unha descarbonización da nosa economía, unha renovación das estruturas produtivas e unha maior calidade dos empregos xerados.

O título IV, relativo ás medidas urbanísticas e financeiras para a reactivación económica, comeza a súa regulación coa introdución das medidas de simplificación do réxime de obtención da licenza municipal para aqueles supostos en que é necesario este título habilitante. En concreto, facilítase aos concellos a súa tramitación mediante un réxime xeral, o que permite unha maior axilidade na emisión, que se realizará no prazo de 1 mes. Ademais, establécese un réxime específico para a obtención da licenza urbanística en determinados supostos que afectan de forma especial as iniciativas empresariais, cun prazo de concesión da licenza de 15 días naturais, sempre que se cumpran as circunstancias determinadas na disposición, o que permitirá axilizar a súa implantación.

Ademais, aborda outra das grandes problemáticas identificadas á hora de implantar as iniciativas empresariais, a da dificultade de obter o apoio económico necesario. Incorpóranse así unha serie de mecanismos de financiamento para as iniciativas empresariais promovidas polas *start-ups*, **as persoas emprendedoras** e outras pequenas empresas, especialmente relevantes tendo en conta as súas especiais dificultades neste eido, así como os mecanismos específicos para os proxectos industriais estratéxicos e as iniciativas empresariais prioritarias.

Finalmente, o título V deste título establece unha serie de instrumentos de gobernanza para a planificación, a xestión e o control dos recursos económicos financiados polo Instrumento Europeo de Recuperación e dos derivados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que teñan por obxecto o financiamento de iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.



Así, as funcións de planificación e coordinación neste ámbito corresponderán á Comisión Delegada da Xunta para os Fondos de Recuperación, que contará, como órgano de apoio técnico, coa Comisión Técnica de Fondos de Recuperación, sen prexuízo da posibilidade de crear grupos de traballos técnicos sectoriais que elaboren recomendacións nos ámbitos precisos para a execución dos plans e proxectos definidos neste capítulo.

Regúlanse, finalmente, mecanismos de participación coa sociedade e de colaboración coa Fegamp, e mecanismos de control da aplicación dos fondos. Ten unha especial relevancia a creación do grupo de traballo coa Fegamp, tendo en conta a necesidade de simplificar trámites municipais para a implantación de iniciativas empresariais.

A parte final da lei incorpora unha serie de previsións coas que se abordan aspectos puntuais de simplificación ou de apoio ás empresas e aos profesionais; así, prevese o aumento de procesos de acreditación de competencias profesionais ou medidas de fomento das iniciativas empresariais no exterior.

As disposicións derradeiras establecen beneficios fiscais para a implantación de iniciativas empresariais en zonas pouco poboadas, definen o solo empresarial e actualizan os conceptos de proxectos industriais estratéxicos e iniciativas empresariais prioritarias, aclaran os supostos de informe de patrimonio cultural cando non existan elementos de protección e clarifican o réxime de declaracións ambientais vencelladas ao comercio, introducen cambios na regulación eólica, modifican a Lei de vivenda para dar cobertura a melloras de carácter social, e introducen previsións tamén en materia de salóns recreativos de xogo como consecuencia das medidas sanitarias en canto ao máximo de ocupación.

IV

A presente lei axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia. As medidas previstas nela responden á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia, e recóllense na norma os obxectivos perseguidos a través dela e a súa xustificación, tal como exige o principio de transparencia.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº80, de Modificación.

Propónse unha nova redacción para a epígrafe I da exposición de motivos, que terá o seguinte contido:

"I

A situación da economía galega presentaba no comezo do ano 2020 unha serie de indicadores que facían pensar nun crecemento da riqueza do país sustentable no medio prazo. Porén, a declaración mundial de pandemia pola covid-19, realizada o 11 de marzo pola OMS, trincou por completo calquera tipo de perspectiva e provocou unha caída do PIB absolutamente imprevisible a comezos do presente exercicio.

A covid-19 causou estragos na Unión Europea e nos seus Estados membros, cobrándose a vida de preto de 150.000 persoas e inflixindo unha dor irreparable a milleiros de persoas. Lamentablemente, e unha vez máis, a Unión Europea non estaba preparada para facer fronte a esta nova crise ao non contar cos instrumentos comunitarios necesarios para combatela de xeito inmediato, colectivo, eficaz e solidario.

A crise puxo de manifesto a fragilidade das nosas capacidades e instrumentos comúns de goberno económico e social ante tal desafío, nun momento no que se comprobou que a única resposta posible é una acción pública firme e ambiciosa.

Con todo, e a diferenza da anterior crise económica, a pesar do desconcerto inicial, a UE soubo reaccionar ante a pandemia de xeito diferente e moito máis áxil: o Banco Central Europeo adoptou en marzo un programa de adquisición de activos por valor de 750.000 millóns de euros, ampliado posteriormente a 1,35 billóns para inxectar liquidez na economía europea. Pola súa banda, a Comisión Europea activou por primeira vez a cláusula xeral de escape flexibilizando ao máximo as normas orzamentarias da Unión para que os Estados membros puidesen contrarrestar os efectos da pandemia sen dificultade; flexibilizou ao máximo as normas de axudas de Estado e mobilizou paquetes de axudas para proporcionar liquidez ás pequenas e medianas empresas e á asistencia sanitaria. Así mesmo, puxo en marcha o programa SURE, mobilizando 100.000 millóns de euros en créditos para sustentar programas de apoio temporal ao emprego como os ERTE españois.

Non obstante, a virulencia da pandemia e as medidas adoptadas para combatela, con peches e confinamentos ao longo e ancho dos 27 Estados membros, esixía una resposta fiscal capaz non só de frear o golpe no inmediato, senón de asentir a recuperación da actividade e o emprego a medio e longo prazo.

Así o entendeu o Goberno de España, que desde o primeiro momento, xunto con outros países gravemente afectados pola covid-19 como Italia e Francia, liderou a defensa da

necesidade de adoptar un paquete de estímulo fiscais a nivel comunitario capaz de asentar a recuperación económica sen deixar a ninguén atrás.

Tras semanas de intensas negociacións, tales medidas cristalizaron no Consello Europeo do pasado 21 de xullo, onde os líderes europeos pecharon un acordo histórico para a creación dun Fondo de Recuperación e Resiliencia, a principal ferramenta do Plan coñecido como Next Generation EU, por valor de 750.000 millóns de euros para investir na reactivación da economía no período 2021-2023, unha parte do cal -390.000 millóns- se destinará a subvencións e o resto -360.000 millóns- a préstamos aos Estados membros.

Como país fortemente golpeado pola covid-19, España será un dos Estados membros máis beneficiados do Fondo de Recuperación ao percibir arredor de 72.000 millóns de euros en axudas a fondo perdido e arredor de 68.000 millóns en préstamos que deben servir para impulsar a recuperación da economía española e propiciar a transformación do seu modelo produtivo.

Pero a liberación dos fondos non é automática: cada Estado membro deberá solicitar o acceso a eles presentando plans de investimentos e reformas orientadas a impulsar o potencial de crecemento, a creación de emprego e a resiliencia económica e social, resultando indispensables ademais neste contexto os proxectos que contribúan á transición ecolóxica e dixital.

O Fondo de Recuperación abre, polo tanto, un escenario de oportunidade que Galicia non pode deixar pasar. Como comunidade afectada de importantes desequilibrios socioeconómicos e golpeada por una profunda crise demográfica, pero tamén como comunidade cun rico e dinámico tecido produtivo en campos cruciais para as transicións, ecolóxica e dixital, como as enerxías renovables, a construción naval ou a mobilidade sustentable, Galicia debe dotarse dunha estratexia capaz de sacar o máximo rendemento do Fondo de Recuperación europeo.

Galicia, co Goberno autonómico ao fronte, debe elaborar un plan global para a captación e investimento dos fondos comunitarios nos sectores estratéxicos da comunidade co obxectivo de combater non só as consecuencias negativas da pandemia senón para contrarrestar a dinámica de atonía económica da última década e reconstruír un novo modelo produtivo capaz de facer fronte ás revolucións ecolóxica e dixital desde a xustiza social."





Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 23.02.2021

Hora: 10:00

Orde do día

- 2.2 Debate de votación do ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (doc. núm. 5637, 11/PPL-000001)

Publicación do ditame da Comisión, BOPG nº94, do 15.02.2021

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 94, do 15.02.2021

Separata núm. 2

PLENO DO PARLAMENTO

23 de febreiro de 2021

Punto.2.2 Debate de votación do ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (doc. núm. 5637, 11/PPL-000001)

Publicación do ditame da Comisión, BOPG n.º 94, do 15.02.2021

Publicación de emendas e votos particulares BOPG nº 94, do 15.02.2021

Separata núm. 2

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Ditame emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 11 de febreiro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame da Comisión

- 5637 (11/PPL-000001)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

BOPG nº 51, do 23.11.2020

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Ditame emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do día 11 de febreiro de 2021, á vista do Informe elaborado pola Ponencia sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 116 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte:

D I T A M E

Exposición de motivos.

I

A expansión do SARS-CoV-2 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por parte dalgunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.



O levantamento do estado de alarma, non obstante, non puxo fin á situación de crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas a nivel estatal no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola covid-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención, tanto de carácter xeral para todo o territorio autonómico como, de maneira específica, a través de diferentes ordes, atendendo a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Posteriormente, mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse un novo estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que afecta todo o territorio nacional, cunha duración inicial ata as 00. 00 horas do día 9 de novembro de 2020 e unha prórroga autorizada polo Congreso dos Deputados ata o 9 de maio de 2021.

Conforme o marco normativo derivado do estado de alarma vixente, a autoridade competente será o Goberno da Nación e, en cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para a adopción das medidas recollidas no real decreto, nos termos e co alcance previstos na dita norma, sen que para iso sexa precisa a tramitación de ningún procedemento administrativo nin autorización nin ratificación xudicial.

Procede destacar, non obstante, que as medidas previstas no real decreto non esgotan todas as que poden ser adoptadas durante a vixencia do estado de alarma para facer fronte á crise sanitaria senón que, como prevé expresamente o artigo 12 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, cada administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto. Por tanto, como destaca expresamente a exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma, as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto na dita norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola covid-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

Do anteriormente exposto despréndese que as medidas para facer fronte a riscos para a saúde pública derivados de crises sanitarias non encontran o seu fundamento normativo, con carácter exclusivo, no dereito de excepción como o derivado da declaración dun estado de alarma.

En efecto, ben que as crises sanitarias, tales como epidemias, constitúen un dos supostos que habilitan para a declaración do estado de alarma, conforme o artigo cuarto da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, a dita declaración, dado o seu carácter excepcional, non se pode entender como a única alternativa xurídica para facer fronte a esas situacións, ao existiren na lexislación sanitaria mecanismos extraordinarios para tutelar a saúde pública.



Así, na súa concepción constitucional e na da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, o estado de alarma representa a aplicación dun dereito excepcional, limitado no tempo, condicionado pola adecuación das medidas ás circunstancias concretas que se presenten, e só xustificado na medida en que, para facer fronte a tales circunstancias, non sexan suficientes os poderes ordinarios das autoridades competentes. Non procederá, polo tanto, acudir ao estado de alarma para o control dunha epidemia, mantendo activo un dereito excepcional, cando a lexislación de dereito ordinario, en especial a sanitaria e a normativa en materia de protección civil e seguridade cidadá, lles permita afrontar a situación existente ás autoridades públicas, singularmente o Estado e as comunidades autónomas, cos seus poderes ordinarios, isto é, conforme as regras ordinarias de distribución de competencias.

Só cando sexa imprescindible o Goberno debe acudir á declaración dun estado de alarma; en particular, como expresa o artigo cuarto da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, cando se trate de crises sanitarias que produzan «alteracións graves da normalidade», en todo ou en parte do territorio nacional, que demanden unha actuación centralizada da crise nos territorios afectados e a necesidade de contar cos instrumentos específicos previstos no artigo once da dita lei orgánica.

Agora ben, débese chamar a atención sobre que a Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, como puxo de manifesto a doutrina, non dá respostas específicas apropiadas para situacións de crises sanitarias, especialmente de duración prolongada, como a que nos ocupa, e que se limita a remitirse a que, nestes casos, se poderán adoptar as medidas «establecidas nas normas para a loita contra as enfermidades infecciosas» (artigo doce da lei orgánica). A resposta específica a unha situación de epidemia ou pandemia non se encontra, pois, na regulación do estado de alarma senón na lexislación sanitaria. Por tanto, as medidas que a lexislación orgánica e ordinaria establecen para os casos de perigos e ameazas para a saúde pública poden chegar a ser suficientes para abordar unha pandemia sen necesidade de recorrer a unha situación constitucional excepcional como é o estado de alarma.

A Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, remite, pois, á lexislación sanitaria e apóiase nela, dada a ausencia de respostas específicas na propia lexislación reguladora do estado de alarma. Deste modo, a lexislación sanitaria cobra un papel estratéxico fundamental na loita contra a pandemia. En definitiva, non procede acudir de maneira continuada ao estado excepcional de alarma ante cada repunta da enfermidade que se produza se se pode facer fronte cos mecanismos de tutela da saúde pública previstos na lexislación sanitaria. E, mesmo nos casos en que resulte necesario acudir ao dereito de excepción, os mecanismos previstos na lexislación sanitaria tamén seguirán desempeñando un papel fundamental, no que resulte compatible co marco normativo excepcional temporalmente aplicable.

II

Centrándonos, así, nos mecanismos de tutela previstos na lexislación sanitaria, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, conforma, xunto coa Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o corpo normativo fundamental da acción de tutela da saúde pública a nivel estatal, ao cal se debe unir a le-



xislación autonómica reguladora da protección da saúde pública no marco de competencias autonómico, como é o caso, na Comunidade Autónoma galega, da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En efecto, recóllense na dita normativa medidas que as autoridades sanitarias poderán acordar para tutelar a saúde pública en situacións de risco, co fin de cumprir o mandato contido no artigo 43 da Constitución española, que, despois de proclamar o dereito á protección da saúde, dispón que lles compete aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios e que a lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto.

O dito marco normativo débese completar, atendida a posible afectación que tales medidas poden ter sobre os dereitos fundamentais, coa necesidade de intervención xudicial.

Malia o anterior, a crise da covid-19 puxo de manifesto a necesidade de contar cunha maior densidade normativa no que respecta á articulación dos mecanismos extraordinarios que recolle a lexislación sanitaria para tutelar a saúde pública ante crises sanitarias. Neste sentido, son fundamentalmente catro as carencias normativas que se detectaron neste ámbito: a necesidade dunha maior concreción das medidas susceptibles de ser adoptadas nestes casos (en especial, para facer fronte a enfermidades de carácter transmisible), a regulación dos requisitos exixibles para a súa adopción por parte da autoridade sanitaria competente, a necesidade dunha maior claridade e concreción en relación co réxime sancionador aplicable e a precisión dos termos e o alcance da garantía xudicial.

En relación con esta última cuestión, procede destacar a recente modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, operada pola Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á covid-19 no ámbito da Administración de xustiza, en virtude da cal se deslindaron as competencias para a autorización ou ratificación xudicial de medidas adoptadas conforme a lexislación sanitaria que as autoridades sanitarias consideren urxentes e necesarias para a saúde pública e impliquen limitación ou restrición de dereitos fundamentais, en función de carácter individualizado ou non dos seus destinatarios e da autoridade sanitaria da cal procedan, e se regulou a tramitación que se seguirá para a dita autorización ou ratificación.

En cambio, subsisten as outras tres carencias normativas apuntadas, que demandan que, no exercicio da competencia autonómica en materia de sanidade interior recollida no artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia, se introduzan na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, as modificacións necesarias co fin de facer fronte á necesidade de contar cun marco normativo claro na materia que ofrezca a necesaria seguridade xurídica, tanto para quen debe intervir na adopción das medidas e na súa inspección, vixilancia, control e sanción como para as persoas destinatarias destas.

Especial atención merece a concreción das medidas preventivas que poden ser adoptadas polas autoridades sanitarias galegas, no exercicio das súas competencias, para facer fronte a riscos de saúde pública. Dada a posible afectación que tales medidas poden ter nos dereitos e liberdades da cidadanía, procede que unha norma legal regule estas medidas, delimitando con precisión os



seus contornos e os requisitos para a súa adopción, tendo en conta necesariamente o marco normativo constituído pola lexislación sanitaria e procesual antes citada.

En efecto, conforme reiterada doutrina do Tribunal Constitucional, os dereitos e as liberdades que a Constitución recoñece non teñen carácter absoluto ou ilimitado, senón que se poden ver sometidos a certas modulacións ou límites, xustificadas na protección doutros dereitos, bens ou valores constitucionais, sempre coa debida proporcionalidade.

Neste sentido, a saúde pública é un ben constitucionalmente protexido cuxa tutela, imposta polo artigo 43 da Constitución española, pode xustificar o establecemento de límites ao exercicio de dereitos e liberdades, tendo en conta, ademais, a íntima conexión do dito mandato constitucional de protección da saúde pública co dereito á vida e á integridade física recoñecidos no artigo 15 da Constitución española, como recentemente tivo oportunidade de recordar o Tribunal Constitucional no seu Auto 40/2020, do 30 de abril.

Xunto con iso, o Tribunal Constitucional admitiu o establecemento de medidas limitativas de dereitos e liberdades, incluídos dereitos fundamentais e liberdades públicas, sen ter que acudir necesariamente ao chamado dereito de excepción ben que co necesario respecto á reserva de lei (artigos 53. 1 e 81. 1 da Constitución española), de modo que debe ser a lei a que habilite a inxerencia no ámbito dos dereitos e liberdades e exprese os presupostos e as condicións da intervención.

Sentado o anterior, no caso concreto das medidas limitativas de dereitos fundamentais e de liberdades públicas e respecto da reserva de lei orgánica do artigo 81. 1 da Constitución española, débese advertir que o Tribunal Constitucional, xa desde as súas primeiras sentenzas, incidiu na necesidade de aplicar un criterio estrito ou restritivo en relación co alcance da reserva de lei orgánica para o desenvolvemento de dereitos fundamentais e de liberdades públicas previstas no artigo 81. 1 da Constitución española. En concreto, de acordo con esta doutrina constitucional, require lei orgánica unicamente a regulación dun dereito fundamental ou dunha liberdade pública que «desenvolva» a Constitución de maneira directa e en elementos esenciais para a definición do dereito fundamental, xa sexa nunha regulación directa, xeral e global deste, xa nunha parcial ou sectorial, pero igualmente relativa a aspectos esenciais do dereito, e non, por parcial, menos directa ou encamiñada a contribuír á delimitación e definición legal do dereito. Non entran, en cambio, dentro da reserva de lei orgánica as modulacións provisionais e limitadas á forma en que certos suxeitos gozan, en circunstancias moi determinadas e non xeneralizables, do dereito fundamental (entre outras, sentenzas do Tribunal Constitucional 53/2002, do 27 de febreiro, e 186/2013, do 4 de novembro). O reservado ao Estado ex artigo 81. 1 da Constitución española é, pois, a regulación dos aspectos esenciais, o desenvolvemento directo do dereito fundamental considerado en abstracto ou «en canto tal», en canto que se atribúe a regulación da «materia» sobre a que se proxecta o dereito ao lexislador ordinario, estatal ou autonómico, con competencias sectoriais sobre ela. En suma, a reserva enunciada no artigo 81. 1 da Constitución española para o desenvolvemento dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas non é incompatible coa colaboración internormativa entre a fonte a favor da cal a reserva se establece e outras fontes de produción recoñecidas na Constitución, para acadar, deste modo, unha disciplina integral e articulada do ámbito de que se trate (entre outras, STC 137/1986, do 6 de novembro).



De acordo co exposto, no ámbito concreto das medidas de protección da saúde pública, o lexislador orgánico, a través da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, configurou a protección da saúde pública, dada a súa evidente conexión co dereito á vida e á integridade física, como dereito constitucionalmente protexido que pode operar como límite dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, a través da adopción, por parte das autoridades sanitarias competentes, das necesarias medidas para salvagardar aquela. A dita lei orgánica contén, ademais, os presupostos e as condicións para tal intervención limitativa de dereitos e liberdades, ao delimitar tanto o ámbito material (a saúde pública) como a existencia de que esas razóns sanitarias que demandan a adopción das medidas sexan urxentes e necesarias e a finalidade de tales medidas (a protección da saúde pública e a prevención da súa perda ou deterioración, con atención particular, no seu artigo terceiro, á finalidade de controlar as enfermidades transmisibles). A lei orgánica efectúa así, en aplicación do artigo 81 da Constitución española, un desenvolvemento directo ou primario respecto dos límites a que poidan quedar sometidos os dereitos fundamentais e as liberdades públicas a prol da protección da saúde pública, precisando as condicións esenciais que deben concorrer para a adopción, por parte das autoridades sanitarias competentes, de medidas limitativas con tal fin; un desenvolvemento que, conforme a doutrina constitucional exposta, pode ser concretado, respectando as condicións esenciais establecidas na dita lei orgánica, polo lexislador ordinario competente na materia (neste caso, polo lexislador autonómico en exercicio das competencias en materia de sanidade interior).

Conforme o exposto, unha das principais finalidades desta lei é, así, concretar as medidas que, tendo en conta o disposto na lexislación sanitaria estatal, de rango orgánico e ordinario, poden ser adoptadas polas autoridades sanitarias galegas para a protección da saúde pública, así como regular os requisitos que se deben cumprir para a súa correcta adopción, con especial atención ás exixencias de motivación e de proporcionalidade. Tamén se aclara e completa o réxime sancionador aplicable en materia de saúde pública.

Ben que o obxectivo fundamental da reforma estriba en facer fronte ás carencias normativas apuntadas, introdúcense, así mesmo, outras modificacións puntuais na Lei 8/2008, do 10 de xullo, na súa maior parte tamén relacionadas con aspectos relativos á protección da saúde pública, tal e como se describe a continuación.

III

Esta lei estrutúrase nun artigo único, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, nunha disposición transitoria e nunha disposición derradeira.

Respecto das modificacións introducidas na Lei 8/2008, do 10 de xullo, tal e como se adiantou antes, a maior parte das ditas modificacións refírese a aspectos relacionados coa protección da saúde pública, co fin de contar cunha normativa máis clara e completa na materia.

Así, dáselle nova redacción ao artigo 33 da lei para completar o concepto de autoridade sanitaria e para precisar aquelas autoridades sanitarias que poderán establecer as intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía e, entre elas, as medidas preventivas tanto por razóns sanitarias en xeral como por razóns de protección da saúde pública en particular.



En relación coas intervencións públicas previstas no artigo 34 da lei, incorpórase no seu número 12 unha remisión expresa ás medidas preventivas específicas en materia de saúde pública que se recollen na nova redacción do artigo 38 e engádese un novo número 15 relativo ao posible establecemento de prohibicións, limitacións e estratexias de prevención do consumo de bebidas alcohólicas, en especial polas persoas menores de idade. Ademais, con esta finalidade recóllese directamente na lei a prohibición de consumo en grupo de bebidas alcohólicas na vía pública, parques e prazas públicas e noutros lugares de tránsito público.

Engádese un novo punto no artigo 37 coa finalidade de garantir a suficiencia de medios persoais para o desenvolvemento das funcións de inspección de saúde pública en supostos de crises sanitarias ou epidemias.

Dáselle nova redacción ao artigo 38 da lei co fin de recoller, como se apuntou antes, de maneira máis concreta e nun mesmo precepto, as medidas preventivas que poden ser adoptadas polas autoridades sanitarias para a protección da saúde pública, incluídas as limitativas de dereitos fundamentais a que se refire a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, con especial atención ás destinadas ao control de enfermidades de carácter transmisible. Non se inclúe, non obstante, unha enumeración exhaustiva e esgotadora de medidas, pois iso podería dificultar o seu fin primordial, que é a tutela da saúde pública. De aí que se introduzan cláusulas finais abertas que permitan a adaptación ás circunstancias do caso, ben que se debe tratar en todo caso de medidas rodeadas das necesarias garantías.

En relación coas medidas en materia de saúde pública, introdúcense, ademais, tres novos artigos: o 38 *bis*, o 38 *ter* e o 38 *quater*.

No primeiro deles recóllense previsións en relación coa medida específica de intervención de centros de servizos sociais, ao ser unha medida que se revelou necesaria para a protección da saúde pública na actual pandemia.

No novo artigo 38 *ter* acláranse aspectos fundamentais sobre a natureza das medidas preventivas, coa finalidade de velar pola súa operatividade e eficacia, aclarando que a súa adopción non require dun procedemento administrativo específico e a súa diferente natureza das medidas provisionais que aparecen conectadas a un procedemento administrativo. Establécense, ademais, as garantías fundamentais de motivación, publicación, de ser o caso, cando as medidas afecten unha pluralidade indeterminada de persoas, e audiencia, se a medida afecta unha ou varias persoas determinadas, sempre que iso sexa posible, e garántese, se non o for, a súa realización nun momento posterior. Tamén se alude, entre outras cuestións, ao principio de precaución, que posibilitará a lícita adopción das medidas cando se axusten a unha adecuada avaliación do risco segundo a información dispoñible nese momento. Recóllense, así mesmo, outros requisitos de importancia como a temporalidade das medidas ou a necesaria información á poboación afectada.

Xunto a iso, imponse expresamente como límite absoluto o respecto á dignidade da persoa e prevese unha serie de regras sobre as medidas de posible adopción, como a relativa a que deben ser o menos intrusivas e invasivas posible para lograr o obxectivo de saúde pública, inspiradas tamén no disposto no Regulamento sanitario internacional. Recóllense, así mesmo, seguindo a liña do xa indicado na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, as regras de preferencia pola co-



laboración voluntaria das persoas afectadas coas autoridades sanitarias, a prohibición de adopción de medidas obrigatorias que comporten risco para a vida e o mandato de que se utilicen as medidas que menos prexudiquen a liberdade de circulación das persoas e dos bens, a liberdade de empresa e calquera outro dereito afectado, xunto co necesario respecto ao principio de proporcionalidade.

Ademais, para o caso concreto de adopción de medidas limitativas de dereitos fundamentais e liberdades públicas, establécese expresamente, ademais da garantía xudicial nos termos previstos na lexislación procesual, a exigencia de motivación expresa da súa proporcionalidade conforme os tres subprincipios ou regras que, consonte reiterada doutrina do Tribunal Constitucional, integran o dito principio; isto é: idoneidade, necesidade e proporcionalidade en sentido estrito. É dicir, que mediante a medida adoptada sexa posible acadar o obxectivo pretendido —idoneidade—, que non exista unha medida menos gravosa ou lesiva para a consecución do obxecto proposto —necesidade— e que o sacrificio do dereito reporte máis beneficios no interese xeral que desvantaxes ou prexuízos noutros bens ou dereitos, atendidas a gravidade da inxerencia e as circunstancias persoais de quen a sofre —proporcionalidade estrita—.

Por outra parte, na xestión de crises sanitarias non se debe esquecer o papel que pode desenvolver a tecnoloxía tendo en conta o uso estendido dos dispositivos e aplicacións na poboación, en especial como mecanismo para a información, a prevención, a detección e o seguimento de enfermidades, particularmente das de carácter transmisible, tal e como puxeron de manifesto, con motivo da crise causada pola covid-19, tanto a Comisión Europea (en documentos como a Recomendación (UE) 2020/518 da Comisión, do 8 de abril de 2020, relativa a un conxunto de instrumentos comúns da Unión para a utilización da tecnoloxía e os datos co fin de combater e superar a crise da covid-19, ou a Comunicación relativa ás orientacións sobre as aplicacións móbiles de apoio á loita contra a pandemia da covid-19 no referente á protección de datos, publicada o 17 de abril de 2020) como o Comité Europeo de Protección de Datos nas súas directrices 04/2020 sobre o uso de datos de localización e ferramentas de rastreamento de contactos no contexto da pandemia da covid-19, adoptadas o 21 de abril de 2020, nas cales se recoñece que os datos e a tecnoloxía son importantes ferramentas na loita contra o SARS-CoV-2. Seguindo esta liña, na Comunidade Autónoma galega desenvolveuse o sistema de información Passcovid. gal como medida complementaria na xestión da crise sanitaria ocasionada pola covid-19. De aí que proceda recoller unha expresa referencia na Lei 8/2008, do 10 de xullo, á tecnoloxía como instrumento complementario doutras medidas que se poidan adoptar ante riscos para a saúde pública, o que se fai a través da incorporación dun novo artigo 38 *quater*.

Ademais, outro aspecto fundamental para o eficaz e correcto desenvolvemento de actuacións de saúde pública é a cooperación e a colaboración administrativas; de aí que se dedique a esta materia un novo precepto, o artigo 38 *quinques*.

Xunto á necesidade dunha maior claridade e densidade normativa en materia de medidas preventivas por razóns de protección da saúde pública, a experiencia acumulada nestes meses de xestión da crise sanitaria derivada da covid-19 puxo de manifesto tamén, como se adiantou antes, a necesidade de contar cun réxime sancionador máis claro e completo. Con esta finalidade introdúcese varias modificacións no capítulo IV do título II da Lei 8/2008, do 10 de xullo. Dada a especificidade das infraccións en materia de saúde pública, optouse por conferir ás ditas infraccións unha substantividade propia na lei, diferenciándoas das restantes infraccións en materia sanitaria tamén



tipificadas nela. Así, ademais de recoller no artigo 39 as consecuencias da dita diferenciación, introdúcese os novos artigos 41 *bis*, 42 *bis*, 43 *bis*, 44 *bis* e 45 *bis*, nos cales se recolle, tendo en conta a regulación básica contida na Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, a tipificación das infraccións (leves, graves e moi graves) e das correspondentes sancións en materia de saúde pública, e se regula a competencia para o exercicio da potestade sancionadora neste ámbito, respectivamente. Procede destacar, en relación con esta última cuestión, que coa nova redacción queda explicitada, sen dar lugar a dúbidas interpretativas, a competencia sancionadora municipal respecto das infraccións en materia de saúde pública cando tales infraccións afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales os concellos exercen competencias de control sanitario de acordo co artigo 42 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e co artigo 80 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, tendo en conta o disposto no artigo 61 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como o carácter instrumental da potestade sancionadora respecto do exercicio de competencias substantivas (no caso, as competencias propias locais de control sanitario previstas naqueles preceptos legais). Por esta mesma razón de evitar dúbidas interpretativas sobre o alcance da competencia sancionadora local, modifícase o artigo 45 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, respecto de infraccións sanitarias tipificadas na lei cando tales infraccións afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales exercen competencias de control sanitario.

Introdúcese, ademais, modificacións con incidencia xeral no réxime sancionador contido na lei, isto é, tanto o relativo a infraccións sanitarias como ás específicas infraccións en materia de saúde pública, coa finalidade, por unha parte, de clarificar os suxeitos responsables das infraccións (en especial, o réxime de responsabilidade no caso de infraccións cometidas por menores de idade) e, por outra, de recoller unha regulación máis completa das medidas provisionais (tanto previas como posteriores á incoación dun procedemento sancionador), así como a posibilidade de adopción directa de medidas por parte dos axentes das forzas e corpos de seguridade, todo isto co fin de salvagardar sen demora a protección da saúde pública ante a produción de feitos que poden ser constitutivos de infracción.

Para terminar coas modificacións no réxime sancionador, modifícase o artigo relativo á prescripción para recoller a diferenciación de infraccións sanitarias en xeral e específicas en materia de saúde pública e, á vez, para acomodar a regulación aos cambios introducidos pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Introdúcese tamén unha reforma do capítulo VI do título II da lei, no convencemento da necesidade de asegurar unha planificación estratéxica integral da política sanitaria galega. Unha das principais leccións da actual pandemia é a necesidade dunha maior integración dos distintos aspectos da política sanitaria, cun protagonismo compartido da saúde pública coa asistencia sanitaria e a investigación sanitaria e cunhas prioridades e obxectivos comúns entre as distintas áreas.

Para tal efecto, créase a Estratexia galega de saúde como instrumento integrador, definíndose os seus contidos mínimos e un procedemento participativo para a súa tramitación. A partir desa Estratexia xeral, prevese a posibilidade de desenvolvemento a través de plans sectoriais e a través dos plans de saúde que adapten o seu contido ás particularidades das distintas áreas sanitarias. Finalmente, régulanse os plans locais de saúde como parte desta planificación integral e do reforzo da saúde pública e comunitaria, ao tempo que supoñen un avance cara a un modelo de maior autonomía nos servizos de atención primaria. »



As modificacións en materia de saúde pública péchanse coas modificacións dos artigos 78 e 107. A primeira está orientada a recoller expresamente o importante papel que os grupos de traballo poden desempeñar en relación co asesoramento na xestión de crises sanitarias e na adopción de medidas preventivas adecuadas, tal e como viñeron demostrando o comité e os subcomités clínicos na xestión da crise derivada da covid-19. Por outra banda, a modificación do artigo 107 céntrase, conforme coas recomendacións que o Ditame da Comisión para a Reconstrución Social e Económica do Congreso dos Deputados traslada aos gobernos autonómicos no eido do fortalecemento das estruturas e servizos de saúde pública, en incluír a vixilancia epidemiolóxica e o manexo dos sistemas de información relacionados con ela entre as funcións que a Consellería de Sanidade debe ter en conta para deseñar a estrutura organizativa referida á saúde pública.

En canto á parte final da lei, esta conta cunha disposición transitoria e cunha disposición derradeira.

A disposición transitoria única recolle o réxime transitorio aplicable en materia sancionadora tendo en conta os principios de irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables e o de retroactividade das favorables. En particular, no réxime transitorio, coa finalidade anteriormente expresada de evitar dúbidas interpretativas nesta materia, recóllese expresamente a competencia local para resolver os procedementos sancionadores por feitos acaecidos antes da entrada en vigor desta lei que sexan constitutivos de infracción en materia de saúde pública, sempre que tales infraccións afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales os concellos exercen competencias de control sanitario de acordo co artigo 42 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e co artigo 80 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Por último, a disposición derradeira única establece como entrada en vigor desta lei o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, tendo en conta a súa finalidade de protección da saúde pública e de loita contra a pandemia e a necesidade de contar canto antes cunha normativa máis clara e completa na materia.

Artigo único. *Modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia*

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O artigo 33 queda coa seguinte redacción:

«Artigo 33. *Autoridade sanitaria*

1. Dentro das súas respectivas competencias, teñen a condición de autoridade sanitaria o Consello da Xunta de Galicia, a persoa titular da consellaría con competencias en sanidade, as persoas titulares dos órganos de dirección da consellaría con competencias en materia de sanidade de quen dependan a inspección de servizos sanitarios e a inspección no ámbito da saúde pública e os alcaldes ou alcaldesas. Así mesmo, teñen a condición de autoridade sanitaria as persoas titulares das xefaturas territoriais da consellaría competente en materia de sanidade no seu ámbito correspondente.

2. Corresponderalles ás persoas titulares dos órganos citados, no ámbito das súas respectivas competencias, establecer as intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, entre eles os previstos nos artigos 34. 12 e 38.



3. Os profesionais sanitarios e as profesionais sanitarias que, no desempeño das súas funcións como persoal empregado público, teñan asignadas funcións de detección, seguimento e control das enfermidades transmisibles nos supostos de crises sanitarias declaradas ou epidemias terán, así mesmo, a consideración de autoridade sanitaria para os efectos desta lei. Para tal efecto, no desempeño das súas funcións poderán solicitar en todo momento a colaboración dos cidadáns e das cidadás e facerlles requirimentos individuais a estes e a estas, por razóns sanitarias vinculadas á contención da enfermidade, que serán de obrigado cumprimento.

4. Todo o persoal ao servizo da Administración autonómica e local que desenvolva actividades de inspección terá a condición de autoridade sanitaria no desempeño das súas funcións e para os efectos desta lei.

5. No exercicio das súas funcións, as autoridades sanitarias e os seus axentes poderán solicitar o apoio e a cooperación doutros funcionarios públicos e doutras funcionarias públicas, incluídos os das forzas e corpos de seguridade, así como de calquera persoa física, institución ou persoa xurídica. »

Dous. O número 12 do artigo 34 queda coa seguinte redacción:

«12. Adoptar as medidas preventivas que se consideren pertinentes no caso de que exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e extraordinario para a saúde. Para tal efecto, a autoridade sanitaria competente poderá proceder á incautación ou inmovilización de produtos, á suspensión do exercicio de actividades, ao peche de empresas ou das súas instalacións, á intervención de medios materiais e persoais e a cantas outras medidas se consideren sanitariamente xustificadas. A duración das medidas a que se refire este punto fixarase para cada caso, sen prexuízo das prórrogas sucesivas acordadas por resolucións motivadas, e non excederá o que exixa a situación de risco extraordinario que as xustificou. Poderá, así mesmo, adoptar medidas preventivas en materia de saúde pública nos termos previstos no artigo 38. »

Tres. Engádese un novo número 15 ao artigo 34, coa seguinte redacción:

«15. Establecer prohibicións, limitacións e estratexias de prevención do consumo de bebidas alcohólicas para avanzar na desnormalización do seu consumo polas persoas menores de idade. Con esta finalidade, e por disposición directa desta lei, queda prohibido o consumo en grupo de bebidas alcohólicas na vía pública, parques e prazas públicas, e noutros lugares de tránsito público. »

Catro. Engádese un número 4 ao artigo 37, coa seguinte redacción:

«4. Nos supostos de crises sanitarias ou epidemias, a autoridade sanitaria autonómica e local poderalles encomendar o exercicio de funcións de inspección de saúde pública, no caso de insuficiencia de medios, a outros corpos de funcionarios e funcionarias dependentes dela, para a vixilancia do cumprimento das normas e medidas de prevención adoptadas para facer fronte ás situacións indicadas. Este persoal, no desenvolvemento das funcións de inspección, terá a condición de autoridade sanitaria. »

Cinco. O artigo 38 queda coa seguinte redacción:



«Artigo 38. *Medidas preventivas en materia de saúde pública*

1. Co obxecto de protexer a saúde pública, as autoridades sanitarias autonómicas e locais, dentro do ámbito das súas competencias, poderán adoptar medidas preventivas de obrigado cumprimento cando exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e grave para a saúde da poboación. Estas medidas poderán consistir:

- a) Na incautación ou inmovilización de produtos.
- b) Na suspensión do exercicio de actividades.
- c) No peche de empresas ou das súas instalacións.
- d) Na intervención de medios materiais ou persoais.
- e) En limitacións de capacidade.
- f) En limitacións de horarios de apertura e/ou peche de establecementos, lugares ou actividades.
- g) En medidas de seguridade sanitaria e hixiene en determinados lugares e/ou para o desenvolvemento de actividades.
- h) Na obrigaón de elaboración de protocolos ou plans de continxencia en determinados lugares e/ou para o desenvolvemento de actividades.
- i) En medidas de autoprotección individual, tales como o uso de máscara e/ou doutros elementos de protección, e no mantemento de distancias de seguridade interpersoal ou entre mesas ou agrupacións de mesas nos locais abertos ao público e nas terrazas ao aire libre.
- j) Na intervención de centros de servizos sociais nos termos previstos no artigo seguinte.
- k) Na obrigaón de subministración de datos necesarios para o control e a contención do risco para a saúde pública de que se trate e no rexistro dos datos subministrados, en especial de datos que permitan a identificación de persoas procedentes de lugares ou asistentes a actividades ou establecementos que presenten un risco de transmisión de enfermidades infectocontaxiosas, co obxecto de que as autoridades sanitarias poidan desenvolver o seu labor de control e investigación epidemiolóxica de gromos ou situacións de especial risco para a saúde da poboación. En todo caso, os datos rexistrados serán os estritamente indispensables para cumprir coa dita finalidade de control e contención do risco, e os datos de carácter persoal serán tratados con estrito respecto á normativa en materia de protección de datos.
- l) En ordenarlles aos cidadáns e ás cidadás a prestación de servizos persoais, de acción ou omisión, sempre de forma proporcionada á situación de necesidade.
- m) En calquera outra medida axustada á legalidade vixente e sanitariamente xustificada.



2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, co obxecto de protexer a saúde pública e de previr a súa perda ou deterioración, as autoridades sanitarias autonómicas, dentro do ámbito das súas competencias, cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade:

a) Poderán adoptar medidas preventivas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se aprecien indicios racionais que permitan supoñer a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolva unha actividade.

b) Co fin de controlar as enfermidades transmisibles, ademais de realizar as accións preventivas xerais e da posible adopción das medidas preventivas previstas no número 1 deste precepto, poderán adoptar as medidas oportunas para o control das persoas enfermas, das persoas que estean ou estivesen en contacto con elas e do ambiente inmediato, así como as que se consideren necesarias no caso de risco de carácter transmisible. En particular, poderanse adoptar as seguintes medidas preventivas:

1ª) Medidas de control das persoas enfermas, cando sexa procedente, como o illamento en domicilio, o internamento en centro hospitalario ou o illamento ou internamento noutro lugar adecuado para tal fin.

2ª) Sometemento das persoas enfermas a tratamento adecuado.

3ª) Medidas de control das persoas que estean ou estivesen en contacto coas persoas enfermas, como o sometemento a unha corentena no domicilio ou noutro lugar adecuado para tal fin. Para estes efectos, entenderase por corentena a restrición das actividades e a separación, das demais persoas que non están enfermas, dunha persoa respecto da cal se poida ter razoablemente a sospeita de que estivo ou puidese estar exposta a un risco para a saúde pública e sexa unha posible fonte de propagación adicional de enfermidades, de acordo cos principios científicos, as probas científicas ou a información dispoñible.

4ª) Sometemento a observación ou a medidas de vixilancia do estado de saúde, a exame médico ou a probas diagnósticas de persoas que presenten síntomas compatibles coa enfermidade transmisible de que se trate ou de persoas respecto das cales existan outros indicios obxectivos de que poidan supoñer un risco de transmisión da enfermidade. A observación, o exame ou as probas serán o menos intrusivos ou invasivos posible para permitir lograr o obxectivo de saúde pública consistente en previr ou conter a propagación da enfermidade.

5ª) Sometemento a medidas profilácticas de prevención da enfermidade, incluída a vacinación ou inmunización, con información, en todo caso, dos posibles riscos relacionados coa adopción ou non adopción destas medidas.

6ª) Medidas de control do contorno inmediato das persoas enfermas ou das persoas que estean ou estivesen en contacto con elas, así como das zonas afectadas. Para estes efectos, entenderase por zona afectada aqueles lugares xeográficos nos cales sexan necesarias medidas sanitarias de control da propagación da enfermidade. A determinación da zona afectada efectuarase de acordo



cos principios de precaución e proporcionalidade, procurando, sempre que resulte posible e eficaz, actuar canto antes ou con maior intensidade ou medida sobre as zonas concretas en que se produza a maior afección, para evitarlle prexuízos innecesarios ao resto da poboación.

Entre outras, estas medidas poderán consistir en:

i) Medidas que comporten a limitación ou restrición da circulación ou mobilidade das persoas dentro da zona afectada ou en determinados lugares e espazos dentro da dita zona ou en determinadas franxas horarias.

ii) Medidas de control da saída da zona afectada ou de entrada nela.

iii) Restricións ás agrupacións de persoas, incluídas as reunións privadas entre non conviventes, especialmente nos lugares e espazos ou con ocasión do desenvolvemento de actividades que comporten un maior risco de propagación da enfermidade; todo isto sen prexuízo das competencias estatais en relación coas reunións en lugares de tránsito público e as manifestacións realizadas en exercicio do dereito fundamental regulado no artigo 21 da Constitución española.

iv) Medidas de cribado consistentes na realización de probas diagnósticas de determinados sectores ou grupos da poboación particularmente afectados ou vulnerables.

As restricións aos desprazamentos e agrupacións de persoas enumeradas anteriormente nunca poderán ser absolutas e deberán expresar con claridade e precisión os desprazamentos e agrupacións que se restrinxen, actuando con preferencia sobre os desprazamentos e agrupacións por razóns meramente recreativas e de lecer. Deberanse admitir, en todo caso, aqueles desprazamentos e agrupacións que se desenvolvan por motivos esenciais ou xustificados compatibles coa protección da saúde, sen prexuízo, de ser o caso, dos controis ou medidas de prevención adicionais que se poidan establecer.

7ª) Aqueloutras medidas sanitarias xustificadas e necesarias que, de acordo cos riscos e coas circunstancias en cada caso concorrentes, se consideren adecuadas para impedir ou controlar a propagación da enfermidade, en función do estado da ciencia e do coñecemento existente en cada momento, sempre con suxeición aos criterios e principios establecidos nesta lei e, en particular, de acordo co principio de proporcionalidade.»

Seis. Engádese un novo artigo 38 *bis*, coa seguinte redacción:

«Artigo 38 *bis*. *Intervención de centros de servizos sociais*

1. Nos casos de risco inminente e grave para a saúde da poboación, como crises sanitarias ou epidemias, a autoridade sanitaria autonómica competente, en función da situación epidemiolóxica e asistencial de cada centro ou do territorio concreto en que este se encontre, e sempre atendendo os principios de necesidade e de proporcionalidade e a situación de vulnerabilidade das persoas maiores ou con discapacidade ou doutras persoas usuarias, poderá intervir os centros de servizos sociais de carácter residencial de persoas maiores e persoas con discapacidade ou outros centros



de servizos sociais de análoga natureza, de carácter público ou privado, e dispoñer unha serie de actuacións neles que poderán consistir en:

a) Asumir ou controlar a asistencia sanitaria das persoas residentes co persoal sanitario propio do centro.

b) Ordenar, por motivos de saúde pública xustificadas, a alta, a baixa, a relocalización e o traslado das persoas residentes a outro centro residencial, con independencia do seu carácter público ou privado. A adopción destas medidas requirirá a colaboración voluntaria das persoas afectadas ou, na falta desta, a necesaria garantía xudicial.

c) Establecer as medidas oportunas para a posta en marcha de novos centros residenciais ou a modificación da capacidade ou organización dos existentes.

d) Supervisar e asesorar nas actuacións que leve a cabo o persoal sanitario e non sanitario, de ser o caso, do centro.

e) Designar unha persoa empregada pública para dirixir e coordinar a actividade asistencial destes centros, que substituirá, plena ou parcialmente, o persoal directivo do centro e que poderá dispoñer dos recursos materiais e humanos do centro residencial intervido, así como dos recursos vinculados á actividade sanitaria asistencial que se lles preste de forma habitual ás persoas residentes nel.

f) Apoiar puntualmente o centro con persoal, de ser necesario.

g) Modificar o uso dos centros residenciais para a súa utilización como espazos para uso sanitario.

2. A intervención acordarase nos termos previstos no artigo seguinte.

3. A intervención terá carácter temporal e a súa duración non poderá exceder a necesaria para atender a situación que a orixinou. A autoridade sanitaria autonómica competente acordará, de oficio ou por petición da persoa titular do centro, o cesamento da intervención cando resulte acreditada a desaparición das causas que a motivasen.»

Sete. Engádesse un novo artigo 38 *ter*, coa seguinte redacción:

«Artigo 38 *ter*. *Adopción de medidas preventivas en materia de saúde pública*

1. As medidas preventivas previstas no artigo 38 adoptaranse coa urxencia que o caso requira, sen necesidade de seguir un procedemento administrativo específico e con independencia das medidas provisionais que se poidan adoptar de acordo coa lexislación vixente no seo dun procedemento administrativo ou con anterioridade á súa iniciación.

2. As medidas adoptaranse de forma motivada, tras avaliar os principios científicos, as probas científicas ou a información dispoñible nese momento, e tendo en conta o principio de precaución,



que posibilitará a súa lícita adopción para asegurar un nivel elevado de protección da cidadanía cando, tras a indicada avaliación, se observe a existencia, fundada, seria e razoable, dun risco actual ou inminente para a saúde da poboación, aínda que siga existindo incerteza científica.

Ademais, as medidas que se adopten deben axustarse aos seguintes requisitos:

a) Respetarán, en todo caso, a dignidade da persoa. En particular, as medidas de posible adopción en relación coas persoas serán o menos intrusivas e invasivas posible para lograr o obxectivo de protección da saúde pública, procurando reducir ao mínimo as molestias ou inquietudes asociadas con tales medidas.

En particular, nos casos de medidas de illamento e corentena deberán quedar garantidas a subministración de alimentos e de bens de primeira necesidade e a dispoñibilidade de medios para o mantemento das comunicacións necesarias. O custo de tal subministración e dispoñibilidade só será por conta da Administración autonómica no caso de imposibilidade de sufragalo o suxeito ou suxeitos afectados. Cando as circunstancias impoñan o cumprimento destas medidas fóra do domicilio da persoa ou persoas afectadas, deberanse poñer á súa disposición instalacións adecuadas para iso, á custa da Administración autonómica.

b) Buscarase sempre con preferencia a colaboración voluntaria das persoas afectadas coas autoridades sanitarias.

c) Non se poderán ordenar medidas obrigatorias que comporten risco para a vida.

d) Deberanse utilizar as medidas que menos prexudiquen a libre circulación das persoas e dos bens, a liberdade de empresa e calquera outro dereito afectado.

e) Deberán ser proporcionadas ao fin perseguido.

3. No caso particular de medidas limitativas de dereitos fundamentais e liberdades públicas, o requisito de proporcionalidade previsto no punto anterior exixirá que:

1º) As medidas sexan adecuadas, no sentido de útiles para conseguir o fin proposto de protección da saúde pública.

2º) As medidas sexan necesarias, no sentido de que non exista outra medida alternativa menos gravosa para a consecución do dito fin con igual eficacia.

3º) As medidas sexan ponderadas ou equilibradas por derivaren delas máis beneficios ou vantaxes para o interese xeral que prexuízos sobre outros bens ou valores en conflito, atendidas a gravidade da inxerencia nos dereitos fundamentais e liberdades públicas e as circunstancias persoais de quen a sofre.

Na motivación das medidas xustificárase de forma expresa a súa proporcionalidade nos termos indicados.



Ademais, a adopción destas medidas requirirá a necesaria garantía xudicial conforme o disposto na lexislación procesual aplicable.

4. As medidas serán sempre temporais. A súa duración fixarase para cada caso e non excederá o que exixa a situación de risco inminente e extraordinario que as xustificou, sen prexuízo das prórrogas sucesivas acordadas mediante resolucións motivadas.

5. Cando as medidas afecten unha pluralidade indeterminada de persoas, serán obxecto de publicación no diario oficial correspondente.

Se a medida afecta unha ou varias persoas determinadas, daráselles audiencia con carácter previo á súa adopción, sempre que iso sexa posible. Se, debido á urxencia do asunto, non for posible efectuar tal audiencia previamente, realizarase nun momento oportuno tras a adopción e posta en aplicación da medida.

6. A execución das medidas poderá incluír, cando resulte necesario e proporcionado, a intervención directa sobre as cousas e a compulsión directa sobre as persoas, con independencia das sancións que, de ser o caso, se poidan impoñer. Para estes efectos, solicitarase a colaboración das forzas e corpos de seguridade que sexa necesaria para a execución das medidas.

7. As autoridades sanitarias informarán a poboación potencialmente afectada, para protexer a súa saúde e seguridade, polos medios en cada caso máis apropiados, dos riscos existentes e das medidas adoptadas, así como das precaucións procedentes tanto para que ela mesma se poida protexer do risco como para conseguir a súa colaboración na eliminación das súas causas, e para estes efectos poderán formular as recomendacións sanitarias apropiadas.»

Oito. Engádese un artigo 38 *quater*, coa seguinte redacción:

«Artigo 38 *quater*. *Protección da saúde pública a través das novas tecnoloxías*

1. As autoridades sanitarias deberán potenciar o papel das novas tecnoloxías na xestión e no control dos riscos para a saúde pública.

2. Para os efectos previstos no punto anterior, entre outras iniciativas poderanse desenvolver sistemas de información e aplicacións para dispositivos móbiles que operen como medidas complementarias para a xestión de crises sanitarias derivadas de enfermidades de carácter transmisible. Os ditos sistemas de información e aplicacións poderán ter, entre outras, as seguintes funcionalidades:

a) Recepción, por parte da persoa usuaria, de información ou alertas relativas a consellos prácticos e orientacións de carácter xeral fronte á enfermidade de que se trate, así como recomendacións respecto de accións e medidas adecuadas que cómpre seguir.

b) Xeolocalización de recursos de interese que poidan servir de apoio á cidadanía para o seguimento das pautas de saúde ou de mobilidade ou outras.



c) Determinación do nivel de risco transmisor da persoa usuaria, sobre a base dos datos que da persoa usuaria teña o Sistema público de saúde de Galicia.

d) Identificación de contactos da persoa usuaria que sexan epidemioloxicamente relevantes.

e) Recepción, pola persoa usuaria, de avisos sobre o risco efectivo en que se encontre por ser contacto epidemioloxicamente relevante dunha persoa diagnosticada da enfermidade transmisible.

f) Proporcionar á persoa usuaria o soporte dixital de información ou documentación individual relativa ás súas circunstancias laborais e de localización xeográfica ou outras, coa finalidade de facilitar a aplicación das medidas que adopten as autoridades competentes na xestión da crise sanitaria, na medida e nos termos que o permitan as disposicións ou os actos que disciplinen tales medidas.

Tanto no desenvolvemento como na posta en marcha e no funcionamento destes sistemas e aplicacións e, posteriormente, na súa desactivación garantirase o necesario respecto á normativa vixente en materia de protección de datos e confidencialidade das comunicacións.»

Nove. Engádese un novo artigo 38 *quinquies*, coa seguinte redacción:

«Artigo 38 *quinquies*. *Cooperación e colaboración administrativas en materia de saúde pública*

1. No exercicio das súas propias competencias, a Administración xeral da Comunidade Autónoma e os concellos facilitaranse a información que precisen en materia de saúde pública e prestaranse reciprocamente a cooperación e a asistencia activa para o eficaz exercicio daquelas.

2. Os órganos competentes da Administración autonómica e da local, no marco das súas respectivas competencias, e de acordo cos principios de eficacia, coordinación, colaboración e lealdade institucional, velarán pola observancia da normativa de saúde pública e polo cumprimento das medidas de prevención, exercendo as oportunas funcións de inspección, control e sanción, de conformidade co disposto nesta lei e na demais normativa vixente.

3. Os concellos poderán solicitar a colaboración e o apoio técnico que precisen da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das deputacións provinciais para o cumprimento desta lei. Para este efecto, poderanse subscribir os oportunos convenios de colaboración.

4. Cando non se subscribisen os convenios a que se refire o número 3, a Administración xeral da Comunidade Autónoma prestará apoio aos concellos cando estes llo soliciten expresamente, coa motivación da concorrencia de circunstancias de carácter extraordinario que puntualmente superen a capacidade municipal.

5. En particular, nos casos de crises sanitarias ou epidemias, a Administración autonómica poderá asumir, na forma establecida no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia das autoridades sanitarias locais, especialmente a realización de actividades auxiliares, previas, prepa-



ratorias ou de colaboración material cos órganos administrativos instrutores de expedientes sancionadores, por razóns de eficacia ou cando as autoridades sanitarias locais non posúan os medios técnicos, persoais ou materiais idóneos para o seu desempeño, priorizando os casos dos municipios de menor poboación e medios.»

Dez. O artigo 39 queda redactado como segue:

«Artigo 39. *Concepto e procedemento*

1. Son infraccións sanitarias e en saúde pública as accións ou omisións tipificadas nesta lei e nas leis estatais e autonómicas que sexan aplicables nesta materia.

2. As infraccións tipificadas nesta lei serán obxecto, logo da incoación do oportuno expediente, das sancións administrativas establecidas neste título, sen prexuízo da responsabilidade civil, penal ou doutra orde que poida concorrer.

3. Se unha mesma acción ou omisión for constitutiva de dúas ou máis infraccións, tomarase en consideración unicamente aquela que comporte maior sanción.

4. En calquera momento do procedemento sancionador en que o órgano instrutor considere que as infraccións poidan ser constitutivas de delito, a Administración pasará o tanto de culpa á xurisdición competente e absterase de seguir o procedemento sancionador mentres a autoridade xurisdiccional non dite resolución xudicial firme. Se non se estima a existencia de delito, a Administración continuará o expediente sancionador tomando como base os feitos que os tribunais considerasen probados.

5. Igualmente, se o órgano competente para resolver o procedemento sancionador ten coñecemento da instrución de causa penal ante os tribunais de xustiza e xulga que existe identidade de suxeito, feito e fundamento entre a infracción administrativa e a infracción penal que poida concorrer, acordará a suspensión do procedemento ata que se dite resolución xudicial firme.

6. As medidas administrativas que se adoptasen para salvagardar a saúde e seguridade das persoas manteranse ata que a autoridade xudicial se pronuncie respecto delas ou ben cese a necesidade delas.

7. O previsto nesta lei non exclúe a posibilidade de aplicación, cando resulte procedente segundo o caso concreto, do réxime sancionador previsto noutras leis, sen que en ningún caso se poida impoñer unha dobre sanción polos mesmos feitos e en función dos mesmos intereses públicos protexidos, sen prexuízo de que se exijan as demais responsabilidades que se deduzan doutros feitos ou infraccións concurrentes.

8. Non terán carácter de sanción a clausura ou o peche de establecementos, instalacións ou servizos que non contén coas autorizacións ou rexistros sanitarios preceptivos, ou a suspensión do seu funcionamento ata que se rectificquen os defectos ou se cumpran os requisitos exixidos por razóns de sanidade, hixiene ou seguridade, nin a retirada do mercado, cautelar ou definitiva, de produtos ou servizos polas mesmas razóns.



9. A tramitación dun procedemento sancionador polas infraccións reguladas neste capítulo non postergará a existencia das obrigacións de adopción de medidas de prevención, de evitación de novos danos ou de reparación, previstas nesta lei, que serán independentes da sanción que, de ser o caso, se impoña.

10. O prazo máximo para ditar e notificar as resolucións sancionadoras por infraccións en materia sanitaria e en saúde pública será de nove meses.»

Once. Engádese un novo artigo 39 *bis*, coa seguinte redacción:

«Artigo 39 *bis*. *Suxeitos responsables das infraccións*

1. As persoas físicas ou xurídicas responsables, a título de dolo ou culpa, das accións ou omisións que constitúan infraccións sanitarias e en saúde pública conforme esta lei serán sancionadas de acordo co disposto neste capítulo.

2. Das infraccións cometidas por menores de idade serán responsables subsidiarios os seus pais e nais, os tutores e titoras e gardadores e gardadoras legais ou de feito, por esta orde, ou a persoa adulta responsable a quen se lle encomendase o coidado do menor ou da menor no suposto de infraccións cometidas en presenza desta. »

Doce. Engádese un artigo 41 *bis*, coa seguinte redacción:

«Artigo 41 *bis*. *Infraccións leves en materia de saúde pública*

Tipifícanse como infraccións leves en saúde pública, ademais das establecidas na lexislación básica, as seguintes:

a) O incumprimento da obrigaón de uso de máscaras ou doutros medios de protección ou o uso inadecuado dunhas ou doutros, nos termos establecidos pola normativa sanitaria ou polas medidas de prevención, ordes, resolucións ou actos aprobados, por razóns de protección da saúde pública, polas autoridades sanitarias competentes, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

b) O incumprimento da prohibición de consumo de bebidas alcohólicas na vía pública, parques e prazas públicas e noutros lugares de tránsito público, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

c) A negativa inxustificada ao sometemento a recoñecemento médico ou á realización de probas diagnósticas prescritas lexitimamente polos profesionais sanitarios e polas profesionais sanitarias ou polas autoridades sanitarias coa finalidade de detección, seguimento e control dunha enfermidade infectocontaxiosa transmisible, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

d) A negativa inxustificada ao sometemento a medidas de prevención consistentes na vacinación ou inmunización prescritas polas autoridades sanitarias, de acordo co establecido nesta lei, coa fina-



lidade de prevención e control dunha enfermidade infectocontaxiosa transmisible, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

e) O incumprimento de medidas de prevención aprobadas pola autoridade sanitaria consistentes na limitación da liberdade ambulatoria ou de circulación, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

f) O incumprimento das medidas de prevención aprobadas pola autoridade sanitaria consistentes en limitacións ás agrupacións de persoas en reunións e/ou encontros, tanto no ámbito privado como público, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

g) A participación en reunións, festas ou calquera outro tipo de actividade ou acto, permanente ou esporádico, de carácter privado ou aberto ao público, en espazos públicos, abertos ao público ou privados, nos cales se produzan aglomeracións contrarias ás medidas sanitarias de prevención aprobadas polas autoridades sanitarias ou nos cales se incumpran as medidas de seguridade e precaución dispostas por estas, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

h) O incumprimento das medidas preventivas de seguridade sanitaria e hixiene exixibles nos lugares de traballo, establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público ou que se encontren abertos ao público e para o desenvolvemento de actividades que sexan establecidas polas autoridades sanitarias competentes, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

i) O incumprimento do horario de apertura ou peche de establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público ou que se encontren abertos ao público ou para o desenvolvemento de actividades establecido como medida preventiva polas autoridades sanitarias competentes, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

j) O incumprimento da obrigaón de elaboración de protocolos ou plans de continxencia en relación con aqueles edificios, lugares de traballo, establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público ou abertos ao público ou en relación co desenvolvemento de actividades respecto dos cales establece esta exixencia as autoridades sanitarias competentes como medida preventiva, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

k) O incumprimento, por parte dos establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público ou que se encontren abertos ao público ou con ocasión do desenvolvemento de actividades de medidas preventivas sobre limitación de capacidade ou outras relativas á organización ou ao exercicio da actividade adoptadas polas autoridades sanitarias, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

l) O incumprimento das medidas preventivas adoptadas pola autoridade sanitaria competente en materia de distancia de seguridade entre persoas ou entre mesas ou agrupacións de mesas nos



loais abertos ao público e en terrazas ao aire libre, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

m) O incumprimento, por acción ou omisión, da normativa sanitaria vixente ou das medidas de prevención, ordes, resolucións ou actos aprobados polas autoridades sanitarias competentes por razóns de protección da saúde pública, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación, e sempre que o dito incumprimento non estea tipificado como infracción grave ou moi grave.

n) O incumprimento, por parte da persoa titular da instalación, establecemento, empresa ou actividade e con ocasión do seu funcionamento ou desenvolvemento do deber de previr a comisión dalgunha das infraccións leves previstas nesta lei por parte das persoas suxeitas á súa dependencia ou vinculación.»

Trece. Engádesse un artigo 42 *bis*, coa seguinte redacción:

«Artigo 42 *bis*. *Infraccións graves en materia de saúde pública*

Tipifícanse como infraccións graves en saúde pública, ademais das establecidas na lexislación básica, as seguintes:

a) A denegación de apoio, auxilio ou colaboración ás autoridades sanitarias ou aos seus axentes, cando non sexa constitutivo de infracción moi grave.

b) O incumprimento das instrucións recibidas da autoridade sanitaria competente, se comporta danos para a saúde, cando non sexa constitutivo de infracción moi grave.

c) A realización das condutas previstas nas alíneas a), b), c), d), e), f), g), h), i), j), k), l) e m) do artigo 41 *bis*, cando poidan producir un risco ou un dano grave para a saúde da poboación, sempre que non sexan constitutivas de infracción moi grave.

d) A falta de cumprimento voluntario da medida de illamento prescrita ou indicada polos profesionais sanitarios ou polas profesionais sanitarias ou polas autoridades sanitarias con motivo da atención sanitaria a persoas diagnosticadas dunha enfermidade transmisible ou con síntomas da dita enfermidade, cando non sexa constitutivo de infracción moi grave.

e) A falta de cumprimento voluntario da obrigaición de corentena indicada ou prescrita polas autoridades sanitarias, os profesionais sanitarios ou as profesionais sanitarias, o persoal encargado do rastreamento e seguimento de contactos ou calquera outro axente de saúde pública que teña encomendadas estas funcións, cando non sexa constitutivo de infracción moi grave.

f) A resistencia ou a obstrución fronte ás autoridades sanitarias ou aos seus axentes, ou ás forzas e corpos de seguridade, no cumprimento ou execución daquelas actuacións que foren exixibles de acordo coa normativa sanitaria en materia de saúde pública ou coas medidas de prevención, ordes ou instrucións ditadas pola autoridade sanitaria competente en aplicación da dita normativa.



g) O incumprimento das obrigacións de comunicación de información e doutras obrigacións en materia de saúde pública establecidas pola normativa sanitaria ou polas medidas de prevención ditadas pola autoridade sanitaria competente en aplicación da dita normativa, cando revista carácter de gravidade.

h) A falta de colaboración ou a negativa a subministrar datos ou a facilitar información, ou a subministración intencionada de datos falsos, incorrectos ou incompletos ás autoridades sanitarias ou aos seus axentes no desenvolvemento dos labores de inspección ou control sanitarios ou de investigación epidemiolóxica de gromos ou situacións de especial risco para a saúde da poboación, cando non sexa constitutiva de infracción moi grave.

i) A apertura de locais, a celebración de actos ou a realización de actividades que fosen expresamente prohibidas ou suspendidas, xa sexa con carácter xeral, xa particular, en virtude de medidas preventivas, orde, resolución ou acto da autoridade sanitaria competente por razóns de saúde pública, ou que non fosen autorizadas por esta nos casos en que tal autorización sexa exigible por razóns de saúde pública, cando a conduta non sexa constitutiva de infracción moi grave.

j) A organización por calquera medio de reunións, festas ou calquera outro tipo de actividade ou acto, permanente ou esporádico, de carácter privado ou aberto ao público, en espazos públicos, abertos ao público ou privados, nos cales se produzan aglomeracións contrarias ás medidas sanitarias de prevención aprobadas polas autoridades sanitarias ou nos cales se incumpran as medidas de seguridade e precaución dispostas por estas, sempre que non sexa constitutiva de infracción moi grave.

k) A realización doutras condutas ou omisións que poidan producir un risco ou un dano grave para a saúde da poboación, cando esta non sexa constitutiva de infracción moi grave.

l) O incumprimento, por parte da persoa titular da instalación, establecemento, empresa ou actividade e con ocasión do seu funcionamento ou desenvolvemento, do deber de prever a comisión dalgunha das infraccións graves previstas nesta lei por parte das persoas suxeitas á súa dependencia ou vinculación.

m) A reincidencia na comisión de infraccións leves nos últimos doce meses.»

Catorce. Engádesse un artigo 43 *bis*, coa seguinte redacción:

«Artigo 43 *bis*. *Infraccións moi graves en materia de saúde pública*

Tipifícanse como infraccións moi graves en saúde pública, ademais das establecidas na lexislación básica, as seguintes:

a) O incumprimento, por acción ou omisión, da normativa sanitaria vixente ou das medidas de prevención, ordes, resolucións ou actos aprobados polas autoridades sanitarias competentes por razóns de saúde pública, cando se produza un risco ou un dano moi grave para a saúde da poboación.



b) A falta de cumprimento voluntario da medida de illamento prescrita ou indicada polos profesionais sanitarios ou polas profesionais sanitarias ou polas autoridades sanitarias, con motivo da atención sanitaria, a persoas diagnosticadas dunha enfermidade transmisible ou con síntomas compatibles coa dita enfermidade, de forma repetida ou reiterada, ou cando se produza dano grave ou risco ou dano moi grave para a saúde da poboación.

c) A falta de cumprimento voluntario da obrigaón de corentena indicada ou prescrita polas autoridades sanitarias, polos profesionais sanitarios ou polas profesionais sanitarias, polo persoal encargado do rastreamento e seguimento de contactos ou por calquera outro axente de saúde pública que teña encomendadas estas funcións, de forma repetida ou reiterada, ou cando se produza dano grave ou risco ou dano moi grave para a saúde da poboación.

d) As previstas nas alíneas a), b), c), f), g), h), i) e j) do artigo 42 *bis*, cando se produza un risco ou un dano moi grave para a saúde da poboación.

e) A realización doutras condutas ou omisións que produzan un risco ou un dano moi grave para a saúde da poboación.

f) O incumprimento, por parte da persoa titular da instalación, establecemento, empresa ou actividade e con ocasión do seu funcionamento ou desenvolvemento, do deber de prever a comisión dalgunha das infraccións moi graves previstas nesta lei por parte das persoas suxeitas á súa dependencia ou vinculación.»

g) A reincidencia na comisión de faltas graves nos últimos cinco anos.»

Quince. Engádese un artigo 44 *bis*, coa seguinte redacción:

«Artigo 44 *bis*. Sancións en materia de saúde pública

1. As infraccións en materia de saúde pública serán sancionadas gardando a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, e establecerase unha gradación desta en grao mínimo, medio e máximo para cada nivel de cualificación. Para a determinación da sanción que se vai impoñer, dentro de cada un destes graos, deberase atender aos criterios establecidos no artigo 29. 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e no artigo 57. 1 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como ao incumprimento das advertencias previas, ao número de persoas postas en risco ou afectadas, especialmente se se trata de colectivos vulnerables, ao nivel de responsabilidade exixible en función da condición profesional da persoa responsable da infracción, aos beneficios obtidos a causa da infracción e á permanencia ou transitoriedade dos riscos.

2. As infraccións en saúde pública tipificadas nos artigos 41 *bis*, 42 *bis* e 43 *bis* serán sancionadas con multas, conforme a gradación seguinte:

a) Infraccións leves:

1º) Grao mínimo: ata 1.000 euros.



2º) Grao medio: de 1. 001 a 2. 000 euros.

3º) Grao máximo: de 2. 001 a 3. 000 euros.

b) Infraccións graves:

1º) Grao mínimo: de 3. 001 a 20. 000 euros.

2º) Grao medio: de 20. 001 a 40. 000 euros.

3º) Grao máximo: de 40. 001 a 60. 000 euros.

c) Infraccións moi graves:

1º) Grao mínimo: de 60. 001 a 200. 000 euros.

2º) Grao medio: de 200. 001 a 400. 000 euros.

3º) Grao máximo: de 400. 001 a 600. 000 euros; esta contía poderase exceder ata acadar o quíntuplo do valor de mercado dos produtos ou servizos obxecto da infracción.

Malia o disposto anteriormente, á conduta consistente no incumprimento da obrigaón de uso de máscaras ou no uso inadecuado destas, cando se cualifique como infracción leve, de acordo co establecido neste capítulo, corresponderalle unha sanción mínima de multa na contía de 100 euros, sen prexuízo, non obstante, da posible imposición dunha sanción de multa de contía superior dentro das previstas para infraccións leves, e mesmo da posible tipificación da conduta como infracción de maior gravidade, todo isto atendendo as circunstancias concorrentes e o disposto neste capítulo.

No caso de infraccións moi graves, ademais da sanción de multa poderanse impoñer como sancións accesorias:

a) A prohibición de percibir calquera tipo de axudas ou subvencións por parte da Administración pública autonómica e local galega por un período de entre un e cinco anos.

b) O peche temporal dos establecementos ou servizos por un prazo máximo de cinco anos.

3. Malia o indicado no número 2, co fin de evitar que a comisión de infraccións resulte máis beneficiosa para a persoa que comete a infracción que o cumprimento das normas infrinxidas, a contía máxima das sancións de multa previstas no dito punto poderase incrementar ata acadar o importe do beneficio ilícito obtido coa comisión da infracción de que se trate.

4. A autoridade competente para resolver o expediente poderá acordar, así mesmo, como sanción accesoria, o comiso de bens ou produtos deteriorados, caducados, non autorizados ou que por calquera outra causa poidan entrañar risco para a saúde ou seguridade das persoas, e serán por conta de quen cometa a infracción os gastos que orixine a súa intervención, depósito, comiso, transporte ou destrución.



5. As reducións acumulables a que se refire o artigo 85 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, serán do 25 % cada unha delas.»

Dezaseis. Modifícase o artigo 45, que queda redactado como segue:

«Artigo 45. *Competencia para a imposición de sancións sanitarias*

1. Os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma competentes para a imposición das sancións polas infraccións previstas nos artigos 41, 42 e 43, coa excepción das recollidas no número 2 deste artigo, son os seguintes:

a) Os órganos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, de ser o caso, ata 120. 202,42 euros, nos termos que se establezan regulamentariamente.

b) O Consello da Xunta, desde 120. 202,43 euros.

2. Corresponderalles aos concellos o exercicio da competencia sancionadora pola comisión das infraccións previstas nos artigos 41, 42 e 43, sempre que as ditas infraccións afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales exercen competencias de control sanitario.

3. A Administración autonómica poderá actuar en substitución dos concellos nos supostos e cos requisitos recollidos na lexislación de réxime local.»

Dezasete. Engádese un artigo 45 *bis*, coa seguinte redacción:

«Artigo 45 *bis*. *Competencia para sancionar as infraccións en materia de saúde pública*

1. Correspóndelles aos concellos a competencia para incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores polas seguintes infraccións en saúde pública tipificadas nesta lei:

a) As infraccións leves previstas nas alíneas a), b), f), g), h), i), j), k) e l) do artigo 41 *bis*.

b) As infraccións leves previstas nas alíneas m) e n) do artigo 41 *bis*, cando as ditas infraccións afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales exercen competencias de control sanitario.

c) As infraccións graves previstas nas alíneas a), b) e f) do artigo 42 *bis*, cando as infraccións se cometan en relación coas autoridades sanitarias locais, cos seus axentes ou coa policía local.

d) As infraccións graves da alínea c) do artigo 42 *bis*, cando se refiran a condutas respecto das cales, na súa cualificación como infracción leve, lles corresponda exercer a potestade sancionadora aos concellos conforme as alíneas anteriores.

e) As infraccións graves previstas nas alíneas g), h), k) e l) do artigo 42 *bis*, cando as ditas infraccións afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales exercen competencias de control sanitario.



f) As infraccións graves previstas nas alíneas i) e j) do artigo 42 *bis*.

g) A infracción grave prevista na alínea m) do artigo 42 *bis*, cando se refira a infraccións leves respecto das cales lles corresponda exercer a potestade sancionadora aos concellos conforme o indicado neste número 1.

h) As infraccións moi graves previstas nas alíneas a), e) e f) do artigo 43 *bis*, cando afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales exercen competencias de control sanitario.

i) As infraccións moi graves da alínea d) do artigo 43 *bis*, cando se refiran a condutas respecto das cales, na súa cualificación como infracción grave, lles corresponda exercer a potestade sancionadora aos concellos conforme os puntos anteriores.

j) A infracción moi grave prevista na alínea g) do artigo 43 *bis*, cando se refira a infraccións graves respecto das cales lles corresponda exercer a potestade sancionadora aos concellos conforme o indicado neste número 1.

2. Correspóndelle á Administración autonómica a competencia para incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores polas infraccións en saúde pública tipificadas nesta lei distintas das enumeradas no número 1.

3. Os órganos autonómicos competentes para o exercicio da potestade sancionadora nos supostos previstos no punto anterior son:

a) A persoa titular da xefatura territorial correspondente da consellaría competente en materia de sanidade, cando se trate de infraccións leves e graves.

b) A persoa titular da consellaría competente en materia de sanidade, cando se trate de infraccións moi graves.

4. Sen prexuízo do establecido no número 1, os órganos competentes da Administración autonómica, de acordo coas regras competenciais previstas para os expedientes sancionadores de competencia autonómica, asumirán a incoación, instrución e resolución dos procedementos sancionadores polas infraccións previstas no número 1 no suposto de falta de actuacións dos concellos ante as denuncias presentadas pola cidadanía ou derivadas das actuacións de inspección, unha vez instados a actuar polos órganos competentes da Comunidade Autónoma e transcorrido o prazo concedido, que en ningún caso poderá ser inferior a un mes desde a recepción do requirimento, sen que se producise a notificación ao órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma da incoación do correspondente procedemento sancionador.»

Dezaoito. O artigo 46 queda redactado como segue:

«Artigo 46. *Medidas provisionais previas á apertura do expediente sancionador*

1. Con anterioridade á iniciación do expediente sancionador que corresponda, o órgano autonómico ou local competente poderá adoptar, de oficio ou por instancia de parte e de forma moti-



vada, por razóns de urxencia inaprazable e para a protección provisional dos intereses implicados, as medidas provisionais previas que resulten necesarias e proporcionadas cando exista risco grave ou perigo inminente para a seguridade ou saúde das persoas ou cando se incumpran gravemente as condicións sanitarias, de salubridade e de hixiene.

2. Nos casos do punto anterior, os órganos competentes poderán adoptar algunha ou algunhas das seguintes medidas:

a) A suspensión de actividades, celebracións, eventos, espectáculos públicos ou actividades recreativas.

b) O desaloxo, a clausura e/ou o precinto de centros, servizos, establecementos ou instalacións.

3. As medidas adoptaranse mediante resolución motivada, respectando sempre o principio de proporcionalidade e logo da audiencia ás persoas interesadas. O trámite de audiencia poderase omitir en casos de extraordinaria urxencia debidamente xustificadas na resolución.

4. As medidas provisionais adoptadas deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento sancionador, que se deberá efectuar dentro dos quince días seguintes ao da súa adopción, o cal poderá ser obxecto do recurso que proceda.

En todo caso, estas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no dito prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso sobre elas.

5. A Administración competente para adoptar as medidas previstas neste artigo será a mesma que teña atribuída a competencia para a incoación do procedemento sancionador que corresponda.

Nos casos de competencia autonómica, o órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para adoptar as ditas medidas será o que teña atribuída a competencia para incoar o correspondente procedemento sancionador ou o órgano instructor.

6. Tendo en conta a afectación ás competencias autonómicas, a Administración autonómica poderá adoptar as medidas provisionais previas en supostos de competencia dos concellos, de acordo co previsto no punto anterior, á custa e en substitución destes, no caso de inhibición da entidade local, logo do requirimento a esta que non sexa atendido no prazo indicado para o efecto, que en ningún caso poderá ser inferior a un mes. A non atención do requirimento por parte da entidade local exixirá a alegación dunha causa xustificada e debidamente motivada.

Tamén poderá adoptar as citadas medidas por razóns de urxencia inaprazable e extraordinaria que así o xustifiquen, e, neste caso, as medidas deberán ser postas en coñecemento inmediato do concello respectivo.

O órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para adoptar as medidas provisionais previas, nos supostos previstos neste punto, será o que teña atribuída a competencia para a incoación ou instrución de expedientes sancionadores de competencia autonómica.»



Dezanove. Engádese un artigo 46 *bis*, coa seguinte redacción:

«Artigo 46 *bis*. *Medidas de adopción directa polos axentes das forzas e corpos de seguridade*

1. Nos casos de realización de actividades que comporten un risco grave ou perigo inminente para a saúde das persoas, os axentes dos corpos e forzas de seguridade poderán adoptar de forma directa, logo do requirimento ás persoas responsables da realización daquelas e no caso de que este non sexa atendido, as seguintes medidas:

a) A suspensión inmediata de actividades e o desaloxo e precinto de centros, servizos, establecementos ou instalacións.

b) Aqueloutras medidas que se consideren necesarias, atendendo as circunstancias concorrentes en cada caso, para garantir a seguridade e saúde das persoas, e que garden a debida proporción atendendo os bens e dereitos obxecto de protección.

2. No caso de que os axentes adopten as medidas indicadas no punto anterior, deberánllo comunicar inmediatamente ao órgano competente de acordo co artigo 46 para adoptar as medidas provisionais previas pertinentes, que deberá confirmalas, modificalas ou levantalas no prazo de corenta e oito horas desde a indicada comunicación. O incumprimento do dito prazo comporta automaticamente o levantamento das medidas inmediatas adoptadas.

3. Se o órgano indicado no punto anterior ratifica as medidas adoptadas, o réxime de confirmación, modificación ou levantamento posterior rexerá polo que dispón o artigo 46.

4. O disposto nos puntos anteriores enténdese sen prexuízo das medidas que poida adoptar a Administración xeral do Estado no exercicio das súas competencias.»

Vinte. Engádese un artigo 46 *ter*, coa seguinte redacción:

«Artigo 46 *ter*. *Medidas provisionais durante o procedemento sancionador*

1. Unha vez incoado o procedemento sancionador, o órgano administrativo competente para resolvelo poderá adoptar, de oficio ou por instancia de parte, en calquera momento, mediante resolución motivada e logo da audiencia ás persoas interesadas, as medidas provisionais que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que se poida ditar, así como para a salvagarda da saúde, de existiren elementos de xuízo suficientes para iso, de acordo cos principios de proporcionalidade, efectividade e menor onerosidade.

O trámite de audiencia previa poderase omitir no caso de urxencia, que deberá estar debidamente motivada na resolución que determine a adopción das medidas provisionais. Nestes casos, efectuarase un trámite de audiencia con posterioridade á adopción da medida.

2. As medidas provisionais deberán ser proporcionadas á natureza e gravidade das infraccións cometidas, e poderán consistir nalgunha das previstas no artigo 46 ou en calquera outra que asegure a eficacia da resolución que se poida ditar. Non se poderán adoptar medidas provisionais que



poidan causar prexuízo de difícil ou imposible reparación ás persoas interesadas ou que impliquen violación de dereitos amparados polas leis.

3. As medidas provisionais poderán ser alzadas ou modificadas durante a tramitación do procedemento, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En todo caso, extinguiranse coa eficacia da resolución administrativa que poña fin ao procedemento.»

Vinte e un. O artigo 47 queda redactado como segue:

«Artigo 47. *Prescripción de infraccións e de sancións*

1. As infraccións leves prescribirán ao ano, as graves aos tres anos e as moi graves aos cinco anos.

O prazo de prescripción das infraccións comezará a contar desde o día en que a infracción se cometese.

Nos supostos de infraccións continuadas, o prazo de prescripción comezará a contar desde o momento da finalización da actividade ou do último acto con que a infracción se consuma. No caso de que os feitos ou actividades constitutivos de infracción sexan descoñecidos por careceren de signos externos, o dito prazo computarase desde que estes se manifesten.

Interromperá a prescripción a iniciación, co coñecemento da persoa interesada, do procedemento sancionador e o prazo de prescripción reiniciarase se o expediente sancionador está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto ou á presunta responsable.

2. As sancións impostas pola comisión de infraccións leves prescribirán ao ano, as impostas por faltas graves aos tres anos e as impostas por faltas moi graves aos cinco anos.

O prazo de prescripción das sancións comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola cal se impón a sanción ou transcorrese o prazo para recorrer contra ela.

Interromperá a prescripción a iniciación, co coñecemento da persoa interesada, do procedemento de execución e volverá transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á persoa infractora.

No caso de desestimación presunta do recurso de alzada interposto contra a resolución pola cal se impón a sanción, o prazo de prescripción da sanción comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo legalmente previsto para a resolución do dito recurso.»

Vinte e un *bis*.

O capítulo VI do título II queda redactado como segue:



«Capítulo VI

Planificación do Sistema público de saúde: a Estratexia galega de saúde e os seus instrumentos de desenvolvemento sectorial e territorial

Artigo 61. *A Estratexia galega de saúde*

1. A política sanitaria galega programarase mediante un documento estratéxico de carácter plurianual denominado Estratexia galega de saúde.

2. A Estratexia galega de saúde terá un carácter integral, definindo prioridades e obxectivos comúns para os eidos da saúde pública, da prevención de riscos sanitarios, da promoción da saúde, da prestación de asistencia sanitaria e da docencia, formación, investigación e innovación sanitarias. En consecuencia, as persoas que ocupen postos directivos e postos de xefatura relacionados con estes eidos deberán orientar os seus obxectivos ás directrices desta estratexia.

Artigo 62. *Contidos da Estratexia galega de saúde*

A Estratexia galega de saúde deberá conter, polo menos, os seguintes aspectos:

1. A identificación dos principais problemas de saúde que afectan a poboación galega.
2. A identificación das áreas de mellora na calidade das prestacións e servizos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia e na garantía dos dereitos sanitarios da cidadanía.
3. As intervencións sanitarias e accións necesarias para mellorar os resultados en saúde relacionados coas prioridades sanitarias previamente identificadas.
4. O prazo de vixencia do documento estratéxico.

Artigo 63. *Tramitación da Estratexia galega de saúde*

1. A Consellería de Sanidade elaborará un borrador da Estratexia galega de saúde baseado na evidencia científica dispoñible, nos indicadores do Sistema de información de saúde de Galicia, na opinión e colaboración de persoas expertas e nos resultados das avaliacións de documentos estratéxicos anteriores e das enquisas de satisfacción ou resultados dos procesos de participación das persoas usuarias do Sistema público de saúde.

2. Este borrador da Estratexia galega de saúde será sometido a información pública no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia e estará aberto ás suxestións da cidadanía galega.

3. Logo de avaliadas as achegas, recibidas a través do Portal de transparencia e Goberno aberto, o borrador remitiráselle ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de igualdade para a emisión dun informe en que se avalíe o impacto por razón de xénero das medidas e accións previstas.



4. A Consellería de Sanidade presentará o proxecto de Estratexia galega de saúde ao Consello Galego de Saúde, ao Consello Asesor do Sistema Público de Saúde de Galicia e ao Consello Asesor de Pacientes de Galicia.

5. Á vista do conxunto das alegacións, suxestións e informes, a Consellería de Sanidade elevará o proxecto de Estratexia galega de saúde ao Consello da Xunta para a súa aprobación.

6. Unha vez aprobada polo Consello da Xunta, a Estratexia galega de saúde será presentada no Parlamento de Galicia pola persoa titular da Consellería de Sanidade, será remitida ao Ministerio de Sanidade para o seu coñecemento e será publicada co seu texto definitivo no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.

7. A Consellería de Sanidade informará anualmente o Parlamento de Galicia da avaliación do cumprimento dos obxectivos marcados pola Estratexia.

Artigo 64. Desenvolvemento sectorial da Estratexia galega de saúde

1. A Consellería de Sanidade poderá aprobar plans ou programas específicos para desenvolver aspectos concretos da Estratexia galega de saúde, tanto para a abordaxe detallada dun dos obxectivos, problemas ou áreas de mellora identificadas nela como para a abordaxe conxunta de varios deles desde un eido particular da xestión sanitaria.

2. Estes plans e programas deberán estar aliñados coas directrices marcadas pola Estratexia galega de saúde e desenvolverse dentro do seu prazo de vixencia.

3. Os documentos destes plans e programas serán publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia e a avaliación dos seus resultados específicos integrarase dentro da información que anualmente traslade a Consellería de Sanidade ao Parlamento de Galicia conforme o apartado 7 do artigo anterior.

Artigo 65. Desenvolvemento territorial da Estratexia galega de saúde. Os plans de saúde de área

1. Os órganos de dirección e xestión das áreas sanitarias deberán elaborar plans de saúde que adapten as directrices definidas pola Estratexia galega de saúde á realidade sanitaria do seu ámbito territorial e fixen as accións que se van levar a cabo a través dos seus medios e recursos para avanzar nas prioridades marcadas.

2. Os borradores de plans de saúde de área serán sometidos a información pública para recoller suxestións da cidadanía e serán presentados aos respectivos consellos de saúde e consellos asesores de pacientes de Galicia.

3. Unha vez superados estes procesos, os órganos de dirección e xestión das áreas sanitarias remitiranlle os proxectos de plans de saúde de área á Consellería de Sanidade para a súa aprobación definitiva, de ser o caso, por parte da persoa titular desta.

4. Os instrumentos de organización e xestión regulados no artigo 97 que se acorden periodicamente entre os órganos da Consellería de Sanidade e os órganos de dirección e xestión das áreas



sanitarias deberán recoller previsións específicas para a abordaxe dos obxectivos dos plans de saúde de área directamente aliñados coas prioridades marcadas pola Estratexia galega de saúde.

Artigo 66. Os plans locais de saúde

Os equipos directivos dos centros de saúde elaborarán plans locais de saúde que definan prioridades na mellora da saúde comunitaria das súas zonas sanitarias. Estes plans locais de saúde deberán prever medidas específicas para a abordaxe das prioridades marcadas pola Estratexia galega de saúde.»

Vinte e dous. O título do artigo 78 pasa a ser: «*Asesoramento e consulta*».

Vinte e tres. O número 5 do artigo 78 queda redactado como segue:

«5. A persoa titular da consellaría competente en materia de sanidade poderá designar asesores ou asesoras sectoriais en materias específicas relacionadas coa asistencia e organización sanitarias, coa saúde pública e coa docencia e investigación nas ciencias da saúde e, en xeral, en calquera outra materia de interese sanitario respecto á cal resulte conveniente solicitar asesoramento especializado. Estas persoas poderán prestar asesoramento individualmente ou integrando grupos de traballo.

En particular, promoverase a actuación de grupos de traballo integrados por profesionais cualificados e por profesionais cualificadas para o asesoramento na xestión de crises sanitarias e na adopción de medidas preventivas adecuadas para o control de enfermidades transmisibles.»

Vinte e tres *bis*.

Engádese unha nova letra i) ao artigo 107 co seguinte contido:

«i) A vixilancia epidemiolóxica e o manexo dos sistemas de información e de protección e promoción da saúde.»

Disposición transitoria única. Réxime transitorio en materia sancionadora

1. Respecto dos feitos cometidos con anterioridade á entrada en vigor desta lei, serán aplicables as disposicións sancionadoras vixentes no momento de se produciren tales feitos.

2. Os procedementos sancionadores en tramitación no momento da entrada en vigor desta lei rexeranse pola normativa vixente no momento da súa incoación.

3. Corresponderalles aos concellos a competencia para resolver os procedementos sancionadores por feitos acaecidos antes da entrada en vigor de esta lei que sexan constitutivos de infracción en materia de saúde pública, sempre que tales infraccións afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales exercen competencias de control sanitario de acordo co artigo 42 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e co artigo 80 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.



4. Malia o disposto nos dos puntos anteriores, de conformidade co artigo 26. 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as disposicións sancionadoras previstas nesta lei producirán efecto retroactivo en canto favorezan o presunto infractor ou a presunta infractora ou o infractor ou a infractora, tanto no referido á tipificación da infracción como á sanción e aos seus prazos de prescrición, mesmo respecto das sancións pendentes de cumprimento ao entrar en vigor a nova disposición.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2021

Iria Carreira Pazos
Secretaria da Comisión

Vº e pr.
María Corina Porro Martínez
Presidenta da Comisión

Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación coa Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

- 5637 (11/PPL-000001)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia
BOPG nº 51, do 23.11.2020

Ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* das emendas mantidas e dos votos particulares formulados ao Ditame emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

- G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 10672).
- G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 10639).

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
Fgp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara **MANTÉN**, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas á **Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (doc. núm. 5637, 11/PPL-000001)**, que non foron incorporadas ao ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/02/2021 12:38:47



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, comunícalle a esa Presidencia que **mantén, para a súa defensa en Pleno**, todas as emendas, presentados á Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, agás as aprobadas ou transaccionadas (11/PL-000001, doc. núm. 5637)

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2021

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/02/2021 11:53:33



Texto para Pleno

**PROPOSICIÓN DE LEI DE MODIFICACIÓN DA LEI 8/2008, DO 10 DE
XULLO, DE SAÚDE DE GALICIA**

Proposición de lei: BOPG núm. 51, F.3, do 23.11.2020

Emendas ao artikulado: BOPG núm. 75, F.4, do 13.01.2021

Informe da Ponencia: BOPG núm. 90, F.2, do 05.02.2021

Ditame da Comisión: BOPG núm.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo único. Modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O artigo 33 queda coa seguinte redacción:

«Artigo 33. Autoridade sanitaria

1. Dentro das súas respectivas competencias, teñen a condición de autoridade sanitaria o Consello da Xunta de Galicia, a persoa titular da consellaría con competencias en sanidade, as persoas titulares dos órganos de dirección da consellaría con competencias en materia de sanidade de quen dependan a inspección de servizos sanitarios e a inspección no ámbito da saúde pública e os alcaldes ou alcaldesas. Así mesmo, teñen a condición de autoridade sanitaria as persoas titulares das xefaturas territoriais da consellaría competente en materia de sanidade no seu ámbito correspondente.

2. Corresponderalles **ás persoas titulares** dos órganos citados, no ámbito das súas respectivas competencias, establecer as intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, entre eles os previstos nos artigos 34.12 e 38.

3. Os profesionais sanitarios **e as profesionais sanitarias** que, no desempeño das súas funcións como **persoal empregado público**, teñan asignadas funcións de detección, seguimento e control das enfermidades transmisibles nos supostos de crises sanitarias declaradas ou epidemias terán, así mesmo, a consideración de autoridade sanitaria para os efectos desta lei. Para tal efecto, no desempeño das súas funcións poderán solicitar en todo momento a colaboración dos cidadáns **e das cidadás** e facerlles requirimentos individuais a estes **e a estas**, por razóns sanitarias vinculadas á contención da enfermidade, que serán de obrigado cumprimento.

4. Todo o persoal ao servizo da Administración autonómica e local que desenvolva actividades de inspección terá a condición de autoridade sanitaria no desempeño das súas funcións e para os efectos desta lei.

5. No exercicio das súas funcións, as autoridades sanitarias e os seus axentes poderán solicitar o apoio e a cooperación doutros funcionarios públicos **e doutras funcionarias públicas**, incluídos os das forzas e corpos de seguridade, así como de calquera persoa física, institución ou persoa xurídica.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº1, de Modificación.

Débese modificar no punto Un do artigo único, no apartado 1 do artigo 33 o seguinte contido.
Onde di: "...saúde pública e os alcaldes ou alcaldesas.", debe dicir: "...saúde pública e os alcaldes ou alcaldesas nas áreas de responsabilidade mínima sobre as cales exercen competencias de salubridade ou control sanitario."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº1, de Supresión.

No apartado Un, suprimir o apartado 3 do Artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº2, de Supresión.

No apartado Un, suprimir o apartado 4 do Artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

DITAME DA COMISIÓN:

Dous. O número 12 do artigo 34 queda coa seguinte redacción:

«12. Adoptar as medidas preventivas que se consideren pertinentes no caso de que exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e extraordinario para a saúde. Para tal efecto, a autoridade sanitaria competente poderá proceder á incautación ou inmovilización de produtos, á suspensión do exercicio de actividades, ao peche de empresas ou das súas instalacións, á intervención de medios materiais e persoais e a cantas outras medidas se consideren sanitariamente xustificadas. A duración das medidas a que se refire este punto fixarase para cada caso, sen prexuízo das prórrogas sucesivas acordadas por resolucións motivadas, e non excederá o que exixa a situación de risco extraordinario que as xustificou. Poderá, así mesmo, adoptar medidas preventivas en materia de saúde pública nos termos previstos no artigo 38.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº2, de Modificación.

Débese modificar no punto Dous do artigo único no número 12 do artigo 34 o seguinte contido.
Onde di: "...a autoridade sanitaria competente poderá proceder...", debe dicir: "...a Administración sanitaria, informada polas autoridades sanitarias competentes, poderá proceder...".

DITAME DA COMISIÓN:

Tres. Engádese un novo número 15 ao artigo 34, coa seguinte redacción:

«15. Establecer prohibicións, limitacións e estratexias de prevención do consumo de bebidas alcohólicas para avanzar na desnormalización do seu consumo polas persoas menores de idade. Con esta finalidade, e por disposición directa desta lei, queda prohibido o consumo en grupo de bebidas alcohólicas na vía pública, parques e prazas públicas, e noutros lugares de tránsito público.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº3, de Supresión.

Débase suprimir o punto Tres do artigo único, suprimir na súa totalidade o novo número 15 ao artigo 34 creado.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº3, de Substitución.

No apartado Tres que modifica o apartado 15 do Artigo 34 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, substituír todo o texto polo seguinte:

"15. Establecer estratexias de prevención, limitación e prohibición do consumo de substancias adictivas."

DITAME DA COMISIÓN:

Catro. Engádesse un número 4 ao artigo 37, coa seguinte redacción:

«4. Nos supostos de crises sanitarias ou epidemias, a autoridade sanitaria autonómica e local poderalles encomendar o exercicio de funcións de inspección de saúde pública, no caso de insuficiencia de medios, a outros corpos de funcionarios **e funcionarias** dependentes dela, para a vixilancia do cumprimento das normas e medidas de prevención adoptadas para facer fronte ás situacións indicadas. Este persoal, no desenvolvemento das funcións de inspección, terá a condición de autoridade sanitaria.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº4, de Supresión.

No apartado Catro que modifica o apartado 4 do Artigo 37, suprimir ao final do parágrafo o texto que vai desde o punto até o final: "Este persoal.... autoridade sanitaria."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº4, de Modificación.

Débese modificar no punto Catro do artigo único o seguinte contido.

Onde di: "...a outros corpos de funcionarios dependentes dela, para a vixilancia...", debe dicir: "...a outros corpos de funcionarios dependentes dela, logo da formación, con criterios dirixidos pola autoridade sanitaria competente e só para efectos desas indicacións, para a vixilancia...".

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº5, de Adición.

Débese engadir no punto Catro ao final do número 4 do artigo 37 o seguinte contido.

Engadir *in fine*: "...Esta función limitarase ao exercicio da tarefa para a que foi designado e circunscribírase a ela."

DITAME DA COMISIÓN:

Cinco. O artigo 38 queda coa seguinte redacción:

«Artigo 38. Medidas preventivas en materia de saúde pública

1. Co obxecto de protexer a saúde pública, as autoridades sanitarias autonómicas e locais, dentro do ámbito das súas competencias, poderán adoptar medidas preventivas de obrigado cumprimento cando exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e grave para a saúde da poboación. Estas medidas poderán consistir:

- a) Na incautación ou inmovilización de produtos.
- b) Na suspensión do exercicio de actividades.
- c) No peche de empresas ou das súas instalacións.
- d) Na intervención de medios materiais ou persoais.
- e) En limitacións de capacidade.
- f) En limitacións de horarios de apertura e/ou peche de establecementos, lugares ou actividades.
- g) En medidas de seguridade sanitaria e hixiene en determinados lugares e/ou para o desenvolvemento de actividades.
- h) Na obrigaón de elaboración de protocolos ou plans de continxencia en determinados lugares e/ou para o desenvolvemento de actividades.
- i) En medidas de autoprotección individual, tales como o uso de máscara e/ou doutros elementos de protección, e no mantemento de distancias de seguridade interpersoal ou entre mesas ou agrupacións de mesas nos locais abertos ao público e nas terrazas ao aire libre.
- j) Na intervención de centros de servizos sociais nos termos previstos no artigo seguinte.
- k) Na obrigaón de subministración de datos necesarios para o control e a contención do risco para a saúde pública de que se

trate e no rexistro dos datos subministrados, en especial de datos que permitan a identificación de persoas procedentes de lugares ou asistentes a actividades ou establecementos que presenten un risco de transmisión de enfermidades infectocontaxiosas, co obxecto de que as autoridades sanitarias poidan desenvolver o seu labor de control e investigación epidemiolóxica de gromos ou situacións de especial risco para a saúde da poboación. En todo caso, os datos rexistrados serán os estritamente indispensables para cumprir coa dita finalidade de control e contención do risco, e os datos de carácter persoal serán tratados con estrito respecto á normativa en materia de protección de datos.

l) En ordenarlles aos cidadáns **e ás cidadás** a prestación de servizos persoais, de acción ou omisión, sempre de forma proporcionada á situación de necesidade.

m) En calquera outra medida axustada á legalidade vixente e sanitariamente xustificada.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, co obxecto de protexer a saúde pública e de previr a súa perda ou deterioración, as autoridades sanitarias autonómicas, dentro do ámbito das súas competencias, cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade:

a) Poderán adoptar medidas preventivas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se aprecien indicios racionais que permitan supoñer a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolva unha actividade.

b) Co fin de controlar as enfermidades transmisibles, ademais de realizar as accións preventivas xerais e da posible adopción das medidas preventivas previstas no número 1 deste precepto, poderán adoptar as medidas oportunas para o control **das persoas enfermas**, das persoas que estean ou estivesen en contacto con **elas** e do ambiente inmediato, así como as que se consideren necesarias no caso de risco de carácter transmisible. En particular, poderanse adoptar as seguintes medidas preventivas:

1ª) Medidas de control das persoas enfermas, cando sexa procedente, como o illamento en domicilio, o internamento en

centro hospitalario ou o illamento ou internamento noutro lugar adecuado para tal fin.

2ª) Sometemento das persoas enfermas a tratamento adecuado.

3ª) Medidas de control das persoas que estean ou estivesen en contacto coas persoas enfermas, como o sometemento a unha corentena no domicilio ou noutro lugar adecuado para tal fin. Para estes efectos, entenderase por corentena a restrición das actividades e a separación, das demais persoas que non están enfermas, dunha persoa respecto da cal se poida ter razoablemente a sospeita de que estivo ou puidese estar exposta a un risco para a saúde pública e sexa unha posible fonte de propagación adicional de enfermidades, de acordo cos principios científicos, as probas científicas ou a información dispoñible.

4ª) Sometemento a observación ou a medidas de vixilancia do estado de saúde, a exame médico ou a probas diagnósticas de persoas que presenten síntomas compatibles coa enfermidade transmisible de que se trate ou de persoas respecto das cales existan outros indicios obxectivos de que poidan supoñer un risco de transmisión da enfermidade. A observación, o exame ou as probas serán o menos intrusivos ou invasivos posible para permitir lograr o obxectivo de saúde pública consistente en previr ou conter a propagación da enfermidade.

5ª) Sometemento a medidas profilácticas de prevención da enfermidade, incluída a vacinación ou inmunización, con información, en todo caso, dos posibles riscos relacionados coa adopción ou non adopción destas medidas.

6ª) Medidas de control do contorno inmediato **das persoas enfermas** ou das persoas que estean ou estivesen en contacto con **elas**, así como das zonas afectadas. Para estes efectos, entenderase por zona afectada aqueles lugares xeográficos nos cales sexan necesarias medidas sanitarias de control da propagación da enfermidade. A determinación da zona afectada efectuarase de acordo cos principios de precaución e proporcionalidade, procurando, sempre que resulte posible e eficaz, actuar canto antes ou con maior intensidade ou medida sobre as zonas concretas en que se produza a maior afección, para evitarlle prexuízos innecesarios ao resto da poboación.

Entre outras, estas medidas poderán consistir en:

i) Medidas que comporten a limitación ou restrición da circulación ou mobilidade das persoas dentro da zona afectada ou en determinados lugares e espazos dentro da dita zona ou en determinadas franxas horarias.

ii) Medidas de control da saída da zona afectada ou de entrada nela.

iii) Restricións ás agrupacións de persoas, incluídas as reunións privadas entre non conviventes, especialmente nos lugares e espazos ou con ocasión do desenvolvemento de actividades que comporten un maior risco de propagación da enfermidade; todo isto sen prexuízo das competencias estatais en relación coas reunións en lugares de tránsito público e as manifestacións realizadas en exercicio do dereito fundamental regulado no artigo 21 da Constitución española.

iv) Medidas de cribado consistentes na realización de probas diagnósticas de determinados sectores ou grupos da poboación particularmente afectados ou vulnerables.

As restricións aos desprazamentos e agrupacións de persoas enumeradas anteriormente nunca poderán ser absolutas e deberán expresar con claridade e precisión os desprazamentos e agrupacións que se restrinxen, actuando con preferencia sobre os desprazamentos e agrupacións por razóns meramente recreativas e de lecer. Deberanse admitir, en todo caso, aqueles desprazamentos e agrupacións que se desenvolvan por motivos esenciais ou xustificadas compatibles coa protección da saúde, sen prexuízo, de ser o caso, dos controis ou medidas de prevención adicionais que se poidan establecer.

7^a) Aqueloutras medidas sanitarias xustificadas e necesarias que, de acordo cos riscos e coas circunstancias en cada caso concorrentes, se consideren adecuadas para impedir ou controlar a propagación da enfermidade, en función do estado da ciencia e do coñecemento existente en cada momento, sempre con suxeición aos criterios e principios establecidos nesta lei e, en particular, de acordo co principio de proporcionalidade.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº5, de Supresión.

Suprimir o texto do apartado Cinco no que modifica o Artigo 38 mantendo o texto orixinal.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº6, de Adición.

Débese engadir no punto Cinco do artigo único, ao inicio do artigo 38 o seguinte contido.

"No caso dunha situación de pandemia declarada, baixo a declaración de emerxencia sanitaria ou coa declaración do estado de alarma no conxunto de España, poderanse activar os mecanismos e as medidas preventivas en materia de saúde pública que se indican a seguir:"

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº7, ao apartado 2.b, de Supresión.

Débese suprimir no punto Cinco do artigo único, no apartado 2, subapartado b do artigo 38 o seguinte contido.

Suprimir: "5ª) Sometemento a medidas profilácticas de prevención da enfermidade, incluída a vacinación ou inmunización, con información, en todo caso, dos posibles riscos relacionados coa adopción ou non adopción destas medidas."

DITAME DA COMISIÓN:

Seis. Engádesse un novo artigo 38 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 38 bis. Intervención de centros de servizos sociais

1. Nos casos de risco inminente e grave para a saúde da poboación, como crises sanitarias ou epidemias, a autoridade sanitaria autonómica competente, en función da situación epidemiolóxica e asistencial de cada centro ou do territorio concreto en que este se encontre, e sempre atendendo os principios de necesidade e de proporcionalidade e a situación de vulnerabilidade das persoas maiores ou con discapacidade ou doutras persoas usuarias, poderá intervir os centros de servizos sociais de carácter residencial de persoas maiores e persoas con discapacidade ou outros centros de servizos sociais de análoga natureza, de carácter público ou privado, e dispoñer unha serie de actuacións neles que poderán consistir en:

a) Asumir ou controlar a asistencia sanitaria das persoas residentes co persoal sanitario propio do centro.

b) Ordenar, por motivos de saúde pública xustificados, a alta, a baixa, a relocalización e o traslado das persoas residentes a outro centro residencial, con independencia do seu carácter público ou privado. A adopción destas medidas requirirá a colaboración voluntaria das persoas afectadas ou, na falta desta, a necesaria garantía xudicial.

c) Establecer as medidas oportunas para a posta en marcha de novos centros residenciais ou a modificación da capacidade ou organización dos existentes.

d) Supervisar e asesorar nas actuacións que leve a cabo o persoal sanitario e non sanitario, de ser o caso, do centro.

e) Designar **unha persoa empregada pública** para dirixir e coordinar a actividade asistencial destes centros, que substituirá, plena ou parcialmente, o persoal directivo do centro e que poderá dispoñer dos recursos materiais e humanos do centro residencial intervido, así como dos recursos vinculados á actividade sanitaria asistencial que se lles preste de forma habitual ás persoas residentes nel.

f) Apoiar puntualmente o centro con persoal, de ser necesario.

g) Modificar o uso dos centros residenciais para a súa utilización como espazos para uso sanitario.

2. A intervención acordarase nos termos previstos no artigo seguinte.

3. A intervención terá carácter temporal e a súa duración non poderá exceder a necesaria para atender a situación que a orixinou. A autoridade sanitaria autonómica competente acordará, de oficio ou por petición **da persoa titular** do centro, o cesamento da intervención cando resulte acreditada a desaparición das causas que a motivasen.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº6, de Adición.

No apartado Seis engadir un novo punto, que pasaría a ser o 1, no novo Artigo 38 bis, co seguinte texto:

"A consellaría competente en materia de sanidade garantirá que todas as persoas que vivan en centros de servizos sociais (persoas maiores, con discapacidade) teñan a asistencia sanitaria en igualdade de condicións que o resto da poboación, e polo tanto serán atendidas polos centros de saúde da zona, incluíndo a asistencia médica, de enfermaría, traballo social, psicoloxía clínica, fisioterapia e rehabilitación, así como a atención da saúde mental."

DITAME DA COMISIÓN:

Sete. Engádesse un novo artigo 38 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 38 ter. Adopción de medidas preventivas en materia de saúde pública

1. As medidas preventivas previstas no artigo 38 adoptaranse coa urxencia que o caso requira, sen necesidade de seguir un procedemento administrativo específico e con independencia das medidas provisionais que se poidan adoptar de acordo coa lexislación vixente no seo dun procedemento administrativo ou con anterioridade á súa iniciación.

2. As medidas adoptaranse de forma motivada, tras avaliar os principios científicos, as probas científicas ou a información dispoñible nese momento, e tendo en conta o principio de precaución, que posibilitará a súa lícita adopción para asegurar un nivel elevado de protección da cidadanía cando, tras a indicada avaliación, se observe a existencia, fundada, seria e razoable, dun risco actual ou inminente para a saúde da poboación, aínda que siga existindo incerteza científica.

Ademais, as medidas que se adopten deben axustarse aos seguintes requisitos:

a) Respetarán, en todo caso, a dignidade da persoa. En particular, as medidas de posible adopción en relación coas persoas serán o menos intrusivas e invasivas posible para lograr o obxectivo de protección da saúde pública, procurando reducir ao mínimo as molestias ou inquietudes asociadas con tales medidas.

En particular, nos casos de medidas de illamento e corentena deberán quedar garantidas a subministración de alimentos e de bens de primeira necesidade e a dispoñibilidade de medios para o mantemento das comunicacións necesarias. O custo de tal subministración e dispoñibilidade só será por conta da Administración autonómica no caso de imposibilidade de sufragalo o suxeito ou suxeitos afectados. Cando as circunstancias impoñan o cumprimento destas medidas fóra do domicilio **da persoa ou persoas afectadas**, deberanse poñer á súa disposición instalacións adecuadas para iso, á custa da Administración autonómica.

b) Buscarase sempre con preferencia a colaboración voluntaria das persoas afectadas coas autoridades sanitarias.

c) Non se poderán ordenar medidas obrigatorias que comporten risco para a vida.

d) Deberanse utilizar as medidas que menos prexudiquen a libre circulación das persoas e dos bens, a liberdade de empresa e calquera outro dereito afectado.

e) Deberán ser proporcionadas ao fin perseguido.

3. No caso particular de medidas limitativas de dereitos fundamentais e liberdades públicas, o requisito de proporcionalidade previsto no punto anterior exixirá que:

1º) As medidas sexan adecuadas, no sentido de útiles para conseguir o fin proposto de protección da saúde pública.

2º) As medidas sexan necesarias, no sentido de que non exista outra medida alternativa menos gravosa para a consecución do dito fin con igual eficacia.

3º) As medidas sexan ponderadas ou equilibradas por derivaren delas máis beneficios ou vantaxes para o interese xeral que prexuízos sobre outros bens ou valores en conflito, atendidas a gravidade da inxerencia nos dereitos fundamentais e liberdades públicas e as circunstancias persoais de quen a sofre.

Na motivación das medidas xustificárase de forma expresa a súa proporcionalidade nos termos indicados.

Ademais, a adopción destas medidas requirirá a necesaria garantía xudicial conforme o disposto na lexislación procesual aplicable.

4. As medidas serán sempre temporais. A súa duración fixarase para cada caso e non excederá o que exixa a situación de risco inminente e extraordinario que as xustificou, sen prexuízo das prórrogas sucesivas acordadas mediante resolucións motivadas.

5. Cando as medidas afecten unha pluralidade indeterminada de persoas, serán obxecto de publicación no diario oficial correspondente.

Se a medida afecta unha ou varias persoas determinadas, daráselles audiencia con carácter previo á súa adopción, sempre que iso sexa posible. Se, debido á urxencia do asunto, non for posible efectuar tal audiencia previamente, realizarase nun momento oportuno tras a adopción e posta en aplicación da medida.

6. A execución das medidas poderá incluír, cando resulte necesario e proporcionado, a intervención directa sobre as cousas e a compulsión directa sobre as persoas, con independencia das sancións que, de ser o caso, se poidan impoñer. Para estes efectos, solicitarase a colaboración das forzas e corpos de seguridade que sexa necesaria para a execución das medidas.

7. As autoridades sanitarias informarán a poboación potencialmente afectada, para protexer a súa saúde e seguridade, polos medios en cada caso máis apropiados, dos riscos existentes e das medidas adoptadas, así como das precaucións procedentes tanto para que ela mesma se poida protexer do risco como para conseguir a súa colaboración na eliminación das súas causas, e para estes efectos poderán formular as recomendacións sanitarias apropiadas.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº7, de Substitución.

Substituír todo o texto do apartado Sete polo seguinte:

"Artigo 38 ter. Da declaración de emerxencia sanitaria

1. As medidas preventivas previstas no artigo 38 só se poderán adoptar logo da declaración do estado de emerxencia sanitaria nos termos previstos na lexislación.

2. A resolución que declare o estado de emerxencia sanitaria conterá o alcance, a duración e as medidas que se adopten atendendo as circunstancias concorrentes.

3. Da resolución pola que se declare o estado de emerxencia sanitaria darase conta ao Parlamento de Galicia no prazo máximo de sete días, o cal establecerá o prazo de duración dela.

4. A adopción das medidas previstas no artigo 38 terá que someterse a autorización ou ratificación xudicial conforme o previsto no artigo 8 da Lei 29/1998, da xurisdición contencioso-administrativa, e na demais lexislación aplicable."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº8, de Adición.

Débese engadir no punto Sete do artigo único ao inicio do artigo 38 *ter* o seguinte contido.

""No caso dunha situación de pandemia declarada, ou coa declaración do estado de alarma no conxunto de España, poderanse activar os mecanismos e as medidas preventivas en materia de saúde pública que se indican a seguir:"

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº9, ao apartado 1, de Modificación.

Débese modificar no punto Sete do artigo único, no apartado 1 do artigo 38 *ter* o seguinte contido.

Onde di: "...sen necesidade de seguir un procedemento administrativo específico...", debe dicir: "...segundo o procedemento administrativo necesario, que, se é o caso, tratará de realizarse de maneira áxil e abreviada."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº10, ao apartado 2, de Supresión.

Débese suprimir no punto Sete do artigo único, no apartado 2 do artigo 38 *ter* o seguinte contido.

Suprimir: "...aínda que siga existindo incerteza científica."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº11, ao apartado 2.c, de Adición.

Débese engadir no punto Sete do artigo único, no apartado 2 subapartado c do artigo 38 *ter* o seguinte contido.

Engadir *in fine*: "...ou que poñan en perigo a integridade ou a saúde da propia persoa."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº12, ao apartado 3, de Supresión.

Débese suprimir no punto Sete do artigo único o apartado 3 do artigo 38 *ter*.

DITAME DA COMISIÓN:

Oito. Engádesse un artigo 38 quater, coa seguinte redacción:

«Artigo 38 quater. Protección da saúde pública a través das novas tecnoloxías

1. As autoridades sanitarias deberán potenciar o papel das novas tecnoloxías na xestión e no control dos riscos para a saúde pública.

2. Para os efectos previstos no punto anterior, entre outras iniciativas poderanse desenvolver sistemas de información e aplicacións para dispositivos móbiles que operen como medidas complementarias para a xestión de crises sanitarias derivadas de enfermidades de carácter transmisible. Os ditos sistemas de información e aplicacións poderán ter, entre outras, as seguintes funcionalidades:

a) Recepción, por parte da persoa usuaria, de información ou alertas relativas a consellos prácticos e orientacións de carácter xeral fronte á enfermidade de que se trate, así como recomendacións respecto de accións e medidas adecuadas que cómpre seguir.

b) Xeolocalización de recursos de interese que poidan servir de apoio á cidadanía para o seguimento das pautas de saúde ou de mobilidade ou outras.

c) Determinación do nivel de risco transmisor da persoa usuaria, sobre a base dos datos que da persoa usuaria teña o Sistema público de saúde de Galicia.

d) Identificación de contactos da persoa usuaria que sexan epidemioloxicamente relevantes.

e) Recepción, pola persoa usuaria, de avisos sobre o risco efectivo en que se encontre por ser contacto epidemioloxicamente relevante dunha persoa diagnosticada da enfermidade transmisible.

f) Proporcionar á persoa usuaria o soporte dixital de información ou documentación individual relativa ás súas circunstancias laborais e de localización xeográfica ou outras, coa finalidade de facilitar a aplicación das medidas que adopten as autoridades competentes na xestión da crise



sanitaria, na medida e nos termos que o permitan as disposicións ou os actos que disciplinen tales medidas.

Tanto no desenvolvemento como na posta en marcha e no funcionamento destes sistemas e aplicacións e, posteriormente, na súa desactivación garantírase o necesario respecto á normativa vixente en materia de protección de datos e confidencialidade das comunicacións.»

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Nove. Engádesse un novo artigo 38 quinquies, coa seguinte redacción:

«Artigo 38 quinquies. Cooperación e colaboración administrativas en materia de saúde pública

1. No exercicio das súas propias competencias, a Administración xeral da Comunidade Autónoma e os concellos facilitaranse a información que precisen en materia de saúde pública e prestaranse reciprocamente a cooperación e a asistencia activa para o eficaz exercicio daquelas.

2. Os órganos competentes da Administración autonómica e da local, no marco das súas respectivas competencias, e de acordo cos principios de eficacia, coordinación, colaboración e lealdade institucional, velarán pola observancia da normativa de saúde pública e polo cumprimento das medidas de prevención, exercendo as oportunas funcións de inspección, control e sanción, de conformidade co disposto nesta lei e na demais normativa vixente.

3. Os concellos poderán solicitar a colaboración e o apoio técnico que precisen da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das deputacións provinciais para o cumprimento desta lei. Para este efecto, poderanse subscribir os oportunos convenios de colaboración.

4. Cando non se subscribisen os convenios a que se refire o número 3, a Administración xeral da Comunidade Autónoma prestará apoio aos concellos cando estes llo soliciten expresamente, coa motivación da concorrencia de circunstancias de carácter extraordinario que puntualmente superen a capacidade municipal.

5. En particular, nos casos de crises sanitarias ou epidemias, a Administración autonómica poderá asumir, na forma establecida no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia das autoridades sanitarias locais, especialmente a realización de actividades auxiliares, previas, preparatorias ou de colaboración material cos órganos administrativos instrutores de expedientes sancionadores, por razóns de eficacia ou cando as autoridades sanitarias locais non posúan os medios

técnicos, persoais ou materiais idóneos para o seu desempeño, priorizando os casos dos municipios de menor poboación e medios.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº13, ao apartado 5, de Modificación.

Débese modificar no punto Nove do artigo único, no apartado 5 do artigo 38 *quinquies* polo seguinte contido.

"5. A Administración autonómica poderá actuar en substitución dos concellos nos supostos e cos requisitos recollidos na lexislación de réxime local."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº14, ao apartado 5 bis), de Adición.

Débese engadir no punto Nove do artigo único un novo apartado no artigo 38 *quinquies* que quedará redactado co seguinte contido.

"5 *bis*. A Xunta de Galicia esclarecerá os criterios e baremos sobre os que as autoridades sanitarias competentes, cos comités ou mecanismos que considere necesarios, tome decisións que afecten a xestión do eido local, como restrición de mobilidade, peches de negocios e empresas, peches perimetrais ou outras medidas semellantes. Estes criterios serán compartidos cos concellos afectados e, en todo caso, trasladados de maneira constante e actualizada á Fegamp."

DITAME DA COMISIÓN:

Dez. O artigo 39 queda redactado como segue:

«Artigo 39. Concepto e procedemento

1. Son infraccións sanitarias e en saúde pública as accións ou omisións tipificadas nesta lei e nas leis estatais e autonómicas que sexan aplicables nesta materia.
2. As infraccións tipificadas nesta lei serán obxecto, logo da incoación do oportuno expediente, das sancións administrativas establecidas neste título, sen prexuízo da responsabilidade civil, penal ou doutra orde que poida concorrer.
3. Se unha mesma acción ou omisión for constitutiva de dúas ou máis infraccións, tomarase en consideración unicamente aquela que comporte maior sanción.
4. En calquera momento do procedemento sancionador en que o órgano instrutor considere que as infraccións poidan ser constitutivas de delito, a Administración pasará o tanto de culpa á xurisdición competente e absterase de seguir o procedemento sancionador mentres a autoridade xurisdiccional non dite resolución xudicial firme. Se non se estima a existencia de delito, a Administración continuará o expediente sancionador tomando como base os feitos que os tribunais considerasen probados.
5. Igualmente, se o órgano competente para resolver o procedemento sancionador ten coñecemento da instrución de causa penal ante os tribunais de xustiza e xulga que existe identidade de suxeito, feito e fundamento entre a infracción administrativa e a infracción penal que poida concorrer, acordará a suspensión do procedemento ata que se dite resolución xudicial firme.
6. As medidas administrativas que se adoptasen para salvagardar a saúde e seguridade das persoas manteranse ata que a autoridade xudicial se pronuncie respecto delas ou ben cese a necesidade delas.
7. O previsto nesta lei non exclúe a posibilidade de aplicación, cando resulte procedente segundo o caso concreto, do réxime sancionador previsto noutras leis, sen que en ningún caso se

poida impoñer unha dobre sanción polos mesmos feitos e en función dos mesmos intereses públicos protexidos, sen prexuízo de que se exixan as demais responsabilidades que se deduzan doutros feitos ou infraccións concurrentes.

8. Non terán carácter de sanción a clausura ou o peche de establecementos, instalacións ou servizos que non contén coas autorizacións ou rexistros sanitarios preceptivos, ou a suspensión do seu funcionamento ata que se rectifiquen os defectos ou se cumpran os requisitos exixidos por razóns de sanidade, hixiene ou seguridade, nin a retirada do mercado, cautelar ou definitiva, de produtos ou servizos polas mesmas razóns.

9. A tramitación dun procedemento sancionador polas infraccións reguladas neste capítulo non postergará a exigencia das obrigacións de adopción de medidas de prevención, de evitación de novos danos ou de reparación, previstas nesta lei, que serán independentes da sanción que, de ser o caso, se impoña.

10. O prazo máximo para ditar e notificar as resolucións sancionadoras por infraccións en materia sanitaria e en saúde pública será de nove meses.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº15, ao apartado 10 bis), de Adición.

Débase engadir no punto Dez do artigo único un novo apartado no artigo 39 que quedará redactado co seguinte contido.
"10 *bis*. Para as infraccións e sancións en materia específica de saúde pública desenvolverase un regulamento sancionador específico."

DITAME DA COMISIÓN:

Once. Engádese un novo artigo 39 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 39 bis. Suxeitos responsables das infraccións

1. As persoas físicas ou xurídicas responsables, a título de dolo ou culpa, das accións ou omisións que constitúan infraccións sanitarias e en saúde pública conforme esta lei serán sancionadas de acordo co disposto neste capítulo.

2. Das infraccións cometidas por menores de idade serán responsables subsidiarios os seus pais e nais, **os titores e titoras e gardadores e gardadoras** legais ou de feito, por esta orde, ou a persoa adulta responsable a quen se lle encomendase o coidado **do menor ou da menor** no suposto de infraccións cometidas en presenza desta.»

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Doce. Engádese un artigo 41 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 41 bis. Infraccións leves en materia de saúde pública

Tipifícanse como infraccións leves en saúde pública, ademais das establecidas na lexislación básica, as seguintes:

a) O incumprimento da obrigaón de uso de máscaras ou doutros medios de protección ou o uso inadecuado dunhas ou doutros, nos termos establecidos pola normativa sanitaria ou polas medidas de prevención, ordes, resolucións ou actos aprobados, por razóns de protección da saúde pública, polas autoridades sanitarias competentes, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

b) O incumprimento da prohibición de consumo de bebidas alcohólicas na vía pública, parques e prazas públicas e noutros lugares de tránsito público, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

c) A negativa inxustificada ao sometemento a recoñecemento médico ou á realización de probas diagnósticas prescritas lexitimamente polos profesionais sanitarios **e polas profesionais sanitarias** ou polas autoridades sanitarias coa finalidade de detección, seguimento e control dunha enfermidade infectocontaxiosa transmisible, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

d) A negativa inxustificada ao sometemento a medidas de prevención consistentes na vacinación ou inmunización prescritas polas autoridades sanitarias, de acordo co establecido nesta lei, coa finalidade de prevención e control dunha enfermidade infectocontaxiosa transmisible, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

e) O incumprimento de medidas de prevención aprobadas pola autoridade sanitaria consistentes na limitación da liberdade ambulatoria ou de circulación, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.



f) O incumprimento das medidas de prevención aprobadas pola autoridade sanitaria consistentes en limitacións ás agrupacións de persoas en reunións e/ou encontros, tanto no ámbito privado como público, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

g) A participación en reunións, festas ou calquera outro tipo de actividade ou acto, permanente ou esporádico, de carácter privado ou aberto ao público, en espazos públicos, abertos ao público ou privados, nos cales se produzan aglomeracións contrarias ás medidas sanitarias de prevención aprobadas polas autoridades sanitarias ou nos cales se incumpran as medidas de seguridade e precaución dispostas por estas, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

h) O incumprimento das medidas preventivas de seguridade sanitaria e hixiene exixibles nos lugares de traballo, establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público ou que se encontren abertos ao público e para o desenvolvemento de actividades que sexan establecidas polas autoridades sanitarias competentes, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

i) O incumprimento do horario de apertura ou peche de establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público ou que se encontren abertos ao público ou para o desenvolvemento de actividades establecido como medida preventiva polas autoridades sanitarias competentes, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

j) O incumprimento da obrigaón de elaboración de protocolos ou plans de contingencia en relación con aqueles edificios, lugares de traballo, establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público ou abertos ao público ou en relación co desenvolvemento de actividades respecto dos cales establece esta exixencia as autoridades sanitarias competentes como medida preventiva, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

k) O incumprimento, por parte dos establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público ou que se

encontren abertos ao público ou con ocasión do desenvolvemento de actividades de medidas preventivas sobre limitación de capacidade ou outras relativas á organización ou ao exercicio da actividade adoptadas polas autoridades sanitarias, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

l) O incumprimento das medidas preventivas adoptadas pola autoridade sanitaria competente en materia de distancia de seguridade entre persoas ou entre mesas ou agrupacións de mesas nos locais abertos ao público e en terrazas ao aire libre, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

m) O incumprimento, por acción ou omisión, da normativa sanitaria vixente ou das medidas de prevención, ordes, resolucións ou actos aprobados polas autoridades sanitarias competentes por razóns de protección da saúde pública, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación, e sempre que o dito incumprimento non estea tipificado como infracción grave ou moi grave.

n) O incumprimento, por parte da persoa titular da instalación, establecemento, empresa ou actividade e con ocasión do seu funcionamento ou desenvolvemento do deber de previr a comisión dalgunha das infraccións leves previstas nesta lei por parte das persoas suxeitas á súa dependencia ou vinculación.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº8, de Supresión.

Suprimir o texto que engade un novo Artigo 41 bis.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº16, de Supresión.

Débase suprimir o punto Doce do artigo único, suprimir na súa totalidade o artigo 41 bis creado.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº17, ao apartado b, de Supresión.



No caso de non ser aceptada a emenda número 16, débese suprimir no punto Doce do artigo único o apartado b do artigo 41 *bis*.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº18, ao apartado d, de Supresión.

No caso de non ser aceptada a emenda número 16, débese suprimir no punto Doce do artigo único o apartado d do artigo 41 bis o seguinte contido.

Suprimir: "...consistentes na vacinación ou inmunización prescritos polas autoridades sanitarias,...".

DITAME DA COMISIÓN:

Trece. Engádesse un artigo 42 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 42 bis. Infraccións graves en materia de saúde pública

Tipifícanse como infraccións graves en saúde pública, ademais das establecidas na lexislación básica, as seguintes:

a) A denegación de apoio, auxilio ou colaboración ás autoridades sanitarias ou aos seus axentes, cando non sexa constitutivo de infracción moi grave.

b) O incumprimento das instrucións recibidas da autoridade sanitaria competente, se comporta danos para a saúde, cando non sexa constitutivo de infracción moi grave.

c) A realización das condutas previstas nas alíneas a), b), c), d), e), f), g), h), i), j), k), l) e m) do artigo 41 bis, cando poidan producir un risco ou un dano grave para a saúde da poboación, sempre que non sexan constitutivas de infracción moi grave.

d) A falta de cumprimento voluntario da medida de illamento prescrita ou indicada polos profesionais sanitarios **ou polas profesionais sanitarias** ou polas autoridades sanitarias con motivo da atención sanitaria a persoas diagnosticadas dunha enfermidade transmisible ou con síntomas da dita enfermidade, cando non sexa constitutivo de infracción moi grave.

e) A falta de cumprimento voluntario da obrigaón de corentena indicada ou prescrita polas autoridades sanitarias, os profesionais sanitarios **ou as profesionais sanitarias**, o persoal encargado do rastrexamento e seguimento de contactos ou calquera outro axente de saúde pública que teña encomendadas estas funcións, cando non sexa constitutivo de infracción moi grave.

f) A resistencia ou a obstrución fronte ás autoridades sanitarias ou aos seus axentes, ou ás forzas e corpos de seguridade, no cumprimento ou execución daquelas actuacións que foren exixibles de acordo coa normativa sanitaria en materia de saúde pública ou coas medidas de prevención, ordes ou instrucións ditadas pola autoridade sanitaria competente en aplicación da dita normativa.

g) O incumprimento das obrigacións de comunicación de información e doutras obrigacións en materia de saúde pública establecidas pola normativa sanitaria ou polas medidas de prevención ditadas pola autoridade sanitaria competente en aplicación da dita normativa, cando revista carácter de gravidade.

h) A falta de colaboración ou a negativa a subministrar datos ou a facilitar información, ou a subministración intencionada de datos falsos, incorrectos ou incompletos ás autoridades sanitarias ou aos seus axentes no desenvolvemento dos labores de inspección ou control sanitarios ou de investigación epidemiolóxica de gromos ou situacións de especial risco para a saúde da poboación, cando non sexa constitutiva de infracción moi grave.

i) A apertura de locais, a celebración de actos ou a realización de actividades que fosen expresamente prohibidas ou suspendidas, xa sexa con carácter xeral, xa particular, en virtude de medidas preventivas, orde, resolución ou acto da autoridade sanitaria competente por razóns de saúde pública, ou que non fosen autorizadas por esta nos casos en que tal autorización sexa exigible por razóns de saúde pública, cando a conduta non sexa constitutiva de infracción moi grave.

j) A organización por calquera medio de reunións, festas ou calquera outro tipo de actividade ou acto, permanente ou esporádico, de carácter privado ou aberto ao público, en espazos públicos, abertos ao público ou privados, nos cales se produzan aglomeracións contrarias ás medidas sanitarias de prevención aprobadas polas autoridades sanitarias ou nos cales se incumpran as medidas de seguridade e precaución dispostas por estas, sempre que non sexa constitutiva de infracción moi grave.

k) A realización doutras condutas ou omisións que poidan producir un risco ou un dano grave para a saúde da poboación, cando esta non sexa constitutiva de infracción moi grave.

l) O incumprimento, por parte da persoa titular da instalación, establecemento, empresa ou actividade e con ocasión do seu funcionamento ou desenvolvemento, do deber de previr a comisión dalgunha das infraccións graves previstas nesta lei por parte das persoas suxeitas á súa dependencia ou vinculación.

m) A reincidencia na comisión de infraccións leves nos últimos doce meses.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº9, de Supresión.

Suprimir o texto que engade un novo Artigo 42 bis.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº19, de Supresión.

Débese suprimir o punto Trece do artigo único, suprimir na súa totalidade o artigo 42 *bis*.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº20, ao apartado d, de Supresión.

No caso de non ser aceptada a emenda número 19, débese suprimir no punto Trece do artigo único no apartado d do artigo 42 *bis*, a seguinte expresión.
Suprimir: "...voluntario..."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº21, ao apartado e, de Supresión.

No caso de non ser aceptada a emenda número 19, débese suprimir no punto Trece do artigo único, no apartado e do artigo 42 *bis*, a seguinte expresión.
Suprimir: "...voluntario..."

DITAME DA COMISIÓN:

Catorce. Engádesse un artigo 43 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 43 bis. Infraccións moi graves en materia de saúde pública

Tipifícanse como infraccións moi graves en saúde pública, ademais das establecidas na lexislación básica, as seguintes:

- a) O incumprimento, por acción ou omisión, da normativa sanitaria vixente ou das medidas de prevención, ordes, resolucións ou actos aprobados polas autoridades sanitarias competentes por razóns de saúde pública, cando se produza un risco ou un dano moi grave para a saúde da poboación.
- b) A falta de cumprimento voluntario da medida de illamento prescrita ou indicada polos profesionais sanitarios **ou polas profesionais sanitarias** ou polas autoridades sanitarias, con motivo da atención sanitaria, a persoas diagnosticadas dunha enfermidade transmisible ou con síntomas compatibles coa dita enfermidade, de forma repetida ou reiterada, ou cando se produza dano grave ou risco ou dano moi grave para a saúde da poboación.
- c) A falta de cumprimento voluntario da obrigaón de corentena indicada ou prescrita polas autoridades sanitarias, polos profesionais sanitarios **ou polas profesionais sanitarias**, polo persoal encargado do rastrexamento e seguimento de contactos ou por calquera outro axente de saúde pública que teña encomendadas estas funcións, de forma repetida ou reiterada, ou cando se produza dano grave ou risco ou dano moi grave para a saúde da poboación.
- d) As previstas nas alíneas a), b), c), f), g), h), i) e j) do artigo 42 bis, cando se produza un risco ou un dano moi grave para a saúde da poboación.
- e) A realización doutras condutas ou omisións que produzan un risco ou un dano moi grave para a saúde da poboación.
- f) O incumprimento, por parte da persoa titular da instalación, establecemento, empresa ou actividade e con ocasión do seu funcionamento ou desenvolvemento, do deber de previr a comisión dalgunha das infraccións moi graves previstas nesta



lei por parte das persoas suxeitas á súa dependencia ou vinculación.»

g) A reincidencia na comisión de faltas graves nos últimos cinco anos.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº10, de Supresión.

Suprimir o texto que engade un novo Artigo 43 bis.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº22, de Supresión.

Débese suprimir o punto Catorce do artigo único, suprimir na súa totalidade o artigo 43 *bis* creado.

DITAME DA COMISIÓN:

Quince. Engádese un artigo 44 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 44 bis. Sancións en materia de saúde pública

1. As infraccións en materia de saúde pública serán sancionadas gardando a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, e establecerase unha gradación desta en grao mínimo, medio e máximo para cada nivel de cualificación. Para a determinación da sanción que se vai impoñer, dentro de cada un destes graos, deberase atender aos criterios establecidos no artigo 29.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e no artigo 57.1 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como ao incumprimento das advertencias previas, ao número de persoas postas en risco ou afectadas, especialmente se se trata de colectivos vulnerables, ao nivel de responsabilidade exigible en función da condición profesional **da persoa responsable** da infracción, aos beneficios obtidos a causa da infracción e á permanencia ou transitoriedade dos riscos.

2. As infraccións en saúde pública tipificadas nos artigos 41 bis, 42 bis e 43 bis serán sancionadas con multas, conforme a gradación seguinte:

a) Infraccións leves:

- 1º) Grao mínimo: ata 1.000 euros.
- 2º) Grao medio: de 1.001 a 2.000 euros.
- 3º) Grao máximo: de 2.001 a 3.000 euros.

b) Infraccións graves:

- 1º) Grao mínimo: de 3.001 a 20.000 euros.
- 2º) Grao medio: de 20.001 a 40.000 euros.
- 3º) Grao máximo: de 40.001 a 60.000 euros.

c) Infraccións moi graves:

- 1º) Grao mínimo: de 60.001 a 200.000 euros.
- 2º) Grao medio: de 200.001 a 400.000 euros.
- 3º) Grao máximo: de 400.001 a 600.000 euros; esta contía poderase exceder ata acadar o quíntuplo do valor de mercado dos produtos ou servizos obxecto da infracción.

Malia o disposto anteriormente, á conduta consistente no incumprimento da obrigaón de uso de máscaras ou no uso inadecuado destas, cando se cualifique como infracción leve, de acordo co establecido neste capítulo, corresponderalle unha sanción mínima de multa na contía de 100 euros, sen prexuízo, non obstante, da posible imposición dunha sanción de multa de contía superior dentro das previstas para infraccións leves, e mesmo da posible tipificación da conduta como infracción de maior gravidade, todo isto atendendo as circunstancias concorrentes e o disposto neste capítulo.

No caso de infraccións moi graves, ademais da sanción de multa poderanse impoñer como sancións accesorias:

a) A prohibición de percibir calquera tipo de axudas ou subvencións por parte da Administración pública autonómica e local galega por un período de entre un e cinco anos.

b) O peche temporal dos establecementos ou servizos por un prazo máximo de cinco anos.

3. Malia o indicado no número 2, co fin de evitar que a comisión de infraccións resulte máis beneficiosa para a persoa que comete a infracción que o cumprimento das normas infrinxidas, a contía máxima das sancións de multa previstas no dito punto poderase incrementar ata acadar o importe do beneficio ilícito obtido coa comisión da infracción de que se trate.

4. A autoridade competente para resolver o expediente poderá acordar, así mesmo, como sanción accesoria, o comiso de bens ou produtos deteriorados, caducados, non autorizados ou que por calquera outra causa poidan entrañar risco para a saúde ou seguridade das persoas, e serán por conta de quen cometa a infracción os gastos que orixine a súa intervención, depósito, comiso, transporte ou destrución.

5. As reducións acumulables a que se refire o artigo 85 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, serán do 25 % cada unha delas.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº11, de Supresión.

Suprimir o texto que engade un novo Artigo 44 bis.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº23, de Supresión.

Débese suprimir o punto Quince do artigo único, suprimir na súa totalidade o artigo 44 *bis* creado.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº24, ao apartado 2, de Modificación.

No caso de non ser aceptada a emenda número 23, débese modificar no punto Quince do artigo único o apartado 2 do artigo 44 *bis*, polo seguinte contido.

"2. As infraccións en saúde pública tipificadas nos artigos 41 *bis*, 42 *bis* e 43 *bis* serán sancionadas con multas, conforme a gradación seguinte:

a) Infraccións leves:

1º) Grao mínimo: ata 1.000 €

2º) Grao medio: de 1.001 a 2.000 €

3º) Grao máximo: 2.001 a 3.000 €

b) Infraccións graves:

1º) Grao mínimo: de 3.001 a 6.000 €

2º) Grao medio: de 6.001 a 10.000 €

3º) Grao máximo: de 10.001 a 15.000 €

c) Infraccións moi graves:

1º) Grao mínimo: de 15.001 a 120.000 €

2º) Grao medio: de 120.001 a 300.000 €

3º) Grao máximo: de 300.001 a 600.000 €, ou ata o quíntuplo do valor dos produtos ou servizos obxecto de infracción.

Sen prexuízo da multa que proceda consonte o previsto anteriormente, e para os efectos de evitar que a comisión de infraccións resulte máis beneficiosa para a persoa que comete a infracción que o cumprimento das normas infrinxidas, a sanción económica que de ser o caso se impoña poderá ser incrementada coa contía do beneficio ilícito obtido."

DITAME DA COMISIÓN:

Dezaseis. Modifícase o artigo 45, que queda redactado como segue:

«Artigo 45. Competencia para a imposición de sancións sanitarias

1. Os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma competentes para a imposición das sancións polas infraccións previstas nos artigos 41, 42 e 43, coa excepción das recollidas no número 2 deste artigo, son os seguintes:

a) Os órganos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, de ser o caso, ata 120.202,42 euros, nos termos que se establezan regulamentariamente.

b) O Consello da Xunta, desde 120.202,43 euros.

2. Corresponderalles aos concellos o exercicio da competencia sancionadora pola comisión das infraccións previstas nos artigos 41, 42 e 43, sempre que as ditas infraccións afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales exercen competencias de control sanitario.

3. A Administración autonómica poderá actuar en substitución dos concellos nos supostos e cos requisitos recollidos na lexislación de réxime local.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº12, de Supresión.

Suprimir o texto que modifica o Artigo 45, mantendo o texto orixinal.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº25, ao apartado 1, de Supresión.

Débase suprimir no punto Dezaseis do artigo único, no apartado 1 do artigo 45 o seguinte contido.
Suprimir: "...con excepción das recollidas no número 2 deste artigo...".



-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº26, ao apartado 2, de Modificación.

Débase modificar no punto Dezaseis do artigo único, no apartado 2 do artigo que quedará redactado co seguinte contido.

"2. Os concellos, coa achega que a Xunta de Galicia faga en termos de recursos para poder levar a cabo esta tarefa, poderán sancionar as infraccións previstas nesta lei, conforme as súas propias ordenanzas e sempre que as ditas infraccións afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales exercen competencias de salubridade ou control sanitario."

DITAME DA COMISIÓN:

Dezasete. Engádese un artigo 45 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 45 bis. Competencia para sancionar as infraccións en materia de saúde pública

1. Correspóndelles aos concellos a competencia para incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores polas seguintes infraccións en saúde pública tipificadas nesta lei:

a) As infraccións leves previstas nas alíneas a), b), f), g), h), i), j), k) e l) do artigo 41 bis.

b) As infraccións leves previstas nas alíneas m) e n) do artigo 41 bis, cando as ditas infraccións afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales exercen competencias de control sanitario.

c) As infraccións graves previstas nas alíneas a), b) e f) do artigo 42 bis, cando as infraccións se cometan en relación coas autoridades sanitarias locais, cos seus axentes ou coa policía local.

d) As infraccións graves da alínea c) do artigo 42 bis, cando se refiran a condutas respecto das cales, na súa cualificación como infracción leve, lles corresponda exercer a potestade sancionadora aos concellos conforme as alíneas anteriores.

e) As infraccións graves previstas nas alíneas g), h), k) e l) do artigo 42 bis, cando as ditas infraccións afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales exercen competencias de control sanitario.

f) As infraccións graves previstas nas alíneas i) e j) do artigo 42 bis.

g) A infracción grave prevista na alínea m) do artigo 42 bis, cando se refira a infraccións leves respecto das cales lles corresponda exercer a potestade sancionadora aos concellos conforme o indicado neste número 1.

h) As infraccións moi graves previstas nas alíneas a), e) e f) do artigo 43 bis, cando afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales exercen competencias de control sanitario.

i) As infraccións moi graves da alínea d) do artigo 43 bis, cando se refiran a condutas respecto das cales, na súa cualificación como infracción grave, lles corresponda exercer a potestade sancionadora aos concellos conforme os puntos anteriores.

j) A infracción moi grave prevista na alínea g) do artigo 43 bis, cando se refira a infraccións graves respecto das cales lles corresponda exercer a potestade sancionadora aos concellos conforme o indicado neste número 1.

2. Correspóndelle á Administración autonómica a competencia para incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores polas infraccións en saúde pública tipificadas nesta lei distintas das enumeradas no número 1.

3. Os órganos autonómicos competentes para o exercicio da potestade sancionadora nos supostos previstos no punto anterior son:

a) A persoa titular da xefatura territorial correspondente da consellaría competente en materia de sanidade, cando se trate de infraccións leves e graves.

b) A persoa titular da consellaría competente en materia de sanidade, cando se trate de infraccións moi graves.

4. Sen prexuízo do establecido no número 1, os órganos competentes da Administración autonómica, de acordo coas regras competenciais previstas para os expedientes sancionadores de competencia autonómica, asumirán a incoación, instrución e resolución dos procedementos sancionadores polas infraccións previstas no número 1 no suposto de falta de actuacións dos concellos ante as denuncias presentadas pola cidadanía ou derivadas das actuacións de inspección, unha vez instados a actuar polos órganos competentes da Comunidade Autónoma e transcorrido o prazo concedido, que en ningún caso poderá ser inferior a un mes desde a recepción do requirimento, sen que se producise a notificación ao órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma da incoación do correspondente procedemento sancionador.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.



Emenda nº13, de Supresión.

Suprimir o texto que engade un novo Artigo 45 bis.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº27, de Supresión.

Débase suprimir o punto Dezasete do artigo único, suprimir na súa totalidade o artigo 45 *bis* creado.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº28, ao apartado 1, de Adición.

No caso de non aceptar a emenda número 27, débese engadir no punto Dezasete do artigo único, no apartado 1 do artigo 45 *bis* creado, ao final do primeiro parágrafo.
Engadir *in fine*: "...en competencias de salubridade ou control sanitario tipificadas nesta lei."

DITAME DA COMISIÓN:

Dezaoito. O artigo 46 queda redactado como segue:

«Artigo 46. Medidas provisionais previas á apertura do expediente sancionador

1. Con anterioridade á iniciación do expediente sancionador que corresponda, o órgano autonómico ou local competente poderá adoptar, de oficio ou por instancia de parte e de forma motivada, por razóns de urxencia inaprazable e para a protección provisional dos intereses implicados, as medidas provisionais previas que resulten necesarias e proporcionadas cando exista risco grave ou perigo inminente para a seguridade ou saúde das persoas ou cando se incumpran gravemente as condicións sanitarias, de salubridade e de hixiene.

2. Nos casos do punto anterior, os órganos competentes poderán adoptar algunha ou algunhas das seguintes medidas:

a) A suspensión de actividades, celebracións, eventos, espectáculos públicos ou actividades recreativas.

b) O desaloxo, a clausura e/ou o precinto de centros, servizos, establecementos ou instalacións.

3. As medidas adoptaranse mediante resolución motivada, respectando sempre o principio de proporcionalidade e logo da audiencia ás persoas interesadas. O trámite de audiencia poderase omitir en casos de extraordinaria urxencia debidamente xustificados na resolución.

4. As medidas provisionais adoptadas deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento sancionador, que se deberá efectuar dentro dos quince días seguintes ao da súa adopción, o cal poderá ser obxecto do recurso que proceda.

En todo caso, estas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no dito prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso sobre elas.

5. A Administración competente para adoptar as medidas previstas neste artigo será a mesma que teña atribuída a competencia para a incoación do procedemento sancionador que corresponda.

Nos casos de competencia autonómica, o órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para adoptar as ditas medidas será o que teña atribuída a competencia para incoar o correspondente procedemento sancionador ou o órgano instrutor.

6. Tendo en conta a afectación ás competencias autonómicas, a Administración autonómica poderá adoptar as medidas provisionais previas en supostos de competencia dos concellos, de acordo co previsto no punto anterior, á custa e en substitución destes, no caso de inhibición da entidade local, logo do requirimento a esta que non sexa atendido no prazo indicado para o efecto, que en ningún caso poderá ser inferior a un mes. A non atención do requirimento por parte da entidade local exixirá a alegación dunha causa xustificada e debidamente motivada.

Tamén poderá adoptar as citadas medidas por razóns de urxencia inaprazable e extraordinaria que así o xustifiquen, e, neste caso, as medidas deberán ser postas en coñecemento inmediato do concello respectivo.

O órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para adoptar as medidas provisionais previas, nos supostos previstos neste punto, será o que teña atribuída a competencia para a incoación ou instrución de expedientes sancionadores de competencia autonómica.»

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Dezanove. Engádese un artigo 46 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 46 bis. Medidas de adopción directa polos axentes das forzas e corpos de seguridade

1. Nos casos de realización de actividades que comporten un risco grave ou perigo inminente para a saúde das persoas, os axentes dos corpos e forzas de seguridade poderán adoptar de forma directa, logo do requirimento ás persoas responsables da realización daquelas e no caso de que este non sexa atendido, as seguintes medidas:

a) A suspensión inmediata de actividades e o desaloxo e precinto de centros, servizos, establecementos ou instalacións.

b) Aqueloutras medidas que se consideren necesarias, atendendo as circunstancias concorrentes en cada caso, para garantir a seguridade e saúde das persoas, e que garden a debida proporción atendendo os bens e dereitos obxecto de protección.

2. No caso de que os axentes adopten as medidas indicadas no punto anterior, deberanllo comunicar inmediatamente ao órgano competente de acordo co artigo 46 para adoptar as medidas provisionais previas pertinentes, que deberá confirmalas, modificalas ou levantalas no prazo de corenta e oito horas desde a indicada comunicación. O incumprimento do dito prazo comporta automaticamente o levantamento das medidas inmediatas adoptadas.

3. Se o órgano indicado no punto anterior ratifica as medidas adoptadas, o réxime de confirmación, modificación ou levantamento posterior rexerese polo que dispón o artigo 46.

4. O disposto nos puntos anteriores enténdese sen prexuízo das medidas que poida adoptar a Administración xeral do Estado no exercicio das súas competencias.»

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Vinte. Engádesse un artigo 46 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 46 ter. Medidas provisionais durante o procedemento sancionador

1. Unha vez incoado o procedemento sancionador, o órgano administrativo competente para resolvelo poderá adoptar, de oficio ou por instancia de parte, en calquera momento, mediante resolución motivada e logo da audiencia ás persoas interesadas, as medidas provisionais que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que se poida ditar, así como para a salvagarda da saúde, de existiren elementos de xuízo suficientes para iso, de acordo cos principios de proporcionalidade, efectividade e menor onerosidade.

O trámite de audiencia previa poderase omitir no caso de urxencia, que deberá estar debidamente motivada na resolución que determine a adopción das medidas provisionais. Nestes casos, efectuarase un trámite de audiencia con posterioridade á adopción da medida.

2. As medidas provisionais deberán ser proporcionadas á natureza e gravidade das infraccións cometidas, e poderán consistir nalgunha das previstas no artigo 46 ou en calquera outra que asegure a eficacia da resolución que se poida ditar. Non se poderán adoptar medidas provisionais que poidan causar prexuízo de difícil ou imposible reparación ás persoas interesadas ou que impliquen violación de dereitos amparados polas leis.

3. As medidas provisionais poderán ser alzadas ou modificadas durante a tramitación do procedemento, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En todo caso, extinguíranse coa eficacia da resolución administrativa que poña fin ao procedemento.»

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Vinte e un. O artigo 47 queda redactado como segue:

«Artigo 47. Prescrición de infraccións e de sancións

1. As infraccións leves prescribirán ao ano, as graves aos tres anos e as moi graves aos cinco anos.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contar desde o día en que a infracción se cometese.

Nos supostos de infraccións continuadas, o prazo de prescrición comezará a contar desde o momento da finalización da actividade ou do último acto con que a infracción se consuma. No caso de que os feitos ou actividades constitutivos de infracción sexan descoñecidos por careceren de signos externos, o dito prazo computarase desde que estes se manifesten.

Interromperá a prescrición a iniciación, co coñecemento **da persoa interesada**, do procedemento sancionador e o prazo de prescrición reiniciarase se o expediente sancionador está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto **ou á presunta** responsable.

2. As sancións impostas pola comisión de infraccións leves prescribirán ao ano, as impostas por faltas graves aos tres anos e as impostas por faltas moi graves aos cinco anos.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola cal se impón a sanción ou transcorre o prazo para recorrer contra ela.

Interromperá a prescrición a iniciación, co coñecemento **da persoa interesada**, do procedemento de execución e volverá transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable **á persoa infractora**.

No caso de desestimación presunta do recurso de alzada interposto contra a resolución pola cal se impón a sanción, o prazo de prescrición da sanción comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo legalmente previsto para a resolución do dito recurso.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº29, ao apartado 1, de Modificación.

Débese modificar no punto Vinte e un do artigo único, no apartado 1 do artigo 47 o seguinte contido.

Onde di: "...graves aos tres anos e as moi graves...", debe dicir: "...graves aos dous anos e as moi graves...".

DITAME DA COMISIÓN:

Vinte e un bis.

O capítulo VI do título II queda redactado como segue:

"Capítulo VI

Planificación do Sistema público de saúde: a Estratexia galega de saúde e os seus instrumentos de desenvolvemento sectorial e territorial

Artigo 61. *A Estratexia galega de saúde*

- 1. A política sanitaria galega programarase mediante un documento estratéxico de carácter plurianual denominado Estratexia galega de saúde.**
- 2. A Estratexia galega de saúde terá un carácter integral, definindo prioridades e obxectivos comúns para os eidos da saúde pública, da prevención de riscos sanitarios, da promoción da saúde, da prestación de asistencia sanitaria e da docencia, formación, investigación e innovación sanitarias. En consecuencia, as persoas que ocupen postos directivos e postos de xefatura relacionados con estes eidos deberán orientar os seus obxectivos ás directrices desta estratexia.**

Artigo 62. *Contidos da Estratexia galega de saúde*

A Estratexia galega de saúde deberá conter, polo menos, os seguintes aspectos:

- 1. A identificación dos principais problemas de saúde que afectan a poboación galega.**
- 2. A identificación das áreas de mellora na calidade das prestacións e servizos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia e na garantía dos dereitos sanitarios da cidadanía.**
- 3. As intervencións sanitarias e accións necesarias para mellorar os resultados en saúde relacionados coas prioridades sanitarias previamente identificadas.**
- 4. O prazo de vixencia do documento estratéxico.**

Artigo 63. *Tramitación da Estratexia galega de saúde*

- 1. A Consellería de Sanidade elaborará un borrador da Estratexia galega de saúde baseado na evidencia científica dispoñible, nos indicadores do Sistema de información de saúde de Galicia, na opinión e colaboración de persoas**

expertas e nos resultados das avaliacións de documentos estratéxicos anteriores e das enquisas de satisfacción ou resultados dos procesos de participación das persoas usuarias do Sistema público de saúde.

2. Este borrador da Estratexia galega de saúde será sometido a información pública no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia e estará aberto ás suxestións da cidadanía galega.

3. Logo de avaliadas as achegas, recibidas a través do Portal de transparencia e Goberno aberto, o borrador remitiráselle ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de igualdade para a emisión dun informe en que se avalíe o impacto por razón de xénero das medidas e accións previstas.

4. A Consellería de Sanidade presentará o proxecto de Estratexia galega de saúde ao Consello Galego de Saúde, ao Consello Asesor do Sistema Público de Saúde de Galicia e ao Consello Asesor de Pacientes de Galicia.

5. Á vista do conxunto das alegacións, suxestións e informes, a Consellería de Sanidade elevará o proxecto de Estratexia galega de saúde ao Consello da Xunta para a súa aprobación.

6. Unha vez aprobada polo Consello da Xunta, a Estratexia galega de saúde será presentada no Parlamento de Galicia pola persoa titular da Consellería de Sanidade, será remitida ao Ministerio de Sanidade para o seu coñecemento e será publicada co seu texto definitivo no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.

7. A Consellería de Sanidade informará anualmente o Parlamento de Galicia da avaliación do cumprimento dos obxectivos marcados pola Estratexia.

Artigo 64. *Desenvolvemento sectorial da Estratexia galega de saúde*

1. A Consellería de Sanidade poderá aprobar plans ou programas específicos para desenvolver aspectos concretos da Estratexia galega de saúde, tanto para a abordaxe detallada dun dos obxectivos, problemas ou áreas de mellora identificadas nela como para a abordaxe conxunta de varios deles desde un eido particular da xestión sanitaria.

2. Estes plans e programas deberán estar aliñados coas directrices marcadas pola Estratexia galega de saúde e desenvolverse dentro do seu prazo de vixencia.

3. Os documentos destes plans e programas serán publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto da

Xunta de Galicia e a avaliación dos seus resultados específicos integrárase dentro da información que anualmente traslade a Consellería de Sanidade ao Parlamento de Galicia conforme o apartado 7 do artigo anterior.

Artigo 65. *Desenvolvemento territorial da Estratexia galega de saúde. Os plans de saúde de área*

1. Os órganos de dirección e xestión das áreas sanitarias deberán elaborar plans de saúde que adapten as directrices definidas pola Estratexia galega de saúde á realidade sanitaria do seu ámbito territorial e fixen as accións que se van levar a cabo a través dos seus medios e recursos para avanzar nas prioridades marcadas.

2. Os borradores de plans de saúde de área serán sometidos a información pública para recoller suxestións da cidadanía e serán presentados aos respectivos consellos de saúde e consellos asesores de pacientes de Galicia.

3. Unha vez superados estes procesos, os órganos de dirección e xestión das áreas sanitarias remitiranlle os proxectos de plans de saúde de área á Consellería de Sanidade para a súa aprobación definitiva, de ser o caso, por parte da persoa titular desta.

4. Os instrumentos de organización e xestión regulados no artigo 97 que se acorden periodicamente entre os órganos da Consellería de Sanidade e os órganos de dirección e xestión das áreas sanitarias deberán recoller previsións específicas para a abordaxe dos obxectivos dos plans de saúde de área directamente aliñados coas prioridades marcadas pola Estratexia galega de saúde.

Artigo 66. *Os plans locais de saúde*

Os equipos directivos dos centros de saúde elaborarán plans locais de saúde que definan prioridades na mellora da saúde comunitaria das súas zonas sanitarias. Estes plans locais de saúde deberán prever medidas específicas para a abordaxe das prioridades marcadas pola Estratexia galega de saúde.”

NON TEN EMENDAS



DITAME DA COMISI3N:

Vinte e dous. O t3tulo do artigo 78 pasa a ser: «Asesoramento e consulta».

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Vinte e tres. O número 5 do artigo 78 queda redactado como segue:

«5. A persoa titular da consellaría competente en materia de sanidade poderá designar asesores **ou asesoras** sectoriais en materias específicas relacionadas coa asistencia e organización sanitarias, coa saúde pública e coa docencia e investigación nas ciencias da saúde e, en xeral, en calquera outra materia de interese sanitario respecto á cal resulte conveniente solicitar asesoramento especializado. Estas persoas poderán prestar asesoramento individualmente ou integrando grupos de traballo.

En particular, promoverase a actuación de grupos de traballo integrados por profesionais cualificados **e por profesionais cualificadas** para o asesoramento na xestión de crises sanitarias e na adopción de medidas preventivas adecuadas para o control de enfermidades transmisibles.»

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Vinte e tres bis.

Engádese unha nova letra i) ao artigo 107 co seguinte contido:

“i) A vixilancia epidemiolóxica e o manexo dos sistemas de información e de protección e promoción da saúde.”

NON TEN EMENDAS

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº14, de Adición.

Engadir unha nova Disposición adicional primeira co seguinte texto:

"Disposición adicional primeira. *Sistema público de rastrexo*
No prazo máximo dun mes, a partir da aprobación desta lei, crearase un sistema público de rastrexo como un instrumento esencial de saúde pública para controlar os gromos epidémicos-infecciosos, interromper a cadea de transmisión dunha enfermidade infecciosa e as medidas conexas, como a corentena dos contactos e o illamento dos casos. Contará co persoal estable e permanente necesario para ter en todo momento o programa operativo, así como cos protocolos, mecanismos e formación precisos para ampliar o dispositivo no menor tempo posible no caso de ser preciso."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº15, de Adición.

Engadir unha nova Disposición adicional primeira bis) co seguinte texto:

"Disposición adicional primeira bis). *Sistema de vixilancia epidemiolóxica e saúde pública*

No prazo máximo de tres meses Saúde Pública procederá á creación dunha estrutura para potenciar as redes de vixilancia epidemiolóxica, con capacidade de facer fronte ás ameazas derivadas de enfermidades transmisibles, un instrumento de coñecemento e xestión epidemiolóxico, con estruturas humanas e técnicas, capacidade de operar con sistemas de información áxiles e en conexión e coordinación especialmente no ámbito da atención primaria."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº16, de Adición.

Engadir unha nova Disposición adicional primeira ter) co seguinte texto:

"Disposición adicional primeira ter). *Coordinación Saúde Pública e Atención Primaria*

No prazo de tres meses, contados a partir da entrada en vigor desta lei, aprobaranse as normas regulamentarias que resulten necesarias para garantir a coordinación entre Saúde Pública e Atención Primaria, para desenvolver medidas de promoción de estilos de vida saudables e de prevención, en especial os de carácter intersectorial, que figuran entre as funcións de saúde pública (artigo 49.i) e as actividades programadas en materia de vixilancia e información, así como a promoción e protección da saúde e a prevención da enfermidade, que figuran entre as funcións da Atención Primaria (artigo 50.b)."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº17, de Adición.

Engadir unha nova Disposición adicional primeira quater) co seguinte texto:

"Disposición adicional primeira quater). *Planificación de recursos humanos*

Para dar resposta ao recollido no artigo 112, no prazo de tres meses, contados a partir da entrada en vigor desta lei, o Servizo Galego de Saúde contará cun Plan de ordenación de recursos humanos que terá en conta as necesidades reais do servizo, coa finalidade de lles dar cumprimento aos dereitos da cidadanía previstos polas normas en materia de saúde. Neste plan figurarán as necesidades de renovación do persoal actual e a previsión de incorporación do persoal necesario para facer fronte ás crecentes necesidades asistenciais, así como as medidas estratéxicas que permitan contar con este persoal."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº18, de Adición.

Engadir unha nova Disposición adicional primeira quinquies) co seguinte texto:

"Disposición adicional primeira quinquies.) *Equipos multidisciplinares en Atención Primaria*

Para dar cumprimento ao establecido no artigo 50, Atención Primaria, no punto 2, no que refire que incluírá entre o seu catálogo de servizos as seguintes funcións e modalidades de atención sanitaria (... rehabilitación, atención á saúde mental, traballo social...), procederá no prazo máximo de tres meses á incorporación nos equipos de Atención Primaria das e dos profesionais precisos, e en número suficiente, para prestar esa atención (psicólogas/os clínicos, fisioterapeutas, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadore/as sociais...)."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº19, de Adición.

Engadir unha nova Disposición adicional primeira sexties) co seguinte texto:

"Disposición adicional primeira sexties). *División en zonas sanitarias*

No prazo de tres meses, contados a partir da entrada en vigor desta lei, aprobaranse as normas regulamentarias que resulten necesarias para que os concellos cunha poboación superior aos cincuenta mil habitantes (ou menos se así for considerado adecuado funcionalmente) poidan subdividirse en zonas sanitarias para efectos de adscrición ás unidades e aos servizos de atención primaria."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº20, de Adición.

Engadir unha nova Disposición adicional primeira septies) co seguinte texto:

"Disposición adicional primeira septies). *Catálogo de prazas de persoal estatutario*

No prazo de tres meses, contados a partir da entrada en vigor desta lei, aprobaranse as normas regulamentarias que resulten necesarias para que o persoal estatutario da Comunidade Autónoma de Galicia que presta servizos nas institucións, nos órganos, nas unidades ou nas estruturas do Sistema público de saúde de Galicia, con calquera tipo de vinculación contractual, figure nun catálogo de prazas que identifique estas prazas e defina as súas características contractuais."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº21, de Adición.

Engadir unha nova Disposición adicional primeira octies) co seguinte texto:

"Disposición adicional primeira octies. *Coordinación sociosanitaria*

No prazo de tres meses, contados a partir da entrada en vigor desta lei, aprobaranse as normas regulamentarias que resulten necesarias para garantir a coordinación entre a Consellería de Sanidade e o sistema de servizos sociais para garantir a asistencia a aqueles doentes, xeralmente crónicos, que polas súas especiais características poden beneficiarse da atención simultánea e sinérxica dos servizos sanitarios e sociais para aumentar a súa autonomía, paliar as súas limitacións ou sufrimentos e facilitar a súa reinserción social."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº22, de Adición.

Engadir unha nova Disposición adicional primeira novies) co seguinte texto:

"Disposición adicional primeira noveies). *Creación dun sistema público de investigación sanitaria*

Recoñécese o carácter público das tres fundacións hospitalarias de xestión dos institutos de investigación biomédica de Galicia e a súa dependencia da Axencia do Coñecemento en Saúde. A partir deste recoñecemento a consellaría competente en materia de sanidade:

1. Poñerá en marcha un sistema público de investigación sanitaria no que se integrará todo o persoal que forma parte das tres fundacións biomédicas de Galicia: Fundación Profesor Nóvoa Santos (FPNS), Fundación Instituto de Investigación Sanitaria Santiago de Compostela (FIDIS) e Fundación Biomédica Galicia Sur (FBGS). Contará con financiamento público estrutural, suficiente e específico. Terá como misión:

a) O impulso da investigación, a docencia, a innovación e o desenvolvemento científico-tecnolóxico no ámbito sanitario galego

b) A colaboración e sinerxías do persoal clínico e investigador, chave para a xeración de coñecemento.

2. Establecerá un sistema de acceso e unha carreira investigadora/profesional, así como unha estrutura salarial homoxénea e acorde co traballo altamente cualificado realizado.

3. Creará a categoría de persoal investigador dentro das categorías estatutarias do persoal do Sergas."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria única. Réxime transitorio en materia sancionadora

1. Respecto dos feitos cometidos con anterioridade á entrada en vigor desta lei, serán aplicables as disposicións sancionadoras vixentes no momento de se produciren tales feitos.

2. Os procedementos sancionadores en tramitación no momento da entrada en vigor desta lei rexeranse pola normativa vixente no momento da súa incoación.

3. Corresponderalles aos concellos a competencia para resolver os procedementos sancionadores por feitos acaecidos antes da entrada en vigor de esta lei que sexan constitutivos de infracción en materia de saúde pública, sempre que tales infraccións afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales exercen competencias de control sanitario de acordo co artigo 42 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e co artigo 80 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

4. Malia o disposto nos dos puntos anteriores, de conformidade co artigo 26.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as disposicións sancionadoras previstas nesta lei producirán efecto retroactivo en canto favorezan o presunto infractor **ou a presunta infractora** ou o infractor **ou a infractora**, tanto no referido á tipificación da infracción como á sanción e aos seus prazos de prescrición, mesmo respecto das sancións pendentes de cumprimento ao entrar en vigor a nova disposición.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº30, ao apartado 3, de Modificación.

Débase modificar no apartado 3 da Disposición transitoria única do artigo único o seguinte contido.

Onde di: "...en materia de saúde pública, sempre que tales infraccións afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales exercen competencias de control sanitario de acordo co artigo 42 da Lei...", debe dicir: "... en materia de saúde pública, sempre que tales infraccións afecten as áreas de



responsabilidade mínima sobre as cales exercen competencias de salubridade ou control sanitario de acordo co artigo 42 da Lei...".

**DITAME DA COMISIÓN:**

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Exposición de motivos.

I

A expansión do SARS-CoV-2 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por parte dalgunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento do estado de alarma, non obstante, non puxo fin á situación de crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas a nivel estatal no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola covid-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención, tanto de carácter xeral para todo o territorio autonómico como, de maneira específica, a través de diferentes ordes, atendendo a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Posteriormente, mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse un novo estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que afecta todo o territorio nacional, cunha duración inicial ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 e unha prórroga autorizada polo Congreso dos Deputados ata o 9 de maio de 2021.

Conforme o marco normativo derivado do estado de alarma vixente, a autoridade competente será o Goberno da Nación e,

en cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para a adopción das medidas recollidas no real decreto, nos termos e co alcance previstos na dita norma, sen que para iso sexa precisa a tramitación de ningún procedemento administrativo nin autorización nin ratificación xudicial.

Procede destacar, non obstante, que as medidas previstas no real decreto non esgotan todas as que poden ser adoptadas durante a vixencia do estado de alarma para facer fronte á crise sanitaria senón que, como prevé expresamente o artigo 12 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, cada administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto. Por tanto, como destaca expresamente a exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma, as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto na dita norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola covid-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

Do anteriormente exposto despréndese que as medidas para facer fronte a riscos para a saúde pública derivados de crises sanitarias non encontran o seu fundamento normativo, con carácter exclusivo, no dereito de excepción como o derivado da declaración dun estado de alarma.

En efecto, ben que as crises sanitarias, tales como epidemias, constitúen un dos supostos que habilitan para a declaración do estado de alarma, conforme o artigo cuarto da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, a dita declaración, dado o seu carácter excepcional, non se pode entender como a única alternativa xurídica para facer fronte a esas situacións, ao existiren na lexislación sanitaria mecanismos extraordinarios para tutelar a saúde pública.

Así, na súa concepción constitucional e na da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, o estado de alarma representa a aplicación dun dereito excepcional, limitado no tempo, condicionado pola adecuación das medidas ás circunstancias concretas que se presenten, e só xustificado na medida en que, para facer fronte a tales circunstancias, non sexan suficientes os poderes ordinarios das autoridades competentes. Non procederá, polo tanto, acudir ao estado de alarma para o control dunha epidemia, mantendo activo un dereito excepcional, cando a lexislación de dereito ordinario, en especial a sanitaria e a normativa en materia de protección civil e seguridade cidadá, lles permita afrontar a situación existente ás autoridades públicas, singularmente o Estado e as comunidades autónomas, cos seus poderes ordinarios, isto é, conforme as regras ordinarias de distribución de competencias.

Só cando sexa imprescindible o Goberno debe acudir á declaración dun estado de alarma; en particular, como expresa o artigo cuarto da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, cando se trate de crises sanitarias que produzan «alteracións graves da normalidade», en todo ou en parte do territorio nacional, que demanden unha actuación centralizada da crise nos territorios afectados e a necesidade de contar cos instrumentos específicos previstos no artigo once da dita lei orgánica.

Agora ben, débese chamar a atención sobre que a Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, como puxo de manifesto a doutrina, non dá respostas específicas apropiadas para situacións de crises sanitarias, especialmente de duración prolongada, como a que nos ocupa, e que se limita a remitirse a que, nestes casos, se poderán adoptar as medidas «establecidas nas normas para a loita contra as enfermidades infecciosas» (artigo doce da lei orgánica). A resposta específica a unha situación de epidemia ou pandemia non se encontra, pois, na regulación do estado de alarma senón na lexislación sanitaria. Por tanto, as medidas que a lexislación orgánica e ordinaria establecen para os casos de perigos e ameazas para a saúde pública poden chegar a ser suficientes para abordar unha pandemia sen necesidade de recorrer a unha situación constitucional excepcional como é o estado de alarma.

A Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, remite, pois, á lexislación sanitaria e apóiase nela, dada a ausencia de respostas específicas na propia lexislación reguladora do estado de alarma. Deste modo, a lexislación sanitaria cobra un papel estratéxico fundamental na loita contra a pandemia. En

definitiva, non procede acudir de maneira continuada ao estado excepcional de alarma ante cada repunta da enfermidade que se produza se se pode facer fronte cos mecanismos de tutela da saúde pública previstos na lexislación sanitaria. E, mesmo nos casos en que resulte necesario acudir ao dereito de excepción, os mecanismos previstos na lexislación sanitaria tamén seguirán desempeñando un papel fundamental, no que resulte compatible co marco normativo excepcional temporalmente aplicable.

II

Centrándonos, así, nos mecanismos de tutela previstos na lexislación sanitaria, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, conforma, xunto coa Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o corpo normativo fundamental da acción de tutela da saúde pública a nivel estatal, ao cal se debe unir a lexislación autonómica reguladora da protección da saúde pública no marco de competencias autonómico, como é o caso, na Comunidade Autónoma galega, da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En efecto, recóllense na dita normativa medidas que as autoridades sanitarias poderán acordar para tutelar a saúde pública en situacións de risco, co fin de cumprir o mandato contido no artigo 43 da Constitución española, que, despois de proclamar o dereito á protección da saúde, dispón que lles compete aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios e que a lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto.

O dito marco normativo débese completar, atendida a posible afectación que tales medidas poden ter sobre os dereitos fundamentais, coa necesidade de intervención xudicial.

Malia o anterior, a crise da covid-19 puxo de manifesto a necesidade de contar cunha maior densidade normativa no que respecta á articulación dos mecanismos extraordinarios que recolle a lexislación sanitaria para tutelar a saúde pública ante crises sanitarias. Neste sentido, son fundamentalmente catro as carencias normativas que se detectaron neste ámbito: a necesidade dunha maior concreción das medidas susceptibles de ser adoptadas nestes casos (en especial, para facer fronte a

enfermidades de carácter transmisible), a regulación dos requisitos exigibles para a súa adopción por parte da autoridade sanitaria competente, a necesidade dunha maior claridade e concreción en relación co réxime sancionador aplicable e a precisión dos termos e o alcance da garantía xudicial.

En relación con esta última cuestión, procede destacar a recente modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, operada pola Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á covid-19 no ámbito da Administración de xustiza, en virtude da cal se deslindaron as competencias para a autorización ou ratificación xudicial de medidas adoptadas conforme a lexislación sanitaria que as autoridades sanitarias consideren urxentes e necesarias para a saúde pública e impliquen limitación ou restrición de dereitos fundamentais, en función de carácter individualizado ou non dos seus destinatarios e da autoridade sanitaria da cal procedan, e se regulou a tramitación que se seguirá para a dita autorización ou ratificación.

En cambio, subsisten as outras tres carencias normativas apuntadas, que demandan que, no exercicio da competencia autonómica en materia de sanidade interior recollida no artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia, se introduzan na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, as modificacións necesarias co fin de facer fronte á necesidade de contar cun marco normativo claro na materia que ofrezca a necesaria seguridade xurídica, tanto para **quen debe** intervir na adopción das medidas e na súa inspección, vixilancia, control e sanción como para as persoas destinatarias destas.

Especial atención merece a concreción das medidas preventivas que poden ser adoptadas polas autoridades sanitarias galegas, no exercicio das súas competencias, para facer fronte a riscos de saúde pública. Dada a posible afectación que tales medidas poden ter nos dereitos e liberdades da cidadanía, procede que unha norma legal regule estas medidas, delimitando con precisión os seus contornos e os requisitos para a súa adopción, tendo en conta necesariamente o marco normativo constituído pola lexislación sanitaria e procesual antes citada.

En efecto, conforme reiterada doutrina do Tribunal Constitucional, os dereitos e as liberdades que a Constitución recoñece non teñen carácter absoluto ou ilimitado, senón que

se poden ver sometidos a certas modulacións ou límites, xustificados na protección doutros dereitos, bens ou valores constitucionais, sempre coa debida proporcionalidade.

Neste sentido, a saúde pública é un ben constitucionalmente protexido cuxa tutela, imposta polo artigo 43 da Constitución española, pode xustificar o establecemento de límites ao exercicio de dereitos e liberdades, tendo en conta, ademais, a íntima conexión do dito mandato constitucional de protección da saúde pública co dereito á vida e á integridade física recoñecidos no artigo 15 da Constitución española, como recentemente tivo oportunidade de recordar o Tribunal Constitucional no seu Auto 40/2020, do 30 de abril.

Xunto con iso, o Tribunal Constitucional admitiu o establecemento de medidas limitativas de dereitos e liberdades, incluídos dereitos fundamentais e liberdades públicas, sen ter que acudir necesariamente ao chamado dereito de excepción ben que co necesario respecto á reserva de lei (artigos 53.1 e 81.1 da Constitución española), de modo que debe ser a lei a que habilite a inxerencia no ámbito dos dereitos e liberdades e exprese os presupostos e as condicións da intervención.

Sentado o anterior, no caso concreto das medidas limitativas de dereitos fundamentais e de liberdades públicas e respecto da reserva de lei orgánica do artigo 81.1 da Constitución española, débese advertir que o Tribunal Constitucional, xa desde as súas primeiras sentenzas, incidiu na necesidade de aplicar un criterio estrito ou restrictivo en relación co alcance da reserva de lei orgánica para o desenvolvemento de dereitos fundamentais e de liberdades públicas previstas no artigo 81.1 da Constitución española. En concreto, de acordo con esta doutrina constitucional, require lei orgánica unicamente a regulación dun dereito fundamental ou dunha liberdade pública que «desenvolva» a Constitución de maneira directa e en elementos esenciais para a definición do dereito fundamental, xa sexa nunha regulación directa, xeral e global deste, xa nunha parcial ou sectorial, pero igualmente relativa a aspectos esenciais do dereito, e non, por parcial, menos directa ou encamiñada a contribuír á delimitación e definición legal do dereito. Non entran, en cambio, dentro da reserva de lei orgánica as modulacións provisionais e limitadas á forma en que certos suxeitos gozan, en circunstancias moi determinadas e non xeneralizables, do dereito fundamental (entre outras, sentenzas do Tribunal Constitucional 53/2002, do 27 de febreiro, e 186/2013, do 4 de novembro). O reservado ao



Estado ex artigo 81.1 da Constitución española é, pois, a regulación dos aspectos esenciais, o desenvolvemento directo do dereito fundamental considerado en abstracto ou «en canto tal», en canto que se atribúe a regulación da «materia» sobre a que se proxecta o dereito **ao lexislador ordinario, estatal ou autonómico**, con competencias sectoriais sobre ela. En suma, a reserva enunciada no artigo 81.1 da Constitución española para o desenvolvemento dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas non é incompatible coa colaboración internormativa entre a fonte a favor da cal a reserva se establece e outras fontes de produción recoñecidas na Constitución, para acadar, deste modo, unha disciplina integral e articulada do ámbito de que se trate (entre outras, STC 137/1986, do 6 de novembro).

De acordo co exposto, no ámbito concreto das medidas de protección da saúde pública, **o lexislador orgánico**, a través da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, configurou a protección da saúde pública, dada a súa evidente conexión co dereito á vida e á integridade física, como dereito constitucionalmente protexido que pode operar como límite dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, a través da adopción, por parte das autoridades sanitarias competentes, das necesarias medidas para salvagardar aquela. A dita lei orgánica contén, ademais, os presupostos e as condicións para tal intervención limitativa de dereitos e liberdades, ao delimitar tanto o ámbito material (a saúde pública) como a exixencia de que esas razóns sanitarias que demandan a adopción das medidas sexan urxentes e necesarias e a finalidade de tales medidas (a protección da saúde pública e a prevención da súa perda ou deterioración, con atención particular, no seu artigo terceiro, á finalidade de controlar as enfermidades transmisibles). A lei orgánica efectúa así, en aplicación do artigo 81 da Constitución española, un desenvolvemento directo ou primario respecto dos límites a que poidan quedar sometidos os dereitos fundamentais e as liberdades públicas a prol da protección da saúde pública, precisando as condicións esenciais que deben concorrer para a adopción, por parte das autoridades sanitarias competentes, de medidas limitativas con tal fin; un desenvolvemento que, conforme a doutrina constitucional exposta, pode ser concretado, respectando as condicións esenciais establecidas na dita lei orgánica, polo lexislador ordinario competente na materia (neste caso, polo lexislador autonómico en exercicio das competencias en materia de sanidade interior).



Conforme o exposto, unha das principais finalidades desta lei é, así, concretar as medidas que, tendo en conta o disposto na lexislación sanitaria estatal, de rango orgánico e ordinario, poden ser adoptadas polas autoridades sanitarias galegas para a protección da saúde pública, así como regular os requisitos que se deben cumprir para a súa correcta adopción, con especial atención ás exixencias de motivación e de proporcionalidade. Tamén se aclara e completa o réxime sancionador aplicable en materia de saúde pública.

Ben que o obxectivo fundamental da reforma estriba en facer fronte ás carencias normativas apuntadas, introdúcense, así mesmo, outras modificacións puntuais na Lei 8/2008, do 10 de xullo, na súa maior parte tamén relacionadas con aspectos relativos á protección da saúde pública, tal e como se describe a continuación.

III

Esta lei estrutúrase nun artigo único, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, nunha disposición transitoria e nunha disposición derradeira.

Respecto das modificacións introducidas na Lei 8/2008, do 10 de xullo, tal e como se adiantou antes, a maior parte das ditas modificacións refírese a aspectos relacionados coa protección da saúde pública, co fin de contar cunha normativa máis clara e completa na materia.

Así, dáselle nova redacción ao artigo 33 da lei para completar o concepto de autoridade sanitaria e para precisar aquelas autoridades sanitarias que poderán establecer as intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía e, entre elas, as medidas preventivas tanto por razóns sanitarias en xeral como por razóns de protección da saúde pública en particular.

En relación coas intervencións públicas previstas no artigo 34 da lei, incorpórase no seu número 12 unha remisión expresa ás medidas preventivas específicas en materia de saúde pública que se recollen na nova redacción do artigo 38 e engádese un novo número 15 relativo ao posible establecemento de prohibicións, limitacións e estratexias de prevención do consumo de bebidas alcohólicas, en especial polas persoas menores de idade. Ademais, con esta finalidade recóllese directamente na lei a prohibición de consumo en grupo de

bebidas alcohólicas na vía pública, parques e prazas públicas e noutros lugares de tránsito público.

Engádese un novo punto no artigo 37 coa finalidade de garantir a suficiencia de medios persoais para o desenvolvemento das funcións de inspección de saúde pública en supostos de crises sanitarias ou epidemias.

Dáselle nova redacción ao artigo 38 da lei co fin de recoller, como se apuntou antes, de maneira máis concreta e nun mesmo precepto, as medidas preventivas que poden ser adoptadas polas autoridades sanitarias para a protección da saúde pública, incluídas as limitativas de dereitos fundamentais a que se refire a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, con especial atención ás destinadas ao control de enfermidades de carácter transmisible. Non se inclúe, non obstante, unha enumeración exhaustiva e esgotadora de medidas, pois iso podería dificultar o seu fin primordial, que é a tutela da saúde pública. De aí que se introduzan cláusulas finais abertas que permitan a adaptación ás circunstancias do caso, ben que se debe tratar en todo caso de medidas rodeadas das necesarias garantías.

En relación coas medidas en materia de saúde pública, introdúcense, ademais, tres novos artigos: o 38 bis, o 38 ter e o 38 quater.

No primeiro deles recóllense previsións en relación coa medida específica de intervención de centros de servizos sociais, ao ser unha medida que se revelou necesaria para a protección da saúde pública na actual pandemia.

No novo artigo 38 ter acláranse aspectos fundamentais sobre a natureza das medidas preventivas, coa finalidade de velar pola súa operatividade e eficacia, aclarando que a súa adopción non require dun procedemento administrativo específico e a súa diferente natureza das medidas provisionais que aparecen conectadas a un procedemento administrativo. Establécense, ademais, as garantías fundamentais de motivación, publicación, de ser o caso, cando as medidas afecten unha pluralidade indeterminada de persoas, e audiencia, se a medida afecta unha ou varias persoas determinadas, sempre que iso sexa posible, e garántese, se non o for, a súa realización nun momento posterior. Tamén se alude, entre outras cuestións, ao principio de precaución, que posibilitará a lícita adopción das medidas cando se axusten a unha adecuada avaliación do risco segundo a información dispoñible

nese momento. Recóllense, así mesmo, outros requisitos de importancia como a temporalidade das medidas ou a necesaria información á poboación afectada.

Xunto a iso, imponse expresamente como límite absoluto o respecto á dignidade da persoa e prevese unha serie de regras sobre as medidas de posible adopción, como a relativa a que deben ser o menos intrusivas e invasivas posible para lograr o obxectivo de saúde pública, inspiradas tamén no disposto no Regulamento sanitario internacional. Recóllense, así mesmo, seguindo a liña do xa indicado na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, as regras de preferencia pola colaboración voluntaria **das persoas afectadas** coas autoridades sanitarias, a prohibición de adopción de medidas obrigatorias que comporten risco para a vida e o mandato de que se utilicen as medidas que menos prexudiquen a liberdade de circulación das persoas e dos bens, a liberdade de empresa e calquera outro dereito afectado, xunto co necesario respecto ao principio de proporcionalidade.

Ademais, para o caso concreto de adopción de medidas limitativas de dereitos fundamentais e liberdades públicas, establécese expresamente, ademais da garantía xudicial nos termos previstos na lexislación procesual, a exigencia de motivación expresa da súa proporcionalidade conforme os tres subprincipios ou regras que, consonte reiterada doutrina do Tribunal Constitucional, integran o dito principio; isto é: idoneidade, necesidade e proporcionalidade en sentido estrito. É dicir, que mediante a medida adoptada sexa posible acadar o obxectivo pretendido —idoneidade—, que non exista unha medida menos gravosa ou lesiva para a consecución do obxecto proposto —necesidade— e que o sacrificio do dereito reporte máis beneficios no interese xeral que desvantaxes ou prexuízos noutros bens ou dereitos, atendidas a gravidade da inxerencia e as circunstancias persoais de quen a sofre —proporcionalidade estrita—.

Por outra parte, na xestión de crises sanitarias non se debe esquecer o papel que pode desenvolver a tecnoloxía tendo en conta o uso estendido dos dispositivos e aplicacións na poboación, en especial como mecanismo para a información, a prevención, a detección e o seguimento de enfermidades, particularmente das de carácter transmisible, tal e como puxeron de manifesto, con motivo da crise causada pola covid-19, tanto a Comisión Europea (en documentos como a Recomendación (UE) 2020/518 da Comisión, do 8 de abril de 2020, relativa a un conxunto de instrumentos comúns da Unión

para a utilización da tecnoloxía e os datos co fin de combater e superar a crise da covid-19, ou a Comunicación relativa ás orientacións sobre as aplicacións móbiles de apoio á loita contra a pandemia da covid-19 no referente á protección de datos, publicada o 17 de abril de 2020) como o Comité Europeo de Protección de Datos nas súas directrices 04/2020 sobre o uso de datos de localización e ferramentas de rastreamento de contactos no contexto da pandemia da covid-19, adoptadas o 21 de abril de 2020, nas cales se recoñece que os datos e a tecnoloxía son importantes ferramentas na loita contra o SARS-CoV-2. Seguindo esta liña, na Comunidade Autónoma galega desenvolveuse o sistema de información Passcovid.gal como medida complementaria na xestión da crise sanitaria ocasionada pola covid-19. De aí que proceda recoller unha expresa referencia na Lei 8/2008, do 10 de xullo, á tecnoloxía como instrumento complementario doutras medidas que se poidan adoptar ante riscos para a saúde pública, o que se fai a través da incorporación dun novo artigo 38 quater.

Ademais, outro aspecto fundamental para o eficaz e correcto desenvolvemento de actuacións de saúde pública é a cooperación e a colaboración administrativas; de aí que se dedique a esta materia un novo precepto, o artigo 38 quinquies.

Xunto á necesidade dunha maior claridade e densidade normativa en materia de medidas preventivas por razóns de protección da saúde pública, a experiencia acumulada nestes meses de xestión da crise sanitaria derivada da covid-19 puxo de manifesto tamén, como se adiantou antes, a necesidade de contar cun réxime sancionador máis claro e completo. Con esta finalidade introdúcese varias modificacións no capítulo IV do título II da Lei 8/2008, do 10 de xullo. Dada a especificidade das infraccións en materia de saúde pública, optouse por conferir ás ditas infraccións unha substantividade propia na lei, diferenciándoas das restantes infraccións en materia sanitaria tamén tipificadas nela. Así, ademais de recoller no artigo 39 as consecuencias da dita diferenciación, introdúcese os novos artigos 41 bis, 42 bis, 43 bis, 44 bis e 45 bis, nos cales se recolle, tendo en conta a regulación básica contida na Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, a tipificación das infraccións (leves, graves e moi graves) e das correspondentes sancións en materia de saúde pública, e se regula a competencia para o exercicio da potestade sancionadora neste ámbito, respectivamente. Proceda destacar, en relación con esta última cuestión, que coa nova redacción queda explicitada, sen dar lugar a dúbidas

interpretativas, a competencia sancionadora municipal respecto das infraccións en materia de saúde pública cando tales infraccións afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales os concellos exercen competencias de control sanitario de acordo co artigo 42 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e co artigo 80 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, tendo en conta o disposto no artigo 61 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como o carácter instrumental da potestade sancionadora respecto do exercicio de competencias substantivas (no caso, as competencias propias locais de control sanitario previstas naqueles preceptos legais). Por esta mesma razón de evitar dúbidas interpretativas sobre o alcance da competencia sancionadora local, modifícase o artigo 45 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, respecto de infraccións sanitarias tipificadas na lei cando tales infraccións afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales exercen competencias de control sanitario.

Introdúcense, ademais, modificacións con incidencia xeral no réxime sancionador contido na lei, isto é, tanto o relativo a infraccións sanitarias como ás específicas infraccións en materia de saúde pública, coa finalidade, por unha parte, de clarificar os suxeitos responsables das infraccións (en especial, o réxime de responsabilidade no caso de infraccións cometidas por menores de idade) e, por outra, de recoller unha regulación máis completa das medidas provisionais (tanto previas como posteriores á incoación dun procedemento sancionador), así como a posibilidade de adopción directa de medidas por parte dos axentes das forzas e corpos de seguridade, todo isto co fin de salvagardar sen demora a protección da saúde pública ante a produción de feitos que poden ser constitutivos de infracción.

Para terminar coas modificacións no réxime sancionador, modifícase o artigo relativo á prescrición para recoller a diferenciación de infraccións sanitarias en xeral e específicas en materia de saúde pública e, á vez, para acomodar a regulación aos cambios introducidos pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Introdúcese tamén unha reforma do capítulo VI do título II da lei, no convencemento da necesidade de asegurar unha planificación estratéxica integral da política sanitaria galega. Unha das principais leccións da actual pandemia é a necesidade dunha maior integración dos distintos aspectos da política sanitaria, cun protagonismo compartido da saúde pública coa asistencia sanitaria e a

investigación sanitaria e cunhas prioridades e obxectivos comúns entre as distintas áreas.

Para tal efecto, créase a Estratexia galega de saúde como instrumento integrador, definíndose os seus contidos mínimos e un procedemento participativo para a súa tramitación. A partir desa Estratexia xeral, prevese a posibilidade de desenvolvemento a través de plans sectoriais e a través dos plans de saúde que adapten o seu contido ás particularidades das distintas áreas sanitarias. Finalmente, regúlanse os plans locais de saúde como parte desta planificación integral e do reforzo da saúde pública e comunitaria, ao tempo que supoñen un avance cara a un modelo de maior autonomía nos servizos de atención primaria.

As modificacións en materia de saúde pública péchanse coas modificacións dos artigos 78 e 107. A primeira está orientada a recoller expresamente o importante papel que os grupos de traballo poden desempeñar en relación co asesoramento na xestión de crises sanitarias e na adopción de medidas preventivas adecuadas, tal e como viñeron demostrando o comité e os subcomités clínicos na xestión da crise derivada da covid-19. Por outra banda, a modificación do artigo 107 céntrase, conforme coas recomendacións que o Ditame da Comisión para a Reconstrución Social e Económica do Congreso dos Deputados traslada aos gobernos autonómicos no eido do fortalecemento das estruturas e servizos de saúde pública, en incluír a vixilancia epidemiolóxica e o manexo dos sistemas de información relacionados con ela entre as funcións que a Consellería de Sanidade debe ter en conta para deseñar a estrutura organizativa referida á saúde pública.

En canto á parte final da lei, esta conta cunha disposición transitoria e cunha disposición derradeira.

A disposición transitoria única recolle o réxime transitorio aplicable en materia sancionadora tendo en conta os principios de irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables e o de retroactividade das favorables. En particular, no réxime transitorio, coa finalidade anteriormente expresada de evitar dúbidas interpretativas nesta materia, recóllese expresamente a competencia local para resolver os procedementos sancionadores por feitos acaecidos antes da entrada en vigor desta lei que sexan constitutivos de infracción en materia de saúde pública, sempre que tales infraccións

afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales os concellos exercen competencias de control sanitario de acordo co artigo 42 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e co artigo 80 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Por último, a disposición derradeira única establece como entrada en vigor desta lei o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, tendo en conta a súa finalidade de protección da saúde pública e de loita contra a pandemia e a necesidade de contar canto antes cunha normativa máis clara e completa na materia.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº23, de Modificación.

Emenda que afecta a todo o texto da Proposición de lei:

Substituír as letras “J” e/ou “K” na clasificación dos apartados polas seguintes que corresponda en cada caso, xa que estas non existen no alfabeto galego.



Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 23.02.2021

Hora: 10:00

Orde do día

- 2.3 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia (doc. núm. 2794, 11/PL-000005)

Publicación do ditame da Comisión, BOPG nº 95, do 16.02.2021

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 95, do 16.02.2021

Separata núm. 3

PLENO DO PARLAMENTO

23 de febreiro de 2021

- Punto.2.3** Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia (doc. núm. 2794, 11/PL-000005)
Publicación do ditame da Comisión, BOPG n.º 95, do 16.02.2021
Publicación de emendas e votos particulares BOPG nº 95, do 16.02.2021

Separata núm. 3

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión do 12 de febreiro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame da Comisión

- 2794 (11/PL-000005)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia
BOPG nº 26, do 06.10.2020

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do día 12 de febreiro de 2021, á vista do Informe elaborado pola Ponencia sobre Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 116 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte

D I T A M E

Proxecto de lei reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia

Exposición de motivos

I

Galicia é una nacionalidade histórica constituída como comunidade autónoma ao abeiro do previsto na Constitución española. Desde a aprobación do noso Estatuto de autonomía pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, sucedéronse fondos e substanciais cambios no ordenamento xurídico español. Sen dúbida, un dos máis relevantes foi o ligado á adhesión de España ás comunidades europeas, consonte preveu a Lei orgánica 10/1985, do 2 de agosto. Isto propiciou unha apertura



sen precedentes de España cara ao exterior e co tempo posibilitou tamén cambios estruturais de enorme transcendencia, como a renuncia a emitir moeda propia, algo inimaxinable tan só uns anos atrás e que semellaba indisoluble da natureza de todo estado soberano. Neste contexto, a doutrina do Tribunal Constitucional foi evolucionando paulatinamente ata asumir a proxección exterior das comunidades autónomas. En efecto, conforme a reiterada doutrina do Tribunal Constitucional, as comunidades autónomas poden levar a cabo accións con proxección exterior, circunscritas ao ámbito das súas competencias estatutariamente recoñecidas e para a promoción dos seus intereses, dentro do necesario respecto ás competencias estatais. Neste sentido, a Comunidade Autónoma de Galicia é unha das máis activas neste eido, por mor de fenómenos como o da nosa diáspora e a acelerada internacionalización da nosa economía, que nos elevou na clasificación de comunidades exportadoras e expendedoras de bens e servizos. Ao tempo, esta proxección exterior galega tamén se desenvolveu activamente no ámbito da solidariedade internacional e a cooperación para o desenvolvemento como expresión do compromiso da sociedade galega coa xustiza global dentro do marco definido polo Estado, a Unión Europea e o sistema das Nacións Unidas. A este respecto, a propia Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, recoñece expresamente, no seu artigo 20, a acción neste eido das comunidades autónomas.

A aprobación da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, axiña seguida pola Lei 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais, abriu novas portas á proxección exterior autonómica. Con este aval, e dentro sempre da indispensable lealdade constitucional, a Xunta de Galicia aprobou o Decreto 178/2015, do 26 novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia (en diante Draex), comunicado ao Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación. No ámbito da cooperación internacional tamén aprobou o Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, co fin de simplificar e actualizar a normativa de desenvolvemento da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, en relación co Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento, os órganos de coordinación e asesoramento, as relacións interadministrativas e a xestión das subvencións para proxectos de cooperación, entre outras materias.

Cos ditos alicerces xurídicos, o Consello da Xunta de Galicia aprobou, o 1 de febreiro de 2018, a Estratexia galega de acción exterior Horizonte post 2020 (en diante Egaex), comunicada igualmente ao Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, logo dun informe sen ningún voto en contra do Parlamento de Galicia. Deste xeito, no punto 33 da Egaex incluíuse o compromiso de elevar ao debate parlamentario e no marco competencial actual o texto do Draex para a súa aprobación final mediante unha lei do Parlamento de Galicia ao longo da presente lexislatura, como expresión do gran consenso político que aspiramos a fraguar arredor da nosa acción exterior, proxección da capacidade de autogoberno dunha nacionalidade histórica como Galicia. Ademais, no eido da cooperación internacional, o III Plan director da cooperación galega (2014-2017) recoñecía o consenso do sector respecto da necesidade de revisar e actualizar o marco normativo establecido na Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, por canto as súas previsións e disposicións quedarán superadas pola progresiva consolidación e maduración do sistema galego de cooperación. Con esta lei dáse cabal cumprimento daquela a ese compromiso parlamentario e con ela téntase aproveitar ao máximo a marxe de manobra no exterior que permiten o bloque da constitucionalidade e mais as precitadas leis 2/2014 e 25/2014, así como o ordenamento da Unión Europea, que prevalece sobre a nosa normativa doméstica por mor das obrigas internacionais asumidas polo Reino de España, do cal Galicia é parte indisoluble.



Esta lei regula, así, a acción exterior da Comunidade Autónoma conectada coas competencias estatutariamente recoñecidas a esta, tanto con carácter xeral coma no eido específico da cooperación para o desenvolvemento; materia esta última ata o de agora regulada na Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, que é obxecto de derogación. As transformacións da acción exterior no ámbito europeo e internacional, motivadas pola globalización en todas as súas dimensións, e a consolidación do multilateralismo demandan de Galicia unha resposta integral e complementaria que sexa quen de atender os retos e desafíos globais no marco da promoción e a defensa dos intereses lexítimos da nosa Comunidade, mais cunha visión máis ampla e holística que de forma coherente contribúa á Axenda global de desenvolvemento humano sustentable liderada polas Nacións Unidas. Deste xeito, resulta do máximo interese para Galicia sumarse aos esforzos globais que, desde as políticas públicas domésticas e a acción exterior, están a conseguir avances na erradicación da pobreza nas súas múltiples dimensións, a redución das desigualdades, a realización efectiva dos dereitos humanos, a implantación de modelos de produción e consumo sustentables, a loita contra o cambio climático e a promoción dunhas relacións internacionais baseadas na paz e na xustiza.

II

A presente Lei reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia estrutúrase nun título preliminar e noutros dez títulos, seis disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras. Con ela aspírase a configurar un marco xeral que posúa vocación de permanencia, en prol dunha acción exterior ao servizo da cidadanía, das entidades públicas, dos axentes e as organizacións sociais e civís, así como das empresas galegas e das institucións e comunidades coas cales se asocia a Comunidade Autónoma nas súas actuacións de cooperación internacional e acción humanitaria.

III

Consonte a técnica normativa máis común da Unión Europea, o título preliminar recolle o obxecto da lei, oferta definicións dos conceptos xurídicos máis relevantes que insire, aglutina os seus principios reitores e define os obxectivos estratéxicos perseguidos, entre os que figuran a aproximación ao produto interior bruto per cápita da zona euro da Unión Europea, o achegamento aos estándares socioeconómicos, de calidade de vida, demográficos e ambientais básicos da zona euro da Unión Europea, a maior diversificación dos mercados exteriores, a captación de capital mercantil e industrial destinado a investimento produtivo e mais a atracción de capital humano cualificado para o máis acelerado desenvolvemento e consolidación económica de Galicia, que axude a paliar o avellentamento da nosa poboación pola caída da nosa natalidade, así como a favorecer o retorno das persoas emigrantes galegas e dos seus descendentes. Ademais, tamén se contribuirá á realización da Axenda global de desenvolvemento humano sustentable das Nacións Unidas e ás políticas de cooperación internacional e axuda humanitaria do Estado e da Unión Europea, impulsarse a cultura da solidariedade internacional e a conciencia de cidadanía global na sociedade galega e promoverase o europeísmo e unhas relacións internacionais baseadas na paz e na xustiza. Por último, regúlase a representación do sector público autonómico, sinalando que lle corresponde á Presidencia da Xunta de Galicia dirixir e coordinar a súa acción exterior.



IV

O título I versa sobre os suxeitos da acción exterior galega e os suxeitos privados concorrentes, observando como liña definitoria basal a establecida no dereito da Unión Europea, logo incorporada ao ordenamento xurídico español. Neste punto merece unha mención singular a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP, AECT), dada a súa constitución ao abeiro dunha norma de aplicación directa en Portugal e España, como é o Regulamento (CE) nº 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, modificado polo Regulamento (UE) nº 1302/2013. Esta agrupación non é unha entidade do sector público autonómico, senón un organismo bilateral con personalidade xurídica propia, constituído entre a Xunta de Galicia, autorizada polo Consello de Ministros español, e a República Portuguesa, a través neste caso da súa Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDR-N).

O título II ocúpase de maneira detallada do procedemento para realizar a programación da acción exterior galega, positivando e desenvolvendo pautas que xa viñeran inseridas no Draex e na propia Egaex. Ten especial relevancia a hipotética revisión desta estratexia se as circunstancias internacionais así o exixiren, sen esquecer o xeito da participación galega na Estratexia española de acción exterior.

VI

O título III céntrase na aplicación da Egaex e na coordinación da acción exterior galega. Sublíñase aquí a conversión definitiva da Egaex no xenuíno eixe central da acción exterior galega, incluíndo como novidade fundamental a regulamentación das recepcións oficiais das autoridades públicas procedentes doutros estados ou de organismos internacionais; aspecto sobre o que existía unha considerable lagoa no noso ordenamento que cómpre encher, xa que estas visitas teñen igual ou, ás veces, máis relevancia xurídico-positiva que as viaxes ao exterior de delegacións galegas, dependendo do rango da cabeza da delegación e dos compromisos adquiridos en cada suposto.

VII

A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e mais a lusofonía merecen todo o título IV da lei, considerando o carácter estratéxico da nosa cada vez máis estreita cooperación coa República Portuguesa e cos países da súa comunidade lingüística. Destaca neste eido, en especial, o papel da entidade Galicia-Norte de Portugal, Agrupación Europea de Cooperación Territorial, e da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, constituída o 31 de outubro de 1991 ao abeiro do acordo fundamentado no Convenio marco europeo sobre cooperación transfronteiriza entre comunidades e autoridades territoriais, do Consello de Europa de 1980, hoxe adaptado ás disposicións do Tratado entre o Reino de España e a República Portuguesa sobre cooperación transfronteiriza entre entidades e instancias territoriais, do 30 de outubro de 2002, cuxa entrada en vigor se produciu o 30 de xaneiro de 2004.

VIII

O título V, Galicia en Europa, reúne no seu primeiro capítulo as cuestións relacionadas coa participación de Galicia nos asuntos da Unión Europea, mentres que reserva o seu segundo capítulo



á acción exterior en Europa fóra do marco xurídico da Unión Europea; aspecto este acotío preterido, pero que sen dúbida vai ter unha maior importancia cando se materialice o abandono definitivo da Unión Europea polo Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte, considerando o peso e a densidade das relacións económicas, sociais e culturais de Galicia con ese reino.

IX

O aproveitamento das potencialidades que permiten tanto a Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, coma de maneira fundamental a Lei 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais, fai que no título VI se aglutinen todas as materias vencelladas cos futuros tratados e outros instrumentos e acordos internacionais en que poida intervir Galicia. Velaí como se diferencian con nitidez aspectos indispensables na sede doméstica galega, como son a participación na negociación de tratados, a execución en Galicia deses tratados, os acordos internacionais administrativos e mais os acordos internacionais non normativos do sector público autonómico, a previsión doutros acordos de suxeitos públicos, a comunicación e o arquivamento dos acordos internacionais do sector público autonómico e, finalmente, a homologación dos memorandos de entendemento para harmonizar as iniciativas das entidades públicas galegas cara a fóra cando os correspondentes compromisos deban ser plasmados documentalmente en diversos idiomas.

X

Considerando a diversidade e a pluralidade sectorial e institucional das iniciativas no exterior, no título VII desta lei incorpóranse previsións sobre as correspondentes accións sectoriais alén de Galicia e España, sistematizadas por áreas homoxéneas. A especialidade deste título non implica en modo ningún unha derogación singular das previsións xerais inseridas no resto da lei, senón unha adecuación dos seus eidos substantivos aos principios e obxectivos básicos da norma.

XI

O amplo título VIII dedícase en exclusiva á cooperación para o desenvolvemento, que constitúe un dos puntais da proxección de Galicia no exterior, actualizando as previsións inseridas na Lei 3/2003, do 19 de xuño, que pasa a ser explicitamente derogada. Este título reflicte os avances e progresos experimentados nos máis de vinte e cinco anos de experiencia da Comunidade Autónoma no eido da cooperación internacional e da acción humanitaria e que configuraron unha Cooperación Galega máis especializada sectorial e xeograficamente, con maior complementariedade e eficaz coordinación co Estado e coa Unión Europea, con maior valor engadido e con maior capacidade para acadar os resultados de desenvolvemento establecidos na Axenda global de desenvolvemento humano sustentable das Nacións Unidas. Este título actualiza e moderniza os principios, os obxectivos, os criterios e as prioridades da política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento, así como a organización institucional da Cooperación Galega e os seus recursos e financiamento co fin de facilitar un espazo de coordinación e complementariedade co resto de axentes públicos e privados de cooperación, en especial coas administracións locais e as organizacións que a representan e as organizacións non-gobernamentais para o desenvolvemento (en diante ONGD), principais aliadas da Xunta de Galicia na promoción da xustiza global. Desde a creación en 1994 do pioneiro Rexistro Galego de Organizacións Non-Gobernamentais para o Desenvolvemento,



a Xunta de Galicia recoñeceu o labor das ONGD na progresiva consolidación e modernización desta política pública a nivel estratéxico e operativo, mantendo un constante diálogo coa Coordinadora Galega de Organizacións Non-Gobernamentais para o Desenvolvemento e apoiando o seu fortalecemento institucional. Ao tempo, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, como entidade representativa da cooperación municipalista das entidades locais galegas adheridas a el, ten acompañado o labor da administración pública e das ONGD na configuración dun sistema galego de cooperación de valor estratéxico e coherente cos principios e valores da solidariedade internacional. Por estes motivos, a Coordinadora Galega de Organizacións Non-Gobernamentais para o Desenvolvemento e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade son recoñecidos como interlocutores permanentes da Administración autonómica en materia de cooperación para o desenvolvemento.

XII

No título IX actualízase o réxime relativo ás delegacións e oficinas autonómicas no exterior, coa adaptación das súas previsións á Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, coa finalidade primordial de mellorar a coordinación, minorar os custos e garantir o respecto ás competencias estatais.

XIII

A nova realidade da mobilidade internacional de profesionais e empresas, cada vez máis e mellor formados e capitalizadas, aconsellou innovar no título X todo o relacionado coas novas redes de intereses galegos no exterior, que amosan un modelo de actuación á marxe das tradicionais comunidades galegas da nosa antiga diáspora. No caso das persoas físicas, para garantir unha mellor atención por parte da Administración autonómica e para manter e estreitar os lazos subxectivos con Galicia, ante novos fenómenos que xa pouco teñen que ver coa realidade social e económica dos pasados dous séculos, considerando a proximidade que fornecen as modernas telecomunicacións ou mesmo os novos medios de transporte. E no caso das empresas, porque cómpre adaptarnos a unha realidade que exige atender demandas foráneas rapidamente cambiantes para así posibilitar a creación dunha anovada oferta de traballo para a cidadanía galega, mellor capacitada que nunca na nosa historia.

XIV

A disposición adicional primeira dedícase ao Consello da Cultura Galega, institución prevista no artigo 32 do noso Estatuto de autonomía, coa finalidade de atender as obrigas e facultades da Comunidade Autónoma na defensa e a promoción dos valores culturais do pobo galego. O cumprimento dos seus fins, dentro e fóra da comunidade autónoma, baséase no recoñecemento da transterritorialidade do pobo galego como consecuencia dunha diáspora secular.

A Fundación Galicia Europa é merecedora, pola súa banda, dun tratamento singular na disposición adicional segunda, por canto vén prestando un servizo ininterrompido desde 1988 e porque está constituída, ademais de pola Administración autonómica, por diversas deputacións provinciais, pola Zona Franca de Vigo e por entidades financeiras, e é un exemplo vivo e único de cooperación entre diversas administracións públicas e de colaboración con entidades privadas galegas, algo que fica no mesmo espírito desta lei como desexable e necesario.



A disposición adicional terceira prevé a posibilidade de acadar apoios extraordinarios ás delegacións exteriores da Xunta de Galicia, nun intento de minimizar os custos de xestión no seu caso e de aproveitar o capital humano do propio sector público, pensando na existencia de picos de traballo e de necesidades puntuais que atender, sen por iso incrementar o gasto estrutural no capítulo de persoal.

Cun propósito similar de optimización dos recursos humanos, a disposición adicional cuarta abre a porta á participación do persoal do Sistema público de saúde de Galicia en emerxencias humanitarias, baixo os parámetros do réxime do voluntariado sanitario internacional; unha axuda impagable polo alto nivel de cualificación destes profesionais e pola necesidade de atender situacións extraordinarias de risco para a saúde pública que doutro xeito sería moi difícil poñer en marcha coa debida dilixencia.

As disposicións adicionais quinta e sexta refírense ao cumprimento da Axenda global de desenvolvemento humano sustentable e á designación de responsables do seguimento da participación de Galicia nos asuntos da Unión Europea.

Pola súa banda, a disposición transitoria única mantén que mentres non se regulen os coeficientes por razón de servizo que poidan corresponderlle ao persoal da Xunta de Galicia por residencia no estranxeiro, aplicaranse supletoriamente os establecidos no ámbito da Administración xeral do Estado.

Como as organizacións non-gobernamentais para o desenvolvemento e outros axentes do sector demandaban unha nova norma máis acaída cos tempos e cos progresos advertidos no eido internacional, procede salientar que a disposición derogatoria única derroga expresamente a Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, que fora innovadora e moi avanzada no seu día, pero que xa cumpriu o seu ciclo.

Por último, a habilitación normativa e a previsión da entrada en vigor da lei aparecen recollidas nas disposicións derradeiras, para garantir a pacífica transición e o mantemento da seguranza xurídica neste eido, consubstancial a un Estado constitucional e de dereito pertencente á Unión Europea.

Con esta Lei reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, a nosa Comunidade Autónoma dá un paso de xigante na progresión do seu ordenamento e demostra que se pode ser ambicioso en moitas áreas de interese para o país sen por iso bater co marco constitucional e coa lealdade institucional que lle é inherente.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta lei ten por obxecto a regulación da acción exterior do sector público autonómico fóra do territorio nacional español, así como establecer regras tendentes a facilitaren a acción exterior das restantes entidades públicas galegas, a mellor coordinación e cooperación entre todas as administracións públicas galegas e a colaboración destas cos axentes privados galegos con presenza, proxección ou intereses no exterior.



2. Asemade, é obxecto desta lei establecer o réxime xurídico ao cal se debe axustar a actividade do sector público autonómico en materia de cooperación para o desenvolvemento humano sustentable e a solidariedade internacional.

2 *bis*. A acción exterior galega enténdese como unha política integral que deber servir para sacar rendibilidade da nosa situación no mundo mediante estratexias que xeren oportunidades de desenvolvemento, modernización e progreso.

3. A acción exterior prevista nesta lei desenvolverase sempre con lealdade ao bloque da constitucionalidade española, aos tratados e aos restantes instrumentos internacionais subscritos por España, así como ás normas de dereito comunitario.

Artigo 2. *Definicións*

Para os efectos desta lei, enténdese por:

a) Exterior: o espazo de soberanía que excede o marco territorial da exercida polo Reino de España, de conformidade co dereito internacional.

b) Acción exterior galega: o conxunto sistémico e integrado das actuacións (...) das administracións públicas galegas, tanto autonómica coma locais, institucionais e corporativas, e dos organismos, as institucións e as entidades delas dependentes levadas a cabo no exterior, no exercicio das súas respectivas competencias, desenvolvidas de acordo con esta lei e coa planificación estratéxica da Xunta de Galicia na materia.

c) Entidades públicas galegas: (...), as administracións públicas galegas, tanto autonómica coma locais, institucionais e corporativas, e os organismos, as institucións e as entidades delas dependentes, con sede oficial ou domicilio social en Galicia.

d) Axentes privados galegos: as persoas físicas ou xurídicas domiciliadas en Galicia que dispoñan de vontade e capacidade de seu para desenvolver actividades económicas, sociais, culturais, educativas ou doutra natureza fóra do territorio nacional español e que poidan contribuír á proxección de Galicia no exterior de acordo coa Estratexia galega de acción exterior (Egaex).

e) Lealdade constitucional no exterior: o respecto aos procedementos constitucionalmente previstos para acadar calquera fin político na proxección exterior das competencias e dos intereses lexítimos de Galicia, de xeito coherente coa Estratexia española de acción exterior e coas competencias estatais en materia de relacións internacionais.

f) Acordo internacional administrativo: de acordo co artigo 2.b) da Lei 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais, o acordo de carácter internacional non constitutivo dun tratado subscrito por órganos, organismos ou entes dun suxeito de dereito internacional competentes por razón da materia, cuxa subscrición está prevista no tratado que executa ou concreta e cuxo contido habitual é de natureza técnica, calquera que sexa a súa denominación, e que se rexe polo dereito internacional. Non constitúe un acordo internacional administrativo o subscrito por eses mesmos órganos, organismos ou entes cando se rexe por un ordenamento xurídico interno.



g) Acordo internacional non normativo: de acordo co artigo 2.c) da Lei 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais, o acordo de carácter internacional non constitutivo de tratado nin de acordo internacional administrativo suscrito pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou polas entidades locais, as universidades públicas e calquera outro suxeito de dereito público galego con competencia para iso, como poden ser as cámaras de comercio ou os colexios profesionais galegos, que conteña unhas declaracións de intencións ou estableza uns compromisos de actuación de índole política, técnica ou loxística, e non constitúa unha fonte de obrigas internacionais nin se rexa polo dereito internacional. A denominación habitual dos acordos internacionais non normativos é a de memorando de entendemento. No caso de acordos internacionais non normativos para a cooperación entre calquera corporación local galega con outra análoga pertencente a un estado distinto de España, estes designaranse como irmandamento local.

h) Galeguidade: o dereito das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia a colaborar e a compartir a vida social e cultural do pobo galego. Por extensión, o dereito dos galegos e das galegas emigrados e do resto da cidadanía galega residente fóra de Galicia a compartir a vida social e cultural do pobo galego.

i) Lusofonía: o conxunto de estados e comunidades de lingua portuguesa encadrados na Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa (CPLP).

j) Agrupamento sen personalidade xurídica: as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, mesmo carecendo de personalidade xurídica, poidan cooperar en proxectos da acción exterior galega.

k) Rede sen personalidade xurídica: o conxunto de persoas físicas ou xurídicas, tanto públicas coma privadas, sexa cal for a súa nacionalidade ou lugar de residencia ou sede, que acrediten desde o exterior un especial e acreditado afecto por Galicia.

l) Galicia-Norte de Portugal, Agrupación Europea de Cooperación Territorial (GNP, AECT): a persoa xurídica constituída pola Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDR-N) e a Xunta de Galicia, de conformidade co Regulamento (CE) nº 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, sobre a agrupación europea de cooperación territorial (AECT), como instrumento europeo de cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional para axudar a poñer en marcha proxectos de interese común.

m) Axenda global para o desenvolvemento humano sustentable: o conxunto de obxectivos internacionais de desenvolvemento humano sustentable cuxa aprobación lles corresponde ás Nacións Unidas e aos seus organismos especializados.

n) Desenvolvemento humano sustentable: o proceso de expansión das capacidades das persoas que amplían as súas opcións e oportunidades para desenvolver o seu máximo potencial e levar unha vida produtiva e creativa, de xeito que se poidan satisfacer as necesidades das xeracións presentes e futuras. O desenvolvemento humano sustentable integra e harmoniza o crecemento económico, a inclusión social e a protección do ambiente para garantir o benestar das persoas e das sociedades.



ñ) Coherencia de políticas para o desenvolvemento: a integración da visión do desenvolvemento humano sustentable no deseño, na implementación e na avaliación de todas as políticas públicas como expresión da responsabilidade compartida e do compromiso da administración pública coa promoción da xustiza global.

o) Educación para a cidadanía global: as actividades que promoven na sociedade a conciencia de interdependencia global e a responsabilidade compartida a través dun proceso educativo orientado á transformación social e que fomenta a sensibilización solidaria, a concienciación crítica e a mobilización activa da cidadanía na erradicación da pobreza, na defensa dos dereitos humanos, na promoción da cultura da paz, no compromiso coa xustiza social e no desenvolvemento humano sustentable a nivel local e global.

o *bis*) Eurociudades: o acordo entre entidades locais contiguas, con relacións históricas, sociais e culturais, e pertencentes a dous estados distintos da Unión Europea.

Artigo 3. *Principios reitores*

No desenvolvemento e na execución desta lei observaranse os seguintes principios reitores:

a) A lealdade constitucional e o estrito acatamento do bloque da constitucionalidade española, do dereito da Unión Europea e do dereito internacional aplicable.

b) A máxima coordinación coas autoridades estatais españolas constitucionalmente reitoras da política exterior e das relacións internacionais, e dos seus axentes, autoridades e funcionarios no eido exterior.

c) O respecto e a promoción do cumprimento efectivo dos dereitos humanos consonte os tratados e os outros acordos internacionais subscritos por España e pola Unión Europea, tanto dos dereitos civís e políticos coma dos dereitos económicos, sociais e culturais, baixo o principio de indivisibilidade e interdependencia deles e como fundamento dos esforzos en favor do desenvolvemento humano sustentable.

d) A defensa dos dereitos, das liberdades e dos lexítimos intereses da cidadanía galega no exterior, das entidades en que se integre e das empresas galegas que promovan actividades fóra de territorio español.

e) A promoción da cultura e da lingua galegas.

f) A promoción da imaxe marca-país de Galicia.

g) A permanente adaptación ao cambio na escena exterior, co fin de mellorar a competitividade para coadruar a preservar deste xeito o benestar da sociedade galega e os servizos públicos que merece a cidadanía.

h) Acadar a converxencia real cos principais indicadores socioeconómicos da Unión Europea, e singularmente á taxa de actividade media na Unión.



i) Afondar e mellorar a internacionalización da sociedade galega.

j) Os principios específicos da cooperación para o desenvolvemento establecidos no artigo 75.

k) A coherencia de políticas para o desenvolvemento sustentable realizadas polas administracións públicas galegas para a transversalización da Axenda global de desenvolvemento humano sustentable no conxunto das políticas da Administración autonómica e da Administración local no ámbito das súas respectivas competencias.

l) A eficiencia no uso dos recursos públicos, evitando especialmente a duplicidade ou a redundancia da acción exterior galega respecto da estatal e favorecendo o uso das posibilidades dos medios dixitais e do espazo virtual.

m) Máxima transparencia nas actuacións, como garantía de lexitimidade.

n) Definición de prioridades claras, pola imposibilidade de facer todo ao mesmo tempo e de estar en todos os ámbitos xeográficos.

ñ) Respecto pola soberanía de todos os pobos, a solución pacífica dos conflitos e o dereito de cada pobo a decidir sobre o seu futuro, de conformidade co marco legal internacional.

o) Aliñamento cos Obxectivos da Axenda de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas.

p) Os restantes principios recollidos na normativa estatal sobre a materia.

Artigo 4. *Obxectivos estratéxicos*

Na aplicación desta lei velarase polo cumprimento dos seguintes obxectivos estratéxicos:

a) A aproximación ao produto interior bruto per cápita da zona euro da Unión Europea.

b) O acercamento aos estándares socioeconómicos, de calidade de vida, demográficos e ambientais básicos da zona euro da Unión Europea.

c) A maior diversificación dos mercados exteriores.

d) A captación de capital mercantil e industrial destinado a investimento produtivo.

e) A atracción de capital humano cualificado para o máis acelerado desenvolvemento e a consolidación económica de Galicia, que axude a paliar o avellentamento da nosa poboación pola caída da nosa natalidade.

f) O retorno das e dos emigrantes e dos seus descendentes.

g) O fortalecemento das relacións coa cidadanía galega residente no estranxeiro e o apoio ás entidades galegas asentadas fóra de Galicia recoñecidas ao abeiro da normativa en materia de galeguidade.



h) A contribución á realización da Axenda global de desenvolvemento humano sustentable e ás políticas de cooperación internacional e axuda humanitaria do Estado e da Unión Europea.

i) O impulso da cultura da solidariedade internacional e da conciencia da cidadanía global na sociedade galega.

j) A promoción do europeísmo e dunhas relacións internacionais baseadas na paz e na xustiza.

k) Defender os intereses globais de Galicia e os intereses específicos de cada sector da actividade económica, social e cultural.

l) Internacionalizar a economía e a sociedade galega, cunha aposta decidida polo coñecemento, a investigación e a creación como elementos singulares da marca país.

m) Participar proactivamente na Unión Europea, artellando redes de influencia e cooperación con outros territorios, nomeadamente con Portugal e con comunidades e países do arco atlántico.

n) Atraer persoas para que elixan Galicia como lugar para vivir e traballar, potenciando sectores estratéxicos relacionados coa innovación, a creatividade, a ciencia, a industria, o rural, os servizos sociais, contribuíndo deste xeito ao desenvolvemento de Galicia e a combater o declive demográfico e os desequilibrios territoriais.

Artigo 5. *Representación do sector público autonómico*

1. Correspóndelle á Presidencia da Xunta de Galicia, como máximo representante da Comunidade Autónoma, dirixir e coordinar a acción exterior da Xunta de Galicia e asinar os acordos internacionais administrativos e non normativos subscritos polo sector público autonómico, agás que delegue a súa sinatura de acordo con esta lei.

2. En materias da súa competencia, a representación poderá ser exercida polas persoas titulares das respectivas consellarías ou pola persoa en que deleguen.

3. A consellaría responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex) mirará polo mantemento da boa imaxe exterior de Galicia como Comunidade Autónoma constitucionalmente recoñecida como nacionalidade histórica e indisolublemente integrada no Reino de España, adherido á Unión Europea.

4. O emprego da imaxe corporativa institucional da Xunta de Galicia e a utilización de símbolos de Galicia no exterior precisará da autorización previa do órgano de dirección responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex, consonte a Lei 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia, e a regulación da imaxe corporativa institucional da Xunta de Galicia, logo do informe vinculante do órgano superior autonómico responsable da relación cos medios.

Artigo 6. *Regras xerais da acción exterior galega*

1. A acción exterior galega considerará como guía a transcendencia estratéxica alén do espazo dunha soa lexislatura e a busca do maior apoio parlamentario e social plasmados na Estratexia galega de acción exterior.



2. A acción exterior galega axustarase ao principio de unidade de acción, que incluíra o aliñamento coa Estratexia española de acción exterior e coa dirección da política internacional española.

TÍTULO I

Ámbito subxectivo

CAPÍTULO I

Suxeitos da acción exterior galega

Artigo 7. *Suxeitos da acción exterior galega*

Son suxeitos da acción exterior galega:

a) A Administración autonómica galega, o Consello da Cultura Galega, as entidades locais galegas, consonte a súa normativa propia, as universidades públicas galegas, a administración corporativa galega, nomeadamente as cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación e os colexios profesionais, e mais os entes instrumentais dotados de personalidade xurídica propia, dependentes de calquera dos suxeitos antes citados, sexa cal for a súa natureza ou tipoloxía xurídica.

b) O Parlamento de Galicia, nas súas relacións coa Conferencia de Asembleas Lexislativas Rexionais Europeas (CALRE), co Congreso de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa (CPLRE) ou con outros parlamentos análogos de Estados federais, rexións ou provincias doutros Estados, tanto da Unión Europea como de Estados terceiros. O Parlamento non queda sometido ás determinacións detalladas na presente lei.

CAPÍTULO II

Suxeitos privados concorrentes

Artigo 8. *Suxeitos privados concorrentes na acción exterior galega*

1. Para os efectos desta lei, terán a consideración de suxeitos privados concorrentes na acción exterior galega os axentes galegos de dereito privado que colaboren voluntariamente co sector público autonómico na execución da planificación estratéxica da acción exterior galega, como é o caso das organizacións empresariais, sindicais e profesionais, das organizacións non-gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento, das asociacións e os agrupamentos de exportadores ou das entidades que aglutinen as comunidades galegas ou as sociedades e asociacións de estudos internacionais con sede en Galicia.

2. Do mesmo xeito, terán a consideración de suxeitos privados concorrentes na acción exterior galega as redes e os agrupamentos de persoas físicas ou xurídicas, tanto públicas coma privadas, sexa cal sexa a súa nacionalidade ou lugar de residencia ou sede, que acrediten desde o exterior unha especial e acreditada relación con Galicia. Poderán mesmo ser beneficiarias de axudas e subvencións como tales agrupamentos de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan cooperar en proxectos da acción exterior galega, consonte o artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



TÍTULO II Programación da acción exterior galega

CAPÍTULO I Estratexia galega de acción exterior

Artigo 9. *Estratexia galega de acción exterior*

A acción exterior galega programarase periodicamente por lustros nun documento estratéxico denominado Estratexia galega de acción exterior (Egaex), que prelacione os obxectivos a longo prazo, tanto materiais coma xeográficos, e ordene e rexa as diversas iniciativas sectoriais na materia, dotándoas de congruencia e coherencia, aproveitando as súas complementariedades e velando pola eficiencia no uso dos recursos públicos, co obxecto de maximizar os retornos socioeconómicos, demográficos e culturais para a comunidade autónoma.

Artigo 10. *Inicio da programación*

O órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior elaborará un borrador de estratexia, atendendo aos documentos previos de planificación da Xunta de Galicia que tivesen unha proxección exterior e á vixente estratexia española, así como considerando as achegas das consellarías, as entidades, os organismos, as institucións e os expertos con intereses e experiencia na materia.

Artigo 11. *Tramitación da Estratexia galega de acción exterior*

1. O borrador da Estratexia galega de acción exterior (Egaex) será sometido a información pública no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia, e estará aberto ás suxestións da cidadanía galega.

2. Logo de o órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior e responsable da tramitación e ulterior execución da Egaex avaliar as achegas, recibidas a través do Portal de transparencia e goberno aberto, o borrador da Egaex remitirase ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de igualdade para a emisión dun informe no cal se avalíe o impacto por razón de xénero das medidas e accións previstas e, posteriormente, será sometido á avaliación e ao informe do Consello de Acción Exterior de Galicia (Caex).

3. Após o informe do Caex, o órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior e responsable da tramitación e ulterior execución da Egaex reformulará o borrador da Egaex, que pasará á condición de anteproxecto.

4. O Anteproxecto da estratexia galega de acción exterior será visto polo Consello da Xunta con carácter previo á súa remisión ao ministerio competente en asuntos exteriores, co fin de que este poida expresar o punto de vista correspondente ás súas competencias, así como efectuar as recomendacións ou suxerir as melloras de coordinación que considere pertinentes.



5. As achegas do ministerio serán avaliadas e, unha vez introducidas as modificacións necesarias no anteproxecto, a persoa titular da consellaría en que se encadren as competencias de acción exterior propoñerá ao Consello da Xunta a aprobación, como proxecto, do Anteproxecto da estratexia galega de acción exterior e a continuación da súa tramitación.

Artigo 12. *Exame polo Parlamento de Galicia*

1. A Xunta de Galicia remitirá o Proxecto de estratexia galega de acción exterior (Egaex) ao Parlamento de Galicia e requirirá o pronunciamento deste, consonte o artigo 142 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

2. Tras o exame polo Parlamento de Galicia, a persoa titular da consellaría en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior dará redacción definitiva ao proxecto da Egaex, que será remitido ao Consello da Xunta para, de ser o caso, a súa aprobación.

Artigo 13. *Aprobación da Estratexia galega de acción exterior*

Á vista do conxunto das alegacións, da suxestión e dos informes, o Consello da Xunta aprobará, de ser o caso, a Estratexia galega de acción exterior, que se publicará no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia. Con posterioridade, daralle traslado oficial ao ministerio competente en asuntos exteriores para o seu coñecemento.

Artigo 14. *Desenvolvemento e execución da Estratexia galega de acción exterior*

1. O órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias de acción exterior será o responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex). Con este fin poderá dar conta do estado de desenvolvemento e de execución da Egaex ao seu superior xerárquico, así como das desviacións que apreciase. En caso de desviacións graves, elaborará un informe, que será elevado ao Consello da Xunta para a súa deliberación e para dispoñer as medidas correctoras oportunas.

2. Anualmente o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex elaborará un informe xeral sobre o seu cumprimento, que será elevado pola persoa titular da consellaría de que dependa ao Consello da Xunta, logo do informe do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de igualdade. Este informe anual deberá ser presentado ao Parlamento.

CAPÍTULO II

Revisión da Estratexia galega de acción exterior

Artigo 15. *Revisión da Estratexia galega de acción exterior*

1. De forma ordinaria, con polo menos seis meses de antelación ao remate do prazo de vixencia da estratexia en curso, o órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior iniciará os trámites de revisión desta.



2. Por proposta motivada dun terzo dos membros do Consello de Acción Exterior de Galicia, que deberá ser aprobada co voto favorable da maioría dos seus membros, a Xunta de Galicia deberá avaliar a necesidade de iniciar a revisión da estratexia vixente para adaptala a un novo contexto, logo do informe do órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior.

3. Mentres non sexa aprobada unha nova estratexia, o Consello da Xunta de Galicia poderá prorrogar a que estea vixente, por períodos sucesivos de ata un ano cada un deles, ata que se poida aprobar unha nova estratexia. Se o executivo autonómico estiver en funcións, entenderase prorrogada tacitamente a estratexia en vigor por un período de seis meses, dentro do cal o novo executivo poderá prorrogala, pola súa vez, ata que se formalice unha nova estratexia galega de acción exterior.

CAPÍTULO III

Estratexia española de acción exterior

Artigo 16. Participación de Galicia na Estratexia española de acción exterior

1. Nos termos previstos na normativa estatal aplicable, a Administración autonómica, a través da consellaría que teña atribuídas as funcións en materia de acción exterior, manterá unha comunicación fluída e directa co ministerio competente en asuntos exteriores, co fin de que este inclúa, de ser o caso, na Estratexia española de acción exterior as prioridades que interesen ou preocupen á sociedade galega, facendo especial fincapé na promoción da lingua, a cultura e a imaxe de Galicia, na defensa dos dereitos e das expectativas da diáspora galega nos estados en que estea asentada, na promoción da empresa e a economía galegas no exterior e mais no estreitamento do vínculo con Portugal e coa comunidade lusófona de nacións.

2. O Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría que concentre as competencias e funcións primordiais en materia de acción exterior, aprobará mediante un acordo o documento que recolla as achegas autonómicas á Estratexia española de acción exterior, logo da consulta ao Consello de Acción Exterior de Galicia e ás restantes consellarías.

TÍTULO III

Execución da Estratexia galega de acción exterior e coordinación da acción exterior galega

CAPÍTULO I

Execución da Estratexia galega de acción exterior

Artigo 17. Execución da Estratexia galega de acción exterior

1. A execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex) será responsabilidade dos órganos superiores ou de goberno competentes de cada institución, consellaría, entidade ou organismo públicos concernidos.

2. A persoa titular da consellaría responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex supervisará a súa correcta aplicación. Para este fin poderá requirir dos suxeitos da acción exterior galega cantas informacións, datos e informes coide axeitados. En todo caso, requiriralle a



cada consellaría da Administración autonómica a emisión dun informe anual cun mes de antelación ao sometemento ao Consello da Xunta do informe previsto no artigo 14.2.

Artigo 18. *Programas específicos de acción exterior*

As institucións, as consellarías, as entidades ou os organismos dependentes da Administración autonómica que precisen dunha singular proxección e presenza no exterior poderán elaborar un programa anual específico de acción exterior, sempre dentro do marco da Estratexia galega de acción exterior, do que darán conta, con carácter previo á súa aprobación, á consellaría responsable de velar polo seu desenvolvemento e execución para garantir a súa compatibilidade.

Artigo 19. *Programas de acción exterior das administracións locais, universidades públicas e corporacións de dereito público galegas*

Os concellos, as deputacións, as universidades públicas e as corporacións de dereito público radicadas en Galicia poderán elaborar os seus propios programas de acción exterior coa duración ou periodicidade que consideren axeitadas e, con carácter previo á súa aprobación, remitiranos ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior para garantir a súa compatibilidade con esta.

Artigo 19 bis. *Programa de acción exterior das cidades galegas*

As cidades galegas poderán desenvolver unha estratexia de proxección internacional acorde coa Estratexia galega de acción exterior. Na súa elaboración contarán coa participación do órgano da Administración autonómica con competencias en relacións exteriores.

CAPÍTULO II

Viaxes e actuacións con proxección exterior

Artigo 20. *Transparencia das viaxes e actuacións con proxección exterior*

1. As viaxes, as visitas, as recepcións, os intercambios e as actuacións con proxección exterior da persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia e dos restantes membros do Consello da Xunta fóra do ámbito da Unión Europea e das súas institucións deberán ser comunicados directamente ao órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior.

2. As propostas de viaxes, visitas, recepcións, intercambios e actuacións con proxección exterior das restantes autoridades da Administración autonómica e dos altos responsables de entidades dela dependentes, como as presidentas e os presidentes ou as directoras e os directores de entidades, organismos, sociedades, fundacións ou empresas públicas, seranlle comunicadas á persoa titular da consellaría de que dependan ou a que estean adscritos, que o poñerá en coñecemento do órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior, que deberá examinar a súa compatibilidade coa Estratexia galega de acción exterior (Egaex).



3. Os restantes suxeitos da acción exterior galega comunicarán as súas propostas de viaxes, visitas, intercambios, recepcións e actuacións con proxección exterior ao órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior, para os efectos do exame da súa adecuación á Egaex e de coordinación co ministerio competente en asuntos exteriores, nos termos previstos na alínea seguinte.

4. O dito órgano de dirección da Administración autonómica remitirá a información ao ministerio competente en asuntos exteriores, para os efectos previstos na normativa estatal.

5. Cando as propostas de actuación non estean recollidas na Egaex, deberán xustificarse as circunstancias que motivan estas actuacións.

6. O órgano de dirección da Administración autonómica con competencias en materia de acción exterior presentará no Parlamento un informe anual de seguimento da estratexia, no que se incluírá o relatorio da axenda exterior do Goberno, cunha valoración da repercusión das viaxes fóra de Galicia. Con este motivo farase unha comparecencia anual no Parlamento.

TÍTULO IV

Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e lusofonía

Artigo 21. Ámbito da Eurorrexión

Para os efectos desta lei, a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal é a constituída pola suma do territorio e das augas interiores da Comunidade Autónoma de Galicia e mais da Rexión Norte de Portugal.

Artigo 22. Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal

1. A Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal é un organismo de cooperación sen personalidade xurídica dos previstos no Tratado entre o Reino de España e a República Portuguesa sobre cooperación transfronteiriza entre entidades e instancias territoriais, feito en Valencia o 3 de outubro de 2002, que se rexe polo disposto no dito tratado, no convenio de constitución e pola restante normativa que lle resulte aplicable, conforme o previsto neles.

2. A Administración autonómica poderá propoñer no seo da Comunidade de Traballo prioridades en materia de cooperación transfronteiriza para que esta poida decidir elevalas, de acordo coa normativa aplicable, ao Cumio Bilateral Hispano-Portugués. Para tal fin e co obxectivo de unificar e de consensuar as diferentes propostas das consellarías e doutros órganos e entidades autonómicos, o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex) solicitará os informes, plans e proxectos que se pretenda que se teñan en conta para seren abordados polos gobernos de España e Portugal.

3. A coordinación das administracións e autoridades públicas galegas coa Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal corresponderalle ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex.



Artigo 23. *Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal*

1. A Administración autonómica considerará a entidade Galicia-Norte de Portugal, Agrupación Europea de Cooperación Territorial (GNP, AECT), institución creada ao abeiro do dereito da Unión Europea, como un instrumento preferente para executar as actuacións convidadas para a cooperación luso-galaica de base territorial e transfronteiriza.

2. Galicia-Norte de Portugal, Agrupación Europea de Cooperación Territorial é unha persoa xurídico-pública luso-española, constituída pola Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDR-N) e pola Xunta de Galicia, ao abeiro do Regulamento (CE) nº 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, sobre a agrupación europea de cooperación territorial (AECT). En consecuencia, non é unha entidade integrante do sector público autonómico definido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

3. Galicia-Norte de Portugal, Agrupación Europea de Cooperación Territorial réxese polo sistema de fontes detallado no artigo 2 do Regulamento (CE) nº 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, sobre a agrupación europea de cooperación territorial (AECT), e polo Real decreto 23/2015, do 23 de xaneiro, que adopta as medidas necesarias para a aplicación efectiva do dito regulamento.

4. O sector público autonómico, definido pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, poderá autorizar o seu persoal propio para realizar misións de cooperación transfronteiriza, por uns períodos determinados de tempo, como persoas expertas destacadas na sede, as instalacións ou os centros de enlace da GNP, AECT, ou da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDR-N), de mediar un acordo, convenio ou memorando de entendemento entre as autoridades portuguesas ou da GNP, AECT e as galegas, ou nas dependencias do órgano de dirección da Administración autonómica que coordina a cooperación territorial e transfronteiriza con Portugal, sempre que se conte en todo caso coa aceptación do dito persoal. Se a encomenda da misión de cooperación transfronteiriza for por un período igual ou inferior a seis meses, o persoal manterá o seu réxime xurídico de orixe e o posto de traballo, considerándose en servizo activo, e percibirá as súas retribucións con cargo ás correspondentes entidades do sector público. Se a encomenda da misión de cooperación transfronteiriza for por un período determinado superior a seis meses na GNP, AECT, ou na CCDR-N, o persoal funcionario de carreira será declarado en situación de servizos especiais e o persoal laboral na situación que lle corresponda segundo o convenio colectivo que resulte aplicable, e pasarán a ser retribuídos con cargo aos orzamentos das indicadas entidades.

5. Os órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderanlle solicitar á GNP, AECT a súa colaboración, asistencia e apoio en materia de cooperación transfronteiriza. Ademais, poderán encargar á GNP, AECT a xestión de determinados programas de actuación sectorial relativos á cooperación transfronteiriza, traspasándolle os fondos e medios necesarios. O dito encargo deberá ser aceptado polo Consello da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal.



Artigo 24. *Planificación estratéxica e programación de actuacións autonómicas de relevancia para a Eurorrexión*

Na elaboración de plans e programas autonómicos que poidan ter transcendencia, repercusión ou interese para o conxunto da área da Eurorrexión, os órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia impulsores dos ditos plans e programas poderán dar audiencia específica ás autoridades portuguesas competentes, co fin de reducir conxuntamente os custos da súa execución, ampliar o número de persoas beneficiarias cun menor custo por persoa beneficiaria grazas ás economías de escala que concorran, ou co propósito de incrementar os resultados ou retornos cun inferior custo unitario.

Artigo 25. *Cooperación territorial e transfronteiriza galaico-portuguesa de base local*

1. Os municipios galegos poderán cooperar con outros municipios portugueses veciños chegando a formalizar mesmo «eurociudades», baixo a cobertura xurídica dunha agrupación europea de cooperación territorial (AECT) ou de calquera outra forma xurídica, con ou sen personalidade, recoñecida polos respectivos ordenamentos portugués e español, nos termos previstos na normativa internacional ou comunitaria que resulte aplicable. Na hipótese de se constituír baixo a fórmula de AECT, a parte galega propiciará a máis estreita cooperación e coordinación con Galicia-Norte de Portugal, Agrupación Europea de Cooperación Territorial.

2. Para os efectos desta lei, as eurociudades estarán conformadas por dous ou máis concellos galegos e cámaras municipais portuguesas, con situación de contigüidade entre si ao longo do treito galego da fronteira hispano-portuguesa.

3. As eurociudades teñen como principal obxectivo a promoción da converxencia institucional, económica, social, cultural e ambiental entre os concellos galegos e as cámaras municipais portuguesas que as compoñen, impulsando a utilización de servizos comúns como instrumento dinamizador da convivencia entre a poboación de ambos os dous territorios.

4. A creación dunha eurocidade farase por medio dun acordo entre os concellos galegos e as cámaras municipais portuguesas participantes, formalizado de acordo coa normativa aplicable, en que se detallen, polo menos, os obxectivos que se pretenden alcanzar e os campos en que van colaborar.

5. A constitución de novas AECT de base local ou provincial precisará en calquera caso para as autoridades locais galegas do informe previo do órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior, de acordo coa normativa estatal aplicable. Neste informe, o indicado órgano de dirección avaliará, entre outros aspectos, a posibilidade de incorporación a outra AECT luso-galaica de base local ou provincial.

Artigo 26. *Cooperación galaico-portuguesa no ámbito da lusofonía*

1. De conformidade co establecido pola Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e os vínculos coa lusofonía, a Administración autonómica poderá poñer en mar-



cha un programa específico de fomento de intercambios e estadias temporais de persoal empregado público galego e portugués, en especial naquelas áreas en que se considere máis urxente o establecemento dun maior ou máis intenso nivel de cooperación, coordinación ou, mesmo, de integración de servizos públicos.

2. A Administración autonómica formulará iniciativas na entidade Galicia-Norte de Portugal, Agrupación Europea de Cooperación Territorial para que esta impulse a cooperación galaico-portuguesa no ámbito da lusofonía a través de programas específicos, promovendo intercambios culturais, universitarios e educativos entre axentes destes ámbitos portugueses, doutros países lusófonos e galegos.

Artigo 26 bis. *Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade*

Mediante un decreto do Goberno galego creárase o Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade, do que formarán parte as entidades galegas de relación con Portugal e co ámbito da lusofonía, e que terá como finalidade asesorar o Goberno, formular plans de acción como o previsto no artigo 26 *quater* e programar actividades de coñecemento, intercambio e programación.

TÍTULO V Galicia en Europa

CAPÍTULO I Participación de Galicia nos asuntos da Unión Europea

Sección 1ª. Participación na formación da vontade do Estado diante da Unión Europea

Artigo 27. *Participación da Comunidade Autónoma de Galicia na Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea*

1. A persoa titular da consellaría competente en materia de relacións coa Unión Europea e acción exterior será a representante da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia na Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea (CARUE).

2. A persoa titular do órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior será a representante da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia na Comisión de Coordinadores de Asuntos coa Unión Europea.

3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma procurará que no seo da CARUE se aborden todas aquelas cuestións prácticas relacionadas co exercicio da participación autonómica en asuntos da Unión Europea, especialmente no referido ao Consello da Unión Europea, aos seus grupos de traballo e aos comités da Comisión Europea.

Artigo 28. *Do tratamento dos asuntos europeos nas conferencias sectoriais*

1. Cando a persoa titular dunha consellaría da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia exerza a representación autonómica nalgunha formación do Consello da Unión Europea,



solicitará a inclusión na orde do día das reunións da conferencia sectorial correspondente, como asuntos para tratar, daqueles relacionados co alcance da participación, cos temas que se van tratar ou con calquera outro aspecto que poida xurdir no exercicio desa representación, así como coa presentación, ao finalizar o período de representación, dun informe final cun balance dos resultados obtidos no exercicio da dita representación. Así mesmo, deberá facilitar a transición da representación autonómica coa Comunidade Autónoma á cal lle corresponda asumir posteriormente tal representación.

2. O disposto neste precepto enténdese sen prexuízo das restantes obrigas que deriven do exercicio da representación autonómica nalgunha formación do Consello da Unión Europea.

3. Ao finalizar o período de representación, a consellaría deberá trasladar ao órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior o informe final en que se recolla o balance dos resultados obtidos durante o período de representación, que será presentado ao Parlamento anualmente xunto co informe previsto no artigo 14.2.

Artigo 29. *Grupo de Traballo de Asuntos Europeos e Acción exterior*

A persoa titular da consellaría que concentre as competencias e funcións primordiais en materia de relacións coa Unión Europea e acción exterior designará as persoas representantes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia no Grupo de traballo de asuntos europeos e acción exterior, encadrado na Comisión Bilateral de Cooperación entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia. Estas persoas representantes manterán informado o órgano que os designou sobre as súas actividades a través do órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior.

Sección 2ª. Participación en institucións e órganos da Unión Europea

Artigo 30. *Consello da Unión Europea*

1. A Comunidade Autónoma de Galicia poderá participar nas formacións do Consello da Unión Europea en que sexa posible a participación das comunidades autónomas nos termos previstos nos acordos adoptados para tal fin. A persoa titular da consellaría a quen corresponda exercer por razón da materia a participación autonómica no Consello da Unión Europea informará, tras cada asistencia a unha reunión da formación sectorial do Consello da Unión Europea, o Consello da Xunta de Galicia das xestións realizadas, do resultado das negociacións e das posibles implicacións para Galicia, e trasladará unha copia dos documentos anteriores ao órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior.

2. O órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior poderá solicitar a utilización da lingua galega por parte da persoa representante da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos previstos nos acordos adoptados para tal fin.



3. Corresponderalle ao órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior levar a cabo as funcións de información, apoio, seguimento e cooperación na participación da persoa representante autonómica no Consello da Unión Europea, así como a coordinación e interlocución cos servizos da Administración xeral do Estado e da Representación Permanente de España ante a Unión Europea (Reper), no que respecta á realización dos trámites que possibiliten facer efectiva a dita participación.

4. Para os efectos de facilitar o seguimento dos asuntos durante o período da representación, a consellaría competente poderá desprazar persoal técnico á oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas polo tempo que dure a dita representación. Este desprazamento estará sometido á normativa vixente en materia de función pública ou á normativa laboral segundo o réxime xurídico aplicable a ese persoal, e ampararase na subscripción dun convenio de cooperación ou de calquera outro instrumento xurídico axeitado concertado previamente entre a Fundación Galicia Europa e a dita consellaría competente.

Artigo 31. *Grupos de traballo do Consello da Unión Europea*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá a participación do seu persoal técnico naqueles grupos de traballo do Consello da Unión Europea relacionados coas formacións sectoriais desta institución da Unión Europea nas cales teña dereito a participar, por si mesma ou en coordinación coas restantes comunidades autónomas, nos termos previstos nos acordos adoptados para tal fin.

2. O persoal técnico será designado pola persoa titular da consellaría a quen corresponda exercer por razón da materia a participación autonómica no Consello da Unión Europea. A devandita designación deberá ser notificada ao órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior. Co fin de garantir a efectiva representación autonómica, corresponderalle á persoa responsable técnica designada o seguimento dos asuntos, a asistencia ás reunións, a preparación de informes e propostas de posición común, nos termos previstos nos acordos adoptados para tal fin. Para os únicos efectos de seguimento, a dita persoa responsable deberá informar igualmente das súas actuacións ao órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior.

Artigo 32. *Comités da Comisión Europea*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá a participación do seu persoal técnico nos comités da Comisión Europea nos termos previstos nos acordos adoptados para tal fin.

2. Para cada un dos comités da Comisión Europea con participación autonómica, a consellaría competente por razón da materia deberá designar unha persoa responsable sectorial que poida servir de interlocutora coas correspondentes persoas representantes estatais ou autonómicas. A designación e calquera cambio da persoa responsable deberán notificarse ao órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións



coa Unión Europea e acción exterior. A este órgano corresponderalle, así mesmo, levar a cabo funcións de información, apoio, seguimento e coordinación da participación autonómica nos comités da Comisión Europea.

3. Ao finalizar o período de representación, a persoa responsable sectorial autonómica elaborará un informe final, que deberá remitir ao órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior, e que será presentado ao Parlamento anualmente xunto co informe previsto no artigo 14.2.

4. Se os órganos da Administración autonómica detectaren novos comités en que sexa de interese a participación das comunidades autónomas, remitirán a proposta ao órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior.

Artigo 33. *Comité Europeo das Rexións*

1. A Comunidade Autónoma de Galicia participa no Comité Europeo das Rexións (CDR) de acordo coa normativa reguladora do dito órgano e, en particular, a través do membro titular e suplente que proceda designar de acordo coa citada normativa.

2. O órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior asumirá, dentro da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a coordinación das actividades relacionadas coa participación no indicado comité.

3. As propostas que sexan obxecto de debate nos diferentes órganos do Comité Europeo das Rexións serán remitidas desde o órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior ás secretarías xerais técnicas das consellarías competentes por razón da materia, para a súa análise e a súa conformidade ou desconformidade, ou para a proposta de emendas no prazo que se indique no escrito de remisión segundo o prazo que, pola súa vez, outorgase o Comité Europeo das Rexións.

4. O órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior poderá solicitar a utilización da lingua galega por parte da persoa representante da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos previstos nos acordos do Comité adoptados para tal fin.

Artigo 34. *Comité Económico e Social Europeo*

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá a participación de persoas representantes galegas no Comité Económico e Social Europeo. Para este fin, difundirá entre as entidades galegas susceptibles de participaren no Comité Económico e Social Europeo o coñecemento deste e as súas actividades, coa asistencia e o auxilio, se for preciso, do órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior.



Artigo 35. *Tribunal de Xustiza da Unión Europea*

1. Nos supostos en que o permita a normativa procesual europea, cando resulten prexudicados os dereitos ou intereses lexítimos de Galicia, a Xunta de Galicia poderá solicitar intervir nas actuacións da Administración xeral do Estado nos asuntos relacionados co Tribunal de Xustiza da Unión Europea que afecten as súas competencias, solicitando mesmo a actuación do Reino de España.

2. Se a Xunta de Galicia considera que unha disposición ou un acto adoptado por unha institución da Unión Europea que poida producir efectos xurídicos debe ser impugnado polo Reino de España perante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, por estar viciado de ilegalidade e afectar as súas competencias ou intereses, poñerá en coñecemento da Administración xeral do Estado cunha antelación suficiente, tendo en conta os prazos establecidos no Regulamento do Tribunal de Xustiza. Esta comunicación farase a través da persoa representante de Galicia que forme parte da Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea.

3. Igualmente, se a Xunta de Galicia ten interese en que o Reino de España interveña como coadjuvante nun procedemento perante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea por entender que a sentenza que se poida ditar pode afectar as súas competencias ou os seus intereses lexítimos, poñerá en coñecemento da Administración xeral do Estado, pola mesma canle precisada na alínea anterior, cunha antelación suficiente tendo en conta os prazos establecidos no Regulamento do Tribunal de Xustiza.

4. En caso de que a Xunta de Galicia considere que unha institución da Unión Europea se abstivo de actuar, causándolle con iso un prexuízo a Galicia, poderá solicitar, a través da persoa representante que forme parte da Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea, que o Reino de España requira á dita institución para que actúe e, se for o caso, interpoña perante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea un recurso de inacción.

5. A Xunta de Galicia poderá solicitar, ademais, aos órganos competentes do Estado español calquera outra actuación xurídica perante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea que resulte de acordos subscritos entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas.

6. A representación, a defensa e o asesoramento xurídico nos asuntos que atinxan á Comunidade Autónoma de Galicia e que se traten perante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, cando a normativa procesual aplicable o permita, corresponderánlle ao persoal letrado da Xunta de Galicia, que se deberá axustar á normativa de asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, sen prexuízo que, de acordo coa indicada normativa, poida acordarse que a representación e a defensa en xuízo sexan asumidas por unha avogada ou un avogado, que actuará baixo a supervisión da Asesoría Xurídica Xeral.

Sección 3ª. Disposicións comúns

Artigo 36. *Designación de responsables*

Para o efectivo seguimento das actuacións da Administración autonómica na Unión Europea, no que respecta a este capítulo, deberá designarse unha persoa responsable nos ámbitos competenciais



da Presidencia e de cada consellaría, preferentemente con rango de subdirección xeral e con funcións de vicesecretaría ou coordinación, cando sexa posible con coñecemento doutros idiomas europeos, para exercer de punto de contacto co órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior.

CAPÍTULO II

Acción exterior en Europa fóra do marco xurídico da Unión Europea

Artigo 37. Fundamentos da acción exterior galega en Europa fóra da Unión Europea

1. O sector público autonómico desenvolverá a súa acción exterior europea fóra do ámbito institucional e orgánico da Unión Europea con pleno respecto á normativa española e da Unión Europea, de conformidade co prescrito na Estratexia de acción exterior de España e (...) na Estratexia galega de acción exterior.

2. A Administración autonómica velará, no marco das súas competencias, para que os restantes suxeitos públicos da acción exterior galega observen igualmente a citada normativa e as prescricións estratéxicas.

3. A Administración autonómica impulsará a participación de Galicia nas redes europeas de cooperación territorial, co fin de fortalecer o seu posicionamento no ámbito internacional, favorecendo a defensa dos intereses globais conxuntos cos demais membros de cada rede. Ademais, incrementará os vínculos con aqueles (...) territorios con que Galicia garde complementariedades ou afinidades socioeconómicas ou histórico-culturais.

Artigo 38. Participación en redes europeas de cooperación rexional

Nos termos do artigo 37, a Administración autonómica participará naquelas redes europeas de cooperación rexional que teñan como obxectivo a defensa dos intereses xerais das rexións fronteirizas e favorezan o desenvolvemento rexional e a cohesión territorial en Europa, especialmente na Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas de Europa (CRPM) e na Asociación de Rexións Fronteirizas Europeas (ARFE), así como en calquera outra que se institúa ou que a propia Administración autonómica promova.

TÍTULO VI

Tratados e outros instrumentos e acordos internacionais

CAPÍTULO I

Negociación de tratados

Artigo 39. Participación por instancia galega en delegacións españolas no exterior e na negociación de tratados

1. Se un órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia considera conveniente ou precisa a participación autonómica galega nunha delegación oficial española que se desprace ao exterior para negociar un tratado que teña por obxecto materias de competencia



ou interese específico da Comunidade Autónoma galega ou afecte de maneira especial o ámbito territorial autonómico, o dito órgano comunicarallo ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex), para que este realice as xestións necesarias ante o ministerio competente.

Con aquela comunicación ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex achegarase a seguinte documentación:

a) Unha memoria xustificativa sobre as materias de competencia ou interese específico da Comunidade Autónoma galega ou sobre a afectación de maneira especial ao ámbito territorial autonómico.

b) A avaliación económica e orzamentaria, se for preciso.

c) O informe do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de igualdade cando a materia obxecto de negociación teña repercusións en cuestións de xénero.

2. Cando, a criterio dun órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, for indispensable ou recomendable que España inicie negociacións con outro estado ou outros suxeitos de dereito internacional para asinar un tratado que teña por obxecto materias de competencia ou interese específico da Comunidade Autónoma ou afecte de maneira especial o ámbito territorial autonómico, ou se xulga oportuno que autoridades ou funcionarios da Administración autonómica se incorporen a unha delegación oficial española no exterior co propósito de iniciar ou desenvolver conversas tendentes á negociación dun tratado, procederase do seguinte xeito:

a) O órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia propoñente elaborará unha memoria xustificativa, así como a correspondente avaliación económica e orzamentaria, se for preciso. Os ditos documentos serán remitidos ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex, que, pola súa vez, procederá á súa valoración e elaborará o seu propio informe á luz do dereito internacional aplicable, así como un documento de prospectiva de condicionantes políticos internacionais que concorran no caso. Ademais, poderá solicitar informes adicionais aos organismos, ás entidades e aos expertos destacados que considere idóneos.

b) Toda a documentación citada, xunto cunha proposta, será remitida polo órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex á persoa titular da consellaría a que estea adscrito, que valorará a súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

c) No caso de elevación da proposta ao Consello da Xunta, se este considera a procedencia de lle solicitar á Administración xeral do Estado que inicie negociacións con outro estado ou outros suxeitos de dereito internacional ou a participación autonómica nas negociacións propiamente ditas para a sinatura dun tratado, a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia cursará a solicitude galega á persoa titular do ministerio competente.



d) As persoas representantes de Galicia nas referidas delegacións exteriores españolas negociadoras de tratados trasladarán unha copia das notas e dos informes que elaboren, así como dos documentos a que accedan, ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex, que, pola súa vez, poderá destacar persoal especializado en apoio das persoas representantes autonómicas. En calquera caso, as persoas representantes autonómicas elaborarán uns informes reservados, que se remitirán coa periodicidade que determine o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex. Sempre se manterá a reserva, o sixilo, a confidencialidade ou o segredo que determine a autoridade ou a funcionaria ou o funcionario que presida a delegación española en que se integren as autoridades ou o persoal funcionario da Administración autonómica.

Artigo 40. Participación galega por invitación estatal en delegacións españolas no exterior e na negociación de tratados

Cando un órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia for invitado por outro da Administración xeral do Estado a participar nunha delegación oficial española que se desprace ao exterior para iniciar ou desenvolver negociacións con outro estado ou outros suxeitos de dereito internacional co obxecto de asinar un tratado, ou para que autoridades ou persoal funcionario da Administración autonómica se incorporen a unha delegación oficial española no exterior co propósito de iniciar ou desenvolver conversas tendentes á negociación dun tratado, procederase do seguinte xeito:

a) O órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que recibise a proposta estatal elaborará unha memoria xustificativa, así como a correspondente avaliación económica e orzamentaria, se for preciso. Os ditos documentos serán remitidos ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex), que, pola súa vez, procederá á súa valoración e elaborará o seu propio informe á luz do dereito internacional aplicable, así como un documento de perspectiva de condicionantes políticos internacionais que concorran no caso. Ademais, poderá solicitar informes adicionais aos organismos, ás entidades e ao persoal experto destacado que considere idóneos.

b) O informe-proposta elevarallo o dito órgano de dirección á persoa titular da consellaría a que estea adscrito.

c) A conselleira ou o conselleiro antedito valorará a súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia, para que este autorice, de ser o caso, a participación galega solicitada pola Administración xeral do Estado. No caso de que a autorice, precisará os condicionantes e o alcance desa participación, e o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex comunicarllo, ademais, ao ministerio competente en asuntos exteriores.

d) As persoas representantes autonómicas nas delegacións exteriores españolas negociadoras de tratados por instancia da Administración xeral do Estado trasladarán unha copia das notas e actas que elaboren, así como dos documentos a que accedan, ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex, que, pola



súa vez, poderá destacar persoal especializado en apoio das persoas representantes autonómicas. En calquera caso, as persoas representantes autonómicas elaborarán informes reservados, que se remitirán coa periodicidade que determine o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex. Sempre se manterá a reserva, o sixilo, a confidencialidade ou o segredo que determine a autoridade ou a funcionaria ou o funcionario que presida a delegación española en que se integren as autoridades ou o persoal funcionario autonómico.

CAPÍTULO II

Execución de tratados

Artigo 41. *Cooperación na execución de tratados*

1. A Administración autonómica cooperará coa Administración xeral do Estado na execución dos tratados que ratifiquen o Reino de España ou a Unión Europea en asuntos que atinxan competencias autonómicas.

2. Na hipótese de dúbida sobre o xeito máis atinado de execución daqueles tratados, a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia, logo de se xustificar a súa especial transcendencia para a Comunidade Autónoma por parte do órgano autonómico competente por razón da materia, poderá solicitar un informe ao Consello Consultivo de Galicia, mesmo polo procedemento de urxencia.

3. Se para a execución dun tratado na Comunidade Autónoma de Galicia for necesario realizar modificacións no ordenamento xurídico autonómico, estas realizaranse coa maior brevidade.

4. A Administración autonómica remitirá oficialmente ao ministerio competente en asuntos exteriores copias dos proxectos normativos autonómicos preparados para dar execución a un tratado, co tempo preciso para que o dito ministerio poida realizar as observacións que coide oportunas, así como copias dos textos normativos unha vez aprobados estes.

Artigo 42. *Coordinación co ministerio competente en asuntos exteriores para a execución de tratados*

1. A Administración autonómica coordinarase puntualmente co ministerio competente en asuntos exteriores para garantir a máxima seguranza xurídica na execución dos tratados que lle atinxan e para trasladar aos restantes estados ou organizacións internacionais parte deses tratados as garantías pertinentes.

2. Para estes efectos, o órgano autonómico competente para a execución dun tratado solicitará un informe á asesoría xurídica e ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior sobre as suxestións do ministerio competente en asuntos exteriores.

3. Cando se coide necesario por revestir especial transcendencia para a Comunidade Autónoma de Galicia, a persoa titular da Presidencia da Xunta poderá solicitar un ditame ao respecto do Consello Consultivo de Galicia.



CAPÍTULO III

Acordos internacionais administrativos subscritos polo sector público autonómicoArtigo 43. *Acordo internacional administrativo por iniciativa autonómica*

1. O órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou a entidade instrumental do sector público autonómico que propoña a subscrición dun acordo internacional administrativo deberá informar, en iniciando os pertinentes contactos exteriores, o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex).

2. Posteriormente, o órgano superior ou a entidade instrumental que propoña a subscrición dun acordo internacional administrativo negociará coa autoridade pública foránea o contido material do acordo, e poderá solicitar o asesoramento do órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex.

3. Unha vez que se consensúe un texto básico, deberá remitirse oficialmente ao órgano de dirección responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex xunto co seu correspondente informe debidamente motivado, e antes do peche das súas deliberacións coa contraparte estranxeira, unha proposta acompañada da seguinte documentación:

a) Unha copia do tratado que será executado ou concretado polo acordo internacional administrativo proposto.

b) O borrador final do acordo internacional administrativo proposto.

c) O informe da asesoría xurídica.

d) O informe técnico sobre as materias incluídas no acordo, elaborado polos servizos competentes do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou da entidade propoñente.

e) A memoria económica verbo do impacto do acordo sobre os sectores afectados.

f) A avaliación do custo orzamentario previsto durante o período de vixencia do acordo.

g) O informe do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de igualdade cando a materia obxecto de acordo teña repercusións en cuestións de xénero.

4. Após ter examinado a documentación achegada, o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex dará traslado de toda a documentación ao ministerio competente en asuntos exteriores para os efectos do informe previsto na normativa estatal.

5. A sinatura destes acordos será realizada pola persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia ou, por delegación daquela, pola conselleira ou o conselleiro que determine. Así mesmo, a persoa



titular da Presidencia poderá delegar a sinatura nos altos cargos autonómicos competentes en materia de acción exterior ou de emigración.

6. O acordo asinado publicarase no *Diario Oficial de Galicia* con indicación da data da súa entrada en vigor e remitirase ao ministerio competente en asuntos exteriores para a súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, de acordo co previsto na normativa estatal.

Artigo 44. *Acordo internacional administrativo por iniciativa dunha autoridade exterior*

1. O órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou a entidade instrumental do sector público autonómico que reciba a proposta exterior de subscripción dun acordo internacional administrativo deberá remitir inmediatamente ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex), e sempre antes do peche dos seus contactos coa contraparte estranxeira, unha proposta acompañada da seguinte documentación:

a) Unha copia do tratado que será executado ou concretado polo acordo internacional administrativo proposto.

b) O borrador do acordo internacional administrativo proposto pola autoridade exterior.

c) O informe da asesoría xurídica.

d) O informe técnico sobre as materias incluídas no acordo, elaborado polos servizos competentes do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou da entidade interesada.

e) A memoria económica verbo do impacto do acordo sobre os sectores afectados en Galicia.

f) A avaliación do custo orzamentario previsto para Galicia durante o período de vixencia do acordo.

g) O informe do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de igualdade cando a materia obxecto de acordo teña repercusións en cuestións de xénero.

2. Após ter examinado a documentación achegada, o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex dará traslado de toda a documentación ao ministerio competente en asuntos exteriores para os efectos do informe previsto na normativa estatal. Se a contraparte estranxeira non acepta as propostas de modificación engadidas ao texto que se lle traslade, incorporárase á comisión negociadora unha persoa representante do órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex, co fin de adecuar o texto aos requisitos galegos e españois exixibles de acordo co previsto na normativa estatal.

3. A sinatura destes acordos será realizada pola persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia ou, por delegación daquela, pola conselleira ou o conselleiro que determine. Así mesmo, a persoa



titular da Presidencia poderá delegar a sinatura nos altos cargos autonómicos competentes en materia de acción exterior ou de emigración.

4. O acordo asinado publicarase no *Diario Oficial de Galicia* con indicación da data da súa entrada en vigor e remitirase ao ministerio competente en asuntos exteriores para a súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, de acordo co previsto na normativa estatal.

CAPÍTULO IV

Acordos internacionais non normativos subscritos polo sector público autonómico

Artigo 45. Acordo internacional non normativo por iniciativa autonómica

1. O órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou a entidade instrumental do sector público autonómico que propoña a subscrición dun acordo internacional non normativo intentará adecuarse ao modelo de memorando de entendemento que lle proporcione o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex). En todo caso, deberá informar, en iniciando os seus contactos coa correspondente autoridade exterior, o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex, e poderá solicitar o seu asesoramento.

2. Posteriormente, o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou a entidade que propoña a subscrición dun acordo internacional non normativo negociará coa autoridade foránea o contido material do acordo.

3. Unha vez que se consensúe un texto, este deberase remitir oficialmente ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex, e antes do peche dos seus contactos coa contraparte estranxeira, unha proposta acompañada da seguinte documentación:

a) O borrador do acordo internacional non normativo proposto, axeitado o máis posible ao modelo de memorando de entendemento que se lle facilitase.

b) O informe da asesoría xurídica.

c) A memoria económica verbo do impacto do acordo sobre os sectores afectados.

d) A avaliación do custo orzamentario previsto durante o período de vixencia do acordo.

e) O informe do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de igualdade cando a materia obxecto de acordo teña repercusións en cuestións de xénero.

4. Após ter examinado a documentación achegada, o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex dará traslado de toda a documentación ao ministerio competente en asuntos exteriores para os efectos do informe previsto na normativa estatal.



5. A sinatura destes acordos será realizada pola persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia ou, por delegación daquela, pola conselleira ou o conselleiro que determine. Así mesmo, a persoa titular da Presidencia poderá delegar a sinatura nos altos cargos autonómicos competentes en materia de acción exterior ou de emigración.

6. Unha copia do acordo asinado remitirase ao ministerio competente en asuntos exteriores para a súa inscrición no rexistro previsto na normativa estatal.

Artigo 46. *Acordo internacional non normativo por iniciativa dunha autoridade exterior*

1. O órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou a entidade instrumental do sector público autonómico que reciba a proposta exterior de subscripción dun acordo internacional non normativo deberá remitir inmediatamente ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex), e sempre antes do peche dos seus contactos coa contraparte estranxeira, unha proposta acompañada da seguinte documentación:

- a) O borrador do acordo internacional non normativo proposto pola autoridade exterior.
- b) O informe da asesoría xurídica.
- c) A memoria económica verbo do impacto do acordo sobre os sectores afectados en Galicia.
- d) A avaliación do custo orzamentario previsto para Galicia durante o período de vixencia do acordo.
- e) O informe do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de igualdade cando a materia obxecto de acordo teña repercusións en cuestións de xénero.

2. O órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou a entidade autonómica que reciba a proposta exterior de subscripción dun acordo internacional non normativo intentará, durante o proceso negociador coa autoridade exterior, que o documento que haxa que asinar se acomode o máis posible ao modelo de memorando de entendemento que lle facilite o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex.

3. Após ter examinado a documentación achegada, o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex dará traslado de toda a documentación ao ministerio competente en asuntos exteriores para os efectos do informe previsto na normativa estatal. Se a contraparte estranxeira non acepta as propostas de modificación engadidas ao texto que se lle traslade, incorporárase á comisión negociadora unha persoa representante do órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex, co fin de adecuar o texto aos requisitos galegos e españois exixibles.

4. A sinatura destes acordos será realizada pola persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia ou, por delegación daquela, pola conselleira ou o conselleiro que determine. Así mesmo, a persoa



titular da Presidencia poderá delegar a sinatura nos altos cargos autonómicos competentes en materia de acción exterior ou de emigración.

5. Unha copia do acordo asinado remitirase ao ministerio competente en asuntos exteriores para a súa inscrición no rexistro previsto na normativa estatal.

Artigo 47. *Modelos de memorandos de entendemento*

1. O órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex) negociará coas autoridades competentes do ministerio competente en asuntos exteriores a adopción de modelos harmonizados de memorandos de entendemento que satisfagan os requirimentos das lexislacións estatal e autonómica e que, deste xeito, permitan axilizar os procedementos internos de coordinación en ambas as dúas administracións, e destas con outras administracións, corporacións ou entidades públicas galegas.

2. As administracións, corporacións ou entidades públicas galegas que promovan a sinatura de acordos internacionais non normativos tentarán adecuar as súas propostas aos devanditos modelos harmonizados. De non ser posible, comunicarán con suficiente antelación esta circunstancia, de forma motivada, e as alternativas que propoñan, ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex. Este estudará cada caso e contrastará co ministerio competente en asuntos exteriores as alternativas que coide máis axeitadas, que haberán ser sempre compatibles co ordenamento xurídico español.

CAPÍTULO V

Outros acordos de suxeitos públicos

Artigo 48. *Acordos de suxeitos públicos non integrantes do sector público autonómico*

Os órganos, organismos e entes das administracións locais galegas, as universidades públicas galegas e outros suxeitos de dereito público galegos distintos dos integrantes do sector público autonómico poderán subscribir acordos internacionais administrativos e non normativos nos termos previstos na normativa estatal e nesta lei. Estes acordos deberán ser compatibles coa Estratexia galega de acción exterior.

Artigo 49. *Procedemento para a realización de acordos por suxeitos públicos non integrantes do sector público autonómico*

1. Para a mellor coordinación co ministerio competente en asuntos exteriores, os acordos previstos no artigo precedente remitiranse a aquel por medio do órgano de dirección da Administración autonómica responsable da Estratexia galega de acción exterior (Egaex). Previamente, a entidade correspondente poderá solicitar asesoramento a ese órgano de dirección sobre o contido dos acordos. En todo caso, a ulterior remisión a aquel ministerio precisará que se xunte a seguinte documentación coa suficiente antelación á sinatura de calquera acordo con representantes de entidades públicas do exterior:

- a) O borrador do texto.



b) O informe do órgano que exerza na entidade as funcións de asesoramento xurídico.

c) O informe do órgano que exerza na entidade as funcións de fiscalización orzamentaria.

2. Tras examinar esta documentación, o órgano de dirección da Administración autonómica responsable da Egaex remitirá a proposta ao dito ministerio.

3. Se o ministerio competente en asuntos exteriores non pon reparos no prazo previsto na normativa estatal, o órgano de dirección da Administración autonómica responsable da Egaex comunicará esta circunstancia á entidade promotora.

4. Despois de asinar o acordo, e sen prexuízo da publicación oficial que deba darse conforme a normativa estatal, a entidade promotora publicará o acordo na súa páxina web ou portal de transparencia, e daralle traslado ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable da Egaex, que ao tempo llo comunicará ao ministerio competente en asuntos exteriores.

5. Do mesmo xeito, despois de asinar o acordo, o órgano competente da entidade dará traslado dunha copia fidedigna para o seu rexistro ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex.

6. Todos os acordos referidos neste artigo serán asinados, cando menos, nos dous idiomas oficiais de Galicia. De se empregaren outros idiomas, xuntaranse igualmente copias fidedignas deles.

CAPÍTULO VI

Comunicación e arquivamento dos acordos suscritos polo sector público autonómico

Artigo 50. *Comunicación e arquivamento dos acordos suscritos polo sector público autonómico*

Unha vez suscritos os acordos a que fan referencia os capítulos III e IV deste título, o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou a entidade instrumental do sector público autonómico que se encargase da súa tramitación enviará, nun prazo inferior a dez días naturais, un exemplar orixinal asinado en cada idioma empregado para o seu arquivamento ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior.

TÍTULO VII

Accións sectoriais no exterior

CAPÍTULO I

Acción exterior no eido transversal

Sección 1ª. Acción exterior en materia de emigración

Artigo 51. *Galegas e galegos do exterior*

1. A acción exterior en materia de emigración velará especialmente pola salvagarda dos dereitos sociais e económicos de toda a cidadanía galega residente no exterior e dos seus descendentes,



así como das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia. Fomentará, así mesmo, o mantemento dos seus vínculos lingüísticos e culturais.

2. Así mesmo, promoverá o traballo conxunto coas comunidades ou colectividade galegas no exterior, na proxección internacional de Galicia.

Artigo 52. *Acción exterior en materia de retorno*

A acción exterior en materia de retorno estará orientada a facilitar o regreso a Galicia das persoas galegas residentes no exterior e das súas familias, levando a cabo políticas de información, orientación e seguimento en todo o proceso, para conseguir unha plena integración na sociedade galega.

Sección 2ª. Emerxencias

Artigo 53. *Desprazamento ao exterior de equipos de protección civil ou emerxencias financiados con recursos públicos galegos*

1. Cando se requira ou ofrezca axuda internacional que atinxa equipos de protección civil ou emerxencias financiados con recursos públicos galegos, comunicarase inmediatamente ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior, que ao tempo llo trasladará ao ministerio competente en asuntos exteriores, para os efectos do seu coñecemento e de posibilitar a coordinación polas autoridades diplomáticas e consulares españolas sobre o terreo, en concordancia coas autoridades locais e cos responsables da Unión Europea e das axencias internacionais sobre o terreo.

2. Calquera incidencia de saúde que padeza este persoal galego con motivo do seu desprazamento ao exterior será cuberta ao seu regreso a Galicia polo Servizo Galego de Saúde.

Sección 3ª. Formación do persoal empregado público

Artigo 54. *Formación do persoal empregado público en materias de interese europeo e internacional*

1. A Escola Galega de Administración Pública (EGAP) dará audiencia ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo cumprimento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex), para prever as necesidades formativas do persoal empregado público a quen se poida dirixir a actividade formativa da EGAP no que atinxa o desenvolvemento e a aplicación desta lei e mais a execución da Egaex. A dita audiencia poderase artellar a través dunha comisión mixta de seguimento de composición paritaria.

2. Sen prexuízo do anterior, promoverase a cooperación coas universidades galegas e con outros centros universitarios e especializados, preferentemente de titularidade pública, tanto españois coma europeos ou de terceiros estados non-membros da Unión Europea.

3. Correspóndelle á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, logo da audiencia ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo cumprimento e a



execución da Egaex, prever as necesidades formativas do persoal do Sistema público de saúde de Galicia en materias relacionadas co desenvolvemento e a aplicación desta lei e mais coa execución da Egaex.

CAPÍTULO II

Acción exterior no eido de facenda

Sección 1ª. Planificación económica

Artigo 55. Consideración do contorno europeo e internacional na planificación económica

O órgano de dirección da Administración autonómica que teña encomendada a responsabilidade de efectuar a planificación económica poderá reclamar a cooperación do órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior e mais da Fundación Galicia Europa no ámbito da información, dos estudos e da lexislación, de órbita comunitaria ou internacional.

Sección 2ª. Fondos da Unión Europea

Artigo 56. Negociación, programación e xestión dos fondos da Unión Europea a prol de Galicia

O órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior e mais os órganos de dirección autonómicos responsables de efectuaren a planificación económica galega e a xestión dos fondos da Unión Europea manterán a máis estreita cooperación e coordinación co obxectivo de atinxir o mellor resultado posible na fase negociadora dos marcos financeiros plurianuais, dos programas operativos de interese para Galicia e da normativa europea de implementación deses recursos.

CAPÍTULO III

Acción exterior ambiental e cambio climático

Artigo 57. Cooperación ambiental exterior

1. Na realización de avaliacións ambientais estratéxicas sometidas á Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, as autoridades ambientais galegas realizarán as pertinentes consultas transfronteirizas, mesmo no caso de dúbida razoable da súa obrigatoriedade, coas autoridades portuguesas por medio das canles establecidas no ordenamento xurídico.

2. Nesta materia observarase o establecido no Protocolo de actuación entre o Goberno de España e o Goberno da República Portuguesa de aplicación nas avaliacións ambientais de plans, programas e proxectos con efectos transfronteirizos, feito en Madrid o 19 de febreiro de 2008.

Artigo 57 bis. Participación activa

A acción exterior de Galicia no eido ambiental e do cambio climático buscará que as institucións e o conxunto da sociedade galega participen activamente na primeira liña das accións internacio-



nais contra o cambio climático e de preservación dos ecosistemas planetarios, tendo en conta a interdependencia dos ecosistemas globais e as repercusións negativas do cambio climático.

CAPÍTULO IV **Acción exterior no eido da economía**

Sección 1ª. Comercio no mercado interior, comercio exterior e atracción de investimentos e inmigrantes

Artigo 58. Comercio no mercado interior

1. Para mellorar o aproveitamento das vantaxes do mercado interior europeo, o sector público autonómico tomará en consideración as mellores prácticas avaladas pola dirección xeral competente da Comisión Europea.

2. A Administración autonómica favorecerá a prestación de servizos transfronteirizos dos operadores galegos dentro do mercado interior europeo, mediante os correspondentes estudos de mercado, para aproveitar as vantaxes competitivas daqueles.

Artigo 59. Comercio exterior

1. A Administración autonómica promoverá a diversificación internacional do comercio exterior desenvolvido polas empresas radicadas en Galicia.

2. Cando a Administración autonómica observe unha excesiva concentración de riscos sistémicos, convocará as cámaras de comercio galegas e as asociacións sectoriais concernidas para elaborar uns plans de continxencia que inclúan a pescuda de novos mercados.

3. A Administración autonómica realizará anualmente unha convocatoria ás cámaras de comercio galegas e ás asociacións sectoriais coa finalidade de revisar a prioridade de mercados obxectivo e a fixación de novos mercados obxectivo a medio prazo.

Artigo 60. Captación de investimentos produtivos

1. Durante o primeiro trimestre de cada ano natural logo da entrada en vigor desta lei, a Administración autonómica examinará o estudo *Doing business* do Banco Mundial, para os efectos de avaliar a posta en marcha das medidas precisas, dentro das competencias autonómicas, para mellorar a atracción de capital foráneo dedicado a investimentos produtivos. Asemade, na elaboración destas medidas tomaranse en consideración outros informes oficiais da Comisión Europea e de organizacións internacionais en que España sexa estado membro.

2. Cando os atrancos ou atrasos aos investimentos de capital foráneo procedan doutras administracións galegas, a Xunta de Galicia promoverá as modificacións indispensables para situar Galicia no chanzo superior das administracións máis eficientes en tempo e custos do contorno da Unión Europea.



3. Os investimentos produtivos de capital foráneo beneficiaranse das medidas previstas na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, de acordo co disposto nela.

Artigo 60 bis. *Colaboración coa rede de oficinas comerciais das embaixadas de España no exterior*

Para as finalidades previstas nos artigos 59 e 60, a Administración autonómica promoverá mecanismos e procedementos de colaboración estables coa rede de oficinas comerciais das Embaixadas de España no exterior.

Artigo 61. *Atracción de inmigrantes de países prioritarios*

1. A Administración autonómica desenvolverá iniciativas para estimular o asentamento no territorio galego de nacionais dos estados e territorios previstos na Estratexia galega de acción exterior.

2. As iniciativas anteditas deberán acomodarse en calquera caso ás directrices das autoridades españolas e da Unión Europea, sen prexuízo de que as autoridades galegas realicen as xestións precisas para trasladar aos ministerios competentes as necesidades estruturais galegas neste eido.

3. Priorizarase o asentamento dos inmigrantes referidos neste artigo nos concellos e as bisbarras que precisen dun maior dinamismo poboacional.

Sección 2ª. Acción exterior na I+D+I

Artigo 62. *Polo de excelencia cara ao exterior*

1. A Administración autonómica promoverá Galicia como polo de excelencia científica e tecnolóxica, tanto no coñecemento e na investigación coma na innovación e na capacidade innovadora da súa economía.

2. A Administración autonómica potenciará, no marco das súas competencias, as relacións de colaboración cos organismos e as organizacións internacionais no ámbito da investigación e da innovación. A este respecto, o marco institucional da Unión Europea será o ámbito prioritario.

Artigo 63. *Colaboración cara ao exterior*

1. A Administración autonómica promoverá a participación de persoas físicas, organismos públicos e privados, entidades e empresas do Sistema galego de investigación e innovación en proxectos e programas de I+D+I internacionais, especialmente os promovidos pola Unión Europea.

2. A Administración autonómica impulsará a participación das administracións, dos organismos públicos e privados, das entidades e das empresas do Sistema galego de investigación e innovación nas redes interrexionais, paneuropeas e internacionais de coñecemento e de colaboración no ámbito da I+D+I. Así mesmo, promoverá a visibilidade e o posicionamento dos axentes galegos tanto na Unión Europea coma internacionalmente.



3. A Administración autonómica promoverá a mobilidade internacional do persoal investigador e a presenza en institucións internacionais vinculadas á I+D+I, así como a atracción do talento investigador e innovador.

4. No marco das súas competencias, a Administración autonómica participará na subscrición de tratados internacionais e subscribirá outros acordos internacionais que contribúan aos obxectivos das súas políticas de I+D+I.

Artigo 64. *Estratexia de especialización intelixente*

No marco da Estratexia de especialización intelixente, o sector público autonómico levará a cabo as actividades oportunas para o seu adecuado desenvolvemento no ámbito interrexional e paneuropeo, de acordo coas necesidades de colaboración reforzada que implica a nivel exterior e tendo en conta as oportunidades de complementariedade e de sinerxía. En especial, o sector público autonómico impulsará a integración nas redes, os mecanismos e os instrumentos postos en marcha tanto no ámbito da Unión Europea coma noutros ámbitos internacionais, que permitan desenvolver marcos de colaboración ampliada e que estean ligados ás propias estratexias de innovación europeas ou aos instrumentos desenvolvidos no seu ámbito.

CAPÍTULO V

Acción exterior no eido do ensino e da universidade

Sección 1ª. Ensino

Artigo 65. *Obxectivos europeos de calidade*

1. O ensino galego ten como obxectivo propio acadar os indicadores de calidade establecidos pola Unión Europea e conseguidos polos estados máis avanzados neste eido.

2. A Administración educativa galega fomentará os intercambios europeos de profesionais do ensino e de estudantes, cunha orientación cara á mellora dos resultados sinalados como clave pola Unión Europea.

3. A Administración autonómica convidará os profesionais do ensino a propoñer as melloras prácticas que rendan resultados positivos no contorno da Unión Europea para o seu ensaio mediante proxectos piloto.

Sección 2ª. Universidade

Artigo 66. *Internacionalización do Sistema universitario galego*

1. A Xunta de Galicia primará no financiamento universitario a medra na internacionalización das universidades públicas do Sistema universitario galego consonte os indicadores recomendados pola Unión Europea.



2. En conformidade co previsto na alínea precedente, estimularase preferentemente a atracción de alumnado de países da lusofonía e dos países que se indiquen como prioritarios na Estratexia galega de acción exterior.

3. A Administración autonómica impulsará a coordinación da promoción exterior das universidades galegas e estimulará a máis estreita cooperación entre elas, buscando a colaboración coas restantes da Eurorrexión, en especial cando se dirixan a países da lusofonía.

4. A Xunta de Galicia deseñará unha política pública de seu, orientada a favorecer o establecemento e o emprendemento en Galicia dos titulados foráneos nas universidades galegas.

CAPÍTULO VI

Voluntariado social no exterior

Artigo 67. Pulo do voluntariado social galego

A Administración autonómica participará, no marco das súas competencias, nos programas de voluntariado social promovidos polas autoridades da Unión Europea, con preferencia naqueles aos cales se sumen autoridades portuguesas e doutros países determinados como prioritarios na Estratexia galega de acción exterior.

CAPÍTULO VII

Acción exterior nos eidos da cultura, da lingua e do turismo

Artigo 68 . Cultura galega no exterior

A acción exterior na materia de cultura terá como obxectivo a defensa, a promoción e a difusión dos valores culturais do pobo galego, a visibilización no exterior do noso tecido cultural, a promoción do consumo de bens, servizos e produtos culturais galegos fóra das fronteiras españolas e mais o fomento dos intercambios culturais que faciliten o coñecemento do patrimonio cultural de Galicia nas súas diversas manifestacións, no marco das competencias establecidas pola Constitución española e polo Estatuto de autonomía de Galicia.

Artigo 69. Lingua galega no exterior

1. A acción exterior na materia de lingua galega promoverá o ensino da lingua e da literatura, así como as actividades relacionadas coa súa investigación e divulgación, como manifestación dunha cultura diferenciada e como expresión social do pobo galego. Do mesmo xeito, impulsará o apoio institucional da utilización e a promoción do galego nas comunidades de fóra de Galicia en que ten uso e pervivencia.

2. Co fin de poñer en valor a utilidade internacional da lingua galega, a Administración autonómica:

a) Apoiará a distribución e o consumo de bens, servizos e produtos en lingua galega nos países do ámbito lusófono co obxecto de asociar a unha imaxe de dinamismo económico e comercial.



b) Impulsará a colaboración coa Administración xeral do Estado para levar a cabo, a través da rede de centros do Instituto Cervantes, actividades conxuntas de promoción e difusión da lingua galega.

c) Promoverá o uso da lingua galega nas institucións internacionais e procurará o seu pleno recoñecemento nos ámbitos en que conte con representación oficial, así como a tradución de textos galegos para o inglés e outras linguas, e viceversa.

2 bis. O Goberno galego desenvolverá unha estratexia de intervención de Galicia a favor da diversidade lingüística e cultural, sumándose ás iniciativas internacionais neste ámbito, nomeadamente ás promovidas no marco da UNESCO en coordinación co goberno do Estado e coas accións promovidas desde o ministerio competente en materia de asuntos exteriores, unión europea e cooperación.

Artigo 70 . *Turismo foráneo*

A acción exterior en materia de turismo orientarase á promoción da imaxe marca-país de Galicia como destino turístico, con especial atención á posta en valor dos camiños de Santiago, así como á planificación, ao desenvolvemento, á execución e ao seguimento de actividades de carácter promocional do sector turístico galego, sen prexuízo das competencias da Administración xeral do Estado e en colaboración coa Organización Mundial do Turismo.

A Administración galega utilizará os Camiños de Santiago como camiños de volta, co obxecto de promover no exterior os valores, a identidade e a imaxe de Galicia.

Artigo 70 bis). *Proxección da imaxe internacional de Galicia*

A acción exterior galega promocionará as liñas de traballo conxunta cos axentes turísticos, culturais e lingüísticos galegos, tanto públicos coma privados, con actividade internacional regular, para proxectar a imaxe internacional de Galicia.

CAPÍTULO VIII

Acción exterior no eido da sanidade

Artigo 71. *Promoción de servizos sanitarios cara ao exterior*

A Administración autonómica deseñará unha iniciativa de seu para atraer demanda de servizos sanitarios de alto valor engadido para a súa prestación en Galicia, semellantes aos desenvolvidos por outros países da Unión Europea, aproveitando as vantaxes competitivas e de cualificacións dos nosos profesionais, coa finalidade de xerar en Galicia máis postos de traballo de alto nivel.

CAPÍTULO IX

Acción exterior marítima

Artigo 72. *Defensa dos intereses do sector do mar no eido exterior*

1. A Administración autonómica promoverá unha política activa de acordos da Unión Europea con terceiros estados non-membros para manter a autonomía europea no aprovisionamento de alimentos e produtos do mar.



2. A Administración autonómica poderá estimular a concertación privada de acordos entre axentes galegos do sector do mar e autoridades de terceiros estados non-membros da Unión Europea para garantir o acceso a augas deses estados, sempre consonte a normativa europea e española na materia.

TÍTULO VIII Cooperación para o desenvolvemento

CAPÍTULO I Disposicións xerais no eido da cooperación para o desenvolvemento

Artigo 73. *A política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento*

1. A política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento inclúe o conxunto de iniciativas, actuacións e recursos que a sociedade galega, a través do sector público autonómico, pon ao servizo das persoas, as comunidades, as entidades e as institucións públicas en países empobrecidos e en vías de desenvolvemento, contribuíndo ao logro da Axenda global de desenvolvemento humano sustentable, co fin de erradicar a pobreza nas súas múltiples dimensións, reducir as desigualdades, promover a realización efectiva dos dereitos humanos, favorecer modelos de produción e consumo sustentables, loitar contra o cambio climático e promover unhas relacións internacionais baseadas na paz e na xustiza.

2. As actuacións en materia de cooperación para o desenvolvemento, en canto expresión do compromiso solidario da sociedade galega coa xustiza global, orientaranse á promoción de cambios positivos, sustentables e a longo prazo nas condicións de vida das persoas para a realización do dereito ao desenvolvemento humano sustentable dos países e os pobos con que cooperan o sector público autonómico e os axentes de cooperación, e contribuirán á construción dunha cidadanía global concienciada e comprometida que apoia e participa nas políticas e actuacións de solidariedade e xustiza social no ámbito local e global.

3. As actuacións e os recursos que o sector público autonómico destine á cooperación para o desenvolvemento no exercicio das súas competencias contribuirán ao cumprimento da Axenda global de desenvolvemento humano sustentable das Nacións Unidas e dos seus organismos especializados e mais do establecido na lexislación e a planificación estatais nesta materia.

4. Os recursos destinados á cooperación para o desenvolvemento polo sector público autonómico terán a consideración de axuda oficial ao desenvolvemento cando satisfagan os criterios establecidos no marco internacional de referencia na materia. Ao tempo, tamén poderán incluír outros recursos públicos destinados a países empobrecidos ou en vías de desenvolvemento e á cooperación multilateral definida no artigo 79.1.b) no contexto da definición internacional do apoio oficial total ao desenvolvemento sustentable.

5. A denominación Cooperación Galega inclúe o conxunto de iniciativas e actuacións en materia de cooperación para o desenvolvemento promovidas, ben directamente polo sector público autonómico, ben a través dos outros axentes de cooperación para o desenvolvemento, que son financiadas con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas iniciativas e



actuacións serán identificadas cos logotipos oficiais da Xunta de Galicia e da Cooperación Galega que estableza o órgano de dirección da Administración autonómica competente nesta materia.

Artigo 74. *Ámbito de aplicación*

1. Este título aplicarase a todas as iniciativas, actuacións e recursos en materia de cooperación para o desenvolvemento humano sustentable e a solidariedade internacional do sector público autonómico.

2. Os principios, os obxectivos, os criterios e as prioridades deste título rexerán, así mesmo, a actividade das administracións locais galegas e das entidades delas dependentes en materia de cooperación para o desenvolvemento, sen prexuízo da súa autonomía no exercicio das súas competencias.

3. As prioridades fixadas polo Plan director da cooperación galega vixente nesta materia inspirarán igualmente as actuacións de cooperación para o desenvolvemento e a solidariedade internacional das administracións locais galegas, que tenderán a buscar a coordinación e a complementariedade entre os axentes de cooperación e achegar un valor engadido e diferenciado.

Artigo 75. *Principios da política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento*

Son principios orientadores da política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento:

a) A centralidade do ser humano como protagonista e destinatario de toda actuación de cooperación para o desenvolvemento, no marco do recoñecemento da súa liberdade e dignidade e da realización efectiva dos dereitos humanos, individuais e colectivos.

b) O desenvolvemento humano sustentable como un proceso multidimensional nos ámbitos social, económico e ambiental, e como responsabilidade compartida da sociedade e das administracións públicas galegas e dos países e os pobos con que se asocia a Cooperación Galega, con especial consideración da loita contra o cambio climático e os seus efectos.

c) O respecto e a promoción da apropiación democrática do proceso de desenvolvemento para que os gobernos e as sociedades civís dos países e os pobos con que se asocia a Cooperación Galega exerzan un liderado, autoridade e responsabilidade efectiva, tanto sobre as súas políticas e estratexias de desenvolvemento coma sobre os seus modelos propios de desenvolvemento social, cultural, económico, político e ambiental.

d) O aliñamento coas políticas públicas e estratexias de desenvolvemento humano sustentable dos países e os pobos con que se asocia a Cooperación Galega cando fosen o resultado dun proceso democrático de diálogo, concertación e participación da súa sociedade civil organizada e non atenten contra os dereitos humanos, o ambiente, a xustiza social e os compromisos adquiridos en convenios internacionais.

e) A gratuidade, de tal xeito que as actuacións de cooperación internacional para o desenvolvemento respondan ao principio de solidariedade desinteresada e non poderán estar orientadas, nin



directa nin indirectamente, á recepción de contraprestacións ou á obtención de beneficios materiais, de calquera natureza, polos axentes doadores.

f) O exercicio pleno e integral dos dereitos da infancia e a igualdade de xénero, o apoderamento e o exercicio pleno e efectivo dos dereitos das mulleres, desenvolvendo actuacións positivas e considerando nas actuacións as diferentes situacións, condicións e necesidades de homes e mulleres, a todos os niveis e nas distintas fases de planificación, execución e avaliación.

g) A xustiza, a liberdade e a igualdade nas relacións entre as persoas, as comunidades, os pobos e os países, así como a prevención e resolución pacífica dos conflitos, fortalecendo a convivencia e a paz.

h) A non-discriminación por razóns de sexo, raza, cultura, ideoloxía ou relixión das persoas ou comunidades coas cales se coopera, e o respecto á súa identidade, lingua e cultura propias.

i) O benestar, a cohesión e a xustiza sociais para un desenvolvemento económico inclusivo baseado nunhas relacións comerciais xustas e na redistribución equitativa da riqueza e a prosperidade compartida por toda a sociedade.

j) O respecto da independencia das organizacións non-gobernamentais e dos demais axentes de cooperación na execución de actuacións en materia de cooperación para o desenvolvemento e a educación para a cidadanía global, así como da neutralidade e imparcialidade da acción humanitaria.

Artigo 76. *Obxectivos da política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento*

Son obxectivos da política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento:

a) Contribuír á erradicación da fame, da pobreza e da desigualdade, en todas as súas formas e dimensións, para que todos os seres humanos poidan realizar o seu potencial con dignidade e liberdade, cunha atención específica ás necesidades e demandas das persoas e os colectivos máis vulnerables.

b) Promover a sustentabilidade da vida protexendo o planeta contra a degradación, fomentando o consumo, a produción e a xestión sustentables dos recursos naturais, os principios e valores do comercio xusto e a economía social no marco dunhas relacións comerciais máis xustas, e promovendo a conservación da biodiversidade e a loita contra o cambio climático, de xeito que se poidan satisfacer as necesidades das xeracións presentes e futuras.

c) Fomentar que todos os seres humanos poidan ampliar as súas opcións e capacidades para gozar dunha vida digna, próspera e plena e que o desenvolvemento económico, social e tecnolóxico se produza con criterios de xustiza social.

d) Fortalecer a capacidade das persoas, comunidades, organizacións e institucións para anticiparse e prever riscos, ameazas, acontecementos adversos ou desastres, sendo quen de recuperarse, adaptarse e prosperar despois da crise económica, política, social ou ambiental.



e) Propiciar sociedades pacíficas, xustas e inclusivas dentro dun marco democrático e de respecto e realización dos dereitos humanos, contribuíndo á superación dos contextos e das situacións de violencia, vulnerabilidade, exclusión e marxinação económica, política, social ou ambiental.

f) Impulsar a cultura da solidariedade internacional e a conciencia de cidadanía global, dando resposta á demanda da sociedade galega de participar activamente na realización dos valores de solidariedade e dos deberes de xustiza global.

g) Mobilizar na sociedade galega e nas administracións públicas galegas os medios e os recursos necesarios para contribuír ao logro da Axenda global de desenvolvemento humano sustentable, mediante a alianza e asociación cos axentes de cooperación e o fortalecemento da súa capacidade.

h) Fortalecer o compromiso das empresas galegas cos principios do desenvolvemento humano sustentable e co cumprimento dos convenios internacionais de dereitos humanos, ambiente e dereitos laborais en coherencia coa Axenda global de desenvolvemento humano sustentable.

h bis) Colaborar na creación dunha alianza internacional a favor da acollida de persoas migrantes e exiliadas.

Artigo 77. Criterios da política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento

Son criterios que regulan a execución das actuacións no ámbito da política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento:

a) A eficacia e sustentabilidade para garantir a consecución de cambios positivos, sustentables e a longo prazo nas persoas e as comunidades, así como a consolidación futura dos resultados de desenvolvemento acadados.

b) A especialización nos ámbitos e sectores de actuación en que a Cooperación Galega conta con vantaxes comparativas.

c) A concentración de recursos nas prioridades definidas polo Plan director da cooperación galega co fin de garantir unha maior eficacia e calidade da axuda e do desenvolvemento.

d) A eficiencia, responsabilidade e transparencia na xestión dos recursos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, establecendo uns criterios de avaliación e indicadores que fagan posible a medición do impacto e do logro de resultados para a rendición de contas á sociedade.

e) A previsibilidade e a solvencia da Cooperación Galega para a dotación e o desembolso pleno e efectivo dos recursos financeiros comprometidos.

f) A coherencia de políticas para o desenvolvemento humano sustentable realizadas polas administracións públicas, transversalizando os obxectivos da Axenda global de desenvolvemento humano sustentable e dos seus organismos especializados no conxunto das políticas do sector público autonómico e das administracións locais galegas, no ámbito das súas respectivas competencias.



g) A participación das persoas e as comunidades nos países e os pobos con que se coopera e na Comunidade Autónoma de Galicia en todas as fases do ciclo do proxecto de cooperación, así como a participación dos axentes de cooperación na planificación, o seguimento e a avaliación desta política pública.

h) A subsidiariedade na implementación das estratexias multinivel, adoptadas tanto na Axenda global de desenvolvemento humano sustentable coma nas políticas de cooperación da Unión Europea e do Estado, ao nivel máis próximo posible á cidadanía da Comunidade Autónoma de Galicia e ás persoas e aos colectivos destinatarios das actuacións, cando resulte acorde con tales estratexias.

i) A complementariedade entre as administracións públicas galegas a través do fomento da participación, da coordinación, da colaboración e da concertación mutuas, así como coa sociedade civil e outras administracións públicas, institucións, axencias e organizacións internacionais de cooperación, cunha atención específica á promoción de alianzas e relacións estables de traballo cos axentes portugueses de cooperación.

j) A harmonización e a responsabilidade mutua no marco da xestión por resultados de desenvolvemento e do respecto do principio de asociación, atendendo ás prioridades, aos procedementos, ás capacidades e á natureza diferenciada dos socios de desenvolvemento da Cooperación Galega como administracións públicas, gobernos subestatais ou organizacións da sociedade civil, entre outros.

CAPÍTULO II

Planificación, modalidades, prioridades, xestión do coñecemento, avaliación, transparencia e rendición de contas da Cooperación Galega

Artigo 78. Planificación da Cooperación Galega

1. A política pública autonómica en materia de cooperación para o desenvolvemento articularase a través do Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento, cunha duración de catro anos.

2. O Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento fundamentarase nos principios, os obxectivos, os criterios e as prioridades deste título. O órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento basearase para a súa formulación na avaliación participativa do plan director precedente, e habilitará os espazos e mecanismos de consulta oportunos promovendo a participación plural, activa e inclusiva dos axentes de cooperación.

3. O Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento fixará o marco estratéxico da cooperación para o desenvolvemento nos seus resultados esperados, as prioridades xeográficas e sectoriais, as modalidades, os instrumentos, os procesos de avaliación e os recursos orzamentarios, que orientarán esta política pública durante o seu período de vixencia.

4. O órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento elaborará un Proxecto de plan de acción anual, que se someterá á apro-



bación do Consello da Xunta de Galicia. No dito plan fixarase a programación operativa da Cooperación Galega con base nos resultados, as prioridades xeográficas e sectoriais, as modalidades e instrumentos, os procesos de avaliación e os recursos orzamentarios previstos no Plan director vixente.

5. O órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento poderá promover a elaboración participativa de estratexias específicas nas prioridades establecidas nesta lei e no Plan director vixente, complementarias das estratexias e dos plans sectoriais da Administración xeral do Estado na materia.

Artigo 79. *Modalidades da Cooperación Galega*

1. As actuacións da Cooperación Galega poderanse xestionar de forma bilateral ou multilateral:

a) A cooperación bilateral consiste nas actuacións de cooperación promovidas polo sector público autonómico, ben directamente con institucións públicas ou outras entidades dos países e os pobos con que se coopera, ben indirectamente a través dos axentes de cooperación recoñecidos nesta lei.

b) A cooperación multilateral consiste na participación do sector público autonómico, dentro das súas competencias, en actuacións de cooperación promovidas por organizacións multilaterais de desenvolvemento, axencias das Nacións Unidas e os seus comités estatais, fondos globais non financeiros de desenvolvemento e a Unión Europea, que teñan por finalidade os obxectivos definidos por esta lei e os resultados e as prioridades establecidos no Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento vixente.

2. Segundo a súa natureza, as actuacións da Cooperación Galega poderanse levar a cabo a través das seguintes modalidades:

a) Cooperación en especie: inclúe a transferencia directa de bens e servizos aos países e os pobos con que se coopera, así como a valorización dos servizos prestados polo sector público autonómico ás persoas e aos colectivos destinatarios das actuacións de cooperación para o desenvolvemento.

b) Cooperación técnica: comprende o conxunto de actuacións centradas no intercambio de coñecementos para a xeración e o fortalecemento das capacidades institucionais e dos recursos humanos dos países e os pobos con que se coopera a través da formación, da capacitación e da axuda técnica.

c) Cooperación económica-financeira: comprende as subvencións e axudas financeiras destinadas a actuacións nos seguintes ámbitos:

1º) Cooperación exterior: abrangue as actuacións que teñan por finalidade facilitar o acceso a bens e servizos básicos nos países e os pobos con que se coopera, o investimento para o aumento do seu capital físico, humano, social e tecnolóxico, e o desenvolvemento sustentable e inclusivo dos seus sectores produtivos, cunha atención específica á economía e ao emprendemento sociais,



ao comercio xusto, ao traballo decente, á dotación de estruturas de provisión de microcréditos de carácter solidario e á tecnoloxía para o desenvolvemento humano.

2º) Acción humanitaria e axuda de emerxencia: consiste nas actuacións de asistencia, socorro, protección, rehabilitación e reconstrución en favor das persoas e comunidades afectadas por desastres naturais, guerras ou conflitos armados, así como das poboacións en situación de vulnerabilidade extrema, cun enfoque de dereitos humanos e impulsando a protección das vítimas e a aplicación do dereito internacional humanitario. Tamén inclúe as actuacións de prevención de desastres e de redución e mitigación de riscos cun enfoque de resiliencia, a axuda alimentaria e sanitaria de emerxencia e a asistencia a persoas refuxiadas, desprazadas internas e migrantes forzosas.

3º) Educación para a cidadanía global: comprende as actuacións que promoven na sociedade a conciencia de interdependencia global e a responsabilidade compartida a través dun proceso educativo orientado á transformación social e que fomenta a sensibilización solidaria, a concienciación crítica e a mobilización activa da cidadanía na erradicación da pobreza, a defensa dos dereitos humanos, a promoción da cultura da paz e o compromiso coa xustiza social, e o desenvolvemento humano sustentable a nivel local e global. Dentro da educación para a cidadanía global quedan incluídas as actuacións de sensibilización e formación para a concienciación da sociedade galega, a incidencia política e a mobilización social e mais a investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento.

d) Formación en cooperación para o desenvolvemento: inclúe as iniciativas, as actuacións e os recursos para o reforzamento da capacidade institucional dos axentes de cooperación e para a mellora da capacitación nesta materia dos recursos humanos das administracións públicas galegas, do persoal voluntario e contratado vinculado a actividades de cooperación e mais da cidadanía en xeral.

Artigo 80. *Prioridades da Cooperación Galega*

1. A Cooperación Galega asociarase prioritariamente con aqueles países e pobos en que concorran algunha ou varias das seguintes circunstancias:

a) Situacións de maior pobreza e desigualdade, en función de indicadores internacionalmente aceptados, como o índice de desenvolvemento humano ou o nivel de ingresos.

b) Transgresións graves e xeneralizadas dos dereitos humanos.

c) Conflitos ou situacións de emerxencia humanitaria.

d) Experiencia e traxectoria estable e consolidada de traballo coa sociedade galega e cos seus axentes de cooperación.

e) Relacións culturais e históricas coa sociedade galega e cos seus axentes de cooperación, especialmente nos ámbitos lusófono e hispano.

f) Xeración de maiores fluxos migratorios e de poboación refuxiada.

2. A Cooperación Galega intervirá prioritariamente nos seguintes ámbitos ou sectores:



a) O exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e os colectivos máis pobres e vulnerables.

b) A agricultura, pesca e acuicultura sustentables cun enfoque de soberanía alimentaria.

c) O desenvolvemento rural, local e territorial integrado, inclusivo, solidario e redistributivo para unha prosperidade compartida.

d) A protección do ambiente e a promoción da xustiza ecolóxica na loita contra o cambio climático e a conservación e recuperación da biodiversidade.

e) O fortalecemento da sociedade civil, do bo goberno e da gobernabilidade democrática, así como das capacidades humanas e institucionais dos países e os pobos con que se coopera.

f) A igualdade de xénero e o apoderamento e exercicio pleno e integral de dereitos das mulleres e da infancia.

g) A protección e o exercicio dos dereitos humanos, a prevención e resolución pacífica dos conflitos e mais a promoción da cultura da paz e das diversidades.

h) A acción humanitaria e axuda de emerxencia.

i) A educación para a cidadanía global.

j) A formación, o fortalecemento e a capacitación dos axentes de cooperación e da cidadanía en xeral.

3. As actuacións da Cooperación Galega atenderán prioritariamente persoas e grupos de poboación en situación de vulnerabilidade ou en risco de marxinação ou exclusión, cunha atención preferente a aqueles colectivos que poden ser obxecto de múltiples discriminacións.

4. As actuacións da Cooperación Galega deberán integrar as seguintes prioridades de xeito transversal: a erradicación da pobreza multidimensional, a igualdade de xénero, a defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático, o enfoque baseado en dereitos humanos, o respecto polas diversidades e a promoción da interculturalidade, a equidade e loita contra as desigualdades, a participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil.

5. O Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento materializará e actualizará, tendo en conta o disposto neste artigo, o conxunto de prioridades a través da participación e o diálogo cos axentes de cooperación e con base nos estudos e as avaliacións dispoñibles.

Artigo 81. *Xestión do coñecemento, avaliación, transparencia e rendición de contas da Cooperación Galega*

1. O órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento promoverá a aprendizaxe colectiva e o fortalecemento da capacidade para a xestión do coñecemento dos axentes de cooperación a través da realización de estudos e



investigacións e a habilitación de espazos e mecanismos para o intercambio de coñecementos e boas prácticas no logro de resultados de desenvolvemento.

2. O órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento promoverá a rendición de contas á sociedade galega a través da avaliación do Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento vixente, dos instrumentos de cooperación e das actuacións financiadas con recursos do sector público autonómico. A avaliación rexerese polos criterios básicos de pertinencia, eficacia, eficiencia, impacto e sustentabilidade e mais pola metodoloxía de avaliación da cooperación española e da Unión Europea, integrando o enfoque de xénero e de dereitos humanos. Os informes resultantes da avaliación dos plans directores da cooperación galega serán presentados anualmente ao Parlamento de Galicia polo órgano competente.

3. Os órganos e as entidades do sector público autonómico, en cumprimento do marco xurídico en materia de transparencia, bo goberno e participación cidadá da Comunidade Autónoma, garantirán o acceso e a dispoñibilidade de información actualizada sobre os desembolsos de axuda oficial ao desenvolvemento e os impactos e resultados acadados pola política pública de cooperación.

4. Todas as actuacións do sector público autonómico nesta materia serán difundidas e accesibles á cidadanía a través do Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia ou da páxina web específica da Cooperación Galega para o desenvolvemento.

CAPÍTULO III

Organización institucional da Cooperación Galega

Artigo 82. Consello da Xunta de Galicia e conselleira ou conselleiro competente en materia de cooperación para o desenvolvemento

1. O Consello da Xunta de Galicia formulará, dirixirá e avaliará a política pública autonómica en materia de cooperación para o desenvolvemento.

2. Correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia:

a) Aprobar o Proxecto de plan director da cooperación galega para o desenvolvemento, por proposta da conselleira ou do conselleiro competente en materia de cooperación para o desenvolvemento e logo do informe do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, e acordar a súa remisión ao Parlamento de Galicia para a súa aprobación.

b) Aprobar o Plan de acción anual, por proposta da conselleira ou do conselleiro competente e logo do informe do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, e acordar que se informe o Parlamento de Galicia da súa aprobación.

c) Aprobar e acordar a remisión ao Parlamento de Galicia dun informe cuadrienal sobre a avaliación final do Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento, elaborado polo órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento.



Artigo 83. Órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento

1. O órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento ten a responsabilidade de promover, organizar e executar a política pública autonómica neste ámbito.

2. Correspóndelle a este órgano:

a) Elaborar o Anteproxecto do plan director da cooperación galega para o desenvolvemento, que será elevado pola conselleira ou o conselleiro competente en materia de cooperación para o desenvolvemento ao Consello da Xunta para a súa aprobación como proxecto.

b) Elaborar o Proxecto de plan de acción anual, que será elevado pola conselleira ou o conselleiro competente en materia de cooperación para o desenvolvemento ao Consello da Xunta para a súa aprobación.

c) Elaborar os informes sobre o grao de execución do Plan director vixente e dos plans de acción anuais que o desenvolven, que serán elevados ao Consello da Xunta pola conselleira ou o conselleiro competente.

d) Remitir anualmente ao Parlamento de Galicia un informe sobre o grao de execución do Plan director vixente e do Plan de acción anual.

3. Son tamén competencias deste órgano:

a) A coordinación das iniciativas e actuacións de cooperación para o desenvolvemento que leven a cabo os diferentes órganos e entidades do sector público autonómico. Estas actuacións deberán estar guiadas polo principio de coherencia e axustarse ás prioridades e aos resultados previstos no Plan director vixente e nos plans de acción anual.

b) A coordinación co sector público estatal e, en particular, cos órganos e as entidades competentes en materia de xestión da cooperación para o desenvolvemento.

c) A harmonización horizontal das actuacións autonómicas coas das restantes administracións autonómicas que conforman a cooperación descentralizada do Estado.

d) A coordinación coas entidades locais galegas que realizan, no ámbito das súas competencias, actuacións de cooperación para o desenvolvemento.

e) O seguimento, a inspección e a avaliación das actuacións financiadas integramente con fondos do sector público autonómico ou cofinanciadas xunto con fondos doutras entidades públicas ou privadas.

f) A interlocución e colaboración cos axentes de cooperación.



g) A elaboración dos anteproxectos dos regulamentos necesarios para garantir a aplicación deste título.

4. O órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento será dotado dos medios humanos, materiais e orzamentarios axeitados para cumprir as funcións que ten encomendadas, dentro das dispoñibilidades orzamentarias e organizativas existentes.

Artigo 84. *Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento*

1. O Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento é o órgano de consulta e participación da sociedade galega en materia de cooperación para o desenvolvemento.

2. Este consello estará adscrito ao órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento.

3. O Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento ten as seguintes funcións:

a) Coñecer os proxectos de normas en materia de cooperación para o desenvolvemento.

b) Coñecer e informar sobre a proposta dos plans directores e dos plans de acción anuais en materia de cooperación para o desenvolvemento, así como facer as propostas que coide oportunas.

c) Coñecer os resultados dos informes sobre o grao de execución do plan anual, a execución gradual e a avaliación final do Plan director vixente.

d) Recibir información sobre as diferentes convocatorias públicas de axudas e outros instrumentos de financiamento do sector público autonómico para actuacións de cooperación para o desenvolvemento.

e) Elaborar por iniciativa propia todo tipo de informes e propostas que contribúan a mellorar a calidade da Cooperación Galega.

f) Aprobar o regulamento de funcionamento do Consello.

4. O Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento estará formado polas persoas determinadas regulamentariamente en representación dos axentes de cooperación. No proceso de nomeamento das persoas integrantes do Consello promoverase unha representación paritaria de mulleres e homes. Integran tamén o Consello, como vogais independentes, persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento, que serán elixidas por unha maioría cualificada das persoas representantes dos axentes de cooperación. O seu número establecerase pola vía regulamentaria.

5. Na regulación da composición do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, a Xunta de Galicia deberá ter en conta o protagonismo nesta materia das organizacións non-gobernamentais para o desenvolvemento. As persoas representantes destas organizacións serán pro-



postas pola Coordinadora Galega de Organizacións non-Gobernamentais para o Desenvolvemento ou polas entidades análogas ou sucesoras desta.

6. A composición do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento garantirá a representación das administracións locais galegas a través das entidades e organizacións en que se integren ou que as representen.

7. O Pleno do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento poderá constituír comisións e grupos de traballo que sirvan de apoio á realización das funcións que lle asigna esta lei. Na composición das comisións procurarase respectar a proporcionalidade e a presenza dos distintos grupos de axentes de cooperación que integran o Consello. Nos grupos de traballo non será precisa a dita proporcionalidade.

CAPÍTULO IV

Recursos e financiamento da Cooperación Galega

Artigo 85. *Persoal do sector público autonómico*

1. A actividade do sector público autonómico en materia de cooperación para o desenvolvemento será levada a cabo principalmente polo persoal adscrito ao órgano de dirección competente na materia.

2. O persoal funcionario de carreira, estatutario e laboral fixo ao servizo do sector público autonómico poderá participar en tarefas e actuacións de cooperación para o desenvolvemento promovidas directamente polos órganos e as entidades que o integran ou promovidas por outros axentes de cooperación para o desenvolvemento ou outras administracións públicas, de acordo en cada caso co que dispoña a normativa ou o convenio colectivo aplicable.

3. O sector público autonómico promoverá e facilitará, no marco da normativa de función pública e laboral aplicable, a participación do seu persoal en actuacións de cooperación para o desenvolvemento, en particular nos supostos en que o labor deste persoal achegue un valor engadido, tendo en conta a súa cualificación técnica e experiencia nos obxectivos e resultados da actuación en que vaia participar.

Artigo 86. *Persoal cooperante*

Para os efectos desta lei, enténdese por cooperante aquela persoa física que, cumprindo os requisitos establecidos na normativa estatal aplicable, participe na execución de actuacións de cooperación para o desenvolvemento ou a acción humanitaria en países empobrecidos ou en vías de desenvolvemento e teña unha relación xurídica co axente de cooperación promotor da actuación.

Artigo 87. *Persoal voluntario no ámbito da cooperación para o desenvolvemento*

1. Para os efectos desta lei, enténdese por persoa voluntaria toda aquela persoa física que, en virtude da súa decisión persoal, libre e altruísta e nunha situación de inexistencia de relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado, participa nunha actuación de cooperación para o desenvol-



vemento, en calquera das súas modalidades, ben sexa na comunidade autónoma de Galicia, ben en países empobrecidos ou en vías de desenvolvemento, promovida por unha entidade de acción voluntaria coa cal teña subscrito un contrato non laboral.

2. Naqueles supostos en que a acción voluntaria realizada no ámbito da cooperación para o desenvolvemento implique a expatriación da persoa voluntaria, o contrato non laboral que deben subscribir as persoas voluntarias e as entidades nas cales se integren reflectirá, ademais do contido mínimo previsto na lexislación aplicable, os seguintes aspectos:

a) O país ou territorio en que a persoa voluntaria realizará o seu labor, incluído o lugar onde debe dirixirse cando chegue.

b) As condicións médicas e de vacinación previstas e que debe adoptar a persoa voluntaria antes, durante e despois de realizar o seu labor.

c) As normas de seguranza básicas no país de destino e os recursos que empregará naqueles supostos en que a seguranza da persoa voluntaria se vexa comprometida.

d) As formalidades administrativas que debe cumprir para poder entrar, residir, desenvolver o seu labor e saír do país de destino en calidade de persoa voluntaria.

e) Os seguros de enfermidade, accidente e repatriación concertados a favor da persoa voluntaria e dos familiares directos que con ela se despracen, válidos para o período da súa estancia no estranxeiro.

3. Non serán consideradas actuacións de voluntariado no ámbito da cooperación para o desenvolvemento aquelas actividades de turismo solidario, ecoturismo, turismo sustentable ou calquera outra con denominación similar que teñan como finalidade fundamental o desprazamento por razóns de lecer ou descanso a un país empobrecido ou en vías de desenvolvemento.

4. En todo aquilo non previsto neste artigo resultará de aplicación supletoria a Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria, e a normativa estatal aplicable.

Artigo 88. *Recursos económicos*

1. A Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia fixará anualmente os créditos destinados á cooperación para o desenvolvemento tomando como referencia as previsións indicativas do Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento vixente.

2. Os recursos destinados á cooperación para o desenvolvemento poderanse aumentar con achegas doutros organismos e institucións nacionais e internacionais, públicos e privados, e de persoas físicas ou xurídicas.

3. Os custos en que incorra o persoal do sector público autonómico que participe en actuacións de cooperación internacional para o desenvolvemento e a acción humanitaria promovidas ou cofinanciadas polos órganos ou as entidades do sector público autonómico, así como as retribucións



derivadas da súa participación nesas actuacións, poderán ser computados como axuda oficial ao desenvolvemento cando satisfagan os criterios establecidos no marco internacional de referencia na materia.

Artigo 89. *Financiamento e control*

1. Os órganos e as entidades do sector público autonómico poderán subscribir acordos destinados a financiar a execución de actuacións de cooperación para o desenvolvemento con organizacións multilaterais de desenvolvemento, axencias das Nacións Unidas e os seus comités estatais, fondos globais non financeiros de desenvolvemento e a Unión Europea, así como con outras institucións públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, ou ben a través dos instrumentos previstos nos capítulos III e IV do título VI, ou ben mediante os convenios de carácter administrativo regulados no artigo 47.2.d) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e sempre e cando as actuacións derivadas destes acordos se axusten aos principios e obxectivos formulados neste título e ás prioridades e aos resultados do Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento vixente.

2. Tamén poderán financiar a través de subvencións e axudas sometidas aos principios de publicidade e concorrência aquelas actuacións dos axentes de cooperación que satisfagan os requisitos establecidos neste título e se axusten ás directrices establecidas polo Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento vixente. As bases das convocatorias deberán definir os prazos máximos para a valoración das solicitudes, a resolución do procedemento de concesión das subvencións e a presentación dos informes de xustificación das subvencións concedidas.

3. As subvencións no ámbito da cooperación para o desenvolvemento adecuaranse ao réxime xeral establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas seguintes especificidades:

a) As subvencións serán aboadas anticipadamente ao cen por cento e sen necesidade de constitución de garantías, agás que as bases reguladoras específicas establezan o contrario.

b) No caso de subvencións plurianuais, non será obstáculo para o anticipo previsto na alínea a) da anualidade en curso a non-xustificación completa da anualidade anterior, sempre que a porcentaxe de execución xustificada supere a que se determine nas bases reguladoras, e sen prexuízo da necesaria xustificación da actuación subvencionada á súa finalización na forma que nas bases se estableza.

c) O prazo de execución das actuacións de cooperación para o desenvolvemento ou a acción humanitaria subvencionadas e aboadas de xeito anticipado segundo o previsto na alínea a) poderá ser ampliado sen necesidade de autorización previa ata un máximo de seis meses. Esta ampliación deberá ser notificada ao órgano concedente con anterioridade á finalización do prazo inicial, que se entenderá automaticamente ampliado coa dita notificación, aínda que se exceda o límite do correspondente exercicio orzamentario. Poderase solicitar unha segunda prórroga antes de que remate a primeira fundamentada en situacións ou fenómenos excepcionais e imprevisibles, como desastres naturais, enfrontamentos armados, crises humanitarias, actuacións retardatarias das autoridades locais ou outras continxencias análogas, que afecten de maneira directa a execución da



actuación subvencionada, que deberán acreditarse de forma fidedigna e sempre que non concorran circunstancias imputables á entidade beneficiaria. Nesta segunda ampliación excepcional, o novo prazo outorgarase polo tempo indispensable para facilitar que o beneficiario supere as ditas circunstancias ou continxencias. No caso de que a situación excepcional impida continuar coa execución da actividade subvencionada, poderase solicitar unha modificación da finalidade para a cal fose outorgada a dita subvención.

d) O prazo para a xustificación da realización da actuación subvencionada e aboada de xeito anticipado segundo o previsto na alínea a) será de tres meses desde a data da súa finalización, con independencia de que se exceda o exercicio orzamentario correspondente, agás que as bases reguladoras específicas establezan o contrario.

e) En casos excepcionais, de producirse situacións ou fenómenos imprevisibles, como desastres naturais, enfrontamentos armados, crises humanitarias, actuacións retardatarias das autoridades locais ou outras continxencias análogas, que afecten de maneira directa a execución da actividade subvencionada, e que dificulten ou mesmo imposibiliten dispoñer da adecuada documentación xustificativa do investimento ou do gasto, o órgano xestor poderá aceptar outras formas alternativas de xustificación, como informes de profesionais taxadores independentes e debidamente acreditados e inscritos no correspondente rexistro oficial, declaracións de testemuñas, avaliación por resultados realizada por un profesional verificador acreditado e independente, declaración responsable de provedores ou declaración responsable da entidade beneficiaria en que se detalle o destino dos fondos públicos percibidos e a realización da acción concreta, así como a súa afectación ao bo fin perseguido, ou outras probas de igual valor e credibilidade, sen que sexa preciso achegar máis xustificantes. Así mesmo, se as ditas circunstancias excepcionais, que deberán estar debidamente acreditadas, dificultan ou imposibilitan a execución total do previsto, o reintegro ou a perda do dereito ao cobramento da axuda ou subvención non afectará as cantidades efectivamente investidas e xustificadas se se cumpriron parcialmente os obxectivos.

4. Co obxecto de lograr unha maior eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, as bases reguladoras poderán establecer réximes especiais de xustificación e control das subvencións cando a natureza dos proxectos ou as características dos destinatarios o requiran. Nese senso, os créditos que financien as actuacións de cooperación para o desenvolvemento ou a acción humanitaria que se destinen á súa percepción polos axentes de cooperación previstos nesta lei, tendo en conta que pola natureza das axudas non poden supoñer a obtención de beneficios materiais por eles ou a adquisición de investimentos da súa titularidade, serán considerados, en termos orzamentarios, como gasto corrente e financiaranse con transferencias correntes.

Artigo 90. *Réxime fiscal das achegas efectuadas a organizacións non-gobernamentais para o desenvolvemento e a proxectos de cooperación para o desenvolvemento*

1. As achegas efectuadas por persoas físicas ou xurídicas a organizacións non-gobernamentais para o desenvolvemento, así como para a realización de actuacións de cooperación para o desenvolvemento nos seus diversos ámbitos, recibirán o tratamento fiscal previsto na correspondente normativa aplicable.



2. A Comunidade Autónoma de Galicia poderá establecer outros instrumentos de política fiscal que favorezan a participación privada en actuacións de cooperación para o desenvolvemento promovidas polas administracións públicas, polas organizacións non-gobernamentais para o desenvolvemento e polo resto de axentes sen ánimo de lucro inscritos no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.

CAPÍTULO V

Axentes de cooperación para o desenvolvemento

Artigo 91. *Axentes de cooperación para o desenvolvemento*

1. Para os efectos deste título, considéranse axentes de cooperación para o desenvolvemento aquelas entidades, de carácter público ou privado, cunha vinculación específica cos obxectivos, as prioridades, as modalidades e os ámbitos da cooperación para o desenvolvemento.

2. Os axentes de cooperación para o desenvolvemento serán recoñecidos como interlocutores das administracións públicas galegas nesta materia.

3. Para os efectos deste título, considéranse axentes de cooperación para o desenvolvemento os seguintes:

a) A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, as entidades instrumentais do sector público autonómico e as entidades locais recoñecidas pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, así como as entidades e organizacións en que se integren ou que as representen, como é o caso da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) ou o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

b) As organizacións non-gobernamentais para o desenvolvemento.

c) As universidades do Sistema universitario galego e as súas entidades dependentes e centros de investigación públicos.

d) As axencias das Nacións Unidas e os seus comités estatais ou organizacións que as representen en España.

e) As cooperativas, empresas e asociacións empresariais.

f) As organizacións sindicais.

g) As comunidades galegas no exterior.

h) Outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento.

4. Os axentes privados de cooperación enumerados nas alíneas 3.b), e), f) e h) anteriores deberán cumprir cos seguintes requisitos para seren recoñecidos como tales pola Administración autonómica para efectos do previsto na alínea 2:



- a) Estar legalmente constituídos consonte a lexislación española.
- b) Gozar de plena capacidade xurídica e de obrar e dispoñer dunha estrutura de recursos humanos e económicos que garantan o cumprimento dos seus fins.
- c) Ter sede social ou delegación permanente na comunidade autónoma.
- d) Estar inscritos na sección correspondente do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento descrito no artigo 101.
- e) Cumprir coa obrigas legais de bo goberno e transparencia que sexan aplicables.
- f) Non ter relacións de dependencia, directa ou indirecta, con administracións públicas ou entidades do sector público, de tal xeito que os seus órganos de goberno non estean formados en máis dun trinta por cento por persoas que actúen en representación delas.

Artigo 92. *Obrigas dos axentes de cooperación para o desenvolvemento*

1. Os axentes de cooperación para o desenvolvemento que xestionen actuacións financiadas con fondos públicos do sector público autonómico que computen como axuda oficial ao desenvolvemento terán as seguintes obrigas:

- a) Respetar os principios, os obxectivos e as prioridades deste título e do Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento vixente.
- b) Facilitar o control, o seguimento, a avaliación e a verificación por parte do órgano de dirección da Administración autonómica competente da efectiva realización das actividades financiadas e cumprir, no caso de entidades sometidas á lexislación galega ou española, coas obrigas legais de transparencia e publicidade establecidas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- c) Respetar a lexislación estatal e internacional de dereitos humanos, traballo digno, igualdade laboral de homes e mulleres e prevención da explotación laboral infantil e protección do ambiente.
- d) Contar, salvo casos excepcionais debidamente xustificados, cun socio ou unha contraparte local no país ou territorio onde se realice a actuación, provisto dos recursos humanos e técnicos necesarios para a xestión eficiente e eficaz do ciclo do proxecto e para o cumprimento das obrigas de xustificación establecidas na normativa galega de subvencións.

2. Os axentes de cooperación para o desenvolvemento privados que, pola súa natureza xurídica, posúan un ánimo de lucro poderán acceder a axudas públicas do sector público autonómico nesta materia mediante a certificación do seu compromiso de non obter ningún beneficio das actuacións financiadas. Complementariamente, estas entidades terán a obriga de encargar pola súa conta unha auditoría contable das intervencións financiadas con fondos públicos, aos cales non se poderán imputar custos indirectos.



Artigo 93. *Entidades locais*

1. As entidades locais poderán desenvolver actuacións de cooperación para o desenvolvemento, como proxección exterior do exercicio das súas competencias, promovendo a coordinación e complementariedade entre as administracións públicas e achegando un valor engadido, especialmente naqueles ámbitos en que o municipalismo galego conta con experiencia e capacidades diferenciadas, como a protección de dereitos sociais básicos, os servizos sociais, o urbanismo e a ordenación do territorio, a xestión pública dos recursos hídricos, a xestión ambiental, a igualdade de xénero, a educación para a cidadanía global ou calquera outro no marco das súas competencias.

2. As entidades locais e as entidades e organizacións en que se integren ou que as representen, como a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, constitúense en interlocutores permanentes da Administración autonómica en materia de cooperación para o desenvolvemento.

Artigo 94. *Organizacións non-gobernamentais para o desenvolvemento*

1. Para os efectos desta lei e de conformidade coa normativa estatal, considéranse organizacións non-gobernamentais para o desenvolvemento aquelas entidades que satisfagan os seguintes requisitos:

a) Estar legalmente constituídas consonte o dereito privado e ser organizacións sen ánimo de lucro.

b) Ter entre os seus fins ou como obxecto expreso, segundo os seus estatutos, a realización de actividades relacionadas cos principios, obxectivos e ámbitos da cooperación para o desenvolvemento e a solidariedade internacional.

c) Respetar os códigos de conduta das organizacións non-gobernamentais para o desenvolvemento ou calquera outro instrumento de autorregulación recoñecido polo sector.

d) Contar con apoio e base social.

2. As organizacións non-gobernamentais para o desenvolvemento e as organizacións que as representan, como a Coordinadora Galega de Organizacións Non-Gobernamentais para o Desenvolvemento, constitúense en interlocutores permanentes dos órganos e das entidades do sector público autonómico en materia de cooperación para o desenvolvemento.

Artigo 95. *Universidades do Sistema universitario galego e as súas entidades dependentes e centros de investigación públicos*

1. As universidades integradas no Sistema universitario galego e as súas entidades dependentes poderán desenvolver actuacións de cooperación para o desenvolvemento en todos os seus ámbitos e modalidades achegando un valor engadido e diferenciado con base na súa experiencia e capacidades en formación, investigación, xeración e transferencia de coñecemento, extensión e xestión universitaria, ben individualmente, ben a través das redes de traballo conxunto que promovan.



2. Os centros de investigación públicos radicados na comunidade autónoma de Galicia poderán desenvolver actuacións de cooperación para o desenvolvemento no marco deste título a través da investigación aplicada e básica e da xeración e transferencia de coñecemento nesta materia.

Artigo 96. Axencias das Nacións Unidas e os seus comités estatais ou organizacións que as representen en España

1. As axencias das Nacións Unidas e os seus comités estatais, ou as organizacións que as representen en España, poderán recibir axudas e subvencións do sector público autonómico en caso de que sexa necesario complementar as capacidades doutros axentes de cooperación previstos no artigo 91.3 nos sectores de actuación e nos colectivos en que están especializadas.

2. O sector público autonómico poderá subscribir convenios ou acordos con estas axencias para a formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento.

Artigo 97. Cooperativas, empresas e asociacións empresariais

Para os efectos desta lei, as cooperativas, empresas e asociacións empresariais poderán desenvolver actuacións sen ánimo de lucro en materia de cooperación para o desenvolvemento nos seus ámbitos de especialización produtivo e empresarial, no eido do investimento positivo e responsable, e na promoción da economía e do emprendemento sociais, dos negocios inclusivos e da responsabilidade social corporativa.

Quedarán excluídas dos programas de cooperación aquelas empresas que realicen prácticas abusivas, de incumprimento dos dereitos humanos e de espolio dos recursos naturais, e sobre as que recaian condena xudicial firme por explotación laboral e agresións ao medio ambiente e ás persoas. Neste caso, poderase realizar unha avaliación por parte do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.

Artigo 98. Organizacións sindicais

Para os efectos desta lei, as organizacións sindicais poderán desenvolver actuacións de cooperación para o desenvolvemento nos seus ámbitos de especialización no eido do diálogo social e a negociación tripartita, da promoción do dereito ao traballo digno, da formación e capacitación profesional, da defensa dos dereitos laborais e do fomento de políticas de igualdade.

Artigo 99. Comunidades galegas no exterior

1. Para os efectos desta lei, as comunidades galegas no exterior poderán realizar actuacións de acción humanitaria e de cooperación para o desenvolvemento en países en vías de desenvolvemento, ben directamente cando teñan a súa sede nun destes países e acrediten capacidade ou experiencia suficiente, ben a través de contrapartes ou socios locais. As comunidades galegas no exterior deberán estar inscritas no rexistro específico dependente do órgano de dirección da Administración autonómica con competencias en emigración exterior.



2. As actuacións financiadas no ámbito da cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria con fondos públicos do sector público autonómico non poderán ter como beneficiarias unicamente persoas vinculadas coas comunidades galegas no exterior.

Artigo 100. Outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento

Para os efectos desta lei, os axentes sociais ou as entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento e non se correspondan cos axentes de cooperación para o desenvolvemento descritos nos artigos anteriores poderán desenvolver actuacións sen ánimo de lucro en materia de cooperación para o desenvolvemento nos seus ámbitos de especialización.

Artigo 101. Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento

1. O Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento constitúese como un rexistro público adscrito ao órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento, cuxa regulación será obxecto de desenvolvemento regulamentario.

2. Neste rexistro poderanse inscribir os axentes de cooperación para o desenvolvemento enumerados no artigo 91.3, alíneas b), e), f), e h) que cumpran os requisitos establecidos regulamentariamente.

3. A inscrición no rexistro é voluntaria. Porén, a inscrición será un requisito obrigatorio para os efectos de solicitar axudas e subvencións públicas en réxime de concorrencia competitiva no ámbito da cooperación para o desenvolvemento da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico. As bases reguladoras da concesión de subvencións poderán establecer requisitos específicos relativos á antigüidade de inscrición no rexistro necesaria para concorrer ás convocatorias de axudas e subvencións.

TÍTULO IX

Delegacións e oficinas autonómicas no exterior

CAPÍTULO I

Delegacións e oficinas autonómicas permanentes no exterior

Artigo 102. Delegacións e oficinas exteriores autonómicas

1. Terán a consideración de delegacións exteriores da Xunta de Galicia aquelas unidades administrativas radicadas fóra do territorio español que representen a Administración autonómica na súa integridade dentro do espazo xeográfico de referencia que se determine no seu acto de creación.

2. As delegacións exteriores da Xunta serán creadas por un decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría en que se encadre o órgano de dirección responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex) e que exerza



as competencias fundamentais de acción exterior na Administración autonómica, da cal dependerán para todos os efectos relacionados coa súa xestión. Esta consellaría velará pola idoneidade da actuación e dará curso do antedito proxecto de decreto ao ministerio competente en asuntos exteriores para os efectos previstos na normativa estatal.

3. Terán a consideración de oficinas exteriores autonómicas as instalacións de traballo impulsadas por entidades instrumentais pertencentes ao sector público autonómico, servidas por persoal directamente contratado pola dita entidade, sexa baixo un réxime administrativo, laboral ou mercantil, de dereito español ou estranxeiro. Estas oficinas acreditarán a súa condición mediante a correspondente placa coa imaxe institucional da Xunta de Galicia, que responda ao modelo harmonizado autorizado previamente pola consellaría en que se encadre o órgano de dirección responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex e que exerza as competencias fundamentais de acción exterior.

4. As oficinas exteriores serán creadas mediante o correspondente acordo da entidade instrumental que as impulse, que deberá ser autorizado por unha orde da consellaría que exerza a tutela ou o control sobre a referida entidade, de cuxo proxecto dará conta á consellaría en que se encadre o órgano de dirección responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex e que exerza as competencias fundamentais de acción exterior, que informará sobre a súa idoneidade e correspondencia coa Egaex, e tamén dará curso do proxecto ao ministerio competente en asuntos exteriores para os efectos previstos na normativa estatal. Tras os trámites oportunos e dispoñendo dos informes preceptivos, a dita orde pola que se autorice a creación dunha oficina exterior será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

5. Non terán a consideración de oficinas exteriores os locais legalmente utilizados por meros axentes de promoción comercial ou de captación de investimentos, contratados especificamente para iso pola correspondente entidade instrumental pertencente ao sector público autonómico.

6. Tampouco terán a consideración de oficinas exteriores autonómicas as instalacións que ocupen axentes de promoción comercial ou de captación de investimentos ao servizo de intereses galegos que fosen contratados ou comisionados por entidades galegas de dereito privado que dispuxesen dalgunha axuda ou subvención autonómica para tal fin. No acto de concesión da correspondente axuda ou subvención deberase detallar esta circunstancia.

7. As entidades instrumentais pertencentes ao sector público autonómico que manteñan oficinas exteriores ou realicen contratos en favor de axentes de promoción comercial ou de captación de investimentos informarán en todo caso a consellaría en que se encadre o órgano de dirección responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex e que exerza as competencias fundamentais de acción exterior na Administración autonómica, con anterioridade á perfección deses contratos ou á apertura desas oficinas, e deberán remitir un informe anual sobre o balance das actividades desenvolvidas.

8. Cando, de conformidade coa normativa estatal aplicable, o ministerio competente ofrezca á Administración autonómica a posibilidade e dispoñibilidade de instalar as delegacións ou oficinas exteriores previstas neste artigo dentro dos locais do Servizo Exterior do Estado ou doutras dependencias de titularidade pública española no exterior, a Administración autonómica avaliará a ido-



neidade das condicións ofrecidas e dos custos que comporte o dito ofrecemento nun prazo non superior a tres meses; transcorrido este, darase por desestimado o referido ofrecemento. Este prazo suspenderá o seu cómputo por un período non superior a outros tres meses se ambas as dúas administracións entran en negociacións para buscar alternativas físicas, xurídicas ou económicas que satisfagan as necesidades galegas para a futura delegación ou oficina.

Artigo 103. *Funcións das delegacións exteriores da Xunta de Galicia*

1. Son funcións das delegacións da Xunta no exterior, naquelas materias en que a Comunidade Autónoma teña a competencia atribuída, integrando sempre a dimensión de igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes:

a) Dar soporte ás altas autoridades da Comunidade Autónoma de Galicia e aos restantes axentes ou suxeitos públicos da acción exterior galega no exercicio das súas atribucións, tanto nos seus desprazamentos á área xeográfica de referencia de cada delegación coma realizando as xestións que aqueles lle encomenden.

a *bis*) Defender os intereses xerais de Galicia no ámbito xeográfico de referencia da delegación.

b) Apoiar todas as actuacións dos órganos autonómicos na área xeográfica de referencia, de acordo coas directrices emanadas destes, co fin de canalizar e asegurar a colaboración oportuna naquelas materias da súa competencia.

c) Realizar estudos e informes de interese para Galicia sobre a situación e as perspectivas da área xeográfica de referencia asignada.

d) Fomentar as relacións de Galicia coas institucións e os órganos de goberno da súa área xeográfica de referencia.

e) Impulsar as accións de promoción da cultura e da lingua galegas, mantendo os nexos de galegidade alí onde haxa comunidades galegas establecidas.

f) Prestar apoio administrativo e institucional ás persoas emigrantes galegas e ás comunidades galegas no exterior. Deste xeito, estas delegacións terán a responsabilidade da coordinación, xestión e difusión, así como o control, o seguimento e a información dos programas dirixidos á emigración e ao retorno.

g) Prestar apoio ás accións de cooperación que, dentro da acción exterior de Galicia, estableza a Administración autonómica no ámbito socioeconómico e de promoción do turismo.

h) Colaborar no seguimento e na avaliación dos plans, programas e proxectos de cooperación para o desenvolvemento que se realicen na área xeográfica asignada.

i) Prestar asistencia técnica, orientación e información sobre Galicia e sobre a área xeográfica asignada aos axentes sociais alí situados, aos galegos e ás galegas, aos seus descendentes, ás comunidades galegas que os e as representan e ás persoas interesadas que respectivamente llelo demanden.



j) Desempeñar as atribucións que lle sexan delegadas ou encomendadas polos órganos e as entidades do sector público autonómico.

k) Calquera outra función e tarefa que lle sexan asignadas, sempre que resulten compatibles co obxecto especificado nesta lei.

2. Á fronte de cada delegación exterior haberá unha persoa titular nomeada polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría que exerza as competencias fundamentais de acción exterior na Administración autonómica.

3. As delegacións estrutúranse nas áreas funcionais que se establezan no seu decreto de creación, respectando en todo caso o principio de unidade de acción baixo as ordes directas da persoa titular da delegación, quen exercerá a xefatura do persoal e as competencias que lle sexan delegadas ou encomendadas.

4. A persoa titular da delegación velará polo cumprimento das directrices emanadas da Administración autonómica, transmitidas a través da consellaría en que se encadre o órgano de dirección responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior e que exerza as competencias fundamentais de acción exterior na Administración autonómica. Así mesmo, establecerá as normas internas de funcionamento da delegación de acordo coas instrucións que para tal efecto dite con esta finalidade a mesma consellaría.

5. A persoa titular da delegación poderá contratar persoal local in situ sometido ao ordenamento do Estado onde estea a sede, dentro dos límites que lle determine a consellaría que exerza as competencias fundamentais de acción exterior na Administración autonómica. Será necesaria unha autorización previa dos órganos de dirección autonómicos competentes en materia de función pública e orzamentos para contratar persoal fixo ou temporal.

6. O persoal empregado público do sector público autonómico desprazado ás delegacións exteriores terá dereito ás retribucións básicas e complementarias que correspondan no seu posto de orixe de acordo co seu corpo, grupo e categoría, sen prexuízo do dereito á percepción das indemnizacións, das axudas de custo e da aplicación de coeficientes por razón de servizo que poidan corresponderlle por residencia no estranxeiro.

7. En cada delegación exterior existirá unha oficina de rexistro da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas condicións e os requisitos que se establezan regulamentariamente.

CAPÍTULO II

Oficinas autonómicas temporais no exterior

Artigo 104. *Establecemento de oficinas autonómicas temporais no exterior*

1. A Administración autonómica e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán establecer oficinas temporais no exterior de conformidade co ordenamento xurídico español e o vixente no territorio do Estado en que se instalen.



2. Enténdese por oficina autonómica temporal no exterior aquel inmovible no cal se presten ou coordinen tarefas de proxección exterior, apoio á exportación, captación de investimentos, difusión cultural ou universitaria, asistencia á diáspora galega, soporte administrativo a xestións relacionadas con acordos internacionais ou calquera outra actividade de relevancia e interese público relacionada con competencias ou intereses lexítimos galegos, sen unha vocación de permanencia ou vencelladas a obxectivos limitados e temporais.

3. O prazo máximo de mantemento dunha destas oficinas será de dous anos, prorrogables por un máximo de dous termos equivalentes.

4. As oficinas temporais exteriores serán creadas, no caso da Administración autonómica, por unha orde da consellaría competente e, no caso das entidades instrumentais, mediante o correspondente acordo da entidade instrumental que as impulse, que deberá ser autorizado por unha orde da consellaría que exerza a tutela ou o control sobre a referida entidade. Dos proxectos de orde darase conta á consellaría en que se encadre o órgano de dirección responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex) e que exerza as competencias fundamentais de acción exterior, que informará sobre a súa idoneidade e correspondencia coa Egaex, e tamén dará curso do proxecto ao ministerio competente en asuntos exteriores para os efectos previstos na normativa estatal.

TÍTULO X

Novas redes de intereses galegos no exterior

CAPÍTULO I

Asento de galegos e galegas no exterior

Artigo 105. Asento de galegos e galegas no exterior

1. As cidadás e os cidadáns coa condición política de galegas e galegos, consonte o artigo terceiro do noso Estatuto de autonomía, que se despracen ao exterior por máis dun ano poderanse inscribir de modo voluntario no Asento de galegos e galegas do exterior (Asge), dependente do órgano de dirección responsable do apoio á diáspora galega, sen prexuízo da súa inscrición obrigatoria como residentes no exterior no Rexistro de Matrícula consular correspondente de acordo coa normativa estatal, para facilitar a realización de xestións administrativas coas administracións galegas e a constitución de redes de apoio, asistencia e difusión cultural, así como para propiciar o seu axeitado retorno a Galicia.

2. Para a inscrición no Asge será necesaria a presentación dunha solicitude por vía electrónica conforme o modelo que estableza a Administración autonómica. Unha vez presentada a solicitude, o órgano de dirección responsable do apoio á diáspora galega remitirá un correo electrónico e unha comunicación postal á persoa solicitante no seu enderezo foráneo, para verificar deste xeito a súa residencia no exterior. Na comunicación postal constará unha clave persoal, que deberá remitir quen for a destinataria ou o destinatario por vía electrónica.

3. Entenderase que existen razóns de interese público para a aplicación da tramitación de urxencia aos procedementos iniciados polos galegos e as galegas inscritos no Asge, cando estes e



estas así o soliciten, á hora de realizaren trámites a distancia relacionados co eido educativo, sanitario e asistencial, como pode ser o acceso a rexistros públicos autonómicos, a emisión de certificados, a consulta do historial médico custodiado polo Servizo Galego de Saúde ou a solicitude de copias de documentos oficiais expedidos pola Administración autonómica, así como para se beneficiaren de procedementos de concesión de axudas, subvencións ou bolsas de estudo.

4. O Asge estará sometido á normativa europea e española de tratamento de datos persoais.

5. O órgano de dirección responsable do apoio á cidadanía galega do exterior e ao retorno manterá o Asge da maneira que prevexa o correspondente regulamento.

Artigo 106. *Constitución de novas redes de galegos e galegas no exterior*

1. As galegas e os galegos inscritos no Asento de galegos e galegas no exterior poderán dar a súa autorización expresa ao órgano xestor da súa mantenza para utilizar os seus datos co fin de estimular a constitución de redes de apoio mutuo en cada país ou territorio en que estivesen residindo.

2. As ditas redes poderán ter ou non personalidade xurídica, tanto de dereito español coma do dereito do país de asentamento. Así mesmo, poderán ser beneficiarias de axudas ou subvencións consonte a normativa vixente.

3. As redes así constituídas fomentarán o senso de fraternidade entre a cidadanía galega e promoverán a lingua e a cultura galegas no seu contorno.

CAPÍTULO II

Empresas e profesionais galegos e galegas no exterior

Artigo 107. *Identificación das empresas e dos profesionais galegos e galegas no exterior e constitución de redes*

1. A entidade instrumental do sector público autonómico promotora do comercio exterior e as cámaras de comercio poderán convidar as empresas e os profesionais galegos e galegas radicados no exterior a constituíren redes de asistencia, colaboración e apoio mutuo entre eles, así como para axudaren a pares radicados en Galicia que poidan ter oportunidades de negocio onde xa estean asentados.

2. Para a constitución destas redes as empresas e profesionais poderán inscribirse voluntariamente no asento de empresas e profesionais galegos no exterior (ASEPGE). Esta inscrición será necesaria para acceder aos beneficios e axudas de apoio a estas redes.

3. As ditas redes poderán ter personalidade xurídica, tanto de dereito español coma do dereito do país de asentamento. Así mesmo, poderán ser beneficiarias de axudas ou subvencións consonte a normativa vixente.



CAPÍTULO III

Rexistro de persoas foráneas con intereses en Galicia

Artigo 108. *Rexistro de persoas foráneas con intereses en Galicia*

1. A Administración autonómica creará un rexistro administrativo auxiliar de persoas nacionais non-españolas residentes fóra de España que teñan unha fluída relación cultural, social, histórica ou económica con Galicia. Este rexistro organizarase por seccións, en función das afinidades culturais, sociais, históricas ou económicas das persoas interesadas, e poderá acoller tanto persoas físicas coma xurídicas.

2. As persoas interesadas poderán ser convidadas a se inscribir neste rexistro ou solicitalo por iniciativa propia. En todo caso deberán indicar con que entidades ou galegos e galegas manteñen una fluída relación cultural, social, histórica ou económica.

3. A Administración autonómica poderalles solicitar informes ou pareceres ás persoas inscritas neste rexistro sobre iniciativas ou proxectos que considere axeitados para potenciar a imaxe da comunidade autónoma no exterior.

4. As persoas inscritas neste rexistro poderán ser beneficiarias de axudas de custo e doutras axudas e subvencións autonómicas.

Disposición adicional primeira. *Consello da Cultura Galega*

1. O Consello da Cultura Galega, como institución creada ao abeiro do artigo 32 do Estatuto de autonomía de Galicia para a defensa e a promoción dos valores culturais do pobo galego, ten a consideración de suxeito cualificado da acción exterior de Galicia nese eido.

2. O Consello da Cultura Galega desenvolverá unha acción exterior consonte a Estratexia galega de acción exterior, en especial tendo en conta a transterritorialidade do pobo galego.

3. O Consello da Cultura Galega poderá subscribir acordos internacionais suxeitos ás previsións desta lei e restante normativa aplicable con entidades públicas que teñan obxectivos e finalidades análogos aos seus.

4. O Consello da Cultura Galega desenvolverá a proxección exterior das competencias referidas nas alíneas a), b) e c) do artigo 6 da Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega.

5. O Consello da Cultura Galega asesorará as entidades públicas galegas mencionadas nesta lei, no referido ás relacións coa Comunidade de Países de Lingua Portuguesa, mantendo a interlocución técnica precisa con este organismo internacional e coas entidades correspondentes desa comunidade de países ou dos seus estados membros.

Disposición adicional segunda. *Fundación Galicia Europa*

1. A Fundación Galicia Europa, entidade sen ánimo de lucro e entidade instrumental do sector público autonómico que opera, ademais, sometida ao dereito local foráneo onde desenvolve as



súas actividades, ten o mandato da Administración autonómica para exercer a representación autonómica galega ante as institucións e os órganos da Unión Europea, seguindo as directrices do Goberno autonómico e respectando os principios de unidade de acción exterior do Estado. A Fundación estará adscrita e sometida á tutela funcional do órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior da Administración autonómica.

2. En cumprimento dos seus fins fundacionais, a Fundación Galicia Europa serve ao interese xeral de Galicia, ao seu fortalecemento institucional, ao fomento da súa economía produtiva e social e mais á promoción de todas aquelas accións que acheguen Galicia á realidade europea, defendendo os seus intereses ante as institucións e os órganos da Unión e difundindo os valores europeos entre a sociedade galega.

3. A Fundación Galicia Europa prestará apoio ás distintas consellarías e entidades do sector público autonómico, así como ás restantes administracións públicas, organismos e corporacións galegas, no exercicio da súa participación nos asuntos da Unión Europea, e colaborará na preparación de viaxes e visitas institucionais das autoridades de Galicia ás institucións e aos órganos da Unión Europea, así como das autoridades das citadas institucións e órganos a Galicia.

4. No ámbito da defensa dos intereses galegos no proceso de toma de decisións da Unión Europea, a Fundación Galicia Europa colaborará co resto de oficinas autonómicas e rexionais en Bruxelas, así como coa Representación Permanente de España perante a Unión Europea (Reper) e coas deputadas galegas e os deputados galegos no Parlamento Europeo. Así mesmo, respectando a repartición constitucional e estatutaria de competencias, poderá adoptar iniciativas ou estratexias e chegar a acordos con outras rexións ou institucións e órganos europeos que permitan a Galicia influír naquelas decisións da Unión que máis afecten os seus intereses.

5. No marco da normativa vixente en materia de función e emprego públicos, cando existan necesidades específicas do servizo, conxunturais ou motivadas polo aumento do volume de traballo que requiran reforzar as actuacións precisas para a tramitación, o seguimento ou o impulso da participación autonómica en asuntos da Unión Europea, os órganos competentes do sector público autonómico poderán de forma motivada encomendar estas funcións a persoal funcionario ou laboral e desprazalo, sempre que se conte en todo caso coa aceptación do dito persoal, ás oficinas da Fundación Galicia Europa, sitas en Galicia e en Bruxelas-Bélxica ou noutros países da Unión distintos de España, mantendo o seu réxime xurídico de orixe e posto de traballo, considerándose en servizo activo e percibindo as súas retribucións con cargo aos órganos ou ás entidades do sector público encomendantes. A duración deste traslado poderá ser de seis meses, prorrogable excepcionalmente por outros seis no caso de que se manteñan as referidas necesidades.

6. Así mesmo, de acordo co réxime establecido na alínea anterior, cando a Fundación Galicia Europa non conte con medios suficientes, a persoa titular do órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior poderá, de forma motivada, desprazar o persoal funcionario ou laboral adscrito ao seu órgano de dirección e especializado en asuntos europeos, sempre que se conte en todo caso coa aceptación do dito persoal, ás dependencias da Fundación Galicia Europa en Bruxelas ou a outras dependencias foráneas, para desenvolver funcións relativas á participación autonómica en asuntos da Unión Europea.



Disposición adicional terceira. *Apoios extraordinarios ás delegacións e oficinas exteriores autonómicas*

Cando necesidades extraordinarias e imprevisibles, que obedezan á conxuntura da área xeográfica onde desenvolvan as súas actividades as delegacións ou oficinas exteriores autonómicas, aconsellen reforzar temporalmente o traballo destas delegacións ou oficinas, poderase recorrer aos mecanismos de reforzamento previstos para a Fundación Galicia Europa nas alíneas 5 e 6 da anterior disposición adicional.

Disposición adicional cuarta. *Participación do persoal do Sistema público de saúde de Galicia en emerxencias humanitarias baixo os parámetros do réxime do voluntariado sanitario internacional*

1. De conformidade coa disposición adicional terceira da Lei 45/2015, do 4 de outubro, de voluntariado, o persoal que presta servizos no Sistema público de saúde de Galicia poderá gozar dun permiso para participar en emerxencias humanitarias. Este permiso terá a condición de non retribuído ou retribuído parcialmente e será compatible co carácter habitualmente profesional e remunerado da actividade de cooperación en emerxencias humanitarias, conforme as condicións establecidas no Real decreto 519/2006, do 28 de abril, polo que se establece o Estatuto dos cooperantes. A duración ordinaria do permiso será de tres meses e poderase prorrogar, con carácter extraordinario, ata un máximo de seis meses de duración total.

2. Estableceranse regulamentariamente as condicións e o procedemento para a concesión do permiso previsto na alínea 1, de acordo co disposto nesta disposición e na disposición adicional terceira da Lei 45/2015, do 4 de outubro, de voluntariado.

Disposición adicional quinta. *Compromisos orzamentarios*

No marco das achegas do Estado ao cumprimento da Axenda global de desenvolvemento humano sustentable, a Xunta de Galicia tenderá progresivamente a destinar o 0,7 por cento do seu orzamento consolidado a políticas vinculadas á cooperación para o desenvolvemento. Este compromiso queda supeditado ás dispoñibilidades reais da Facenda pública da Comunidade Autónoma de Galicia, ao cumprimento dos compromisos existentes en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e mais aos escenarios orzamentarios plurianuais.

Disposición adicional sexta. *Designación de responsables do seguimento da participación de Galicia nos asuntos da Unión Europea*

A designación das persoas responsables nos ámbitos competenciais da Presidencia e de cada consellaría prevista no artigo 36 para o efectivo seguimento da participación de Galicia nos asuntos da Unión Europea efectuarase no prazo dun mes desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria única. *Coeficientes por razón de servizo no exterior*

Mentres non se regulan os coeficientes por razón de servizo que poidan corresponderlle ao persoal da Xunta de Galicia por residencia no estranxeiro, aplicaranse supletoriamente os que están establecidos no ámbito da Administración xeral do Estado.



Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

1. Quedan derogadas todas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei e, en particular, a Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, e a alínea 2 do artigo 17 do Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.

2. Manteranse en vigor o Decreto 178/2015, do 26 novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia, e o Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, no que non colidan cos preceptos desta lei e co disposto na alínea 1 desta disposición, mentres non se aprobe o desenvolvemento regulamentario da presente lei nas respectivas materias reguladas polos ditos decretos.

Disposición derradeira primeira. *Composición e funcionamento do Consello de Acción Exterior de Galicia*

No prazo dun ano, a partir da entrada en vigor desta lei, aprobarase mediante decreto o Regulamento do Consello de Acción Exterior co obxecto de fomentar o seu carácter de órgano consultivo e asesor da Administración, e as funcións de seguimento, avaliación e control da estratexia e dos plans operativos de acción exterior.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa*

Facúltase o Consello da Xunta para ditar as disposicións regulamentarias necesarias para o axeiado desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Paloma Castro Rey
Secretaria da Comisión

Vº e pr.
José Manuel Rey Varela
Presidente da Comisión

Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación co Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia

- 2794 (11/PL-000005)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia

BOPG nº 26, do 06.10.2020



Ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* das emendas mantidas e dos votos particulares formulados ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

- G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 10862).
- G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 10902).

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
Fgp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara **MANTÉN**, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas ao **Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia [11/PL-000005 (doc. núm. 2794)]**, que non foron incorporadas ao ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 12/02/2021 12:11:14



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, comunícalle a esa mesa que mantén para a súa defensa en Pleno as emendas presentadas ao Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia (doc. núm. 2794), agás as aprobadas ou transacionadas.

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/02/2021 13:30:37



Texto para Pleno

**PROXECTO DE LEI REGULADORA DA ACCIÓN EXTERIOR E DA
COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE GALICIA**

Proxecto de lei: BOPG núm. 26, do 06.10.2020

Emendas ao articulado: BOPG núm. 54, do 27.11.2020

Informe da Ponencia: BOPG núm. 89, fascículo 1, do 04.02.2021

Ditame da Comisión: BOPG núm. 95, fascículo 2, do 16.02.2021

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 1. Obxecto

1. Esta lei ten por obxecto a regulación da acción exterior do sector público autonómico fóra do territorio nacional español, así como establecer regras tendentes a facilitaren a acción exterior das restantes entidades públicas galegas, a mellor coordinación e cooperación entre todas as administracións públicas galegas e a colaboración destas cos axentes privados galegos con presenza, proxección ou intereses no exterior.

2. Asemade, é obxecto desta lei establecer o réxime xurídico ao cal se debe axustar a actividade do sector público autonómico en materia de cooperación para o desenvolvemento humano sustentable e a solidariedade internacional.

2 bis) A acción exterior galega enténdese como unha política integral que deber servir para sacar rendibilidade da nosa situación no mundo mediante estratexias que xeren oportunidades de desenvolvemento, modernización e progreso.

3. A acción exterior prevista nesta lei desenvolverase sempre con lealdade ao bloque da constitucionalidade española, aos tratados e aos restantes instrumentos internacionais subscritos por España, así como ás normas de dereito comunitario.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº1, ao apartado 1, de Substitución.

Substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:

"1. Esta lei ten por obxecto a regulación da acción exterior galega fóra do territorio de Galicia, unha acción que deberá ter carácter integral e transversal, abranguendo o papel e a presenza de Galicia no Estado, as relacións cos espazos de cultura e fala galega fóra das fronteiras xeográficas de Galicia, as relacións con Portugal e os países da lusofonía, a acción no ámbito da Unión Europea e nos demais espazos xeográficos que se consideren estratéxicos.

Nesta concepción totalizadora, a política exterior galega integrará de maneira coordinada e complementaria a cooperación internacional ao desenvolvemento, a internacionalización da economía galega, as diásporas antiga e nova como elementos centrais das relacións exteriores, a



dimensión cultural e lingüística, a participación das entidades locais e a universidade e a proxección exterior da marca país."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 2. Definicións

Para os efectos desta lei, enténdese por:

a) Exterior: o espazo de soberanía que excede o marco territorial da exercida polo Reino de España, de conformidade co dereito internacional.

b) Acción exterior galega: o conxunto sistémico e integrado das actuacións (...) das administracións públicas galegas, tanto autonómica como locais, institucionais e corporativas, e dos organismos, as institucións e as entidades delas dependentes levadas a cabo no exterior, no exercicio das súas respectivas competencias, desenvolvidas de acordo con esta lei e coa planificación estratéxica da Xunta de Galicia na materia.

c) Entidades públicas galegas: (...) As administracións públicas galegas, tanto autonómica como locais, institucionais e corporativas, e os organismos, as institucións e as entidades delas dependentes, con sede oficial ou domicilio social en Galicia.

d) Axentes privados galegos: as persoas físicas ou xurídicas domiciliadas en Galicia que dispoñan de vontade e capacidade de seu para desenvolver actividades económicas, sociais, culturais, educativas ou doutra natureza fóra do territorio nacional español e que poidan contribuír á proxección de Galicia no exterior de acordo coa Estratexia galega de acción exterior (Egaex).

e) Lealdade constitucional no exterior: o respecto aos procedementos constitucionalmente previstos para acadar calquera fin político na proxección exterior das competencias e dos intereses lexítimos de Galicia, de xeito coherente coa Estratexia española de acción exterior e coas competencias estatais en materia de relacións internacionais.

f) Acordo internacional administrativo: de acordo co artigo 2.b) da Lei 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais, o acordo de carácter internacional non constitutivo dun tratado suscrito por órganos, organismos ou entes dun suxeito de dereito internacional competentes por razón da materia, cuxa subscripción está prevista no tratado que executa ou concreta e cuxo contido habitual é de natureza técnica, calquera que sexa a súa denominación, e que se rexe polo dereito internacional. Non constitúe un acordo internacional administrativo o suscrito por eses mesmos órganos, organismos ou entes cando se rexe por un ordenamento xurídico interno.

g) Acordo internacional non normativo: de acordo co artigo 2.c) da Lei 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros

acordos internacionais, o acordo de carácter internacional non constitutivo de tratado nin de acordo internacional administrativo suscrito pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou polas entidades locais, as universidades públicas e calquera outro suxeito de dereito público galego con competencia para iso, como poden ser as cámaras de comercio ou os colexios profesionais galegos, que conteña unhas declaracións de intencións ou estableza uns compromisos de actuación de índole política, técnica ou loxística, e non constitúa unha fonte de obrigas internacionais nin se rexa polo dereito internacional. A denominación habitual dos acordos internacionais non normativos é a de memorando de entendemento. No caso de acordos internacionais non normativos para a cooperación entre calquera corporación local galega con outra análoga pertencente a un estado distinto de España, estes designaranse como irmandamento local.

h) Galeguidade: o dereito das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia a colaborar e a compartir a vida social e cultural do pobo galego. Por extensión, o dereito dos galegos e das galegas emigrados e do resto da cidadanía galega residente fóra de Galicia a compartir a vida social e cultural do pobo galego.

i) Lusofonía: o conxunto de estados e comunidades de lingua portuguesa encadrados na Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa (CPLP).

j) Agrupamento sen personalidade xurídica: as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, mesmo carecendo de personalidade xurídica, poidan cooperar en proxectos da acción exterior galega.

k) Rede sen personalidade xurídica: o conxunto de persoas físicas ou xurídicas, tanto públicas coma privadas, sexa cal for a súa nacionalidade ou lugar de residencia ou sede, que acrediten desde o exterior un especial e acreditado afecto por Galicia.

l) Galicia-Norte de Portugal, Agrupación Europea de Cooperación Territorial (GNP, AECT): a persoa xurídica constituída pola Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDR-N) e a Xunta de Galicia, de conformidade co Regulamento (CE) nº 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, sobre a agrupación europea de cooperación territorial (AECT), como instrumento europeo de cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional para axudar a poñer en marcha proxectos de interese común.

m) Axenda global para o desenvolvemento humano sustentable: o conxunto de obxectivos internacionais de

desenvolvemento humano sustentable cuxa aprobación lles corresponde ás Nacións Unidas e aos seus organismos especializados.

n) Desenvolvemento humano sustentable: o proceso de expansión das capacidades das persoas que amplían as súas opcións e oportunidades para desenvolver o seu máximo potencial e levar unha vida produtiva e creativa, de xeito que se poidan satisfacer as necesidades das xeracións presentes e futuras. O desenvolvemento humano sustentable integra e harmoniza o crecemento económico, a inclusión social e a protección do ambiente para garantir o benestar das persoas e das sociedades.

ñ) Coherencia de políticas para o desenvolvemento: a integración da visión do desenvolvemento humano sustentable no deseño, na implementación e na avaliación de todas as políticas públicas como expresión da responsabilidade compartida e do compromiso da administración pública coa promoción da xustiza global.

o) Educación para a cidadanía global: as actividades que promoven na sociedade a conciencia de interdependencia global e a responsabilidade compartida a través dun proceso educativo orientado á transformación social e que fomenta a sensibilización solidaria, a concienciación crítica e a mobilización activa da cidadanía na erradicación da pobreza, na defensa dos dereitos humanos, na promoción da cultura da paz, no compromiso coa xustiza social e no desenvolvemento humano sustentable a nivel local e global.

o bis) Eurociudades: o acordo entre entidades locais contiguas, con relacións históricas, sociais e culturais, e pertencentes a dous estados distintos da Unión Europea.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº3, ao apartado a), de Substitución.

Substituír o texto do apartado a) polo seguinte:

"a) Exterior: o espazo de soberanía que excede o marco territorial de Galicia."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº4, ao apartado e), de Supresión.

Suprimir o apartado e).



-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº6, ao apartado o) ter), de Adición.

Engadir un novo apartado o) ter), co seguinte texto:
"o *ter*) Marca país: o valor intanxible da imaxe dun país identificable en aspectos como a cultura, a identidade, a historia, a economía, a paisaxe, a tradición ou a innovación."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 3. Principios reitores

No desenvolvemento e na execución desta lei observaranse os seguintes principios reitores:

- a) A lealdade constitucional e o estrito acatamento do bloque da constitucionalidade española, do dereito da Unión Europea e do dereito internacional aplicable.
- b) A máxima coordinación coas autoridades estatais españolas constitucionalmente reitoras da política exterior e das relacións internacionais, e dos seus axentes, autoridades e funcionarios no eido exterior.
- c) O respecto e a promoción do cumprimento efectivo dos dereitos humanos consonte os tratados e os outros acordos internacionais subscritos por España e pola Unión Europea, tanto dos dereitos civís e políticos coma dos dereitos económicos, sociais e culturais, baixo o principio de indivisibilidade e interdependencia deles e como fundamento dos esforzos en favor do desenvolvemento humano sustentable.
- d) A defensa dos dereitos, das liberdades e dos lexítimos intereses da cidadanía galega no exterior, das entidades en que se integre e das empresas galegas que promovan actividades fóra de territorio español.
- e) A promoción da cultura e da lingua galegas.
- f) A promoción da imaxe marca-país de Galicia.
- g) A permanente adaptación ao cambio na escena exterior, co fin de mellorar a competitividade para coadxuvar a preservar deste xeito o benestar da sociedade galega e os servizos públicos que merece a cidadanía.
- h) **Acadar** a converxencia real cos principais indicadores socioeconómicos da Unión Europea, e singularmente á taxa de actividade media na Unión.
- i) **Afondar** e mellorar a internacionalización da sociedade galega.
- j) Os principios específicos da cooperación para o desenvolvemento establecidos no artigo 75.
- k) A coherencia de políticas para o desenvolvemento sustentable realizadas polas administracións públicas galegas para a transversalización da Axenda global de desenvolvemento humano sustentable no conxunto das políticas da Administración autonómica e da Administración local no ámbito das súas respectivas competencias.
- l) A eficiencia no uso dos recursos públicos, evitando especialmente a duplicidade ou a redundancia da acción**



exterior galega respecto da estatal e favorecendo o uso das posibilidades dos medios dixitais e do espazo virtual.

m) Máxima transparencia nas actuacións, como garantía de lexitimidade.

n) Definición de prioridades claras, pola imposibilidade de facer todo ao mesmo tempo e de estar en todos os ámbitos xeográficos.

ñ) Respecto pola soberanía de todos os pobos, a solución pacífica dos conflitos e o dereito de cada pobo a decidir sobre o seu futuro, de conformidade co marco legal internacional.

o) Aliñamento cos Obxectivos da Axenda de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas.

p) Os restantes principios recollidos na normativa estatal sobre a materia.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 4. Obxectivos estratéxicos

Na aplicación desta lei velarase polo cumprimento dos seguintes obxectivos estratéxicos:

- a) A aproximación ao produto interior bruto per cápita da zona euro da Unión Europea.
- b) O acercamento aos estándares socioeconómicos, de calidade de vida, demográficos e ambientais básicos da zona euro da Unión Europea.
- c) A maior diversificación dos mercados exteriores.
- d) A captación de capital mercantil e industrial destinado a investimento produtivo.
- e) A atracción de capital humano cualificado para o máis acelerado desenvolvemento e a consolidación económica de Galicia, que axude a paliar o avellentamento da nosa poboación pola caída da nosa natalidade.
- f) O retorno das e dos emigrantes e dos seus descendentes.
- g) O fortalecemento das relacións coa cidadanía galega residente no estranxeiro e o apoio ás entidades galegas asentadas fóra de Galicia recoñecidas ao abeiro da normativa en materia de galeguidade.
- h) A contribución á realización da Axenda global de desenvolvemento humano sustentable e ás políticas de cooperación internacional e axuda humanitaria do Estado e da Unión Europea.
- i) O impulso da cultura da solidariedade internacional e da conciencia da cidadanía global na sociedade galega.
- j) A promoción do europeísmo e dunhas relacións internacionais baseadas na paz e na xustiza.
- k) Defender os intereses globais de Galicia e os intereses específicos de cada sector da actividade económica, social e cultural.**
- l) Internacionalizar a economía e a sociedade galega, cunha aposta decidida polo coñecemento, a investigación e a creación como elementos singulares da marca país.**
- m) Participar proactivamente na Unión Europea, artellando redes de influencia e cooperación con outros territorios, nomeadamente con Portugal e con comunidades e países do arco atlántico.**
- n) Atraer persoas para que elixan Galicia como lugar para vivir e traballar, potenciando sectores estratéxicos relacionados coa innovación, a creatividade, a ciencia, a industria, o rural, os servizos sociais, contribuindo deste xeito ao desenvolvemento de Galicia e a combater o declive demográfico e os desequilibrios territoriais.**



NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 5. Representación do sector público autonómico

1. Correspóndelle á Presidencia da Xunta de Galicia, como **máximo** representante da Comunidade Autónoma, dirixir e coordinar a acción exterior da Xunta de Galicia e asinar os acordos internacionais administrativos e non normativos subscritos polo sector público autonómico, agás que delegue a súa sinatura de acordo con esta lei.
2. En materias da súa competencia, a representación poderá ser exercida polas persoas titulares das respectivas consellarías ou pola persoa en que deleguen.
3. A consellaría responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex) mirará polo mantemento da boa imaxe exterior de Galicia como Comunidade Autónoma constitucionalmente recoñecida como nacionalidade histórica e indisolublemente integrada no Reino de España, adherido á Unión Europea.
4. O emprego da imaxe corporativa institucional da Xunta de Galicia e a utilización de símbolos de Galicia no exterior precisará da autorización previa do órgano de dirección responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex, consonte a Lei 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia, e a regulación da imaxe corporativa institucional da Xunta de Galicia, logo do informe vinculante do órgano superior autonómico responsable da relación cos medios.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº11, ao apartado 3, de Substitución.

Substituír o texto do apartado 3 polo seguinte:
"3. A consellaría responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex) mirará polo mantemento da boa imaxe exterior de Galicia."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 6. Regras xerais da acción exterior galega

1. A acción exterior galega considerará como guía a transcendencia estratéxica alén do espazo dunha soa lexislatura e a busca do maior apoio parlamentario e social plasmados na Estratexia galega de acción exterior.

2. A acción exterior galega axustarase ao principio de unidade de acción, que incluírá o aliñamento coa Estratexia española de acción exterior e coa dirección da política internacional española.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº12, ao apartado 2, de Supresión.

Suprimir o apartado 2.

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO I

Suxeitos da acción exterior galega

Artigo 7. Suxeitos da acción exterior galega

Son suxeitos da acción exterior galega:

a) A Administración autonómica galega, o Consello da Cultura Galega, as entidades locais galegas, consonte a súa normativa propia, as universidades públicas galegas, a administración corporativa galega, nomeadamente as cámaras oficiais de comercio, industria, **servizos** e navegación e os colexios profesionais, e mais os entes instrumentais dotados de personalidade xurídica propia, dependentes de calquera dos suxeitos antes citados, sexa cal for a súa natureza ou tipoloxía xurídica.

b) O Parlamento de Galicia, nas súas relacións coa Conferencia de Asembleas Lexislativas Rexionais Europeas (CALRE), co Congreso de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa (CPLRE) ou con outros parlamentos análogos de Estados federais, rexións ou provincias doutros Estados, tanto da Unión Europea como de Estados terceiros. O Parlamento non queda sometido ás determinacións detalladas na presente lei.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº13, de Adición.

No Artigo 7 engadir o seguinte texto *in fine*:

"Así mesmo, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade tamén ten a consideración de suxeito da acción exterior galega."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 8. Suxeitos privados concorrentes na acción exterior galega

1. Para os efectos desta lei, terán a consideración de suxeitos privados concorrentes na acción exterior galega os axentes galegos de dereito privado que colaboren voluntariamente co sector público autonómico na execución da planificación estratéxica da acción exterior galega, como é o caso das organizacións empresariais, sindicais e profesionais, das organizacións non gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento, das asociacións e os agrupamentos de exportadores ou das entidades que aglutinen as comunidades galegas ou as sociedades e asociacións de estudos internacionais con sede en Galicia.

2. Do mesmo xeito, terán a consideración de suxeitos privados concorrentes na acción exterior galega as redes e os agrupamentos de persoas físicas ou xurídicas, tanto públicas coma privadas, sexa cal sexa a súa nacionalidade ou lugar de residencia ou sede, que acrediten desde o exterior **unha especial e acreditada relación con Galicia**. Poderán mesmo ser beneficiarias de axudas e subvencións como tales agrupamentos de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan cooperar en proxectos da acción exterior galega, consonte o artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO II

Programación da acción exterior galega

CAPÍTULO I

Estratexia galega de acción exterior

Artigo 9. Estratexia galega de acción exterior

A acción exterior galega programarase periodicamente por lustros nun documento estratéxico denominado Estratexia galega de acción exterior (Egaex), que prelacione os obxectivos a longo prazo, tanto materiais coma xeográficos, e ordene e rexa as diversas iniciativas sectoriais na materia, dotándoas de congruencia e coherencia, aproveitando as súas complementariedades e velando pola eficiencia no uso dos recursos públicos, co obxecto de maximizar os retornos socioeconómicos, demográficos e culturais para a comunidade autónoma.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº15, de Adición.

Engadir no Artigo 9 o seguinte texto *in fine*:

"A Estratexia de acción exterior galega incluírá un plan director quinquenal, un orzamento plurianual, un plan operativo anual, un programa de seguimento e avaliación intermedia e un programa de rendición de contas diante do Parlamento."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 10. Inicio da programación

O órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior elaborará un borrador de estratexia, atendendo aos documentos previos de planificación da Xunta de Galicia que tivesen unha proxección exterior e á vixente estratexia española, así como considerando as achegas das consellarías, as entidades, os organismos, as institucións e os expertos con intereses e experiencia na materia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 11. Tramitación da Estratexia galega de acción exterior

1. O borrador da Estratexia galega de acción exterior (Egaex) será sometido a información pública no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia, e estará aberto ás suxestións da cidadanía galega.

2. Logo de o órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior e responsable da tramitación e ulterior execución da Egaex avaliar as achegas, recibidas a través do Portal de transparencia e goberno aberto, o borrador da Egaex remitirase ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de igualdade para a emisión dun informe no cal se avalíe o impacto por razón de xénero das medidas e accións previstas e, posteriormente, será sometido á avaliación e ao informe do Consello de Acción Exterior de Galicia (Caex).

3. Após o informe do Caex, o órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior e responsable da tramitación e ulterior execución da Egaex reformulará o borrador da Egaex, que pasará á condición de anteproxecto.

4. O Anteproxecto da estratexia galega de acción exterior será visto polo Consello da Xunta, con carácter previo á súa remisión ao ministerio competente en asuntos exteriores co fin de que este poida expresar o punto de vista correspondente ás súas competencias, así como efectuar as recomendacións ou suxerir as melloras de coordinación que considere pertinentes.

5. As achegas do ministerio serán avaliadas e unha vez introducidas as modificacións necesarias no anteproxecto, a persoa titular da consellaría en que se encadren as competencias de acción exterior propoñerá ao Consello da Xunta a aprobación, como proxecto, do Anteproxecto da estratexia galega de acción exterior e a continuación da súa tramitación.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 12. Exame polo Parlamento de Galicia

1. A Xunta de Galicia remitirá o Proxecto de estratexia galega de acción exterior (Egaex) ao Parlamento de Galicia e requirirá o pronunciamento deste, consonte o artigo 142 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

2. Tras o exame polo Parlamento de Galicia, a persoa titular da consellaría en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior dará redacción definitiva ao proxecto da Egaex, que será remitido ao Consello da Xunta para, de ser o caso, a súa aprobación.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 13. Aprobación da Estratexia galega de acción exterior
Á vista do conxunto das alegacións, da suxestión e dos informes, o Consello da Xunta aprobará, de ser o caso, a Estratexia galega de acción exterior, que se publicará no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia. Con posterioridade, daralle traslado oficial ao ministerio competente en asuntos exteriores para o seu coñecemento.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 14. Desenvolvemento e execución da Estratexia galega de acción exterior

1. O órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias de acción exterior será o responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex). Con este fin poderá dar conta do estado de desenvolvemento e de execución da Egaex ao seu superior xerárquico, así como das desviacións que apreciase. En caso de desviacións graves, elaborará un informe, que será elevado ao Consello da Xunta para a súa deliberación e para dispoñer as medidas correctoras oportunas.

2. Anualmente o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex elaborará un informe xeral sobre o seu cumprimento, que será elevado pola persoa titular da consellaría de que dependa ao Consello da Xunta, logo do informe do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de igualdade. Este informe anual deberá ser presentado ao Parlamento.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº4, ao apartado 2 bis), de Adición.

Débase engadir un novo punto 2 bis, que terá o seguinte contido:

"2 bis. A programación da Egaex desenvolverase por medio dun plan director quinquenal e plans anuais de acción, que definirá os instrumentos, os obxectivos e as actividades previsibles e avaliáveis, xunto ás liñas de coordinación e financiamento concretas co resto de axentes do Consello de Acción Exterior de Galicia para o impulso da acción exterior de Galicia."

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO II

Revisión da Estratexia galega de acción exterior

Artigo 15. Revisión da Estratexia galega de acción exterior

1. De forma ordinaria, con polo menos seis meses de antelación ao remate do prazo de vixencia da estratexia en curso, o órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior iniciará os trámites de revisión desta.

2. Por proposta motivada dun terzo dos membros do Consello de Acción Exterior de Galicia, que deberá ser aprobada co voto favorable da maioría dos seus membros, a Xunta de Galicia deberá avaliar a necesidade de iniciar a revisión da estratexia vixente para adaptala a un novo contexto, logo do informe do órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior.

3. Mentres non sexa aprobada unha nova estratexia, o Consello da Xunta de Galicia poderá prorrogar a que estea vixente, por períodos sucesivos de ata un ano cada un deles, ata que se poida aprobar unha nova estratexia. Se o executivo autonómico estiver en funcións, entenderase prorrogada tacitamente a estratexia en vigor por un período de seis meses, dentro do cal o novo executivo poderá prorrogala, pola súa vez, ata que se formalice unha nova estratexia galega de acción exterior.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

**DITAME DA COMISIÓN:**

CAPÍTULO III. Estratexia española de acción exterior

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº16, de Supresión.

Suprimir o CAPÍTULO III.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 16. Participación de Galicia na Estratexia española de acción exterior

1. Nos termos previstos na normativa estatal aplicable, a Administración autonómica, a través da consellaría que teña atribuídas as funcións en materia de acción exterior, manterá unha comunicación fluída e directa co ministerio competente en asuntos exteriores, co fin de que este inclúa, de ser o caso, na Estratexia española de acción exterior as prioridades que interesen ou preocupen á sociedade galega, facendo especial fincapé na promoción da lingua, a cultura e a imaxe de Galicia, na defensa dos dereitos e das expectativas da diáspora galega nos estados en que estea asentada, na promoción da empresa e a economía galegas no exterior e mais no estreitamento do vínculo con Portugal e coa comunidade lusófona de nacións.

2. O Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría que concentre as competencias e funcións primordiais en materia de acción exterior, aprobará mediante un acordo o documento que recolla as achegas autonómicas á Estratexia española de acción exterior, logo da consulta ao Consello de Acción Exterior de Galicia e ás restantes consellarías.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº17, de Supresión.

Suprimir o Artigo 16.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 17. Execución da Estratexia galega de acción exterior

1. A execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex) será responsabilidade dos órganos superiores ou de goberno competentes de cada institución, consellaría, entidade ou organismo públicos concernidos.

2. A persoa titular da consellaría responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex supervisará a súa correcta aplicación. Para este fin poderá requirir dos suxeitos da acción exterior galega cantas informacións, datos e informes coide axeitados. En todo caso, requiriralle a cada consellaría da Administración autonómica a emisión dun informe anual cun mes de antelación ao sometemento ao Consello da Xunta do informe previsto no artigo 14.2.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 18. Programas específicos de acción exterior

As institucións, as consellarías, as entidades ou os organismos dependentes da Administración autonómica que precisen dunha singular proxección e presenza no exterior poderán elaborar un programa anual específico de acción exterior, sempre dentro do marco da Estratexia galega de acción exterior, do que darán conta, con carácter previo á súa aprobación, á consellaría responsable de velar polo seu desenvolvemento e execución para garantir a súa compatibilidade.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 19. Programas de acción exterior das administracións locais, universidades públicas e corporacións de dereito público galegas

Os concellos, as deputacións, as universidades públicas e as corporacións de dereito público radicadas en Galicia poderán elaborar os seus propios programas de acción exterior coa duración ou periodicidade que consideren axeitadas e, con carácter previo á súa aprobación, remitiranos ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior para garantir a súa compatibilidade con esta.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 19 bis. Programa de acción exterior das cidades galegas

As cidades galegas poderán desenvolver unha estratexia de proxección internacional acorde coa Estratexia galega de acción exterior. Na súa elaboración contarán coa participación do órgano da Administración autonómica con competencias en relacións exteriores.

NON TEN EMENDAS

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº19, de Adición.

Engadir un novo Artigo 19 ter, co seguinte texto:

"Artigo 19 *ter*. O departamento con competencias en materia de acción exterior creará liñas de financiamento, asesoramento e cooperación destinadas a entidades públicas e privadas que desenvolvan programacións de acción exterior."

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO II

Viaxes e actuacións con proxección exterior

Artigo 20. Transparencia das viaxes e actuacións con proxección exterior

1. As viaxes, as visitas, as recepcións, os intercambios e as actuacións con proxección exterior da persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia e dos restantes membros do Consello da Xunta fóra do ámbito da Unión Europea e das súas institucións deberán ser comunicados directamente ao órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior.

2. As propostas de viaxes, visitas, recepcións, intercambios e actuacións con proxección exterior das restantes autoridades da Administración autonómica e dos altos responsables de entidades dela dependentes, como as presidentas e os presidentes ou as directoras e os directores de entidades, organismos, sociedades, fundacións ou empresas públicas, seranlle comunicadas á persoa titular da consellaría de que dependan ou a que estean adscritos, que o poñerá en coñecemento do órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior, que deberá examinar a súa compatibilidade coa Estratexia galega de acción exterior (Egaex).

3. Os restantes suxeitos da acción exterior galega comunicarán as súas propostas de viaxes, visitas, intercambios, recepcións e actuacións con proxección exterior ao órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de acción exterior, para os efectos do exame da súa adecuación á Egaex e de coordinación co ministerio competente en asuntos exteriores, nos termos previstos na alínea seguinte.

4. O dito órgano de dirección da Administración autonómica remitirá a información ao ministerio competente en asuntos exteriores, para os efectos previstos na normativa estatal.

5. Cando as propostas de actuación non estean recollidas na Egaex, deberán xustificarse as circunstancias que motivan estas actuacións.

6. O órgano de dirección da Administración autonómica con competencias en materia de acción exterior presentará no Parlamento un informe anual de seguimento da estratexia, no que se incluírá o relatorio da axenda exterior

do Goberno, cunha valoración da repercusión das viaxes fóra de Galicia. Con este motivo farase unha comparecencia anual no Parlamento.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº20, ao apartado 4, de Supresión.

Suprimir o apartado 4.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº5, ao apartado 6, de Modificación.

Proponse unha nova redacción para o punto 6 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"6. O órgano de dirección da Administración autonómica con competencias en materia de acción exterior informará anualmente o Parlamento da totalidade das viaxes ao exterior realizadas por persoal dependente da Administración autonómica, con relación pormenorizada do custo, da duración, do destino e da finalidade de cada viaxe realizada, así como da relación de visitas e recepcións oficiais de autoridades públicas do exterior, xunto coa presentación do informe anual previsto no artigo 14.2."



DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO IV

Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e lusofonía

Artigo 21. Ámbito da Eurorrexión

Para os efectos desta lei, a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal é a constituída pola suma do territorio e das augas interiores da Comunidade Autónoma de Galicia e mais da Rexión Norte de Portugal.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 22. Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal

1. A Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal é un organismo de cooperación sen personalidade xurídica dos previstos no Tratado entre o Reino de España e a República Portuguesa sobre cooperación transfronteiriza entre entidades e instancias territoriais, feito en Valencia o 3 de outubro de 2002, que se rexe polo disposto no dito tratado, no convenio de constitución e pola restante normativa que lle resulte aplicable, conforme o previsto neles.

2. A Administración autonómica poderá propoñer no seo da Comunidade de Traballo prioridades en materia de cooperación transfronteiriza para que esta poida decidir elevalas, de acordo coa normativa aplicable, ao Cumio Bilateral Hispano-Portugués. Para tal fin e co obxectivo de unificar e de consensuar as diferentes propostas das consellarías e doutros órganos e entidades autonómicos, o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex) solicitará os informes, plans e proxectos que se pretenda que se teñan en conta para seren abordados polos gobernos de España e Portugal.

3. A coordinación das administracións e autoridades públicas galegas coa Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal corresponderalle ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 23. Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal

1. A Administración autonómica considerará a entidade Galicia-Norte de Portugal, Agrupación Europea de Cooperación Territorial (GNP, AECT), institución creada ao abeiro do dereito da Unión Europea, como un instrumento preferente para executar as actuacións convidadas para a cooperación luso-galaica de base territorial e transfronteiriza.

2. Galicia-Norte de Portugal, Agrupación Europea de Cooperación Territorial é unha persoa xurídico-pública luso-española, constituída pola Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDR-N) e pola Xunta de Galicia, ao abeiro do Regulamento (CE) nº 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, sobre a agrupación europea de cooperación territorial (AECT). En consecuencia, non é unha entidade integrante do sector público autonómico definido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

3. Galicia-Norte de Portugal, Agrupación Europea de Cooperación Territorial réxese polo sistema de fontes detallado no artigo 2 do Regulamento (CE) nº 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, sobre a agrupación europea de cooperación territorial (AECT), e polo Real decreto 23/2015, do 23 de xaneiro, que adopta as medidas necesarias para a aplicación efectiva do dito regulamento.

4. O sector público autonómico, definido pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, poderá autorizar o seu persoal propio para realizar misións de cooperación transfronteiriza, por uns períodos determinados de tempo, como persoas expertas destacadas na sede, as instalacións ou os centros de enlace da GNP, AECT, ou da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDR-N), de mediar un acordo, convenio ou memorando de entendemento entre as autoridades portuguesas ou da GNP, AECT e as galegas, ou nas dependencias do órgano de dirección da Administración autonómica que coordina a cooperación territorial e transfronteiriza con Portugal, sempre que se conte en todo caso coa aceptación do dito persoal. Se a encomenda da misión de cooperación transfronteiriza for por un período igual ou inferior a seis meses, o persoal manterá o seu réxime



xurídico de orixe e o posto de traballo, considerándose en servizo activo, e percibirá as súas retribucións con cargo ás correspondentes entidades do sector público. Se a encomenda da misión de cooperación transfronteiriza for por un período determinado superior a seis meses na GNP, AECT, ou na CCDR-N, o persoal funcionario de carreira será declarado en situación de servizos especiais e o persoal laboral na situación que lle corresponda segundo o convenio colectivo que resulte aplicable, e pasarán a ser retribuídos con cargo aos orzamentos das indicadas entidades.

5. Os órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderanlle solicitar á GNP, AECT a súa colaboración, asistencia e apoio en materia de cooperación transfronteiriza. Ademais, poderán encargar á GNP, AECT a xestión de determinados programas de actuación sectorial relativos á cooperación transfronteiriza, traspasándolle os fondos e medios necesarios. O dito encargo deberá ser aceptado polo Consello da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 24. Planificación estratéxica e programación de actuacións autonómicas de relevancia para a Eurorrexión

Na elaboración de plans e programas autonómicos que poidan ter transcendencia, repercusión ou interese para o conxunto da área da Eurorrexión, os órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia impulsores dos ditos plans e programas poderán dar audiencia específica ás autoridades portuguesas competentes, co fin de reducir conxuntamente os custos da súa execución, ampliar o número de persoas beneficiarias cun menor custo por persoa beneficiaria grazas ás economías de escala que concorran, ou co propósito de incrementar os resultados ou retornos cun inferior custo unitario.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 25. Cooperación territorial e transfronteiriza galaico-portuguesa de base local

1. Os municipios galegos poderán cooperar con outros municipios portugueses veciños chegando a formalizar mesmo «eurociudades», baixo a cobertura xurídica dunha agrupación europea de cooperación territorial (AECT) ou de calquera outra forma xurídica, con ou sen personalidade, recoñecida polos respectivos ordenamentos portugués e español, nos termos previstos na normativa internacional ou comunitaria que resulte aplicable. Na hipótese de se constituír baixo a fórmula de AECT, a parte galega propiciará a máis estreita cooperación e coordinación con Galicia-Norte de Portugal, Agrupación Europea de Cooperación Territorial.

2. Para os efectos desta lei, as eurociudades estarán conformadas por dous ou máis concellos galegos e cámaras municipais portuguesas, con situación de contigüidade entre si ao longo do treito galego da fronteira hispano-portuguesa.

3. As eurociudades teñen como principal obxectivo a promoción da converxencia institucional, económica, social, cultural e ambiental entre os concellos galegos e as cámaras municipais portuguesas que as compoñen, impulsando a utilización de servizos comúns como instrumento dinamizador da convivencia entre a poboación de ambos os dous territorios.

4. A creación dunha eurocidade farase por medio dun acordo entre os concellos galegos e as cámaras municipais portuguesas participantes, formalizado de acordo coa normativa aplicable, en que se detallen, polo menos, os obxectivos que se pretenden alcanzar e os campos en que van colaborar.

5. A constitución de novas AECT de base local ou provincial precisará en calquera caso para as autoridades locais galegas do informe previo do órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior, de acordo coa normativa estatal aplicable. Neste informe, o indicado órgano de dirección avaliará, entre outros aspectos, a posibilidade de incorporación a outra AECT luso-galaica de base local ou provincial.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 26. Cooperación galaico-portuguesa no ámbito da lusofonía

1. De conformidade co establecido pola Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e os vínculos coa lusofonía, a Administración autonómica poderá poñer en marcha un programa específico de fomento de intercambios e estadias temporais de persoal empregado público galego e portugués, en especial naquelas áreas en que se considere máis urxente o establecemento dun maior ou máis intenso nivel de cooperación, coordinación ou, mesmo, de integración de servizos públicos.

2. A Administración autonómica formulará iniciativas na entidade Galicia-Norte de Portugal, Agrupación Europea de Cooperación Territorial para que esta impulse a cooperación galaico-portuguesa no ámbito da lusofonía a través de programas específicos, promovendo intercambios culturais, universitarios e educativos entre axentes destes ámbitos portugueses, doutros países lusófonos e galegos.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 26 bis. **Observatorio da lusofonía "Valentín Paz Andrade"**

Mediante un decreto do Goberno galego crearase o Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade, do que formarán parte as entidades galegas de relación con Portugal e co ámbito da lusofonía, e que terá como finalidade asesorar o Goberno, formular plans de acción como o previsto no artigo 26 quater e programar actividades de coñecemento, intercambio e programación.

NON TEN EMENDAS



EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº23, de Adición.

Engadir un novo Artigo 26 ter), co seguinte texto:

"Artigo 26 *ter*

O Goberno galego xestionará a admisión de Galicia como membro da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº24, de Adición.

Engadir un novo Artigo 26 quater, co seguinte texto:

"Artigo 26 *quater*

Co obxecto de garantir o desenvolvemento da Lei 1/2014, de aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, o departamento con competencias en relacións exteriores elaborará un plan director plurianual da lusofonía. Con tal finalidade, crearase un grupo de traballo que inclúa representantes de todos os departamentos e áreas da Xunta de Galicia implicados (relacións exteriores, política lingüística, economía, pesca e cultura, entre outros), así como outros axentes, colectivos, institucións e entidades sociais susceptibles de contribuíren a ese proxecto estratéxico. Este plan será presentado no Parlamento para o seu estudo e avaliación. Anualmente presentarase no Parlamento un informe sobre o desenvolvemento do plan e o seu grao de cumprimento."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 27. Participación da Comunidade Autónoma de Galicia na Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea

1. A persoa titular da consellaría competente en materia de relacións coa Unión Europea e acción exterior será a representante da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia na Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea (CARUE).

2. A persoa titular do órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior será a representante da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia na Comisión de Coordinadores de Asuntos coa Unión Europea.

3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma procurará que no seo da CARUE se aborden todas aquelas cuestións prácticas relacionadas co exercicio da participación autonómica en asuntos da Unión Europea, especialmente no referido ao Consello da Unión Europea, aos seus grupos de traballo e aos comités da Comisión Europea.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº25, de Adición.

Engadir un novo Artigo 27 bis), co seguinte texto:

"Artigo 27 *bis*

O Goberno galego defenderá en todos os foros a participación directa de Galicia nos organismos europeos de toma de decisións sobre materias relacionadas con temas estratéxicos para o noso país e a súa economía, nomeadamente os relacionados coa política de pesca, a política agrograndeira e a política industrial. Así mesmo, defenderá nos foros estatais, europeos e internacionais os intereses materiais e culturais de Galicia, a súa capacidade de produción e o control público da auga, do territorio e dos recursos enerxéticos e mineiros."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 28. Do tratamento dos asuntos europeos nas conferencias sectoriais

1. Cando a persoa titular dunha consellaría da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia exerza a representación autonómica nalgunha formación do Consello da Unión Europea, solicitará a inclusión na orde do día das reunións da conferencia sectorial correspondente, como asuntos para tratar, daqueles relacionados co alcance da participación, cos temas que se van tratar ou con calquera outro aspecto que poida xurdir no exercicio desa representación, así como coa presentación, ao finalizar o período de representación, dun informe final cun balance dos resultados obtidos no exercicio da dita representación. Así mesmo, deberá facilitar a transición da representación autonómica coa Comunidade Autónoma á cal lle corresponda asumir posteriormente tal representación.

2. O disposto neste precepto enténdese sen prexuízo das restantes obrigas que deriven do exercicio da representación autonómica nalgunha formación do Consello da Unión Europea.

3. Ao finalizar o período de representación, a consellaría deberá trasladar ao órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior o informe final en que se recolla o balance dos resultados obtidos durante o período de representación, **que será presentado ao Parlamento anualmente xunto co informe previsto no artigo 14.2.**

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 29. Grupo de Traballo de Asuntos Europeos e Acción exterior

A persoa titular da consellaría que concentre as competencias e funcións primordiais en materia de relacións coa Unión Europea e acción exterior designará as persoas representantes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia no Grupo de traballo de asuntos europeos e acción exterior, encadrado na Comisión Bilateral de Cooperación entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia. Estas persoas representantes manterán informado o órgano que os designou sobre as súas actividades a través do órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 30. Consello da Unión Europea

1. A Comunidade Autónoma de Galicia poderá participar nas formacións do Consello da Unión Europea en que sexa posible a participación das comunidades autónomas nos termos previstos nos acordos adoptados para tal fin. A persoa titular da consellaría a quen corresponda exercer por razón da materia a participación autonómica no Consello da Unión Europea informará, tras cada asistencia a unha reunión da formación sectorial do Consello da Unión Europea, o Consello da Xunta de Galicia das xestións realizadas, do resultado das negociacións e das posibles implicacións para Galicia, e trasladará unha copia dos documentos anteriores ao órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior.

2. O órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior poderá solicitar a utilización da lingua galega por parte da persoa representante da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos previstos nos acordos adoptados para tal fin.

3. Corresponderalle ao órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior levar a cabo as funcións de información, apoio, seguimento e cooperación na participación da persoa representante autonómica no Consello da Unión Europea, así como a coordinación e interlocución cos servizos da Administración xeral do Estado e da Representación Permanente de España ante a Unión Europea (Reper), no que respecta á realización dos trámites que posibiliten facer efectiva a dita participación.

4. Para os efectos de facilitar o seguimento dos asuntos durante o período da representación, a consellaría competente poderá desprazar persoal técnico á oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas polo tempo que dure a dita representación. Este desprazamento estará sometido á normativa vixente en materia de función pública ou á normativa laboral segundo o réxime xurídico aplicable a ese persoal, e ampararase na subscripción dun convenio de cooperación ou de calquera outro instrumento xurídico axeitado concertado previamente entre a Fundación Galicia Europa e a dita consellaría competente.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 31. Grupos de traballo do Consello da Unión Europea

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá a participación do seu persoal técnico naqueles grupos de traballo do Consello da Unión Europea relacionados coas formacións sectoriais desta institución da Unión Europea nas cales teña dereito a participar, por si mesma ou en coordinación coas restantes comunidades autónomas, nos termos previstos nos acordos adoptados para tal fin.

2. O persoal técnico será designado pola persoa titular da consellaría a quen corresponda exercer por razón da materia a participación autonómica no Consello da Unión Europea. A devandita designación deberá ser notificada ao órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior. Co fin de garantir a efectiva representación autonómica, corresponderalle á persoa responsable técnica designada o seguimento dos asuntos, a asistencia ás reunións, a preparación de informes e propostas de posición común, nos termos previstos nos acordos adoptados para tal fin. Para os únicos efectos de seguimento, a dita persoa responsable deberá informar igualmente das súas actuacións ao órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 32. Comités da Comisión Europea

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá a participación do seu persoal técnico nos comités da Comisión Europea nos termos previstos nos acordos adoptados para tal fin.

2. Para cada un dos comités da Comisión Europea con participación autonómica, a consellaría competente por razón da materia deberá designar unha persoa responsable sectorial que poida servir de interlocutora coas correspondentes persoas representantes estatais ou autonómicas. A designación e calquera cambio da persoa responsable deberán notificarse ao órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior. A este órgano corresponderalle, así mesmo, levar a cabo funcións de información, apoio, seguimento e coordinación da participación autonómica nos comités da Comisión Europea.

3. Ao finalizar o período de representación, a persoa responsable sectorial autonómica elaborará un informe final, que deberá remitir ao órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior, **e que será presentado ao Parlamento anualmente xunto co informe previsto no artigo 14.2.**

4. Se os órganos da Administración autonómica detectaren novos comités en que sexa de interese a participación das comunidades autónomas, remitirán a proposta ao órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 33. Comité Europeo das Rexións

1. A Comunidade Autónoma de Galicia participa no Comité Europeo das Rexións (CDR) de acordo coa normativa reguladora do dito órgano e, en particular, a través do membro titular e suplente que proceda designar de acordo coa citada normativa.

2. O órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior asumirá, dentro da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a coordinación das actividades relacionadas coa participación no indicado comité.

3. As propostas que sexan obxecto de debate nos diferentes órganos do Comité Europeo das Rexións serán remitidas desde o órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior ás secretarías xerais técnicas das consellarías competentes por razón da materia, para a súa análise e conformidade ou desconformidade, ou para a proposta de emendas no prazo que se indique no escrito de remisión segundo o prazo que, pola súa vez, outorgase o Comité Europeo das Rexións.

4. O órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior poderá solicitar a utilización da lingua galega por parte da persoa representante da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos previstos nos acordos do Comité adoptados para tal fin.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 34. Comité Económico e Social Europeo

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá a participación de persoas representantes galegas no Comité Económico e Social Europeo. Para este fin, difundirá entre as entidades galegas susceptibles de participaren no Comité Económico e Social Europeo o coñecemento deste e as súas actividades, coa asistencia e o auxilio, se for preciso, do órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 35. Tribunal de Xustiza da Unión Europea

1. Nos supostos en que o permita a normativa procesual europea, cando resulten prexudicados os dereitos ou intereses lexítimos de Galicia, a Xunta de Galicia poderá solicitar intervir nas actuacións da Administración xeral do Estado nos asuntos relacionados co Tribunal de Xustiza da Unión Europea que afecten as súas competencias, solicitando mesmo a actuación do Reino de España.

2. Se a Xunta de Galicia considera que unha disposición ou un acto adoptado por unha institución da Unión Europea que poida producir efectos xurídicos debe ser impugnado polo Reino de España perante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, por estar viciado de ilegalidade e afectar as súas competencias ou intereses, poñerá en coñecemento da Administración xeral do Estado cunha antelación suficiente, tendo en conta os prazos establecidos no Regulamento do Tribunal de Xustiza. Esta comunicación farase a través da persoa representante de Galicia que forme parte da Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea.

3. Igualmente, se a Xunta de Galicia ten interese en que o Reino de España interveña como coadxuvante nun procedemento perante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea por entender que a sentenza que se poida ditar pode afectar as súas competencias ou os seus intereses lexítimos, poñerá en coñecemento da Administración xeral do Estado, pola mesma canle precisada na alínea anterior, cunha antelación suficiente tendo en conta os prazos establecidos no Regulamento do Tribunal de Xustiza.

4. En caso de que a Xunta de Galicia considere que unha institución da Unión Europea se abstivo de actuar, causándolle con iso un prexuízo a Galicia, poderá solicitar, a través da persoa representante que forme parte da Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea, que o Reino de España requira á dita institución para que actúe e, se for o caso, interpoña perante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea un recurso de inacción.

5. A Xunta de Galicia poderá solicitar, ademais, aos órganos competentes do Estado español calquera outra actuación xurídica perante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea que resulte de acordos subscritos entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas.

6. A representación, a defensa e o asesoramento xurídico nos asuntos que atinxan á Comunidade Autónoma de Galicia e que se traten perante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea,



cando a normativa procesual aplicable o permita, corresponderanlle ao persoal letrado da Xunta de Galicia, que se deberá axustar á normativa de asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, sen prexuízo que, de acordo coa indicada normativa, poida acordarse que a representación e a defensa en xuízo sexan asumidas por unha avogada ou un avogado, que actuará baixo a supervisión da Asesoría Xurídica Xeral.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 36. Designación de responsables

Para o efectivo seguimento das actuacións da Administración autonómica na Unión Europea, no que respecta a este capítulo, deberá designarse unha persoa responsable nos ámbitos competenciais da Presidencia e de cada consellaría, preferentemente con rango de subdirección xeral e con funcións de vicesecretaría ou coordinación, cando sexa posible con coñecemento doutros idiomas europeos, para exercer de punto de contacto co órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 37. Fundamentos da acción exterior galega en Europa fóra da Unión Europea

1. O sector público autonómico desenvolverá a súa acción exterior europea fóra do ámbito institucional e orgánico da Unión Europea con pleno respecto á normativa española e da Unión Europea, de conformidade co prescrito na Estratexia de acción exterior de España e (...) na Estratexia galega de acción exterior.

2. A Administración autonómica velará, no marco das súas competencias, para que os restantes suxeitos públicos da acción exterior galega observen igualmente a citada normativa e as prescricións estratéxicas.

3. A Administración autonómica impulsará a participación de Galicia nas redes europeas de cooperación territorial, co fin de fortalecer o seu posicionamento no ámbito internacional, favorecendo a defensa dos intereses globais conxuntos cos demais membros de cada rede. Ademais, incrementará os vínculos con aqueles (...) territorios con que Galicia garde complementariedades ou afinidades socioeconómicas ou histórico-culturais.

NON TEN EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 38. Participación en redes europeas de cooperación rexional

Nos termos do artigo 37, a Administración autonómica participará naquelas redes europeas de cooperación rexional que teñan como obxectivo a defensa dos intereses xerais das rexións fronteirizas e favorezan o desenvolvemento rexional e a cohesión territorial en Europa, especialmente na Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas de Europa (CRPM) e na Asociación de Rexións Fronteirizas Europeas (ARFE), así como en calquera outra que se institúa ou que a propia Administración autonómica promova.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO I Negociación de tratados

Artigo 39. Participación por instancia galega en delegacións españolas no exterior e na negociación de tratados

1. Se un órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia considera conveniente ou precisa a participación autonómica galega nunha delegación oficial española que se desprace ao exterior para negociar un tratado que teña por obxecto materias de competencia ou interese específico da Comunidade Autónoma galega ou afecte de maneira especial o ámbito territorial autonómico, o dito órgano comunicarallo ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex), para que este realice as xestións necesarias ante o ministerio competente.

Con aquela comunicación ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex achegarase a seguinte documentación:

- a) Unha memoria xustificativa sobre as materias de competencia ou interese específico da Comunidade Autónoma galega ou sobre a afectación de maneira especial ao ámbito territorial autonómico.
- b) A avaliación económica e orzamentaria, se for preciso.
- c) O informe do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de igualdade cando a materia obxecto de negociación teña repercusións en cuestións de xénero.

2. Cando, a criterio dun órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, for indispensable ou recomendable que España inicie negociacións con outro estado ou outros suxeitos de dereito internacional para asinar un tratado que teña por obxecto materias de competencia ou interese específico da Comunidade Autónoma ou afecte de maneira especial o ámbito territorial autonómico, ou se xulga oportuno que autoridades ou funcionarios da Administración autonómica se incorporen a unha delegación oficial española no exterior co propósito de iniciar ou desenvolver conversas tendentes á negociación dun tratado, procederase do seguinte xeito:

- a) O órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia proponente elaborará unha memoria



xustificativa, así como a correspondente avaliación económica e orzamentaria, se for preciso. Os ditos documentos serán remitidos ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex, que, pola súa vez, procederá á súa valoración e elaborará o seu propio informe á luz do dereito internacional aplicable, así como un documento de prospectiva de condicionantes políticos internacionais que concorran no caso. Ademais, poderá solicitar informes adicionais aos organismos, ás entidades e aos expertos destacados que considere idóneos.

b) Toda a documentación citada, xunto cunha proposta, será remitida polo órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex á persoa titular da consellaría a que estea adscrito, que valorará a súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

c) No caso de elevación da proposta ao Consello da Xunta, se este considera a procedencia de lle solicitar á Administración xeral do Estado que inicie negociacións con outro estado ou outros suxeitos de dereito internacional ou a participación autonómica nas negociacións propiamente ditas para a sinatura dun tratado, a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia cursará a solicitude galega á persoa titular do ministerio competente.

d) As persoas representantes de Galicia nas referidas delegacións exteriores españolas negociadoras de tratados trasladarán unha copia das notas e dos informes que elaboren, así como dos documentos a que accedan, ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex, que, pola súa vez, poderá destacar persoal especializado en apoio das persoas representantes autonómicas. En calquera caso, as persoas representantes autonómicas elaborarán uns informes reservados, que se remitirán coa periodicidade que determine o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex. Sempre se manterá a reserva, o sixilo, a confidencialidade ou o segredo que determine a autoridade ou a funcionaria ou o funcionario que presida a delegación española en que se integren as autoridades ou o persoal funcionario da Administración autonómica.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 40. Participación galega por invitación estatal en delegacións españolas no exterior e na negociación de tratados Cando un órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia for invitado por outro da Administración xeral do Estado a participar nunha delegación oficial española que se desprace ao exterior para iniciar ou desenvolver negociacións con outro estado ou outros suxeitos de dereito internacional co obxecto de asinar un tratado, ou para que autoridades ou persoal funcionario da Administración autonómica se incorporen a unha delegación oficial española no exterior co propósito de iniciar ou desenvolver conversas tendentes á negociación dun tratado, procederase do seguinte xeito:

a) O órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que recibise a proposta estatal elaborará unha memoria xustificativa, así como a correspondente avaliación económica e orzamentaria, se for preciso. Os ditos documentos serán remitidos ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex), que, pola súa vez, procederá á súa valoración e elaborará o seu propio informe á luz do dereito internacional aplicable, así como un documento de perspectiva de condicionantes políticos internacionais que concorran no caso. Ademais, poderá solicitar informes adicionais aos organismos, ás entidades e ao persoal experto destacado que considere idóneos.

b) O informe-proposta elevarallo o dito órgano de dirección á persoa titular da consellaría a que estea adscrito.

c) A conselleiro ou o conselleiro antedito valorará a súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia, para que este autorice, de ser o caso, a participación galega solicitada pola Administración xeral do Estado. No caso de que a autorice, precisará os condicionantes e o alcance desa participación, e o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex comunicarllo, ademais, ao ministerio competente en asuntos exteriores.

d) As persoas representantes autonómicas nas delegacións exteriores españolas negociadoras de tratados por instancia da Administración xeral do Estado trasladarán unha copia das notas e actas que elaboren, así como dos documentos a que accedan, ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da



Egaex, que, pola súa vez, poderá destacar persoal especializado en apoio das persoas representantes autonómicas. En calquera caso, as persoas representantes autonómicas elaborarán informes reservados, que se remitirán coa periodicidade que determine o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex. Sempre se manterá a reserva, o sixilo, a confidencialidade ou o segredo que determine a autoridade ou a funcionaria ou o funcionario que presida a delegación española en que se integren as autoridades ou o persoal funcionario autonómico.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 41. Cooperación na execución de tratados

1. A Administración autonómica cooperará coa Administración xeral do Estado na execución dos tratados que ratifiquen o Reino de España ou a Unión Europea en asuntos que atinxan competencias autonómicas.

2. Na hipótese de dúbida sobre o xeito máis atinado de execución daqueles tratados, a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia, logo de se xustificar a súa especial transcendencia para a Comunidade Autónoma por parte do órgano autonómico competente por razón da materia, poderá solicitar un informe ao Consello Consultivo de Galicia, mesmo polo procedemento de urxencia.

3. Se para a execución dun tratado na Comunidade Autónoma de Galicia for necesario realizar modificacións no ordenamento xurídico autonómico, estas realizaranse coa maior brevidade.

4. A Administración autonómica **remitirá** oficialmente ao ministerio competente en asuntos exteriores copias dos proxectos normativos autonómicos preparados para dar execución a un tratado, co tempo preciso para que o dito ministerio poida realizar as observacións que coide oportunas, así como copias dos textos normativos unha vez aprobados estes.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 42. Coordinación co ministerio competente en asuntos exteriores para a execución de tratados

1. A Administración autonómica coordinarase puntualmente co ministerio competente en asuntos exteriores para garantir a máxima seguranza xurídica na execución dos tratados que lle atinxan e para trasladar aos restantes estados ou organizacións internacionais parte deses tratados as garantías pertinentes.

2. Para estes efectos, o órgano autonómico competente para a execución dun tratado solicitará un informe á asesoría xurídica e ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior sobre as suxestións do ministerio competente en asuntos exteriores.

3. Cando se coide necesario por revestir especial transcendencia para a Comunidade Autónoma de Galicia, a persoa titular da Presidencia da Xunta poderá solicitar un ditame ao respecto do Consello Consultivo de Galicia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO III

Acordos internacionais administrativos subscritos polo sector público autonómico

Artigo 43. Acordo internacional administrativo por iniciativa autonómica

1. O órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou a entidade instrumental do sector público autonómico que propoña a subscrición dun acordo internacional administrativo deberá informar, en iniciando os pertinentes contactos exteriores, o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex).

2. Posteriormente, o órgano superior ou a entidade instrumental que propoña a subscrición dun acordo internacional administrativo negociará coa autoridade pública foránea o contido material do acordo, e poderá solicitar o asesoramento do órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex.

3. Unha vez que se consensúe un texto básico, deberá remitirse oficialmente ao órgano de dirección responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex xunto co seu correspondente informe debidamente motivado, e antes do peche das súas deliberacións coa contraparte estranxeira, unha proposta acompañada da seguinte documentación:

- a) Unha copia do tratado que será executado ou concretado polo acordo internacional administrativo proposto.
- b) O borrador final do acordo internacional administrativo proposto.
- c) O informe da asesoría xurídica.
- d) O informe técnico sobre as materias incluídas no acordo, elaborado polos servizos competentes do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou da entidade proponente.
- e) A memoria económica verbo do impacto do acordo sobre os sectores afectados.
- f) A avaliación do custo orzamentario previsto durante o período de vixencia do acordo.
- g) O informe do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de



igualdade cando a materia obxecto de acordo teña repercusións en cuestións de xénero.

4. Após ter examinado a documentación achegada, o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex dará traslado de toda a documentación ao ministerio competente en asuntos exteriores para os efectos do informe previsto na normativa estatal.

5. A sinatura destes acordos será realizada pola persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia ou, por delegación daquela, pola conselleira ou o conselleiro que determine. Así mesmo, a persoa titular da Presidencia poderá delegar a sinatura nos altos cargos autonómicos competentes en materia de acción exterior ou de emigración.

6. O acordo asinado publicárase no *Diario Oficial de Galicia* con indicación da data da súa entrada en vigor e remitirase ao ministerio competente en asuntos exteriores para a súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, de acordo co previsto na normativa estatal.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 44. Acordo internacional administrativo por iniciativa dunha autoridade exterior

1. O órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou a entidade instrumental do sector público autonómico que reciba a proposta exterior de subscripción dun acordo internacional administrativo deberá remitir inmediatamente ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex), e sempre antes do peche dos seus contactos coa contraparte estranxeira, unha proposta acompañada da seguinte documentación:

- a) Unha copia do tratado que será executado ou concretado polo acordo internacional administrativo proposto.
- b) O borrador do acordo internacional administrativo proposto pola autoridade exterior.
- c) O informe da asesoría xurídica.
- d) O informe técnico sobre as materias incluídas no acordo, elaborado polos servizos competentes do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou da entidade interesada.
- e) A memoria económica verbo do impacto do acordo sobre os sectores afectados en Galicia.
- f) A avaliación do custo orzamentario previsto para Galicia durante o período de vixencia do acordo.
- g) O informe do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de igualdade cando a materia obxecto de acordo teña repercusións en cuestións de xénero.

2. Após ter examinado a documentación achegada, o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex dará traslado de toda a documentación ao ministerio competente en asuntos exteriores para os efectos do informe previsto na normativa estatal. Se a contraparte estranxeira non acepta as propostas de modificación engadidas ao texto que se lle traslade, incorporárase á comisión negociadora unha persoa representante do órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex, co fin de adecuar o texto aos requisitos galegos e españois exixibles de acordo co previsto na normativa estatal.

3. A sinatura destes acordos será realizada pola persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia ou, por delegación daquela,



pola conselleira ou o conselleiro que determine. Así mesmo, a persoa titular da Presidencia poderá delegar a sinatura nos altos cargos autonómicos competentes en materia de acción exterior ou de emigración.

4. O acordo asinado publicarase no *Diario Oficial de Galicia* con indicación da data da súa entrada en vigor e remitirase ao ministerio competente en asuntos exteriores para a súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, de acordo co previsto na normativa estatal.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 45. Acordo internacional non normativo por iniciativa autonómica

1. O órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou a entidade instrumental do sector público autonómico que propoña a subscrición dun acordo internacional non normativo intentará adecuarse ao modelo de memorando de entendemento que lle proporcione o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex). En todo caso, deberá informar, en iniciando os seus contactos coa correspondente autoridade exterior, o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex, e poderá solicitar o seu asesoramento.

2. Posteriormente, o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou a entidade que propoña a subscrición dun acordo internacional non normativo negociará coa autoridade foránea o contido material do acordo.

3. Unha vez que se consensúe un texto, este deberase remitir oficialmente ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex, e antes do peche dos seus contactos coa contraparte estranxeira, unha proposta acompañada da seguinte documentación:

a) O borrador do acordo internacional non normativo proposto, axeitado o máis posible ao modelo de memorando de entendemento que se lle facilitase.

b) O informe da asesoría xurídica.

c) A memoria económica verbo do impacto do acordo sobre os sectores afectados.

d) A avaliación do custo orzamentario previsto durante o período de vixencia do acordo.

e) O informe do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de igualdade cando a materia obxecto de acordo teña repercusións en cuestións de xénero.

4. Após ter examinado a documentación achegada, o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex dará traslado de toda a documentación ao ministerio competente en asuntos exteriores para os efectos do informe previsto na normativa estatal.

5. A sinatura destes acordos será realizada pola persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia ou, por delegación daquela,



pola conselleira ou o conselleiro que determine. Así mesmo, a persoa titular da Presidencia poderá delegar a sinatura nos altos cargos autonómicos competentes en materia de acción exterior ou de emigración.

6. Unha copia do acordo asinado remitirase ao ministerio competente en asuntos exteriores para a súa inscrición no rexistro previsto na normativa estatal.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 46. Acordo internacional non normativo por iniciativa dunha autoridade exterior

1. O órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou a entidade instrumental do sector público autonómico que reciba a proposta exterior de subscrición dun acordo internacional non normativo deberá remitir inmediatamente ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex), e sempre antes do peche dos seus contactos coa contraparte estranxeira, unha proposta acompañada da seguinte documentación:

- a) O borrador do acordo internacional non normativo proposto pola autoridade exterior.
- b) O informe da asesoría xurídica.
- c) A memoria económica verbo do impacto do acordo sobre os sectores afectados en Galicia.
- d) A avaliación do custo orzamentario previsto para Galicia durante o período de vixencia do acordo.
- e) O informe do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de igualdade cando a materia obxecto de acordo teña repercusións en cuestións de xénero.

2. O órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou a entidade autonómica que reciba a proposta exterior de subscrición dun acordo internacional non normativo intentará, durante o proceso negociador coa autoridade exterior, que o documento que haxa que asinar se acomode o máis posible ao modelo de memorando de entendemento que lle facilite o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex.

3. Após ter examinado a documentación achegada, o órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex dará traslado de toda a documentación ao ministerio competente en asuntos exteriores para os efectos do informe previsto na normativa estatal. Se a contraparte estranxeira non acepta as propostas de modificación engadidas ao texto que se lle traslade, incorporárase á comisión negociadora unha persoa representante do órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex, co fin de adecuar o texto aos requisitos galegos e españois exixibles.



4. A sinatura destes acordos será realizada pola persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia ou, por delegación daquela, pola conselleira ou o conselleiro que determine. Así mesmo, a persoa titular da Presidencia poderá delegar a sinatura nos altos cargos autonómicos competentes en materia de acción exterior ou de emigración.

5. Unha copia do acordo asinado remitirase ao ministerio competente en asuntos exteriores para a súa inscrición no rexistro previsto na normativa estatal.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 47. Modelos de memorandos de entendemento

1. O órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex) negociará coas autoridades competentes do ministerio competente en asuntos exteriores a adopción de modelos harmonizados de memorandos de entendemento que satisfagan os requirimentos das lexislacións estatal e autonómica e que, deste xeito, permitan axilizar os procedementos internos de coordinación entrambas as dúas administracións, e destas con outras administracións, corporacións ou entidades públicas galegas.

2. As administracións, corporacións ou entidades públicas galegas que promovan a sinatura de acordos internacionais non normativos tentarán adecuar as súas propostas aos devanditos modelos harmonizados. De non ser posible, comunicarán con suficiente antelación esta circunstancia, de forma motivada, e as alternativas que propoñan, ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex. Este estudará cada caso e contrastará co ministerio competente en asuntos exteriores as alternativas que coide máis axeitadas, que haberán ser sempre compatibles co ordenamento xurídico español.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO V

Outros acordos de suxeitos públicos

Artigo 48. Acordos de suxeitos públicos non integrantes do sector público autonómico

Os órganos, organismos e entes das administracións locais galegas, as universidades públicas galegas e outros suxeitos de dereito público galegos distintos dos integrantes do sector público autonómico poderán subscribir acordos internacionais administrativos e non normativos nos termos previstos na normativa estatal e nesta lei. Estes acordos deberán ser compatibles coa Estratexia galega de acción exterior.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 49. Procedemento para a realización de acordos por suxeitos públicos non integrantes do sector público autonómico

1. Para a mellor coordinación co ministerio competente en asuntos exteriores, os acordos previstos no artigo precedente remitiranse a aquel por medio do órgano de dirección da Administración autonómica responsable da Estratexia galega de acción exterior (Egaex). Previamente, a entidade correspondente poderá solicitar asesoramento a ese órgano de dirección sobre o contido dos acordos. En todo caso, a ulterior remisión a aquel ministerio precisará que se xunte a seguinte documentación coa suficiente antelación á sinatura de calquera acordo con representantes de entidades públicas do exterior:

- a) O borrador do texto.
- b) O informe do órgano que exerza na entidade as funcións de asesoramento xurídico.
- c) O informe do órgano que exerza na entidade as funcións de fiscalización orzamentaria.

2. Tras examinar esta documentación, o órgano de dirección da Administración autonómica responsable da Egaex remitirá a proposta ao dito ministerio.

3. Se o ministerio competente en asuntos exteriores non pon reparos no prazo previsto na normativa estatal, o órgano de dirección da Administración autonómica responsable da Egaex comunicará esta circunstancia á entidade promotora.

4. Despois de asinar o acordo, e sen prexuízo da publicación oficial que deba darse conforme a normativa estatal, a entidade promotora publicará o acordo na súa páxina web ou portal de transparencia, e daralle traslado ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable da Egaex, que ao tempo llo comunicará ao ministerio competente en asuntos exteriores.

5. Do mesmo xeito, despois de asinar o acordo, o órgano competente da entidade dará traslado dunha copia fidedigna para o seu rexistro ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex.

6. Todos os acordos referidos neste artigo serán asinados, cando menos, nos dous idiomas oficiais de Galicia. De se empregaren outros idiomas, xuntaranse igualmente copias fidedignas deles.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 50. Comunicación e arquivamento dos acordos subscritos polo sector público autonómico

Unha vez subscritos os acordos a que fan referencia os capítulos III e IV deste título, o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou a entidade instrumental do sector público autonómico que se encargase da súa tramitación enviará, nun prazo inferior a dez días naturais, un exemplar orixinal asinado en cada idioma empregado para o seu arquivamento ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO VII

Accións sectoriais no exterior

Artigo 51. Galegas e galegos do exterior

1. A acción exterior en materia de emigración velará especialmente pola salvagarda dos dereitos sociais e económicos de toda a cidadanía galega residente no exterior e dos seus descendentes, así como das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia. Fomentará, así mesmo, o mantemento dos seus vínculos lingüísticos e culturais.

2. Así mesmo, promoverá o traballo conxunto coas comunidades ou colectividades galegas no exterior, na proxección internacional de Galicia.

NON TEN EMENDAS

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº26, de Adición.

Engadir un novo Artigo 51 bis, co seguinte texto:

"Artigo 51 *bis*

A acción exterior galega promoverá o traballo conxunto coa diáspora tradicional e as súas formas actuais para proxectar a imaxe internacional de Galicia."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 52. Acción exterior en materia de retorno

A acción exterior en materia de retorno estará orientada a facilitar o regreso a Galicia das persoas galegas residentes no exterior e das súas familias, levando a cabo políticas de información, orientación e seguimento en todo o proceso, para conseguir unha plena integración na sociedade galega.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 53. Desprazamento ao exterior de equipos de protección civil ou emerxencias financiados con recursos públicos galegos

1. Cando se requira ou ofreza axuda internacional que atinxa equipos de protección civil ou emerxencias financiados con recursos públicos galegos, comunicarase inmediatamente ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior, que ao tempo llo trasladará ao ministerio competente en asuntos exteriores, para os efectos do seu coñecemento e de posibilitar a coordinación polas autoridades diplomáticas e consulares españolas sobre o terreo, en concordancia coas autoridades locais e cos responsables da Unión Europea e das axencias internacionais sobre o terreo.

2. Calquera incidencia de saúde que padeza este persoal galego con motivo do seu desprazamento ao exterior será cuberta ao seu regreso a Galicia polo Servizo Galego de Saúde.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 54. Formación do persoal empregado público en materias de interese europeo e internacional

1. A Escola Galega de Administración Pública (EGAP) dará audiencia ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo cumprimento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex), para prever as necesidades formativas do persoal empregado público a quen se poida dirixir a actividade formativa da EGAP no que atinxa o desenvolvemento e a aplicación desta lei e mais a execución da Egaex. A dita audiencia poderase artellar a través dunha comisión mixta de seguimento de composición paritaria.

2. Sen prexuízo do anterior, promoverase a cooperación coas universidades galegas e con outros centros universitarios e especializados, preferentemente de titularidade pública, tanto españois coma europeos ou de terceiros estados non-membros da Unión Europea.

3. Correspóndelle á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, logo da audiencia ao órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo cumprimento e a execución da Egaex, prever as necesidades formativas do persoal do Sistema público de saúde de Galicia en materias relacionadas co desenvolvemento e a aplicación desta lei e mais coa execución da Egaex

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº27, ao apartado 3 bis), de Adición.

Engadir un novo apartado 3 bis), co seguinte texto:
"3 *bis*. O departamento con competencias en materia de acción exterior colaborará coas universidades e coas entidades de estudos internacionais galegas na implementación de estudos de posgrao de relacións exteriores e paradiplomacia. Así mesmo, desenvolverá accións de formación dirixidas aos sectores con maior proxección exterior e de maneira singular aos axentes do Consello de Acción Exterior."

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO II

Acción exterior no eido de facenda

Artigo 55. Consideración do contorno europeo e internacional na planificación económica

O órgano de dirección da Administración autonómica que teña encomendada a responsabilidade de efectuar a planificación económica poderá reclamar a cooperación do órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior e mais da Fundación Galicia Europa no ámbito da información, dos estudos e da lexislación, de órbita comunitaria ou internacional.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 56. Negociación, programación e xestión dos fondos da Unión Europea a prol de Galicia

O órgano de dirección da Administración autonómica responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior e mais os órganos de dirección autonómicos responsables de efectuaren a planificación económica galega e a xestión dos fondos da Unión Europea manterán a máis estreita cooperación e coordinación co obxectivo de atinxir o mellor resultado posible na fase negociadora dos marcos financeiros plurianuais, dos programas operativos de interese para Galicia e da normativa europea de implementación deses recursos.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO III

Acción exterior ambiental e cambio climático

Artigo 57. Cooperación ambiental exterior

1. Na realización de avaliacións ambientais estratéxicas sometidas á Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, as autoridades ambientais galegas realizarán as pertinentes consultas transfronteirizas, mesmo no caso de dúbida razoable da súa obrigatoriedade, coas autoridades portuguesas por medio das canles establecidas no ordenamento xurídico.

2. Nesta materia observarase o establecido no Protocolo de actuación entre o Goberno de España e o Goberno da República Portuguesa de aplicación nas avaliacións ambientais de plans, programas e proxectos con efectos transfronteirizos, feito en Madrid o 19 de febreiro de 2008.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 57 bis. Participación activa

A acción exterior de Galicia no eido ambiental e do cambio climático buscará que as institucións e o conxunto da sociedade galega participen activamente na primeira liña das accións internacionais contra o cambio climático e de preservación dos ecosistemas planetarios, tendo en conta a interdependencia dos ecosistemas globais e as repercusións negativas do cambio climático.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 58. Comercio no mercado interior

1. Para mellorar o aproveitamento das vantaxes do mercado interior europeo, o sector público autonómico tomará en consideración as mellores prácticas avaladas pola dirección xeral competente da Comisión Europea.

2. A Administración autonómica favorecerá a prestación de servizos transfronteirizos dos operadores galegos dentro do mercado interior europeo, mediante os correspondentes estudos de mercado, para aproveitar as vantaxes competitivas daqueles.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 59. Comercio exterior

1. A Administración autonómica promoverá a diversificación internacional do comercio exterior desenvolvido polas empresas radicadas en Galicia.

2. Cando a Administración autonómica observe unha excesiva concentración de riscos sistémicos, convocará as cámaras de comercio galegas e as asociacións sectoriais concernidas para elaborar uns plans de continxencia que inclúan a pescuda de novos mercados.

3. A Administración autonómica realizará anualmente unha convocatoria ás cámaras de comercio galegas e ás asociacións sectoriais coa finalidade de revisar a prioridade de mercados obxectivo e a fixación de novos mercados obxectivo a medio prazo.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 60. Captación de investimentos produtivos

1. Durante o primeiro trimestre de cada ano natural logo da entrada en vigor desta lei, a Administración autonómica examinará o estudo *Doing business* do Banco Mundial, para os efectos de avaliar a posta en marcha das medidas precisas, dentro das competencias autonómicas, para mellorar a atracción de capital foráneo dedicado a investimentos produtivos. Asemade, na elaboración destas medidas tomaranse en consideración outros informes oficiais da Comisión Europea e de organizacións internacionais en que España sexa estado membro.

2. Cando os atrancos ou atrasos aos investimentos de capital foráneo procedan doutras administracións galegas, a Xunta de Galicia promoverá as modificacións indispensables para situar Galicia no chanzo superior das administracións máis eficientes en tempo e custos do contorno da Unión Europea.

3. Os investimentos produtivos de capital foráneo beneficiaranse das medidas previstas na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, de acordo co disposto nela.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº28, ao apartado 2, de Supresión.

Suprimir o apartado 2.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº29, ao apartado 3, de Supresión.

Suprimir o apartado 3.



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 60 bis). Colaboración coa Rede de Oficinas Comerciais das Embaixadas de España no Exterior

Para as finalidades previstas nos artigos 59 e 60, a Administración autonómica promoverá mecanismos e procedementos de colaboración estables coa rede de oficinas comerciais das Embaixadas de España no exterior.

NON TEN EMENDAS

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº12, de Adición.

Débese engadir un novo artigo 60 ter, que terá o seguinte contido:

"Artigo 60 ter

O organismo ou departamento autonómico encargado de promover a captación de investimento estranxeiro e a promoción do comercio exterior de Galicia elaborará anualmente un informe que comprenda as súas accións para a consecución deses obxectivos, así como os resultados desas accións, que será presentado ao Parlamento anualmente xunto co informe previsto no artigo 14.2."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 61. Atracción de inmigrantes de países prioritarios

1. A Administración autonómica desenvolverá iniciativas para estimular o asentamento no territorio galego de nacionais dos estados e territorios previstos na Estratexia galega de acción exterior.

2. As iniciativas anteditas deberán acomodarse en calquera caso ás directrices das autoridades españolas e da Unión Europea, sen prexuízo de que as autoridades galegas realicen as xestións precisas para trasladar aos ministerios competentes as necesidades estruturais galegas neste eido.

3. Priorizarase o asentamento dos inmigrantes referidos neste artigo nos concellos e as bisbarras que precisen dun maior dinamismo poboacional.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 62. Polo de excelencia cara ao exterior

1. A Administración autonómica promoverá Galicia como polo de excelencia científica e tecnolóxica, tanto no coñecemento e na investigación coma na innovación e na capacidade innovadora da súa economía.

2. A Administración autonómica potenciará, no marco das súas competencias, as relacións de colaboración cos organismos e as organizacións internacionais no ámbito da investigación e da innovación. A este respecto, o marco institucional da Unión Europea será o ámbito prioritario.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº14, ao apartado 1, de Supresión.

Débese suprimir o punto 1 deste artigo.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 63. Colaboración cara ao exterior

1. A Administración autonómica promoverá a participación de persoas físicas, organismos públicos e privados, entidades e empresas do Sistema galego de investigación e innovación en proxectos e programas de I+D+I internacionais, especialmente os promovidos pola Unión Europea.

2. A Administración autonómica impulsará a participación das administracións, dos organismos públicos e privados, das entidades e das empresas do Sistema galego de investigación e innovación nas redes interrexionais, paneuropeas e internacionais de coñecemento e de colaboración no ámbito da I+D+I. Así mesmo, promoverá a visibilidade e o posicionamento dos axentes galegos tanto na Unión Europea coma internacionalmente.

3. A Administración autonómica promoverá a mobilidade internacional do persoal investigador e a presenza en institucións internacionais vinculadas á I+D+I, así como a atracción do talento investigador e innovador.

4. No marco das súas competencias, a Administración autonómica participará na subscrición de tratados internacionais e subscribirá outros acordos internacionais que contribúan aos obxectivos das súas políticas de I+D+I.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 64. Estratexia de especialización intelixente

No marco da Estratexia de especialización intelixente, o sector público autonómico levará a cabo as actividades oportunas para o seu adecuado desenvolvemento no ámbito interrexional e paneuropeo, de acordo coas necesidades de colaboración reforzada que implica a nivel exterior e tendo en conta as oportunidades de complementariedade e de sinerxía. En especial, o sector público autonómico impulsará a integración nas redes, os mecanismos e os instrumentos postos en marcha tanto no ámbito da Unión Europea coma noutros ámbitos internacionais, que permitan desenvolver marcos de colaboración ampliada e que estean ligados ás propias estratexias de innovación europeas ou aos instrumentos desenvolvidos no seu ámbito.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO V

Acción exterior no eido do ensino e da universidade

Artigo 65. Obxectivos europeos de calidade

1. O ensino galego ten como obxectivo propio acadar os indicadores de calidade establecidos pola Unión Europea e acadados polos estados máis avanzados neste eido.
2. A Administración educativa galega fomentará os intercambios europeos de profesionais do ensino e de estudantes, cunha orientación cara á mellora dos resultados sinalados como clave pola Unión Europea.
3. A Administración autonómica convidará os profesionais do ensino a propoñer as melloras prácticas que rendan resultados positivos no contorno da Unión Europea para o seu ensaio mediante proxectos piloto.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 66. Internacionalización do Sistema universitario galego

1. A Xunta de Galicia primará no financiamento universitario a medra na internacionalización das universidades públicas do Sistema universitario galego consonte os indicadores recomendados pola Unión Europea.

2. En conformidade co previsto na alínea precedente, estimularase preferentemente a atracción de alumnado de países da lusofonía e dos países que se indiquen como prioritarios na Estratexia galega de acción exterior.

3. A Administración autonómica impulsará a coordinación da promoción exterior das universidades galegas e estimulará a máis estreita cooperación entre elas, buscando a colaboración coas restantes da Eurorrexión, en especial cando se dirixan a países da lusofonía.

4. A Xunta de Galicia deseñará unha política pública de seu, orientada a favorecer o establecemento e o emprendemento en Galicia dos titulados foráneos nas universidades galegas.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISI3N:

CAPÍTULO VI Voluntariado social no exterior

Artigo 67. Pulo do voluntariado social galego
A Administración autonómica participará, no marco das súas competencias, nos programas de voluntariado social promovidos polas autoridades da Unión Europea, con preferencia naqueles aos cales se sumen autoridades portuguesas e doutros países determinados como prioritarios na Estratexia galega de acción exterior.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISI3N:

Artigo 68 . Cultura galega no exterior

A acci3n exterior na materia de cultura ter3 como obxectivo a defensa, a promoci3n e a difusi3n dos valores culturais do pobo galego, a visibilizaci3n no exterior do noso tecido cultural, a promoci3n do consumo de bens, servizos e produtos culturais galegos f3ra das fronteiras espa3olas e mais o fomento dos intercambios culturais que faciliten o co3ecemento do patrimonio cultural de Galicia nas s3as diversas manifestaci3ns, no marco das competencias establecidas pola Constituci3n espa3ola e polo Estatuto de autonom3a de Galicia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº30, de Adición.

Engadir un novo Artigo 68 bis, co seguinte texto:

"Artigo 68 *bis*

Para conseguir os obxectivos de promoción e proxección da cultura galega no exterior, crearase o Instituto Rosalía de Castro, de promoción internacional da lingua e a cultura galegas."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 69. Lingua galega no exterior

1. A acción exterior na materia da lingua galega promoverá o ensino da lingua e da literatura, así como as actividades relacionadas coa súa investigación e divulgación, como manifestación dunha cultura diferenciada e como expresión social do pobo galego. Do mesmo xeito, impulsará o apoio institucional da utilización e a promoción do galego nas comunidades de fóra de Galicia en que ten uso e pervivencia.

2. Co fin de poñer en valor a utilidade internacional da lingua galega, a Administración autonómica:

a) Apoiará a distribución e o consumo de bens, servizos e produtos en lingua galega nos países do ámbito lusófono co obxecto de asociala a unha imaxe de dinamismo económico e comercial.

b) Impulsará a colaboración coa Administración xeral do Estado para levar a cabo, a través da rede de centros do Instituto Cervantes, actividades conxuntas de promoción e difusión da lingua galega.

c) Promoverá o uso da lingua galega nas institucións internacionais e procurará o seu pleno recoñecemento nos ámbitos en que conte con representación oficial, así como a tradución de textos galegos para o inglés e outras linguas, e viceversa.

2 bis) O Goberno galego desenvolverá unha estratexia de intervención de Galicia a favor da diversidade lingüística e cultural, sumándose ás iniciativas internacionais neste ámbito, nomeadamente ás promovidas no marco da UNESCO en coordinación co goberno do Estado e coas accións promovidas desde o ministerio competente en materia de asuntos exteriores, unión europea e cooperación.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 70 . Turismo foráneo

A acción exterior en materia de turismo orientarase á promoción da imaxe marca-país de Galicia como destino turístico, con especial atención á posta en valor dos camiños de Santiago, así como á planificación, ao desenvolvemento, á execución e ao seguimento de actividades de carácter promocional do sector turístico galego, sen prexuízo das competencias da Administración xeral do Estado e en colaboración coa Organización Mundial do Turismo.

A Administración galega utilizará os Camiños de Santiago como camiños de volta, co obxecto de promover no exterior os valores, a identidade e a imaxe de Galicia.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 70 bis). **Proxección da imaxe internacional de Galicia**

A acción exterior galega promocionará as liñas de traballo conxunta cos axentes turísticos, culturais e lingüísticos galegos, tanto públicos coma privados, con actividade internacional regular, para proxectar a imaxe internacional de Galicia.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 71. Promoción de servizos sanitarios cara ao exterior
A Administración autonómica deseñará unha iniciativa de seu para atraer demanda de servizos sanitarios de alto valor engadido para a súa prestación en Galicia, semellantes aos desenvolvidos por outros países da Unión Europea, aproveitando as vantaxes competitivas e de cualificacións dos nosos profesionais, coa finalidade de xerar en Galicia máis postos de traballo de alto nivel.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO IX Acción exterior marítima

Artigo 72. Defensa dos intereses do sector do mar no eido exterior

1. A Administración autonómica promoverá unha política activa de acordos da Unión Europea con terceiros estados non-membros para manter a autonomía europea no aprovisionamento de alimentos e produtos do mar.

2. A Administración autonómica poderá estimular a concertación privada de acordos entre axentes galegos do sector do mar e autoridades de terceiros estados non-membros da Unión Europea para garantir o acceso a augas deses estados, sempre consonte a normativa europea e española na materia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº33, de Adición.

No TÍTULO VII engadir un novo CAPÍTULO IX bis). Acción exterior a través do deporte, cun novo Artigo 72 bis), co seguinte texto:

"Artigo 72 bis. Participación en competicións deportivas internacionais

A Administración autonómica fomentará a proxección exterior de Galicia mediante a participación das seleccións deportivas galegas en competicións internacionais e a representación das federacións deportivas galegas nos organismos deportivos internacionais de forma directa.

Así mesmo, no marco da Estratexia galega de acción exterior, desenvolverase un programa para a participación de deportistas galegas de elite na promoción de Galicia e dos valores aliñados coa marca país."

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO VIII

Cooperación para o desenvolvemento

Artigo 73. A política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento

1. A política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento inclúe o conxunto de iniciativas, actuacións e recursos que a sociedade galega, a través do sector público autonómico, pon ao servizo das persoas, as comunidades, as entidades e as institucións públicas en países empobrecidos e en vías de desenvolvemento, contribuindo ao logro da Axenda global de desenvolvemento humano sustentable, co fin de erradicar a pobreza nas súas múltiples dimensións, reducir as desigualdades, promover a realización efectiva dos dereitos humanos, favorecer modelos de produción e consumo sustentables, loitar contra o cambio climático e promover unhas relacións internacionais baseadas na paz e na xustiza.

2. As actuacións en materia de cooperación para o desenvolvemento, en canto expresión do compromiso solidario da sociedade galega coa xustiza global, orientaranse á promoción de cambios positivos, sustentables e a longo prazo nas condicións de vida das persoas para a realización do dereito ao desenvolvemento humano sustentable dos países e os pobos con que cooperan o sector público autonómico e os axentes de cooperación, e contribuirán á construción dunha cidadanía global concienciada e comprometida que apoia e participa nas políticas e actuacións de solidariedade e xustiza social no ámbito local e global.

3. As actuacións e os recursos que o sector público autonómico destine á cooperación para o desenvolvemento no exercicio das súas competencias contribuirán ao cumprimento da Axenda global de desenvolvemento humano sustentable das Nacións Unidas e dos seus organismos especializados, e do establecido na lexislación e a planificación estatais nesta materia.

4. Os recursos destinados á cooperación para o desenvolvemento polo sector público autonómico terán a consideración de axuda oficial ao desenvolvemento cando satisfagan os criterios establecidos no marco internacional de referencia na materia. Ao tempo, tamén poderán incluír outros recursos públicos destinados a países empobrecidos ou en vías de desenvolvemento e á cooperación multilateral definida



no artigo 79.1.b) no contexto da definición internacional do apoio oficial total ao desenvolvemento sustentable.

5. A denominación Cooperación Galega inclúe o conxunto de iniciativas e actuacións en materia de cooperación para o desenvolvemento promovidas, ben directamente polo sector público autonómico, ben a través dos outros axentes de cooperación para o desenvolvemento, que son financiadas con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas iniciativas e actuacións serán identificadas cos logotipos oficiais da Xunta de Galicia e da Cooperación Galega que estableza o órgano de dirección da Administración autonómica competente nesta materia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 74. Ámbito de aplicación

1. Este título aplicarase a todas as iniciativas, actuacións e recursos en materia de cooperación para o desenvolvemento humano sustentable e a solidariedade internacional do sector público autonómico.

2. Os principios, os obxectivos, os criterios e as prioridades deste título rexerán, así mesmo, a actividade das administracións locais galegas e das entidades delas dependentes en materia de cooperación para o desenvolvemento, sen prexuízo da súa autonomía no exercicio das súas competencias.

3. As prioridades fixadas polo Plan director da cooperación galega vixente nesta materia inspirarán igualmente as actuacións de cooperación para o desenvolvemento e a solidariedade internacional das administracións locais galegas, que tenderán a buscar a coordinación e a complementariedade entre os axentes de cooperación e achegar un valor engadido e diferenciado.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 75. Principios da política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento

Son principios orientadores da política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento:

a) A centralidade do ser humano como protagonista e destinatario de toda actuación de cooperación para o desenvolvemento, no marco do recoñecemento da súa liberdade e dignidade e da realización efectiva dos dereitos humanos, individuais e colectivos.

b) O desenvolvemento humano sustentable como un proceso multidimensional nos ámbitos social, económico e ambiental, e como responsabilidade compartida da sociedade e das administracións públicas galegas e dos países e os pobos con que se asocia a Cooperación Galega, **con especial consideración da loita contra o cambio climático e os seus efectos.**

c) O respecto e a promoción da apropiación democrática do proceso de desenvolvemento para que os gobernos e as sociedades civís dos países e os pobos con que se asocia a Cooperación Galega exerzan un liderado, autoridade e responsabilidade efectiva, tanto sobre as súas políticas e estratexias de desenvolvemento coma sobre os seus modelos propios de desenvolvemento social, cultural, económico, político e ambiental.

d) O aliñamento coas políticas públicas e estratexias de desenvolvemento humano sustentable dos países e os pobos con que se asocia a Cooperación Galega cando fosen o resultado dun proceso democrático de diálogo, concertación e participación da súa sociedade civil organizada e non atenten contra os dereitos humanos, o ambiente, a xustiza social e os compromisos adquiridos en convenios internacionais.

e) A gratuidade, de tal xeito que as actuacións de cooperación internacional para o desenvolvemento respondan ao principio de solidariedade desinteresada e non poderán estar orientadas, nin directa nin indirectamente, á recepción de contraprestacións ou á obtención de beneficios materiais, de calquera natureza, polos axentes doadores.

f) O exercicio pleno e integral dos dereitos da infancia e a igualdade de xénero, o apoderamento e o exercicio pleno e efectivo dos dereitos das mulleres, desenvolvendo actuacións positivas e considerando nas actuacións as diferentes situacións, condicións e necesidades de homes e mulleres, a todos os niveis e nas distintas fases de planificación, execución e avaliación.



- g) A xustiza, a liberdade e a igualdade nas relacións entre as persoas, as comunidades, os pobos e os países, así como a prevención e resolución pacífica dos conflitos, fortalecendo a convivencia e a paz.
- h) A non-discriminación por razóns de sexo, raza, cultura, ideoloxía ou relixión das persoas ou comunidades coas cales se coopera, e o respecto á súa identidade, lingua e cultura propias.
- i) O benestar, a cohesión e a xustiza sociais para un desenvolvemento económico inclusivo baseado nunhas relacións comerciais xustas e na redistribución equitativa da riqueza e a prosperidade compartida por toda a sociedade.
- j) O respecto da independencia das organizacións non gobernamentais e dos demais axentes de cooperación na execución de actuacións en materia de cooperación para o desenvolvemento e a educación para a cidadanía global, así como da neutralidade e imparcialidade da acción humanitaria.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 76. Obxectivos da política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento

Son obxectivos da política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento:

- a) Contribuír á erradicación da fame, da pobreza e da desigualdade, en todas as súas formas e dimensións, para que todos os seres humanos poidan realizar o seu potencial con dignidade e liberdade, cunha atención específica ás necesidades e demandas das persoas e os colectivos máis vulnerables.
- b) Promover a sustentabilidade da vida protexendo o planeta contra a degradación, fomentando o consumo, a produción e a xestión sustentables dos recursos naturais, os principios e valores do comercio xusto e a economía social no marco dunhas relacións comerciais máis xustas, e promovendo a conservación da biodiversidade e a loita contra o cambio climático, de xeito que se poidan satisfacer as necesidades das xeracións presentes e futuras.
- c) Fomentar que todos os seres humanos poidan ampliar as súas opcións e capacidades para gozar dunha vida digna, próspera e plena e que o desenvolvemento económico, social e tecnolóxico se produza con criterios de xustiza social.
- d) Fortalecer a capacidade das persoas, comunidades, organizacións e institucións para anticiparse e prever riscos, ameazas, acontecementos adversos ou desastres, sendo quen de recuperarse, adaptarse e prosperar despois da crise económica, política, social ou ambiental.
- e) Propiciar sociedades pacíficas, xustas e inclusivas dentro dun marco democrático e de respecto e realización dos dereitos humanos, contribuíndo á superación dos contextos e das situacións de violencia, vulnerabilidade, exclusión e marxinación económica, política, social ou ambiental.
- f) Impulsar a cultura da solidariedade internacional e a conciencia de cidadanía global, dando resposta á demanda da sociedade galega de participar activamente na realización dos valores de solidariedade e dos deberes de xustiza global.
- g) Mobilizar na sociedade galega e nas administracións públicas galegas os medios e os recursos necesarios para contribuír ao logro da Axenda global de desenvolvemento humano sustentable, mediante a alianza e asociación cos axentes de cooperación e o fortalecemento da súa capacidade.
- h) Fortalecer o compromiso das empresas galegas cos principios do desenvolvemento humano sustentable e co cumprimento dos convenios internacionais de dereitos

humanos, ambiente e dereitos laborais en coherencia coa Axenda global de desenvolvemento humano sustentable.

h bis) Colaborar na creación dunha alianza internacional a favor da acollida de persoas migrantes e exiliadas.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº34, ao apartado h) bis), de Adición.

Engadir un novo apartado h) bis) co seguinte texto:
"h *bis*) Contribuír á construción dun mundo baseado nas relacións en pé de igualdade entre os países, no respecto á soberanía nacional e no respecto ao dereito de autodeterminación recollido no Pacto internacional de dereitos civís e políticos."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº35, ao apartado h) ter), de Adición.

Engadir un novo apartado h) ter), co seguinte texto:
"h *ter*) Traballar con organismos internacionais que denuncian e combaten a utilización dos obxectivos de desenvolvemento sustentable como arma de propaganda e de lexitimación de países e empresas responsables das guerras, das desigualdades, da opresión e do espolio dos pobos e das persoas."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 77. Criterios da política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento

Son criterios que regulan a execución das actuacións no ámbito da política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento:

- a) A eficacia e sustentabilidade para garantir a consecución de cambios positivos, sustentables e a longo prazo nas persoas e as comunidades, así como a consolidación futura dos resultados de desenvolvemento acadados.
- b) A especialización nos ámbitos e sectores de actuación en que a Cooperación Galega conta con vantaxes comparativas.
- c) A concentración de recursos nas prioridades definidas polo Plan director da cooperación galega co fin de garantir unha maior eficacia e calidade da axuda e do desenvolvemento.
- d) A eficiencia, responsabilidade e transparencia na xestión dos recursos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, establecendo uns criterios de avaliación e indicadores que fagan posible a medición do impacto e do logro de resultados para a rendición de contas á sociedade.
- e) A previsibilidade e a solvencia da Cooperación Galega para a dotación e o desembolso pleno e efectivo dos recursos financeiros comprometidos.
- f) A coherencia de políticas para o desenvolvemento humano sustentable realizadas polas administracións públicas, transversalizando os obxectivos da Axenda global de desenvolvemento humano sustentable e dos seus organismos especializados no conxunto das políticas do sector público autonómico e das administracións locais galegas, no ámbito das súas respectivas competencias.
- g) A participación das persoas e as comunidades nos países e os pobos con que se coopera e na Comunidade Autónoma de Galicia en todas as fases do ciclo do proxecto de cooperación, así como a participación dos axentes de cooperación na planificación, o seguimento e a avaliación desta política pública.
- h) A subsidiariedade na implementación das estratexias multinivel, adoptadas tanto na Axenda global de desenvolvemento humano sustentable coma nas políticas de cooperación da Unión Europea e do Estado, ao nivel máis próximo posible á cidadanía da Comunidade Autónoma de Galicia e ás persoas e aos colectivos destinatarios das actuacións, cando resulte acorde con tales estratexias.
- i) A complementariedade entre as administracións públicas galegas a través do fomento da participación, da coordinación,



da colaboración e da concertación mutuas, así como coa sociedade civil e outras administracións públicas, institucións, axencias e organizacións internacionais de cooperación, cunha atención específica á promoción de alianzas e relacións estables de traballo cos axentes portugueses de cooperación.

j) A harmonización e a responsabilidade mutua no marco da xestión por resultados de desenvolvemento e do respecto do principio de asociación, atendendo ás prioridades, aos procedementos, ás capacidades e á natureza diferenciada dos socios de desenvolvemento da Cooperación Galega como administracións públicas, gobernos subestatais ou organizacións da sociedade civil, entre outros.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 78. Planificación da Cooperación Galega

1. A política pública autonómica en materia de cooperación para o desenvolvemento articularase a través do Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento, cunha duración de catro anos.

2. O Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento fundamentarase nos principios, os obxectivos, os criterios e as prioridades deste título. O órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento basearase para a súa formulación na avaliación participativa do plan director precedente, e habilitará os espazos e mecanismos de consulta oportunos promovendo a participación plural, activa e inclusiva dos axentes de cooperación.

3. O Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento fixará o marco estratéxico da cooperación para o desenvolvemento nos seus resultados esperados, as prioridades xeográficas e sectoriais, as modalidades, os instrumentos, os procesos de avaliación e os recursos orzamentarios, que orientarán esta política pública durante o seu período de vixencia.

4. O órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento elaborará un Proxecto de plan de acción anual, que se someterá á aprobación do Consello da Xunta de Galicia. No dito plan fixarase a programación operativa da Cooperación Galega con base nos resultados, as prioridades xeográficas e sectoriais, as modalidades e instrumentos, os procesos de avaliación e os recursos orzamentarios previstos no Plan director vixente.

5. O órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento poderá promover a elaboración participativa de estratexias específicas nas prioridades establecidas nesta lei e no Plan director vixente, complementarias das estratexias e dos plans sectoriais da Administración xeral do Estado na materia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 79. Modalidades da Cooperación Galega

1. As actuacións da Cooperación Galega poderanse xestionar de forma bilateral ou multilateral:

a) A cooperación bilateral consiste nas actuacións de cooperación promovidas polo sector público autonómico, ben directamente con institucións públicas ou outras entidades dos países e os pobos con que se coopera, ben indirectamente a través dos axentes de cooperación recoñecidos nesta lei.

b) A cooperación multilateral consiste na participación do sector público autonómico, dentro das súas competencias, en actuacións de cooperación promovidas por organizacións multilaterais de desenvolvemento, axencias das Nacións Unidas e os seus comités estatais, fondos globais non financeiros de desenvolvemento e a Unión Europea, que teñan por finalidade os obxectivos definidos por esta lei e os resultados e as prioridades establecidos no Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento vixente.

2. Segundo a súa natureza, as actuacións da Cooperación Galega poderanse levar a cabo a través das seguintes modalidades:

a) Cooperación en especie: inclúe a transferencia directa de bens e servizos aos países e os pobos con que se coopera, así como a valorización dos servizos prestados polo sector público autonómico ás persoas e os colectivos destinatarios das actuacións de cooperación para o desenvolvemento.

b) Cooperación técnica: comprende o conxunto de actuacións centradas no intercambio de coñecementos para a xeración e o fortalecemento das capacidades institucionais e dos recursos humanos dos países e os pobos con que se coopera a través da formación, da capacitación e da axuda técnica.

c) Cooperación económica-financeira: comprende as subvencións e axudas financeiras destinadas a actuacións nos seguintes ámbitos:

1º) Cooperación exterior: abrangue as actuacións que teñan por finalidade facilitar o acceso a bens e servizos básicos nos países e os pobos con que se coopera, o investimento para o aumento do seu capital físico, humano, social e tecnolóxico, e o desenvolvemento sustentable e inclusivo dos seus sectores produtivos, cunha atención específica á economía e ao emprendemento sociais, ao comercio xusto, ao traballo decente, á dotación de estruturas de provisión de microcréditos de carácter solidario e á tecnoloxía para o desenvolvemento humano.

2º) Acción humanitaria e axuda de emerxencia: consiste nas actuacións de asistencia, socorro, protección, rehabilitación e reconstrución en favor das persoas e comunidades afectadas por desastres naturais, guerras ou conflitos armados, así como das poboacións en situación de vulnerabilidade extrema, cun enfoque de dereitos humanos e impulsando a protección das vítimas e a aplicación do dereito internacional humanitario. Tamén inclúe as actuacións de prevención de desastres e de redución e mitigación de riscos cun enfoque de resiliencia, a axuda alimentaria e sanitaria de emerxencia e a asistencia a persoas refuxiadas, desprazadas internas e migrantes forzosas.

3º) Educación para a cidadanía global: comprende as actuacións que promoven na sociedade a conciencia de interdependencia global e a responsabilidade compartida a través dun proceso educativo orientado á transformación social e que fomenta a sensibilización solidaria, a concienciación crítica e a mobilización activa da cidadanía na erradicación da pobreza, a defensa dos dereitos humanos, a promoción da cultura da paz e o compromiso coa xustiza social, e o desenvolvemento humano sustentable a nivel local e global. Dentro da educación para a cidadanía global quedan incluídas as actuacións de sensibilización e formación para a concienciación da sociedade galega, a incidencia política e a mobilización social e mais a investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento.

d) Formación en cooperación para o desenvolvemento: inclúe as iniciativas, as actuacións e os recursos para o reforzamento da capacidade institucional dos axentes de cooperación e para a mellora da capacitación nesta materia dos recursos humanos das administracións públicas galegas, do persoal voluntario e contratado vinculado a actividades de cooperación e mais da cidadanía en xeral.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 80. Prioridades da Cooperación Galega

1. A Cooperación Galega asociarase prioritariamente con aqueles países e pobos en que concorran algunha ou varias das seguintes circunstancias:

- a) Situacións de maior pobreza e desigualdade, en función de indicadores internacionalmente aceptados, como o índice de desenvolvemento humano ou o nivel de ingresos.
- b) Transgresións graves e xeneralizadas dos dereitos humanos.
- c) Conflitos ou situacións de emerxencia humanitaria.
- d) Experiencia e traxectoria estable e consolidada de traballo coa sociedade galega e cos seus axentes de cooperación.
- e) Relacións culturais e históricas coa sociedade galega e cos seus axentes de cooperación, especialmente nos ámbitos lusófono e hispano.
- f) Xeración de maiores fluxos migratorios e de poboación refuxiada.

2. A Cooperación Galega intervirá prioritariamente nos seguintes ámbitos ou sectores:

- a) O exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e os colectivos máis pobres e vulnerables.
- b) A agricultura, pesca e acuicultura sustentables cun enfoque de soberanía alimentaria.
- c) O desenvolvemento rural, local e territorial integrado, inclusivo, solidario e redistributivo para unha prosperidade compartida.
- d) A protección do ambiente e a promoción da xustiza ecolóxica na loita contra o cambio climático e a conservación e recuperación da biodiversidade.
- e) O fortalecemento da sociedade civil, do bo goberno e da gobernabilidade democrática, así como das capacidades humanas e institucionais dos países e os pobos con que se coopera.
- f) A igualdade de xénero e o apoderamento e exercicio pleno e integral de dereitos das mulleres e da infancia.
- g) A protección e o exercicio dos dereitos humanos, a prevención e resolución pacífica dos conflitos e mais a promoción da cultura da paz e das diversidades.
- h) A acción humanitaria e axuda de emerxencia.
- i) A educación para a cidadanía global.
- j) A formación, o fortalecemento e a capacitación dos axentes de cooperación e da cidadanía en xeral.



3. As actuacións da Cooperación Galega atenderán prioritariamente persoas e grupos de poboación en situación de vulnerabilidade ou en risco de marxinación ou exclusión, cunha atención preferente a aqueles colectivos que poden ser obxecto de múltiples discriminacións.

4. As actuacións da Cooperación Galega deberán integrar as seguintes prioridades de xeito transversal: a erradicación da pobreza multidimensional, a igualdade de xénero, a defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático, o enfoque baseado en dereitos humanos, o respecto polas diversidades e a promoción da interculturalidade, a equidade e loita contra as desigualdades, a participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil.

5. O Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento materializará e actualizará, tendo en conta o disposto neste artigo, o conxunto de prioridades a través da participación e o diálogo cos axentes de cooperación e con base nos estudos e as avaliacións dispoñibles.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 81. Xestión do coñecemento, avaliación, transparencia e rendición de contas da Cooperación Galega

1. O órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento promoverá a aprendizaxe colectiva e o fortalecemento da capacidade para a xestión do coñecemento dos axentes de cooperación a través da realización de estudos e investigacións e a habilitación de espazos e mecanismos para o intercambio de coñecementos e boas prácticas no logro de resultados de desenvolvemento.

2. O órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento promoverá a rendición de contas á sociedade galega a través da avaliación do Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento vixente, dos instrumentos de cooperación e das actuacións financiadas con recursos do sector público autonómico. A avaliación rexerese polos criterios básicos de pertinencia, eficacia, eficiencia, impacto e sustentabilidade e mais pola metodoloxía de avaliación da cooperación española e da Unión Europea, integrando o enfoque de xénero e de dereitos humanos. **Os informes resultantes da avaliación dos plans directores da cooperación galega serán presentados anualmente ao Parlamento de Galicia polo órgano competente.**

3. Os órganos e as entidades do sector público autonómico, en cumprimento do marco xurídico en materia de transparencia, bo goberno e participación cidadá da Comunidade Autónoma, garantirán o acceso e a dispoñibilidade de información actualizada sobre os desembolsos de axuda oficial ao desenvolvemento e os impactos e resultados acadados pola política pública de cooperación.

4. Todas as actuacións do sector público autonómico nesta materia serán difundidas e accesibles á cidadanía a través do Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia ou da páxina web específica da Cooperación Galega para o desenvolvemento.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 82. Consello da Xunta de Galicia e conselleira ou conselleiro competente en materia de cooperación para o desenvolvemento

1. O Consello da Xunta de Galicia formulará, dirixirá e avaliará a política pública autonómica en materia de cooperación para o desenvolvemento.

2. Correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia:

a) Aprobar o Proxecto de plan director da cooperación galega para o desenvolvemento, por proposta da conselleira ou do conselleiro competente en materia de cooperación para o desenvolvemento e logo do informe do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, e acordar a súa remisión ao Parlamento de Galicia para a súa aprobación.

b) Aprobar o Plan de acción anual, por proposta da conselleira ou do conselleiro competente e logo do informe do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, e acordar que se informe o Parlamento de Galicia da súa aprobación.

c) Aprobar e acordar a remisión ao Parlamento de Galicia dun informe cuadrienal sobre a avaliación final do Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento, elaborado polo órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 83. Órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento

1. O órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento ten a responsabilidade de promover, organizar e executar a política pública autonómica neste ámbito.

2. Correspóndelle a este órgano:

a) Elaborar o Anteproxecto do plan director da cooperación galega para o desenvolvemento, que será elevado pola conselleira ou o conselleiro competente en materia de cooperación para o desenvolvemento ao Consello da Xunta para a súa aprobación como proxecto.

b) Elaborar o Proxecto de plan de acción anual, que será elevado pola conselleira ou o conselleiro competente en materia de cooperación para o desenvolvemento ao Consello da Xunta para a súa aprobación.

c) Elaborar os informes sobre o grao de execución do Plan director vixente e dos plans de acción anuais que o desenvolven, que serán elevados ao Consello da Xunta pola conselleira ou o conselleiro competente.

d) Remitir anualmente ao Parlamento de Galicia un informe sobre o grao de execución do Plan director vixente e do Plan de acción anual.

3. Son tamén competencias deste órgano:

a) A coordinación das iniciativas e actuacións de cooperación para o desenvolvemento que leven a cabo os diferentes órganos e entidades do sector público autonómico. Estas actuacións deberán estar guiadas polo principio de coherencia e axustarse ás prioridades e aos resultados previstos no Plan director vixente e nos plans de acción anual.

b) A coordinación co sector público estatal e, en particular, cos órganos e as entidades competentes en materia de xestión da cooperación para o desenvolvemento.

c) A harmonización horizontal das actuacións autonómicas coas das restantes administracións autonómicas que conforman a cooperación descentralizada do Estado.

d) A coordinación coas entidades locais galegas que realizan, no ámbito das súas competencias, actuacións de cooperación para o desenvolvemento.

e) O seguimento, a inspección e a avaliación das actuacións financiadas integramente con fondos do sector público



autonómico ou cofinanciadas xunto con fondos doutras entidades públicas ou privadas.

f) A interlocución e colaboración cos axentes de cooperación.

g) A elaboración dos anteproxectos dos regulamentos necesarios para garantir a aplicación deste título.

4. O órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento será dotado dos medios humanos, materiais e orzamentarios axeitados para cumprir as funcións que ten encomendadas, dentro das dispoñibilidades orzamentarias e organizativas existentes.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 84. Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento

1. O Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento é o órgano de consulta e participación da sociedade galega en materia de cooperación para o desenvolvemento.

2. Este consello estará adscrito ao órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento.

3. O Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento ten as seguintes funcións:

a) Coñecer os proxectos de normas en materia de cooperación para o desenvolvemento.

b) Coñecer e informar sobre a proposta dos plans directores e dos plans de acción anuais en materia de cooperación para o desenvolvemento, así como facer as propostas que coide oportunas.

c) Coñecer os resultados dos informes sobre o grao de execución do plan anual, a execución gradual e a avaliación final do Plan director vixente.

d) Recibir información sobre as diferentes convocatorias públicas de axudas e outros instrumentos de financiamento do sector público autonómico para actuacións de cooperación para o desenvolvemento.

e) Elaborar por iniciativa propia todo tipo de informes e propostas que contribúan a mellorar a calidade da Cooperación Galega.

f) Aprobar o regulamento de funcionamento do Consello.

4. O Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento estará formado polas persoas determinadas regulamentariamente en representación dos axentes de cooperación. No proceso de nomeamento das persoas integrantes do Consello promoverase unha representación paritaria de mulleres e homes. Integran tamén o Consello, como vogais independentes, persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento, que serán elixidas por unha maioría cualificada das persoas representantes dos axentes de cooperación. O seu número establecerase pola vía regulamentaria.

5. Na regulación da composición do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, a Xunta de Galicia deberá ter en conta o protagonismo nesta materia das organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento. As persoas representantes destas organizacións serán propostas pola Coordinadora Galega de Organizacións non



Gobernamentais para o Desenvolvemento ou polas entidades análogas ou sucesoras desta.

6. A composición do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento garantirá a representación das administracións locais galegas a través das entidades e organizacións en que se integren ou que as representen.

7. O Pleno do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento poderá constituír comisións e grupos de traballo que sirvan de apoio á realización das funcións que lle asigna esta lei. Na composición das comisións procurarase respectar a proporcionalidade e a presenza dos distintos grupos de axentes de cooperación que integran o Consello. Nos grupos de traballo non será precisa a dita proporcionalidade.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 85. Persoal do sector público autonómico

1. A actividade do sector público autonómico en materia de cooperación para o desenvolvemento será levada a cabo principalmente polo persoal adscrito ao órgano de dirección competente na materia.

2. O persoal funcionario de carreira, estatutario e laboral fixo ao servizo do sector público autonómico poderá participar en tarefas e actuacións de cooperación para o desenvolvemento promovidas directamente polos órganos e as entidades que o integran ou promovidas por outros axentes de cooperación para o desenvolvemento ou outras administracións públicas, de acordo en cada caso co que dispoña a normativa ou o convenio colectivo aplicable.

3. O sector público autonómico promoverá e facilitará, no marco da normativa de función pública e laboral aplicable, a participación do seu persoal en actuacións de cooperación para o desenvolvemento, en particular nos supostos en que o labor deste persoal achegue un valor engadido, tendo en conta a súa cualificación técnica e experiencia nos obxectivos e resultados da actuación en que vaia participar.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 86. Persoal cooperante

Para os efectos desta lei, enténdese por cooperante aquela persoa física que, cumprindo os requisitos establecidos na normativa estatal aplicable, participe na execución de actuacións de cooperación para o desenvolvemento ou a acción humanitaria en países empobrecidos ou en vías de desenvolvemento e teña unha relación xurídica co axente de cooperación promotor da actuación.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 87. Persoal voluntario no ámbito da cooperación para o desenvolvemento

1. Para os efectos desta lei, enténdese por persoa voluntaria toda aquela persoa física que, en virtude da súa decisión persoal, libre e altruísta e nunha situación de inexistencia de relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado, participa nunha actuación de cooperación para o desenvolvemento, en calquera das súas modalidades, ben sexa na comunidade autónoma de Galicia, ben en países empobrecidos ou en vías de desenvolvemento, promovida por unha entidade de acción voluntaria coa cal teña suscrito un contrato non laboral.

2. Naqueles supostos en que a acción voluntaria realizada no ámbito da cooperación para o desenvolvemento implique a expatriación da persoa voluntaria, o contrato non laboral que deben subscribir as persoas voluntarias e as entidades nas cales se integren reflectirá, ademais do contido mínimo previsto na lexislación aplicable, os seguintes aspectos:

- a) O país ou territorio en que a persoa voluntaria realizará o seu labor, incluído o lugar onde debe dirixirse cando chegue.
- b) As condicións médicas e de vacinación previstas e que debe adoptar a persoa voluntaria antes, durante e despois de realizar o seu labor.
- c) As normas de seguranza básicas no país de destino e os recursos que empregará naqueles supostos en que a seguranza da persoa voluntaria se vexa comprometida.
- d) As formalidades administrativas que debe cumprir para poder entrar, residir, desenvolver o seu labor e saír do país de destino en calidade de persoa voluntaria.
- e) Os seguros de enfermidade, accidente e repatriación concertados a favor da persoa voluntaria e dos familiares directos que con ela se despracen, válidos para o período da súa estancia no estranxeiro.

3. Non serán consideradas actuacións de voluntariado no ámbito da cooperación para o desenvolvemento aquelas actividades de turismo solidario, ecoturismo, turismo sustentable ou calquera outra con denominación similar que teñan como finalidade fundamental o desprazamento por razóns de lecer ou descanso a un país empobrecido ou en vías de desenvolvemento.

4. En todo aquilo non previsto neste artigo resultará de aplicación supletoria a Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria, e a normativa estatal aplicable.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 88. Recursos económicos

1. A Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia fixará anualmente os créditos destinados á cooperación para o desenvolvemento tomando como referencia as previsións indicativas do Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento vixente.

2. Os recursos destinados á cooperación para o desenvolvemento poderanse aumentar con achegas doutros organismos e institucións nacionais e internacionais, públicos e privados, e de persoas físicas ou xurídicas.

3. Os custos en que incorra o persoal do sector público autonómico que participe en actuacións de cooperación internacional para o desenvolvemento e a acción humanitaria promovidas ou cofinanciadas polos órganos ou as entidades do sector público autonómico, así como as retribucións derivadas da súa participación nesas actuacións, poderán ser computados como axuda oficial ao desenvolvemento cando satisfagan os criterios establecidos no marco internacional de referencia na materia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 89. Financiamento e control

1. Os órganos e as entidades do sector público autonómico poderán subscribir acordos destinados a financiar a execución de actuacións de cooperación para o desenvolvemento con organizacións multilaterais de desenvolvemento, axencias das Nacións Unidas e os seus comités estatais, fondos globais non financeiros de desenvolvemento e a Unión Europea, así como con outras institucións públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, ou ben a través dos instrumentos previstos nos capítulos III e IV do título VI, ou ben mediante os convenios de carácter administrativo regulados no artigo 47.2.d) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e sempre e cando as actuacións derivadas destes acordos se axusten aos principios e obxectivos formulados neste título e ás prioridades e aos resultados do Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento vixente.

2. Tamén poderán financiar a través de subvencións e axudas sometidas aos principios de publicidade e concorrência aquelas actuacións dos axentes de cooperación que satisfagan os requisitos establecidos neste título e se axusten ás directrices establecidas polo Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento vixente. As bases das convocatorias deberán definir os prazos máximos para a valoración das solicitudes, a resolución do procedemento de concesión das subvencións e a presentación dos informes de xustificación das subvencións concedidas.

3. As subvencións no ámbito da cooperación para o desenvolvemento adecuaranse ao réxime xeral establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas seguintes especificidades:

a) As subvencións serán aboadas anticipadamente ao cen por cento e sen necesidade de constitución de garantías, agás que as bases reguladoras específicas establezan o contrario.

b) No caso de subvencións plurianuais, non será obstáculo para o anticipo previsto na alínea a) da anualidade en curso a non-xustificación completa da anualidade anterior, sempre que a porcentaxe de execución xustificada supere a que se determine nas bases reguladoras, e sen prexuízo da necesaria xustificación da actuación subvencionada á súa finalización na forma que nas bases se estableza.

c) O prazo de execución das actuacións de cooperación para o desenvolvemento ou a acción humanitaria subvencionadas e aboadas de xeito anticipado segundo o previsto na alínea a) poderá ser ampliado sen necesidade de autorización previa ata



un máximo de seis meses. Esta ampliación deberá ser notificada ao órgano concedente con anterioridade á finalización do prazo inicial, que se entenderá automaticamente ampliado coa dita notificación, aínda que se exceda o límite do correspondente exercicio orzamentario. Poderase solicitar unha segunda prórroga antes de que remate a primeira fundamentada en situacións ou fenómenos excepcionais e imprevisibles, como desastres naturais, enfrontamentos armados, crises humanitarias, actuacións retardatarias das autoridades locais ou outras continxencias análogas, que afecten de maneira directa a execución da actuación subvencionada, que deberán acreditarse de forma fidedigna e sempre que non concorran circunstancias imputables á entidade beneficiaria. Nesta segunda ampliación excepcional, o novo prazo outorgarase polo tempo indispensable para facilitar que o beneficiario supere as ditas circunstancias ou continxencias. No caso de que a situación excepcional impida continuar coa execución da actividade subvencionada, poderase solicitar unha modificación da finalidade para a cal fose outorgada a dita subvención.

d) O prazo para a xustificación da realización da actuación subvencionada e aboada de xeito anticipado segundo o previsto na alínea a) será de tres meses desde a data da súa finalización, con independencia de que se exceda o exercicio orzamentario correspondente, agás que as bases reguladoras específicas establezan o contrario.

e) En casos excepcionais, de producirse situacións ou fenómenos imprevisibles, como desastres naturais, enfrontamentos armados, crises humanitarias, actuacións retardatarias das autoridades locais ou outras continxencias análogas, que afecten de maneira directa a execución da actividade subvencionada, e que dificulten ou mesmo imposibiliten dispoñer da adecuada documentación xustificativa do investimento ou do gasto, o órgano xestor poderá aceptar outras formas alternativas de xustificación, como informes de profesionais taxadores independentes e debidamente acreditados e inscritos no correspondente rexistro oficial, declaracións de testemuñas, avaliación por resultados realizada por un profesional verificador acreditado e independente, declaración responsable de provedores ou declaración responsable da entidade beneficiaria en que se detalle o destino dos fondos públicos percibidos e a realización da acción concreta, así como a súa afectación ao bo fin perseguido, ou outras probas de igual valor e credibilidade, sen que sexa preciso achegar máis xustificantes. Así mesmo, se as ditas circunstancias excepcionais, que deberán estar debidamente acreditadas, dificultan ou imposibilitan a

execución total do previsto, o reintegro ou a perda do dereito ao cobramento da axuda ou subvención non afectará as cantidades efectivamente investidas e xustificadas se se cumpriron parcialmente os obxectivos.

4. Co obxecto de lograr unha maior eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, as bases reguladoras poderán establecer réximes especiais de xustificación e control das subvencións cando a natureza dos proxectos ou as características dos destinatarios o requiran. Nese senso, os créditos que financien as actuacións de cooperación para o desenvolvemento ou a acción humanitaria que se destinen á súa percepción polos axentes de cooperación previstos nesta lei, tendo en conta que pola natureza das axudas non poden supoñer a obtención de beneficios materiais por eles ou a adquisición de investimentos da súa titularidade, serán considerados, en termos orzamentarios, como gasto corrente e financiaranse con transferencias correntes.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº37, ao apartado 2, de Modificación.

No apartado 2 substituír a expresión: "Tamén poderán financiar...", por: "Deberán financiar...".

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº38, ao apartado 4 bis), de Adición.

Engadir un novo apartado 4 bis), co seguinte texto:
"4 *bis*. O prazo de execución para proxectos de cooperación será o inicialmente previsto, sen que sexa necesario ligar a execución deles á anualidade orzamentaria."

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº39, ao apartado 4 ter), de Adición.

Engadir un novo apartado 4 ter), co seguinte texto:
"4 *ter*. A Xunta de Galicia dedicará á cooperación ao desenvolvemento cando menos a media orzamentaria das comunidades autónomas do Estado español no ano anterior, mantendo como obxectivo a medio prazo o obxectivo do 0,7 %."



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 90. Réxime fiscal das achegas efectuadas a organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento e a proxectos de cooperación para o desenvolvemento

1. As achegas efectuadas por persoas físicas ou xurídicas a organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento, así como para a realización de actuacións de cooperación para o desenvolvemento nos seus diversos ámbitos, recibirán o tratamento fiscal previsto na correspondente normativa aplicable.

2. A Comunidade Autónoma de Galicia poderá establecer outros instrumentos de política fiscal que favorezan a participación privada en actuacións de cooperación para o desenvolvemento promovidas polas administracións públicas, polas organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento e polo resto de axentes sen ánimo de lucro inscritos no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 91. Axentes de cooperación para o desenvolvemento

1. Para os efectos deste título, considéranse axentes de cooperación para o desenvolvemento aquelas entidades, de carácter público ou privado, cunha vinculación específica cos obxectivos, as prioridades, as modalidades e os ámbitos da cooperación para o desenvolvemento.

2. Os axentes de cooperación para o desenvolvemento serán recoñecidos como interlocutores das administracións públicas galegas nesta materia.

3. Para os efectos deste título, considéranse axentes de cooperación para o desenvolvemento os seguintes:

a) A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, as entidades instrumentais do sector público autonómico e as entidades locais recoñecidas pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, así como as entidades e organizacións en que se integren ou que as representen, como é o caso da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) ou o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

b) As organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento.

c) As universidades do Sistema universitario galego e as súas entidades dependentes e centros de investigación públicos.

d) As axencias das Nacións Unidas e os seus comités estatais ou organizacións que as representen en España.

e) As cooperativas, empresas e asociacións empresariais.

f) A organizacións sindicais.

g) As comunidades galegas no exterior.

h) Outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento.

4. Os axentes privados de cooperación enumerados nas alíneas 3.b), e), f) e h) anteriores deberán cumprir cos seguintes requisitos para seren recoñecidos como tales pola Administración autonómica para efectos do previsto na alínea 2:

a) Estar legalmente constituídos consonte a lexislación española.

b) Gozar de plena capacidade xurídica e de obrar e dispoñer dunha estrutura de recursos humanos e económicos que garantan o cumprimento dos seus fins.

c) Ter sede social ou delegación permanente na comunidade autónoma.



- d) Estar inscritos na sección correspondente do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento descrito no artigo 101.
- e) Cumprir coa obrigas legais de bo goberno e transparencia que sexan aplicables.
- f) Non ter relacións de dependencia, directa ou indirecta, con administracións públicas ou entidades do sector público, de tal xeito que os seus órganos de goberno non estean formados en máis dun trinta por cento por persoas que actúen en representación delas.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 92. Obrigas dos axentes de cooperación para o desenvolvemento

1. Os axentes de cooperación para o desenvolvemento que xestionen actuacións financiadas con fondos públicos do sector público autonómico que computen como axuda oficial ao desenvolvemento terán as seguintes obrigas:

a) Respetar os principios, os obxectivos e as prioridades deste título e do Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento vixente.

b) Facilitar o control, o seguimento, a avaliación e a verificación por parte do órgano de dirección da Administración autonómica competente da efectiva realización das actividades financiadas e cumprir, no caso de entidades sometidas á lexislación galega ou española, coas obrigas legais de transparencia e publicidade establecidas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

c) Respetar a lexislación estatal e internacional de dereitos humanos, traballo digno, igualdade laboral de homes e mulleres e prevención da explotación laboral infantil e protección do ambiente.

d) Contar, salvo casos excepcionais debidamente xustificados, cun socio ou unha contraparte local no país ou territorio onde se realice a actuación, provisto dos recursos humanos e técnicos necesarios para a xestión eficiente e eficaz do ciclo do proxecto e para o cumprimento das obrigas de xustificación establecidas na normativa galega de subvencións.

2. Os axentes de cooperación para o desenvolvemento privados que, pola súa natureza xurídica, posúan ánimo de lucro poderán acceder a axudas públicas do sector público autonómico nesta materia mediante a certificación do seu compromiso de non obter ningún beneficio das actuacións financiadas. Complementariamente, estas entidades terán a obriga de encargar pola súa conta unha auditoría contable das intervencións financiadas con fondos públicos, aos cales non se poderán imputar custos indirectos.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 93. Entidades locais

1. As entidades locais poderán desenvolver actuacións de cooperación para o desenvolvemento, como proxección exterior do exercicio das súas competencias, promovendo a coordinación e complementariedade entre as administracións públicas e achegando un valor engadido, especialmente naqueles ámbitos en que o municipalismo galego conta con experiencia e capacidades diferenciadas, como a protección de dereitos sociais básicos, os servizos sociais, o urbanismo e a ordenación do territorio, a xestión pública dos recursos hídricos, a xestión ambiental, a igualdade de xénero, a educación para a cidadanía global ou calquera outro no marco das súas competencias.

2. As entidades locais e as entidades e organizacións en que se integren ou que as representen, como a Federación Galega de Municipios e Provincias e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, constitúense en interlocutores permanentes da Administración autonómica en materia de cooperación para o desenvolvemento.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 94. Organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento

1. Para os efectos desta lei e de conformidade coa normativa estatal, considéranse organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento aquelas entidades que satisfagan os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas consonte o dereito privado e ser organizacións sen ánimo de lucro.
- b) Ter entre os seus fins ou como obxecto expreso, segundo os seus estatutos, a realización de actividades relacionadas cos principios, obxectivos e ámbitos da cooperación para o desenvolvemento e a solidariedade internacional.
- c) Respectar os códigos de conduta das organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento ou calquera outro instrumento de autorregulación recoñecido polo sector.
- d) Contar con apoio e base social.

2. As organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento e as organizacións que as representan, como a Coordinadora Galega de Organizacións Non Gobernamentais para o Desenvolvemento, constitúense en interlocutores permanentes dos órganos e das entidades do sector público autonómico en materia de cooperación para o desenvolvemento.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 95. Universidades do Sistema universitario galego e as súas entidades dependentes e centros de investigación públicos

1. As universidades integradas no Sistema universitario galego e as súas entidades dependentes poderán desenvolver actuacións de cooperación para o desenvolvemento en todos os seus ámbitos e modalidades achegando un valor engadido e diferenciado con base na súa experiencia e capacidades en formación, investigación, xeración e transferencia de coñecemento, extensión e xestión universitaria, ben individualmente, ben a través das redes de traballo conxunto que promovan.

2. Os centros de investigación públicos radicados na comunidade autónoma de Galicia poderán desenvolver actuacións de cooperación para o desenvolvemento no marco deste título a través da investigación aplicada e básica e da xeración e transferencia de coñecemento nesta materia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 96. Axencias das Nacións Unidas e os seus comités estatais ou organizacións que as representen en España

1. As axencias das Nacións Unidas e os seus comités estatais, ou as organizacións que as representen en España, poderán recibir axudas e subvencións do sector público autonómico en caso de que sexa necesario complementar as capacidades doutros axentes de cooperación previstos no artigo 91.3 nos sectores de actuación e nos colectivos en que están especializadas.

2. O sector público autonómico poderá subscribir convenios ou acordos con estas axencias para a formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 97. Cooperativas, empresas e asociacións empresariais
Para os efectos desta lei, as cooperativas, empresas e asociacións empresariais poderán desenvolver actuacións sen ánimo de lucro en materia de cooperación para o desenvolvemento nos seus ámbitos de especialización produtiva e empresarial, no eido do investimento positivo e responsable, e na promoción da economía e do emprendemento sociais, dos negocios inclusivos e da responsabilidade social corporativa.

Quedarán excluídas dos programas de cooperación aquelas empresas que realicen prácticas abusivas, de incumprimento dos dereitos humanos e de espolio dos recursos naturais, e sobre as que recaian condena xudicial firme por explotación laboral e agresións ao medio ambiente e ás persoas. Neste caso, poderase realizar unha avaliación por parte do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.

NON TEN EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 98. Organizacións sindicais

Para os efectos desta lei, as organizacións sindicais poderán desenvolver actuacións de cooperación para o desenvolvemento nos seus ámbitos de especialización no eido do diálogo social e a negociación tripartita, da promoción do dereito ao traballo digno, da formación e capacitación profesional, da defensa dos dereitos laborais e do fomento de políticas de igualdade.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 99. Comunidades galegas no exterior

1. Para os efectos desta lei, as comunidades galegas no exterior poderán realizar actuacións de acción humanitaria e de cooperación para o desenvolvemento en países en vías de desenvolvemento, ben directamente cando teñan a súa sede nun destes países e acrediten capacidade ou experiencia suficiente, ben a través de contrapartes ou socios locais. As comunidades galegas no exterior deberán estar inscritas no rexistro específico dependente do órgano de dirección da Administración autonómica con competencias en emigración exterior.

2. As actuacións financiadas no ámbito da cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria con fondos públicos do sector público autonómico non poderán ter como beneficiarias unicamente persoas vinculadas coas comunidades galegas no exterior.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 100. Outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento

Para os efectos desta lei, os axentes sociais ou as entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento e non se correspondan cos axentes de cooperación para o desenvolvemento descritos nos artigos anteriores poderán desenvolver actuacións sen ánimo de lucro en materia de cooperación para o desenvolvemento nos seus ámbitos de especialización.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 101. Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento

1. O Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento constitúese como un rexistro público adscrito ao órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento, cuxa regulación será obxecto de desenvolvemento regulamentario.

2. Neste rexistro poderanse inscribir os axentes de cooperación para o desenvolvemento enumerados no artigo 91.3, alíneas b), e), f), e h) que cumpran os requisitos establecidos regulamentariamente.

3. A inscrición no rexistro é voluntaria. Con todo, a inscrición será un requisito obrigatorio para os efectos de solicitar axudas e subvencións públicas en réxime de concorrencia competitiva no ámbito da cooperación para o desenvolvemento da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico. As bases reguladoras da concesión de subvencións poderán establecer requisitos específicos relativos á antigüidade de inscrición no rexistro necesaria para concorrer ás convocatorias de axudas e subvencións.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO IX

Delegacións e oficinas autonómicas no exterior

Artigo 102. Delegacións e oficinas exteriores autonómicas

1. Terán a consideración de delegacións exteriores da Xunta de Galicia aquelas unidades administrativas radicadas fóra do territorio español que representen a Administración autonómica na súa integridade dentro do espazo xeográfico de referencia que se determine no seu acto de creación.

2. As delegacións exteriores da Xunta serán creadas por un decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría en que se encadre o órgano de dirección responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex) e que exerza as competencias fundamentais de acción exterior na Administración autonómica, da cal dependerán para todos os efectos relacionados coa súa xestión. Esta consellaría velará pola idoneidade da actuación e dará curso do antedito proxecto de decreto ao ministerio competente en asuntos exteriores para os efectos previstos na normativa estatal.

3. Terán a consideración de oficinas exteriores autonómicas as instalacións de traballo impulsadas por entidades instrumentais pertencentes ao sector público autonómico, servidas por persoal directamente contratado pola dita entidade, sexa baixo un réxime administrativo, laboral ou mercantil, de dereito español ou estranxeiro. Estas oficinas acreditarán a súa condición mediante a correspondente placa coa imaxe institucional da Xunta de Galicia, que responda ao modelo harmonizado autorizado previamente pola consellaría en que se encadre o órgano de dirección responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex e que exerza as competencias fundamentais de acción exterior.

4. As oficinas exteriores serán creadas mediante o correspondente acordo da entidade instrumental que as impulse, que deberá ser autorizado por unha orde da consellaría que exerza a tutela ou o control sobre a referida entidade, de cuxo proxecto dará conta á consellaría en que se encadre o órgano de dirección responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex e que exerza as competencias fundamentais de acción exterior, que informará sobre a súa idoneidade e correspondencia coa Egaex, e tamén dará curso do proxecto ao ministerio competente en asuntos exteriores para os efectos previstos na normativa estatal. Tras

os trámites oportunos e dispoñendo dos informes preceptivos, a dita orde pola que se autorice a creación dunha oficina exterior será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

5. Non terán a consideración de oficinas exteriores os locais legalmente utilizados por meros axentes de promoción comercial ou de captación de investimentos, contratados especificamente para iso pola correspondente entidade instrumental pertencente ao sector público autonómico.

6. Tampouco terán a consideración de oficinas exteriores autonómicas as instalacións que ocupen axentes de promoción comercial ou de captación de investimentos ao servizo de intereses galegos que fosen contratados ou comisionados por entidades galegas de dereito privado que dispuxesen dalgunha axuda ou subvención autonómica para tal fin. No acto de concesión da correspondente axuda ou subvención deberase detallar esta circunstancia.

7. As entidades instrumentais pertencentes ao sector público autonómico que manteñan oficinas exteriores ou realicen contratos en favor de axentes de promoción comercial ou de captación de investimentos informarán en todo caso a consellaría en que se encadre o órgano de dirección responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Egaex e que exerza as competencias fundamentais de acción exterior na Administración autonómica, con anterioridade á perfección deses contratos ou á apertura desas oficinas, e deberán remitir un informe anual sobre o balance das actividades desenvolvidas.

8. Cando, de conformidade coa normativa estatal aplicable, o ministerio competente ofrezca á Administración autonómica a posibilidade e dispoñibilidade de instalar as delegacións ou oficinas exteriores previstas neste artigo dentro dos locais do Servizo Exterior do Estado ou doutras dependencias de titularidade pública española no exterior, a Administración autonómica avaliará a idoneidade das condicións ofrecidas e dos custos que comporte o dito ofrecemento nun prazo non superior a tres meses; transcorrido este, darase por desestimado o referido ofrecemento. Este prazo suspenderá o seu cómputo por un período non superior a outros tres meses se ambas as dúas administracións entran en negociacións para buscar alternativas físicas, xurídicas ou económicas que satisfagan as necesidades galegas para a futura delegación ou oficina.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº41, ao apartado 8 bis), de Adición.

Engadir un novo apartado 8 bis), co seguinte texto:

"8 *bis*. Atendendo á especial relación histórica, cultural e lingüística con Portugal e cos países da lusofonía, a Xunta de Galicia abrirá unha delegación permanente en Lisboa."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº18, ao apartado 8 bis), de Adición.

Débase engadir un novo punto 8 bis, que terá o seguinte contido:

"8 *bis*. En todo caso, a Administración autonómica minimizará o custo das delegacións ou oficinas exteriores, incluíndo para tal fin a preferencia polo uso de recursos xa existentes na rede de embaixadas ou organismos exteriores do Estado e o uso de recursos virtuais e non físicos."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 103. **Funcións** das delegacións exteriores da Xunta de Galicia

1. Son funcións das delegacións da Xunta no exterior, naquelas materias en que a Comunidade Autónoma teña a competencia atribuída, integrando sempre a dimensión de igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes:

a) Dar soporte ás altas autoridades da Comunidade Autónoma de Galicia e aos restantes axentes ou suxeitos públicos da acción exterior galega no exercicio das súas atribucións, tanto nos seus desprazamentos á área xeográfica de referencia de cada delegación coma realizando as xestións que aqueles lle encomenden.

a bis) Defender os interes xerais de Galicia no ámbito xeográfico de referencia da delegación.

b) Apoiar todas as actuacións dos órganos autonómicos na área xeográfica de referencia, de acordo coas directrices emanadas destes, co fin de canalizar e asegurar a colaboración oportuna naquelas materias da súa competencia.

c) Realizar estudos e informes de interese para Galicia sobre a situación e as perspectivas da área xeográfica de referencia asignada.

d) Fomentar as relacións de Galicia coas institucións e os órganos de goberno da súa área xeográfica de referencia.

e) Impulsar as accións de promoción da cultura e da lingua galegas, mantendo os nexos de galeguidade alí onde haxa comunidades galegas establecidas.

f) Prestar apoio administrativo e institucional ás persoas emigrantes galegas e ás comunidades galegas no exterior. Deste xeito, estas delegacións terán a responsabilidade da coordinación, xestión e difusión, así como o control, o seguimento e a información dos programas dirixidos á emigración e ao retorno.

g) Prestar apoio ás accións de cooperación que, dentro da acción exterior de Galicia, estableza a Administración autonómica no ámbito socioeconómico e de promoción do turismo.

h) Colaborar no seguimento e na avaliación dos plans, programas e proxectos de cooperación para o desenvolvemento que se realicen na área xeográfica asignada.

i) Prestar asistencia técnica, orientación e información sobre Galicia e sobre a área xeográfica asignada aos axentes sociais alí situados, aos galegos e ás galegas, aos seus descendentes, ás comunidades galegas que os e as representan e ás persoas interesadas que respectivamente llelo demanden.

j) Desempeñar as atribucións que lle sexan delegadas ou encomendadas polos órganos e as entidades do sector público autonómico.

k) Calquera outra función e tarefa que lle sexan asignadas, sempre que resulten compatibles co obxecto especificado nesta lei.

2. Á fronte de cada delegación exterior haberá unha persoa titular nomeada polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría que exerza as competencias fundamentais de acción exterior na Administración autonómica.

3. As delegacións estrutúranse nas áreas funcionais que se establezan no seu decreto de creación, respectando en todo caso o principio de unidade de acción baixo as ordes directas da persoa titular da delegación, quen exercerá a xefatura do persoal e as competencias que lle sexan delegadas ou encomendadas.

4. A persoa titular da delegación velará polo cumprimento das directrices emanadas da Administración autonómica, transmitidas a través da consellaría en que se encadre o órgano de dirección responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior e que exerza as competencias fundamentais de acción exterior na Administración autonómica. Así mesmo, establecerá as normas internas de funcionamento da delegación de acordo coas instrucións que para tal efecto dite con esta finalidade a mesma consellaría.

5. A persoa titular da delegación poderá contratar persoal local in situ sometido ao ordenamento do Estado onde estea a sede, dentro dos límites que lle determine a consellaría que exerza as competencias fundamentais de acción exterior na Administración autonómica. Será necesaria unha autorización previa dos órganos de dirección autonómicos competentes en materia de función pública e orzamentos para contratar persoal fixo ou temporal.

6. O persoal empregado público do sector público autonómico desprazado ás delegacións exteriores terá dereito ás retribucións básicas e complementarias que correspondan no seu posto de orixe de acordo co seu corpo, grupo e categoría, sen prexuízo do dereito á percepción das indemnizacións, das axudas de custo e da aplicación de coeficientes por razón de servizo que poidan corresponderlle por residencia no estranxeiro.

7. En cada delegación exterior existirá unha oficina de rexistro da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas condicións e os requisitos que se establezan regulamentariamente.



NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO II

Oficinas autonómicas temporais no exterior

Artigo 104. Establecemento de oficinas autonómicas temporais no exterior

1. A Administración autonómica e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán establecer oficinas temporais no exterior de conformidade co ordenamento xurídico español e o vixente no territorio do Estado en que se instalen.

2. Enténdese por oficina autonómica temporal no exterior aquel inmovible no cal se presten ou coordinen tarefas de proxección exterior, apoio á exportación, captación de investimentos, difusión cultural ou universitaria, asistencia á diáspora galega, soporte administrativo a xestións relacionadas con acordos internacionais ou calquera outra actividade de relevancia e interese público relacionada con competencias ou intereses lexítimos galegos, sen unha vocación de permanencia ou vencelladas a obxectivos limitados e temporais.

3. O prazo máximo de mantemento dunha destas oficinas será de dous anos, prorrogables por un máximo de dous termos equivalentes.

4. As oficinas temporais exteriores serán creadas, no caso da Administración autonómica, por unha orde da consellaría competente e, no caso das entidades instrumentais, mediante o correspondente acordo da entidade instrumental que as impulse, que deberá ser autorizado por unha orde da consellaría que exerza a tutela ou o control sobre a referida entidade. Dos proxectos de orde darase conta á consellaría en que se encadre o órgano de dirección responsable de velar polo desenvolvemento e a execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex) e que exerza as competencias fundamentais de acción exterior, que informará sobre a súa idoneidade e correspondencia coa Egaex, e tamén dará curso do proxecto ao ministerio competente en asuntos exteriores para os efectos previstos na normativa estatal.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 105. Asento de galegos e galegas no exterior

1. As cidadás e os cidadáns coa condición política de galegas e galegos, consonte o artigo terceiro do noso Estatuto de autonomía, que se despracen ao exterior por máis dun ano poderanse inscribir de modo voluntario no Asento de galegos e galegas do exterior (Asge), dependente do órgano de dirección responsable do apoio á diáspora galega, sen prexuízo da súa inscrición obrigatoria como residentes no exterior no Rexistro de Matrícula consular correspondente de acordo coa normativa estatal, para facilitar a realización de xestións administrativas coas administracións galegas e a constitución de redes de apoio, asistencia e difusión cultural, así como para propiciar o seu axeitado retorno a Galicia.

2. Para a inscrición no Asge será necesaria a presentación dunha solicitude por vía electrónica conforme o modelo que estableza a Administración autonómica. Unha vez presentada a solicitude, o órgano de dirección responsable do apoio á diáspora galega remitirá un correo electrónico e unha comunicación postal á persoa solicitante no seu enderezo foráneo, para verificar deste xeito a súa residencia no exterior. Na comunicación postal constará unha clave persoal, que deberá remitir quen for a destinataria ou o destinatario por vía electrónica.

3. Entenderase que existen razóns de interese público para a aplicación da tramitación de urxencia aos procedementos iniciados polos galegos e as galegas inscritos no Asge, cando estes e estas así o soliciten, á hora de realizaren trámites a distancia relacionados co eido educativo, sanitario e asistencial, como pode ser o acceso a rexistros públicos autonómicos, a emisión de certificados, a consulta do historial médico custodiado polo Servizo Galego de Saúde ou a solicitude de copias de documentos oficiais expedidos pola Administración autonómica, así como para se beneficiaren de procedementos de concesión de axudas, subvencións ou bolsas de estudo.

4. O Asge estará sometido á normativa europea e española de tratamento de datos persoais.

5. O órgano de dirección responsable do apoio á cidadanía galega do exterior e ao retorno manterá o Asge da maneira que prevexa o correspondente regulamento.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 106. Constitución de novas redes de galegos e galegas no exterior

1. As galegas e os galegos inscritos no Asento de galegos e galegas no exterior poderán dar a súa autorización expresa ao órgano xestor da súa mantenza para utilizar os seus datos co fin de estimular a constitución de redes de apoio mutuo en cada país ou territorio en que estivesen residindo.
2. As ditas redes poderán ter ou non personalidade xurídica, tanto de dereito español coma do dereito do país de asentamento. Así mesmo, poderán ser beneficiarias de axudas ou subvencións consonte a normativa vixente.
3. As redes así constituídas fomentarán o senso de fraternidade entre a cidadanía galega e promoverán a lingua e a cultura galegas no seu contorno.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO II

Empresas e profesionais galegos e galegas no exterior

Artigo 107. Identificación das empresas e dos profesionais galegos e galegas no exterior e constitución de redes

1. A entidade instrumental do sector público autonómico promotora do comercio exterior e as cámaras de comercio poderán convidar as empresas e os profesionais galegos e galegas radicados no exterior a constituíren redes de asistencia, colaboración e apoio mutuo entre eles, así como para axudaren a pares radicados en Galicia que poidan ter oportunidades de negocio onde xa estean asentados.

2. Para a constitución destas redes as empresas e profesionais poderán inscribirse voluntariamente no asento de empresas e profesionais galegos no exterior (ASEPGE). Esta inscrición será necesaria para acceder aos beneficios e axudas de apoio a estas redes.

3. As ditas redes poderán ter personalidade xurídica, tanto de dereito español coma do dereito do país de asentamento. Así mesmo, poderán ser beneficiarias de axudas ou subvencións consonte a normativa vixente.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 108. Rexistro de persoas foráneas con intereses en Galicia

1. A Administración autonómica creará un rexistro administrativo auxiliar de persoas nacionais non españolas residentes fóra de España que teñan unha fluída relación cultural, social, histórica ou económica con Galicia. Este rexistro organizarase por seccións, en función das afinidades culturais, sociais, históricas ou económicas das persoas interesadas, e poderá acoller tanto persoas físicas coma xurídicas.

2. As persoas interesadas poderán ser convidadas a se inscribir neste rexistro ou solicitalo por iniciativa propia. En todo caso deberán indicar con que entidades ou galegos e galegas manteñen una fluída relación cultural, social, histórica ou económica.

3. A Administración autonómica poderá solicitar informes ou pareceres ás persoas inscritas neste rexistro sobre iniciativas ou proxectos que considere axeitados para potenciar a imaxe da comunidade autónoma no exterior.

4. As persoas inscritas neste rexistro poderán ser beneficiarias de axudas de custo e doutras axudas e subvencións autonómicas.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº44, de Adición.

Engadir un novo CAPÍTULO III bis), cun novo Artigo 108 bis),
co seguinte texto:

"Artigo 108 bis. Do capital relacional da diáspora

O departamento con competencias en relacións exteriores
elaborará un plan de aproveitamento e impulso do capital
relacional da diáspora para que sirva para tender pontes, tecer
alianzas e desenvolver políticas activas no exterior. A política
exterior de Galicia fará da diáspora unha peza clave da
estratexia de internacionalización."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº45, de Adición.

No novo CAPÍTULO III bis), engadir un novo Artigo 108 ter), co seguinte texto:

"Artigo 108 ter

Para darlle visibilidade e interconexión á rede galega no exterior, crearase unha plataforma web relacional con recursos, entidades e proxectos relacionados con este ámbito, nas que se incluírán tamén as iniciativas galegas de cooperación ao desenvolvemento. E a Xunta de Galicia desenvolverá un programa de divulgación e coñecemento da Rede de entidades e persoas galegas no exterior."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional primeira. Consello da Cultura Galega

1. O Consello da Cultura Galega, como institución creada ao abeiro do artigo 32 do Estatuto de autonomía de Galicia para a defensa e a promoción dos valores culturais do pobo galego, ten a consideración de suxeito cualificado da acción exterior de Galicia nese eido.

2. O Consello da Cultura Galega desenvolverá unha acción exterior consonte a Estratexia galega de acción exterior, **en especial tendo en conta a** transterritorialidade do pobo galego.

3. O Consello da Cultura Galega poderá subscribir acordos internacionais suxeitos ás previsións desta lei e restante normativa aplicable con entidades públicas que teñan obxectivos e finalidades análogos aos seus.

4. O Consello da Cultura Galega desenvolverá a proxección exterior das competencias referidas nas alíneas a), b) e c) do artigo 6 da Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega.

5. O Consello da Cultura Galega asesorará as entidades públicas galegas mencionadas nesta lei, no referido ás relacións coa Comunidade de Países de Lingua Portuguesa, mantendo a interlocución técnica precisa con este organismo internacional e coas entidades correspondentes desa comunidade de países ou dos seus estados membros.

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional segunda. Fundación Galicia Europa

1. A Fundación Galicia Europa, entidade sen ánimo de lucro e entidade instrumental do sector público autonómico que opera, ademais, sometida ao dereito local foráneo onde desenvolve as súas actividades, ten o mandato da Administración autonómica para exercer a representación autonómica galega ante as institucións e os órganos da Unión Europea, seguindo as directrices do Goberno autonómico e respectando os principios de unidade de acción exterior do Estado. A Fundación estará adscrita e sometida á tutela funcional do órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior da Administración autonómica.

2. En cumprimento dos seus fins fundacionais, a Fundación Galicia Europa serve ao interese xeral de Galicia, ao seu fortalecemento institucional, ao fomento da súa economía produtiva e social e mais á promoción de todas aquelas accións que acheguen Galicia á realidade europea, defendendo os seus intereses ante as institucións e os órganos da Unión e difundindo os valores europeos entre a sociedade galega.

3. A Fundación Galicia Europa prestará apoio ás distintas consellarías e entidades do sector público autonómico, así como ás restantes administracións públicas, organismos e corporacións galegas, no exercicio da súa participación nos asuntos da Unión Europea, e colaborará na preparación de viaxes e visitas institucionais das autoridades de Galicia ás institucións e aos órganos da Unión Europea, así como das autoridades das citadas institucións e órganos a Galicia.

4. No ámbito da defensa dos intereses galegos no proceso de toma de decisións da Unión Europea, a Fundación Galicia Europa colaborará co resto de oficinas autonómicas e rexionais en Bruxelas, así como coa Representación Permanente de España perante a Unión Europea (Reper) e coas deputadas galegas e os deputados galegos no Parlamento Europeo. Así mesmo, respectando a repartición constitucional e estatutaria de competencias, poderá adoptar iniciativas ou estratexias e chegar a acordos con outras rexións ou institucións e órganos europeos que permitan a Galicia influír naquelas decisións da Unión que máis afecten os seus intereses.

5. No marco da normativa vixente en materia de función e emprego públicos, cando existan necesidades específicas do servizo, conxunturais ou motivadas polo aumento do volume de traballo que requiran reforzar as actuacións precisas para a

tramitación, o seguimento ou o impulso da participación autonómica en asuntos da Unión Europea, os órganos competentes do sector público autonómico poderán de forma motivada encomendar estas funcións a persoal funcionario ou laboral e desprazalo, sempre que se conte en todo caso coa aceptación do dito persoal, ás oficinas da Fundación Galicia Europa, sitas en Galicia e en Bruxelas-Bélxica ou noutros países da Unión distintos de España, mantendo o seu réxime xurídico de orixe e posto de traballo, considerándose en servizo activo e percibindo as súas retribucións con cargo aos órganos ou ás entidades do sector público encomendantes. A duración deste traslado poderá ser de seis meses, prorrogable excepcionalmente por outros seis no caso de que se manteñan as referidas necesidades.

6. Así mesmo, de acordo co réxime establecido na alínea anterior, cando a Fundación Galicia Europa non conte con medios suficientes, a persoa titular do órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior poderá de forma motivada desprazar o persoal funcionario ou laboral adscrito ao seu órgano de dirección e especializado en asuntos europeos, sempre que se conte en todo caso coa aceptación do dito persoal, ás dependencias da Fundación Galicia Europa en Bruxelas ou a outras dependencias foráneas, para desenvolver funcións relativas á participación autonómica en asuntos da Unión Europea.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº47, ao apartado 6 bis), de Adición.

Na Disposición adicional segunda engadir un novo apartado 6.bis), co seguinte texto:

"6 *bis*. No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, o departamento con competencias en relacións exteriores presentará un proxecto para a creación dunha delegación permanente de Galicia en Bruxelas, que asumirá as funcións de representación institucional galega e de relación cos organismos da Unión Europea."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional terceira. Apoios extraordinarios ás delegacións e oficinas exteriores autonómicas

Cando necesidades extraordinarias e imprevisibles, que obedezan á conxuntura da área xeográfica onde desenvolvan as súas actividades as delegacións ou oficinas exteriores autonómicas, aconsellen reforzar temporalmente o traballo destas delegacións ou oficinas, poderase recorrer aos mecanismos de reforzamento previstos para a Fundación Galicia Europa nas alíneas 5 e 6 da anterior disposición adicional.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional cuarta. Participación do persoal do Sistema público de saúde de Galicia en emerxencias humanitarias baixo os parámetros do réxime do voluntariado sanitario internacional

1. De conformidade coa disposición adicional terceira da Lei 45/2015, do 4 de outubro, de voluntariado, o persoal que presta servizos no Sistema público de saúde de Galicia poderá gozar dun permiso para participar en emerxencias humanitarias. Este permiso terá a condición de non retribuído ou retribuído parcialmente e será compatible co carácter habitualmente profesional e remunerado da actividade de cooperación en emerxencias humanitarias, conforme as condicións establecidas no Real decreto 519/2006, do 28 de abril, polo que se establece o Estatuto dos cooperantes. A duración ordinaria do permiso será de tres meses e poderase prorrogar, con carácter extraordinario, ata un máximo de seis meses de duración total.

2. Estableceranse regulamentariamente as condicións e o procedemento para a concesión do permiso previsto na alínea 1, de acordo co disposto nesta disposición e na disposición adicional terceira da Lei 45/2015, do 4 de outubro, de voluntariado.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional quinta. Compromisos orzamentarios
No marco das achegas do Estado ao cumprimento da Axenda global de desenvolvemento humano sustentable, a Xunta de Galicia tenderá progresivamente a destinar o 0,7 por cento do seu orzamento consolidado a políticas vinculadas á cooperación para o desenvolvemento. Este compromiso queda supeditado ás dispoñibilidades reais da Facenda pública da Comunidade Autónoma de Galicia, ao cumprimento dos compromisos existentes en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e mais aos escenarios orzamentarios plurianuais.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional sexta. Designación de responsables do seguimento da participación de Galicia nos asuntos da Unión Europea

A designación das persoas responsables nos ámbitos competenciais da Presidencia e de cada consellaría prevista no artigo 36 para o efectivo seguimento da participación de Galicia nos asuntos da Unión Europea efectuarase no prazo dun mes desde a entrada en vigor desta lei.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº48, de Adición.

Engadir unha nova Disposición adicional sétima, co seguinte texto:

"Disposición adicional sétima. *Secretaría Xeral de Acción Exterior*

O departamento autonómico encargado de relacións exteriores terá o rango de secretaría xeral con capacidade de coordinación do Goberno e de cooperación con outros axentes da acción exterior galega. Con esta finalidade, crearase unha comisión interdepartamental de acción exterior e unha comisión interinstitucional de coordinación entre a Administración autonómica e outros axentes públicos e privados da acción exterior."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº49, de Adición.

Engadir unha nova Disposición adicional oitava, co seguinte texto:

"Disposición adicional oitava. *Marca país*

Crearase a marca País Galicia con atributos como calidade e estilo de vida, natureza, laboriosidade, atlantismo, europeísmo ou nexo con Portugal e a lusofonía."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº50, de Adición.

Engadir unha nova Disposición adicional novena, co seguinte texto:

"Disposición adicional novena. *Instituto Rosalía de Castro, de promoción exterior da lingua e a cultura galegas*

No prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, o departamento con competencias en acción exterior, xunto co departamento competente en materia cultural, presentarán o proxecto de Instituto Rosalía de Castro, logo dun proceso participativo no que tomarán parte as entidades representativas do sector cultural público e privado, así como o Parlamento galego."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº51, de Adición.

Engadir unha nova disposición adicional décima, co seguinte texto:

"Disposición adicional décima. *Plan de fomento da difusión exterior da cultura e da lingua galegas*

Mentres non se cree o Instituto Rosalía de Castro, para a promoción da lingua e a cultura galegas no exterior, o departamento con competencias en acción exterior xunto cos departamentos con competencias en cultura e en política lingüística elaborarán un plan de fomento da difusión exterior da cultura galega e da lingua galegas, con especial atención ás áreas extraterritoriais de fala e cultura galegas. Para cumprir este obxectivo, o Goberno galego demandará o desenvolvemento de políticas a favor da diversidade cultural e lingüística por parte da Administración do Estado e dos medios de comunicación públicos."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº52, de Adición.

Engadir unha nova Disposición adicional décimo primeira, co seguinte texto:

"Disposición adicional undécima. *Axencia Galega de Cooperación para o Desenvolvemento*

No prazo dun ano desde a aprobación desta lei, o departamento con competencias en materia de cooperación internacional presentará no Parlamento a proposta dunha Axencia Galega de Cooperación para o Desenvolvemento. Previamente desenvolverá un proceso participativo, coa intervención das entidades máis representativas deste ámbito, no que se definirán os obxectivos, os recursos e os ámbitos de actuación da Axencia."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria única. Coeficientes por razón de servizo no exterior

Mentres non se regulan os coeficientes por razón de servizo que poidan corresponderlle ao persoal da Xunta de Galicia por residencia no estranxeiro, aplicaranse supletoriamente os que están establecidos no ámbito da Administración xeral do Estado.

NON SE PRESENTARON EMENDAS



DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

1. Quedan derogadas todas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei e, en particular, a Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, e a alínea 2 do artigo 17 do Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.

2. Manteranse en vigor o Decreto 178/2015, do 26 novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia, e o Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, no que non colidan cos preceptos desta lei e co disposto na alínea 1 desta disposición, mentres non se aprobe o desenvolvemento regulamentario da presente lei nas respectivas materias reguladas polos ditos decretos.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira primeira. Composición e funcionamento do Consello de Acción Exterior de Galicia

No prazo dun ano, a partir da entrada en vigor desta lei, aprobarase mediante decreto o Regulamento do Consello de Acción Exterior co obxecto de fomentar o seu carácter de órgano consultivo e asesor da Administración, e as funcións de seguimento, avaliación e control da estratexia e dos plans operativos de acción exterior.

NON TEN EMENDAS

**DITAME DA COMISIÓN:**

Disposición derradeira segunda. Habilitación normativa
Facúltase o Consello da Xunta para ditar as disposicións
regulamentarias necesarias para o axeitado desenvolvemento
desta lei.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

**DITAME DA COMISIÓN:**

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor
Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no
Diario Oficial de Galicia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Exposición de motivos .

Galicia é una nacionalidade histórica constituída como comunidade autónoma ao abeiro do previsto na Constitución española. Desde a aprobación do noso Estatuto de autonomía pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, sucedéronse fondos e substanciais cambios no ordenamento xurídico español. Sen dúbida, un dos máis relevantes foi o ligado á adhesión de España ás comunidades europeas, consonte preveu a Lei orgánica 10/1985, do 2 de agosto. Isto propiciou unha apertura sen precedentes de España ao exterior e co tempo posibilitou tamén cambios estruturais de enorme transcendencia, como a renuncia a emitir moeda propia, algo inimaxinable tan só uns anos atrás e que semellaba indisociable da natureza de todo estado soberano. Neste contexto, a doutrina do Tribunal Constitucional foi evolucionando paulatinamente ata asumir a proxección exterior das comunidades autónomas. En efecto, conforme a reiterada doutrina do Tribunal Constitucional, as comunidades autónomas poden levar a cabo accións con proxección exterior, circunscritas ao ámbito das súas competencias estatutariamente recoñecidas e para a promoción dos seus intereses, dentro do necesario respecto ás competencias estatais. Neste sentido, a Comunidade Autónoma de Galicia é unha das máis activas neste eido, por mor de fenómenos como o da nosa diáspora e a acelerada internacionalización da nosa economía, que nos elevou na clasificación de comunidades exportadoras e expendedoras de bens e servizos. Ao tempo, esta proxección exterior galega tamén se desenvolveu activamente no ámbito da solidariedade internacional e a cooperación para o desenvolvemento como expresión do compromiso da sociedade galega coa xustiza global dentro do marco definido polo Estado, a Unión Europea e o sistema das Nacións Unidas. A este respecto, a propia Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, recoñece expresamente, no seu artigo 20, a acción neste eido das comunidades autónomas.

A aprobación da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, axiña seguida pola Lei 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais, abriu novas portas á proxección exterior autonómica. Con este aval, e dentro sempre da indispensable lealdade constitucional, a Xunta de Galicia aprobou o Decreto 178/2015, do 26 novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia (en diante Draex), comunicado ao Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación. No eido da



cooperación internacional tamén aprobou o Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, co fin de simplificar e actualizar a normativa de desenvolvemento da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, en relación co Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento, os órganos de coordinación e asesoramento, as relacións interadministrativas e a xestión das subvencións para proxectos de cooperación, entre outras materias.

Cos ditos alicerces xurídicos, o Consello da Xunta de Galicia aprobou, o 1 de febreiro de 2018, a Estratexia galega de acción exterior Horizonte post 2020 (en diante Egaex), comunicada igualmente ao Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, logo dun informe sen ningún voto en contra do Parlamento de Galicia. Deste xeito, no punto 33 da Egaex incluíuse o compromiso de elevar ao debate parlamentario e no marco competencial actual o texto do Draex para a súa aprobación final mediante unha lei do Parlamento de Galicia ao longo da presente lexislatura, como expresión do gran consenso político que aspiramos a fraguar arredor da nosa acción exterior, proxección da capacidade de autogoberno dunha nacionalidade histórica como Galicia. Ademais, no eido da cooperación internacional, o III Plan director da cooperación galega (2014-2017) recoñecía o consenso do sector respecto da necesidade de revisar e actualizar o marco normativo establecido na Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, por canto as súas previsións e disposicións quedarán superadas pola progresiva consolidación e maduración do sistema galego de cooperación. Con esta lei dáse cabal cumprimento daquela a ese compromiso parlamentario e con ela téntase aproveitar ao máximo a marxe de manobra no exterior que permiten o bloque da constitucionalidade e mais as precitadas leis 2/2014 e 25/2014, así como o ordenamento da Unión Europea, que prevalece sobre a nosa normativa doméstica por mor das obrigas internacionais asumidas polo Reino de España, do cal Galicia é parte indisociable.

Esta lei regula, así, a acción exterior da Comunidade Autónoma conectada coas competencias estatutariamente recoñecidas a esta, tanto con carácter xeral coma no eido específico da cooperación para o desenvolvemento; materia esta última ata o de agora regulada na Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, que é obxecto de derogación. As transformacións da acción exterior no ámbito europeo e internacional, motivadas pola globalización en todas as súas dimensións, e a consolidación do multilateralismo demandan de Galicia unha resposta integral e complementaria



que sexa quen de atender os retos e desafíos globais no marco da promoción e a defensa dos intereses lexítimos da nosa Comunidade, mais cunha visión máis ampla e holística que de forma coherente contribúa á Axenda global de desenvolvemento humano sustentable liderada polas Nacións Unidas. Deste xeito, resulta do máximo interese para Galicia sumarse aos esforzos globais que, desde as políticas públicas domésticas e a acción exterior, están a conseguir avances na erradicación da pobreza nas súas múltiples dimensións, a redución das desigualdades, a realización efectiva dos dereitos humanos, a implantación de modelos de produción e consumo sustentables, a loita contra o cambio climático e a promoción dunhas relacións internacionais baseadas na paz e na xustiza.

II

A presente Lei reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia estrutúrase nun título preliminar e noutros dez títulos, seis disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras. Con ela aspírase a configurar un marco xeral que posúa vocación de permanencia, en prol dunha acción exterior ao servizo da cidadanía, das entidades públicas, dos axentes e as organizacións sociais e civís, así como das empresas galegas e das institucións e comunidades coas cales se asocia a Comunidade Autónoma nas súas actuacións de cooperación internacional e acción humanitaria.

III

Consonante a técnica normativa máis común da Unión Europea, o título preliminar recolle o obxecto da lei, oferta definicións dos conceptos xurídicos máis relevantes que insire, aglutina os seus principios reitores e define os obxectivos estratéxicos perseguidos, entre os que figuran a aproximación ao produto interior bruto per cápita da zona euro da Unión Europea, o achegamento aos estándares socioeconómicos, de calidade de vida, demográficos e ambientais básicos da zona euro da Unión Europea, a maior diversificación dos mercados exteriores, a captación de capital mercantil e industrial destinado a investimento produtivo e mais a atracción de capital humano cualificado para o máis acelerado desenvolvemento e consolidación económica de Galicia, que axude a paliar o avellentamento da nosa poboación pola caída da nosa natalidade, así como a favorecer o retorno das persoas emigrantes galegas e dos seus descendentes. Ademais, tamén se contribuirá á realización da Axenda global de desenvolvemento humano sustentable das Nacións Unidas e ás políticas de cooperación internacional e axuda humanitaria do Estado e da Unión Europea, impulsarase a cultura da solidariedade internacional e a conciencia de cidadanía global



na sociedade galega e promoverase o europeísmo e unhas relacións internacionais baseadas na paz e na xustiza. Por último, regúlase a representación do sector público autonómico, sinalando que lle corresponde á Presidencia da Xunta de Galicia dirixir e coordinar a súa acción exterior.

IV

O título I versa sobre os suxeitos da acción exterior galega e os suxeitos privados concorrentes, observando como liña definitoria basal a establecida no dereito da Unión Europea, logo incorporada ao ordenamento xurídico español. Neste punto merece unha mención singular a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP, AECT), dada a súa constitución ao abeiro dunha norma de aplicación directa en Portugal e España, como é o Regulamento (CE) nº 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, modificado polo Regulamento (UE) nº 1302/2013. Esta agrupación non é unha entidade do sector público autonómico, senón un organismo bilateral con personalidade xurídica propia, constituído entre a Xunta de Galicia, autorizada polo Consello de Ministros español, e a República Portuguesa, a través neste caso da súa Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDR-N).

V

O título II ocúpase de maneira detallada do procedemento para realizar a programación da acción exterior galega, positivando e desenvolvendo pautas que xa viñeran inseridas no Draex e na propia Egaex. Ten especial relevancia a hipotética revisión desta estratexia se as circunstancias internacionais así o exixiren, sen esquecer o xeito da participación galega na Estratexia española de acción exterior.

VI

O título III céntrase na aplicación da Egaex e na coordinación da acción exterior galega. Sublíñase aquí a conversión definitiva da Egaex no xenuíno eixe central da acción exterior galega, incluíndo como novidade fundamental a regulamentación das recepcións oficiais das autoridades públicas procedentes doutros estados ou de organismos internacionais; aspecto sobre o que existía unha considerable lagoa no noso ordenamento que cómpre encher, xa que estas visitas teñen igual ou, ás veces, máis relevancia xurídico-positiva que as viaxes ao exterior de delegacións galegas, dependendo do rango da cabeza da delegación e dos compromisos adquiridos en cada suposto.

VII

A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e mais a lusofonía merecen todo o título IV da lei, considerando o carácter estratéxico da nosa cada vez máis estreita cooperación coa



República Portuguesa e cos países da súa comunidade lingüística. Destaca neste eido, en especial, o papel da entidade Galicia-Norte de Portugal, Agrupación Europea de Cooperación Territorial, e da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, constituída o 31 de outubro de 1991 ao abeiro do acordo fundamentado no Convenio marco europeo sobre cooperación transfronteiriza entre comunidades e autoridades territoriais, do Consello de Europa de 1980, hoxe adaptado ás disposicións do Tratado entre o Reino de España e a República Portuguesa sobre cooperación transfronteiriza entre entidades e instancias territoriais, do 30 de outubro de 2002, cuxa entrada en vigor se produciu o 30 de xaneiro de 2004.

VIII

O título V, Galicia en Europa, reúne no seu primeiro capítulo as cuestións relacionadas coa participación de Galicia nos asuntos da Unión Europea, mentres que reserva o seu segundo capítulo á acción exterior en Europa fóra do marco xurídico da Unión Europea; aspecto este a cotío preterido, pero que sen dúbida vai ter unha maior importancia cando se materialice o abandono definitivo da Unión Europea polo Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte, considerando o peso e a densidade das relacións económicas, sociais e culturais de Galicia con ese reino.

IX

O aproveitamento das potencialidades que permiten tanto a Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, coma de maneira fundamental a Lei 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais, fai que no título VI se aglutinen todas as materias vencelladas cos futuros tratados e outros instrumentos e acordos internacionais en que poida intervir Galicia. Velaí como se diferencian con nitidez aspectos indispensables na sede doméstica galega, como son a participación na negociación de tratados, a execución en Galicia deses tratados, os acordos internacionais administrativos e mais os acordos internacionais non normativos do sector público autonómico, a previsión doutros acordos de suxeitos públicos, a comunicación e o arquivamento dos acordos internacionais do sector público autonómico e, finalmente, a homologación dos memorandos de entendemento para harmonizar as iniciativas das entidades públicas galegas cara a fóra cando os correspondentes compromisos deban ser plasmados documentalmente en diversos idiomas.

X

Considerando a diversidade e a pluralidade sectorial e institucional das iniciativas no exterior, no título VII desta lei



incorpóranse previsións sobre as correspondentes accións sectoriais alén de Galicia e España, sistematizadas por áreas homoxéneas. A especialidade deste título non implica en modo ningún unha derogación singular das previsións xerais inseridas no resto da lei, senón unha adecuación dos seus eidos substantivos aos principios e obxectivos básicos da norma.

XI

O amplo título VIII dedícase en exclusiva á cooperación para o desenvolvemento, que constitúe un dos puntais da proxección de Galicia no exterior, actualizando as previsións inseridas na Lei 3/2003, do 19 de xuño, que pasa a ser explicitamente derogada. Este título reflicte os avances e progresos experimentados nos máis de vinte e cinco anos de experiencia da Comunidade Autónoma no eido da cooperación internacional e da acción humanitaria e que configuraron unha Cooperación Galega máis especializada sectorial e xeograficamente, con maior complementariedade e eficaz coordinación co Estado e coa Unión Europea, con maior valor engadido e con maior capacidade para acadar os resultados de desenvolvemento establecidos na Axenda global de desenvolvemento humano sustentable das Nacións Unidas. Este título actualiza e moderniza os principios, os obxectivos, os criterios e as prioridades da política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento, así como a organización institucional da Cooperación Galega e os seus recursos e financiamento co fin de facilitar un espazo de coordinación e complementariedade co resto de axentes públicos e privados de cooperación, en especial coas administracións locais e as organizacións que a representan e as organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento (en diante ONGD), principais aliadas da Xunta de Galicia na promoción da xustiza global. Desde a creación en 1994 do pioneiro Rexistro Galego de Organizacións Non Governamentais para o Desenvolvemento, a Xunta de Galicia recoñeceu o labor das ONGD na progresiva consolidación e modernización desta política pública a nivel estratéxico e operativo, mantendo un constante diálogo coa Coordinadora Galega de Organizacións Non Governamentais para o Desenvolvemento e apoiando o seu fortalecemento institucional. Ao tempo, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, como entidade representativa da cooperación municipalista das entidades locais galegas adheridas a el, ten acompañado o labor da administración pública e das ONGD na configuración dun sistema galego de cooperación de valor estratéxico e coherente cos principios e valores da solidariedade internacional. Por estes motivos, a Coordinadora Galega de Organizacións Non Governamentais

para o Desenvolvemento e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade son recoñecidos como interlocutores permanentes da Administración autonómica en materia de cooperación para o desenvolvemento.

XII

No título IX actualízase o réxime relativo ás delegacións e oficinas autonómicas no exterior, coa adaptación das súas previsións á Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, coa finalidade primordial de mellorar a coordinación, minorar os custos e garantir o respecto ás competencias estatais.

XIII

A nova realidade da mobilidade internacional de profesionais e empresas, cada vez máis e mellor formados e capitalizadas, aconsellou innovar no título X todo o relacionado coas novas redes de intereses galegos no exterior, que amosan un modelo de actuación á marxe das tradicionais comunidades galegas da nosa antiga diáspora. No caso das persoas físicas, para garantir unha mellor atención por parte da Administración autonómica e para manter e estreitar os lazos subxectivos con Galicia, ante novos fenómenos que xa pouco teñen que ver coa realidade social e económica dos pasados dous séculos, considerando a proximidade que fornecen as modernas telecomunicacións ou mesmo os novos medios de transporte. E no caso das empresas, porque cómpre adaptarnos a unha realidade que exige atender demandas foráneas rapidamente cambiantes para así posibilitar a creación dunha anovada oferta de traballo para a cidadanía galega, mellor capacitada que nunca na nosa historia.

XIV

A disposición adicional primeira dedícase ao Consello da Cultura Galega, institución prevista no artigo 32 do noso Estatuto de autonomía, coa finalidade de atender as obrigas e facultades da Comunidade Autónoma na defensa e a promoción dos valores culturais do pobo galego. O cumprimento dos seus fins, dentro e fóra da comunidade autónoma, baséase no recoñecemento da transterritorialidade do pobo galego como consecuencia dunha diáspora secular.

A Fundación Galicia Europa é merecedora, pola súa banda, dun tratamento singular na disposición adicional segunda, por canto vén prestando un servizo ininterrompido desde 1988 e porque está constituída, ademais de pola Administración autonómica, por diversas deputacións provinciais, pola Zona Franca de Vigo e por entidades financeiras, e é un exemplo vivo e único de cooperación entre diversas administracións públicas e de colaboración con entidades privadas galegas,



algo que fica no mesmo espírito desta lei como desexable e necesario.

A disposición adicional terceira prevé a posibilidade de acadar apoios extraordinarios ás delegacións exteriores da Xunta de Galicia, nun intento de minimizar os custos de xestión no seu caso e de aproveitar o capital humano do propio sector público, pensando na existencia de picos de traballo e de necesidades puntuais que atender, sen por iso incrementar o gasto estrutural no capítulo de persoal.

Cun propósito similar de optimización dos recursos humanos, a disposición adicional cuarta abre a porta á participación do persoal do Sistema público de saúde de Galicia en emerxencias humanitarias, baixo os parámetros do réxime do voluntariado sanitario internacional; unha axuda impagable polo alto nivel de cualificación destes profesionais e pola necesidade de atender situacións extraordinarias de risco para a saúde pública que doutro xeito sería moi difícil poñer en marcha coa debida dilixencia.

As disposicións adicionais quinta e sexta refírense ao cumprimento da Axenda global de desenvolvemento humano sustentable e á designación de responsables do seguimento da participación de Galicia nos asuntos da Unión Europea.

Pola súa banda, a disposición transitoria única mantén que mentres non se regulen os coeficientes por razón de servizo que poidan corresponderlle ao persoal da Xunta de Galicia por residencia no estranxeiro, aplicaranse supletoriamente os establecidos no ámbito da Administración xeral do Estado.

Como as organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento e outros axentes do sector demandaban unha nova norma máis acaída cos tempos e cos progresos advertidos no eido internacional, procede salientar que a disposición derogatoria única derroga expresamente a Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, que fora innovadora e moi avanzada no seu día, pero que xa cumpriu o seu ciclo.

Por último, a habilitación normativa e a previsión da entrada en vigor da lei aparecen recollidas nas disposicións derradeiras, para garantir a pacífica transición e o mantemento da seguranza xurídica neste eido, consubstancial a un Estado constitucional e de dereito pertencente á Unión Europea.

Con esta Lei reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, a nosa Comunidade Autónoma dá un paso de xigante na progresión do seu ordenamento e demostra que se pode ser ambicioso en moitas áreas de interese para o país sen por iso bater co marco constitucional e coa lealdade institucional que lle é inherente.



NON SE PRESENTARON EMENDAS

Texto para Pleno

**RESUMO DE EMENDAS AO PROXECTO DE LEI REGULADORA DA
ACCIÓN EXTERIOR E DA COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO
DE GALICIA**

Proxecto de lei: BOPG núm. 26, do 06.10.2020

Emendas ao articulado: BOPG núm. 54, do 27.11.2020

Informe da Ponencia: BOPG núm. 89, fascículo 1, do 04.02.2021

Ditame da Comisión: BOPG núm. 95, do 16.02.2021

ARTIGO 1

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº1, ao apartado 1, de Substitución.

ARTIGO 2

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº3, ao apartado a), de Substitución.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº4, ao apartado e), de Supresión.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº6, ao apartado o) ter), de Adición.

ARTIGO 3

Non ten emendas

ARTIGO 4

Non ten emendas

ARTIGO 5

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº11, ao apartado 3, de Substitución.

ARTIGO 6

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº12, ao apartado 2, de Supresión.

ARTIGO 7

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº13, de Adición.

ARTIGO 8

Non ten emendas

ARTIGO 9

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº15, de Adición.

ARTIGO 10

ARTIGO 11 **Non se presentaron emendas**

ARTIGO 12 **Non se presentaron emendas**

ARTIGO 13 **Non se presentaron emendas**

ARTIGO 14 **Non se presentaron emendas**

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº4, ao apartado 2 bis), de Adición.

ARTIGO 15

CAPÍTULO III **Non se presentaron emendas**

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº16, de Supresión.

ARTIGO 16

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº17, de Supresión.

ARTIGO 17

ARTIGO 18 **Non se presentaron emendas**

ARTIGO 19 **Non se presentaron emendas**

ARTIGO 19 BIS **Non se presentaron emendas**

Non ten emendas
-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº19, de Adición.

ARTIGO 20

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº20, ao apartado 4, de Supresión.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.

Emenda nº5, ao apartado 6, de Modificación.

ARTIGO 21

Non se presentaron emendas

ARTIGO 22

Non se presentaron emendas

ARTIGO 23

Non se presentaron emendas

ARTIGO 24

Non se presentaron emendas

ARTIGO 25

Non se presentaron emendas

ARTIGO 26

Non se presentaron emendas

ARTIGO 26 BIS

Non ten emendas

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº23, de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº24, de Adición.

ARTIGO 27

Non se presentaron emendas

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº25, de Adición.

ARTIGO 28

Non ten emendas

ARTIGO 29

Non se presentaron emendas

ARTIGO 30

Non se presentaron emendas

ARTIGO 31

Non se presentaron emendas

ARTIGO 32



| | |
|------------------|-----------------------------------|
| ARTIGO 33 | Non ten emendas |
| ARTIGO 34 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 35 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 36 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 37 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 38 | Non ten emendas |
| ARTIGO 39 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 40 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 41 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 42 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 43 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 44 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 45 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 46 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 47 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 48 | Non se presentaron emendas |
| | Non se presentaron emendas |

ARTIGO 49

Non se presentaron emendas

ARTIGO 50

Non se presentaron emendas

ARTIGO 51

Non ten emendas

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº26, de Adición.

ARTIGO 52

Non se presentaron emendas

ARTIGO 53

Non se presentaron emendas

ARTIGO 54

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº27, ao apartado 3 bis), de Adición.

ARTIGO 55

Non se presentaron emendas

ARTIGO 56

Non se presentaron emendas

ARTIGO 57

Non se presentaron emendas

ARTIGO 57 BIS

Non ten emendas

ARTIGO 58

Non se presentaron emendas

ARTIGO 59

Non se presentaron emendas

ARTIGO 60

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº28, ao apartado 2, de Supresión.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº29, ao apartado 3, de Supresión.

ARTIGO 60 BIS)

Non ten emendas

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº12, de Adición.

ARTIGO 61

Non se presentaron emendas

ARTIGO 62

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº14, ao apartado 1, de Supresión.

ARTIGO 63

Non se presentaron emendas

ARTIGO 64

Non se presentaron emendas

ARTIGO 65

Non se presentaron emendas

ARTIGO 66

Non se presentaron emendas

ARTIGO 67

Non se presentaron emendas

ARTIGO 68

Non se presentaron emendas

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº30, de Adición.

ARTIGO 69

Non ten emendas

ARTIGO 70

Non ten emendas

ARTIGO 70 BIS)

Non ten emendas

ARTIGO 71

Non se presentaron emendas

ARTIGO 72

Non se presentaron emendas

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº33, de Adición.

ARTIGO 73

Non se presentaron emendas

ARTIGO 74

Non se presentaron emendas

ARTIGO 75

Non ten emendas

ARTIGO 76

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº34, ao apartado h) bis), de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº35, ao apartado h) ter), de Adición.

ARTIGO 77

Non se presentaron emendas

ARTIGO 78

Non se presentaron emendas

ARTIGO 79

Non se presentaron emendas

ARTIGO 80

Non se presentaron emendas

ARTIGO 81

Non ten emendas

ARTIGO 82

Non se presentaron emendas

ARTIGO 83

Non se presentaron emendas

ARTIGO 84

Non se presentaron emendas

ARTIGO 85

Non se presentaron emendas

ARTIGO 86

| | |
|-------------------|--|
| ARTIGO 87 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 88 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 89 | Non se presentaron emendas |
| | -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego. Emenda nº37, ao apartado 2, de Modificación. |
| | <hr/> |
| | -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego. Emenda nº38, ao apartado 4 bis), de Adición. |
| | <hr/> |
| | -Do G.P. Bloque Nacionalista Galego. Emenda nº39, ao apartado 4 ter), de Adición. |
| ARTIGO 90 | <hr/> |
| ARTIGO 91 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 92 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 93 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 94 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 95 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 96 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 97 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 98 | Non ten emendas |
| ARTIGO 99 | Non se presentaron emendas |
| ARTIGO 100 | Non se presentaron emendas |



ARTIGO 101 Non se presentaron emendas

ARTIGO 102 Non se presentaron emendas

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº41, ao apartado 8 bis), de Adición.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº18, ao apartado 8 bis), de Adición.

ARTIGO 103

ARTIGO 104 Non ten emendas

ARTIGO 105 Non se presentaron emendas

ARTIGO 106 Non se presentaron emendas

ARTIGO 107 Non se presentaron emendas

ARTIGO 108 Non ten emendas

Non se presentaron emendas
-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº44, de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº45, de Adición.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA Non ten emendas

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº47, ao apartado 6 bis), de Adición.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA Non se presentaron emendas

Non se presentaron emendas
DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA

Non se presentaron emendas
DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA

Non se presentaron emendas

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº48, de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº49, de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº50, de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº51, de Adición.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº52, de Adición.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

Non se presentaron emendas
DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Non se presentaron emendas
DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA

Non ten emendas
DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEGUNDA

Non se presentaron emendas
DISPOSICIÓN DERRADEIRA TERCEIRA

Non se presentaron emendas
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non se presentaron emendas

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

3. [Debate das propostas de resolución](#) formuladas á Primeira Revisión do Plan Forestal de Galicia (doc. núm. 8904, 11/PEP-000001) (docs. núm. 10470, 10471, 10472 e 10473)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 28.01.2021
Publicación das propostas, BOPG núm. 96, do 17.02.2021



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 8904
Data envío: 22/01/2021 14:09:48.453



En cumprimento do artigo 142 do Regulamento do Parlamento de Galicia, achégolle a
"1ª revisión do plan forestal de Galicia", remitido pola Consellería do Medio Rural,
para o seu pronunciamento polo Parlamento.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



Á Mesa da Comisión 7ª; Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **Propostas de Resolución, a 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia. (117PEP-000001(8904))**.

PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN PFG 2021-2040

Este grupo sinala a importancia deste documento para un sector estratéxico en Galicia, subliña o esforzo realizado polo goberno da Xunta de Galicia, pero en particular pola sociedade civil, este documento vén de recoller dun xeito estruturado as necesidades demandadas polas principais entidades, organizacións e asociacións do monte en Galicia.

A incorporación de 101 das 115 directrices para a revisión do Plan Forestal Galicia aprobadas polo grupo de traballo do Consello Forestal de Galicia, composto de 27 organizacións, asociacións e departamentos da Xunta de Galicia directamente relacionados co monte galego, e o engadido de 92 das 123 recomendacións do Ditame emitido en xullo do ano 2018 pola Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, que contou co respaldo de 3/4 dos representantes desta cámara parlamentaria, poñen ás claras a autoría deste documento.

Deste xeito, este grupo parlamentario propón aprobar as seguintes propostas:



Proposta de Resolución número 1.-

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a incorporar ao Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica”, os documentos de planificación, de carácter estratéxico, para as principais producións forestais do monte galego, en particular:

- Da produción de castaña (Medidas I.1.3, II.2.3, III.1.1 e IV.1.2).
- Da produción de cogomelos (Medidas I.1.5, V.1.1, V.2.1, VI.2.2).
- Da produción madeireira (Medidas I.1.1., I.1.2, I.1.3, I.2.2, I.3.1, II.2.3, III.1.1, II.1.2, III.2.1, IV.2.1, IV.2.2, IV.2.3, IV.2.4, IV.3.1, V.1.1, V.2.1, VI.2.2).
- Da produción da cortiza e resina (Medidas I.1.5, V.1.1, V.2.1, VI.2.2).
- Outras producións (mel, froitos, plantas aromáticas e medicinais...) (Medidas I.1.5, V.1.1, V.2.1, VI.2.2).

De xeito tal, que determine as producións, en superficie, cantidade e características, que o monte galego debe subministrar para situalo nunha posición estratéxica nos mercados nacionais e internacionais, abordando tamén a transformación dos seus produtos. En particular, o plan estratéxico para a produción industrial da madeira deberá desagregar as necesidades para as principais formacións arboradas de Galicia.

Estes instrumentos de planificación deben ser froito do consenso da cadea monte-industria galega, ter un horizonte temporal amplo e estar sometidos a un seguimento continuado que propicie, de ser necesario, as pertinentes revisións.

Proposta de Resolución número 2.-

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a ser máis ambiciosos nos obxectivos e medidas en materia de información e estatística forestal no Plan Forestal de Galicia 2021-2040. Neste senso, tentaranse incorporar actuacións na planificación estatística da Comunidade Autónoma para estudar a caracterización económica e socio demográfica do monte galego que permitan describir ás explotacións forestais, os seus titulares e a cadea forestal da madeira e doutros recursos forestais. Esta liña de actuación esixirá dun traballo coordinado entre os diferentes organismos e departamentos da Xunta de Galicia con competencias na materia.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Proposta de Resolución número 3.-

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que estea desenvolto, antes de que remate o ano 2022, o Inventario forestal continuo de Galicia (IFCG) declarado como unha medida fundamental (Medida V.1.1) dentro do Plan Forestal de Galicia 2021-2040. Debe estar baseado no coñecemento académico e científico das escolas forestais universitarias de Galicia, e os datos que se vaian obtendo de dito inventario deberán ser difundidos dun xeito continuado e público.

Proposta de Resolución número 4.-

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a reservar os importes provenientes dos orzamentos anuais da Xunta de Galicia, dispostos no Plan Forestal de Galicia 2021-2040, que aseguren o necesario apoio orzamentario para a execución dos plans, programas e medidas contemplados en dito documento.

Proposta de Resolución número 5.-

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a establecer un plan de seguimento continuado que avalíe o grao de execución dos plans, programas e medidas declarados no Plan Forestal de Galicia 2021-2040, en particular:

- O Plan Forestal de Galicia deberá ser actualizado ao final de cada un dos períodos de aplicación (cada cinco anos).
- En adición existirá unha avaliación interna do grao de desenvolvemento do Plan, de carácter bianual, como referencia para analizar o seu nivel de cumprimento. Os resultados que se obteñan detallaranse nun informe de avaliación que será presentado ao Consello Forestal de Galicia e ante esta cámara parlamentaria.
- As consellerías da Xunta de Galicia responsables na execución das diferentes iniciativas, programas e liñas de acción da Revisión do PFG deberán informar anualmente ao Consello Forestal sobre os resultados da execución do orzamento público.
- A consellería con competencias en materia forestal deberá dispor dun acceso público, a través do seu *portalweb*, a un panel de control que monitorice, analice e amose de maneira visual os indicadores quinquenais de seguimento, coas súas métricas e datos fundamentais para facer un seguimento do estado de execución (%) e da súa consecución.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Proposta de Resolución número 6.-

O Parlamento de Galicia acorda a aprobación desta primeira revisión que se lle fai ao actual Plan Forestal de Galicia denominada *Plan Forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica"*.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/02/2021 18:06:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, de conformidade co disposto nos artigos 142 e 141 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **Propostas de Resolución á Primeira revisión do Plan Forestal de Galicia (doc. núm. 8904; 1 I/PEP-000001)** que foi substanciado na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, do 5 de febreiro de 2021, para o seu debate en Pleno ao abeiro do disposto no acordo da Mesa do Parlamento do 26 de xaneiro de 2021.

Proposta de Resolución 1

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a retirar a “Primeira Revisión do Plan Forestal: cara a neutralidade carbónica” presentado e debatido na Comisión 7ª do día 5 de xaneiro de 2021 e reiniciar o proceso de elaboración Plan Forestal por non axustarse o documento actual aos necesarios procesos de participación e transparencia así como por non contar cun inventario actualizado.

Proposta de Resolución 2

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a respectar os procedementos contemplados na lei para a elaboración do Plan Forestal e polo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tanto a facer unha exposición pública da “1ª Revisión do Plan Forestal: Cara a neutralidade carbónica” que permita a participación de toda a sociedade na configuración dun documento o máis amplo posíbel xa que entende que o documento exposto en 2018 é sensibelmente diferente do que se está a tramitar agora como recoñece o propio goberno galego ao argumentar que este último está principalmente baseado nas recomendacións derivadas do ditame da “Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galiza, avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galiza en outubro de 2017”, que nin sequera estaba publicado no momento da exposición pública do documento anterior.

Proposta de Resolución 3

O Parlamento galego considera que é preceptivo contar cun inventario forestal actualizado para poder levar a cabo a revisión do Plan Forestal xa que, como marca a lei de montes de Galiza no seu artigo 72, o inventario é un elemento necesario para poder fundamentar a diagnose de situación da que ten de partir o documento. A inexistencia deste inventario, que tampouco é substituído polo anunciado Inventario Continuo Galego (tamén sen publicar) invalida o conxunto do documento presentado ao ser o paso previo básico de análise do que ten de partir o Plan polo que insta á Xunta de Galiza a elaborar ese inventario antes de poñer en marcha a revisión do Plan Forestal





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de Resolución 4

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a corrixir a falta de transparencia na tramitación do Plan Forestal así como o incumprimento doutros trámites necesarios como a Avaliación Ambiental Estratéxica na elaboración desta Primeira Revisión do Plan Forestal que dista moito do documento avaliado e exposto en 2018.

Proposta de Resolución 5

*O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a elaborar un novo Plan que conteña un **modelo de monte** sobre o que traballar e planificar. O documento presentado non ten unha previsión do modelo de monte que aspira a ter no horizonte dos 20 anos de vixencia que prevé o Plan Forestal. Esta primeira revisión do plan forestal carece polo tanto deses dous eixos básicos sobre os que se ten de estruturar calquera planificación estratéxica: un punto de partida e un obxectivo. Para a elaboración deste modelo terase en conta cal é a realidade actual e cal é o tipo de monte ao que se aspira en 2040.*

Proposta de Resolución 6

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a corrixir a falta de especificidade desta Primeira Revisión do Plan Forestal. Para iso comprometerase a modificar a estrutura do documento incorporando unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

auténtica planificación máis aló de vaguidades e desiderátums que estabeleza detalles de actuación, obxectivos, prazos e orzamentos nidios para cada un dos programas aquí esbozados así como metodoloxía de revisión do grao de execución deses obxectivos e actuacións cunha periodicidade máis aló dos quinquenios que marca o Plan.

Proposta de Resolución 7

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a recoñecer a súa renuncia a elaborar un novo modelo de monte que vaia máis aló do monocultivo de eucalipto e que aposte por un monte multifuncional máis aló do forestalismo puro que preconiza este documento. Ao tempo reclámalle que empregue o Plan Forestal para establecer un modelo de monte que teña unha con maior resiliencia fronte aos lumes, no que prime a biodiversidade e que se ordene de tal xeito que sexa capaz de xerar valor engadido e fixar poboación no territorio.

Proposta de Resolución 8

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a elaborar un Plan Forestal que permita iniciar o proceso de reversión da situación actual do monte galego e que permita, polo tanto, comezar a andar o auténtico camiño cara a neutralidade carbónica que vende no título máis aló da propaganda. Un plan forestal que principie a desandar o camiño do monocultivo, que é moito menos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

eficiente á hora de amorear carbono; que alongue os turnos das cortas; que evite as talas e as plantacións a feito, que perden máis carbono neses procesos do que reteñen nos curtos períodos de pervivencia; que entenda os procesos restauradores como algo complexo que debe incluír o mantemento e fomento de estruturas.

Proposta de Resolución 9

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a deixar de facer deixación das súas funcións e a comezar a planificar pensando no ben colectivo máis aló do beneficio individual dunhas poucas empresas e propietarixs.

Proposta de Resolución 10

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a elaborar unha análise económica seria que planifique os investimentos públicos previstos e que incorpore á análise os investimentos privados, fixando cadros de obxectivos e elementos de revisión dos mesmos. Unha análise que contribúa a valorar as taxas de eficacia no investimento do diñeiro público e que empregue eses fondos públicos para reverter a situación actual e ser motor de cambio e non se contente con ser garante do mantemento das inercias actuais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de Resolución 11

O Parlamento considera que un bo Plan Forestal ten que implicar a toda a cadea e fixarse como obxectivo a creación de valor engadido. Así insta á Xunta de Galiza a deixar de meter diñeiro sen control no monte e adicar parte dos fondos destinados ao desenvolvemento do Plan Forestal á xeración e consolidación dese valor engadido.

Proposta de Resolución 12

*O Parlamento insta a Xunta de Galiza a modificar tanto o **EIXO I** (Contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos ambientais => **biodiversidade e multifuncionalidade**) como o **EIXO II** (Protección, sanidade forestal e prevención e defensa contra os incendios forestais) para que aborden o problema da estrutura forestal, onde a expansión do eucalipto é un problema fundamental. O incremento do eucalipto en 20.000 ha contemplado finalmente na RPFPG é inadmisíbel dende calquera óptica. Ao tempo a recoñecer que as 40.000 ha de nitens (non inventariadas no IFN4) que figuran no rascaño inicial foron plantadas co aval do goberno galego actual á marxe das indicacións do PFG.*





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de Resolución 13

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a analizar claramente o grave problema da expansión do eucalipto e a incluír na PRPF un auténtico plan de redución e confinamento do eucalipto que vaia máis aló e sexa moito máis ambiciosa que a estratexia recollida no documento que di que “para non exceder as cifras deste aumento (do eucalipto nitens –páx.49 do borrador PRPF) serán establecidos criterios técnicos e normas que axuden a limitar a súa expansión” e que supoña unha redución a 20 anos de 200.000 hectáreas de eucalipto (a razón de 10.000 ha/ano) en medidas de silvicultura de masas mixtas, de eliminación de eucalipto en terras agrícolas PAC e de substitución por caducifolias en cortas favorecendo a estrutura forestal en mosaico.

Proposta de Resolución 14

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a aclarar a que se refire coa mobilidade de terreos agroforestais (150.000 ha) e se están localizados en zonas agrícolas abandonadas ou son terreos claramente forestais xa que en ningún caso un Plan Forestal ten que marcar a estratexia a seguir no desenvolvemento das terras agrarias subexplotadas e/ou abandonadas no país. Así mesmo admite que dita labor corresponderíalle a un departamento transversal de todos os departamentos da Consellaría do Medio Rural con competencias sobre o mesmo. O Plan Forestal en todo caso poderá facer formulacións de ordenación e posta en valor de terras no ámbito que lle corresponde, que son os montes.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de Resolución 15

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a modificar o Plan Forestal para afondar no problema das especies invasoras como aquelas do xénero acacia (Programa de Control de Vexetación Invasora que acade as 1.000 ha no cuarto quinquenio (Medida I.1.4) que no documento que se presenta é moito máis insuficiente que no borrador de 2018. Así, alí propúñase a modificación das especies arbóreas dominantes mediante a transformación de masas mixtas en masas puras de coníferas e caducifolias mediante a silvicultura, eliminando 54.289 ha de frondosas alóctonas (52.500 de eucaliptos + 1.789 doutras especies invasoras). Significaba unha redución real, respecto da superficie actual (+25000 de nítens previsto na RPF), do 11,33 % de masas alóctonas, principalmente eucalipto mentres que no documento actual o obxectivo que se persegue é moi inferior.

Proposta de Resolución 16

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a modificar os obxectivos do programa I.1.1. establecendo unha auténtica priorización das especies autóctonas que vaia moito máis aló das previsións de superficie total ocupada por estas especies en 2040 que o plan establece en 425.000 (só 10.000 por riba das recoñecidas hoxe) no que a todas as luces resulta insuficiente sendo ademais





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

moito menos ambicioso que a proposta de 2018 (que prevía un aumento de 54.000 hectáreas).

Proposta de Resolución 17

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a realizar un cambio de rumbo incluíndo medidas e actuacións específicas que avancen cara un auténtico monte multifuncional máis aló das palabras baleiras incluídas no documento de síntese nas que se fala de multifuncionalidade até en máis de 40 ocasións pero que cando baixa ao detalle (I.1.5. Medidas de fomento da multifuncionalidade do monte) só contempla a creación de catro montes modelo (un por provincia) e facer un estudo sobre aproveitamentos non madeirábeis dos montes.

Proposta de Resolución 18

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a facer unha análise máis ampla da multicausalidade dos lumes no noso país e a acometer mudanzas de calado para enfrontarse a uns incendios que, en boa medida, son consecuencia da política de montes do Goberno galego que deixa sen combater as causas estruturais que os provocan reducíndoos a un problema de orde pública. Ao tempo entende errada a estratexia de loita contra o lume formulada no Plan Forestal e polo tanto insta á Xunta a modificar as 10 estratexias debulladas das que 1 é normativa, 7 de plans e reorganización de distritos e 2 de combate contra o lume





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de Resolución 19

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a abandonar a política de privatización e de revisión da condición de veciña/o como pasos previos para a eliminación do carácter xermánico da titularidade veciñal dos montes en man común. Ao tempo reclámalle que renuncie a continuar implementando medidas que tendan a obrigar ás mancomunidades de comunidades de montes a obter personalidade xurídica para que poidan entrar socios capitalistas.

Proposta de Resolución 20

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a non presentar bonificacións e incentivos fiscais que son de imposíbel aplicación nos montes veciñais por seren titularidades e carácter xermánico (como o IBI) e a afondar no reforzamento desa forma específica de titularidade dos montes incidindo no funcionamento asemblear e democrático das comunidades de montes.

Proposta de Resolución 21

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a facer unha modificación de base da planificación no que ten a ver coa cadea monte-industria para poder afondar no peche do ciclo produtivo e abandonar o modelo baseado na corta de madeira





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de baixo valor. Galiza corta case un 60% da madeira de todo o Estado pero a facturación do sector só representa o 13% do total de España precisamente pola falta de valor engadido. O Parlamento insta así mesmo á xunta a facer unha planificación que favoreza a creación de tecido empresarial asentado no territorio máis aló das dúas multinacionais que hoxe copan o sector da madeira no país e que permitan avanzar cara unha alternativa de produción de madeiras de calidade.

Proposta de Resolución 22

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a limitar de xeito claro no Plan Forestal as zonas de exclusión de especies alóctonas e/ou pirófitas como os eucaliptos prohibindo a súa presenza en zonas de Rede Natura, hábitats protexidos e zonas de policía dos cursos fluviais, entre outras.

Proposta de Resolución 23

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar e poñer en funcionamento os Plans de Ordenación de Recursos Forestais (PORF) desde o mesmo momento de entrada en vigor do Plan Forestal e a non agardar ao segundo quinquenio por seren o instrumento de planificación executiva vencellado ao Plan Forestal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de Resolución 24

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar e poñer en funcionamento Plans de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Distrito de xeito inmediato trala aprobación do Plan Forestal.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2021

Asdo.: María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 09/02/2021 18:07:04

María del Carmen Aira Díaz na data 09/02/2021 18:07:12

Xosé Luis Rivas Cruz na data 09/02/2021 18:07:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 09/02/2021 18:07:38



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e de acordo coa normativa fixada para a Primeira revisión do Plan Forestal de Galicia (doc. núm. 8904), presenta ante esa mesa a seguinte proposta de resolución sobre a base dos seguintes motivos:

O Parlamento de Galicia rexeita a Primeira revisión do Plan Forestal de Galicia remitido pola Xunta de Galicia e insta o Goberno galego á súa reformulación, tendo en conta que:

Este é un documento de baixa calidade técnica, con eivas importantes e unha falla de rigor nas achegas que se lle esixe a un documento coa relevancia que ten que ter o instrumento básico de planificación forestal de Galicia e que vai actuar sobre máis das dúas terceiras partes do noso territorio. A maior abundamento precisa dunha adaptación deste plan ao novo marco xurídico vixente en Galicia en virtude da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia co fin de corrixir eivas tan importantes como:

- a) Títulos e horizontes temporais incoherentes ao longo do documento
- b) Falta de metodoloxía coñecida e diagnóstico.
- c) Obxectivos confusos.
- d) Desprezo polo modelo de monte e os PORF.
- e) Falta de rigor nos datos de eucalipto e piñeiro.
- f) Uso malévolo das masas frondosas caducifolias.
- g) Esta revisión do Plan ten un curto desenvolvemento das medidas ou programas de actuación por eixo programático, así como os seus indicadores de seguimento que, en moitos casos, son soamente de xeito orzamentario e non de resultado de execución.
- h) Falta de credibilidade na distribución orzamentaria.

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2021





Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/02/2021 18:17:27



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 142 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa as seguintes propostas de resolución á Primeira revisión do Plan Forestal de Galicia (doc. núm. 8904), aos apartados que se indican:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

VI.1. Desenvolvemento territorial da planificación, avaliación e seguimento do Plan Forestal e dos Plan de Ordenación dos Recursos Forestais
Obxectivo programático

Resolución 1

Proceder á adaptación do Plan ao novo marco xurídico vixente en Galicia en virtude da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, que derroga expresamente a Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

2.5 Documentación preceptiva requirida no procedemento de avaliación ambiental estratéxica da 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia

Resolución 2

Iniciar un novo procedemento de avaliación ambiental estratéxica de conformidade co disposto na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, dado a inseguridade xurídica no proceso de avaliación ambiental iniciado en 2018, o tempo transcorrido, as modificacións continuas efectuadas, a tramitación seguida e a carencia de rigor no proceso avaliador iniciado, en virtude do disposto no artigos 21 e seguintes da citada lei.

8.1 Orzamento público. Primeiro quinquenio de excusión.

Resolución 3

Adaptar o período de vixencia, execución e programación aos retrasos reiterados na tramitación do Plan. En 2021, preséntase un plan cunha vixencia operativa



real de cinco anos para o período 2018-2021, por moito que se tente maquillar modificando a referencia a 2021-2025- A aprobación do Plan practicamente viría a coincidir co terceiro ano de vixencia deste.

Adaptar a senda orzamentaria do Plan aos tempos da Consellería do Medio Rural, non ten sentido presentar en 2021 sendas orzamentarias “futuras” que comezan en 2018 e que se incumpren de forma reiterada.

Optar ou ben pola inclusión no Plan do rol da Axencia Galega da Industria Forestal ou directamente pola súa supresión neste novo modelo de administración paralela en forma de axencias que xestiona preto do 10% do orzamento global da Xunta de Galicia carente de coordinación e de calquera atisbo de dirección por obxectivos.

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/02/2021 18:22:52



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

4. Comparecencias

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 11053 (11/_CPP-000041)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para
informar sobre a evolución da incidencia da pandemia en
Galicia no relativo á situación epidemiolóxica e asistencial
e os avances no Plan Galego de Vacinación fronte á covid-19

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia – ante o Pleno – do Sr. conselleiro de Sanidade **“para informar sobre a evolución da incidencia da pandemia en Galicia no relativo á situación epidemiolóxica e asistencial e os avances no Plan Galego de Vacinación fronte á covid-19”**.

Santiago de Compostela,


A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSM-REXISTRO-TRAMITES
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csw/>



Asinado dixitalmente por:



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2021 18:20:02

CSV: REGISTROUmghlyS9
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/ramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 7465(11/CPP-000035)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta das medidas que está tomando a Xunta diante da evidencia de que Galicia está inmersa nunha terceira onda por contaxios de covid-19 e da estratexia de vacinación, que debería ser unha peza clave para evitar a transmisión de contaxios

Publicación da iniciativa, 75, 13.01.2021



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2021 10:11:53
Nº Rexistro: 7465
Data envío: 11/01/2021 10:11:53.638

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno do Conselleiro de Sanidade**, para dar conta das medidas que está tomando a Xunta diante da evidencia de que Galiza está inmensa nunha terceira onda por contaxios Covid e da estratexia de vacinación que debería ser unha peza clave para evitar a transmisión de contaxios.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

CSM-REXISTRO-FC65A9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2021 10:11:53
Nº Rexistro: 7465
Data envío: 11/01/2021 10:11:53.638

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/01/2021 10:07:17

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2021 10:08:12

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/01/2021 10:08:22

María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2021 10:08:30

Xosé Luis Bará Torres na data 11/01/2021 10:08:40

Iria Carreira Pazos na data 11/01/2021 10:08:54

CSV REXISTRO LO/FGSAV9
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2021 10:11:53
Nº Rexistro: 7465
Data envío: 11/01/2021 10:11:53.638

Daniel Castro García na data 11/01/2021 10:09:04

Ramón Fernández Alfonso na data 11/01/2021 10:09:17

Alexandra Fernández Gómez na data 11/01/2021 10:09:28

María González Albert na data 11/01/2021 10:09:36

María do Carme González Iglesias na data 11/01/2021 10:09:57

Rosana Pérez Fernández na data 11/01/2021 10:10:02

Daniel Pérez López na data 11/01/2021 10:10:12

María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2021 10:10:23

Noa Presas Bergantiños na data 11/01/2021 10:10:31

Mercedes Queixas Zas na data 11/01/2021 10:10:46

Paulo Ríos Santomé na data 11/01/2021 10:10:58

Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2021 10:11:08

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/01/2021 10:11:16



CSV REXISTRO LOVFGSAV9

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

5. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 10802 (11/MOC-000025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa nova onda de contaxios de covid-19 e a estratexia de vacinación. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 8569, publicada no BOPG n.º 83, do 27.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2021)



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2021 12:14:15
Nº Rexistro: 10802
Data envío: 12/02/2021 12:14:15.086

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 10 de febreiro, sobre a política do Goberno galego en relación coa nova onda de contaxios de covid-19 e a estratexia de vacinación (doc. núm **8569**, [11/INT-000518]).

Moción

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Realizar, e remitir ao Parlamento galego coa maior brevidade posible, un informe actualizado da situación e desenvolvemento das primeiras etapas do Plan Galego de Vacinación contra o SARS-CoV-2, atendendo, entre outras, á cuestión de número de doses recibidas e así como á distribución e administración das mesmas.

2. Deseñar un plan para as sucesivas fases do Plan de vacinación no que se contemple o reforzo do persoal encargado da administración da vacina sen que supoña o menoscabo doutros servizos do sistema público de saúde; orzamento, o procedemento de vacinación que se seguirá e puntos nos que se levará a cabo, os mecanismos de chamada á poboación diana en cada fase, así como o procedemento de elaboración de listaxes de vacinación. Este plan deberá ser presentado no Parlamento de Galiza antes do inicio da nova fase de vacinación.

CSM - REXISTRO DE DOCUMENTOS
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 12/02/2021 12:14:15

Nº Registro: 10802

Data envío: 12/02/2021 12:14:15.086

3. Reforzar a Atención Primaria, cunha dotación de persoal suficiente para afrontar tanto a atención á patoloxía causada pola COVID-19 como tamén a toda a atención ordinaria.

4. Reforzar o sistema de rastrexo e de probas masivas para a detección de novos positivos, así como adoptar todas as medidas sanitarias que sexan necesarias para evitar novas repuntas nas cifras de contaxios, atendendo a cortar a cadea de transmisión do virus mediante a detección precoz dos casos asintomáticos.”

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 12/02/2021 12:13:34

CSV: REGISTRO:GEDHZL3
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2021 12:14:15
Nº Registro: 10802
Data envío: 12/02/2021 12:14:15.086

Ana Pontón Mondelo na data 12/02/2021 12:13:46

CSV, REGISTRO: GEDN2L3
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 10901 (11/MOC-000026)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento local. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 6176, publicada no BOPG n.º 63, do 16.12.2020, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2021)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte moción para substanciar a interpelación debatida na sesión plenaria do día 9 de febreiro de 2021, sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento local (doc. núm. 6176).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1º Realizar as actuacións precisas para garantir o 100 % de execución das partidas destinadas a entidades locais galegas.
- 2º Remitir á Cámara galega no primeiro trimestre do ano un informe por consellarías respecto da execución das diversas partidas dirixidas ás corporacións locais de Galicia durante a X lexislatura, desagregado por consellarías.
- 3º Remitir á Cámara galega no primeiro trimestre do ano un informe respecto da execución das diversas partidas dirixidas ás corporacións locais de Galicia durante o ano 2020, desagregado por consellarías.
- 4º Acordar coa Fegamp un incremento do Fondo de Cooperación Local para este exercicio, tendo en conta as contías non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais que o Goberno galego deixa sen executar.
- 5ª Iniciar no primeiro semestre deste ano, no seo da Comisión Galega de Cooperación Local, o estudo e debate dun proxecto de lei que regule a participación no financiamento dos concellos galegos nos ingresos da Xunta de Galicia.
- 6º Establecer neste exercicio os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, que garantan a igualdade de acceso mediante convocatorias públicas.

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2021





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10901
Data envío: 12/02/2021 14:27:19.544

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/02/2021 12:56:13

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/02/2021 12:56:27

CSXV REGISTROGwvgQJN9
Verificar
<https://seccia.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 10913 (11/MOC-000027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a xestión da crise sanitaria provocada pola pandemia. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 7888, publicada no BOPG n.º 79, do 20.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2021)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 9 e 10 de febreiro do 2021, sobre as recomendacións de medidas máis restritivas de mobilidade e de reunión nas datas das festas de Nadal e os criterios que fundamentaron as decisións finais que tomou o Goberno galego (11/INT-000493, documento número 7888).

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Facer público, en cada informe diario dos datos COVID de Galicia, o número de camas UCI fisicamente existentes en total en cada momento nos hospitais públicos galegos, distribuídas por área sanitaria. Nesta mesma información indicárase o volume de camas ocupadas por pacientes COVID, por pacientes doutra patoloxía e o volume de camas libres.
2. Implementar un plan de contratación extraordinaria de profesionais que permitan desafogar tarefas dos hospitais públicos galegos, ampliando horarios de atención durante todo o día se fora necesario a patoloxías non COVID mediante circuitos non-COVID e permitindo ao resto de profesionais dedicarse integramente á atención á pandemia cando sexa necesario.
3. Aproveitar ao máximo posible os espazos infrautilizados dos hospitais públicos de Galicia para ampliar a capacidade asistencial dos centros, dotando de medios materiais e humanos co investimento extraordinario necesario.
4. Adquirir ou fabricar por medios propios os materiais requiridos para poder ampliar o volume de camas UCI que poden estar dispoñibles en Galicia para afrontar situacións de estrés sanitario como a que estamos a vivir, e en previsión de posibles situacións futuras.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2021 16:49:42
Nº Registro: 10913
Data envío: 12/02/2021 16:49:42.454

5. Informar do número de profesionais contratados para labores de rastrexo e que desenvolven a súa tarefa na central de seguimento situada en Bergondo.

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro do 2021


Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/02/2021 16:49:07

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/02/2021 16:49:13



CSX REGISTRO3Ab2w6PR6
Verificado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

6. Proposicións non de lei

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 4762(11/PNP-000541)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central da encarga da construción dun buque de acción marítima para a Armada española nos estaleiros de Navantia na ría de Ferrol

Publicación da iniciativa, 44, 11.11.2020

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, José Manuel Rey Varela, Borja Vereá Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Ovidio Rodeiro Tato, Cristina Sanz Arias e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Os estaleiros de NAVANTIA na ría de Ferrol e os seus traballadores están a sufrir un abandono manifesto por parte do Goberno do Estado.

O PGE de 2018 contemplaban unha partida orzamentaria de 250 millóns de euros para iniciar os traballos dos cinco buques que integran o programa das Fragatas F-110, que se construírán nos estaleiros públicos da ría de Ferrol, que deberían dar ocupación a 7000 traballadores durante os próximos anos.

Esta partida que non foi executada polo Goberno socialista nin en 2018, nin en 2019, nin no que vai deste ano 2020. E polas súas recentes declaracións, tampouco o farán en 2021. As previsións do Goberno, expresadas en sede parlamentaria nas últimas semanas, sitúan no ano 2022 o inicio do proceso de construción do primeiro dos buques.

Estes retrasos prodúcense xusto no momento no que os estaleiros da ría de Ferrol ultiman a construción do segundo dos buques AOS para a Armada de Australia, que finalizarán nos próximos meses.

Teñen lugar despois de que o Goberno socialista perdera o contrato para a construción de 10 fragatas para a armada dos Estados Unidos, unha oportunidade que supoñía máis de 5000M€.

E tamén despois de que o Ministerio de Defensa contradiga ao PSdG-PSOE encargando un buque BAM no estaleiro de Navantia en Puerto Real por un importe de 167 millóns de euros, o que dotará ao estaleiro andaluz de máis dun millón de horas de carga de traballo.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2020 10:58:43
Nº Registro: 4762
Data envío: 04/11/2020 10:58:43.083

Preocupados por esta situación, o Parlamento de Galicia aprobou o pasado mes de setembro, a instancias do Grupo Popular, unha iniciativa solicitando ao goberno galego que demandara do Goberno de España carga de traballo para os estaleiros ferroláns que permitan ocupar á plantilla de Navantia Fene-Ferrol e á industria auxiliar, así como o desenvolvemento dos investimentos necesarios para dispor dun Estaleiro 4.0

Polo todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a esixir do Goberno do Estado a encargar aos estaleiros de Navantia en Ferrol a construción dun BAM (Buque de Acción Marítima) para a Armada Española, que permita dotar de carga de traballo inmediata á ría de Ferrol, tanto para a plantilla principal como para a industria auxiliar”.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2020



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2020 10:58:43
Nº Rexistro: 4762
Data envío: 04/11/2020 10:58:43.083

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 04/11/2020 10:49:28

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/11/2020 10:49:50

Diego Calvo Pouso na data 04/11/2020 10:50:06

José Manuel Rey Varela na data 04/11/2020 10:50:30

Borja Vereza Fraiz na data 04/11/2020 10:50:51

José Antonio Armada Pérez na data 04/11/2020 10:51:09

Marta Nóvoa Iglesias na data 04/11/2020 10:51:28

Ovidio Rodeiro Tato na data 04/11/2020 10:51:45

Cristina Sanz Arias na data 04/11/2020 10:51:59

Sandra Vázquez Domínguez na data 04/11/2020 10:52:17



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 7861(11/PNP-000822)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa repartición do fondo Covid da Unión Europea para a reactivación -Next Generation-

Publicación da iniciativa, 79, 20.01.2021



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 7861
Data envío: 13/01/2021 16:07:27.733

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputada **Noa Presas Bergantiños**, **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o reparto do fondo COVID da UE para a reactivación Next Generation.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza necesita avanzar económica e socialmente e combater as graves consecuencias da pandemia actual. Para iso, é necesario que o noso país non fiquen atrás no impulso de ferramentas económicas propias nin na obtención de fondos estatais ou europeos. Así mesmo, é necesario un debate amplo e profundo cos axentes sociais e económicos relevantes do país, así como coas universidades e centros de investigación para definir as prioridades. Porén, as actuacións por parte da Xunta de Galiza desde o comezo da lexislatura foron en dirección contraria.

O BNG aposta por consensuar unha estratexia de país no Parlamento para que Galiza non sexa discriminada no reparto do fondo COVID da UE para a reactivación, - Next Generation-, establecendo os criterios de distribución que teñan en conta a realidade do país e que se traduzan nun mínimo de 12.600 M€, o equivalente ao 9% do fondo europeo.

Así mesmo, é fundamental despregar unha estratexia de país para evitar que os recursos se centralicen desde Madrid e que ese centralismo acapare uns recursos que son importantes para enfrontar a crise económica e social. Finalmente, outra cuestión



que o Bloque reivindica en relación ao Next Generation é que se destine a reactivar o tecido empresarial galego, as PEMES e aos autónomos e autónomas no lugar de fornecer basicamente proxectos xa previstos por parte das administracións, e incumplidos con Galiza, ou fornecer proxectos de empresas do IBEX35.

É polo tanto necesario e urgente que Galiza teña unha posición proactiva sobre cales son os criterios que deben pivotar ese reparto e corrixir o papel subsidiario que está a adoptar a Xunta de Galiza, así como a súa falta de transparencia ao dialogar exclusivamente cunha lista de empresas elixidas arbitrariamente. Así mesmo, é preciso que Galiza se posicione arredor dun obxectivo claro respecto de que contía aspira a conseguir e que se xere un consenso político arredor de que ámbitos e proxectos deben ser os seleccionados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Remitir ao Parlamento Galego de forma inmediata, no prazo máximo de 3 días, toda a información referente a planificación de proxectos, notificacións enviadas a institucións europeas e estatais así como as correspondentes cos anuncios do Presidente da Xunta de Galiza en sucesivas notas de prensa.

2. Iniciar co goberno central unha negociación bilateral para rexeitar a centralización de fondos e reclamar a xestión directa dos fondos de Galiza, emprendendo accións legais se é preciso por non se desbloquear politicamente esta cuestión.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 7861
Data envío: 13/01/2021 16:07:27.733

3. Constituír unha ponencia para elaborar unha proposta de consenso para ser defendida mediante negociacións bilaterais por parte da Xunta de Galiza ante o Estado de cara á negociación da distribución dos 140.000 millóns de euros procedentes da Unión Europea e valorar defender diante do goberno central que na distribución dos fondos do MRR se teñan en conta os seguintes criterios:

3.1) A inversa do PIB per cápita. O peso deste indicador debe ser superior ao da poboación co obxectivo de evitar a concentración dos fondos nos territorios con máis habitantes.

3.2) A situación demográfica . Como indicadores dos desequilibrios territoriais tamén deben terse en conta: a) A evolución da poboación primando aqueles territorios con peor comportamento e b) O peso da poboación moza primando aqueles territorios nos que este é menor.

3.3) O criterio da taxa de desemprego debe ser complementado coa utilización da taxa de actividade.

3.4) A inversa da produtividade do traballo como un indicador do grado de fortaleza e resiliencia do tecido produtivo de forma que a distribución dos fondos contribúan á cohesión económica de Galiza.

3.5) O peso do territorio rural.

3.6) A dispersión poboacional, para ter en conta o maior custo da prestación de servizos públicos que supón a dispersión.

3.7) O avellentamento da poboación.

CSX4 REGISTROHY1V7Lut6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2021 09:30:00
Nº Registro: 7861
Data envío: 13/01/2021 16:07:27.733

3.8) A perda de emprego polo peche de centrais térmicas como consecuencia da necesaria transición enerxética.

3.9) A baixa taxa de reposición no persoal sanitario.”

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/01/2021 15:58:43

Ramón Fernández Alfonso na data 13/01/2021 15:58:53

Daniel Pérez López na data 13/01/2021 15:59:07

CSV REGISTRO
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2021 09:30:00
Nº Registro: 7861
Data envío: 13/01/2021 16:07:27.733

Ana Pontón Mondelo na data 13/01/2021 15:59:18

CSX: REXISTROh1V7Lut6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 9767(11/PNP-000977)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de choque destinado a rebaixar a fenda salarial existente entre as mulleres e os homes de Galicia

Publicación da iniciativa, 91, 10.02.2021



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2021 13:10:34
Nº Rexistro: 9767
Data envío: 03/02/2021 13:10:34.440

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Rodríguez Dacosta, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Unha e outra vez, sempre que se analiza calquera aspecto do mercado de traballo, vese que homes e mulleres non están en pé de igualdade.

O 41,5 % das mulleres galegas asalariadas en 2019 teñen uns ingresos anuais inferiores ao salario mínimo. É dicir, traballa menos do ano e/ou o fai a tempo parcial. Os homes nesa situación son o 27,9 %. En 2009 as mulleres eran o 33,5 % e os homes o 21,2 %. Mentres os homes que teñen ingresos inferiores ao SMI aumentaron en 6,8 puntos, as mulleres fixérono en 8 puntos. Si en 2009 unha de cada tres mulleres tiña ingresos inferiores ao SMI, en 2019 son dúas de cada cinco. A fenda de xénero entre as persoas asalariadas que perciben menos do salario mínimo pasou de ser o 24 % ao 36 % entre 2009 y 2019.

A primeira conclusión é: ***“A política de xénero do PP, ou a carencia dela, non só non reduciu a fenda de xénero entre a porcentaxe de mulleres e homes que perciben menos do SMI, senón que entre 2009 e 2019 medrou doce puntos, do 24 % ao 36 %”***.

En 2009 a fenda salarial entre mulleres e homes era en Galicia do 23,1 %, 1,8 puntos menos ca media estatal. En 2019 a fenda salarial galega é do 20,5 % fronte ao 21,6 % do Estado. A diferenza co Estado queda reducida soamente a 1,1 puntos de diferenza.

Se proxectamos a evolución que ten habido entre 2009 e 2019, no conxunto do Estado non se acadará a paridade salarial entre mulleres e homes ata 2087; en Galicia será catorce anos despois, en 2101.

A segunda conclusión é: ***“A política de xénero do PP, ou a carencia dela, reduciu o ritmo de eliminación da fenda de xénero en relación coa media***

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTRO: TROYzK4tD5vz9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





estatal de tal xeito que en Galicia a paridade non se acadará ata catorce anos despois co Estado”.

En Galicia en 2019 nas seccións da CNAE 2009:

- **Teñen unha fenda salarial superior ao 25%** as seccións K Actividades financeiras e de seguros, M Actividades profesionais, científicas e técnicas e N Actividades administrativas e servizos auxiliares (**o 27,6 %**); as seccións G Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas e a H Transporte e almacenamento (**o 26,6 %**); a sección C Industria manufactureira (**o 26,0 %**); as seccións I Hostalaría, R Actividades artísticas, recreativas e de entretemento e S Outros servizos (**o 25,7 %**). Nestas actividades está o 62,2 % de todas as persoas asalariadas, 656.599 persoas, das que 308.640 son mulleres.
- **Teñen unha fenda salarial entre o 24,9 % e o 20,0 %** as seccións de A Agricultura, gandería, silvicultura e pesca (**o 23,9 %**), B Industrias extractivas, D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación (**o 22,4 %**), J Información e comunicacións (**o 22,3 %**). Nestas actividades está o 5,5 % de todas as persoas asalariadas, 58.244 persoas, das que 15.124 son mulleres.
- **Teñen unha fenda salarial inferior ao 20 %** as seccións Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria, P Educación e Q Actividades sanitarias e de servizos sociais (**o 16,8 %**), F Construción e L Actividades inmobiliarias (**o 11,2 %**). Nestas actividades está o 32,3% de todas as persoas asalariadas, 341.439 persoas, das que 179.953 son mulleres.

A terceira conclusión é: **“A política de xénero do PP, ou a carencia dela, non foi quen de diminuír de dúas de cada tres persoas asalariadas mantiveran unha feda salarial superior ao 25 %.”**

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan de choque destinado a diminuír a fenda salarial existente entre as mulleres e homes de Galicia que deseñe medidas que contribúan a establecer un marco laboral de calidade no emprego, combatendo a desigualdade de acceso as diferentes ocupacións, incrementando a incorporación das mulleres nas ocupacións

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





altamente masculinizadas, rachando o teito de cristal existente e facilitando a súa inserción laboral.

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro do 2021

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/02/2021 12:32:49

Noa Susana Díaz Varela na data 03/02/2021 12:32:59

Julio Torrado Quintela na data 03/02/2021 12:33:11

Marina Ortega Otero na data 03/02/2021 12:33:23

Gonzalo Caballero Míguez na data 03/02/2021 12:33:37



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

6.4 9993 (11/PNP-000996)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre o impacto da pandemia na diagnose e tratamento do cancro e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto

*Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, 91,
10.02.2021*



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2021 13:36:17
Nº Rexistro: 9993
Data envío: 04/02/2021 13:36:17.552

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre o impacto da pandemia na diagnose e tratamento do cancro e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada polos datos publicados que evidencian unha importante demora na detección de casos de cancro así como polo impacto social que ten para o conxunto da poboación o agravamento desta doenza por mor da pandemia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde ámbito médico e investigador veñen alertando nos últimos meses do impacto que a pandemia está a ter na detección e atención doutras patoloxías, especialmente o cancro.

CSM-REXISTROINPCGKFTB
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csw/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2021 13:36:17
Nº Rexistro: 9993
Data envío: 04/02/2021 13:36:17.552

Recentemente, a Sociedade Española de Oncoloxía Médica (SEOM), lanzaron un chamamento desesperado para recuperar a normalidade na atención de doenzas non Covid19 pois, segundo as súas estimacións, no conxunto do Estado español por volta de 55.000 persoas recibiran un diagnóstico de cancro tardío o que dificulta e mesmo impide que poidan ser tratadas con prognósticos favorábeis.

Estas mesmas advertencias foron lanzadas desde Galiza por persoal sanitario e investigador do noso país. Entre elas, Begoña Campos, oncológa do HULA quen sinalaba nun medio de comunicación que “nesta segunda onda estamos diagnosticando doentes con cancro en estadios moi avanzados” como resultado da pandemia.

Diagnoses que se demoran, consultas e probas que se adían, operacións que se aprazan e un enorme impacto emocional que non pode ser obviado e merece de todo o esforzo público para evitar que se prolongue.

É evidente que a Covid19 está a esixir un enorme esforzo, que puxo en xaque o sistema sanitario galego, porén, milleiros de persoas continúan a padecer doenzas comúns que precisan de atención e tratamento tanto coma o coronavirus.

Por esta razón a comunidade médica e científica esixe que se adopten todas as medidas necesarias para garantir unha correcta atención sanitaria ao conxunto da poboación, especialmente a doentes de cancro, sen descoidar a pandemia provocada pola Covid19.

Neste senso, urxe reforzar a sanidade pública galega no inmediato mais tamén prepararse para o máis que probábel incremento no número de casos nos próximos anos aos que haberá que engadir as diagnoses demoradas.

CSV REXISTRO:lpnCGKFT8
Validado
<https://secreta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 04/02/2021 13:36:17

Nº Rexistro: 9993

Data envío: 04/02/2021 13:36:17.552

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a reforzar de inmediato a sanidade pública para dotar a atención de doenzas non Covid19 dos medios e recursos necesarios e axilizar a súa diagnose e tratamento. Así mesmo, insta o Goberno galego a elaborar un plan de choque, dotado de orzamento, que garanta a máxima calidade e axilidade na detección e atención de doentes de cancro no contexto Covid19 actual e nos próximos anos.”

Santiago de Compostela, 04 de febreiro de 2021

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

CSX: REXISTRO/INICIACTB
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2021 13:36:17
Nº Registro: 9993
Data envío: 04/02/2021 13:36:17.552

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 04/02/2021 13:18:10

Xosé Luis Rivas Cruz na data 04/02/2021 13:18:21

Mercedes Queixas Zas na data 04/02/2021 13:18:32

Rosana Pérez Fernández na data 04/02/2021 13:18:41

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/02/2021 13:18:50

Daniel Pérez López na data 04/02/2021 13:18:58

Iria Carreira Pazos na data 04/02/2021 13:19:07

Olalla Rodil Fernández na data 04/02/2021 13:19:14





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2021 13:36:17
Nº Registro: 9993
Data envío: 04/02/2021 13:36:17.552

Daniel Castro García na data 04/02/2021 13:19:21

María del Carmen Aira Díaz na data 04/02/2021 13:19:31

Noa Presas Bergantiños na data 04/02/2021 13:19:38

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/02/2021 13:19:45

María González Albert na data 04/02/2021 13:19:54

Xosé Luis Bará Torres na data 04/02/2021 13:20:00

María Montserrat Prado Cores na data 04/02/2021 13:20:08

Alexandra Fernández Gómez na data 04/02/2021 13:20:14

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/02/2021 13:20:21

María do Carme González Iglesias na data 04/02/2021 13:20:28

Paulo Ríos Santomé na data 04/02/2021 13:20:34



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

6.5 10078 (11/PNP-001007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a valoración pola Xunta de Galicia en relación coas
bonificacións de peaxes e a transferencia da AP-9

Publicación da iniciativa, 91, 10.02.2021



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, e do seu deputado, Luís Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A estrada AP9 vertebra ás 3/ 4 partes da poboación de Galicia, conecta 5 das 7 grandes cidades galegas e ten unha das peaxes máis caras de todo o territorio español.

Mentres a empresa concesionaria recada uns 130 millón de Euros ao ano, as súas elevadas peaxes supoñen unha carga abusiva que limita a mobilidade e competitividades aos galegos e galegas.

Mentres outras autopistas da mesma época regresaron ao público e se levantaron peaxes o goberno de Aznar prorrogou a concesión da AP9 ata o ano 2048.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista defendemos a rebaixa das peaxes na AP9 así como a transferencia da mesa á autonomía galega, reivindicación histórica esta, xa reclamada por primeira vez polo aquel entón presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño.

O Goberno central presidido por Pedro Sánchez foi sensible a estas reivindicacións e fixo unha aposta decidida nos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 cunha partida de 63 millóns de euros para bonificacións na AP9 , que suporá unha rebaixa histórica nas peaxes desta infraestrutura. Rebaixa histórica e substancial nas peaxes, que non sería viable sen a aprobación das devanditas contas.

Pola contra os gobernos presididos por Mariano Rajoy o único que fixeron foi torpedear a transferencia a Galicia da AP9, ao vetar, de forma continuada, o debate de dita transferencia no Congreso dos Deputados.

Cremos necesario seguir avanzando na rebaixe das peaxes e na transferencia da AP9, agora que a negativa do PP a levar ese debate ao Congreso foi levantada polo goberno presidido por Pedro Sánchez, que xa permitira o seu debate ante o Pleno dos Congresos dos Deputados en Decembro de 2018 e que se volveu a repetir agora o pasado martes día 2 de febreiro de 2021.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2021 18:18:47
Nº Registro: 10078
Data envío: 04/02/2021 18:18:47.569

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Recoñecer o esforzo feito polo Goberno de España nos orzamentos xerais do Estado para 2021 en materia de bonificacións de peaxes da AP-9, cunha contía de 63 millóns de euros, e apoiar que o Ministerio de Fomento consiga aplicar esas bonificacións de xeito que sexan duradeiras e non reversibles ata o 2048.

2º) Cooperar co Goberno do Estado para conseguir realizar a transferencia da AP-9, unha vez que o Congreso admitiu a trámite a proposición de lei de transferencia da AP-9.

3º) Informar ao Parlamento de Galicia sobre os plans do Goberno galego en relación á posibilidade de contribuír economicamente nas rebaixas de peaxes da AP9 ata o fin da concesión en 2048.

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 04/02/2021 18:16:49

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/02/2021 18:17:02

Gonzalo Caballero Míguez na data 04/02/2021 18:17:19



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

6.6 10320 (11/PNP-001026)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 14 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación que están a padecer as mulleres no ámbito laboral e familiar.

*Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, 91,
10.02.2021*

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Jose Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Jose Antonio Armada, Ana Belén García Vidal, Felisa Rodríguez Carrera, Elena Candia López, Sandra Vázquez Domínguez e Elena Suárez Sarmiento** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en pleno polo trámite urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de saber o posicionamento do parlamento de Galicia dada a cercanía do 8 de marzo.

Exposición de Motivos:

A incorporación das mulleres ao mercado laboral, a permanencia no emprego e as súas condicións de traballo aínda están lonxe de producirse en condicións de igualdade.

As estatísticas seguen a revelar unha realidade desigual nas retribucións salariais, na promoción profesional, no acceso a sectores e ámbitos aínda fortemente masculinizados, así como tamén na presenza nas esferas de decisión.

O impacto de xénero da covid-19, ou como a crise ocasionada pola covid-19 lle afecta de xeito diferente a mulleres e a homes, ten sido analizado por distintos organismos, internacionais, nacionais e tamén autonómicos, como a OIT, a ONU, a OCDE, a UE, o IMIO, a Universidade de Vigo e a Consellería de Emprego e Igualdade, entre moitos outros. Todos coinciden en sinalar que a tripla dimensión desta crise, sanitaria, social e económica, ten unha repercusión diferente entre homes e mulleres e que a resposta á

crise debe incorporar o enfoque de xénero para que non se incrementen as desigualdades xa existentes.

Destacan todos os informes o rol das mulleres na xestión da pandemia. Segundo a ONU, as mulleres desempeñan un papel imprescindible na loita contra a covid-19: como principais cuidadoras nos fogares, nas redes familiares e os espazos comunitarios, traballadoras e profesionais no sector da saúde, sobrerrepresentadas nos servizos de limpeza, traballadoras domésticas e en servizos básicos (como supermercados e farmacias). As tarefas de coidado dentro dos fogares están a recaer maioritariamente nas mulleres, que, polo xeral, teñen a responsabilidade de atender a familiares enfermos, persoas maiores e dependentes e nenos e nenas.

Indica o IMIO a nivel nacional, que as mulleres seguen realizando a maior parte do traballo doméstico e de coidado de persoas dependentes, remunerado e non remunerado, asumindo tamén unha maior carga mental derivada do mesmo.

Un dos grandes retos é a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar. A desigual repartición das responsabilidades familiares e das tarefas do fogar constitúe un dos principais obstáculos para que a participación, a permanencia e a promoción das mulleres na esfera laboral se produza de forma plena.

É indubidable que a plena igualdade no ámbito laboral só será posible se existe unha asunción equitativa do traballo doméstico e de coidados no ámbito do fogar. Temos que apostar por un modelo de sociedade corresponsable no que homes e mulleres compartan de maneira equilibrada responsabilidades domésticas e familiares, no marco do necesario cambio cultural en torno aos usos do tempo. É necesario impulsar a concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais, así como reforzar os recursos destinados á conciliación da vida laboral, persoal e familiar.

As empresas, pola súa banda, introducen de xeito voluntario no seu ordenamento interno cada vez en maior medida plans de igualdade con apartados específicos dedicados ás medidas de conciliación e como mecanismo de control da igualdade na retribución salarial. O xeito de facelo de xeito voluntario é un claro indicador da vontade de traballar en prol da igualdade pero tamén da asunción dos efectos positivos destas medidas sobre o propio clima laboral da empresa e sobre os seus resultados.

Outra importante transformación que é estrutural e que será tamén imprescindible de cara a conseguir a conciliación real é o cambio na xestión global dos tempos. Isto pasa por facer fronte ao necesario debate da racionalización horaria a nivel global, buscando un novo pacto social de xestión racional e xusta dos tempos entre a cidadanía, o ámbito da empresa privada e a administración.

As medidas tanto de conciliación como de racionalización horaria teñen sen dúbida efectos moi positivos sobre a calidade do emprego e o benestar social. Nun paso máis alá, está demostrado que as políticas de igualdade e nomeadamente as medidas de conciliación poden ser un importante alento ás políticas demográficas: sen conciliación e corresponsabilidade non hai posibilidades de desenvolver políticas demográficas sustentables e realistas.

Se un dos camiños que conducen ao emprego de calidade e ao benestar social son as políticas de conciliación, outro non menos importante é o da formación e o coñecemento. Precisamente pola inxusta distribución da responsabilidade da conciliación, moitas mulleres viron e aínda ven dificultada a súa inserción no mercado laboral e tamén as súas posibilidades de formación e desenvolvemento.



É fundamental seguir apoiando o liderado feminino e a presenza das mulleres en todas as esferas da sociedade, incluíndo os postos de decisión e influencia, á vez que cómpre seguir traballando para derrubar os obstáculos que dificultan a incorporación en condicións de igualdade e a promoción profesional das mulleres en ámbitos como o da ciencia. Para iso, ademais da aplicación de políticas específicas, resulta imprescindible seguir traballando para eliminar os estereotipos e roles que sustentan a desigualdade de xénero.

Por todo o expostop, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Fomentar en colaboración coas entidades locais, medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorpore a perspectiva de xénero.

2.- Fomentar en colaboración coas organizacións sindicais e empresariais, e dentro do marco do Diálogo Social, a aprobación de novas medidas que incentiven a corresponsabilidade e a conciliación, a través de Plans específicos, incentivando no ámbito laboral novas modalidades de traballo flexibles, promovendo que estas se desenvolvan tamén polos homes, e artellando medidas que garantan a compatibilidade entre teletraballo e conciliación.

3.- Fomentar en colaboración coas organizacións sindicais e empresariais, e dentro do marco do Diálogo Social, o a implantación de Plans de Igualdade nas empresas, os cales deberán dispoñer dun rexistro retributivo de todo o persoal, podendo así analizar e corrixir potenciais desigualdades salariais existentes nas súas organizacións.

4.- Realizar un Plan de sensibilización e concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable así como horarios máis racionais.

5.- Realizar un estudo, en colaboración coas universidades galegas, que analice o reparto do traballo doméstico, tanto no coidado de menores e persoas dependentes, como de tarefas domésticas no fogar, para determinar as súas necesidades específicas e, de resultar preciso, definir novas actuacións ao respecto.

6.- Ter en conta na elaboración das medidas a denominada “*interseccionalidade*”, en virtude da cal algúns sectores da sociedade, como as mulleres anciás, as mulleres con diversidade funcional, as mulleres pertencentes ao colectivo LGBTI e as minorías étnicas e inmigrantes, son particularmente vulnerables ao virus e ás súas consecuencias.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado:

1.- A aprobación da Lei de Igualdade Salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres. E mentras non estea aprobada se incremente e dote de recursos suficientes á inspección laboral co fin de perseguir calquera discriminación que por razón de xénero se produza no ámbito laboral.

2.- A modificación e actualización da Lei de Conciliación e Corresponsabilidade de 1999 onde se teña en conta a nova realidade demográfica, a racionalización horaria e favoreza a compatibilidade do traballo coa vida persoal e familiar.

Santiago de Compostela, 8 de Febreiro 2021.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 18:20:47
Nº Rexistro: 10320
Data envío: 08/02/2021 18:20:47.568

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/02/2021 18:08:38

Paula Prado del Río na data 08/02/2021 18:09:10

María Corina Porro Martínez na data 08/02/2021 18:09:30

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 08/02/2021 18:09:56

José Antonio Armada Pérez na data 08/02/2021 18:10:05

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/02/2021 18:10:27

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/02/2021 18:11:01

José Alberto Pazos Couñago na data 08/02/2021 18:11:40

Noelia Pérez López na data 08/02/2021 18:11:53

José Manuel Rey Varela na data 08/02/2021 18:12:10

María Sol Díaz Mouteira na data 08/02/2021 18:13:07

Ana Belén García Vidal na data 08/02/2021 18:13:25

María Felisa Rodríguez Carrera na data 08/02/2021 18:13:44

María Elena Candia López na data 08/02/2021 18:13:53

Sandra Vázquez Domínguez na data 08/02/2021 18:14:26

María Elena Suárez Sarmiento na data 08/02/2021 18:14:48



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](https://www.parlamentodegalicia.gal)



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

7. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 7604 (11/INT-000485)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre os datos e informes cos que conta o Goberno galego acerca dos efectos da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas

Publicación da iniciativa, 79, 20.01.2021



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Isaura Abelairas Rodríguez, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A pandemia da covid-19 afectou de maneira global a toda a sociedade, cunhas consecuencias sociais e económicas aínda por avaliar. Porén, o que si parece claro é que esa afectación foi moito maior para as mulleres, que experimentaron unha regresión nas súas condicións vitais para asumir máis carga de traballo no fogar e os coidados de persoas dependentes ou menores, modificar as súas condicións laborais para adaptarse á nova realidade e mesmo atoparse nunha maior situación de vulnerabilidade en casos de violencia machista.

Diante desta situación, son os poderes públicos os que teñen que asumir a responsabilidade de mitigar esta nova situación vital das mulleres e aplicar políticas de discriminación positiva para evitar que estas desigualdades se produzan ou para revertelas no menor tempo posible.

Para desenvolver políticas verdadeiramente eficaces neste contexto de urxencia sería desexable contar con datos que permitan deseñar plans de acción dirixidos directamente aos colectivos afectados de mulleres e diferenciando por problemáticas e necesidades concretas.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que unha vez pasados xa dez meses de crise sanitaria é hora de realizar un estudo pormenorizado que poña o foco na afectación desta pandemia nas mulleres, e especialmente en materia laboral e dos coidados toda vez que agardamos que os informes sobre violencia de xénero que anualmente achega a Secretaría Xeral de Igualdade xa contemplarán esta especial circunstancia.

Por iso as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Conta o Goberno galego con datos e informes concretos acerca da afectación da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas?

2ª) Ten previsto o Goberno galego un plan de choque que rectifique as desigualdades que sufriron e están a sufrir as mulleres por causa da covid-19?





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2021 11:38:45
Nº Rexistro: 7604
Data envío: 12/01/2021 11:38:45.132

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 11/01/2021 18:14:49

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 11/01/2021 18:15:04

Marina Ortega Otero na data 11/01/2021 18:15:17

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2021 18:15:32

CSX: REGISTRO:HPDIOV6
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 9382 (11/INT-000550)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto que está a ter para as mulleres a crise económica xerada pola covid-19.

*Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, 88,
03.02.2021*



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2021 10:02:50
Nº Rexistro: 9382
Data envío: 01/02/2021 10:02:50.288

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación laboral das mulleres na crise económica provocada pola COVID19.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Debido ao enorme impacto social que as consecuencias económicas derivadas da pandemia están a ter para as mulleres

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A COVID fixo visíbel que aqueles traballos esenciais para o sostemento da vida e da sociedade na peor crise do último século (desde o sector da alimentación aos coidados) están ocupados por mulleres e que son estes, precisamente, os empregos máis precarios: os peor pagados e os que soportan peores condicións laborais.

Nesta crise económica derivada da pandemia son precisamente os sectores máis vulnerábeis da clase traballadora (mocidade, migrantes e mulleres) quen sofre un maior





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2021 10:02:50
Nº Registro: 9382
Data envío: 01/02/2021 10:02:50.288

impacto precisamente por esa precariedade laboral que resulta en menos prestacións sociais, menores subsidios e, polo tanto, maior empobrecemento ou risco de exclusión social.

A actual crise económica derivada da pandemia ten un impacto enorme en sectores amplamente feminizados (servizos, comercio minorista, alimentación) nos que non só somos traballadoras asalariadas, tamén empregadoras.

De acordo cos datos correspondentes ao IV trimestre de 2020 publicados pola EPA –sen computar as traballadoras e traballadores en ERTE, que se enfrontan a un incerto futuro- cunha taxa de paro do 12% (11,8% en 2019) e cunha perda de 21.000 empregos en Galiza, dos que 15.900 estaban ocupados por mulleres, coas que se cebou especialmente a crise.

É dicir, máis do 75% do emprego destruído neste último ano era emprego feminino o que sitúa ás mulleres como as grandes prexudicadas desta nova crise.

É preciso e máis urgente se cabe cá antes deseñar e artellar políticas con perspectiva de xénero que non só respondan á situación actual senón que permitan mudar os problemas estruturais que atinxen as mulleres no mercado de traballo.

Por todo isto fórmulase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

. Como valora a Xunta de Galiza o impacto que a crise económica provocada pola COVID19 está a ter para as mulleres?

. Que medidas está a adoptar ou pensa adoptar o Goberno galego para enfrontar esta situación no inmediato e tamén a futuro?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2021 10:02:50
Nº Rexistro: 9382
Data envío: 01/02/2021 10:02:50.288

Santiago de Compostela, 01 de febreiro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Olalla Rodil Fernández
Manuel Antonio Lourenzo Sobral
Mª Carmen Aira Díaz
Luis Bará Torres
Iria Carreira Pazos
Daniel Castro García
Ramón Fernández Alfonzo
Alexandra Fernández Gómez
María González Albert
Mª Carme González Iglesias
Rosana Pérez Fernández
Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: REXISTRO/EaeydHEc8
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2021 10:02:50
Nº Rexistro: 9382
Data envío: 01/02/2021 10:02:50.288

Ana Pontón Mondelo na data 01/02/2021 09:54:45

Xosé Luis Rivas Cruz na data 01/02/2021 09:55:05

Mercedes Queixas Zas na data 01/02/2021 09:55:15

Rosana Pérez Fernández na data 01/02/2021 09:55:27

Ramón Fernández Alfonso na data 01/02/2021 09:55:38

Daniel Pérez López na data 01/02/2021 09:55:48

Iria Carreira Pazos na data 01/02/2021 09:55:59

Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2021 09:56:12

Daniel Castro García na data 01/02/2021 09:56:21

María del Carmen Aira Díaz na data 01/02/2021 09:56:32

Noa Presas Bergantiños na data 01/02/2021 09:56:43

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/02/2021 09:56:52

María González Albert na data 01/02/2021 09:57:02

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2021 09:57:10

CSV REXISTRO XERAL ENTRADA
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2021 10:02:50
Nº Rexistro: 9382
Data envío: 01/02/2021 10:02:50.288

María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2021 09:57:18

Alexandra Fernández Gómez na data 01/02/2021 09:57:25

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 01/02/2021 09:57:33

María do Carme González Iglesias na data 01/02/2021 09:57:39

Paulo Ríos Santomé na data 01/02/2021 09:57:46

CSV, REGISTRO LEY 1/2013
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 9630(11/INT-000561)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa obtención de novas oportunidades de explotación enerxética en Galicia

Publicación da iniciativa, 91, 10.02.2021



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2021 11:40:15
Nº Rexistro: 9630
Data envío: 02/02/2021 11:40:15.355

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de xaneiro, Endesa anunciaba publicamente a súa decisión definitiva de acometer o peche precipitado da central térmica das Pontes por resultaren, segundo a versión da empresa, desfavorábeis as diferentes probas de biocombustíbel, aducindo “inviabilidade ambiental, técnica e económica da central”.

Xa na nota de prensa enviada pola empresa ese día, evidenciábase a súa folla de ruta encamiñada á obtención de megavatios eólicos. Días despois, a propia empresa anunciaba a intención de impulsar unha macroplanta de hidróxeno verde nas Pontes. Iso si, condicionada á obtención de fondos públicos nunha clara operación de substitución dunha tecnoloxía por outras sen asumir as súas responsabilidades co territorio e sen asumir a súa responsabilidade empresarial no negocio, nunha clara chantaxe ás administracións públicas, que deben reaccionar.

Para o BNG a conclusión é evidente: ou As Pontes ten un plan alternativo de desenvolvemento, con proxectos, datas e investimentos concretos, que garanta o emprego actual e futuro, promovido polas administracións públicas e con achegas moi importantes de Endesa, ou o Ministerio e a Xunta, que teñan as competencias, non poden darlle prebendas e favores a Endesa en forma de megavatios, eólicos ou de evacuación.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2021 11:40:15
Nº Rexistro: 9630
Data envío: 02/02/2021 11:40:15.355

Múltiples iniciativas sindicais, sociais e políticas demandan que a inevitable descarbonización non acabe sendo unha nova reconversión forzada e dramática sen alternativa no industrial para o noso país. Porén, a actitude tanto do goberno galego como do goberno central ten estado máis encamiñada a defender as súas propias axendas partidarias do que os intereses de Galiza, como amosa a lentitude da constitución de foros de traballo adecuados, o reparto de acusacións e a falta de compromisos en firme mentres o tempo pasa e a irrupción da crise sanitaria do coronavirus ten influído negativamente. Así mesmo, salienta negativamente a falta de compromiso coa industria auxiliar.

Esta situación debe activar unha resposta colaboradora e decidida por parte da Xunta de Galiza, que debe asumir as súas competencias en planificación industrial e enerxética e aspirar a que o noso país conte con voz propia en todo os foros e con capacidade para decidir directamente sobre as cuestións que nos afecta no lugar de permanecer nunha posición subalterna.

Por estes motivos fórmulase a seguinte interpelación:

. Vai esixir e impulsar o goberno galego medidas que garantan que se Endesa non poida lucrarse na obtención de novas oportunidades de explotación enerxética de Galiza ao tempo que incumpre os seus compromisos coas Pontes?

. Que actuacións está a levar a cabo a Xunta de Galiza respecto da situación das Pontes?

. Como valora o goberno galego os resultados das probas de biocombustíbeis? Que resultados teñen dado as súas reclamacións?

CSX4 REXISTRO P+U5dfU093
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2021 11:40:15
Nº Rexistro: 9630
Data envío: 02/02/2021 11:40:15.355

. Como valora o goberno galego o funcionamento da mesa das Pontes? Está disposto a comprometer unha partida orzamentaria específica neste exercicio económico para as necesidades que poidan derivarse dela?

. Tense dirixido recentemente a Xunta de Galiza ao goberno central para esixir participación directa de todos aqueles foros de debate e decisión respecto da transición enerxética? De que forma e con que resultado?

. Considera a Xunta de Galiza asumible que mentres Endesa segue coa súa folla de ruta unilateral estea enriba da mesa a posibilidade de que asemade lle sexan adjudicada a potestade sobre os nós de evacuación?

. E novos megawattios eólicos sen compromiso industrial algún?

. Fai a Xunta de Galiza autocrítica respecto da súa falta de impulso industrial?

. Como valora o goberno galego a situación das empresas auxiliares?

. Como valora a Xunta de Galiza as intencións de Endesa respecto do hidróxeno verde?

Santiago de Compostela, 02 de febreiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

CSX: REXISTRO P+U de 093
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2021 11:40:15
Nº Registro: 9630
Data envío: 02/02/2021 11:40:15.355

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 02/02/2021 11:32:12

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/02/2021 11:32:17

Noa Presas Bergantiños na data 02/02/2021 11:32:29

CSX: REXISTROPNUSDFI093
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 23.02.2021

Hora: 10:00

Orde do día

8. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

8.1 11054 (11/POPX-000019)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da
Autoestrada AP-9 no referido ás peaxes e a súa transferencia
a Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2021 18:21:46
Nº Rexistro: 11054
Data envío: 15/02/2021 18:21:46.071

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Míguez, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. Presidente, que valoración fai da situación da AP-9 no relativo ás peaxes e o traspaso a Galicia?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: **Gonzalo Caballero Míguez**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/02/2021 18:19:37

CSM-REXISTROCOPIH6fHdmu9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

8.2 11055 (11/POPX-000020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da defensa que
está a facer dos intereses da cidadanía de Galicia na
pandemia da covid-19



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2021 18:22:56
Nº Rexistro: 11055
Data envío: 15/02/2021 18:22:56.604

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Considera que o seu goberno está defendendo axeitadamente os intereses das galegas e dos galegos nesta pandemia?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 15/02/2021 18:19:04

CSM-REXISTRO981P82VX8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

9. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

9.1 10069 (11/POP-001482)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 3 máis

Sobre a presentación polo Goberno galego dalgún proxecto industrial tractor para os concellos das Pontes de García Rodríguez e de Cerceda

Publicación da iniciativa, 91, 10.02.2021



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2021 18:08:16
Nº Rexistro: 10069
Data envío: 04/02/2021 18:08:16.614

Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Pablo Arangüena Fernández, Leticia Gallego Sanromán e Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral en Pleno**.

No ano 2019, Endesa presentou a solicitude formal de peche da central térmica de carbón importado en As Pontes, derivado da profunda modificación das condicións do mercado enerxético, cun incremento substancial no prezo dos dereitos de CO₂ marcado pola Unión Europea e a grande caída do prezo do gas.

Ante esta decisión e derivado da presión política e social da comarca ferrolá, formouse unha Mesa de Traballo coa presenza da propia ENDESA, as administracións local, autonómica e estatal, a representación dos traballadores afectados e a sociedade pontesa para buscar alternativas ao carbón que manteñan o emprego e a actividade no concello. Estes días, ENDESA anunciou a decisión unilateral de pechar a central térmica, sen antes convocar a mesa e presentar os resultados das probas que se viñan facendo con biocombustibles, unha irresponsabilidade impropia dunha empresa desta entidade e da súa responsabilidade social corporativa.

ENDESA foi convocada polo MITECO, xunto ao resto das administracións e das entidades pertencentes a dita mesa, para analizar os resultados de ditas probas e abordar unha transición enerxética xusta para a planta de As Pontes, alternativa ao carbón.

O Instituto Enerxético de Galicia dependente da Xunta de Galicia, o Instituto para la Diversificación y Ahorro Energético, dependente da Administración Central, o Concello de As Pontes e a Federación de Industria da UGT defenderon un informe do Comité Técnico que avala a viabilidade do uso dos biocombustibles e polo tanto que poderían continuar operando, xenerando electricidade, usando en parte biocombustibles, e que polo tanto, as probas foron positivas tanto dende o punto de vista técnico como medioambiental. A Federación de Industria da UGT, acusou a ENDESA de presentar un informe interesado, cun pretexto errado deliberadamente, a substitución parcial del carbón

CSM-REXISTRO/04/02/2021/18:08:16.614
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2021 18:08:16
Nº Registro: 10069
Data envío: 04/02/2021 18:08:16.614

por biocombustibles en lugar da súa eliminación e reclaman un futuro para a central de As Pontes baseado no uso de biocombustibles e gas natural.

Nesa mesa chegouse ao compromiso de traballar entre a empresa e a administración para valorar a viabilidade económica do proxecto de co-combustión. ENDESA debe valorar a súa participación neste proxecto ou deixar aberta a posibilidade a que outro operador participe nel, mantendo a actividade da central.

O Goberno do Estado segue plenamente implicado na busca de solucións aos problemas industriais de Galicia, como no caso de ALCOA e tamén en ENDESA e xa anunciou seu apoio ao proxecto e puxo enriba da mesa liñas de axuda para proxectos empresariais xeradores de emprego en pequenos proxectos de inversión en zonas de transición xusta por valor de 30 millóns de euros, como neste caso e no de Meirama, outra destinada ao apoio de iniciativas que teñan como obxectivo a creación de emprego sostible e fomento da actividade económica nos municipios afectados polo peche de centrais termoeléctricas de carbón por valor de 7 millóns de euros, Levou a cabo a priorización destas zonas na convocatoria de axudas a proxectos de enerxías renovables, e nesta liña concedéronse axudas de 8,4 millóns para instalación térmicas renovables e outros 12 millóns para instalacións eléctricas. Presentaron un paquete de medidas específicas para as zonas de transición xusta dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da UE por valor de 300 millóns de euros. Na Folla de Ruta do Hidróxeno Renovable que concede especial interese as zonas de transición xusta , recibíronse propostas de proxectos en As Pontes e Meirama.

Nesta liña, é necesario que as administracións estatal e autonómica traballen xuntas nun compromiso claro coa continuidade da actividade e o emprego en As Pontes, o proxecto de co-combustión está avalado técnica e medioambientalmente polo Comité Técnico da Mesa de As Pontes e debera ser un dos proxectos tractores que poña enriba da mesa a Xunta de Galicia como prioritario para optar aos fondos de recuperación europeo, apostando pola economía circular e a produción de enerxías limpas dende as instalacións da Central Térmica de As Pontes, ademais de comprometerse administrativa e financeiramente a apoialo. Esta aposta non coincide coa opinión do Conselleiro de Medio Rural, que afirmou en diversas ocasións que a Xunta de Galicia non ía a apoiar ningún proxecto que puidese optar aos fondos de recuperación onde se



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



queimasen biocombustibles, pero a comarca ferrolá necesita certezas e saber se o goberno galego está plenamente comprometido cun proxecto que pode dar continuidade a actividade e o emprego en As Pontes.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten presentado o Goberno galego algún proxecto industrial tractor para os concellos de As Pontes e Cerceda, dentro dos 108 anunciados, para acudir aos fondos europeos de recuperación?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 04/02/2021 18:03:33

Pablo Arangüena Fernández na data 04/02/2021 18:03:43

María Leticia Gallego Sanromán na data 04/02/2021 18:03:52

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/02/2021 18:03:57



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

9.2 11041 (11/PUP-000157)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dalgunha iniciativa por parte do Goberno central para achegar axudas directas e a fondo perdido aos sectores máis afectados polas restricións derivadas da covid-19, nomeadamente, a hostalaría, autónomos e pemes

Á Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Guadalupe Murillo Solís, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Ovidio Rodeiro Tato, José Antonio Armada Pérez, Sandra Vázquez Domínguez e Borja Vereá Fraiz deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral Urxente en Pleno**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de saber canto antes sen sede parlamentaria a posición nun tema tan importante neste momentos.

A hostalería é un dos sectores nos que maior impacto teñen as restricións sanitarias implantadas para a contención da pandemia da COVID-19. Trátase dun sector que abrangue a preto de 20.700 establecementos en Galicia, a maior parte pequenas e medianas empresas que son fonte de subsistencia de moitas familias galegas.

Esta situación require dunha resposta institucional contundente e integral por parte das distintas administracións públicas (Goberno central, Xunta de Galicia, deputacións e concellos) que contribúa a apoiar a supervivencia dos establecementos.

Neste marco, a Xunta de Galicia leva meses mantendo un diálogo constante con representantes dos hostaleiros e hostaleiras. No seo desas xuntanzas acordáronse medidas como un Plan específico de axudas para o ocio nocturno, o I Plan de Rescate a persoas traballadoras autónomas, microempresas e establecementos hostaleiros dotado de 86,2 millóns de euros que xa está resolto e pagado en tempo récord e agora vai a ser complementado co II Plan de Rescate por importe de 75 millóns de euros ampliando os beneficiarios e reducindo os requisitos para acceder ás axudas.

Mais aló destas axudas os sectores afectados continúan a demandar que ao igual que fixeron outros países europeos do noso entorno, nomeadamente Alemaña, Francia, Italia ou Dinamarca se poña en marcha un ambicioso plan de axudas directas ao sector da hostalería por parte do Goberno do Estado.

É polo que, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Pleno polo trámite de urxencia:





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2021 17:17:37
Nº Registro: 11041
Data envío: 15/02/2021 17:17:37.341

Ten coñecemento o Goberno da Xunta de Galicia sobre algunha iniciativa por parte do Goberno do Estado para achegar axudas directas e a fondo perdido aos sectores máis afectados polas restricións derivadas da COVID, nomeadamente hostalaría, autónomos e pemes?

Santiago de Compostela, a 15 de Febreiro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/02/2021 17:11:24

María Guadalupe Murillo Solís na data 15/02/2021 17:11:54

Marta Nóvoa Iglesias na data 15/02/2021 17:12:22

Cristina Sanz Arias na data 15/02/2021 17:12:53

Ovidio Rodeiro Tato na data 15/02/2021 17:13:28

José Antonio Armada Pérez na data 15/02/2021 17:13:42

Sandra Vázquez Domínguez na data 15/02/2021 17:14:15

Borja Vereza Fraiz na data 15/02/2021 17:14:42



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](https://www.parlamentodegalicia.gal)



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

9.3 11043 (11/PUP-000158)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade inmediata do estaleiro Barreras de Vigo, a supervivencia da súa industria auxiliar e a continuidade da súa actividade de construción naval



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2021 17:45:05
Nº Rexistro: 11043
Data envío: 15/02/2021 17:45:05.201

Á Mesa do Parlamento

María do Carme González Iglesias, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, relativa á situación de estaleiro Barreras de Vigo.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola situación de emerxencia na que se atopa o estaleiro de Barreras despois da paralización da actividade e da falta de previsión da entrada de nova carga de traballo.

Exposición de motivos

Desde os anos 70 nos que a construción naval civil no Estado Español representaba o 5% do mercado mundial, o peso e a importancia desta industria non deixou de minguar até a actualidade, cando representa menos do 1% do total de construción naval civil da UE.

E contra o que se poida crer maioritariamente, os construtores que gañaron unha boa parte da cota de mercado española non foron os asiáticos, senón os de outros estados da UE, que si souberon promover unha industria con un mercado carácter exportador, que xera un elevado volume de emprego, e que demanda unha enorme diversidade de produtos e servizos de alto valor engadido.

CSM-REXISTRO:FOmU0ZzcEa9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2021 17:45:05
Nº Registro: 11043
Data envío: 15/02/2021 17:45:05.201

Demanda que foi chave para que a industria complementaria da construción naval e das tecnoloxías marítimas da UE cope hoxe o 50% do mercado mundial.

Non pasou o mesmo no Estado español que abandonou por completo unha industria que no caso galego foi fundamental para a nosa industrialización, e que hoxe coas políticas apropiadas pode servir de panca fundamental para a nosa re-industrialización, e activación económica, xa que segundo datos do sector cada euro de investimento ten un efecto multiplicador do 4,5 en valor engadido.

O caso do estaleiro Barreras na ría de Vigo é un exemplo dunha empresa con grandes capacidades, demostradas en fitos construtivos recentes nos segmentos máis avanzados tecnoloxicamente, e que aínda estando na actual situación é referencia no mercado.

Mais a situación actual, con unha nova propiedade e dirección colocada na dupla posición de armador-construtor, e unha permanente revisión e corrección dos acordos de refinanciación, está a provocar unha enorme e continua tensión en toda a industria auxiliar, que segundo algúns dos afectados pode tornarse insuperable, provocando unha crise de niveis catastróficos na comarca.

De igual xeito, diferentes organismos públicos como o IGAPE ou o CESCE teñen comprometidas na viabilidade de Barreras importantes cantidades de diñeiro.

CSX REGISTRO: UQ7zcEaB
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2021 17:45:05
Nº Registro: 11043
Data envío: 15/02/2021 17:45:05.201

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Ten pensado realizar algún tipo de actuación para garantir a viabilidade inmediata de Barreras, a supervivencia da súa industria auxiliar, e a continuidade da actividade da construción naval do estaleiro?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: **María do Carme González Iglesias**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 15/02/2021 17:44:39

CSV: REXISTRO:UQ7zcEa9
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 23.02.2021

Hora: 10:00

Orde do día

9.4 7494 (11/POP-001192)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do programa Emega nestes últimos catro anos

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, José Manuel Balseiro Orol, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez e Elena Suárez Sarmiento, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O programa Emega comprende un conxunto de axudas dirixidas a apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais constituídas por mulleres, xunto con medidas complementarias para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, así como o acceso a servizos específicos de información, asesoramento e orientación empresarial co obxecto de facilitar a implantación e consolidación dos proxectos empresariais promovidos por mulleres. O Emega está integrado por catro liñas de axuda: a 'Emprende', para promover a posta en marcha de novas iniciativas empresariais e crear emprego feminino estable por conta propia ou allea; 'Innova', para promover a implantación de medidas innovadoras para a mellora da competitividade de empresas constituídas por mulleres; 'Activa', para favorecer a reactivación e consolidación de empresas a través de medidas de renovación ampliación ou cambio de localización; e 'ITEF', para incentivar iniciativas empresariais con contido científico ou base tecnolóxica promovidas por mulleres. A maiores, establécense dúas liñas de axudas complementarias: a 'Concilia', para promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral; e a "Dual", para



apoiar a participación das promotoras no programa de titorización, e facilitar desta maneira a consolidación dos proxectos financiados.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Que balance fai a Xunta de Galicia do Programa Emega nestes últimos catro anos?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 11/01/2021 11:30:22

José Manuel Balseiro Orol na data 11/01/2021 11:31:22

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 11/01/2021 11:31:35

María Encarnación Amigo Díaz na data 11/01/2021 11:31:57

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 11/01/2021 11:32:15

José Alberto Pazos Couñago na data 11/01/2021 11:32:24

Noelia Pérez López na data 11/01/2021 11:32:36

María Corina Porro Martínez na data 11/01/2021 11:32:57

María Elena Suárez Sarmiento na data 11/01/2021 11:33:17



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

9.5 10193 (11/POP-001497)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a deslocalización dos postos de traballo asociados á produción enerxética, como é o caso do centro de operacións de Naturgy na Coruña.

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, 91, 10.02.2021



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:23:48
Nº Rexistro: 10193
Data envío: 08/02/2021 10:23:48.817

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa ás actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para frear a deslocalización de servizos das empresas eléctricas en Galiza en xeral e de Naturgy na Coruña en particular.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A forte alarma social provocada polo anuncio de Naturgy, no medio da terceira vaga da covid-19, de deslocalizar un dos escasos servizos que aínda mantiña en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza ten na enerxía un sector estratéxico polo seu papel produtor, pola importancia socioeconómica deste ben e pola súa achega en termos de PIB. Porén, tamén sofre as consecuencias dun modelo deseñado de costas aos intereses galegos, baixo un prisma centralista e sen unha participación e control público do sector, privatizado ao longo dos anos e controlado por grandes oligopolios.

CSM-REXISTROK/CHIY58PF6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:23:48
Nº Rexistro: 10193
Data envío: 08/02/2021 10:23:48.817

Neste contexto, durante os últimos anos acelerouse no noso país un proceso de progresivo desmantelamento da xa reducida e adelgazada rede de servizos vinculados á xeración de enerxía, ben do ámbito técnico, ben do ámbito dos servizos de atención á clientela e comercialización. Cómpre recordar, por exemplo, como despois de anos de mobilizacións por mor da baixada na carga de traballo, en agosto de 2019 consumábase a rescisión do contrato de Naturgy coa empresa Teleperformance, na Coruña, que pasou de ter unha parte importante do servizo de atención, telefónica ao cliente, así como unha importante carga de xestión de back office, que no ano 2012 supuñan arredor de douscentos postos de traballo máis a manter un reducido servizo en relación co gas e coa xestión administrativa entre comercializadora e distribuidora. Máis adiante, en outubro de 2020, aproveitando a pandemia, Naturgy volveu reducir estes servizos. É necesario sinalar que este paso adiante no desmantelamento non era novo e xa no ano 2013 Naturgy levou fóra a comercializadora de mercado libre (UFC) coa perda de 103 postos de traballo tamén na Coruña.

Esta mesma situación de desmantelamento respecto da atención ao cliente e outras xestións básicas da comercialización sufriuse en Unitono Ourense, despois de varios anos de mobilizacións e de denuncia da perda de funcións e carga de traballo. En novembro de 2019 as e os usuarios de Naturgy deixaron de ser atendidos desde Ourense para facelo desde Reus (Catalunya) ou Colombia. A perda deste contrato afectou a máis de cen traballadores e traballadoras que levaban máis dunha década ao servizo de Naturgy, empresa coa que o centro de chamadas tiña un contrato de exclusividade. Este feito supuxo non só un impacto socioeconómico brutal nun territorio con graves problemas de desemprego e demográficos, senón que supuxo un paso atrás no dereito a atención en galego, que na práctica está supeditado a longas esperas para que as persoas que o solicitan sexan atendidas se hai algún teleoperador ou teleoperadora que coñeza ese idioma nese momento na plataforma de Reus.

2

CSV REXISTRO XERAL ENTRADA
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:23:48
Nº Rexistro: 10193
Data envío: 08/02/2021 10:23:48.817

A esta perda de servizos cómpre engadir unha progresiva destrución de emprego a través da redución da rede de oficinas presenciais e tamén un profundo proceso de descapitalización e abuso das subcontratas dos servizos asociados ás funcións técnicas e de mantemento. Neste proceso a actitude da Xunta de Galiza foi a da absoluta indiferenza, sen impulsar unha soa medida alén de declaracións de solidariedade. Como exemplo ilustrativo podemos sinalar como ao mesmo tempo que Naturgy levaba de Galiza o contrato de atención ao cliente recibía en novembro de 2019 a adjudicación dun contrato de máis de 170 millóns de euros para o fornecemento de enerxía da Xunta de Galiza.

O pasado 3 de febreiro Naturgy daba un paso máis e coñecía a intención de deslocalizar a Madrid o Centro de Operación de Redes da Coruña, situado na avenida de Arteixo. No medio da pandemia da covid-19 a empresa anunciaba ao cadro de persoal esta decisión coma un feito consumado. Desta forma Naturgy afondaría na centralización de servizos, desta volta no Centro de Control Operativo de Madrid. Esta decisión, camuflada pola empresa como “mera reorganización” tería profundas consecuencias. Dunha banda, supón a destrución no noso país de arredor de 30 postos de traballo; doutra banda, alén do importante impacto no cadro de persoal, de idade media alta e cos seus proxectos de vida persoais asentados na área da Coruña, acabaría ocasionando a perda futura destes postos e a perda dun coñecemento e experiencia asociados ao territorio e ás condicións e características do sistema eléctrico que son fundamentais para prestar un adecuado servizo. Polo tanto, isto tradúcese na destrución de emprego e na futura perda de calidade do servizo.

Máis aínda, cabe salientar que Naturgy é unha das empresas máis importantes do sector en Galiza. Polo tanto, asistimos unha vez máis, como xa se denunciou respecto da situación de Iberdrola en Valdeorras, a como en Galiza fica só a

CSX: REXISTROKUGHY58PF6
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:23:48
Nº Rexistro: 10193
Data envío: 08/02/2021 10:23:48.817

compoñente de explotación do territorio e non retorna valor engadido nin riqueza a través da xeración de postos de traballo

Galiza non pode aceptar esta situación sendo estratéxica para o oligopolio enerxético, máis aínda nun momento de crise económica agravada pola covid-19 e nun momento onde se está a desenvolver a denominada transición enerxética nunhas condicións que distan de ser xustas, negociadas e positivas para Galiza. Neste momento no que moitas das empresas eléctricas están a reorientar as súas tecnoloxías de produción e a obter novas cotas de mercado, por exemplo no ámbito eólico, non é aceptable que os postos de traballo asociados non se manteñan en Galiza. As administracións central e galega deben actuar para que non se deslocalicen máis servizos.

Por todo isto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Que actuacións vai desenvolver a Xunta de Galiza para evitar a deslocalización de postos de traballo asociados directa e indirectamente á produción enerxética como é o caso do centro de operacións de Naturgy na Coruña?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

4

CSX4 REXISTROKUGHY5BPF6
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:23:48
Nº Rexistro: 10193
Data envío: 08/02/2021 10:23:48.817

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2021 10:10:48

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/02/2021 10:11:02

Mercedes Queixas Zas na data 08/02/2021 10:11:12

CSV REXISTRO XERAL ENTRADA
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:23:48
Nº Rexistro: 10193
Data envío: 08/02/2021 10:23:48.817

Rosana Pérez Fernández na data 08/02/2021 10:11:20

Ramón Fernández Alfonso na data 08/02/2021 10:11:28

Daniel Pérez López na data 08/02/2021 10:11:39

Iria Carreira Pazos na data 08/02/2021 10:11:48

Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2021 10:12:00

Daniel Castro García na data 08/02/2021 10:12:10

María del Carmen Aira Díaz na data 08/02/2021 10:12:19

Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2021 10:12:29

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/02/2021 10:12:40

María González Albert na data 08/02/2021 10:12:49

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2021 10:12:58

María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2021 10:13:06

Alexandra Fernández Gómez na data 08/02/2021 10:13:12

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/02/2021 10:13:21

CSV REXISTRO XERAL ENTRADA
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:23:48
Nº Registro: 10193

Data envío: 08/02/2021 10:23:48.817

María do Carme González Iglesias na data 08/02/2021 10:13:28

Paulo Ríos Santomé na data 08/02/2021 10:13:35

CSV XERXISTROKJGHY5BPF6
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

9.6 9855(11/POP-001456)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do Plan galego de vacinación contra a covid-19, no caso da vacinación de dúas persoas relacionadas co grupo DomusVi

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, 91, 10.02.2021



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2021 18:25:24
Nº Rexistro: 9855
Data envío: 03/02/2021 18:25:24.094

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a vacinación da conselleira delegada de DomusVI e do seu irmán.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola gravidade dos feitos tendo en conta o contexto sanitario e social provocado pola COVID19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 3 de febreiro transcendeu publicamente a través dun medio de comunicación que a conselleira delegada de DomusVI, Josefina Fernández, e o seu irmán foron inmunizados despois de recibir as correspondentes doses da vacina contra a COVID19.

CSM-REXISTROGALICIA-03/02/2021-18:25:24.094





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2021 18:25:24
Nº Rexistro: 9855
Data envío: 03/02/2021 18:25:24.094

Os seus nomes foron incorporados nas listaxes de vacinación dun dos seus centros na cidade de Vigo sen se tratar de colectivos prioritarios de acordo co Plan de vacinación da Xunta de Galiza e argumentando que fan visitas habituais a centros residenciais e que é “o seu desexo” continuar “exercendo ese labor no terreo”.

En resposta a eldiario.es na súa edición en Galiza, o Goberno galego asegurou que nas listaxes iniciais entregadas pola residencia DomusVI de Vigo os nomes da conselleira delegada do grupo, Josefina Fernández, e do seu irmán non aparecían recollidos argumentando que terían sido incorporados con posterioridade. A xustificación da Xunta de Galiza para aceptar esa mudanza é apelar á interpretación da empresa de que “ambos os dous forman parte da equipa” e que “deberan ser vacinados”.

Galiza dispón de doses moi limitadas das vacinas contra a COVID19 polo que a responsabilidade da Xunta de Galiza é que chegan aos colectivos sociais fixados en cada fase do Plan de vacinación seguindo de maneira escrupulosa os criterios marcados. Isto é, priorizar alén das persoas usuarias, as traballadoras/es que traballan en contacto con elas.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego é, con toda a rotundidade, indecente que esta empresaria e o seu irmán fosen vacinados cando persoal sociosanitario que traballa directamente atendendo e coidando persoas dependentes vulnerábeis, como as auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar, aínda non o fixeron.

Neste senso, a Xunta de Galiza non só debe dar cumpridas explicacións polo acontecido senón depurar todas as responsabilidades pois este non é o primeiro caso no que, utilizando como escusa unha residencia de maiores, acaban vacinadas persoas que fican moi lonxe de se atopar entre a poboación diana. Sirva de exemplo a alcaldesa do Partido Popular de Boimorto.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2021 18:25:24
Nº Rexistro: 9855
Data envío: 03/02/2021 18:25:24.094

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Cre o Goberno galego que vacinar a conselleira delegada de DomusVI e o seu irmán cumpre co establecido no Plan de vacinación?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

CSV REXISTRO: cslrb6mnhz
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2021 18:25:24
Nº Rexistro: 9855
Data envío: 03/02/2021 18:25:24.094

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 03/02/2021 18:22:31

Paulo Ríos Santomé na data 03/02/2021 18:22:44

María do Carme González Iglesias na data 03/02/2021 18:22:49

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 03/02/2021 18:22:57

Alexandra Fernández Gómez na data 03/02/2021 18:23:03

María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2021 18:23:11

Xosé Luis Bará Torres na data 03/02/2021 18:23:18

María González Albert na data 03/02/2021 18:23:26

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/02/2021 18:23:33





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 03/02/2021 18:25:24

Nº Rexistro: 9855

Data envío: 03/02/2021 18:25:24.094

Noa Presas Bergantiños na data 03/02/2021 18:23:44

María del Carmen Aira Díaz na data 03/02/2021 18:23:53

Daniel Castro García na data 03/02/2021 18:24:00

Olalla Rodil Fernández na data 03/02/2021 18:24:10

Iria Carreira Pazos na data 03/02/2021 18:24:20

Daniel Pérez López na data 03/02/2021 18:24:28

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/02/2021 18:24:39

Rosana Pérez Fernández na data 03/02/2021 18:24:47

Mercedes Queixas Zas na data 03/02/2021 18:24:57

Xosé Luis Rivas Cruz na data 03/02/2021 18:25:06

CSV REXISTRO G.C.I.B.M.N.H.Z.
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

9.7 7506 (11/POP-000982)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a consideración da necesidade de habilitar unha partida orzamentaria para a adquisición dos lectores oculares e tabletas con brazo articulado para usuarios coa capacidade de comunicación e movemento impedida

Publicación da iniciativa, 79, 20.01.2021



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A ELA (Esclerose Lateral Amiotrófica) é unha enfermidade altamente discapacitante e dexenerativa que ten unha esperanza media de vida media de entre dous e cinco anos. A medida que a enfermidade avanza paraliza todo tipo de movementos excepto os oculares, así coma a fala, permanecendo intactas as capacidades cognitivas da persoa doente.

Polo que estamos a falar dunha gran dependencia que fai que a persoa que padece esta enfermidade, ao non poder falar nin facer ningún movemento teña unha imposibilidade absoluta para comunicarse, o que supón un agravio maior para o doente e o seu contorno.

Afortunadamente a tecnoloxía avanza rápido, e existen dispositivos específicos, lectores oculares que conectados a un dispositivo específico, transformen a dirección da mirada en palabras. Está é a única fórmula de comunicación posible, xa que na actualidade non existe tratamento para frear ou acabar con esta enfermidade.

O pasado 2019 o Goberno Central a través do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social anunciou a Orde SCB/480/2019, do 26 de abril, pola que se modifican os anexos I, III y VI del Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización. No mesmo se detalla a actualización da carteira de servizos común do SNS. Como solicitudes de actualización da carteira común, relativas ao cribado poblacional de cancro de cérvix, ao lector ocular, á micropigmentación da areola mamaria e do pezón como parte da reconstrución mamaria e a ampliación da idade de financiamento dos audífonos.

A Comisión de Prestacións, Aseguramento e Financiación creou un grupo de traballo que elaborou un protocolo de indicación dos lectores oculares e outros sistemas de comunicación para estes pacientes e propuxo a súa inclusión dentro da atención especializada en consultas, para pacientes con trastornos





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2021 12:18:27
Nº Rexistro: 7506
Data envío: 11/01/2021 12:18:27.716

neuromotores graves, como son os pacientes con ELA e outros, que pola afectación severa dos membros superiores e imposibilidade de comunicación oral ou escrita que padecen, non poden comunicarse. Dita orde de modificación do Real Decreto 1030/2006 entrou en vigor o día 1 de xullo de 2019 e as Comunidades Autónomas, disporían dun prazo de seis meses a contar dende a entrada en vigor da orde para adaptar as súas respectivas carteiras de servizos ao disposto en dita orde. Polo que estamos en xaneiro de 2021 e se non se axiliza en Galicia, fai un ano e medio dende a vixencia de dita orde. Non podemos permitirmos retrasos con este tipo de pacientes, xa que non poder falar nin moverse é unha necesidade vital urxente.

Temos coñecemento de que por parte de o SERGAS creouse un grupo de traballo para resolver esta cuestión, polo que é preciso que se reactive e axilice.

Dende o Grupo Socialista consideramos que é unha urxencia que a carteira de servizos galega se actualice neste sentido a carteira de servizos co material completo, este é, a tablet co brazo articulado máis o lector ocular. Así tamén é importante que nos pregos para dita contratación se especifique que a empresa que se contrate por parte da Administración, aporte formación de uso do dispositivo aos usuarios e familiares ou cuidadores.

Dado o retraso en resolver esta situación por parte da Administración autonómica competente para elo, é urxente que se cree unha partida orzamentaria específica para a adquisición dos lectores oculares, tablets, e brazos articulados para todos aqueles doentes que o precisen.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Considera a Xunta de Galicia necesario habilitar unha partida orzamentaria para a adquisición dos lectores oculares e tablets con brazo articulado para pacientes de ELA ou usuarios coa capacidade de comunicación e movemento impedida, mentres non resolvan o trámite da actualización da carteira de servizos?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2021 12:18:27
Nº Registro: 7506
Data envío: 11/01/2021 12:18:27.716

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 11/01/2021 12:15:30

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2021 12:15:47



CSV REGISTRO: Smtk6dVwZ4

Verificación

<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 23.02.2021 Hora: 10:00
Orde do día

9.8 11036 (11/PUP-000156)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre o perfil previsto pola Consellería do Medio Rural para a cobertura dunha praza de directivo da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta urxente para o seu debate en Pleno**.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola necesidade que o Goberno galego explique canto antes en sede parlamentaria a valoración sobre este tema.

Asistimos atónitos ao proceso de convocatoria dunha praza de directivo da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural publicada o 23 de decembro do ano pasado, a praza en cuestión era a de subdirector/a do Agader para as Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, unha praza que lonxe de convocarse cos criterios utilizados en convocatorias anteriores, onde se esixía un amplo bagaxe a nivel formativo e profesional.

Neste caso, as bases para a convocatoria eran totalmente exiguas, simplonas e adaptables a calquera perfil, incluíndo dentro delas, cuestións tan curiosas como valorar con ata 4 puntos “titulacións diferentes ás esixidas na convocatoria”, cun máximo de 6 puntos a “asistencia a cursos cunha duración mínima de 20 horas”, sen esixir que estes sexan homologados nin vinculados ao sector do posto directivo a desempeñar e no que ten que ver coa experiencia, incluíase a posibilidade de recibir ata 15 puntos por aportar experiencia no ámbito da “docencia”. Resultaba curioso que tamén cambiaran o criterio doutra convocatorias para postos similares, eximindo a acreditación do coñecemento do idioma galego.

Resulta tamén chocante que pediran un informe á Dirección Xeral de Función Pública, para que esta praza puidese ser cuberta por unha persoa que non tivese a condición de empregado público, a pesares de que *a priori* non semella xustificable o carácter de excepcionalidade que sería preciso para que se puidese xustificar, algo que se resolveu cun informe favorable.

Visualizando o contido desta convocatoria e o proceder da Axencia, esperabamos que esta praza fose cuberta por alguén que xa tiña adxudicado o





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2021 17:12:15
Nº Rexistro: 11036
Data envío: 15/02/2021 17:12:15.554

posto antes da convocatoria e seguindo as resolucións das fases do proceso puidemos observar que se confirmaba ese rumor, nunha praza asignada a dedo e que era outorgada ao que fora parlamentario do Partido Popular e voceiro no Concello do Barco de Valdeorras por este partido, Moisés Blanco Paradelo, que pasará a ocupar unha praza que debería ser para alguén con amplo coñecemento do sector e de acreditada solvencia e experiencia nel, aínda que sexa unha praza de confianza.

Resulta unha tomadura de pelo á cidadanía, converter Agader nun chiringuito para a colocación de amigos, xusto cando se está a proceder ao trámite de aprobación da Lei de recuperación de terras agrarias, de vital importancia para o noso rural e que só será de utilidade se vén acompañada de dotación orzamentaria, de medios e de persoal, no que será vital a función da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que despois deste viciado proceso terá en posto directivo un cidadán sen ningún tipo de experiencia na xestión de subvencións, gasto público ou tramitación administrativa e ningún coñecemento acreditado no desenvolvemento rural, só por ser un destacado militante do Partido Popular e sucesor do actual conselleiro do Medio Rural como presidente da Comisión 7ª deste Parlamento na pasada lexislatura.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Cal era o perfil que buscaba a Consellería do Medio Rural para a dita praza?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: Martín Seco García
Carmen Rodríguez Dacosta
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 15/02/2021 16:20:31

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/02/2021 16:20:45



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es